



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULDADE DE FILOSOFÍA

Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social

Programa de Doutoramento en Antropoloxía Aplicada

**“CABOVERDIANAS EN BURELA (1978/2008):
MIGRACIÓN, RELACIÓNS DE XÉNERO
E INTERVENCIÓN SOCIAL”**



AUTORA: LUZIA OCA GONZÁLEZ

DIRECTORA: M^a NIEVES HERRERO PÉREZ

Santiago de Compostela, 2013



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULDADE DE FILOSOFÍA

Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social

Programa de Doutoramento en Antropoloxía Aplicada

**CABOVERDIANAS EN BURELA (1978/2008):
MIGRACIÓN, RELACIONES DE XÉNERO
E INTERVENCIÓN SOCIAL**

AUTORA: LUZIA OCA GONZÁLEZ
DIRECTORA: M^a NIEVES HERRERO PÉREZ

Santiago de Compostela, 2013



DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA SOCIAL

Facultade de Filosofía
Praza de Mazarelos, s/n
15782 Santiago de Compostela

M^a Nieves Herrero Pérez, Profesora Titular do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, da Facultade de Filosofía, da Universidade de Santiago de Compostela,

Como Directora da Tese de Doutoramento de Luzia Oca González, titulada “Caboverdianas en Burela (1978/2008): migración, relacións de xénero e intervención social”

Fago constar que a tese reúne todos os requisitos para ser aceptada a trámite e defendida publicamente ante o tribunal correspondente,

En Santiago de Compostela, a 27 de setembro de 2013

Asdo. M^a Nieves Herrero Pérez

Luzia Oca González

A Sema, polo seu amor e respecto

A Lía, a nosa alegría

A Sema, pa si amor ku ruspetu

a Lia, nos alegría

AGRADECEMENTOS

Quince anos despois de ter chegado a Burela e após tres anos de traballo nesta tese, son moitas as persoas ás que debo agradecer ter conseguido chegar ate acá. Xa que sería moi longo nomear a todas elas, quero facer un recoñecemento especial a algunhas, que teñen sido especialmente importantes nesta camiñada.

En primeiro lugar, a miña familia querida, que sempre me apoiou, animou e valorou, con amor e respecto. A miña nai, Cuqui, polo seu amor incondicional, por verme acompañado sempre e ser unha avoa linda. Ao meu pai, lulo, por ensinarme dende pequeniña o valor da intervención social transformadora e animarme nesta empresa. Á miña irmá e amiga Sabela, a Juanma e ao meu irmán Daniel e Anuska. Un agradecemento agarimoso ao meu tío Pedrusco, polas múltiples colaboracións que fan que os meus traballos e proxectos teñan unha presentación visual tan especial. Ás miñas tías maternas, Panchi e Pitusa. Unha lembranza especial ás miñas avoas e avós, de quen tanto aprendín e que sempre estarán comigo.

A Nieves Herrero, a miña directora de tese, pola confianza e por saber sacar de min o mellor. Sen a súa dedicación, orientacións e consellos, este traballo tería demorado moito máis tempo, pois me tería perdido en múltiples investigacións paralelas. Grazas por ter acreditado en min, pola túa paciencia e polo trato agarimoso.

A Ramón Muñiz de las Cuevas e Xácome Santos Gayoso, da REGAL, por ter confiado en min, abríndome a porta do meu primeiro traballo como antropóloga, con liberdade de acción.

Aos meus compañeiros e compañeiras da UTAD, especialmente a Xerardo Pereiro, responsábel da miña entrada no mundo académico, pola súa xenerosidade infinita. A Paulo Mendes e Humberto Martins, pola súa amizade e polas conversas nocturnas en Miranda do Douro. A Chris Gerry, polo seu apoio e alegría vital.

Ao persoal do Grupo ANTE do IDEGA, especialmente Rubén Lois, polo seu desexo de ver este traballo rematado e por darme oportunidade de participar nos proxectos que dirixe na África Occidental. A Rosa Verdugo, amiga e compañeira de tantos anos, polo apoio de sempre e polas portas que me abriu. A María Xosé Piñeira e Ángeles Piñeiro, polos momentos partillados en Cabo Verde.

Ás miñas amigas e amigos de Burela: a Lola, polo seu apoio inconmensurábel na crianza da miña filla, que me permitiu dedicar moitas horas a esta tese, coa tranquilidade de saber que ela estaría ben; a Cata, Tere e Helena, pola longa amizade; a Pepe do Valiente, Canario, Minda e Teotónio.

Ás miñas amigas de longa data: Gelu, Chío, Martázul e Patri, coas que me internei na senda do feminismo creando Lilita e das que aprendín como ser unha muller autónoma. A todas as compañeiras feministas, irmás no camiño.

Ás compañeiras da Asociación para a Cooperación con Cabo Verde (ACCVE), Carmelina (por tantos anos de loita e traballo), Licinha Mascarenhas, Djanaina, Leidiza e as Nikás, pola intervención que hoxe continúa en Cabo Verde, procurando o mellor desenvolvemento das mulleres e crianzas. Ás mulleres de Gouveia, que me mostraron os resultados do empoderamento feminino.

A tantas e tantas mulleres que me acolleron e coidaron nestes anos en Cabo Verde, nas aldeas e localidades de orixe, pola súa xenerosidade e atención, pola confianza e a partilla. Un agradecemento especial a Joia, a miña “mãe de criason” en Cidade Velha, que me ensinou o que é ser unha muller dona de sí na cultura badía. Á miña *mana* Ventinha e ás *batukadeiras* Nos Eransa, coas que partillei moitos momentos inesquecíveis. A Lu e Sabu, por ofrecerme acubillo e amizade. A Gracinda, en Porto Mosquito, por ser outra nai da miña filla e pola súa xenerosidade e cariño. A Mamai, Papai e a tía Vavá, polo seu respecto e cariño. A Funha de Rincão, ás súas fillas e fillos, por ofrecerme sempre un lugar na súa casa, por coidarme e quererme.

Á miña amiga e comadre Lúcia Évora Ferreira, por mostrarme o mundo caboverdiano de Lisboa.

A Txiko Pereira, ex cónsul de Cabo Verde en España, por contaxiarme o amor que ten á súa terra. Obrigada polo apoio e amizade de tantos anos. Un recoñecemento especial a Alexandre Semedo, que coa súa loita conseguiu transformar unha comunidade silenciosa nun actor social consciente. Aos dirixentes asociativos caboverdianos que traballan polas súas comunidades en León, Zaragoza e Madrid, cunha mención a Elísio Pinto, de Bemibre.

Por último, un agradecemento especial á comunidade caboverdiana de Burela, ás mulleres, homes e crianzas que a compoñen, por integrarme no seu grupo e considerarme como alguén “*di nós*”. A todas e cada unha das mulleres caboverdianas de Burela, por ter acreditado en min, por terme aberto as portas das súas casas e das súas vidas e por terme ensinado os valores da súa cultura e a súa querida lingua. Con elas encetei en 1998 un proceso de transformación social co que inicié a construción da miña vida profesional, aprendendo a ser unha antropóloga implicada.

ÍNDICE

Introdución	1
Capítulo I: AS ORIXES	11
1.1. Cabo Verde. De arquipélago deshabitado a colonia portuguesa e país independente	13
1.1.1. Proceso de colonización do arquipélago. Aspectos políticos e económicos	15
1.1.2. O sistema escravista. As secas e fames.....	19
1.1.3. Proceso de mestizaxe biolóxica, social e cultural	21
1.1.4. Cabo Verde na época contemporánea: da decadencia á independencia	26
1.1.4.1. Cabo verde independente	31
1.1.5. <i>Badiu & sampaiud</i> , dúas culturas, unha nación	36
1.1.5.1. Mestizaxe, ambivalencia racial e políticas asimilacionistas	37
1.1.5.2. A reafricanización do arquipélago	41
1.2. Xénero e teorías migratorias	44
1.2.1. Evolución da incorporación das mulleres aos estudos migratorios	45
1.2.1.1. A visibilización das mulleres nas migracións	46
1.2.1.2. Modelos binarios versus formula trinitaria	48
1.2.1.3. O xénero en canto principio explicativo	50
1.2.2. Migracións no sur de Europa	51
1.3. As migrantes badías na diáspora caboverdiana	54
1.3.1. A organización das migracións caboverdianas	54
1.3.2. O xénero como elemento vertebrador da diáspora caboverdiana	57
1.3.3. A diáspora histórica	60
1.3.3.1. São Tomé e Príncipe: a tripla dominación das migrantes caboverdiana	64
1.3.4. A diáspora post-colonial. A corrente europea	68
1.3.4.1. Portugal. De metrópole a destino migratorio	72
1.3.4.1.1. De portugueses a estranxeiros	74
1.3.4.1.2. Sectorización étnica e xenérica na inserción laboral	75
1.3.4.1.3. Procesos de segregación e exclusión social	76
1.3.4.2. Caboverdianas en Italia. A corrente feminizada	80
1.4. As comunidades caboverdianas no Estado Español	83
1.4.1. Fontes para o estudo da diáspora caboverdiana en España	84
1.4.2. Procesos de chegada e asentamento: os fluxos pioneiros	86

1.4.3. Organización da migración caboverdiana en España	91
1.4.4. Evolución dos enclaves históricos da diáspora caboverdiana en España (1978/2000)	94
1.4.5. O novo marco migratorio Cabo Verde – España no século XXI	98
1.4.6. A diversificación da diáspora caboverdiana en España na década de 2000	100
1.4.7. A fluidez do xénero nos contextos migratorios. De Madrid a León: do proxecto migratorio feminino ao papel de esposa e dona de casa	102

Capítulo II: BURELA, DESTINO DA EMIGRACIÓN CABOVERDIANA. MODELOS DE INTERVENCIÓN PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL	109
2.1. Contexto de acollemento: Burela de Cabo ... Verde	113
2.2. Para unha análise antropolóxica dos procesos de intervención social	124
2.3. O proxecto BogAvante: do foco androcéntrico á emerxencia da centralidade das mulleres	131
2.3.1. Diagnóstico da comunidade caboverdiana de Burela (1998)	135
2.3.2. Da teoría á práctica: qué integración?	138
2.3.3. Fase de execución. Traballando pola integración.....	144
2.4. A dimensión política dos enfoques teóricos e metodolóxicos	150
2.4.1. O proxecto municipal: a integración decretada	150
2.4.2. O enfoque do empoderamento, clave no conflito entre os sistemas interventores	155
2.5. A dimensión discursiva: a construción do mito da integración perfecta na prensa	163
2.5.1. A comunidade caboverdiana, protagonista de sucesos delictivos (anos 90)	164
2.5.2. De “morenos” a caboverdianos (1998/2001)	167
2.5.3. O discurso da integración perfecta (2001...)	169
2.5.4. A construción da imaxe de municipio solidario	173
2.6. A dimensión cultural. Do xénero como clave na intervención ao estudo da súa construción na cultura caboverdiana e no espazo migratorio	178

Capítulo III: IDEOLOXÍAS E PRÁCTICAS DE XÉNERO E PARENTESCO NA SOCIEDADE BADÍA.....	183
3.1. Caracterización das comunidades de orixe na costa oeste de Santiago. <i>Badiu di fora</i>.....	192
3.2. A pluriactividade produtiva das mulleres badías	200
3.2.1. Actividades comerciais	201
3.2.1.1. As peixeiras , orgullosas do seu traballo	203
3.2.1.2. Rabidantes	205
3.2.2. Actividades extractivas: a apaña de area	206
3.2.3. Faimo. Traballo para as administracións	209
3.3. Organización familiar na sociedade badía	211
3.3.1. Evolución histórica da familia caboverdiana	213
3.3.2. A tensión entre honra e vergoña	220
3.3.3. Organización interna dos grupos domésticos na sociedade badía	225
3.3.4. A organización familiar badía hoxe	233
3.3.5. Grupos domésticos nas comunidades de orixe	240
3.3.6. O barrio de <i>Txon di Mar</i>	243
3.4. Mulleres adultas. A maternidade	245
3.4.1. Relacións patrilocais. Matrimonio e <i>tra di kasa</i>	250
3.4.1.1. A muller casada	257
3.4.1.2. A posición das mulleres nas unións libres	259
3.4.2. Relacións matrilocais. As "nais de fillo"	261
3.4.2.1. A rapariga, unha posición ambivalente	263
3.4.3. Relacións autónomas	266
3.4.3.1. Zuka, a liberdade da madurez	267
3.4.3.2. A casa de Djuana, un fogar matrifocal de varias xeracións	268
3.4.3.3. María, unha rapariga autónoma	272

CAPÍTULO IV: BADIÁS DE BURELA, MULLERES DE MARIÑEIRO (1978 – 1998).

MATRIFOCALEDAD, RELACIONES DE XÉNERO E EMPODERAMENTO FEMININO	277
4.1. Metodoloxía	283
4.1.1. Reconstruíndo a historia da comunidade. Fontes e datos	283
4.1.2. Marcos temporais do percorrido migratorio caboverdiano na Mariña	286
4.2. A pesca, sector determinante da existencia da comunidade caboverdiana da Mariña	289
4.2.1. Evolución da flota e mudanzas nas relacións laborais no porto de Burela	291
4.2.2. Culturas do traballo e sistema de retribución <i>á parte</i>	294
4.2.3. Evolución da presenza caboverdiana no sector pesqueiro. 1978/1998	296
4.3 As pioneiras. O nacemento da comunidade (1978/1980)	299
4.3.1.. Marina. A primeira muller chegada como esposa	300
4.3.2. Nhanha, migración autónoma.....	302
4.4. A segunda vaga: o asentamento de familias. (1981 – 1993)	305
4.4.1. Aspectos legais do proceso migratorio. Lisboa, espazo de tránsito e estadía	306
4.4.2. <i>Tabanka</i> : a emerxencia e desaparición dunha organización comunitaria	309
4.4.3. As mulleres da segunda vaga: anos 80.....	313
4.4.3.1. Kodé: o valor das amigas.....	314
4.4.3.2. Nha Tura: marido e fillos no mar	317
4.4.3.3. Pontxa, migrar para non perder o marido	321
4.5. (1993-1998) A crise dos 90. A rede de saída	326
4.5.1. Os anos escuros	327
4.6. Mulleres, dependencia legal e dereitos de cidadanía. (1978/1998)	332
4.7. Organización da estrutura doméstica e redes de apoio	335
4.8. Mulleres de mariñeiros, nais de mariñeiros	340
4.9. Intervención social e empoderamento das badiás de burela. A emerxencia de <i>Batuko Tabanka</i>	343
4.9.1. Contextualizando o <i>batuko</i>	344
4.9.2. <i>Batuko</i> en Burela: a emerxencia dunha expresión esquecida	347
4.9.3. O papel de <i>Batuko Tabanka</i> como representante da integración	350

Capítulo 5. AS NOVAS BADÍAS (1998/2008). O FIN DA MATRIFOCALIDADE?	355
5.1. A revitalización da corrente migratoria caboverdiana a Burela no século XXI e o feche do ciclo migratorio	357
5.1.1. Novos marcos legais. O xurdimento dunha nova rede migratoria.....	358
5.1.2. A diversificación da man de obra estranxeira na flota de burela no século XXI.....	364
5.1.2.1. O problema da falta de tripulacións e a incorporación de estranxeiros na flota galega e burelá	367
5.1.2.2. A evolución da presenza caboverdiana na flota burelá na década de 2000	374
5.1.3. Cadeas migratorias da década de 2000: proceso de multiplicación da comunidade	377
5.1.3.1. Cadea de Zeka e Talvina	378
5.1.3.2. Cadea de Silvino e Tereza	380
5.1.4. A importancia do xénero e o parentesco nas posicións de homes e mulleres no proceso migratorio	383
5.1.5. Completando o ciclo migratorio. “ <i>Storia di Silvino</i> ”, historia dun <i>badiu</i>	390
5.2. Estudo sociodemográfico comparativo. 1998 / 2008	394
5.2.1. Os grupos xeracionais e a compoñente de xénero.....	395
5.2.2. Orixes e naturalidades	399
5.2.3. Grupos de idade e diferenzas en orixe	402
5.2.4. Novas redes e dinámicas comunitarias: as tensións entre novas e vellas	404
5.3. As novas badías	406
5.3.1. O fluxo legal: esposas ou traballadoras	406
5.3.1.1 Dakar, espazo de tránsito. O control das mulleres no proceso migratorio	409
5.3.2. As migrantes nas rotas de <i>kontrolu</i>	411
5.3.3. As mulleres sen home	412
5.4. Historias das novas badías: mulleres comprometidas e mulleres autónomas	415
5.4.1. Maguí. unha esposa reagrupada	415
5.4.2. Tuka, unha esposa no <i>kontrolu</i>	418
5.4.3. Mariazinha: vivir pensando nos fillos	421
5.4.4. Francisca: xerindo un fogar monoparental	424
5.4.5. Djeisa: unha xove muller urbana	430
5.4. A chegada á idade adulta das descendentes: novos modelos de muller	433
5.4.1. Procesos de socialización: familia, escola, traballo e comunidade	434
5.4.2. Neusa, identidade fluída	438
5.4.3. Nina. “ <i>A miña nai é a miña musa</i> ”	441

5.5. Mudanzas na organización da estrutura doméstica no século XXI. Novas configuracións.	
O fin da matrifocalidade?	445
5.6. Prácticas de xénero e parentesco no espazo migratorio	452
5.6.1. Prácticas de divorcio e separación	452
5.6.2. Abandono masculino	457
5.6.3. Adulterio feminino e castigo	458
5.6.4. Prácticas de consolidación de novas parellas en Burela	458
5.6.5. Relacións polixínicas	459
5.6.6. Prácticas de resistencia ás mudanzas nas relacións de xénero	463
CONCLUSIÓNS	471
BIBLIOGRAFÍA	487
LISTA DE CADROS	505
LISTA DE MAPAS E FIGURAS	507
LISTA DE GRÁFICOS	509
LISTA DE FOTOGRAFÍAS	511
LISTA DE ABREVIATURAS	513
ANEXO 1: TÁBOAS DE ENTREVISTAS	515

INTRODUCCIÓN

En 1977 un grupo de homes caboverdianos chegou á costa de Lugo, onde se estaba a iniciar un proceso de transformación socioeconómica e demográfica coa construción e posta en funcionamento dunha factoría industrial, nunha zona definida ate ese momento pola súa baixa industrialización. A súa chegada adiantouse dúas décadas respecto da doutros migrantes, que a finais dos anos 90 se convertería nunha tendencia presente na sociedade galega (Lamela, de Lera e Oso, 2005), despois de ser definida durante séculos como unha terra emisora de emigrantes, tanto ao espazo nacional como transnacional. A partir de 1978, este colectivo inicial foise asentando, debido á inserción de parte dos homes caboverdianos na flota de altura do porto de Burela, localidade que baseaba unha parte considerábel da súa economía no sector pesqueiro e se atopaba en pleno proceso de expansión demográfica e urbanística.

Trinta e cinco anos despois, este traballo pretende analizar a evolución deste grupo social, que se foi facendo máis numeroso, primeiro coa chegada de mulleres e crianzas e posteriormente coa sucesión de varias vagas migratorias, determinadas nunha grande medida polos cambios na demanda do sector de inserción laboral (Oca, 2007). Dentro deste marco, colocábase o foco da análise nas mulleres caboverdianas que fan parte desta corrente migratoria, tentando percibir os seus papeis nas sociedades de orixe e destino, as traxectorias seguidas entre ambos espazos e as relacións de xénero que estruturan a súa realidade. O enfoque de xénero que basea este traballo xurde a partir dunha experiencia profesional nun proxecto de integración desta comunidade, contratada inicialmente pola *ong* promotora e executora do mesmo (de xullo de 1998 a febreiro de 2000) e posteriormente polo o Concello de Burela (de marzo de 2000 ate xullo de 2001). Na intervención, destinada inicialmente aos mariñeiros caboverdianos, as mulleres emerxeron dende o primeiro momento como pezas chave da organización da comunidade e mediadoras principais coa sociedade envolvente, de xeito que a intervención foi reformulada para acollelas en canto participantes do proceso. O estudo das relacións de xénero da sociedade de procedencia destas migrantes converteuse nunha das claves centrais para analizar e comprender a súa posición peculiar no espazo migratorio.

Este traballo pretende situarse na confluencia de campos de estudo que teñen gañado relevancia nos últimos anos, nos que a antropoloxía ten feito contribucións fundamentais: por unha banda, o de **xénero e migracións** (Gregorio, 2012); pola outra, os **estudos caboverdianos**, en boa medida dedicados aos procesos migratorios da súa extensa comunidade transnacional, que conta con tres séculos de historia. Xunto a eles, a antropoloxía aplicada e a súa intervención con comunidades migrantes.

O marco teórico principal que guía este traballo sitúase na confluencia das teorías **articulacionistas** e **feministas**, partindo da consideración de que os procesos migratorios son procesos xenerizados, mediatizados por relacións de poder, nos que os traballos femininos adoitan ser desvalorizados socialmente, ocultando a calidade de suxeitos activos das mulleres migrantes (Gregorio, 2009). Preténdese non só seguir a tradición dos estudos sobre xénero e migracións que colocan a énfase nas discriminacións sufridas polas mulleres inmigrantes, senón tamén na que as mostra como actrices sociais, con capacidade de axencia e de despreñar estratexias que poñen en conxunción orixe e destino, construíndo redes no espazo transnacional.

A inclusión das mulleres como integrantes dos procesos migratorios iniciouse nos anos 70, no marco da intensa actividade das académicas feministas para visibilizar as mulleres nos diversos campos científicos. Despois de tres décadas de inclusión da perspectiva feminista, tanto no campo da antropoloxía como no dos estudos migratorios, e unha vez superados os esquemas iniciais de análise, excesivamente centrados en categorías dicotómicas, existen unha serie de propostas teóricas centradas na consideración dos procesos migratorios en canto procesos estruturados en base ao xénero, en articulación con outras categorías de diferenciación social (clase, etnia, raza, idade). Nas propostas que sintetizan articulacionismo e feminismo, dúas categorías, **xénero** e **parentesco**, se colocan nunha posición central en canto principios de organización social que deben ser tomados en conta para comprender en toda a súa complexidade os movementos migratorios (Gregorio, 1998). Estas dúas categorías deben ocupar un lugar central na abordaxe dos elementos centrais dos estudos articulacionistas: o **grupo doméstico** e as **redes migratorias**.

Ambos elementos estarán presentes como claves de análise ao longo do traballo. En canto ao primeiro, analizaranse as principais tendencias na conformación de **grupos domésticos** na sociedade de orixe, tendo en conta os procesos históricos presentes na formación da sociedade caboverdiana e máis concretamente santiaguesa, que levaron a unha dobre orientación, matrilocal e patrilocal, sempre enmarcada nunha ideoloxía de xénero fundamentalmente patriarcal. Realizarase unha reflexión sobre as mudanzas na organización dos grupos domésticos no seu asentamento na costa de Lugo, tentando percibir as posicións e roles das mulleres, comparándoos cos da sociedade de orixe e con outros casos de migracións caboverdianas no espazo transnacional. Por outra parte, serán descritas e analizadas as **redes migratorias** que ligaron Santiago e A Mariña ao longo de tres décadas, tendo en conta a evolución dos marcos legais e do mercado laboral.

Este traballo tenta responder ás esixencias plantexadas por traballos clásicos da antropoloxía social no estudo das migracións, como o de Kearny (1986), que fala da necesidade de estudos de tipo micro, que contextualizados nos marcos máis amplos das relacións económicas, políticas e históricas

(macro) logren articular ambas dimensións. Foi elaborado en base a unha observación “multilocal” (Marcus, 2001), estratexia metodolóxica utilizada para responder á necesidade de reflectir a bipolaridade presente en toda experiencia migratoria (Giménez, 2003) e como “forma de seguir empíricamente el hilo conductor de procesos culturales en el contexto del sistema mundo, al incorporar la circulación de objetos, significados e identidades culturales” (Gregorio, 2012: 572).

A materia prima que sustenta este traballo provén polo tanto dunha **experiencia etnográfica multisituada** (Hanner, 2003; Marcus, 2001), que se iniciou en 1998 no marco do proceso de intervención social coa comunidade caboverdiana de Burela, no que participei como coordinadora. Esta experiencia laboral, a miña primeira como antropóloga, levoume, unha vez investigado o marco comunitario de destino (costa de Lugo), a coñecer o marco comunitario de orixe en Santiago de Cabo Verde, incluíndo varias visitas a diversos *bairros* dun dos nodos fundamentais do amplo campo transnacional da diáspora caboverdiana, Lisboa. Como advirte Moraes (2010), un traballo de campo prolongado e intenso resulta imprescindible para evitar a segmentación do coñecemento sobre a sociedade e a debilidade dos vínculos e relacións establecidos cos informantes. O traballo de campo no que se basea esta investigación foi realizado en Burela dende 1998, con algúns períodos de ausencia, mais unha continuidade determinada por ser o meu lugar de residencia. A miña primeira viaxe a Cabo Verde en 2000 foi seguida de moitas outras, tendo viaxado ao arquipélago todos os anos agás dous ate 2013, ano de conclusión deste traballo de tese. As estadias nas localidades de orixe oscilaron entre tres e seis semanas, agás un longo período de permanencia continuada entre 2007 e 2009.

A amplitude do proceso de traballo etnográfico, nutrido tamén da experiencia como técnica de intervención, permitíume contar con moito material cualitativo, baseado fundamentalmente na observación participante, mais tamén na aplicación de entrevistas individuais e grupais, que posibilitaron a recolla de relatos sobre as vidas das mulleres que protagonizan esta investigación¹. Por outro lado, perante a inexistencia de datos oficiais sobre este colectivo migrante, foi realizado un intenso traballo de recolla e elaboración de datos cuantitativos que sosteñen a análise.

A contextualización deste caso micro levará ao estudo máis amplo da sociedade caboverdiana, e a considerar os procesos históricos que conformaron unha sociedade **crioula** que sincretizou os pobos e culturas presentes no poboamento dun arquipélago deshabitado ate o século XV. A historia das

¹ Nas transcripcións das entrevistas e nos relatos etnográficos, os nomes das persoas son ficticios, omitíndose o nome das localidades de orixe, como xeito de salvagardar a súa privacidade.

poboada de Cabo Verde, cunhas características propias fronte ás outras illas en canto aos procesos migratorios de que foi palco.

Para a contextualización da sociedade de orixe desta corrente migratoria serán utilizados marcos teóricos e interpretativos tomados de diversos traballos sobre sociedade e cultura caboverdianas, relevantes e necesarios para apreender en toda a súa complexidade as articulacións que ao longo da súa historia se teñen producido entre as diversas categorías de diferenciación social, en concreto o xénero, a raza e a clase social. Así, no que se refire á historia de Cabo Verde, os traballos de Carreira (1983, 1984, 2000), Pereira (2005) e Correia e Silva (2001) aparecen como fontes fundamentais na interpretación das lóxicas dominantes nos tempos pasados; mentres que Amaral (2010), Cahen (1991) e Lopes (2003) constituíron fontes importantes na interpretación dos tempos próximos.

Outra proposta relevante que guiou a análise, dende unha abordaxe antropolóxica, é a de Fikes (1998, 2000, 2006), sobre as lóxicas de diferenciación racial e o seu papel nas políticas coloniais e na conformación das migracións caboverdianas, que aborda a especificidade de Santiago con respecto das outras illas na experiencia migratoria, suxeita ate o fin da época colonial aos intereses do estado e as clases dominantes do imperio portugués. A investigación desta autora, centrada nas mulleres badías migrantes en Lisboa e a súa consideración polas autoridades lusas en canto serventes domésticas foi de grande valía para orientar o proceso de investigación.

Sobre as migracións caboverdianas nunha época máis recente, os traballos de Batalha e Carling (2008), Carling (2002, 2004) e Góis (2006, 2008) aparecen como referencias inescusábeis, mentres que dende unha perspectiva de xénero, a obra colectiva organizada por Grassi e Évora (2007) constitúe unha base de extrema riqueza, por compilar os traballos das autoras e autores máis relevantes no ámbito de intersección dos dous campos de estudo que conflúen nesta tese, ofrecendo diversos retratos das migracións femininas contemporáneas de Cabo Verde e analizando o(s) seu(s) impacto(s) nos sistema sexo xénero a través da análise dos grupos domésticos en orixe e/ou destino(s) (Andall, 2007; Évora, 2007; Giuffrè, 2007; Lobo, 2007; Nascimento, 2007; Oca, 2007).

Por último, os traballos de Lopes Filho (1995, 1996) sobre diversos aspectos da cultura caboverdiana e da súa estrutura familiar, constituíron unha base dende a que abordar o estudo do sistema de xénero e parentesco nas illas, que foi confrontado con propostas máis recentes (Lobo, 2006, 2008, 2010; Giuffrè, 2012; Martins e Fortes, 2011).

O **primeiro capítulo** está dedicado ao contexto de orixe da corrente migratoria obxecto deste traballo. Iníciase coa abordaxe da historia do arquipélago de Cabo Verde, cuxa situación xeográfica fixo que pasara de ser un territorio deshabitado a ter un papel central na expansión dos imperios europeos do século XV. Nun segundo apartado deste capítulo introducíranse as teorías migratorias dende unha perspectiva de xénero e feminista, realizando unha revisión das diversas propostas que teñen contribuído a analizar as experiencias das mulleres nos movementos migratorios, deténdome nas teorías máis actuais, que inciden na variabilidade dos papeis e relacións de xénero (Donato, 2006), vistas como algo fluído e en constante dialéctica con outros elementos da realidade. Nun terceiro apartado, abordaranse as migracións caboverdianas dende esta perspectiva, tendo en consideración a especificidade dos fluxos con orixe na illa de Santiago, para abordar no cuarto apartado a súa organización e evolución no caso español, no que se enmarca o caso de estudo.

No **segundo capítulo** realizarase unha presentación inicial das mulleres caboverdianas de Burela, dende o marco no que tivo lugar o meu primeiro achegamento etnográfico á súa comunidade, un proceso de intervención social participativo que conseguiu definir, transformar e mellorar unha serie de situacións xunto coa comunidade caboverdiana residente na costa de Lugo nos últimos anos da década de 90. Esta intervención xerou un proceso de empoderamento no seo da comunidade que molestou ao poder político, que acabou por facerse coa xestión da intervención, dando inicio a unha segunda intervención, controlada polo poder municipal. O marco analítico proposto por Ruiz (2005), permitirá contrastar as dimensións política, discursiva e cultural destas dúas intervencións, que encarnan modelos teóricos e metodolóxicos antagónicos, con consecuencias prácticas radicalmente diferentes. O modelo antropolóxico, centrado no método etnográfico e nas metodoloxías participativas e empoderadoras, desvelou o papel chave das mulleres caboverdianas na súa comunidade, potenciándoo. As relacións de xénero convertéronse na clave fundamental para a comprender e intervir coa comunidade.

No **terceiro capítulo** profúndase nas raíces culturais das relacións de xénero observadas no espazo migratorio, analizando as distintas posicións das mulleres na estrutura de parentesco e nos grupos domésticos do interior e da costa occidental da illa de Santiago, considerados tanto na súa construción histórica como na súa configuración actual. Na evolución da sociedade santiaguesa as mulleres ocuparon diferentes posicións, consoante a clase ou grupo social ao que se adscribían, repartido entre unha minoría da elite e unha ampla maioría de escravas, que co tempo daría lugar ás mulleres *alforriadas* ou libertas e posteriormente ás coñecidas como *badías*. As extremas condicións de supervivencia levaron á constitución dun sistema de parentesco moi flexíbel, mais envolto nunha superestrutura patriarcal. No marco desa flexibilidade, as mulleres adoitan ocupar posicións centrais

na organización dos grupos domésticos, sendo moi numerosos os fogares monoparentais nos que elas exercen en solitario os labores de provisión e xestión. Mais esa centralidade feminina que se dá a nivel doméstico rara vez se traslada ao ámbito público e social, debido á forza da ideoloxía patriarcal dominante, baseada na idea de que a muller sen home non ten valor social, limitando o potencial transformador das prácticas matrifocais.

O coñecemento das claves culturais do sistema de xénero en Cabo Verde será importante na análise das mulleres badiás de Burela, ás que se dedican os capítulos catro e cinco, diferenciando entre dous grandes períodos. O primeiro deles comprende as dúas primeiras décadas de asentamento na costa de Lugo (1978/1998). Nese último ano produciuse a miña entrada no terreo, o inicio da intervención social co colectivo e unha reactivación do fluxo migratorio, que levou á triplicación da comunidade durante o segundo período (1998/2008).

O **capítulo cuarto**, dedicado ás mulleres chegadas entre 1978 e 1998, trata de rescatar a historia das mulleres pertencentes a unha comunidade cuxa evolución será dividida en diversas etapas, marcadas pola demanda laboral na pesca, un sector definido polo seu elevado risco e incerteza salarial. A inserción dos homes caboverdianos na pesca de altura posibilitou o asentamento da comunidade e posteriormente determinou a súa evolución, con sucesivas etapas de crecemento e crise. Tamén se prestará atención ao marco legal que envolve os procesos migratorios e a propia consideración das mulleres inmigrantes en España e máis concretamente no espazo provincial, no que ás caboverdianas sempre se atribuíu o estatuto de esposas ou compañeiras dependentes dos seus maridos. Nas dúas décadas iniciais de asentamento, as mulleres, na posición de nais e esposas, víronse circunstancialmente colocadas nunha posición de centralidade a nivel doméstico e social debido á ausencia masculina. Na confluencia dos dous períodos anteriormente sinalados, a intervención social participativa logrou proxectar socialmente o lugar central que as mulleres ocupaban a nivel comunitario.

O **quinto capítulo** iníciase cunha exposición do marco legal da inmigración na España do século XXI, que posibilitou, en conxunción coa renovación da demanda de man de obra da flota burelá e outros factores, a articulación dunha nova rede migratoria que levou á chegada á costa luguesa de máis de 300 persoas, o dobre das que formaban a comunidade caboverdiana en 1998. Esta chegada masiva provocou unha serie de transformacións nas dinámicas internas da comunidade e na organización dos seus grupos domésticos, que serán analizadas con recurso aos censos elaborados por min a partir dese ano, periodicamente actualizados. Abordarase a construción de cadeas migratorias dentro da nova rede, rexidas polos principios do xénero e o parentesco, analizando as posicións que as mulleres foron ocupando nelas, para concluír cunha análise das mudanzas na articulación dos

grupos domésticos e nas posicións das mulleres. Prestarase atención ás novas dialécticas que apareceron neste contexto na comunidade caboverdiana, como a que se dá entre novas e vellas residentes

Os **objectivos** a alcanzar con este traballo son:

Demostrar a excepcionalidade do caso das mulleres badías de Burela no marco das comunidades migrantes procedentes da illa de Santiago, debido á posición central que teñen ocupado, tanto no seo dos grupos domésticos como da comunidade á que pertencen. Na procura das causas deste poder feminino, será proposto como factor determinante o traballo masculino na pesca de altura, que obriga á ausencia periódica e prolongada dos homes caboverdianos dos seus fogares e da vida comunitaria.

Analizar a evolución da comunidade caboverdiana da Mariña de Lugo, no período comprendido entre 1978 e 2008, definindo e caracterizando as diversas etapas polas que pasou. Nesa análise realizarase unha reconstrución das redes migratorias que ligaron Santiago de Cabo Verde e a costa de Lugo durante esas tres décadas, tendo en conta a organización e tipoloxía dos grupos domésticos e as posicións e traxectorias das mulleres que fixeron parte dela.

Analizar, utilizando como encadramento as teorías que mostran o xénero como elemento estruturante e ao mesmo tempo fluído na organización das migracións, as transformacións acontecidas na última década (1998/2008) na organización dos grupos domésticos que compoñen a comunidade, avaliando as consecuencias nas posicións das mulleres, que nos últimos anos parecen ter atenuado a súa centralidade doméstica e comunitaria.

Demostrar a utilidade da antropoloxía en canto disciplina non só válida para a investigación, senón tamén como marco teórico e metodolóxico en procesos de intervención social, que procuren a transformación de determinados problemas sociais e o empoderamento dos grupos sociais participantes. Esta utilidade encerra unha relevante dimensión política, que leva a que sexa rexeitada polo poder, que no seu tratamento dos colectivos migrantes utiliza metodoloxías e conceptos de tipo clientelar.

Capítulo I.
CABO VERDE. AS ORIXES

1.1. CABO VERDE. DE ARQUIPÉLAGO DESHABITADO A COLONIA PORTUGUESA E PAÍS INDEPENDENTE

Claro que há uma outra realidade, principal e determinante de tudo o que nós somos: a nossa pobreza!. Desde sempre somos muito pobres!. A Natureza foi diabolicamente madrasta para connosco, quando pensamos as nossas ilhas é difícil entender por que terá ela sido tão pródiga com os demais e tão perversamente avara para nós outros.

Segundo essa lenda, Deus já tinha dado por terminada a semana de trabalho que dedicara à criação de tudo quanto achou que valia pena existir, isto é, o céu e a terra, e as águas que separam as suas partes secas, e os animais que as povoam, e inclusivamente já distribuía todas as riquezas com as que decidira beneficiar cada parcela da humanidade, florestas aqui, ouro acolá, petróleo mais além, peixes em cada mar, chuvas quanto baste, quando reparou nas suas mãos ainda com pequenos restos da massa que tinha estado a espalhar.

Deus estava contente com aqueles dias de labuta e o trabalho realizado e preparava-se para um merecido sabbath, dentro do princípio que desde logo queria estabelecer como regra universal: trabalharás seis dias e no sétimo descansarás!. De modo que sacudiu as mãos encardidas, ao acaso no espaço, num gesto indolente de quem diz: “tudo está consumado, nada mais resta fazer!”, porém, para logo ver brotando perto da África pequenas ilhas de dentro do grande mar que viria a ficar com o nome de Atlântico.

Ah, chamaram a atenção de Deus seus ajudantes, acaba de criar por aí mais umas terras. Deus viu que era verdade. Sim, isso é bom, respondeu, um poiso seguro em pleno alto mar dá sempre jeito a qualquer navegante. Só que já não tem nada com que dotar esse novo lugar, disseram-lhe, nem riquezas, nem água doce, nem plantas, nem nada.

Deus teve que se calar. Na verdade não tinha sido sua intenção criar mais coisa alguma, de modo que ao ver a asneira que acabava de fazer deve ter-lhe ocorrido que afinal das contas os deuses erram. Bem, isso já não tem solução, mas também não tem grande importância, terá respondido encolhendo os ombros, com a quantidade de boa terra que espalhei por aí, todas elas devidamente providas não só de víveres como de riquezas de toda a espécie em abundância, seja em animais vivos, seja em árvores de fruto e outras farturas, estou convencido de que, por mais empenho e vigor que os humanos venham a pôr na minha ordem de crescerem e se multiplicarem, nunca irão encher a terra a ponto de se lembrarem de habitar essas rochas que por culpa do acaso vão ficar para sempre escalabradas.

Germano Almeida (2003), *Viagem pelas ilhas*

O arquipélago de Cabo Verde está formado por dez ilhas de origem vulcânica, situadas a uns quinhentos quilómetros da costa ocidental africana, num extremo da zona climática do Sahel, extremamente seca. Desde 1975 formam a República de Cabo Verde, tendo sido formada parte do império colonial português a partir da sua descoberta, em torno a 1460, estando deshabitadas naquele momento.

Na actualidade são nove as ilhas habitadas no arquipélago, que têm uma superfície total de 4.033 Km². As ilhas costumam ser divididas em dois grupos: as seis de Barlavento, situadas mais a norte

(Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia (desabitada), São Nicolau, Sal e Boavista), e as catro de Sotavento (Maio, Santiago, Fogo e Brava).

Mapa 1: Arquipélago de Cabo Verde. Situación xeográfica.



Entre as illas existen diferenzas tanto de tamaño como orográficas: Santiago é a maior e máis poboada, seguida en tamaño por Santo Antão, mais en habitantes por São Vicente¹. A maior parte delas é de orografía montañosa, excepto as tres orientais (Sal, Boavista e Maio), de superficie plana e areosa. Nestas, pouco poboadas, existen importantes xacementos de sal, un dos escasos recursos naturais existentes no arquipélago.

Na altura en que os portugueses arribaron a Cabo Verde, ademais de non existir presenza humana, eran escasas as especies animais e vexetais, polo que a maior parte das existentes foron introducidas polos portugueses dende Europa e América, nun proceso paralelo á chegada de poboacións humanas. O exercicio das actividades agrícolas estivo historicamente dificultado alén de pola falta de auga, pola exposición do arquipélago aos ventos alisios, que acadaron unha grande relevancia na navegación transoceánica, que durante séculos tivo nas illas un lugar de paso case obrigado entre Europa e América do Sur.

No inicio do proceso de poboamento, que se iniciou a seguir á súa descuberta, a posición xeoestratéxica do arquipélago, entre Europa, África e América, situouno nun vértice do comercio

¹ Segundo o Censo de 2010, Santiago conta con 274.044 habitantes, seguido de S. Vicente, con 76.140; S. Antão, 43.915; Fogo, 37.071; Sal, 25.779; S. Nicolau, 12.817; Boavista, 9.162; Maio, 6.952; e Brava, 5.995. Censo 2010, Instituto Nacional de Estadística de Cabo Verde (www.ine.cv).

triangular e do sistema escravista. A colonización das illas foi realizada con continxentes de escravos e escravas pertencentes a distintas culturas africanas e unha minoría de homes brancos. O desenvolvemento do proceso de poboamento determinou a estrutura social, creándose unha nova sociedade mestiza, detentora dunha cultura diferenciada, sincrética en elementos africanos e europeos, e unha nova identidade: a *caboeverdianidade*, que se diferencia dos substratos orixinais.

Un dos aspectos determinantes da vida no arquipélago ten sido o seu clima extremo, no que as choivas se concentran nos meses de xullo a outubro, sendo frecuente que durante anos a auga do ceo non visite as illas. A memoria do pobo caboverdiano está marcada polas prolongadas secas e terríbeis fames, con millares de vítimas humanas, enfrontadas con indolencia pola metrópole, que, unha vez perdida a importancia comercial, trabou o desenvolvemento do territorio, dada a súa condición de colonia. Esta situación provocou o inicio da emigración a finais do século XVII, constituíndo unha corrente imparábel que chega ate os nosos días, formando un país transnacional, no que as xenealoxías se diseminan entre diversos estados e continentes.

Actualmente estímase que a poboación espallada polo mundo supera o dobre da residente nas illas (491.683 habitantes, segundo o referido censo), constituíndo unha recoñecida diáspora, espallada por tres continentes. Dela fai parte unha pequena comunidade que a partir da illa de Santiago, foise establecendo na costa cantábrica da Galiza dende finais dos anos 70, formada por algo máis de catro centenas de persoas en 2008.

A esta comunidade dedicaremos este traballo, que se inicia coa presentación da sociedade de partida, Santiago de Cabo Verde, e o arquipélago de que fai parte, tendo en conta o proceso histórico de formación da sociedade.

1.1.1. PROCESO DE COLONIZACION DO ARQUIPÉLAGO

Embora não haja acordo quanto à data da sua descoberta e nem sequer a garantia de quem o terá feito, pois que tanto Cadamosto como Diogo Gomes reivindicam essa honra, o que em definitivo parece seguro é que em 1462 os portugueses já ali estavam estabelecidos. (Almeida, 2003:191)

A Coroa Portuguesa, que no momento da descuberta do arquipélago se atopaba en pleno proceso de expansión, tiña motivos de diversa índole que xustificaron a colonización do arquipélago, que á partida se mostraba desfavorábel á ocupación humana, xa que carecía tanto de especies cultivábeis como de outro tipo de recursos que puideran estimular a vinda de colonos (Pereira, 2005). Nesa altura, Portugal levaba anos formando parte do comercio negreiro, en réxime de monopolo, tendo

como punto estratéxico a illa de Arguim², na costa veciña, chegando a súa influencia ao que hoxe é Serra Leoa (Carreira, 2000).

Nun contexto definido pola competencia entre os reinos ibéricos, a posición xeoestratéxica das illas determinou a obrigatoriedade do seu poboamento, inicialmente para servir de base de apoio loxístico á navegación, no marco do proceso de expansión do imperio portugués en África. Santiago e Fogo³, as illas mais próximas á costa africana, foron as primeiras en ser poboadas, orientándose á agricultura.

Inicialmente existiron grandes obstáculos na atracción de colonos portugueses, polo que a coroa, co fin de proceder a unha rápida colonización das illas, outorgou en 1466 aos seus eventuais *moradores*⁴ importantes vantaxes comerciais, fundamentalmente o monopolio do comercio coas costas occidentais africanas, o cal foi parcialmente revogado sete anos despois, na tentativa de forzar a sedentarización dos poboadores, provocando o inicio da explotación agraria de Santiago e Fogo (Almeida, 2003). Previamente, o Rei D. Afonso doara as illas ao seu sobriño D. Fernando, que creou nelas dúas Capitanías, seguindo o modelo experimentado con éxito en Madeira: no norte da illa, en torno á vila de Alcatrazes⁵, e no sur, na Ribeira Grande⁶, punto de partida na colonización humana.

Dentro do colectivo inicial de poboadores, no máis alto da estrutura social encontrábanse os *donatarios* e os membros da Igrexa Católica (Carreira, 2000). Os *capitáns-donatarios* estaban revestidos de amplos poderes outorgados pola coroa, entre eles o de repartir terras aos *moradores* para fomentar o poboamento e manter a orde. En troca, debían recadar os tributos reais e velar polos intereses económicos da monarquía, suxeitos fundamentalmente ao comercio. A estes grupos sociais foise xuntar outro colectivo moito máis numeroso de escravos e escravas pertencentes a distintos pobos da costa occidental africana, con linguas, relixións e costumes heteroxéneos.

Outros motivos de tipo ideolóxico sumáronse a esta empresa colonizadora, principalmente a evanxelización dos pobos tidos como infieis. A presenza da Igrexa Católica, institución hexemónica

² Illa localizada no golfo do mesmo nome, na actual Mauritania, pertencente á Coroa Portuguesa entre 1445 e 1633.

³ Ambas illas foron colonizadas xa no século XV; no XVI serían as de Brava, S. Nicolau e Sto. Antão (agrícolas); no XVII as de Maio e Boavista (salinas); no XVIII Sal e por último, no XIX, S. Vicente (porto).

⁴ Poboación rural portuguesa e doutros países europeos (España, Italia), que foi colonizar o territorio.

⁵ Esta vila foi arrasada pola coroa portuguesa a mediados do século XVI, téndose iniciado previamente a súa decadencia, atopándose nesa altura poboada unicamente por xentes mestizas, que a coroa pretendía facer desaparecer.

⁶ Actualmente coñecida como Cidade Velha, capitalidade do Municipio de Ribeira Grande de Santiago, considerada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO dende 2009.

xunto coa coroa no mundo renacentista europeo, está documentada dende os primordios da colonización, coa chegada dos primeiros misioneiros en 1466 a Ribeira Grande, primeira cidade construída por europeos nos trópicos, onde foi consagrada en 1493 a primeira igrexa na África Subsahariana. A pretendida cristianización dos infieis foi utilizada como argumento xustificador e lexitimador da institución da escravitude. Segundo Pereira (2005) non só factores de orde moral ou relixiosa estiveron tras o interese da institución eclesiástica, senón tamén motivos económicos, ligados ao lucro que os escravos producían, nos que o clero tomaba parte activa. O Papa Alexandre VI referendou a posesión dos territorios por parte de Portugal mediante unha Bula promulgada en 1493, que foi ratificada a través do Tratado de Tordesillas en 1494 (Almeida, 2003).

A posición xeoestratéxica á que se aludía anteriormente, aínda máis potenciada coa “descuberta” das Américas, fixo con que nos séculos XV e XVI, a illa de Santiago se convertera nun vértice do comercio triangular e do sistema escravista. Os escravos e escravas, inicialmente destinados a poboa o territorio insular, acabaron por ser máis rendíbeis como moeda de cambio para os novos mercados, nun momento de forte demanda de brazos para traballar nas plantacións americanas. Na primeira parte do século XVI produciuse a estruturación do tráfico de escravos, que anteriormente eran levados a Portugal e España, mais a partir desta altura tiveron como destinos as Antillas e posteriormente Brasil, cuxa demanda de escravos intensificou apreciabelmente o comercio negreiro a partir de 1625 (Carreira, 2000). Unha parte dos escravos e escravas ficaba para poboa e explotar as illas citadas ao servizo de *donatarios*, *moradores* e clero.

Ribeira Grande de Santiago constituíu un paso obrigado no proceso de colonización de América e na extensión da navegación polas costas africanas, americanas e asiáticas. Ilustres navegantes, como Colón, Magalhães ou Vasco da Gama pasaron por este punto de abastecemento durante algunha das súas travesías. No seu val experimentáronse infinidade de especies vexetais americanas antes da súa introdución en Europa e aclimatáronse outras, traídas de Europa para ser introducidas posteriormente no Brasil. A localidade converteuse nun punto obrigado de paso e aculturación de escravos antes de ser vendidos e trasladados ao continente americano. O comercio humano floreceu e deu riqueza á illa de Santiago e á coroa ao longo de todo o século XVI, a pesar dos continuos fraudes dos administradores, da crecente competencia doutras potencias europeas (Inglaterra, Holanda, Francia) e dos repetidos ataques de corsarios⁷, especialmente na segunda metade.

⁷ Coñecidos piratas atacaron repetidamente o enclave de Ribeira Grande, como o inglés Francis Drake, que o fixo en dúas ocasións, en 1578 e 1585 (Amaral, 2007).

Na mesma época foise producindo a ocupación das terras interiores de Santiago e Fogo, inicialmente na forma de *sesmarías*⁸, que se foron convertendo paulatinamente en *morgadios* e *capelas*, institucións feudais lusas, compostas por terras de maior tamaño, indivisíbeis na transmisión por herdanza, vinculadas a unha determinada familia ou á Igrexa, seguindo o modelo da metrópole, das que existe constancia dende inicios deste século.

No fin do século XVI habitaban as illas de Santiago e Fogo un total de 13.700 escravos, xunto a 600 brancos e un número indeterminado de poboación mulata e negra libre (Pereira, 2005). Os *moradores* de Ribeira Grande, tras século e medio de esplendor, foron perdendo paulatinamente os privilexios e a posición de entreposto comercial a partir desta altura. A chegada ao trono portugués dos Austria (1580) na figura de Filipe II supuxo que a soberanía das illas ficase en mans españolas ate 1640, coincidindo co proceso de decadencia da cidade.

Portugal iniciou a mediados do século XVII a explotación do comercio atlántico a través de Compañías, unha vez restaurada a monarquía portuguesa, cunha guerra que provocou unha grave crise na metrópole. Aplicouse un esquema previamente experimentado no continente, seguindo o principio mercantilista segundo o cal o comercio era realizado por forzas organizadas e responsábeis fronte ao estado, que exercía o comercio na zona en réxime de monopolio (Pereira, 2005). Púxose fin ao xeito de explotación utilizado ate esta altura pola Coroa, que sen perder a exclusividade do comercio na área, arrendaba sectores a determinados individuos, mentres deixaba outros para a súa explotación directa (Carreira, 2000).

Dúas foron as compañías creadas neste século: a *Companhia Cacheu e Rios da Guiné*, (1676 a 1682) e posteriormente a *Companhia Cabo Verde e Cacheu*, fundada en 1690. Esta última revogou a obriga que todos os barcos procedentes das terras guineanas tiñan de recalar en Ribeira Grande, o que significou a “morte” da localidade, xusto cando acababa de consagrar a máis grande das súas obras, a Sé Catedral (1693), construída ao longo duns cento trinta anos con pedra procedente de Portugal, utilizada como lastre nos navíos. Isto non foi impedimento para o abandono da localidade, da que os poderes civil e eclesiástico se foron mudando paulatinamente para a veciña Praia de Santa Maria, que demorou ate 1858 en acoller oficialmente a capital do arquipélago.

O século XVII supuxo o período da instalación da miseria: o arquipélago sumiuse nunha continuada crise e decadencia. Xa tiña concluído practicamente a colonización do interior da illa de Santiago, dividida en grandes *morgadios*, nos que se tentaba a explotación agraria da terra a través da forza de

⁸ Sistema de reparto do século XIV portugués, que foi aplicado nas colonias, consistente en pequenas propiedades doadas, coa obriga de cultivalas por quen as recibía.

traballo escrava. Unha vez perdida a posición privilexiada no comercio atlántico, a mediados de século, Portugal deixou de interesarse polas illas e adoptou unha postura de negligencia que perdurou ate mediados do século XX.

En 1755 o Marqués de Pombal, figura máxima do goberno portugués e máximo representante do Despotismo Ilustrado luso, creou a *Companhia Grão Pará e Maranhão*, a máis nociva para o arquipélago, que alén de monopolizar o comercio negreiro, impediu a renovación da masa de escravos nas illas, ostentando de facto o goberno do arquipélago ate 1778, ano da súa extinción. A *Companhia* aproveitou os períodos de seca e fame nas illas para especular e tirar o maior proveito delas.

Nesta altura, os habitantes do arquipélago procuraron outros medios de subsistencia, como a *panaria* e a explotación da orcela. En canto á primeira, existía unha floreciente industria artesanal de tecedura, vencellada ao cultivo local do algodón, na que os escravos e escravas, seguindo a tradición dos pobos do continente, elaboraban *panos* que eran utilizados como moeda de troca, sendo moi valorados pola súa calidade. No caso da orcela, especie tintureira abundante no arquipélago, de difícil extracción, a súa explotación iniciouse coa colonización, sendo un dos produtos de exportación máis relevantes ate o século XIX (Carreira, 1984). En ambos casos, o freo á chegada de nova forza de traballo escrava supuxo o declive da actividade cara o fin do período.

1.1.2. O SISTEMA ESCRAVISTA. AS SECAS E FAMES

Cabo Verde presenta diversas especificidades estruturais, ligadas por unha banda á insularidade e á extrema pobreza do medio físico, sen recursos naturais explotábeis, e por outra ao clima extremo, que fixeron que o sistema escravista, base da colonización do arquipélago, presente certas características propias se comparado con outras colonias portuguesas en África.

A poboación escrava proviña de polo menos vinte e seis etnias diferentes (Pereira, 2005), cuxos membros eran estraños entre eles. Realizouse todo un proceso de aculturación forzosa, co obxectivo de facer aos escravos e escravas máis dóciles e capaces de servir ás ordes dos señores, aprendendo, entre outros, a lingua portuguesa (ibid.). Este proceso, denominado ladinización, foi alentado non só pola coroa senón tamén pola igrexa, no seu afán de estender o catolicismo. Neste sentido, o bautismo era un ritual obrigatorio no proceso ladinizador, en moitos casos xerador de conflitos entre moradores e clero, xa que o proceso de catequización que o acompañaba atrasaba o embarque de escravos e escravas rumbo aos destinos americanos, prexudicando os intereses dos

primeiros, polo que en 1516 pasouse a realizar estes rituais de xeito colectivo a bordo das propias carabelas (ibid.).

A fráxil etnicidade inicial que puido existir esvaeceuse coa chegada de escravos de numerosas etnias dos ríos de *Guiné*, existindo unha estratexia de dispersión étnica por parte dos señores para evitar a concentración de individuos da mesma procedencia étnica que puideran rebelarse (ibid.). Debido á temporalidade da agricultura e ás secas estruturais, os escravos eran vendidos constantemente, excepto os domésticos, xa que os custos da súa manutención eran elevados (Soares, 2005).

A poboación escrava, que realizaba diversos tipos de traballos especializados⁹, dividíase en categorías: a máis baixa correspondía aos chamados *boçais*, menos apreciados, por tratárense de adultos recentemente chegados do continente, que unha vez bautizados e aculturados, se poderían converter en *ladinos*, aumentando o seu valor. Por outro lado estaban os *naturais*, nados en terras caboverdianas, considerados ladinos por teren sido socializados nas illas (Carreira, 2000). Outro grupo, que foi adquirindo importancia crecente, foi o dos *fôrros* ou *alforriados*, escravos e escravas aos que se tiña concedido a liberdade polos máis diversos motivos. A alforría, ou carta de liberdade, existiu dende o inicio da colonización, aínda que inicialmente a pequena escala, aparecendo os forros como clase definida xa 120 anos despois da descuberta das illas (Peixeira, 2003). Un caso específico de alforría era o que se daba no caso dos descendentes de escravas con señores brancos, que eran recoñecidos como libres, iniciando así un subgrupo de poboación mulata que estaría chamada a converterse, co paso do tempo, no grupo dominante da estrutura social caboverdiana.

Por último, está o grupo dos escravos *fujões* (fuxitivos), que inicialmente eran escravos e escravas auto-liberados nos momentos de crise alimentaria ou aproveitando a confusión xerada polos ataques de corsarios. A súa existencia xa está documentada a finais do século XVI, coincidindo co primeiro período coñecido de seca e fame nas illas (1580/83), no que aumentaron tanto alforrías como fuxidas, debido á desestruturación social provocada pola crise (Almeida, 2003), que coincidiu coa entrada dos españois na coroa.

Dadas as condicións ambientais do arquipélago, en momentos de seca e fame os señores eran incapaces de alimentar os seus escravos, constituíndo estes máis unha carga que un recurso. António Carreira documentou exhaustivamente estes períodos e as súas consecuencias, traducidas nunha altísima mortalidade dende os primordios do período de poboamento (Carreira, 1983, 1984,

⁹ Habendo escravos orceleiros, teceláns, pastores, labregos, salineros, domésticos, etc. (Peixeira, 2003: 52)

2000). A seguir á primeira delas viñeron moitas outras¹⁰, que provocaron a morte de miles de persoas, oscilando entre o 10 e o 40% da poboación total (Lobban, 1995 cit. Fikes, 2000), que nalgúns casos podería ter suposto a metade da poboación, se considerarmos cada illa por separado. Ante esta realidade, o comportamento demográfico dos habitantes do arquipélago caracterizouse pola súa extraordinaria capacidade de autorexeneración, definida por Ilídio do Amaral (2007) como “crecemento espasmódico”, no que a períodos de caída brusca da poboación seguíanlle outros de expansión demográfica, capaces de repor os efectivos poboacionais tras a enorme mortalidade causada polas famas, mediante elevados índices de natalidade e fecundidade.

Como se indicaba anteriormente, os períodos de seca e fame foron estruturais na historia do pobo caboverdiano, incidindo directamente no paso de escravos a alforriados ou fuxitivos, que acabou por provocar unha crise, así mesmo estrutural, no propio sistema escravista (Soares, 2005). No século XVIII a estrutura da sociedade se atopara xa constituída por unha maioría de xentes libres, debido ás alforrias ou ás fugas, como mostra o censo poboacional de 1731, elaborado polo bispo *D. Fr. José de Santa Maria de Jesus*:

Santiago tinha um peso populacional avassalador no conjunto do arquipélago: contava com 18.083 habitantes, o que representava 59'5 % da população do arquipélago (30.389 habitantes). Os escravos estavam reduzidos a 18'1 % da população de Santiago, enquanto os forros ascendiam já a mais de 66 %, repartindo-se o restante por 13'7 % de mestiços da elite e 2'2 % de brancos do reino. (ibid.: 4)

1.1.3. O PROCESO DE MESTIZAXE BIOLÓXICA, SOCIAL E CULTURAL

A feble presenza de elementos europeos, aliado á case inexistencia de mulleres brancas, tivo como consecuencia un intenso proceso de mestizaxe dende o inicio do poboamento, imposibilitando a polarización social e racial entre a minoría branca dominante e a maioría negra escrava, propio doutras sociedades escravistas. Os dous grupos humanos orixinais foron converxendo nunha maioría mestiza e mulata, favorecida socialmente pola existencia de recoñecemento xurídico por parte dos pais brancos, chegando os fillos mestizos a obter a alforria e a herdar. Deuse un proceso polo que se pasou dunha sociedade inicial etnicamente heteroxénea e plural a unha sociedade homoxénea debido ao “alargamento da área ou campo de jurisdição do mulato” (Mariano, 1991: 51).

¹⁰ Carreira documenta as seguintes crises entre os séculos XVI e XVIII, das que existen elementos rexistrados: 1590/4, 1609/11, 1685/9, 1704/12, 1719/21, 1730/2, 1738/40, 1741/2, 1745/6, 1748/50, 1754/5, 1764/5, 1773/5, 1790/1 (Carreira, 2000: 196-201).



Nº 1: Muller de Porto Mosquito (2005)

A chegada de homes brancos foi lenta mais continua ate mediados do século XVI. A partir da perda da importancia comercial, deuse un éxodo destes colonizadores, máis acentuado canto máis se caía na decadencia, fuxindo ás leis restritivas do comercio (Pereira, 2005). A coroa, interesada en manter unha orden social baseada en criterios raciais, preocupouse dende cedo en evitar o proceso de mestizaxe, ordenando, en 1620, que foran levadas a Cabo Verde as mulleres portuguesas que habitualmente se condenaban a penar en Brasil, co fin de “que se extinga quanto possível a raza de mulatos” (Barcelos, cit. Lopes Filho, 1996: 43). A través de medidas deste tipo, pensadas para evitar a desaparición do colectivo branco, que se executaron ate o século XIX, desprazábanse forzosamente desde Portugal ás illas condenados e condenadas a quen se coñecía como *degredados*, cuxa pena consistía precisamente en ir para territorios lonxincuos. Outro colectivo branco que veu a instalarse no arquipélago foi o xudeu, para o que as illas supuxeron un porto seguro durante as persecucións da Inquisición na Península Ibérica (Almeida, 2003). A pesar da segregación inicial, este grupo acabou por tomar parte no intenso proceso de mestura racial.

No continxente de poboación africana traída para colonizar as illas pódense mencionar as etnias *mandinga, fula, jalofo, papel, serer ou balanta*, sendo conscientes da amplitude e heteroxeneidade do substrato africano (Carreira, 2000; Pereira, 2003). A chegada de poboación negra escrava experimentou un parón a partir do declive do tráfico negreiro, aínda que a súa pegada continuou a ser dominante após o proceso de mestizaxe, dado o seu dominio cuantitativo no inicio do poboamento.

Segundo Carreira (2000), nos séculos iniciais do poboamento déronse tres fases diferenciadas en canto á composición étnica da poboación, nas que etnia e clase fóronse articulando de diversos xeitos, acabando por desaparecer a división inicial, na que clase e etnia dominantes correspondían unicamente ao substrato branco.

Na fase inicial de poboamento, a sociedade estaba composta de un diminuto número de brancos “puros” (portugueses, xenoveses, españois) xunto a unha masa de escravos e escravas de diversas culturas.

A seguir, veu a fase na que o escaso grupo de brancos estaba composto fundamentalmente por *brancos da terra*¹¹, existindo no grupo escaseza de individuos netamente europeos, a pesar da continua chegada de *degredados*. Fronte a estes existía un amplo grupo de mulatos e mulatas, fillos dos señores brancos con mulleres africanas, tanto libres como escravas, ou ben de forros/as (ibid.).

Por último, ao longo do século XVI, o grupo de mulatos, moitos deles nados libertos ou alforriados, tornouse predominante no cumio da pirámide social, fronte a un escaso grupo de brancos e a unha masa de escravos negros e mulatos, importados ou nados na terra. A súa predominancia evidenciouse no seu ascenso económico e social, chamados a constituír posteriormente a elite caboverdiana. A súa inserción no aparato administrativo iniciouse en 1546, cando, ante a falta de europeos, a Coroa autorizou aos “fillos da terra” a entrar para os oficios do *Consello da Câmara de Ribeira Grande* (ibid.).

A mestizaxe tivo consecuencias sociais e económicas, tanto para as nais-escravas como para os fillos (especialmente no caso dos varóns), xa que conduciu á ascensión social e económica do grupo de mestizos ou mulatos, que pola súa orixe biolóxica por liña paterna eran considerados “brancos” na nova estrutura social do arquipélago:

É através do pai branco que se processa a ascensão do mulato, que entra na chamada “sociedade”, vindo, mais tarde, a sucedê-lo nos seus cargos e honrarias, passando a ser considerado socialmente “branco da terra”, embora etnicamente não o fosse (mestiços de raça, mas “brancos” por condição social)... Por outro lado, ao ser perfilhado e educado na cultura de seu pai, o mulato vai alterar o estatuto da sua mãe escrava, conseguindo a sua passagem a liberta, nos casos em que se encontrasse ainda nessa situação. (Lopes Filho, 1996: 43)

O colectivo de *brancos da terra*, constituídos nunha nova clase social que substituíu á dos brancos europeos, a pesar da súa cor escura, adoptou formas culturais de comportamento propias destes

¹¹ Inicialmente este termo definía aos descendentes dos europeos colonizadores, sen cruzamento racial. Co paso do tempo veu denominarse así aos mulatos, fillos dos señores brancos, que ocupaban lugares de privilexio na estrutura social (Lopes Filho, 1994).

últimos, exercendo poder e dominación sobre os seus iguais de cor, foran estes escravos ou alforriados. Aínda que a experiencia portuguesa noutras posesións coloniais conseguiu crear sociedades racialmente estruturadas, no caso caboverdiano non logrou manter unha sociedade racializada. A ascensión do grupo dos mulatos aos postos relevantes da sociedade insular, tanto a nivel económico (a través principalmente do comercio e a explotación agraria) como administrativo, deu pé a que a mestizaxe biolóxica implicase a ascensión dunha nova clase social, diferente das que anteriormente poboaran o territorio, como ben explicou Gabriel Mariano:

Contrariamente ao que se passou no Brasil, o mulato pòde ser o mestre da súa sociedade. E pòde sê-lo pelas razóns atrás sugeridas: pelas condicións económicas, propicias, que permitiram todo un encadeamento de fenómenos subsidiários: fluidez de vínculos, mestiçagem, inferioridade numérica do elemento europeo; tudo possibilitando ao negro e ao mulato certa liberdade de escolha na apropiación de elementos da cultura portuguesa. O fenómeno inverso, isto é, o alastramento até ao sobrado¹², quer de elementos aportados por negros, quer dos já recriados no funco, deve ter-se operado correlativamente com a ascensão económica do negro e do mulato, isto é, com a subida destes ao sobrado. (Mariano, 1991: 55)

Segundo Soares (2005), durante os séculos XVII e XVIII, en paralelo ao derrubamento do sistema escravista no arquipélago, o grupo cada vez máis grande dos *forros* e *fujões*, negros e/ou mulatos, marxinado e vivindo fóra do sistema, desenvolveu unha cultura propia, plasmada na lingua común, a cultura material e diversas manifestacións relixiosas e lúdicas alternativas¹³.

A manifestação da súa resistencia e alteridade social fazia-se agora sobretudo... pela via lúdica/cultural e das prácticas religiosas, imposíveis de proibir por decreto. Bailes nocturnos e ruidosos como as zambunas, prácticas funerárias com o choro e a esteira, cerimónias clandestinas de baptismo e casamento ou mesmo cerimónias religiosas crioulas sobrepostas às festividades mais solenidades do calendário litúrgico como os carnavais, os reinados ou as cortes eram agora as manifestações mais ostensivas contra o modo colonial. Os poucos e empobrecidos escravocratas remanescentes nada faziam para proibir estas afirmações da diferença, até porque muitos deles, também já distanciados do antigo ethos cultural escravocrata, começam a participar em algumas delas, mesmo que o fizessem nos seus sobrados. (ibid.: 9)

O abandono das illas por parte da metrópole acabou por producir unha empatía entre os diversos estratos sociais, na que esta nova cultura creada por *forros* e *fujões* acabou por ser abrazada pola maioría dos habitantes de Santiago.

Eram todos fillos da mesma terra já completamente desvinculados de uma longínqua metrópole e todos resistentes, cada uma da súa forma, à cultura colonial. Os chamados “crioulos indómitos”

¹² Os sobrados eran as casas ricas dos señores, mentras que os funcos eran construcións circulares de pedra, co teito de coberta vexetal, fogar dos escravos e forros. Gabriel Mariano utiliza estes dous lugares diferenciados para explicar o ascenso social da clase dos mulatos e o proceso de hibridación cultural no arquipélago.

¹³ Algunhas destas manifestacións serán tratadas en capítulos posteriores.

terminam afinal como os verdadeiros vencedores do escravismo, subsistindo muito além do seu término e até do colonialismo contemporâneo pois haviam forjado, desenvolvido e consolidado as formas identitárias crioulas da futura nação caboverdiana. (ibidem)

Polo tanto, aínda que a escravitude como sistema formal durou catro séculos, o proceso de mestizaxe, unido á fraqueza do propio sistema, provocou un salto na autoconciencia dos caboverdianos, que pasaron a non sentirse identificados nin pertencentes a ningunha das razas orixinais, estraños a unha e a outra. Segundo autores como Cardoso (1998), esa falta de identificación provocou unha mudanza nos significados outorgados ás palabras negro e branco, sendo a maior parte da historia de Cabo Verde a dun territorio cun clima extremo no que unha sociedade formada maioritariamente por individuos de todas as tonalidades posíbeis entre o branco e o negro sobreviviu ás terríbeis secas que provocaron repetidamente a reconstitución da sociedade.

A mestizaxe como proceso social, aliada á insularidade e aos determinismos naturais das illas deu lugar a unha nova cultura, xurdida segundo Peixeira (2003) no inicio do século XVIII.

Unidas no mesmo destino, esas poboacións puideram desenvolver una cultura específica, diferente das outras culturas crioulas surgidas na sequencia da escravatura e colonización trasatlántica. Puideram construír e manter un sentimento de identidade cultural que utilizaram na súa oposición á escravatura, e, mais tarde, ao colonialismo. (ibid.: 63)

Un dos produtos máis importantes desta historia de cruzamento é o crioulo, nacido inicialmente como lingua franca e de comercio entre as illas e o continente, así como en vehículo da comunicación entre europeos e escravos. Dulce Duarte (1998) defíneo como unha lingua nacida no contexto colonial, e polo tanto, subalterna e desvalorizada fronte á lingua portuguesa. O *kriolu* é un produto do encontro entre esta última e unha multiplicidade de linguas da África occidental, portadas polos escravos e escravas. O seu xurdimento, a partir dun *pidgin*¹⁴ sitúase no século XVI, existindo teorías diverxentes que explican o seu nacemento. O certo é que se converteu na única lingua vehicular e materna dos habitantes das illas, existindo diversas variantes, aínda que conformando unha unidade que permite que todos eles sexan capaces de comunicarse a pesares da descontinuidade territorial. O crioulo, que foi considerado até hai poucos anos como un dialecto, constitúe hoxe o sostén máis importante da súa identidade, tanto no arquipélago como nas comunidades do exterior (ibid.).

¹⁴ Un *pidgin* é unha variedade lingüística xurdida do contacto entre dúas ou máis linguas de desigual prestixio, coa función de satisfacer as necesidades de comunicación entre diversos colectivos, pero non é lingua comunitaria de ningún dos grupos en presenza (http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/diccio_ele/diccionario/pidgin.htm, consultada o 04/09/2011)

1.1.4. CABO VERDE NA ÉPOCA CONTEMPORÁNEA: DA DECADENCIA Á INDEPENDENCIA

Nos principios do século XIX todas as ilhas viviam na maior decadência e abandono; populações que arrastavam um baixo nível de vida, praticando uma agricultura de miséria à mercê das secas, uma pesca só em épocas de penúria agrícola e, como recursos de rendimento, o sal e a orcela, que por volta de 1810 totalizavam metade do comércio de exportação. (Amaral, 2007: 184)

O século XIX foi unha época de inestabilidade e profundas mudanzas para as illas, que experimentaron na súa segunda metade tentativas de cambio da estrutura social e da propiedade da terra, sen grandes consecuencias para os sectores máis febles. Seguindo a estela da metrópole, onde se puña fin ao absolutismo, Cabo Verde foi palco da aplicación de diversas leis tendentes a mudar os puntais da súa sociedade: o sistema de propiedade da terra e o réxime escravista.

Respecto ao primeiro, Ilídio do Amaral (2007) analizou as consecuencias da lei que aboliu os *morgadios*, que provocou inicialmente unha fragmentación da propiedade rural, a partir da cal os antigos señores ou os seus descendentes conseguiron recompor os seus grandes dominios, principalmente a través de matrimonios endogámicos, explotándoos a través do traballo de rendeiros ou parceiros.

Desta forma, os antigos señores ou os seus descendentes, na maioría mulatos, continuaram detentores da terra, que exploravam de parceria ou arrendavam. Os rendeiros, sujeitos a contratos desumanos, levavam una vida que pouco difería dos antigos escravos. Trabalhando duramente para poderem pagar a renda e, por conseguinte, permanecerem na terra, cuja produción mal dava para alimentar o agregado familiar, mesmo en anos bons, acabavam tão pobres como eran, na dependência total dos propietarios, a quem continuavam a chamar “morgado”. (Amaral, 2007: 197)

En canto ao segundo, durante o século XIX desenvolveuse o proceso abolicionista, baixo o atento ollar de Inglaterra¹⁵. Na altura tiveron lugar varias revoltas escravas na illa de Santiago, a maioría delas acontecidas en *morgadios*. En 1822 os escravos e rendeiros negáronse a pagar as rendas ao *Morgado de Engenhos*¹⁶. En 1841 os rendeiros levantáronse en *Achada Falcão*, noutra das zonas consideradas celeiro da illa (Almeida, 2003). A revolta de escravos máis importante do XIX tivo lugar en 1835, cando numerosos escravos se levantaron na Praia co fin de acabar co dominio exercido polos señores e tomar conta da terra á que estaban vencellados. Á revolta pretendíase unir os rendeiros libres para espallala por toda a illa e arquipélago, mais foi sufocada no seu inicio (Lopes Filho, 2006).

¹⁵ Inglaterra, verdadeira potencia colonial na altura, baixo os aparentes motivos de tipo altruísta ou humanitario, escondía intereses comerciais, xa que os seus gobernantes eran conscientes de que a revolución industrial e mecanización das producións virían converter en inútiles aos escravos, que comezaban a ser vistos como potenciais mercados para as manufacturas británicas (Almeida, 2003).

¹⁶ Un dos maiores e máis ricos *morgadios* da illa, situado nunha das ribeiras máis fértils, no centro da mesma.

Sen ánimo de exhaustividade, dada a inxente produción de leis e decretos neste sentido, apúntanse algunha das datas máis relevantes no proceso cara a abolición total. Primeiramente, en 1836, Sá da Bandeira¹⁷ prohibiu toda importación/exportación de escravos a sur do Ecuador. A continuación, en 1854, promulgáronse diversos decretos para a liberación dos escravos propiedade do estado e da igrexa, así como a lei que prevía o fin total da escravitude para vinte anos despois. En 1856 elaborouse a *Lei do Ventre Livre*, que outorgaba a liberdade aos fillos e fillas de nais escravas que naceran a partir desa data. Por fin, en 1869 decretouse a abolición completa da escravitude no imperio portugués, cunha fase de transición ate 1875, durante a cal os libertos estaban obrigados traballar para os seus señores. Mais o fin definitivo do tráfico en Cabo Verde só se produciu en 1888, ano de prohibición do tráfico negreiro no Brasil, o máis importante receptor de escravos africanos, que aínda recibiu carga humana de xeito clandestino durante a segunda metade do século XIX (Carreira, 2000).

O fin da institución escravista supuxo a liberdade xurídica do colectivo situado no máis baixo da escala social, que xa non era tan significativo como nos tempos antigos, debido ás alforrías, fugas, nacemento de libertos e falta de renovación do continxente de escravos importados. Mais esta mudanza de estatuto legal non supuxo unha mellora real nas súas condicións de vida, pasando de escravos a rendeiros sobreexplotados, segundo explica Germano Almeida:

Assim, a proibição de traficar representou uma séria ameaça à esplendorosa vida que os morgados tinham levado até ali. Desesperados, e sem outras formas de obter rendimentos que lhes permitissem manter-se nos luxos anteriores, não encontraram outra via que não fosse recorrer à exploração dos seus rendeiros, que passaram a sujeitar a contratos tão desumanos que em muito pouco ficaram a diferir dos seus antigos tempos de escravos. (Almeida, 2003: 188)

A partir da Conferencia de Berlín (1884-5), na que as potencias occidentais procederon ao reparto de África, Portugal, país atrasado, debilitado e debedor de Inglaterra, centrou a súa atención no continente, onde as potencias europeas procuraban fornecedores de materias primas e novos mercados para os produtos da revolución industrial. Neste período, Carreira (1983) sitúa a ruptura do equilibrio ecolóxico das illas, como consecuencia das doce terríbeis fames que definiron o século¹⁸, con consecuencias non só ambientais senón tamén económicas, nomeadamente o desmantelamento dos escasos sectores produtivos, que levou ao colapso do sistema.

¹⁷ O Marqués de Sá da Bandeira foi un prominente político liberal luso que ocupou, entre outros, o cargo de Primeiro Ministro durante cinco períodos diferentes ao longo do século.

¹⁸ 1804/6, 1810/14, 1824/6, 1830/3, 1845/6, 1850/60, 1862/5, 1875/6, 1883/6, 1889/90, 1896/7 e 1899/1900 (Carreira, 2000: 202-8).

A anteriormente próspera industria da techedura perdera toda relevancia polas sucesivas trabas impostas dende a metrópole ao seu comercio. Aínda eran explotadas a orcela e o sal, e iniciábase a explotación a escala da semente de *purgueira*¹⁹, que deu moita riqueza á arcas portuguesas, facendo xurdir localidades costeiras no litoral de Santiago, dende as que se carrexaban toneladas deste produto (Amaral, 2007). O estado impediu diversas iniciativas de industrializar a súa produción, que foi decaendo ate desaparecer a mediados do século XX (Carreira, 1984).

No inicio do século existían en Santiago tan só dúas vilas (Assomada, no centro e Tarrafal, no norte) e unha cidade (Praia), cun poboamento disperso nas terras do interior e pequenas incipientes aglomeracións urbanas nalgúns enclaves costeiros. Ao longo deste período abríronse estradas e urbanizáronse algunhas localidades do interior, onde se crearon novos concellos, caso do de Santa Catarina²⁰.

Nesta etapa produciuse a colonización da última illa a ser poboada, São Vicente, chamada a albergar a segunda cidade do país, Mindelo. Mais non foron portugueses senón británicos os que lograron, tras múltiples intentos falidos dos lusos, habitar unha illa sen auga. O milagre debeuse unha vez máis á posición xeoestratéxica do arquipélago, no que se aproveitou a baía do Porto Grande para instalar un punto de abastecemento de carbón (1850) e posteriormente lanzar o cabo submarino telegráfico que uniu as illas con Europa e América (1874). Mindelo coñeceu un crecemento espectacular, atraendo poboación das illas veciñas, mais a falta de visión e apoio da metrópole ao desenvolvemento do seu porto fixo que as actividades portuarias entraran en crise e posteriormente en decadencia, ao no poder competir cos portos veciños de Las Palmas e Dakar (Almeida, 2003).

A pesar de que a difusión do ensino nas illas data da creación do Bispado de Cabo Verde en 1533, tendo sido unha constante durante a historia do arquipélago (Carreira, 1984), o século XIX supuxo unha nova etapa coa creación de varios establecementos de ensino secundario. O segundo deles²¹, situado en São Nicolau, funcionou entre 1869 e 1917, para dar lugar no ano seguinte ao liceo de S. Vicente, verdadeiro motor das illas nesta etapa, onde confluíron persoas cun elevado nivel de educación que constituíron a elite crioula, letrada e preocupada cos asuntos da súa terra, que xogou un importante papel no seguinte período (Lopes, 2003). En Praia abriuse un liceo de secundaria en

¹⁹ *Jatropha Curcas*, pranta oleaxinosa traída de Brasil, cuxas sementes, de alto poder enerxético, eran apañadas manualmente pola poboación rural e se aplicaban á fabricación de xabóns e á iluminación na metrópole.

²⁰ O Concello de Santa Catarina, con capital en Assomada, foi o terceiro municipio criado no arquipélago (1833), ocupando as terras interiores e costeiras da vertente occidental do centro de Santiago, contendo as terras máis fértiles da illa.

²¹ O primeiro establecemento de ensino secundario no arquipélago foi aberto na illa Brava, a máis pequena, en 1847 (Almeida, 2003).

1861, que foi fechado no ano seguinte, sendo un dos motivos da escasa presenza de elites letradas na illa.

Portugal iniciou o século XX cunha mudanza de réxime, co fin da monarquía en 1910, tras o asasinato do rei e do príncipe nas rúas de Lisboa. Co advento da República ditouse en 1914 a primeira lei orgánica dos territorios ultramarinos, base para revisións posteriores (ibid.). O novo réxime foi recibido con ilusión polas elites caboverdianas de Barlovento, que cedo viron rotas as súas esperanzas e comezaron a defender posturas de autonomía política respecto a Portugal. A atribución en 1922 do *réxime de cidadanía*²², unida á escolarización da elite e á autosuficiencia desta para facerse cargo da administración colonial, levou a que os seus representantes solicitaran repetidamente o recoñecemento e valorización dos recursos humanos do arquipélago, co fin de lograr unha xestión eficiente dos recursos da colonia (ibid.). Dende estes grupos realizouse unha extensa exposición dos problemas do arquipélago, difundida a través da revista *Claridade* (1936-1960), sen chegar a propor a independencia política como solución, senón unha autonomía.

O *Estado Novo*, vixente entre 1933 e 1974, reforzou a posición das colonias, converténdolas nunha peza chave do réxime totalitario encabezado por Salazar, cunha importante produción legal ligada ao Colonialismo²³, que teoricamente non foi aplicada á poboación do arquipélago, por mor do réxime de cidadanía anteriormente citado, mais si ás outras posesións coloniais. O *Salazarismo* agravou o atraso en que Cabo Verde estaba sumido (Lopes, 2003), aínda que na súa fase final, co *Estado Social* de Marcelo Caetano, puxo en práctica medidas paliativas das fames e da alta mortalidade por doenzas, sobre todo para acalar as voces críticas contra o colonialismo portugués, no punto de mira dos movementos pro descolonización. As crises de fame, definitivas da realidade caboverdiana ao longo dos séculos, só viron o seu fin con estas intervencións, sendo a seca de 1959-60 a primeira sen vítimas mortais rexistradas (Amaral, 2007).

O século XX comezou cunha terríbel seca no arquipélago, acompañada dunha alta mortalidade. Outros períodos de fames sucedéronse ao longo da primeira metade do XX²⁴. Carreira (1984) estimou que entre 1903 e 1948 faleceron unhas 82.117 persoas por motivos asociados á fame, nunha poboación que oscilaba entre os 90.000 e 110.000 habitantes. Neste macabro contexto

²² Segundo este réxime, a poboación caboverdiana non era considerada indíxena (sen civilizar), como a das outras colonias africanas, senón *asimilada* á cultura portuguesa, debido entre outros factores, á ausencia de diversidade étnica e á forte presenza, se compararmos cos outros territorios colonizados, das institucións educativas portuguesas.

²³ Entre outras, *Acto Colonial*, en 1930; *Estatuto do Indigenato*, en 1954.

²⁴ Ao longo do século XX Carreira citas as crises de fame de 1901/4, 1911/5, 1916/8, 1921/2, 1923/4, 1941/3 e 1947/9 (Carreira, 1984: 30-124).

destacan as acontecidas nos anos 40 (períodos 40/41 e 47/9), que causaron a morte de perto de 45.000 persoas (Carreira, 1983) e un enorme éxodo, conducido polo estado colonial para as posesións ecuatoriais (Angola, S. Tomé e Príncipe).

A pesar das intervencións estatais mencionadas, a economía santiaguesa seguiu o camiño da decadencia, desta vez ate o colapso, co fin da economía baseada nas exportacións de orcela, sal e purgueira. As producións agropecuarias resentíronse das longas secas, permanecendo inmutábel o sistema de tenencia da terra, que provocaba que as poboacións rurais foran vendendo as súas escasas posesións e medios de subsistencia ante a falta de produción agraria e o deber de pagar a renda da terra.

Na metade do século, unha nova xeración deu os primeiros pasos cara a independencia política, coa creación, en 1959, do *Partido Africano da Independência de Guiné e Cabo Verde* (PAIGC), tendo como líder a Amílcar Cabral²⁵, considerado pai da patria caboverdiana. Este período definiuse polo xurdimento de movementos de liberación nacional en todas as colonias portuguesas, con profundas conexións entre eles.

É a geração de Cabral, portadora de outros sonhos e vivências, que radicaliza o discurso acerca do futuro de Cabo Verde e enceta a caminhada para a independência em 1975. A fome dos anos 30 e 40, o éxodo para S. Tomé e Príncipe, a Segunda Guerra Mundial e as suas consequências políticas e históricas, os vários movimentos de afirmação do homem negro e os ecos da independência de países africanos e asiáticos, e, sobretudo o convívio em Portugal com outros colegas africanos na Casa dos Estudantes do Império, constituem fermentos importantes para este grupo geracional. (Lopes, 2003: 59)

Segundo Cabral, a solución aos problemas do arquipélago debía ser encadrada no contexto africano, tendo como obxectivo o rexurdimento e emancipación de África e non a reforma do estado portugués, consciente de que a independencia política do arquipélago debía pasar inicialmente pola “reafricanización dos espíritos” (ibid.).

En 1963 iniciouse a guerra en Guiné co paso do PAIGC á loita armada, declarando dez anos despois unilateralmente a independencia do país, no mesmo ano do asasinato do seu líder. Durante a guerra

²⁵ Amílcar Cabral ten raíces e vivencias ligadas tanto a Guiné, terra da súa nai, onde naceu en 1924, como a Cabo Verde, terra do seu pai, onde pasou parte da súa infancia e adolescencia na illa de Santiago e en Mindelo, onde estudou o ensino secundario. Cabral estudou Agronomía en Lisboa, onde confluíu e partillou experiencias con outros estudantes das colonias portuguesas na *Casa dos Estudantes do Império*. Unha vez licenciado, traballou para o estado portugués en Guiné, na elaboración do censo agrícola, que lle permitiu un amplo coñecemento e contactos na sociedade guineana, antes de pasar á clandestinidade. A súa figura é reivindicada como un pensador pan-africano, que representou aos movementos anticoloniais ante as máis diversas instancias (dende a ONU ao Papa e mandatarios de múltiples países), cunha importante produción escrita de ensaios políticos. Foi asasinado en Xaneiro de 1973 en Conakri, onde se encontraba o cuartel xeral do partido, existindo versións contraditorias sobre a autoría do crime, atribuído por algúns á policía política portuguesa (PIDE) e por outros a elementos guineanos do seu propio partido.

colonial, Guiné e Cabo Verde xogaron papeis diferentes. O primeiro, país multiétnico, cunha longa tradición de resistencia anticolonial e valores propios das culturas islámica e animista, foi o palco no que se desenvolveu a loita armada, liberando paulatinamente territorios, nos que se ía organizando unha estrutura administrativa propia, existindo unha visión de vangarda revolucionaria que perduraría tras esta (ibid.). En Cabo Verde considerouse inviábel a loita armada, dado o escaso tamaño das illas, contribuindo o arquipélago con combatentes, moitos deles situados nos postos mais altos da estrutura militar e política do PAIGC²⁶, o que creou certa rivalidade entre os naturais de ambos lugares.

1.1.4.1. CABO VERDE INDEPENDENTE

Como consecuencia da *Revolução dos Cravos*, que o 25 de Abril de 1974 derrubou o Estado Novo, iniciouse en Portugal un proceso tendente a preparar a independencia das colonias africanas. En Cabo Verde o PAIGC logrou o suficiente apoio popular para imporse aos seus competidores. Unha asemblea electa cun alto grao de participación proclamou o 5 de xullo de 1975 a independencia do país, votando a Constitución. Segundo autores como Cahen (1991) ese procedemento participativo acabou unha vez asinada a independencia política, iniciándose un proceso clásico de centralización política e económica, que veu determinada pola fusión partido-estado, a represión da autonomía do movemento social e a inversión hipertrofiada na capital e en diversos “elefantes brancos”, de que son exemplo o sobredimensionado aeroporto de Sal ou os estaleiros da *Cabnave* en Mindelo.

A independencia non supuxo a desaparición da iniciativa privada. As relacións externas do país cultiváronse tanto cos países do bloque soviético como cos capitalistas occidentais (Lopes, 2003), constituíndo a axuda externa, xunto coas remesas dos emigrantes, o respaldo fundamental no proceso de desenvolvemento do arquipélago independente, autoencadrado na denominada “vía non capitalista”²⁷, conformada por países do chamado Terceiro Mundo na construción dos seus estados.

²⁶ Os caboverdianos ocuparon os postos de maior nivel tras a independencia, tanto no partido como na xefatura do estado.

²⁷ Esta vía perseguía o paso de sociedades precapitalistas (fundamentalmente africanas) a sociedades socialistas, sen pasar polo sistema capitalista.

En 1980 o golpe de estado promovido por Nino Vieira²⁸ en Guiné-Bissau supuxo o final do proxecto unitario acariñado dende tempos de Cabral, poñendo fin á tensión interna anteriormente exposta (Cahen, 1991). En Cabo Verde, a máxima preocupación do partido no primeiro lustro da independencia non foi o vangardismo político senón a viabilización económica do país (Lopes, 2003). A facción caboverdiana reconstituíuse no ano seguinte baixo as siglas PAICV (*Partido Africano para a Independência de Cabo Verde*).

Respecto ao mundo agrario, o PAICV non tivo en conta a realidade heteroxénea da propiedade e explotación agrarias nas diversas illas, impondo unha política uniforme que non permitiu mudar as férreas estruturas agrarias (ibid.). Así, no caso de Santiago, despois de ter apoiado aos labregos entre 1974 e 1975 nas súas demandas espontáneas, como medio para obter apoio popular, unha vez no poder non se deu resposta ás súas demandas dunha reforma agraria que acabase dunha vez por todas co sistema de rendeiros, producíndose novamente o rescate das terras polos antigos donos, coa única expropiación dos propietarios absentistas. Na illa de Santo Antão, onde predominaba o minifundio, en coexistencia con sistemas de parcería e rendeiros, o intento de impor a política da reforma en 1981 chocou co descontento popular. A dura represión dos labregos, co resultado de varias mortes, acabou por ser o mais duro episodio dos anos de partido único (Cahen, 1991), dando argumentos aos opositores do sistema establecido.

O debate sobre os papeis de Estado e Partido estivo presente ao longo de toda a I República²⁹, sendo o pluralismo político un dos principais temas catalizadores de descontento, incluso no seo do PAICV, que se viu obrigado a abrir o camiño ao multipartidismo, nun contexto de derrubamento do bloque soviético.

A vitoria do *Movimento pela Democracia* (MpD) en xaneiro de 1991 supuxo unha viraxe no papel do Estado, coa aplicación nos seus dous mandatos, ao longo da década de 90, dunha política neoliberal de debilitación desta institución, colocando o sector privado como principal axente económico e as inversións estranxeiras como fonte de financiamento, acolléndose a un intenso programa de privatizacións, auspiciado polo FMI e o Banco Mundial (Lopes, 2003).

²⁸ João Bernardo Vieira, militar guineano que se afiliou ao PAIGC en 1960, ocupando o posto de comandante na loita armada. Posteriormente foi Presidente de Guiné-Bissau en tres ocasións e Primeiro Ministro en dúas, téndose exiliado en Portugal entre 1999 e 2005. Foi asasinado en Bissau en 2010, no marco das loitas internas do PAIGC, no poder. (http://www.cidob.org/es/documentacion/biografias_lideres_politicos/afrika/guinea_bissau/joao_bernardo_vieira) consultado o 19/07/2011.

²⁹ Autores como Lopes (2003) denominan así ao período de partido único (1975-1991), pasando á II República a partir deste momento.

Ao longo dos quince anos de partido único conseguiu-se construír un país que tiña sido considerado inviábel, sentando as bases dunha transición pacífica a un novo réxime político, caracterizado dende entón pola súa estabilidade. A ausencia de etnicidades, xunto á clara identidade do pobo caboverdiano, foi, segundo Lopes (2003), vital na construción do país, constituíndo un elemento diferenciador respecto doutras colonias portuguesas:

Dono de uma indelével identidade nacional, Cabo Verde pôde, nos 15 anos de partido único, concentrar e canalizar as suas energias na construção e viabilização económica do país. E, o facto de ter queimado esta importante fase na vida de qualquer país e povo, que é a formação da nação, permitiu também aos cabo-verdianos que a transição do sistema de partido único para a democracia representativa tenha ocorrido relativamente mais cedo que noutros lugares de África e, sobretudo, sem os dramas que se sabe. (ibid.: 110)

En 2001 un PAICV renovado xeracionalmente accedeu novamente ao poder, referendado sucesivamente nas consultas electorais de 2006 e 2011. Nas últimas catro décadas no país experimentáronse melloras que fixeron evolucionar positivamente algúns dos índices demográficos máis comunmente utilizados, cunha sensíbel melloría das condicións de vida. Segundo UNICEF³⁰, a taxa bruta de mortalidade descendeu de 15 en 1970, a 9 en 1990 e 5 en 2010. A taxa bruta de natalidade caeu de 41 en 1970, a 39 en 1990, para chegar a 21 en 2010. Con estas mudanzas, a taxa de crecemento durante o período comprendido entre 1990 e 2010 situouse nun 1'8%. A esperanza de vida pasou de 53 anos en 1970, a 65 en 1990, para acadar os 74 anos en 2010. Un dos procesos demográficos máis relevantes é a urbanización, imparábel dende 1975, que ten feito que a partir de finais dos 90 máis da metade da poboación caboverdiana resida en áreas urbanas.

A partir de 1991, os sucesivos gobernos apostaron pola abertura da economía, a atracción de capital estranxeiro e o investimento privado, centrado principalmente no turismo, as industrias fabrís lixeiras, a industria pesqueira, o desenvolvemento dos transportes e as comunicacións e instalacións enerxéticas (Piñeira, Oca e Furtado, 2011).

En 2007 Cabo Verde pasou a ser considerado país de desenvolvemento medio (PDM), saíndo da lista de países menos desenvolvidos das Nacións Unidas³¹ (PMD). A pesar de seguir dependendo en grande parte da axuda exterior, rexistrouse un crecemento económico positivo, cunha renda per cápita de 3.438\$, tres veces superior á rexistrada no ano 2000.

³⁰ http://www.unicef.org/spanish/infobycountry/capeverde_statistics.html, consultado o 25/10/2011.

³¹ Fan parte desta lista aqueles países que durante tres anos tiveron un PIB per cápita inferior a 800\$ e que ademais se caracterizan por unha fragilidade dos recursos humanos (indicadores de nutrición, saúde, educación, instrución adulta) e unha vulnerabilidade económica (inestabilidade na produción agrícola, concentración da exportación de mercadorías, falta de diversificación económica).

Cabo Verde encóntrase entre os países denominados como economías MIRAB³² na que adquiren un destacado protagonismo as remesas dos emigrantes e a axuda externa, a pesar de que ambos diminuíron considerabelmente dende a independencia. Cunha comunidade emigrante maior que a residente, Cabo Verde é un dos países do mundo que maior porcentaxe de remesas recibe por habitante. A pesar diso, a evolución do peso das remesas no PIB do país experimentou unha baixada nas últimas décadas. Segundo os datos do Banco de Cabo Verde (2009), pasou de supor o 14'5% do PIB en 1990 ao 8'7% en 2007.

No que respecta á axuda externa, a condición de PMD permitiu ao país, alén de certas vantaxes fiscais, recibir diñeiro de axuda pública ao desenvolvemento, de maneira que desde o ano 2000 ingresou 779 millóns de dólares, que representan o 7'7% do PIB. O Banco Mundial ten sido un dos principais investidores no país, que ademais recibiu importantes axudas no marco de acordos bilaterais con Portugal, Holanda, Alemaña Francia ou Xapón. España, presente de xeito testemuñal no país dende os anos 80, converteuse a partir de 2006 nun dos principais axentes de cooperación ao desenvolvemento, nunha altura en que algúns dos doadores tradicionais diminuían as súas axudas, como consecuencia do paso a PDM.

A transformación de produtos procedentes do campo e do mar permitiu desenvolver unha pequena industria (augardente, sal, conservas de peixe), que xunto coa fabricación de roupa, calzado, vernices e tintas, dá emprego ao 18,4% da poboación e xera o 18'1% do PIB. Os servizos son o sector que abarca o maior continxente de poboación ocupada (55%), cunha maior representatividade no PIB (73'1%). O comercio, os transportes aéreos e servizos aeroportuarios, as novas empresas e, sobre todo, o turismo, son a base da economía caboverdiana.

No que respecta ao turismo, este contribuíu con un 19'4% ao PIB, debido a que entre o ano 2000 e 2009 o volume de turistas no país creceu unha media de 11'4% por ano. Trátase dun turismo de sol e praia, no que a demanda é maioritariamente estranxeira, sobre todo británica, portuguesa e italiana, supoñendo o turismo interior un 13%. Cabo Verde é un destino turístico emerxente no que a modalidade residencial xoga un papel destacado para atraer investimento privado estranxeiro, concentrando a demanda principalmente nas illas de Sal e Boa Vista³³.

³² MIRAB fai referencia a un modelo económico desenvolvido a mediados da década de oitenta por Bertram e Walters, cuxos pilares baséanse na migración, as remesas, a axuda exterior e a burocracia (ver bibliografía).

³³ Segundo os datos do Observatório Turístico de Cabo Verde, o 94'7 % do fluxo turístico concéntrase em catro illas: Sal, (57%), Santiago (20'1%), Boa Vista (9'9%) e São Vicente (7'6%), un fenómeno ligado ao volume de oferta existente, pois Sal concentra o 50'1% das camas, Boa Vista o 23% e Santiago o 10'8% (Romero-Girón, 2010).

A pesar do crecemento económico continuado dende a independencia, o país presenta unha serie de fragilidades, alén da dependencia das remesas e da axuda exterior para compensar a débeda externa. Exemplo delas son a dependencia excesiva das importacións, a escaseza de auga e falta de solo fértil ou a descontinuidade territorial derivada da condición insular. Tamén destaca como factor negativo o baixo nivel de cualificación da poboación. A pesar da melloría experimentada nas últimas décadas aínda existe unha inadecuación entre a formación ofertada e as demandas de emprego, sobre todo en sectores como o turístico, motor do crecemento económico e aposta firme dos sucesivos gobernos. Por último, a forte cultura da emigración, abonada durante séculos, provoca na maioría da poboación un ansia por irse a outros países nos que se supón atoparán mellores oportunidades. As densas redes migratorias da diáspora continúan posibilitando a emigración de millares de persoas xoves, en moitos casos formadas, de xeito que progresivamente se vai debilitando o contingente de persoas activas para o desenvolvemento. Unido ao anterior, nos últimos anos tense producido unha atención especial sobre o escaso aproveitamento que se realiza das remesas da emigración en termos produtivos, para alén dos consumos familiares (Piñeira et al., 2011).

Na década de 2000 levouse a cabo un grande esforzo na loita contra a pobreza. Construíronse e melloráronse infraestruturas comunitarias para un mellor acceso aos servizos educativos, sanitarios, de abastecemento de auga e saneamento, apoio a iniciativas locais, promoción de accións de formación e actividades xeradoras de beneficios, a través de diversos programas de microcréditos, como o *Plano Nacional de Luta contra a Pobreza*, iniciado en 1998.

Segundo o QUIBB³⁴, en 2007 a incidencia da pobreza (porcentaxe de poboación que vive por baixo dun limiar³⁵), alcanzaba ao 26´6% das persoas caboverdianas. Esta cifra veu descendo continuamente dende 1988/9, cando se situaba nun 49%. Esta diminución ten sido máis acentuada nos medios urbanos (11´8%) que nos rurais (6´8%). Os lugares máis pobres na xeografía do arquipélago atópanse en Santo Antão, seguido do interior de Santiago, que acada unha incidencia da pobreza do 41´5%.

Segundo a análise dos datos do QUIBB 2007, dous factores principais inflúen na posibilidade de que un grupo doméstico sexa pobre. Por unha banda, o medio de residencia, de xeito que a incidencia da pobreza no medio rural ascende ao 44´3%, mentres que nos medios urbanos baixa ate o 25%. Por outra banda, o sexo da persoa cabeza de familia, sendo a incidencia da pobreza nos grupos

³⁴ *Questionário Unificado de illas* iníciase na illa de orixe da comunidade protagonista deste estudo, Santiago, a maior e máis *Indicadores Básicos de Bem-estar*, elaborado polo Instituto Nacional de Estadística de Cabo Verde (www.ine.cv).

³⁵ O INECV estabeleu o limiar de pobreza en 49.485 escudos por persoa e ano, que corresponde a uns 450€.

domésticos encabezados por mulleres dun 33% fronte a un 21'3% nas encabezadas por un home. Do total de persoas pobres, o 56% fai parte de grupos domésticos encabezados por mulleres, fronte a un 44% que vive en fogares encabezados por homes. Combinando ambos factores, aparecen as porcentaxes de pobreza máis elevadas, de xeito que no medio rural a incidencia da pobreza chega a 48'1% dos fogares encabezados por mulleres fronte ao 40'5% dos encabezados por homes.

O estado civil da persoa cabeza de familia tamén inflúe de xeito diferencial na incidencia da pobreza. Nas zonas rurais, o estado civil menos desfavorecido é o de casado/a (38'4%), fronte ao 48'4% de incidencia nas unións libres. Os fogares encabezados por persoas solteiras son os que presentan maior probabilidade de ser pobres, acadando un 51'3%. Outros factores que agravan a incidencia da pobreza son a maior idade da persoa xefe de familia, a menor instrución ou o maior tamaño do agregado.

A pobreza implica un acceso restrinxido ás infraestruturas relacionadas coa calidade de vida. Por exemplo, só o 43'8% dos fogares pobres ten acceso á rede eléctrica, porcentaxe que se reduce ao 33% no acceso á rede pública de augas, situándose no 26'8% a porcentaxe de fogares con cuarto de baño.

1.1.5. BADIU E SAMPAIUD: DUAS CULTURAS, UNHA NACIÓN

A pesar da consistente unidade cultural e política das illas e ao xurdimento da identidade caboverdiana, no seo do arquipélago existe unha diferenciación entre Santiago e as outras illas, facilmente perceptíbel. Fora insularismos e localismos, que tamén son expresivos, existe unha grande división cultural e identitaria que ten Santiago como centro.

Unha das primeiras cousas que aprendín en Burela foi que as caboverdianas coas que traballaba se consideraban *badías*, fronte a outras comunidades caboverdianas próximas, procedentes doutras illas, ás que denominaban *sampaiudas*.

A expresión *badiu/badia* provén do termo portugués *vadio*, co significado negativo de vagabundo ou preguiçoso, que se aplicaba aos escravos e escravas fuxidos en Santiago e aos que se negaban a traballar para os señores, diferenciándoos dos escravos “obedientes” e do colectivo dos rendeiros (Soares, 2005). Os escravos forros acabaron por apropiarse del, moldeándoo na lingua crioula, converténdoo en *badiu*, subvertendo o seu significado e transformándoo nunha calidade positiva, que co tempo se vinculou á identidade dos habitantes de Santiago, independentemente da súa cor.

Desta forma, um termo criado pela ordem dominante para invectivar a marginalidade destes homens como vagabundos, foragidos, trãnsfugas, delinquentes, ou ociosos, é adoptado como emblema e slogan pelos forros, como forma de diferenciação, demarcação e sobretudo subversão face à ordem escravocrata e às leis do reino, pelas quais haviam sido marginalizados. (Soares, 2005: 8)

Aínda que o xurdimento da palabra *badiu* estivo vencellado ao proceso de resistencia e reinvenção cultural das xentes libres en Santiago, hai quen defende un uso e significado non só positivo por parte das elites de Barlovento.

Quando as diversas correntes da elite letrada caboverdiana como os claridosos ou os nativistas quixeram analizar como se tinham combinado no arquipélago as matrizes europeia e africana de origem, fizeram do vadio “o badio” e mesmo da ilha de Santiago um emblema da africanidade, da perenidade das raíces africanas e berço da crioulidade. Os defensores da matriz europeia, centrados na elite do Mindelo, na ilha de S. Vicente não tardaram a apelidar pejorativamente os santiaguenses de badios, designação que hoje perdura com um duplo sentido semântico positivo ou negativo. (Soares, 2005: 9)

Os *badiu* denominan *sampaiud*³⁶ aos habitantes das outras illas, non só das de Barlovento, sen que esta denominación se teña convertido en absoluto nun marcador identitario do resto da poboación caboverdiana.

Esta distinción coloca diversas cuestións relativas ao papel que cada unha das illas ou grupos de illas xogou ao longo da historia de Cabo Verde no esquema colonial, no que Santiago se auto-identifica en solitario fronte ás outras oito illas habitadas. Santiago é considerada berce de Cabo Verde, por ter sido a primeira en poboarse, e berce da cultura caboverdiana, debido ao proceso de extensión da cultura dos forros ao resto da sociedade.

1.1.5.1. MESTIZAXE, AMBIVALENCIA RACIAL E POLÍTICAS DE ASIMILACIÓN

Há muito que os estudiosos da “coisa” cabo-verdiana convencionaram que a raça não constitui um problema social e cultural, apontando-se como dado adquirido o facto de a cor da pele das pessoas ser definida em função do seu status socio-económico. Assim, branco é o indivíduo com posses, mesmo sendo negro retinto; e negro, a pessoa economicamente pobre, mesmo sendo branca (Lopes, 2003:43).

Múltiples voces defenden ate hoxe a idea da ausencia de significados da raza na sociedade caboverdiana, incidindo nunha suposta ambivalencia da poboación autóctona, que non se identifica co branco nin co negro (Cardoso, 1998; Carreira, 2000; Lopes, 2003; Mariano, 1991). O certo é que sempre existiu a possibilidade de que calquera persoa puidese estar situada tanto nos lugares máis

³⁶ Termo *depreciativo*, ou polo menos *condescendente*, utilizado polos badiu para designar os habitantes das outras illas (ibidem).

elevados como nos máis baixos da estrutura social, independentemente da tonalidade da súa pel. Exemplos desto serían o caso dos *brancos da terra*, de cor escura, situados nos postos máis preeminentes da sociedade, e dos brancos empobrecidos co declinio do comercio, no máis baixo da estrutura social, cuxos casos desafiaron a orden racial inicial. Debido aos diversos obstáculos, anteriormente sinalados, que fixeron inviábel unha sociedade escravista á semellanza das existentes nas outras colonias portuguesas, foi imposíbel a existencia duns límites definitivos baseados na cor da pele, polo que a palabra branco foi adquirindo un novo significado, que non está ligado á cor da pele senón ao estatuto social, neste caso dos poderosos e dominadores.



Foto 2: Veciños en Assomada (2000)

O discurso da harmonía, amplamente aceptado, confunde raza (no sentido de fenotipo) e clase social, ocultando que, se ben existiu a ascensión social do mulato (e ate do negro), a maior parte da poboación negra e mestiza ocupou dende o inicio da historia do arquipélago os postos mais baixos na estrutura social, como escravos, rendeiros ou labregos pobres. Nembargante, existen interpretacións que cuestionan esta teórica harmonía, incidindo na existencia de distincións de tipo *racial* presentes ao longo da historia recente do arquipélago.

A black racialized continuum³⁷, created to protect Portuguese metropolitan whiteness in Cape Verde, associated “privilege” and European assimilated cultural “consciousness” by distinguishing a negro--

³⁷ A autora descríbeo como *continuum* porque todas as identidades existentes ao longo deste constitúen diversas representacións da negritude, sen que o branco faga parte do mesmo, xa que este último foi legal e moralmente sancionado como separado e utilizado unicamente para definir o que non era branco (ibidem).

mestiço- -CapeVerdean White--European White strata. These categories have been essential to racializing "acculturated" status in connection to islands origins. (Fikes, 2000: 16)

Segundo Kesha Fikes (2000; 2006) os habitantes da illa de Santiago serían asociados ao estrato negro mentres que os das restantes illas serían considerados dentro do estrato mestizo. Nesta escala estaría implícita unha valoración positiva do elemento branco e negativa do elemento negro, oscilando a poboación mestiza entre ambos, segundo a súa maior ou menor proximidade (subxectiva) a cada un dos polos. Como resultado deste feito, existe a imaxe diferenciada dos *badiu* como negros, brutos, incultos e agresivos, mentres que os habitantes das outras illas son definidos como mestizos, sen asocialos a significados negativos, sendo considerados máis próximos aos europeos.

Polo tanto, *badiu* e *sampaiud* sitúanse en diferente lugar no continuum definido polas catro posicións anteriormente indicadas. Isto tivo implicacións políticas, entre elas o tratamento diferenciado de Santiago respecto das restantes illas, baixo un estatuto semellante ao das outras posesións coloniais en África.

As mestiço identity was imaginatively constitutive of ideas of "mutability"... Badiu identity served the purpose of "blackening" and controlling Santiago. Further, the gendered representation of Santiaguense identity as "negro" and aggressive was essential to discursively distinguishing "mestiço" from "negro" identity. Arguably, the racialization or "blackening" of Santiaguense identity served the purpose of an illusion of Badius as "masculine" and "vulgar", regardless of "sex". (Fikes, 2000: 24)

Segundo a versión máis estendida, Santiago identifícase como a illa máis africana, a partir do feito de ter sido a primeira en ser poboada. Posteriormente os seus habitantes, xa mestizos, foron habitar as restantes, comezando por Fogo e Brava, pasando só despois ás de Barlovento (entre os séculos XVII e XIX), que por outro lado, recibiron man de obra escrava ao longo do proceso. Os procesos de colonización foron diferentes e produciron sociedades cunha base económica distinta: mentres que nas de poboamento antigo predominou a explotación latifundista, nas restantes foi máis utilizada a fórmula de pequenas propiedades, que propiciou unha maior aproximación entre señores e escravos. Nestas últimas, cuxa poboación se consideraba mestiza, o desenvolvemento de institucións educativas e do Porto de Mindelo propiciaron o xurdimento dunha elite cun sentido autorreflexivo de comunidade, definida como *criolidade*³⁸, que non os facía africanos nin europeos, senón nalgures no medio. En contraste con estas illas "letradas", Santiago era representada como refuxio dos escravos rebeldes e dos seus descendentes, sen tales signos de "urbanidade", mantendo

³⁸ Neste sentido o termo "criolidade" sería equivalente ao termo "caboverdianidade". A palabra "criola/o" é comunmente utilizada como sinónimo de caboverdiana/o. Neste sentido será utilizada neste traballo, ao falar da diáspora crioula, das migracións criolas, etc. A súa etimoloxía remite á mestura biolóxica entre colonizadores e escravos, xa que no arquipélago non había poboación autóctona.

máis viva a pegada africana, manifestada en certas institucións culturais (Fikes, 2006). A inclusión da imaxe das mulleres badías, asociándoas a revoltas e acontecementos violentos, non fixo mais que reforzar a imaxe pexorativa dos habitantes de Santiago (Fikes, 2000).

En paralelo coa existencia do *continuum*, Kesha Fikes explorou a produción e uso por parte do goberno colonial de discursos racializados a partir do século XIX (Fikes, 2000, 2006), que foron utilizados por parte do estado para realizar unha condución diferenciada dos fluxos migratorios consoante a illa de orixe, aspecto que será profundado no seguinte apartado. Fikes cuestiona a historia “oficial”, que segundo o seu punto de vista non é capaz de interpretar as lóxicas da racialidade en Cabo Verde, ao non ter en conta as prácticas de traballo e migración (Fikes, 2006). A proposta alternativa desta antropóloga descansa sobre a idea de que a imaxe de negritude e incultura asociada á illa de Santiago non foi máis que unha produción ideolóxica da que o imperio se serviu para organizar, a partir da abolición da escravitude, unha corrente migratoria de tipo forzoso con destino a outras posesións coloniais, necesitadas de brazos para implantar grandes plantacións extensivas, orientadas á exportación, que supuñan unha relevante entrada de riqueza nun imperio en proceso de decadencia (Fikes, 2006). O poder colonial, servíndose da identificación interesada dos habitantes de Santiago coa negritude, impúxolles extraoficialmente a calidade de “indíxenas”, a pesar de que no arquipélago, como se indicou anteriormente, non chegou a utilizarse tal estatuto para a súa poboación. Nembargante, no territorio desta illa foi aplicada a *Lei de traballo indíxena*, o que supuxo na práctica que os seus habitantes fosen así vistos e tratados na organización das plantacións e no esquema colonial ate o fin da política do “indixenato”.

Unha das diferenzas entre Cabo Verde e as restantes colonias portuguesas en África foi a consideración dos seus habitantes como asimilados, agás no caso de Santiago. Esta identificación levou á utilización dunha pequena parte dos seus habitantes como pezas intermedias no esquema administrativo colonial. A posición favorábel no *continuum* á que se aludía anteriormente foi aproveitada polas elites e a pequena burguesía de Barlovento³⁹, que a partir do acceso á educación letrada conseguiron facer parte do aparello administrativo do estado portugués, ao que representaban nas outras colonias, o que en certo modo lles fixo gañar aos caboverdianos unha imaxe vencellada aos colonizadores⁴⁰.

³⁹ Existindo algúns casos de elites letradas procedentes de Santiago, que cursaban os seus estudos en São Vicente, caso de Cabral.

⁴⁰ Por este motivo, en 1975, varios centos de familias caboverdianas fuxiron de Angola como refuxiados, á guerra contra o colonizador (Carreira, 1983).

Despite its close proximity to the mainland, the islands enjoyed a privileged position within the colonial schema that often placed them in an intermediate position of power, between Portugal and Africa. This position was complemented by the elevation of their phenotically intermediate status within a racial hierarchy; that is, between White and Black. In other words, Cape Verdeans have historically benefited from disassociating themselves from other Africans in the past. (Sánchez Gibau, 2005: 429)

A utilización dos caboverdianos como representantes dos colonizadores, fomentada polo estado portugués a través dunha política de asimilación baseada na educación formal, foi expresada por Paulo Freire⁴¹ da seguinte maneira:

A impressão que eu tenho é que o colonizador escolheu o arquipélago de Cabo Verde, para fabricar lá assimilados culturais, na sua grande maioria. Isso era o sonho dos portugueses e que não deu certo. Era essa a política para com a população mestiça mais para clara de que para escura de Cabo Verde. Lá foi formada a intelectualidade que teve uma chance que os outros não tiveram. Portugal pensava em tirar, e tirou de Cabo Verde, quadros, seus quadros necessários, quadros intermediários para a administração colonial nas outras colônias, ou nas chamadas províncias. Isso se deu durante longo tempo e esse fato marcava uma diferença, com relação às demais colônias. (Coutinho, cit. Freire, 2008: 17)

Mais a institución educativa non foi a única responsábel da política de asimilación cultural no arquipélago. Como apunta Dulce Duarte (1998), a partir do século XIX o estado levou a cabo unha intensa política assimiladora, endurecida nas últimas décadas do colonialismo, reprimindo as manifestacións culturais ou identitarias que tivesen unha base africana recoñecíbel, co auxilio da sempre presente igrexa católica. Mais, aínda que o discurso asimilacionista deixaba clara a exclusión do arquipélago de África, as illas tampouco eran consideradas exactamente europeas.

A aparente predominância da cultura europeia em Cabo Verde, vem, primeiramente, da campanha de evangelização levada a cabo pelos missionários católicos durante a época escravagista; depois, da política de assimilação praticada pelas autoridades coloniais do século passado à independência. Não se pode esquecer que, apoiadas pela Igreja, elas combateram sistematicamente em Cabo Verde todas as manifestações culturais africanas, desde a coladeira ao batuque, passando pela tabanka e certas práticas de carácter animista. A política assimilacionista foi tão longe nos seus propósitos que pretendeu fazer acreditar que o cabo-verdiano era uma raça à parte, muito superior, embora de pele escura, aos “pretos de África”(porque, no âmbito dessa política, tudo se fez para convencer os cabo-verdianos de que Cabo Verde não era África). (ibid.: 94)

1.1.5.2. A REAFRICANIZACIÓN DO ARQUIPÉLAGO

Contra esa política assimiladora lanzouse a proposta de “reafricanización dos espíritos” de Cabral e os seus compañeiros/as de xeración, que loitaron por liberar as súas nacións das influencias

⁴¹ O recoñecido pedagogo e activista brasileiro colaborou estreitamente co PAIGC no deseño e implantación de programas de alfabetización en Guiné e Cabo Verde.

culturais dos colonizadores portugueses. Moitos dos principais representantes do PAIGC, entre eles Cabral, tiñan sido cadros da administración colonial, que en moitos casos abandonaron para dedicarse á loita política e armada. Para os independentistas do PAIGC unha das certezas máis absolutas era que Cabo Verde facía parte de África e debía manterse unido ao continente. En palabras do líder da independencia, no *Manifesto aos Caboverdianos residentes na República do Senegal*, en 1961:

Deixemo-nos de historias: toda a gente sabe que os cabo-verdianos, negros, mestiços ou de pele branca, são africanos de uma colónia africana de Portugal. Para aqueles que por ventura não saibam onde fica Cabo Verde, basta que olhem bem para um mapa. Para aqueles que não conhecem Cabo Verde, basta dizer-lhes que a sua população é constituída de 97% de negros e mestiços e apenas 3% de gente de cor branca, incluindo os europeus. Para aqueles que não se lembram do que é o colonialismo português e qual é a situação política e jurídica de Cabo Verde, basta lembrar-lhes que o povo cabo-verdiano nunca elegeu os seus dirigentes, que o dirigente supremo de Cabo Verde nunca foi um cabo-verdiano e que toda a vida económica de Cabo Verde está enfeudada, quer dizer, submetida aos interesses económicos de Portugal. (Cabral, sd⁴²)

A proposta de reafrikanización de Cabral prendeu na sociedade caboverdiana, especialmente entre a poboación badía, que a partir da declaración de independencia do país fixo rexurdir as institucións e prácticas culturais propias⁴³, que viñan do tempo de forros e fuxidos e foron duramente reprimidas e descualificadas nas décadas anteriores, reinventando os seus usos e significados. Deuse un proceso de redefinición da identidade, que provocou o aparecemento de novas formas de expresión, diferente para cada un dos estratos sociais.

El pueblo, en otro tiempo guardián de sus tradiciones, encuentra el marco social para la libre expresión cultural y acorta el camino creando ideas y técnicas nuevas, transmitidas por la organización político-militar. Aquellos que no hace mucho habían conducido el combate por la reafrikanización de los espíritus, aprenden de las humildes capas del pueblo modos de pensar, concepciones, lenguas y lenguajes que les permiten reinsertarse en la vida africana.

Este intercambio cultural que la lucha impone y hace posible es de una gran riqueza. Para las poblaciones de las aldeas ... la vida cultural se despliega bajo el doble signo de la tradición y la modernidad, mientras que para los cuadros, generalmente intelectuales asimilados, salidos de las categorías sociales privilegiadas por el juego selectivo del sistema colonial, el espacio cultural se ordena en torno al desarrollo armonioso de la nueva personalidad africana. (Andrade, 1981: 155)

Aínda na actualidade existe unha grande rivalidade entre Praia e Mindelo, as dúas cidades máis importantes do arquipélago. Se ben a primeira foi capital das illas dende a caída de Ribeira Grande, a segunda foi considerada durante décadas como capital cultural do arquipélago, en grande medida por ser lugar de residencia dos membros máis salientábeis das elites crioulas. Posteriormente ao

⁴² Escritos de Cabral, compilados e organizados por Caldeira et al. (2000); ver en bibliografía.

⁴³ Especialmente no campo da música, co renacemento dos xéneros tradicionais de Santiago (*batuko, funaná*) e das indumentarias de estilo afro.

advento da independencia, Praia experimentou un crecemento acelerado, absorbindo non só poboación rural da propia illa e outras, senón tamén moitos dos cadros técnicos do país. A súa condición de capital concedeulle un papel central na vida política, económica e tamén cultural do arquipélago, concentrando a administración estatal e os principais lugares de toma de decisión en todos os ámbitos. En paralelo deuse un forte renacemento das manifestacións culturais populares de Santiago, profundamente arraigadas nos seus habitantes a pesar das incesantes prohibicións coloniais.

A pesar do proceso de descentralización do estado en curso (Piñeira et al., 2011), a rivalidade e os conflitos entre ambas illas, en canto representantes das dúas formas de caboverdianidade, negra e mestiza, continúa, a pesar da incuestionábel unidade política e cultural do país.

1.2. XÉNERO E TEORIAS MIGRATORIAS

Las mujeres comparten como género la misma condición histórica, pero difieren en cuanto a sus situaciones de vida y en los grados y niveles de la opresión. Las diferencias entre las mujeres derivadas de su posición de clase, de su acceso a la tecnología, de su relación con las diferentes sabidurías, de su modo de vida rural, selvático o urbano, son significativas al grado de constituir grupos de mujeres: el grupo de las mujeres sometidas a la doble opresión genérica y de clase, el de las que solo están sujetas a la opresión genérica pero no de clase, el grupo de mujeres sometidas a la triple opresión de género, de clase y étnica o nacional, los grupos de mujeres que viven todo esto y mucho más, pero agravado por condiciones de hambre y muerte; grupos de mujeres que no comparten la clase ni otras particularidades, pero que han sido sometidas a formas exacerbadas de violencia genérica, y otras. (Lagarde, 2011: 64)

As mulleres foron un elemento ausente nas diversas investigacións e teorizacións dos procesos migratorios ate os anos 70, coincidindo coa entrada das académicas feministas nas diversas áreas de coñecemento.

Inicialmente, nas décadas de 70 e 80, incluíuse a categoría mulleres en múltiples investigacións, sen utilizar o xénero como categoría de análise, producíndose unha visibilización das migrantes, maioritariamente descritiva, sen ter en conta as contribucións femininas aos fluxos migratorios e á organización da migración nos países de acollemento (Campani, 2010). Autoras como Mahler e Pessar (2006) consideran que esta visibilización, necesaria nesa altura, supuxo a introdución da variábel sexo en diversos estudos de tipo cuantitativo, o que provocou unha grande profusión de estudos centrados nas mulleres migrantes que continúa ate a actualidade.

O xénero só foi tido en conta como variábel de análise das migracións a partir da segunda metade dos anos 80, con maior preeminencia na década seguinte. Nesa altura predominou a chamada “fórmula trinitaria” (Campani, 2010), que deu lugar a múltiples análises, tendo en conta o entrecruzamento das variábeis xénero, raza/etnia e clase social. A aplicación deste encadramento teórico foi de extrema utilidade en varios sentidos, entre eles o recoñecemento da diversidade do colectivo mulleres, que supuxo o fin da abordaxe da muller en canto categoría universal. Por outro lado, levou ao recoñecemento da fluidez das relacións de xénero, centrada fundamentalmente en dous aspectos: a dimensión de xénero nos esquemas migratorios e a reconfiguración de novos sistemas de diferenciación de xénero para homes e mulleres nas sociedades de acollemento.

A introdución da perspectiva de xénero nos Estudos Migratorios foise consolidando só a partir da década de 90, privilexiando estudos sobre os fluxos estritamente femininos. Dada a extraordinaria feminización das migracións producida a partir desa altura, resulta fácil atopar investigacións

relativas ás correntes migratorias formadas exclusiva ou maioritariamente por mulleres. No caso das migracións caboverdianas sucede exactamente isto, existindo unha grande diversidade de estudos que enfocan a atención na corrente feminina procedente das illas de Barlovento con destino a Italia, o que non sucede na mesma medida no caso das mulleres que fan parte doutras correntes, migradas a través de procesos de reagrupamento familiar.

A partir da viraxe de século o xénero comezou a ser considerado como elemento chave nas migracións, estimándose que configura unha variabilidade de prácticas, identidades e institucións nos procesos migratorios. Unha das contribucións deste enfoque é a condición dinámica e relacional implícita na definición de xénero elaborada por algunhas das súas máis importantes teóricas, que o consideran de xeito procesual.

Gender is the meaning people give to the biological reality that there are two sexes. It is a human invention that organizes our behavior and thought, not as a set of static structures and roles but as an ongoing process... Conceptualizing gender as a process yields a more praxis-oriented perspective wherein gender identities, relations and ideologies are fluid, not fixed. (Mahler e Pessar, 2006: 29)

Segundo as propostas deste enfoque, o xénero relaciónase dialecticamente tanto coas estruturas das sociedades de orixe como de destino das migrantes.

Gendered ideologies and practices change as human beings (gendered as male or female, and sexualized as homosexual, bisexual, or heterosexual) cooperate or struggle with each other, with their pasts, and with the structures of changing economic, political, and social worlds linked through their migrations (Brettel and de Bergeois, 1992; Hondagneu-Sotelo, 1994, 2003; Mahler and Pessar, 2001). (Donato et al., 2006: 6)

1.2.1. EVOLUCIÓN DA INCORPORACIÓN DAS MULLERES AOS ESTUDOS MIGRATORIOS

Para abordar a evolución da incorporación das mulleres aos estudos migratorios seguirase a proposta de Hondagneu-Sotelo (2003), que distingue tres fases neste proceso. A incorporación da perspectiva de xénero aos estudos migratorios contextualizarase cos principais paradigmas interpretativos das migracións, comezando polas teorías contrapostas da modernización e da dependencia, para continuar coas articulacionistas, máis recentes, que posibilitaron a superación das limitacións das anteriores propostas (Gregorio, 1998).

1.2.1.1. A VISIBILIZACIÓN DAS MULLERES NAS MIGRACIONES

Os estudos migratorios constitúen unha área de investigación e teorización multidisciplinar, na que diversas ciencias sociais teñen contribuído dende os seus propios presupostos teóricos e metodolóxicos. Dentro deste contexto, a antropoloxía foi a primeira das ciencias sociais en desenvolver investigacións tendo en conta a distinción entre sexo e xénero, baixo a influencia dos estudos feministas neste campo, entre eles as propostas de Rosaldo e Lamphere (1974). As antropólogas prepararon o terreo para a aparición dos *Estudos das Mulleres* e posteriormente para a súa evolución cara os *Estudos de Xénero* (Donato et al., 2006).

Durante os anos 70 foise creando a consciencia da importancia da compoñente feminina nos procesos migratorios. A partir de mediados da década emerxeu un corpo de literatura focalizada nos diferentes papeis de xénero, tendo como denominador común a universalidade da subxugación feminina, plasmada en articulacións específicas das diferenzas de xénero nos diversos casos estudados (ibid.). Nesta etapa xurdiron múltiples estudos nos que as mulleres migrantes constituíron o obxecto primario das pesquisas. Dous paradigmas contrapostos se constituíron en dominantes ao longo da década dos 70 nos Estudos Migratorios. Trátase das teorías da modernización e as teorías da dependencia, tamén coñecidas como histórico-estruturais (Gregorio, 1998). As primeiras basearon a súa proposta na idea de que os movementos migratorios contribúen ao equilibrio mundial, ao supor un traspase de persoas dos países pobres (definidos por unha serie de factores expulsivos da poboación) aos ricos (caracterizados por diversos factores de atracción de man de obra), que supón unha mancha de efectos positivos nas áreas de orixe, das que os migrantes parten pola súa vontade individual ou familiar, despois de analizaren racionalmente os beneficios económicos que reportará a migración. Segundo esta visión, as mulleres migran como suxeitos individuais, racionais e sen xénero, cuestión que levou a que non foran significativas no desenvolvemento desta proposta, tanto a nivel teórico como empírico, dándose unha inclusión das mulleres no estudo dos fluxos, sen pararse a reflexionar sobre as relacións de xénero e o seu impacto nun desenvolvemento diferente nas realidades dos homes e as mulleres migrantes (ibid.).

Aínda así, dentro deste contexto apareceron traballos coa pretensión de visibilizar as mulleres, en consonancia coa tendencia de quebra do androcentrismo característica das diversas ciencias sociais nesta altura. Estas análises adoptaron os esquemas binarios propostos polas antropólogas feministas do momento, nun enfoque dicotómico, segundo o cal home e muller son dúas construcións opostas e complementares. O home foi definido como un ser esencialmente económico/productivo, debido ao seu papel de provedor do fogar, que o converte en cabeza de familia, cuxa vida se desenvolve preferentemente no ámbito público. Pola contra, a muller foi considerada un ser ligado ao social,

devido ao seu rol doméstico de criadora e cuidadora, desenvolvido na esfera privada. Como resultado da aplicación deste esquema ao estudo das causas das migracións masculina e feminina, chegouse á conclusión de que, mentres que os homes migraban por motivos económicos ou laborais, as mulleres facíanlo estritamente por razóns de tipo social ou familiar, baixo o esquema de “esposa /dona de casa” que segue ao seu marido, sen existir motivos de tipo económico ou laboral tras a súa decisión migratoria.

Nun primeiro momento, desde un enfoque asimilacionista, as mulleres foron vistas como seres que transitan entre dous sistemas de xénero. Partindo dun máis tradicionalista, ríxido e opresor das mulleres, nos países de orixe, pasan a outro en pleno proceso de emancipación feminina, definido como unha oportunidade para as migrantes. Este enfoque inicial, que ten sido criticado por dicotómico, evolucionista e ambiguo, non ten en conta a variedade e complexidade da realidade das mulleres migrantes e a súa diversidade interna. Por outro lado, asentouse nunha concepción da integración claramente asimilacionista, debedora das teorías da modernización, que apprehenden o fenómeno migratorio de xeito bipolar e etnocéntrico (Giménez, 2003).

O outro gran paradigma da altura, o das teorías da dependencia, conceptualizou os movementos migratorios como unha característica estrutural do sistema capitalista, dominante nun mundo globalizado no que as mudanzas nos sistemas produtivos e sociais empurran as persoas dos países periféricos cara os centrais, cun maior desenvolvemento económico. Estes desprazamentos xa non estarían protagonizados por individuos, senón por grupos e sectores sociais, clasificados segundo o seu acceso aos medios de produción. O impacto destes movementos de poboación para as zonas de orixe foi considerado esencialmente como negativo, a pesar do impacto beneficioso das remesas, xa que se considerou que contribuía a perpetuar o subdesenvolvemento pola saída das persoas máis novas e capaces (Gregorio, 1998).

Neste contexto, as mulleres foron definidas e valorizadas tanto como reprodutoras da forza de traballo para o sistema como en canto forza laboral en si mesma, con características específicas de xénero das que se beneficiaba o sistema ao promover as migracións femininas. A análise estruturalista incorporou o xénero nos Estudos Migratorios, aínda que sempre supeditado á variábel estrutura social, categoría de análise central deste enfoque.

En suma, nesta etapa inicial de visibilización da compoñente feminina nas migracións non se tivo en conta o xénero en canto categoría de análise, senón unicamente como variábel nos estudos realizados.

1.2.1.2. MODELOS BINÁRIOS VERSUS FORMULA TRINITARIA

A crecente importancia da incorporación das mulleres aos estudos migratorios foi liderada polas académicas feministas, que realizaron un grande esforzo, ao longo desta fase, para crear un campo interdisciplinar no estudo do xénero e as migracións, que foi invisibilizado ou obviado pola maioría dos seus colegas (Donato et al., 2006).

Durante o desenvolvemento desta etapa, un novo paradigma foi cobrando forza nos Estudos Migratorios, tentando superar as limitacións dos anteriores: as teorías articulacionistas. Os traballos desta corrente consideran a migración como unha estratexia do grupo doméstico, tornándose esta categoría central na análise e interpretación das migracións. Os movementos migratorios e todo o asociado a eles serán vistos como dependentes da articulación existente entre os grupos domésticos e o sistema capitalista globalizado. A centralidade do grupo doméstico neste tipo de análises xustificouse, por unha banda, porque no seu seo se dá a produción e a reprodución. Pola outra, porque participa de dous modos de produción diferenciados: doméstico e capitalista (Gregorio, 1998).

A utilización do grupo doméstico en canto unidade de análise permitiu a integración das perspectivas macro e micro, enfrontadas nos paradigmas anteriores. Por outro lado, contribuíu a chamar a atención sobre a existencia das relacións de xénero dentro do seu seo. Na Antropoloxía do Xénero considérase o grupo doméstico como o centro da construción das desigualdades de xénero, tanto en termos económicos, como ideolóxicos e simbólicos. Mas este potencial foi só explorado polas académicas feministas, sen ser tomado en consideración pola maioría dos investigadores desta corrente. As ferramentas teóricas do feminismo académico permitiron o achegamento e comprensión do complexo mundo das relacións de xénero e o poder inherente a estas.

En 1984 editouse unha obra de referencia neste campo, *Women in Migration*, monográfico da IMR⁴⁴, editado por Mirjana Morokvasic, considerado por autoras como Donato (2006) punto de partida para as investigacións de xénero e migracións, que foron aumentando significativamente a partir dese momento, mudando e mellorando as perspectivas e as ferramentas de análise.

Nesta altura a maioría dos traballos, compartimentados nas diferentes disciplinas e enfoques, consideraban o xénero de xeito binario e estático, o que influíu na profusión de producións académicas centradas exclusivamente nas mulleres, sen ter en conta o aspecto relacional na construción dos papeis e relacións de xénero.

⁴⁴ International Migration Review, publicación do Center for Migration Studies of New York Inc.

As causas económicas foron consideradas prioritarias nos movementos migratorios das mulleres, téndose realizado diversas revisións de estudos anteriores, que levaron a unha crítica xeneralizada do modelo binario, considerado artificialo, xa que a redución das causas da emigración feminina a fenómenos sociais ocultaba razóns de tipo produtivo e económico ligadas a estas.

Por outro lado, diversas investigadoras feministas de orientación marxista elaboraron unha adaptación das teorías estruturais, propondo un novo modelo de análise, a denominada “fórmula trinitaria” (Campani, 2010), na que se considera que xénero, clase e raza/etnia entrecrúzanse en canto estruturas de poder, polo que non deben ser analizadas por separado. Esta perspectiva revelouose de grande utilidade, desenvolvéndose con forza na primeira parte da década dos 90, substituindo o paradigma binario, xa esgotado.

Dentro do mesmo grupo de filosofía marxista, realizáronse investigacións co obxectivo de procurar as causas das migracións femininas, que situaron o foco nos sistemas patriarcais existentes nas sociedades de orixe, procurando nestes algunhas das razóns que levan as mulleres a migrar. Esta proposta incorporou á análise o concepto de reprodución social.

La reproducción social y cultural está constituida por el conjunto de actividades, relaciones, mecanismos, y procesos que generan y renuevan los elementos esenciales que constituyen a las formaciones sociales y culturales concretas. Se trata de la reproducción de los modos de vida y de las condiciones de vida que permiten la producción social en condiciones históricas dadas. (Lagarde, 2011: 267)

Como resultado dos estudos das investigadoras que combinaron feminismo e marxismo, definíronse dous determinantes estruturais nas migracións das mulleres: por unha banda, a demanda de man de obra nos países de destino e por outra, a posición das mulleres nas esferas produtiva e reprodutiva. Este tipo de análise das migracións femininas, que colocou o énfase na tripla opresión, recorrendo ao uso das variábeis xénero, etnia e modo de inserción laboral, contribuíu a configurar unha visión das mulleres migrantes como vítimas dun sistema que as marxina. Un dos argumentos máis importantes destas interpretacións refírese ao tipo de inserción laboral, realizada nun mercado segmentado por xénero e etnicidade, en sectores caracterizados por unha grande invisibilidade, tanto laboral como social.

No fin desta etapa produciuse dentro do feminismo académico unha reconceptualización do xénero, que comezou a ser visto como algo fluído e relacional. Deixou de considerarse un estatuto asignado ou atribuído, pasando a ser definido como unha construción social dinámica, que pode transformarse en relación ás mudanzas provocadas polos movementos migratorios, facendo parte dun proceso subxectivo de construción da identidade.

Dentro da perspectiva micro realizáronse importantes traballos na área ligada aos grupos domésticos e a súa importancia nos procesos migratorios. Anteriormente, dende un punto de vista considerado pre-feminista (Mahler e Pessar, 2006), existía certo consenso na idea de que as decisións tomadas na esfera doméstica estaban caracterizadas polo altruísmo e o consenso. A incorporación do xénero na análise deste fenómeno desvelou como estas decisións están mediatizadas polas xerarquías de poder ligadas ao xénero e idade, principalmente.

Durante esta fase, outras perspectivas e conceptos foron tomando corpo nos Estudos Migratorios, entre os que destacan as redes migratorias, que foron cobrando unha importancia crecente. A incorporación da perspectiva de xénero ao análise de redes só se produciu na década seguinte. De xeito paralelo, dende inicios dos anos 90, diversas revisións das teorías do transnacionalismo posibilitaron a aparición de novos enfoques neste campo, que incorporan a análise de xénero, como o de Grassmuk e Pessar (1991).

1.2.1.3. O XÉNERO COMO PRINCIPIO EXPLICATIVO

A acumulación de obras exclusivamente centradas nas mulleres migrantes, separadas en disciplinas académicas, levou á consciencia da necesidade dunha abordaxe interdisciplinar, que colocase as mulleres no contexto das relacións de xénero, tendo en conta ao mesmo tempo as realidades masculinas. A insistencia das académicas feministas á hora de sinalar que as migracións, como tantos outros fenómenos sociais, están xenerizadas, fixo xurdir a necesidade de novas ferramentas analíticas e novas teorías explicativas.

Como resposta a estas cuestións, xurdiu a **análise de xénero**, asociada ás análises de discurso e ás críticas metodolóxicas ao paradigma positivista e aos estudos de tipo cuantitativo, que tiñan dominado as ciencias sociais ao longo do século XX, contribuíndo á relegación das investigacións que ligaban xénero e migracións, dado o seu carácter maioritariamente cualitativo e illado nas diversas disciplinas.

Nesta nova etapa considerouse que os estudos baseados en comparacións binarias e centrados exclusivamente nas mulleres ou, en menor medida, nos homes, non eran máis que primeiros pasos cara a aplicación dunha análise de xénero mais ampla, que debe consideralo como unha forma de estruturar o poder, presente en toda relación humana. A maioría das investigadoras neste campo asume que a masculinidade e feminidade se definen de forma recíproca, estando intimamente

relacionadas entre elas e cos outros eixos de poder, tales como a clase social ou a etnicidade, algo xa apuntado na fase anterior a través da fórmula trinitaria.

A migración pasou a ser considerada non só como un proceso económico ou político, senón tamén sociocultural, mediatizado polas ideoloxías de xénero e parentesco, así como polas institucións e prácticas ligadas ao mesmo. Autoras como Grassmuk e Pessar (1991) e Hondegnau-Sotelo (1994) resaltaron a importancia desta mediatización nos procesos de toma de decisión doméstico-familiar sobre quen migra, así como nas prácticas de recrutamento, asentamento e retorno.

Neste novo enfoque colocouse o énfase na natureza dinámica do xénero, que xa fora apuntada nos finais da década anterior, mais que só produciu froitos nesta altura.

Gender is a principal factor that organizes social life, and it has been operative since the dawn of human existence: a fact that cannot be stated for most other socially stratifying forces such as social class and race. Yet gender cannot be viewed and analyzed in isolation. Rather, gender is dynamic and it articulates with other axes of differentiation in complex ways that many scholars have been explored. (Mahler e Pessar, 2006: 29)

Na actualidade existen visións críticas coa imaxe da muller como vítima da tripla opresión, existindo por parte das investigadoras a consciencia da multiplicidade de situacións, nas que variábeis ligadas ás orixes, traxectorias migratorias ou contextos de acollemento funcionan como elementos diversificadores da experiencia migratoria feminina. Neste novo contexto, o xénero é considerado como un elemento fluído e dotado de plasticidade na adaptación ás novas realidades e vivencias provocadas pola migración. Será dende esta óptica que se realizará, nos seguintes apartados, unha revisión das diversas realidades das mulleres caboverdianas na diáspora, que será máis pormenorizado no caso das migracións de orixe *badiu* e na migración crioula a España, nas que se inscribe o caso de estudo desta tese.

1.2.2. MIGRACIONES NO SUR DE EUROPA

Autoras como Campani (2010) analizaron os aspectos particulares das migracións femininas nos países do Sur da Europa, que pasaron de subministrar man de obra aos países mais desenvolvidos do Norte, a coexistir con fluxos migratorios de entrada, sobre todo a partir da segunda metade da década de 80.

Segundo esta autora, nestes países, entre os que se atopa España, a falta de lexislación⁴⁵ sobre inmigración levou á entrada de fluxos de tipo espontáneo e irregular con destino a determinados sectores laborais, nomeadamente servizos, agricultura, pesca e construción. Unha das particularidades do modelo en países como España, Portugal e Italia é a presenza crecente de mulleres inmigrantes que realizan o proxecto migratorio soas, inseríndose maioritariamente no traballo doméstico.

Xa na década de 70, nos países do Sur de Europa existían certos fluxos de mulleres migrantes con destino ao traballo doméstico das familias con boa situación económica. Tratábase de fluxos caracterizados por unha compoñente de xénero exclusivamente feminina, como o caso das traballadoras filipinas con destino a España ou das propias caboverdianas en Italia e Madrid, das que se falará máis adiante. Iniciouse un fenómeno que posteriormente foi tomando maior relevancia: a división xenérica dos fluxos, característica das migracións neste contexto xeográfico, que foi analizada en décadas posteriores. Esta división ou bifurcación de xénero verificase no caso da diáspora caboverdiana en España (Martínez, 1997), onde as comunidades de orixe non *badiu* dirixíronse inicialmente a focos de man de obra exclusivamente masculina (minería) ou feminina (servizo doméstico).

A crecente presenza feminina nos países do sur da Europa non provocou unha resposta das políticas migratorias respecto á mudanza de modelo que serve como base a esas políticas: a pesar da crecente entrada de mulleres en solitario xa dende a década de 80, as migrantes continúan a ser consideradas polas autoridades a partir do esquema tradicional, baseado na realidade dos fluxos anteriores de traballadores e traballadoras do sur ao norte da Europa. Segundo esta visión, as mulleres son elementos pasivos, definidos polos seus papeis de esposas, fillas ou nais, susceptíbeis de ser reagrupadas co cabeza de familia. Nas décadas de 80 e 90 o reagrupamento familiar constituíu un fenómeno de especial relevancia, que levou á estabilización da migración internacional nos países do sur e tivo consecuencias na imaxe que se foi creando sobre as mulleres migrantes, suxeita a estereotipos ligados á súa etnicidade e modo de inserción laboral, ocultando a diversidade existente nos colectivos e os aspectos máis positivos e dinámicos das súas vidas.

As mudanzas socioeconómicas nos países europeos provocaron unha demanda crecente de man de obra para o servizo doméstico das sociedades post-industriais, na que nos países do sur de Europa requiren mulleres para substituír o papel das donas de casa que actualmente traballan fóra do ámbito doméstico como asalariadas. A fraqueza, nestes países, dos sistemas de protección social

⁴⁵ A primeira lei de estranxeiría en España é de 1985.

respecto das persoas dependentes (menores e anciáns), fixo xurdir a necesidade de contar con man de obra que veña exercer os labores tradicionais de dona de casa, esposa e nai, provocando unha forte demanda xenerizada de mulleres migrantes para substituír ás donas de casa, que levou á feminización dos fluxos (Hochschild, 2001). Esta feminización coincidiu coa implicación de novos países nas migracións internacionais como consecuencia do proceso de globalización. Factores como o empeoramento da situación socioeconómica de moitos países de orixe dos e das migrantes, debido á destrución das estruturas económicas, xunto cun aumento da conflictividade e episodios de violencia, ten feito aumentar os fluxos sur-norte, aparecendo novos colectivos nacionais, tanto masculinos como femininos.

Tomando como punto de partida as análises de xénero que concilian feminismo e articulacionismo, neste traballo propónse analizar pormenorizadamente o proceso migratorio feminino no marco do fluxo que ao longo de tres décadas ven ligando a illa de Santiago de Cabo Verde coa costa de Lugo, na Galiza (España). Nos dous seguintes apartados contextualizarase esta corrente migratoria no seo da ampla comunidade transnacional procedente do arquipélago africano, na que se prestará unha atención especial aos fluxos procedentes da mencionada illa.

1.3. AS MIGRANTES BADÍAS NA DIÁSPORA CABOVERDIANA

Nesta aproximación á comunidade transnacional crioula, na que as mulleres teñen estado presentes de diversos xeitos, realizarase unha división analítica en dúas grandes épocas, subdivididas á súa vez en diversas fases, de acordo coa proposta de Carreira (1983; 1984). A etapa inicial correspóndese co período colonial, mentres que a fase máis recente, na que se encadra o caso de estudo desta tese, se desenvolve nun novo contexto no que o arquipélago conforma un país soberano.

A exposición será enriquecida con achegas de investigadores e investigadoras posteriores ao citado, destacando as contribucións ao estudo das relacións de xénero no marco migratorio, deténdose nalgunhas das análises realizadas sobre a presenza e relevancia das mulleres caboverdianas en canto parte fundamental na creación e reprodución de comunidades na diáspora.

Ofrecerase unha análise detallada de dúas comunidades de orixe maioritariamente *badiu* nos continentes nos que a migración procedente da illa de Santiago ten maior relevancia, África e Europa. No primeiro caso retratarase a corrente a São Tomé e Príncipe, cunha compoñente badía e feminina moi numerosa ao longo dos anos que estivo activa. Na corrente europea abordarase o caso portugués, estreitamente relacionado co posterior asentamento de comunidades caboverdianas en territorio español. Para rematar, ofrecerase un breve retrato da corrente feminizada a Italia, que a pesar de non contar con migrantes de orixe *badiu*, constitúe o exemplo por antonomasia das migracións femininas procedentes do arquipélago.

1.3.1. A ORGANIZACIÓN DAS MIGRACIÓNS CABOVERDIANAS

As migracións do pobo caboverdiano teñen sido extensamente analizadas, habéndose convertido nunha área específica de estudo, dada a relevancia destes movementos de poboación para a propia sociedade de orixe, a pesar do seu reducido tamaño en termos globais. Existe un certo consenso na consideración de que o número de persoas de orixe caboverdiana residindo fóra do arquipélago é superior ao de residentes (Batalha e Carling, 2008), a pesar da inexistencia de probas cuantitativas

desta afirmación, baseada en estimativas⁴⁶.

O historiador António Carreira, cuxas obras foron escritas nos anos 70, elaborou a base fundamental para o estudo das migracións caboverdianas. Os seus traballos constitúen unha referencia obrigada para os posteriores estudos e investigacións sobre as migracións do “arquipélago-mártir” (Carreira, 1983). Nas súas diversas obras documentou detalladamente as causas e consecuencias dos ciclos de secas e fames que asolaron as illas, consideradas o principal factor de expulsión da poboación.

Na actualidade cóntase cun extenso corpo de documentación, procedente de diversas investigacións dentro e fóra de Cabo Verde, referente aos movementos migratorios con destino a outras terras, dende o inicio da propia existencia do país (Andall, 1999, 2008; Carling, 2002, 2004, 2008; Fikes, 1998, 2000, 2006; Góis, 2006, 2008; Grassi e Évora, 2007; Gusmão, 2004; Halter, 2008; Moldes, 1998, 2008; Monteiro, 1997; Nascimento, 2007, 2008; Oca, 2005, 2006, 2007). Ficou demostrado que as persoas procedentes das illas teñen migrado non só a un grande número de países, senón tamén baixo unha grande diversidade de condicións (Batalha e Carling, 2008).

Dada a relevancia da emigración caboverdiana e a presenza de migrantes desta orixe en case todo o mundo, con algunhas comunidades con máis de dous séculos de historia e diversas correntes diferenciadas, é habitual a afirmación da existencia dunha “diáspora transnacional”, tanto dende instancias oficiais como académicas e en discursos de tipo informal. Hai quen prefire falar de “comunidade transnacional de baixa intensidade”, debido a un potencial de transnacionalismo pouco desenvolvido, que non aproveita os recursos colectivos, nomeadamente as estruturas asociativas, para desenvolverse (Góis, 2006), ou de “nação dispersa” ou “diáspora fraturada” (Sánchez, 2008). En palabras de Marcelino (2013):

Esta diáspora com marcados laços de afinidade transnacionais interage entre pólos migratórios, mas faz usso limitado do seu acesso e contactos nas comunidades de destino, reduzindo o potencial para a mobilidade vertical – isto é, a sua capacidade de melhorar o seu estatuto social (ibid.: 31).

⁴⁶ Unha das constantes nas múltiples investigacións realizadas xunto das comunidades emigradas é a falta de datos estadísticos fiábeis respecto dos migrantes naturais de Cabo Verde. Isto débese á conxunción de varios feitos, ligados á nacionalidade das persoas naturais de Cabo Verde, que no período anterior á independencia (1975) eran legalmente portuguesas, polo que figuran como tais nas estadísticas, pasando a partir desa data a considerarse caboverdianas. Por outra banda, co paso do tempo produciuse en moitos casos a nacionalización nos países de destino, deixando de figurar nas estadísticas como caboverdianos. Por último, pola existencia máis ou menos importante, segundo cada destino e época, de grupos de migrantes en situación irregular. No caso dos descendentes, aínda que nacidos nos países de destino, nalgúns casos herdarán a nacionalidade dos proxenitores, como en Portugal, ou mesmo ficarán en situación de apatridade. Habitualmente, na realización de estimativas considéranse caboverdianos os naturais das illas e os seus descendentes nacidos no espazo migratorio.

As illas de Cabo Verde foron palco de intensos e continuos movementos de poboación xa durante o proceso da súa colonización. No inicio uns fluxos se desprazaron cara as illas dende África e Europa para poboar o territorio; máis tarde, outros fluxos saíron repelidos do arquipélago fuxindo das crises alimentarias para buscar sustento noutras partes do mundo. Posteriormente, debido á existencia dunha sólida cultura da emigración e das bases migratorias lanzadas previamente en diversos países, a emigración converteuse nun fenómeno estrutural da sociedade caboverdiana contemporánea.

Se houbo un recurso caboverdiano que sen dúbida Portugal explorou a conciencia foron os propios habitantes das illas, que serviron tanto de man de obra escrava na súa propia terra, como semiescrava nas plantacións doutras colonias, unha vez abolida a escravitude. Incluso, unha vez “asimilados” polo réxime colonial, serviron para exercer de intermediarios ante os habitantes doutros países lusoaficanos na administración colonial. Carreira (1984) distingue dous tipos de migración procedente das illas. Por unha banda, a **espontánea**, debida exclusivamente á iniciativa particular, coincidente co que outros autores denominan migración económica ou laboral. Pola outra, a emigración **forzada**, na que o estado aproveitou os períodos de fame e mortaldade para encamiñar a poboación ás organizacións agrícolas capitalistas das posesións coloniais ecuatoriais, nas que serviron como man de obra masiva e barata.

De acordo coa análise de Kesha Fikes (2000, 2006), anteriormente citada, o poder colonial serviuse da illa de Santiago para recrutar forza de traballo con destino ás plantacións coloniais de STP⁴⁷ e, en menor medida, Angola. A condución diferenciada dos fluxos migratorios con orixe no arquipélago levou a que os *badiu* constituían o groso do colectivo que foi levado aos destinos africanos, sendo tratados como “indíxenas”, algo que non sucedeu na mesma medida cos habitantes das outras illas, que migraron en moito menor medida e baixo outras lóxicas non raciais nin “contaminadas” polas ideas de indixenismo (Fikes, 2006). En paralelo coa condución dos fluxos con orixe en Santiago aos destinos africanos, o estado portugués reprimiu e imposibilitou por todos os medios a existencia dunha corrente de emigración voluntaria dende esta illa. Esta represión non desapareceu ate que a finais dos anos 60, os migrantes *badiu* convertéronse en traballadores “convidados” por empresas portuguesas, co impulso do estado, que necesitaba substituír a man de obra autóctona que emigrara en masa a países como Francia. Estes traballadores constituíron o embrión da que aínda hoxe é a segunda comunidade en importancia cuantitativa na diáspora, asentada na antiga metrópole, que ao mesmo tempo se converteu en lugar de tránsito cara outros destinos europeos, que no caso dos fluxos *badiu* encamiñáronse preferentemente a Francia, Suíza, Luxemburgo e España. A emigración procedente de Santiago foi inicialmente unha emigración fundamentalmente masculina, seguida na

⁴⁷ De aquí en diante, São Tomé e Príncipe.

maior parte dos casos de procesos de reagrupamento familiar, tanto regulares como irregulares, que nutriron ás comunidades de mulleres e crianzas.

Os *sampaiud* protagonizaron outro tipo de fluxos, de carácter voluntario, cara países máis desenvolvidos, onde existían oportunidades de prosperar, en contraste cos destinos anteriores. O caso paradigmático destes fluxos é o da emigración aos Estados Unidos, a máis antiga deste tipo, da que os *badiu* só fixeron parte a partir da independencia do arquipélago⁴⁸. No continente europeo, países como Holanda e Italia recibiron emigrantes de todas as illas de Barlovento. Nestas correntes coexisten fluxos de tipo familiar, iniciados coa migración masculina, con outros de compoñente maioritariamente feminina.

Polo tanto, as diversas actuacións do estado colonial, no sentido de reprimir, impulsar, forzar ou permitir os fluxos migratorios de xeito diferencial entre as diversas illas determinaron tendencias de asentamento nos países de destino, baseadas nas illas de procedencia. Co paso do tempo, a través das diversas redes migratorias foise configurando unha xeografía da diáspora caboverdiana na que, a pesar de diversificacións posteriores e das diferentes evolucións locais, se aprecian claramente as orixes maioritarias en determinada illa ou grupo de illas.

1.3.2. O XÉNERO COMO ELEMENTO VERTEBRADOR DA DIÁSPORA CABOVERDIANA

A pertinência do género na comprensión da cultura cabo-verdiana prende-se grandemente com a posição que a mulher assume na estrutura familiar daquela sociedade, que lhe atribui a responsabilidade para o sustento e a reprodução do agregado. As mulheres emigrantes de origem caboverdiana levam assim consigo esta responsabilidade, com a qual se auto-identificam e que estrutura as relações sociais nos contextos de acolhimento. (Grassi e Évora, 2007: 13)

A presenza feminina nos fluxos migratorios procedentes do arquipélago ten sido variábel nas diferentes etapas. A existencia de mulleres é notábel en todas as comunidades da diáspora caboverdiana no mundo, no caso europeo especialmente dende a chamada década do reagrupamento, nos anos 80 (Gois, 2006). Nos últimos anos ten aumentado o interese por describir e analizar as traxectorias e papeis das mulleres caboverdianas, que cada vez máis constitúen suxeitos autónomos na conformación da diáspora, en consonancia co fenómeno global de feminización das migracións. Neste contexto, unha das correntes ten merecido unha atención especial, por tratarse dunha comunidade eminentemente feminina dende os seus inicios, nos anos 60. Trátase da corrente

⁴⁸ A corrente badía aos USA só foi significativa a partir da abertura dunha Embaixada deste país na capital do arquipélago en 1978, na que se tramitan os visados de entrada.

italiana, que ten sido obxecto de múltiples e diversos traballos sobre aspectos como a formación e evolución do fluxo migratorio dende os anos 60 do século XX, a inserción laboral e social das migrantes caboverdianas e a súa organización na sociedade italiana (Andall, 1999, 2000, 2008; Góis, 2006; Monteiro, 1997), o impacto da migración feminina na sociedade de orixe ou as relacións entre ambos polos da corrente migratoria (Évora, 2003, 2007; Giuffre, 2007, 2012; Lobo, 2007, 2008).

Dende unha perspectiva de xénero que ten en conta a diversidade de experiencias das migracións procedentes do arquipélago, a obra colectiva *Género e Migrações Cabo-verdianas*, organizada por Márcia Grassi e Iolanda Évora (2007), ofrece unha panorámica das relacións de xénero nas correntes migratorias, tanto en orixe como destino, e nas relacións que se crean entre mulleres que emigran e mulleres que fican (Giuffre, 2007; Lobo, 2007). As coordinadoras desta obra xustifican a pertinencia da utilización do xénero na comprensión das migracións caboverdianas pola “posição que a mulher assume na estrutura familiar daquela sociedade, que lhe atribui a responsabilidade para o sustento e a reprodução do agregado” (Grassi e Évora, 2007: 13).

Grande parte dos artigos que compoñen a citada obra refírense á corrente migratoria feminina a Italia, que ten sido utilizada como o caso exemplificador das migracións femininas con orixe no arquipélago. A obra de Grassi e Évora fixo patente a escaseza de estudos centrados nas mulleres que migran acompañando aos seus maridos ou compañeiros, só tratada nos capítulos referentes á emigración forzosa a São Tomé (Nascimento, 2007) e na diáspora na Galiza (Oca, 2007). As organizadoras da obra son conscientes da prevaleza, nos estudos sobre a diáspora caboverdiana, da “concepção das mulheres como acompanhantes e dependentes dos homens e não como sujeitos activos” (Grassi e Évora, 2007: 16).

Non existen moitas investigacións que analicen dende unha perspectiva de xénero as comunidades con presenza relevante ou maioritaria de homes, dando conta non só das vidas das mulleres que fan parte delas, senón tamén das relacións de xénero que se dan no seu seo. Esta falta de estudos pormenorizados sobre as relacións de xénero no contexto migratorio denota unha certa vixencia dos postulados e análises ligados ás teorías da modernización, na súa concepción das mulleres como acompañantes e non como suxeitos activos con estratexias propias (Grasi e Évora, 2007).

No seo das diversas configuracións das comunidades da diáspora crioula as mulleres teñen experimentado situacións moi variadas. Por exemplo, nalgunhas comunidades con base no traballo masculino, as mulleres xogaron un papel estabilizador coa súa chegada, frecuentemente acompañadas dos seus fillos e fillas, constituíndo un factor de permanencia. Nese tipo de comunidades, estruturadas en torno a grupos domésticos nucleares, existen casos nos que as

mulleres se amoldaron ao papel de dona de casa (Moldes, 1998), mais tamén outros nos que a maioría saíu a traballar ao mercado laboral, tanto formal como informal (Oca, 2007). Noutros casos, nas correntes feminizadas, tiveron que renunciar a exercer a maternidade por imperativos do propio emprego no servizo doméstico como internas sen casa propia (Monteiro, 1997).

Voltando á presenza feminina na diáspora caboverdiana, as estimativas de Carling (2004), baseadas en diversas fontes, indican que a emigración estivo claramente dominada polos homes nas dúas primeiras décadas do século XX, cun escaso 17% de representatividade feminina. Esa representatividade subiu ate perto do 40% nas décadas finais do período colonial (60 e 70)⁴⁹, para acadar o seu punto álxido nos anos inmediatamente posteriores á independencia, descendendo a continuación lentamente ate supor algo menos da metade a partir do final da década de 90.

Carling (2004) apunta tres motivos principais no aumento da migración feminina a partir da independencia de Cabo Verde. En primeiro lugar, os procesos de reagrupamento familiar desencadeados polos pioneiros da migración en Europa, definitivos da migración da década de 80. En segundo lugar, o aumento da demanda de man de man de obra feminina para o servizo doméstico nos países do sur de Europa, producíndose a inserción laboral das caboverdianas como traballadoras do servizo doméstico cunha maior incidencia que nos restantes destinos europeos, entre os que a comunidade feminizada de Italia supón un caso paradigmático de migración feminina.

A este respecto, segundo Monteiro (1997), a crise dos anos 70 afectou ao sector masculino da migración caboverdiana establecida en Europa, especialmente no caso holandés, provocando a intensificación da circulación migratoria de caboverdianos entre os diversos países. Este autor relata a reemigración de homes caboverdianos de Holanda a Italia, e nunha menor medida, de mulleres no sentido contrario, nun proceso transnacional de formación de parellas e familias.

No caso da componente feminina, designadamente a comunidade feminina cabo-verdiana no sul da Europa, esta não é tão afectada pele crise dos anos 70. Pelo contrário, ocorre um aumento de procura de empregadas domésticas (legais ou não) em países como a Itália, França ou Portugal (Campani, 1995). Este facto, implica uma modificação na relação de masculinidade da emigração cabo-verdiana, até então com predominância masculina, gerando um equilíbrio global entre os dois sexos, considerando a totalidade da emigração cabo-verdiana para a Europa. (Monteiro, 1997: 175)

O terceiro factor apuntado por Carling (2004) no aumento da migración feminina procedente do arquipélago préndese coas mudanzas na organización familiar caboverdiana posterior á independencia. Segundo este autor, o aumento de familias monoparentais encabezadas por mulleres

⁴⁹ Respecto destas cifras débese matizar que na migración forzosa a STP deuse unha relevante presenza feminina, especialmente nos anos posteriores ás fames dos anos 40, aspecto que será profundado máis adiante.

en solitario, levou a que a emigración da figura feminina (nai) aparecera como unha das estratexias posíbeis de supervivencia de numerosos grupos domésticos. A partir dos últimos anos da década de 90, os dous últimos factores definidos por este autor propiciaron a migración de mulleres en solitario cara todas as comunidades, aparecendo nos fluxos *badiu* novos colectivos de mulleres autónomas (grande parte delas, nais solteiras) xunto ao tradicional de esposas.

Dende finais dos 90, as taxas de emigración por sexos presentan un equilibrio no que a compoñente feminina supera lixeiramente á masculina. Segundo Carling (2004) e Akesson (2004) na actualidade a emigración non constitúe un fenómeno segregado xenericamente, a pesar da segregación laboral de xénero que os e as migrantes caboverdianos experimentan nas sociedades de destino e das súas diferentes responsabilidades respecto da familia na terra de orixe. A pesar diso, existe toda unha serie de pautas e posicións relativas ao xénero que constitúen factores de gran relevancia nos procesos migratorios e na determinación das persoas candidatas a migrar, como se verá máis adiante na análise pormenorizada da corrente migratoria badía con destino á costa de Lugo.

1.3.3. A DIÁSPORA HISTÓRICA

No final do século XVII e inicios do XVIII iniciouse o que Carreira (1984) denomina o fenómeno da *emigración histórica* ou pioneira, con destino á costa oriental dos Estados Unidos de América, protagonizada inicialmente polos habitantes de Fogo e Brava. Ao longo do século XVIII diversas crises alimentarias impulsaron este fluxo, a pesar dos esforzos de Portugal para impedilo mediante a promulgación de leis restritivas, que tentaron reorientar a saída de poboación cara as outras colonias africanas. Mais tamén existiron destinos africanos non forzosos, en países veciños como Senegal ou Gambia, que serviron na maioría dos casos como ponte cara outros destinos en Europa e América, nomeadamente a partir do século XX. Unha excepción neste caso, é a constituída pola estábel comunidade caboverdiana radicada en Dakar dende tempos remotos.

Pola súa parte, a *emigración forzada* a São Tomé e Príncipe comezou no século XIX, após a abolición da escravitude, na altura en que se estaba introducindo o modo de produción agrícola extensiva de tipo capitalista nestas illas, que tiñan iniciado os cultivos de café e cacao nos primordios do século. A partir de mediados dos anos 60, as crises foron aproveitadas sistematicamente para enviar man de

obra cara as posesións portuguesas no ecuador⁵⁰, así como cara as rexións agrícolas de Angola e Mozambique, necesitadas de brazos⁵¹. A partir de 1863 a corrente forzada a STP experimentou diversos altibaixos, provocados polas crises no arquipélago, funcionando ininterrompidamente ate 1970. O goberno portugués promulgou multitude de leis para impulsala.

Os dous tipos de emigración definidos por Carreira (1983) constituíron a única saída nos momentos repetidos de seca e crise alimentaria, nos que a mortalidade provocaba a desaparición de amplas porcentaxes da poboación e destruía a estrutura social e económica. As dúas variantes fóronse sucedendo e alternando, en función tamén das diversas leis migratorias promulgadas tanto polo estado portugués como polos países de destino. O autor considera os inicios de ambos tipos de migración como **fase pre-estadística** da emigración caboverdiana, debido á falta de datos que permitan cuantificar a importancia dos fluxos. A partir desta altura, definiu e analizou tres fases, que abranguen de 1900 a 1973.

Durante a **primeira fase** da emigración caboverdiana (1900 a 1920⁵²), a corrente americana continuou efectiva ate que o estado norteamericano comezou a ditar leis restritivas para dificultar a inmigración. A Lei de Cotas de 1924 trabou substancialmente a chegada de novos migrantes, após unha aceleración da chegada nos anos anteriores, coincidente coas crises alimentarias de 1902-05 e 1921-22, nas que Portugal favoreceu a saída de caboverdianos para paliar a situación, non existindo datos que permitan cuantificar este fenómeno, que segundo o propio Carreira (1983) dirixíase a calquera destino posíbel.

⁵⁰ Portugal dictou varios códigos legais relativos ao traballo dos habitantes nativos das colonias. O *Regulamento do Trabalho Indígena* de 1899 evidenciou a resistencia do sistema ao fin da escravitude, impondo a “obrigación moral” dos chamados indíxenas a traballar, mesmo a través da forza das autoridades, non só en beneficio de institucións públicas mais tamén de entidades privadas, como as plantacións (Carreira, 1983).

⁵¹ Nestes casos, a pesar de contar con poboación “indíxena” que podería traballar nas plantacións extensivas, a súa venda como forza de traballo escrava era mais rendíbel do que a súa explotación “in situ”, polo que o seu comercio continuou de xeito clandestino ate o fin da centuria, provocando a procura de man de obra no arquipélago caboverdiano.

⁵² No caso da emigración forzada, abrangue de 1902 a 1922, por ausencia de datos estadísticos.

Cadro 1: Emigrantes “espontáneos” por país de destino. (1900-1920)

DESTINO	TOTAL
EE.UU.	18.629
AMÉRICA DO SUR (Arxentina, Brasil, Uruguai, Chile)	1.968
IMPERIO COLONIAL PORTUGUÊS (São Tomé e Príncipe, Guiné-Bissau, Angola, Mozambique)	4.145
DAKAR, GAMBIA	1.428
PORTUGAL	1.232
OUTROS	363
TOTAL	27.765

Elaboración propia a partir de datos de Carreira (1983: 110).

Durante o inicio do século XX xurdiron novos destinos. Por un lado, países de América do Sur (destacando Arxentina e Brasil), máis frecuentados polos habitantes de Barlovento. Por outro, destinos na veciña costa africana, como Guiné-Bissau, onde moitos homes caboverdianos se dedicaron á explotación da cana sacarina e ao comercio, e a cidade de Dakar, a onde se liberalizou a emigración durante a fame de inicios da década dos 20. Nesta primeira fase migratoria, Carreira (1983) aporta datos que indican que o 74'2% do fluxo espontáneo procedente das illas dirixiuse ás Américas, mentres que un 13'2% se dirixiu aos países africanos anteriormente referidos.

Xunto á corrente espontánea, que se dirixía a calquera destino posíbel excepto Portugal, un pequeno grupo de caboverdianos de alta posición socioeconómica viaxaba regularmente á metrópole por negocios, estudos ou simplemente para vacacións (ibid).

No que respecta á **emigración forzosa**, o goberno portugués, presionado polos propietarios das plantacións, ditou en 1903 un Regulamento sobre a emigración a STP dende as outras colonias, que supuxo a creación das **axencias**, que serían responsábeis do recrutamento de “indíxenas”, introducindo a elaboración por parte das autoridades de mapas que indicasen o número de traballadores necesarios (Simões, 2008). Neste contexto xurdiu a figura do *angariador* (recrutador), procedente da pequena e mediana burguesía, que fixo negocio promovendo o éxodo cara STP a través de todo tipo de propaganda (Carreira, 1983).

A partir de 1901 sucedéronse acusacións por parte de diversas firmas de chocolateiros ingleses, que adquirirían boa parte das producións de cacao das illas, equiparando o traballo dos *serviçais*⁵³ co traballo escravo. As presións levaron a que o goberno mudara o citado Regulamento en 1909 para acalar as críticas internacionais, que influían negativamente nos intereses comerciais de Portugal. A mudanza legal non serviu para cambiar a situación en absoluto, coincidindo cun éxodo cara o destino ecuatorial. Os datos oficiais dan conta da saída de 24.329 persoas cara STP, 1.307 delas menores, no período de 1902 a 1922, no que se sucederon tres períodos de fame (ibid.).

A **segunda etapa** da diáspora histórica iniciouse coa promulgación por parte do estado portugués da Lei de Emigración de 1928, que aumentou as trabas para o destino norteamericano, liberalizando a emigración a Cuba, destino nunca apetecido polos migrantes caboverdianos. Durante este período aprécianse dúas tendencias principais: unha baixada na media anual de saídas e un desvío da corrente dirixida aos EUA, que se reorientou aos destinos de América do Sur e aos países africanos xa referidos, que se consolidaron como destinos migratorios. Foi significativa a entrada de migrantes con orixe na illa de Santiago en Dakar, a pesar dos intentos do goberno francés de impedir este fluxo.

En paralelo co retraemento da emigración espontánea, nos anos 40 dúas graves crises provocaron o maior fluxo forzado cara as illas ecuatoriais. O Diploma Lexislativo emitido en plena crise de 1947 impulsou e facilitou como nunca o tiña feito o embarque para as plantacións santomenses: os datos oficiais revelan a saída de 15.256 persoas, 5.825 delas menores, no trienio 1947/49 (ibid.).

A **terceira e última etapa**, de 1946 a 1973⁵⁴, definida por Carreira como o “grande éxodo” (ibid.: 107), estivo marcada por unha viraxe na orientación dos destinos da emigración espontánea, con preferencia a Europa, emerxendo na década de 60 novos países de acollemento que se foron consolidando ate o fin de século como destinos importantes da diáspora europea. Andrade (1995), considera que con esta etapa, aínda baixo o dominio colonial, se inicia a corrente moderna da emigración caboverdiana.

Entre os novos destinos destaca Portugal, cuxa comunidade será retratada máis adiante. Outra importante comunidade asentouse en Holanda, inicialmente en base ao traballo masculino no porto de Róterdam. Aínda que inicialmente tiña orixe en Barlovento, sempre acolleu un grupo minoritario procedente de Santiago. Nesa mesma altura, iniciouse o asentamento feminizado de mulleres caboverdianas en Italia, que constitúe unha excepción nos fluxos migratorios con orixe en Cabo

⁵³ As persoas recrutadas para STP eran denominadas *serviçais* ou *contratadas*, nunha tentativa de diferencialas dos escravos/as.

⁵⁴ No caso da emigración forzada, abrangue de 1950 a 1970, co fin desta corrente.

Verde. Unha última comunidade relevante, neste caso maioritariamente orixinaria de Santiago, estableceuse nesta mesma época en Francia, en torno á cidade de París (Blanchard, 2005).

Neste período continuou a caída do destino norteamericano, manténdose Dakar, utilizado, ao igual que Gambia, coma ponte cara outros destinos americanos e europeos (principalmente Francia). Pola súa banda, a corrente de emigración forzosa con destino a São Tomé continuou ate 1970. Nas dúas décadas que van de 1950 a esta data, case o 90% das saídas oficiais tiveron como destino as illas ecuatoriais (34.530 persoas), coexistindo cun fluxo de menor importancia cara Angola e Mozambique, de carácter conxuntural durante os primeiros anos 50.

A pesar de que durante a década de 60 cesaron as crises alimentarias, a persistencia da pobreza, aliada á mellora dos transportes e comunicacións, provocou a saída de decenas de miles de migrantes, xa que as bases migratorias estaban lanzadas nos novos destinos europeos, mais tamén nos EUA. Como resultado de case dous séculos de saídas do país, existía unha sólida cultura da emigración que impregnaba todos os estratos sociais en todas as illas.

1.3.3.1. SAO TOME E PRINCIPE: A TRIPLE DOMINACIÓN DAS MIGRANTES CABOVERSIANAS

O “kaminhu longi⁵⁵” iniciouse en 1863, cando Portugal, ante a grave crise alimentar existente, que provocou a morte do 31% da poboación do arquipélago (Carreira, 1983), resolveu mitigar a fame e os problemas sociais de Cabo Verde a través da emigración, ao mesmo tempo que daba resposta ás presións dos poderosos propietarios das plantacións na súa demanda de man de obra. Os caboverdianos/as xuntáronse a un elevado número de traballadores de orixe angolana e mozambicana, que iniciaran esta corrente forzosa con anterioridade. O fenómeno da emigración forzada a STP pretendeu ser presentado polo estado como “libre”, aínda que estaba totalmente condicionada pola espera dunha morte case segura por fame, ante o cal o dilema nin existía: ou emigración ou morte e sufrimento.

“Fala agora o serviçal ... João Antunes, de 30 anos de idade, casado, natural de Santa Catarina ... O Senhor Curador conchece a minha situação como filho de Cabo Verde. Sou casado, tenho cinco filhos e sei ler e escrever. Só a fome que encheu a minha terra, em 1903, podia arrastar-me a este inferno, onde, todavia, ganhei um pecúlio regular devido à mais rigorosa economia e onde não deixei ficar a pele pela tenacidade e coragem da minha fé no futuro e pelo sonho que me obcecava a todo

⁵⁵ Así se denomina o percurso ao destino ecuatorial nunha das cantigas caboverdianas máis coñecidas internacionalmente, “Sodade”, de Armando Ceferino Soares, que foi popularizada por Cesaria Évora. A *sodade* é un sentimento equivalente á saudade ou á morriña que as persoas senten da súa terra e das súas xentes cando se atopan lonxe delas.

momento de ver os meus fillos. Sofri variados tormentos. Magoaram a minha dignidade. Cortaram, a chicote, o meu corpo. Mas vivo e isso é-me bastante. Onde todos caíram, eu consegui ficar de pé! Tive sorte. E por isso parto tranquilo e alegre. Nunca mais voltarei ao Príncipe. E nenhum dos meus patrícios terá vontade de o fazer. Antes rebentar de fome à beira da estrada do que descer à vergonha que arrastei estes anos de contrato”. (Declaracións dun contratado ás autoridades, en Carreira, 1983: 178)

A maior parte das perto de oitenta mil persoas caboverdianas contratadas para servir nas illas ecuatoriais no século XX non tivo a mesma fortuna que o enriba declarante. Só unha mínima parte conseguiu regresar ás illas con vida, despois de anos de sufrimento e penurias.

A presenza de mulleres contratadas foi significativa dende o inicio da corrente, tendo constituído o colectivo feminino máis importante da migración forzosa entre as diferentes colonias. Na ida das caboverdianas ás illas ecuatoriais pesou a súa condición de reprodutoras da man de obra, especificándose en moitos casos por parte das autoridades a necesidade de mulleres, a pesar da resistencia inicial dos propietarios das plantacións, por desconfiaren que a presenza feminina puidese provocar conflitos entre os homes alá contratados, debido a unha previsíbel competencia sexual entre os traballadores de diferentes naturalidades. Dita resistencia foise diluíndo co tempo, tendo os propietarios tomado conciencia do papel de contención que as mulleres poderían xogar, non só na conflictividade dos contratados mozambicanos (xunto aos que non había case mulleres) e nos propios caboverdianos, senón tamén na satisfacción, frecuentemente forzada, das necesidades sexuais dos colonos e capataces (Nascimento, 2007). Se ate o primeiro cuarto do século XX as mulleres caboverdianas migraban acompañando aos seus maridos, a partir desta altura produciuse unha maior mestura con homes doutras procedencias (ibid.).

As sucesivas levas de *serviçais*, especialmente numerosas nos anos de crises alimentarias, substituíron o traballo outrora realizado por escravos e escravas, o cal non supuxo máis diferenza coa escravitude que o cobro dunha mísera cantidade polo traballo realizado. Continuaron ate o fin desta corrente os terríbeis castigos, abusos e maltrato practicados durante séculos, a pesar das leis ditadas dende a metrópole, moitas veces só para suavizar a súa imaxe ante a comunidade internacional ou disfrazar unha realidade que semellaba estar fora dos tempos.

Todavía, una coisa era o dispositivo jurídico e outra a práctica corrente, a bem dizer institucionalizada. Em regra, os roceiros não cumpriam a lei e não raro zombavam do anacronismo ou do lirismo das suas estipulações. Os repatriamentos⁵⁶ não se faziam nos praços, com a finalidade de pressionar, sob variados aspectos, os serviçais a recontratarem-se ... os salários, embora baixos, não correspondiam aos fixados pelas leis locais, a não ser quando estas tivessem sido preparadas à feição e interesses dos

⁵⁶ Era suposto que os traballadores contratados noutros territorios ultramarinos deberían ser repatriados unha vez rematado o seu contrato, algo que non sucedeu na maioría dos casos.

patrões; os alimentos eram escassos e nunca os previstos nas tabelas oficiais; as faltas praticadas pelos serviçais eram punidas arbitrariamente pelos capatazes e encarregados – alguns deles crueis e de baixo estofo moral- com açoites, palmatoadas ou tronco, isto para não se falar nos frequentes insultos e enxovalhos ... Os capatazes, no uso do seu poder discricionário, apoderavam-se das mulheres e filhas dos “contratados”, sequestravam-nas e mantinham com elas relações sexuais. Estes procedimentos inqualificáveis provocavam actos de rebeldia por parte dos ofendidos, com os quais se solidarizavam, por vezes, os companheiros. (Carreira, 1983: 173)

Alén do papel sexual e reprodutor, o rol considerado máis relevante para os contratantes das mulleres caboverdianas era o de traballadoras, non existindo neste aspecto grandes diferenzas co desempeñado polos homes, nunhas plantacións nas que “a vida era quase sufocada pelo trabalho” (ibid.: 150), non existindo unha nítida división sexual dos labores produtivos, aínda que nalgúns casos as mulleres desempeñaban labores consideradas menos pesadas, como a quebra do cacao e o coco (ibid.). Tanto no traballo como nos castigos infrinxidos polos capataces, existía igualdade respecto dos homes. No caso do parto, elas traballaban case ate a súa hora, para nos períodos de cría transportar o bebé ás costas, traballando e aleitando no lugar de traballo (Nascimento, 2007). Aínda dentro da esfera da reprodución, compre non esquecer o exercicio en solitario e en condicións tremendamente adversas de todo tipo de traballos domésticos e reprodutivos.

En 1928 foi recoñecido por primeira vez, a través do *Código de Trabalho Indígena*, “o direito ao traballo às mulleres legítimas ou às que convivam maritalmente com o trabalhador contratado desde que os acompañassem” (Carreira, 1983: 221). A partir desta altura facilitouse o reagrupamento familiar e o asentamento de parellas, supondo unha oportunidade para os homes no sentido de exercer a autoridade patriarcal e descargar o pesado traballo doméstico. A presenza feminina supuxo para estes homes unha mellora considerábel nas súas condicións de vida en diversos aspectos (Nascimento, 2007).

Nos anos 40, no contexto das crises de fame e do éxodo cara as illas tropicais aumentou considerabelmente a compoñente feminina adulta do fluxo, chegando a un 67’1% no trienio da fame (47/49), acompañada dun aumento da compoñente de menores, sempre relevante nesta corrente (Carreira, 1983).

A mediados do século XX o poder colonial pretendeu facer máis atractiva a emigración feminina cara o ecuador, cada vez máis necesitado de brazos para substituír aos naturais de Angola e Mozambique, que a partir dos anos 50 deixaron de migrar a ás illas tropicais, inseríndose nas plantacións extensivas nos seus países. A ansiedade das autoridades pola falla de brazos e a resistencia dos nativos santomenses a traballar nas plantacións levaron a situacións de extrema violencia, entre as que

destaca a “masacre de Batapé⁵⁷”. O poder colonial, apertado por estas circunstancias e consciente da oportunidade existente na altura, debido á elevada taxa de feminidade en Cabo Verde, conseguiu que a partir dos anos cincuenta moitas caboverdianas decidiran emigrar a São Tomé sen contar cun parceiro masculino, aínda que frecuentemente acompañadas polos seus fillos e fillas menores. Moitas xuntáronse no país de destino a novos compañeiros, asentándose en estruturas familiares, contribuindo á reprodución da man de obra que procuraba a administración.

Segundo a análise deste autor, “as relacións de género teceram-se a partir de padrões culturais, mas igualmente das condicións sociais nas roças, nomeadamente a elevada taxa de masculinidade e a conseqüente vantaxa feminina no mercado de afectos” (Nascimento, 2007: 151).

Esa “vantaxe” da que fala Nascimento (ibid.) deu lugar a que na primeira metade do século XX se producira un aumento de poder das mulleres sobre as súas propias vidas. Esta capacidade baseouse na súa condición de traballadoras, reforzada pola súa condición sexual, dada a súa importancia estratéxica nun mercado dos afectos marcado pola escaseza de mulleres. A partir do final dos 40, a reestruturación do asentamento dos caboverdianos nas roças en estruturas familiares levou ás mulleres a perderen este pequeno “poder”, dada a situación de extrema dificultade que experimentaron.

As caboverdianas en STP sufriron unha tripla discriminación: de xénero (por unha banda, por seren consideradas estratéxicas para as autoridades coloniais, en canto que reprodutoras da man de obra; pola outra, como amortecedoras da conflitividade masculina a través da sexualidade); de clase (en canto traballadoras semiescravas nas plantacións, suxeitas a durísimos labores e castigos) e de raza/etnia (na mente racista dos poderosos – autoridades coloniais e propietarios – as persoas africanas serían inferiores intelectualmente ás brancas e terían unha predisposición natural ao traballo duro).

A partir do fin do colonialismo, o colectivo caboverdiano no arquipélago ecuatorial non fixo mais que empobrecerse e continuar a sufrir, nun camiño paralelo ao seguido pola economía do país dende a

⁵⁷ Sucédida en Febreiro de 1953, baixo as ordes do Capitán Gorgulho, resultou na morte dun alto número de nativos (estimado en perto de mil), acompañada de terribes torturas e traballos forzados. A masacre foi retratada pola activista anticolonial e figura política do país, Alda Espírito Santo (1926/2010), no poema *Onde estão os homens caçados neste vento de loucura*, que acabou por converterse no hino nacional da República de São Tomé e Príncipe, unha vez acadada a independencia en 1975.

altura da independencia. A política do MLSTP⁵⁸ de nacionalizar as *roças*, onde os *serviçais* pasaron a ser traballadores asalariados do estado, levou á bancarrota. Nos anos da mudanza política, após un réxime semellante ao de Cabo Verde, baseado nunha estrutura de partido único, os caboverdianos/as, sempre connotados co réxime unipartidista, perderon dereitos políticos e de cidadanía (Nascimento, 2008).

Na actualidade estímase que existen nas illas ecuatoriais unhas corenta a cincuenta mil persoas naturais de Cabo Verde e descendentes, aproximadamente un terzo da poboación total (Leitão, 2007). Constitúen o caso en peor situación no seo da diáspora, existindo algunhas accións de apoio dende o estado caboverdiano.

1.3.4. A DIÁSPORA POST-COLONIAL. A CORRENTE EUROPEA.

Durante o período postcolonial, mentres que algunhas comunidades diaspóricas experimentaron procesos de renovación, coa chegada de novas vagas de migrantes (USA, Europa), noutras a situación estancouse, sen recibir novos efectivos (STP, Arxentina), mais continuando a supor aínda grupos relevantes dentro do conxunto, dado o elevado número de migrantes chegados en épocas anteriores. Segundo estimativas do goberno caboverdiano, a comunidade radicada nos EUA continua a ser a maior e máis importante da diáspora, atinxindo un terzo dos caboverdianos existentes entre as illas e a diáspora (Carvalho, 2010). Séguelle a de Portugal, destino preferente a partir do final dos tempos coloniais. A continuación sitúase a comunidade establecida en Angola, seguida da de Francia e dous países africanos, que constituíron destinos tradicionais en épocas anteriores: Senegal e São Tomé e Príncipe. A seguir, sitúanse diversos países europeos, entre eles España, na oitava posición, tras Holanda.

A partir de 1975, como consecuencia da nova condición de Cabo Verde como república independente, as persoas caboverdianas mudaron de estatus xurídico, deixando de ser cidadáns portugueses de ultramar, para pasar a ostentar a nacionalidade caboverdiana, o que tivo consecuencias á hora de emigrar á antiga metrópole e a outros destinos, converténdose as migracións internas en internacionais e os cidadáns portugueses en africanos.

⁵⁸ *Movimento de Libertação de São Tomé e Príncipe*, de orientación socialista, fundado nos anos 60, que tomou o poder da nova nación santomense de mans de Portugal en 1974. Rexiu os destinos do país ate 1991, en que promoveu a abertura ao multipartidismo. A evolución política dos dous arquipélagos, unha vez independentes, é semellante nas datas de abertura política.

A pesar do fin das famas e das melloras experimentadas polo país nas décadas posteriores á independencia, a corrente migratoria proveniente de Cabo Verde non cesou. En diversos estudos apúntanse diversos factores que continuaron a exercer como expulsos de poboación (Carling, 2002; Carvalho, 2010), entre eles as elevadas taxas de paro e pobreza⁵⁹, a existencia de parentes emigrados para unha ampla porcentaxe da poboación caboverdiana, cuxa maioría recibe directa ou indirectamente remesas do estranxeiro, ao que se xunta a visita cíclica de emigrantes de vacacións, que alimentan a cultura da emigración.

Cadro 2: Emigrantes post-independencia (1971-2000)

PERÍODO	Nº EMIGRANTES	POBOACIÓN RESIDENTE*
1971/80	48.000	295.703
1981/90	22.000	341.491
1991/00	21.900	434.625
TOTAL	91.900	---

* no último ano de cada período.

Elaboración propia a partir de datos de Carvalho (2010)

De acordo co cadro anterior, o éxodo continuou na década de 70, producíndose posteriormente unha baixada continuada das cifras da emigración. Os fluxos pasaron de supor o 2% da poboación a principios dos 70 a un 0'5% no inicio da década seguinte (Carling, 2002).

Os destinos migratorios europeos alcanzaron a súa madurez en xeral a partir da independencia do arquipélago. No final do período colonial, á decadencia da economía caboverdiana xuntouse o fin do escape que supuña a emigración forzosa a STP, producíndose o grande éxodo definido por Carreira, cuxo destino principal foron diversos países europeos, diferenciándose os fluxos *badiu* e *sampaiud*. Durante a segunda metade dos 60 e inicio dos 70, un grande grupo de “flutuantes”, cunha situación precaria en canto á legalidade, buscou o seu espazo de asentamento na Europa, pululando entre os países anteriormente citados, onde previamente se estableceran outros conterráneos (Carreira, 1984). Foi no final desta fase que os primeiros caboverdianos chegaron a España, como se verá no seguinte apartado.

Góis (2006) define as décadas de 70 e 80 como a fase de reagrupamento familiar na emigración caboverdiana a Europa, cunha importante circulación entre os diversos destinos, que foron

⁵⁹ Por exemplo, os grupos de pobres e moi pobres sumaban o 57% da poboación caboverdiana en 2001-2002. (Carvalho, 2010).

conformando unha rede de comunidades dispersas en diferentes enclaves en varios países, na maioría dos casos vía Portugal, aínda que noutros como o italiano, de xeito maioritariamente directo. As mulleres constituíron, tanto baixo o estatuto de migrantes autónomas, como baixo o de esposas ou fillas, a compoñente maioritaria do fluxo europeo.

Os fluxos de saída do arquipélago experimentaron unha caída a partir dos anos 80, supoñendo un estancamento no crecemento das comunidades situadas máis ao norte, algo que non sucedeu no caso dos países do sur do continente europeo, que continuaron a crecer (Carling, 2002). O endurecemento paulatino das políticas migratorias europeas provocou o aumento constante do fluxo de irregulares, que nunha grande parte aproveitaron os procesos extraordinarios de legalización realizados en países como Portugal, Italia ou España para regularizarse (ibid.). Unha parte deste colectivo invisíbel subsistiu, ás veces durante longos anos, grazas á inserción laboral no mercado de traballo informal e ao apoio da rede co-étnica. Tamén á fluctuación entre os diversos países da rede, aproveitando as oportunidades de legalización ou emprego informal.

Segundo as estimativas do antigo IAPE⁶⁰, en 1998 cinco países europeos se situaban nos dez primeiros postos do *ranking* das comunidades da diáspora (Carvalho, 2010), como mostra o seguinte cadro.

Cadro 3: Comunidades na Diáspora Europea

PAÍS	Nº EMIGRANTES	POSTO NA DIÁSPORA MUNDIAL
PORTUGAL	80.000	2º
FRANZA	25.000	4º
HOLANDA	16.580	7º
ESPAÑA	12.000	8º
ITALIA	10.000	9º

Elaboración propia a partir de datos de Carvalho (2010), baseados no datos do IAPE (1998).

Catro décadas despois do asentamento inicial de comunidades caboverdianas en Europa, no inicio do século XXI Portugal constitúe, xunto a Holanda, un dos nodos principais da rede transnacional caboverdiana no vello continente (Góis, 2006).

Segundo os datos elaborados por Carvalho (2010) a partir do Censo de 2000, no último quinquenio do século XX saíron 12.206 persoas do arquipélago, aportando o colectivo masculino algo máis da

⁶⁰ “Instituto de Apoio ao Emigrante”, creado polo goberno caboverdiano do MpD na segunda metade dos anos 90, renomeado nos anos 2000, co goberno do PAICV, como “Instituto das Comunidades”.

metade (54%). En canto aos destinos, o 54% do fluxo dirixiuse a Portugal, sendo outros países de acollida importantes Estados Unidos (19%), Franza (8%) e Holanda (5%). Neste período son así mesmo significativos os fluxos con destino a Italia (2'2%), España (2%) e Luxemburgo (1'3%). O continente europeo configurouse como destino preferente dos migrantes postcoloniais.

As comunidades da diáspora realizan regularmente un importante contributo ao país de orixe, a través das remesas, que a pesar de ter descido en importancia en canto ao seu peso no PIB, son vitais para a supervivencia de millares de fogares caboverdianos. Segundo datos do Banco de Cabo Verde (Carvalho, 2010), no período que vai de 1990 a 2008, os países que máis contribuíron a través do envío de remesas, foron Portugal (24%), Estados Unidos, (23%), Francia (18%), Países Baixos (13%) e Italia (7%). O continente africano está representado por un único país, Angola, a unha gran distancia en canto ás cantidades enviadas. Segundo a mesma fonte, en 2008, Portugal, Franza e Holanda foron a orixe de 57'8 millóns de euros, que chegaron ao país en forma de remesas de tipo legal (ibid.), cifra á que habería que engadir unha cantidade importante de diñeiro enviado a través de canles informais.

Existe un certo consenso na afirmación de que a maior parte dos caboverdianos e caboverdianas téñense inserido como traballadores/as manuais sen cualificación profesional (Carvalho, 2010). Informacións da OCDE⁶¹ dan conta da concentración de case a metade dos migrantes caboverdianos (48%), en tres sectores principais nos países ricos: a construción (24%), a industria (14%) e o servizo doméstico (9%). No primeiro e último casos danse unhas altísimas taxas de masculinidade e feminidade, respectivamente, por tratarse de empregos cunha clara segregación sexual. A continuación, sitúase o sector da hostalaría, cun 8% (ibid.).

Nos últimos anos Cabo Verde tense convertido en país receptor de inmigrantes, especialmente dos países da costa occidental africana e China, tornando máis complexo o campo das migracións caboverdianas, aspecto que non se abordará neste traballo. Segundo autores como Marcelino (2013), o arquipélago está a xogar unha nova posición no contexto internacional “como punto crucial de tránsito numa das rotas possíveis seguidas por tantos africanos do continente a caminho da Europa” (ibid.: vii). Neste contexto, as políticas de externalización da inmigración por parte da UE teñen colocado ao país nunha posición de “sentinela das políticas migratorias ultraperiféricas da Unión Europea. De alguma forma, a transferència de legislação de matriz europea para a realidade

⁶¹ Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos, que engloba aos países máis ricos do mundo, entre eles España e os principais destinos da migración caboverdiana en Europa e Norteamérica. Nos datos que se presentan, correspondentes á base de datos desta organización en 2008, non se inclúe Francia, considerado actualmente o cuarto destino da diáspora (Carvalho, 2010).

cabo-verdiana acabou por resultar no exacerbar de atitudes negativas contra o Outro africano” (ibid.: 9).

1.3.4.1. PORTUGAL. DE METRÓPOLE A DESTINO MIGRATORIO

Portugal, que anteriormente nunca fora un destino atractivo para os migrantes das illas, acadou un lugar central no fin da época colonial. O destino portugués absorbeu a maior parte do fluxo procedente do arquipélago a partir dos anos 60, ocupando o baleiro deixado polas centenas de miles de portugueses non cualificados que emigraron aos países do norte de Europa, acentuado pola existencia de tres fronteas abertas na guerra colonial. Os traballadores caboverdianos foron inicialmente conducidos á metrópole por empresas de construción portuguesas que foran traballar ao arquipélago na década de 60 e necesitaban man de obra barata na construción de grandes obras na grande Lisboa (Batalha, 2008). Estes pioneiros en Portugal teñen sido denominado “convidados” (Góis, 2008: 13).

O estado portugués alentou este fluxo no inicio dos 70, a través da creación do CATU (*Centro de Apoio aos Trabalhadores Ultramarinos*), organismo que distribuía aos que ían chegando nas empresas e sectores máis necesitados de man de obra (Lopes Filho en Monteiro, 1995). Este organismo distribuíu entre as grandes empresas lusas de construción e nalgúns industrias e minas⁶² os 11.000 caboverdianos que oficialmente migraron no período entre 1969 e 1973⁶³ (Carreira, 1983). Xunto a estes migrantes chegados pola vía oficial, o país luso recibiu por primeira vez na súa historia un fluxo migratorio de tipo “espontáneo” procedente de Cabo Verde que inaugurou a dimensión de Portugal en canto destino.

Segundo Fikes (2000, 2006), a chegada de caboverdianos a Portugal, aínda dentro da etapa colonial, respondeu aos mesmos intereses das políticas laborais coloniais que os tiñan levado anteriormente aos destinos ecuatoriais, destacando a compoñente *badiu*, como neses casos, como primeira en migrar de xeito significativo á antiga metrópole. O programa de recrutamento non só supuxo a abertura dun novo destino para os habitantes dunha illa anteriormente condenada ás migracións de tipo forzoso, senón que ao mesmo tempo interrompeu as prácticas de recoñecemento racial

⁶² É o caso das minas de volframio da Panasqueira, na Serra da Estrela, de onde os traballadores portugueses fuxían polas pésimas condicións laborais e salariais. O seu posto foi suplido por caboverdianos durante os anos 60, chegando a atinxir uns 600 traballadores, a metade do total. Un grave conflito acontecido en 1976 entre ambos grupos de traballadores acabou coa evacuación dos caboverdianos (Monteiro, 1995).

⁶³ Cifra extremadamente baixa para retratar este fluxo, xa que a maioría dos emigrantes das illas fuxiron ao seu control.

anteriormente expostas, ao permitir aos *badiu* entrar no espazo da metrópole, que anteriormente só podía ser ocupado polas elites, aplicando prácticas laborais que non recoñecían racialmente (a través das políticas) diferenzas entre traballadores, independentemente das illas (ibid.).

Na altura, dispoñéndose de capital para realizar a viaxe, era relativamente simple para unha persoa caboverdiana chegar a Lisboa, en calidade de portugués de ultramar. Multitude de familias realizaron verdadeiros esforzos para alimentar a estratexia de envío de brazos para a emigración, vendendo as súas escasas posesións e tomando diñeiro dos prestamistas con altos xuros. Lisboa converteuse non só en destino migratorio, senón tamén nunha placa xiratoria dende a que emprender o camiño cara outros países, papel que ven cumprindo ate a actualidade no seo da comunidade transnacional caboverdiana (Góis, 2006).

O fluxo pioneiro, predominantemente masculino, acadou o seu pico máximo nos anos inmediatamente anteriores ao final do imperio colonial (Batalha, 2008). De acordo cos datos manexados por este autor, nesta época residían en Portugal en torno a 30.000 persoas orixinarias do arquipélago. Naquela altura as condicións de vida en Portugal eran extremadamente duras. O grupo chegado nesta fase estaba composto maioritariamente por campesiños non cualificados da illa de Santiago, que inicialmente vivían en barracóns proporcionados polas empresas, onde compartían a alimentación e os escasos tempos de descanso. Uns poucos comezaron a instalarse na periferia de Lisboa, iniciándose a creación dos *bairros de lata*⁶⁴, principalmente en concellos limítrofes, como Amadora, Sintra, Oeiras, Setúbal ou Almada. A aparición destes barrios debeuse, segundo Batalha (2008), non só á falta de vivenda alugábel para os caboverdianos (nalgúns casos por racismo), senón tamén á facilidade para realizar o reagrupamento familiar neste tipo de infravivendas, adaptábeis ás variacións das familias, a través da autoconstrución e a interaxuda comunitaria, habituais na terra de orixe. Aínda que unha constante no asentamento de migrantes caboverdianos en Portugal é a súa concentración espacial na Grande Lisboa, nos anos 70 un reducido grupo foi traballar na construción dos complexos turísticos no Algarve, sede aínda hoxe da segunda colectividade de caboverdianos no país.

Nesta fase inicial, aínda na época colonial, os traballadores caboverdianos viñeron para substituír a man de obra portuguesa da súa mesma natureza (campesiña e non cualificada), existindo unicamente a diferenza da cor da pel (Carreira, 1983), aspecto que revestirá posteriormente unha grande importancia no desenvolvemento de actitudes racistas e preconceituosas cara a comunidade traballadora de orixe caboverdiana en Portugal.

⁶⁴ Barrios de chabolas

1.3.4.1.1. DE PORTUGUESES A ESTRANXEIROS

Nos anos coincidentes coa descolonización portuguesa, nomeadamente entre 1974 e 76, a migración laboral sufriu un parón. Non así a chegada de persoas caboverdianas a Portugal, pasando a unha nova fase que Góis denomina a etapa dos “retornados e repatriados” (2008: 14). Chegaron, sobre todo dende Angola, un número indeterminado de persoas caboverdianas, a maior parte delas procedentes da administración e o exército colonial, alén dalgúns colonos e refuxiados. Este grupo, de maior nivel educativo e económico que os traballadores anteriormente referidos, veuse xuntar ao pequeno colectivo da elite que dende tempos pasados residía na antiga metrópole. Respecto deste grupo minoritario, Batalha (2008) alerta que non se debe confundir co que se ten dado en chamar “comunidade caboverdiana” en Portugal, da que fica separado fundamentalmente polo nivel educativo, téndose asimilado na sociedade portuguesa e sendo considerado “branco” polo grupo maioritario de caboverdianos. Este grupo minoritario da elite, no que existen poucos individuos de Santiago, non partilla as características principais da denominada “comunidade caboverdiana”: endogamia, segregación habitacional en condicións precarias, inserción laboral en determinados nichos do mercado laboral con alta informalidade, problemas escolares e de identidade do colectivo de descendentes (ibid.).

A mudanza da lei de nacionalidade en Portugal en 1975, para evitar unha chegada en masa de africanos das ex colonias, provocou, entre outros efectos, un freo á migración legal procedente do arquipélago, provocando unha migración de tipo irregular ou clandestino. En palabras de Góis,

Em nosso entender, em Portugal a mudança na lei de nacionalidade verificada após o 25 de Abril de 1974, ao alterar o princípio de base da nacionalidade do *ius solis* para o *ius sanguinis* pretendeu assegurar uma transição mais ou menos pacífica no processo de descolonização, possibilitando um retorno à pátria dos cidadãos a ela mais fortemente ligados (eticamente ou com um vínculo institucional). Os efeitos colaterais desta lei não foram, no entanto, seriamente avaliados. Por exemplo, no que aos cabo-verdianos diz respeito, por serem de entre todos os países de língua oficial portuguesa em África os que detinham uma maior proporção da sua população emigrada em vários países terceiros (e.g. EUA, Holanda, Itália), as consequências da modificação da Lei de nacionalidade portuguesa, e subsequente criação de uma Lei de nacionalidade cabo-verdiana fizeram sentir-se a vários níveis. Se, por um lado, em Portugal, criou retroactivamente uma comunidade imigrada modificando o estatuto dos cabo-verdianos que residiam no país de forma legal transformando-os em imigrantes e obrigando-os a requerer se quisessem readquirir, mediante certas condições, a nacionalidade portuguesa. Por outro lado, a perda da nacionalidade portuguesa em simultâneo com o fechamento de fronteiras dos países receptores pós 1973, criou, na prática, um impedimento para que os cabo-verdianos do arquipélago efectuassem uma emigração legal nos anos que se seguiram à independência do país em 1975. (Góis, 2006: 217)

Só unha pequena parte dos traballadores caboverdianos puido optar pola nacionalidade portuguesa no momento porque os requisitos para mantela foron moi difíciles de cumprir. En contraste, o grupo

da elite crioula residente ou refuxiada en Portugal mantivo sen problemas a adscrición á nacionalidade portuguesa, facilitadora da mobilidade no espazo europeo e americano, xa que no seu caso os requisitos eran de fácil cumprimento. A lei foi reformada en 1981, impedindo que a maioría dos fillos e fillas dos migrantes caboverdianos nados en Portugal gozase da nacionalidade lusa, levando a non poucas situacións de apatriedade⁶⁵, que perduraron ate a reforma da lei en 2006.

A emigración laboral recuperouse durante os anos 80, coa intensificación do fluxo, chegando tanto homes como mulleres e menores a través de procesos de reagrupamento familiar informal, constantes na dinámica do colectivo (Batalha, 2006). A entrada de Portugal na CEE en 1986 reduciu drasticamente o fluxo legal (Leitão, 2007), debido ao endurecemento das leis migratorias. A irregularidade, anteriormente inexistente nesta corrente, foi constante a partir desta altura, aínda que tolerada por intereses económicos.

1.3.4.1.2. SECTORIZACIÓN ÉTNICA E XENÉRICA NA INSERCIÓN LABORAL

No caso portugués é evidente a histórica especialización do colectivo caboverdiano, definida pola permanencia en determinados sectores durante polo menos tres décadas, cunha clara diferenciación de xénero, falándose de “sectorización étnica” (Góis, 2006). Os homes continúan a concentrarse masivamente na construción civil como peóns e unha minoría como contratistas. Ambos sectores poden ser definidos polos altos graos de informalidade, inestabilidade (existindo unha gran rotación entre empresas semellantes) e explotación (baixos salarios), así como polas súas duras condicións de traballo. A compoñente feminina traballa fundamentalmente no sector da limpeza, tanto industrial como doméstica, nicho laboral que continúa a dar o sustento á maior parte das traballadoras caboverdianas en Portugal, existindo unha incipiente inserción no sector da hostalaría.

Fikes (1998) retrata os esforzos do estado portugués para manter a institución do traballo doméstico asalariado dentro de formas racialmente significativas, considerando o encamiñamento das badías ao sector das limpeza como un exemplo por parte do estado para eliminar formas alternativas que desafíen os ideais sobre a feminidade das mulleres negras. Entre estas formas alternativas, destaca o caso das peixeiras sen licenza que vendían nas rúas lisboetas, seguindo un modelo propio da sociedade de orixe, na que a presenza feminina na actividade comercial en mercados e rúas é

⁶⁵ Situación de ausencia de nacionalidade, porque que a lei caboverdiana non outorga automaticamente a nacionalidade aos fillos e fillas de caboverdianos nados no exterior do arquipélago, senón a través da expresión da vontade da persoa interesada. A lei portuguesa non pode otorgar a nacionalidade doutro estado, neste caso, a nacionalidade caboverdiana.

habitual e considerada como unha das opcións laborais lexítimas para as mulleres. A autora considera que esta modalidade de auto-emprego, iniciada polas migrantes badías en 1974, constitúe “um lugar de luta e resistênciã às ideologias populares e práticas estatais que colocam as mulheres negras na limpeza” (ibid.: 8).

Fikes (1998, 2000) contextualiza a súa investigación no Portugal dos anos 80, mentres o país se preparaba para adherir á CEE, nun contexto de feminización do traballo e desenvolvemento dunha clase media estábel, no que se deron as condicións para a reconstrución da “servidume” racial en Lisboa, mediante o desenvolvemento dunha xerarquía da limpeza nos centros comerciais da capital lusa, onde mulleres brancas comandaban equipas de limpeza, integradas de xeito crecente por mulleres negras (Fikes, 2000). Para esta autora a racialización da limpeza é un proceso integrado na nova imaxe de Portugal en canto sociedade desenvolvida e socia da CEE (Fikes, 1998). O estado, a través do control policial e a represión sobre o colectivo de peixeiras⁶⁶, converteuse nun dos promotores e garantes da inserción laboral das caboverdianas de Santiago nun único sector, que reproduce as condicións da orde racial xerárquica pasada, na que a poboación santiaguesa era definida como negra, asimilándoa aos colectivos definidos como indíxenas polas leis coloniais portuguesas.

1.3.4.1.3. PROCESOS DE SEGREGACIÓN E EXCLUSIÓN SOCIAL

A vida nos *bairros* foise consolidando ao longo dos anos 80, asistíndose á proliferación de “guetos”, nos que se continuaron a reproducir as difíciles condicións de vida.

São conhecidos os problemas sócio-urbanísticos transversais às periferias urbanas, quer assumam a configuração de bairros de barracas, de bairros clandestinos, de bairros sociais ou de urbanizações periféricas. Por um lado, são lugares de concentração de grupos sociais com poucos recursos económicos, com emprego precário e baixo poder de compra; os seus níveis de escolaridade são baixos, tal como a formação e qualificação profissional. Aí coexistem culturas que são votadas a viver em conjunto, muitas vezes em situação de grande precariedade. Estas áreas pautam-se pela ausência de emprego de proximidade e de estruturas de apoio à instalação de micro, pequenas ou médias empresas. Por outro lado, estas áreas sofrem a ausência, insuficiência ou inadaptação dos serviços e equipamentos colectivos de apoio às comunidades (escolar, de formação profissional, de saúde, sócio-culturais, desportivos). Os espaços públicos são geralmente degradados. As condições de mobilidade são precárias devido à deficiente acessibilidade dos sistema de transportes públicos. (Raposo, 2002: 400)

⁶⁶ Segundo a autora, o colectivo de peixeiras badías pasou dunhas 1.000 mulleres en 1985, a 250 a mediados da década de noventa (Fikes, 1998).

As condicións laborais da maior parte da man de obra caboverdiana en Portugal impediron a mellora da súa situación habitacional e formativa, nun círculo vicioso que conecta ambos aspectos. O traballo de Karin Wall (2008) relaciona as dificultades da conciliación da vida laboral e familiar das nais traballadoras caboverdianas en Portugal coas características da súa inserción laboral. A autora parte da consideración de tres características definitorias das familias caboverdianas en Portugal. A primeira delas está ligada á intensidade do fenómeno migratorio no arquipélago, que produce unha renovación constante dos fluxos e individuos. En segundo lugar, Wall ten en conta o contraste entre as formas familiares caboverdianas e as europeas, que no caso portugués é evidente, pola elevada prevalenza de familias monoparentais, formadas por nai e fillos/as, na comunidade caboverdiana. Por último, destaca a integración diferencial dos e das migrantes do arquipélago no mercado de traballo portugués, no que os homes traballan na construción e as mulleres en limpeza e hostalaría, con horarios atípicos, que lles impiden acompañar aos fillos e fillas nos actos cotiás.

As conclusións do citado traballo apuntan a unha vulnerabilidade das familias, debido diversos factores, entre os que destacan, xunto coas características da inserción laboral, a ausencia da figura das avoas⁶⁷, moi importante no coidado de nenos e nenas en Cabo Verde e por último, a insuficiencia ou inadecuación dos servizos de apoio do estado, especialmente precarios nos barrios africanos de Lisboa. Estas limitacións impiden un adecuado control das crianzas, que pasan moitas horas sen presenza adulta, nos barrios segregados, que constitúen un contexto de risco para os menores.

Respondendo ás esixencias europeas, Portugal aprobou a primeira Lei de Inmigración en 1993, abrindo un proceso extraordinario de legalización que se repetiu en 1996. Nestes procesos os colectivos de migrantes africanos coparon dous terzos das solicitudes, un total de 39.166 no primeiro, e 35.082 no segundo (Verdugo, 2005), o que constata o elevado número de ilegais entre os antigos portugueses de ultramar.

A construción de grandes infraestruturas para dous eventos acontecidos no país luso (Expo 98, Euro 2004), supuxo o recurso á man de obra clandestina a partir da segunda metade dos 90 (Leitão, 2007), moitas veces recrutada a través dos propios contratistas caboverdianos, que facilitaron a chegada de novos migrantes a través das redes familiares e veciñais, que á súa vez, realizaron posteriormente procesos de reagrupamento familiar, alimentando o ciclo de chegadas. Neste sentido, Góis (2006) afirma que o recurso ás redes sociais co-étnicas, a pesar de supor unha máis valía nos momentos iniciais da migración, tivo consecuencias negativas a longo prazo, debido ao seu carácter fechado,

⁶⁷ Aínda que nalgúns casos as avoas migran para axudar na educación e coidado dos netos e netas, as cada vez máis restractivas políticas de reagrupamento familiar dificultan a súa chegada.

que impide a abertura de novos horizontes laborais, manténdose a inserción laboral dependente dos contactos dentro do grupo.

Ao mesmo tempo, Portugal recibiu unha nova onda de migrantes con destino ás mesmas grandes obras (Pires, 2003). Os e as migrantes desta vaga, a maioría irregulares, procedían do leste de Europa, nomeadamente de Ucraína, Romanía e Moldavia. A este colectivo sumouse un crecente número de cidadáns brasileiros, grazas aos acordos entre os gobernos de ambos países e tamén á migración irregular. Ante o acelerado proceso migratorio e ao alto número de irregulares tivo lugar unha nova regularización en 2001, na que se evidenciou a forza dos fluxos do Leste de Europa (Verdugo, 2005), que supuxeron unha dura competencia para os caboverdianos, dada a súa maior cualificación, especialmente no caso da construción civil, e á dispoñibilidade para cobrar salarios (aínda) máis baixos.

Estimativas realizadas en 2001 apuntan para unha cifra de 80 a 90 mil caboverdianos residentes en Portugal, incluíndo descendentes, tendo en conta a situación regulares/irregulares e a existencia de diversas nacionalidades dentro do colectivo (Góis, 2006). No inicio do século XXI o colectivo caboverdiano, que sempre fora o mais numeroso na inmigración lusa, veuse superado numericamente polos colectivos ucraíno e brasileiro, ficando no terceiro lugar no *ranking* das comunidades estranxeiras en Portugal.

Durante as dúas últimas décadas, diversos planos de realoxamento provocaron a mudanza de moitas das persoas caboverdianas dende os *bairros* ás novas zonas construídas, tamén na Grande Lisboa⁶⁸. Este proceso ten sido criticado pola falta de diagnósticos, planificación e sensibilidade social por parte das autoridades municipais e centrais. A pesar de supor unha mellora nas condicións de vida das familias caboverdianas, tivo como algunhas consecuencias negativas, como a ruptura dos lazos de solidariedade e sociabilidade, que nos antigos barrios de desenvolvía de xeito horizontal. A verticalidade das novas moradas trabou en moitos casos este tipo de relacións, agravándose polo facto de distribuíren as persoas de xeito disperso, sen planificar a súa redistribución espacial nin ter en conta as relacións sociais preexistentes, agudizando conflitos.

Desarticulam-se, portanto, as referências dos indivíduos e grupos, no presuposto de que outras referências possam vir a se colocar no âmbito do realojamento. Minimizam-se ou até se desconstroem aí a tradição, a memória e as práticas sociais construídas num espaço/tempo da vida antes e depois da migração, tidas por fundamentais naquilo que cada indivíduo é e entende em relação a si mesmo e em relação a outros sujeitos. (Gusmão, 2004: 272)

⁶⁸ PER, Plano Especial de Realojamento, executado pola Câmara Municipal de Lisboa a partir de 1994, co obxectivo de erradicar os barrios de chabolas, a través de políticas de vivenda social (Gusmão, 2004).

As situacións anteriormente descritas colocaron ao grupo de descendentes nunha situación de indefinición problemática. A maior parte non coñece Cabo Verde directamente, senón a través dos relatos dos seus maiores. A pesar de térense socializado na cultura caboverdiana reproducida nos barrios e de ser o *kriolu* a lingua materna e habitual da maioría, non se identifican coa terra dos seus pais. Tampouco coa sociedade portuguesa, na que en xeral non conseguiron un lugar satisfactorio, o que leva consigo problemas á hora de xestionar a identidade individual e colectiva deste gran grupo. O seu país é o *bairro* e as súas fronteiras as deste (Batalha, 2008).

A vida nas rúas dos barrios está suxeita a diversos riscos, relacionados con actividades marxinais e ilegais, téndose asistido ao aparecemento de innúmeros casos de delincuencia xuvenil, que alimentaron a imaxe negativa do colectivo, na sociedade portuguesa, na que é definido como “africano”, a pesar de teren nacido no país, conforme apunta Batalha.

The mass media as producers of identity have created a negative image of capeverdian immigrants, and particularly of their descendants... Capeverdian youths use media representations depicting them as “disintegrated” and “marginal” to blame the white mainstreaming for their situation, and to develop an oppositional identity that places little or no value on school and education. They see education as something for “tugas”... identity is rooted not in “national” but “neighbourhood” boundaries... These youths borned in Portugal to capeverdean parents are classified by the white mainstream as “jovens de origem Africana”...the category of “black Portuguese” does not exist as such. (Batalha, 2008: 63)

Existen múltiples estudos e investigacións sobre o significativo fracaso escolar dos descendentes caboverdianos en Portugal (Ferreira, 2003; Gusmão, 2004; Tavares, 1998), dando conta dende diversas perspectivas dos innumerábeis casos de abandono da escolaridade, o baixo aproveitamento académico ou o analfabetismo funcional no fin da etapa obrigatoria. O fracaso escolar tense atribuído á confluencia de múltiples factores, nomeadamente as condicións de vida, a segregación habitacional, a distancia cultural, a incapacidade do sistema escolar portugués para realizar intervencións axeitadas ao colectivo, a guetización en determinadas escolas e a ausencia de persoas adultas no acompañamento diario, que deixa amplos espazos temporais sen a súa supervisión.

En suma, a pesar do importante papel de Portugal na imaxe construída da emigración caboverdiana a este país, constituíndo o nódulo principal da rede caboverdiana na Europa, destino soñado e materializado para decenas de miles de caboverdianos/as, a análise das condicións de vida e traballo e os xeitos de convivencia con outros colectivos, mostran unha realidade escura, sen moitas perspectivas de mudanza cara unha mellor situación, nomeadamente no caso do amplo colectivo de descendentes.

1.3.4.2. CABOVERDIANAS EN ITALIA. A CORRENTE FEMINIZADA.

As primeiras caboverdianas que migraron a Italia fixérono a través da mediación dos frades capuchinos pertencentes ao Seminario da illa de São Nicolau, respondían á demanda de man de obra para o traballo doméstico por parte de familias de alto nivel económico, feita a través das parroquias romanas (Évora, 2003; Campani, 1998; Monteiro, 1997). Estas mulleres, chegadas a Italia a partir de 1963, eran moi novas, algunhas menores, normalmente con estudos primarios e procedentes das familias menos desfavorecidas da illa. O percorrido migratorio era fixado de antemán, non existindo na altura ningún tipo de contrato para o exercicio do traballo doméstico en Italia (Monteiro, 1997).

A chegada de mozas caboverdianas foise intensificando, de xeito que a partir da segunda metade dos anos 60 a mediación capuchina foi substituída por unha cadea migratoria baseada nos afectos e no parentesco, na que as residentes en Italia facilitaron a chegada de parentes e veciñas. Diversificouse, por unha banda, a procedencia destas mulleres, que comezaron a chegar dende outras illas de Barlovento, como Santo Antão, São Vicente e Sal. Mudou tamén o perfil das migrantes, algunhas delas analfabetas e procedentes de familias máis pobres que as pioneiras.

Unha vez formada a cadea migratoria, durante a década de 70 asistíuse a un aumento considerábel de caboverdianas, sempre con destino ao traballo doméstico en réxime de internado, producíndose unha renovación constante do fluxo, ao permanecer as mulleres uns cantos anos no país antes de regresaren á terra de orixe, onde en moitos casos casaban e ficaban, ou ben emigraban cara outros países europeos cos seus maridos.

O feito de vivir dentro dunha comunidade étnica composta maioritariamente por mulleres e restrinxida ao traballo doméstico interno determinou en grande medida as vidas destas migrantes. Unha das maiores dificultades que terán enfrontado en Italia está relacionada co exercicio do seu papel de nais, xa que o traballo en réxime de internado non permitía a constitución de agregados familiares, por falta de tempo e espazo propios (Évora, 2007). Aínda que moitas destas mulleres tiveron que renunciar a ter un marido ou compañeiro, raramente renunciaron ao seu papel de nais (Monteiro, 1997), fortemente imbuído na cultura de xénero no país de orixe, onde a maternidade é un mandato esencial que toda muller debe cumprir.

O traballo doméstico limitou non só a maternidade, senón tamén as oportunidades de socialización, algo que se veu reforzado polo feito de teren sido recrutadas pola Igrexa, que lles ofreceu a asociación *Tra Noi* como punto de encontro (Évora, 2003; Monteiro, 1997). Posteriormente apareceron espazos de socialización alternativos, desvinculados do control eclesiástico, nacendo a

Organização de Mulheres Cabo-Verdianas na Itália -OMCVI, seguindo o exemplo da primeira organización de mulleres de Cabo Verde, a OMCV (Andall, 1999).

Ate inicios dos anos 80 a compoñente desta corrente migratoria foi case exclusivamente feminina, aínda que xa dende os anos 70, homes caboverdianos, procedentes principalmente de Holanda, visitaban ás súas parentes e namoradas sen chegar a establecerse no país (Góis, 2006). Foi a partir de 1980/81 que se produciu a chegada de homes, procedentes de Holanda, España ou Portugal, con interese en ficar en terras italianas, iniciándose a formación de agregados familiares de tipo nuclear, que na maior parte dos casos re-emigraron a Holanda e Francia, onde as mulleres caboverdianas atoparon novos empregos que lles permitiron compatibilizar os ámbitos laboral e familiar. Tamén a partir desta altura algunhas delas, conscientes do carácter permanente da súa migración, constituíron agregados monoparentais, traendo aos seus fillos e fillas de Cabo Verde, onde tiñan ficado ao coidado das familias en orixe, que tamén acolleron boa parte das crianzas nadas durante a emigración das súas nais en Italia. En moitos casos, ante a imposibilidade de conciliar traballo e maternidade, estes menores foron criados en institucións italianas, con contactos esporádicos coas súas nais, algo que tivo consecuencias negativas no desenvolvemento das relacións interxeracionais, nas que se plasmou unha forte distancia cultural entre as nais e os seus descendentes (Monteiro, 1997). Noutros casos, as mulleres comezaron a traballar por horas, o que lles ofreceu a posibilidade dunha casa propia onde criar a súa descendencia e un maior control sobre a vida propia e os tempos e espazos de socialización.

O fluxo estancouse en torno a 1985, véndose renovado a partir de 1987, debido ao anuncio de amnistía aos inmigrantes indocumentados por parte do goberno italiano, que atraeu outras mulleres residentes de forma ilegal en países como España, Franza, Holanda, Portugal e Suíza. En 1990, segundo datos do Consulado de Cabo Verde en Italia, ofrecidos por Monteiro (1997), as mulleres supuñan o 90% da comunidade de orixe caboverdiana no país, estimada en 3.784 persoas, 646 delas descendentes. No grupo das mulleres, 82% eran solteiras, cunha idade media de 37´4 anos.

Un dos aspectos destacados por Andall (1999) é a falta de mobilidade das caboverdianas dentro de Italia, que contrasta coa importancia dos movementos cara fora do país. As mulleres asentáronse preferentemente na capital, punto de chegada inicial da corrente migratoria, encontrándose presentes nunhas poucas rexións do país (Nápoles, Palermo), as menos favorecidas economicamente, onde o seu único nicho de traballo continúa sendo o traballo doméstico. A presenza caboverdiana non se dá de xeito significativo en rexións máis dinámicas e cun mercado de traballo máis diversificado, onde se poderían aproveitar oportunidades laborais en novos sectores.

Nos últimos anos formáronse pequenos núcleos en Milán e Xénova, que teñen gañado algunha importancia (Góis, 2006).

Nos últimos anos, as caboverdianas en Italia enfrontan unha grande competitividade no seu sector principal de traballo debido á chegada, a partir de 2000, de mulleres procedentes dos países do leste de Europa (destacando Ucraína e Polonia), que presentan unha maior mobilidade e capacidade de adaptación ao sector (ibid.). O futuro deste importante e significativo fluxo feminino semella abocado ao estancamento.

A existencia deste fluxo migratorio feminizado ten provocado diversas mudanzas nas relacións de xénero na illas de orixe, que segundo Giuffrè (2012) no caso de Santo Antão leva a un reforzamento da matrifocalidade das familias, nun novo contexto de crecente independencia feminina, criada a partir dos lazos entre as mulleres que migran e as que fican ao coidado do grupo familiar, que reciben as remesas das primeiras.

A pesar desta crecente autonomía feminina, Évora (2007) afirma que a pesar da relevancia das contribucións das migrantes en Italia aos seus grupos domésticos no país de orixe e ao desafío que isto supón para as relacións desiguais de xénero, a nivel simbólico as figuras masculinas continúan a ser percibidas como detentadoras do poder nos ámbitos familiares, manténdose as configuracións da división tradicional os papeis de xénero.

As prácticas e representacións em torno do traballo doméstico indican uma configuração ainda muito clara na divisão de papéis masculinos e femininos e uma fronteira entre o trabalho que deve ser realizado pelo homem e pela mulher, seja na prática, seja em termos normativos e de aspirações para o futuro. A forte demarcação dos campos de actuação de cada sexo estende-se a outras dimensões da vida, de modo que, embora, na prática, as emigrantes assumam responsabilidades em relação à sobrevivência do seu grupo familiar, simbolicamente, permanece a atribuição da autoridade de chefes de família aos pais, parceiros ou irmãos mais velhos. (Évora, 2007: 89)

1.4. AS COMUNIDADES CABOVERDIANAS NO ESTADO ESPAÑOL

No Estado Español existen varias comunidades de orixe caboverdiana, supondo o número de residentes en 2008 unhas 6.000 persoas, segundo a Embaixada de Cabo Verde en Madrid. Nembargante, segundo os datos oficiais do INE⁶⁹, nese ano había 2.962 persoas caboverdianas no país. A gran diferenza nestas dúas fontes débese aos mesmos motivos expostos no apartado 1.3.1. Nesta análise considéranse caboverdianas as persoas nadas en Cabo Verde e tamén os seus descendentes, nados no arquipélago ou nalgún país da diáspora, independentemente da nacionalidade que deteñan, sempre e cando teñan antecedentes xenealóxicos no arquipélago.

Os pioneiros caboverdianos chegaron a terras hispanas no proceso de gran mobilidade de traballadores caboverdianos dentro de Europa, a través da porta lisboeta, na etapa previa e inmediatamente posterior á independencia do arquipélago, no maior éxodo da súa historia (Carreira, 1983). A súa chegada produciuse a mediados dos anos 70, aínda que unha grande parte deles saíra de Cabo Verde anteriormente á independencia, cun período transitorio de permanencia en terras lusas.

Ate a actualidade, os núcleos mais importantes de poboación caboverdiana en España encóntranse nas cidades de Madrid e Zaragoza, nas comarcas leonesas⁷⁰ do Bierzo e Laciana, e na costa de Lugo⁷¹. Xunto coa importancia continuada destes catro enclaves, que podemos considerar históricos, pola súa formación xa nos anos 70, a partir da segunda metade dos 90 e máis acentuadamente na década de 2000 os destinos diversificáronse, aparecendo novos asentamentos.

⁶⁹ O Instituto Nacional de Estadística español (INE) ofrece fontes diferenciadas para o estudo das migracións, polo que poden aparecer datos diferentes para un mesmo período, consoante a fonte empregada. Neste caso utilizaremos o Anuario Estadístico de Etranjería (www.ine.es).

⁷⁰ O Estado Español organízase en tres estruturas político-administrativas principais: a Central, as Comunidades Autónomas (divididas en provincias) e a Municipal. León é unha provincia da Comunidade Autónoma de Castela-León. As comarcas son entidades supramunicipais, de carácter xeográfico.

⁷¹ Lugo é unha provincia da Comunidade Autónoma da Galiza.

MAPA 2: Mapa da península ibérica coas comunidades históricas



Este apartado pretende dar conta da evolución dos fluxos caboverdianos no Estado Español, que se foi consolidando ao longo das décadas de 80 e 90 como destino estábel, aínda que minoritario na diáspora caboverdiana. Coa viraxe de século, as comunidades asentadas desde os anos 70 experimentaron evolucións diferenciadas, cuxa tendencia xeral é de crecemento e diversificación, aproveitando as facilidades do novo marco migratorio entre España e Cabo Verde, nunha altura de estreitas relacións bilaterais. Partindo dunha exposición sobre os contextos de chegada e asentamento dos e das migrantes pioneiros que lanzaron as bases da futura diáspora caboverdiana en España, realizarase unha reflexión sobre os modos de organización dos fluxos con destino a diferentes lugares da xeografía española, que presentan a procedencia por illa e o xénero como elementos estruturantes desta porción da comunidade transnacional crioula.

1.4.1. FONTES PARA O ESTUDO DA DIÁSPORA CABOVERDIANA EN ESPAÑA

A pesar de que os caboverdianos constitúen, xunto cos marroquís ou os ecuatoguineses, un dos primeiros colectivos de orixe africana asentados en territorio español, existindo comunidades con máis de trinta anos de historia, hai certa escaseza de estudos sobre o colectivo. A maior parte da bibliografía existente sobre o tema concéntrase no caso leonés e as dúas comunidades diferenciadas aí residentes.

O traballo de Rocío Moldes (1998) sobre a inserción laboral na minería de Laciaña constitúe a análise máis pormenorizada sobre algunha das comunidades existentes no estado español, aportando datos alén do ámbito puramente laboral, realizando unha interesante sociografía da comunidade nesa zona.

Ubaldo Martínez Veiga (1997), no marco dun estudo comparativo de catro colectivos migrantes, realizou unha análise sobre a inserción nas minas de Bembibre, na mesma provincia. Ambos casos mostran fortes paralelismos, aínda que tamén diferenzas, as principais relacionadas coa evolución da minería en cada unha das localidades, e coas características propias de cada unha das zonas de acollida.

Con anterioridade aos traballos citados, algúns artigos (López e Prieto, 1996) analizaron a migración caboverdiana na provincia de León, conxuntamente coa portuguesa, moi importante na zona e no sector mineiro, da que os caboverdianos aínda facían parte no momento da chegada.

El tratamiento conjunto de los flujos migratorios procedentes de Portugal y Cabo Verde responde a la evidencia de que los segundos aparecen claramente influenciados, al menos en algunos casos, por las pautas de distribución de la emigración portuguesa, circunstancia que constituye una interesante modalidad de pervivencias o secuelas del ya prácticamente finiquitado sistema colonial. (López e Prieto, 1996: 77)

O mesmo enfoque que une caboverdianos e portugueses dáse nun estudo máis recente sobre as comunidades lusofalantes no Estado Español, onde aparece novamente o caso dos caboverdianos do Bierzo, desta vez xunto con portugueses e brasileiros (López, Turell e Lavratti, 2007). Ademais, existe un breve e interesante artigo sobre a inmigración caboverdiana desta zona e a súa articulación coa comunidade feminizada de Madrid, o máis antigo do que teño constancia (Aranda, 1994). Sobre Zaragoza e Madrid, non existe ningún tipo de estudo. No segundo caso, pódense atopar referencias nos traballos anteriormente citados, aínda que sen desenvolver unha análise en profundidade.

Sobre a comunidade caboverdiana en Galiza existen algúns traballos, que constitúen o antecedente desta tese (Fernández⁷², 2004; Oca, 2005, 2006, 2007) en forma de comunicacións, artigos e capítulos de obras colectivas, baseadas no traballo de campo antropolóxico, inicialmente en calidade de interventora social e posteriormente como investigadora da súa evolución e integración a nivel laboral, social e cultural. Con anterioridade, existe algún traballo dende o ámbito da educación (de la Fuente, 1996). A escaseza de traballos académicos contrasta coa profusión de artigos xornalísticos en

⁷² A autora deste artigo mudou o seu primeiro apelido, Fernández, por Oca, aparecendo ambas referencias bibliográficas.

publicacións de tipo local, estatal, incluso internacional, así como noticias de radios, pezas de telexornais e documentais de maior ou menor formato.

No caso español, os datos oficiais móstranse inadecuados en canto fonte para cuantificar e caracterizar a diáspora caboverdiana, algo habitual no estudo das comunidades migrantes procedentes do arquipélago. Teño constatado a ineficacia das estatísticas no caso concreto da Galiza, do que elaborei e reconstituín censos en distintas épocas da súa evolución, amosando datos a miúdo diverxentes dos oficiais. Aínda así, débese acudir a estas fontes na tentativa de ofrecer unha panorámica da evolución da presenza de persoas caboverdianas en terras españolas, xa que son os únicos datos existentes a nivel global.

Un dos baleiros de información nos datos oficiais é a inexistencia de cifras referentes ao colectivo caboverdiano con anterioridade á década de 80, na que a súa presenza xa era efectiva e estábel en territorio español. Por outro lado, ate anos moi recentes, os datos referentes ás migracións caboverdianas aparecen dentro da categoría “resto de África”, sendo imposíbel desagregalos.

Ademais, aos totais de poboación recollida polas estatísticas oficiais deberíase sumar o amplo colectivo de persoas nacionalizadas en España⁷³ nas últimas dúas décadas. O colectivo nacionalizado español soma un total de 1.200 individuos entre 1996 e 2008⁷⁴, o que faría aumentar en máis dun terzo a cifra oficial de persoas caboverdianas en territorio español nese último ano, tendo en conta que aínda faltarían as persoas nacionalizadas con anterioridade. Tamén fica fóra das estimacións oficiais o grupo de nacionalizados portugueses, de difícil rastreo nas estatísticas.

Por último, é necesario matizar o caso específico dos descendentes nados en territorio español, un amplo colectivo, ao que consideramos parte do fluxo caboverdiano na España. Ate finais dos anos 90 estes descendentes non acostumaban exercer o dereito á nacionalidade española, figurando como caboverdianos, desaparecendo como tal a partir dese período.

1.4.2. PROCESOS DE CHEGADA E ASENTAMENTO: OS FLUXOS PIONEIROS

Ao longo dos anos 70 Portugal foi a principal porta de entrada dos migrantes caboverdianos cara outros países europeos máis atractivos. Moitos deles tentaron pasar a Francia ou Holanda de xeito

⁷³ Os cidadáns caboverdianos necesitan unha residencia legal continuada de 10 anos para poder adquirir a nacionalidade española.

⁷⁴ Fonte: Anuario Estadístico, INE.

irregular, o que supuña atravesar varias fronteiras europeas, máis difíciles de franquear canto máis ao norte se situaban. Nestes países, dos que se falou anteriormente, xa fora constituído o embrión das comunidades que irían posibilitar o asentamento de novos compatriotas.

No camiño dende terras lusas ate os países norteeuropeos, España era lugar de paso obrigado. Os dous estados ibéricos partillan unha extensa fronteira (1.292 Km), que debía ser atravesada por algunha das múltiples opcións posíbeis. A entrada en España era ilegal, aínda que daquela a persecución da inmigración clandestina non constituíse unha prioridade para as autoridades, existindo certa permisividade, que se mantivo ata 1985, ano de promulgación da *Lei Orgánica de los Derechos y Libertades de los Extranjeros*. A partir desta primeira lei de estranxeiría, España comezou a exercer a función de vixía das fronteiras exteriores da CEE, que se foi acentuando nas décadas seguintes, nas que se aprobaron diversas leis, así como procesos de extraordinarios de regularización, a semellanza doutros países comunitarios, nos que moitos migrantes do arquipélago legalizaron a súa situación⁷⁵.

No inicio da década dos 70, a cordilleira dos Pirineos constituía unha das fronteiras que separaban a Europa rica e próspera da Europa pobre e subdesenvolvida, neste caso no fin dos réximes ditatoriais de Franco e Salazar. Esta cordilleira equivalía ao que na actualidade supoñen as fronteiras exteriores da UE, como o estreito de Xibraltar ou o arquipélago canario. Ao longo da fronteira con Francia, a través do País Vasco, as redes de contrabando, que sempre existiran, eran unha peza chave nas mallas da migración ilegal. Neste punto confluían outras correntes migratorias ibéricas, entre as cales a portuguesa e a galega, mais tamén as procedentes de países do Magreb (Alxeria, Marrocos), con destino a distintos países europeos (Oca, 2007).

Aínda que a dimensión destes fluxos non era cuantitativamente comparábel á dos migrantes que tentan actualmente entrar na “fortaleza europea”, nin as viaxes tan longas, non estaban exentas de perigos, como mostran os arquivos e hemerotecas⁷⁶.

A partir de la década de 1970, España se convirtió asimismo en un país de tránsito (y de destino) para los emigrantes de otras nacionalidades, en particular para aquéllos que procedían del continente africano; desde entonces, la prensa española se ha hecho eco de forma continuada de la muerte de

⁷⁵ A Lei de 1985 estivo vixente ate 2000, con diversas mudanzas que foron endurecendo os requisitos de entrada e regularización dos inmigrantes laborais, en consonancia coas directivas da UE, en paralelo co crecemento da porcentaxe de inmigrantes no Estado Español, especialmente a partir da segunda década dos anos 90.

⁷⁶ Por exemplo, na edición do 11/05/1973, o xornal español ABC daba conta da morte de 130 emigrantes clandestinos no ano anterior, sendo 80 deles portugueses e 50 africanos. Os caboverdianos poderían facer parte de calquera destes dous grupos. Consultado o 17/01/2011 en www.abc.hemeroteca.es.

migrantes que desde Portugal y desde África encuentran en España el trampolín para el tantas veces trágico salto sobre la frontera del Bidasoa. (Pereira, 2008: 76)

Os tres estados implicados nos fluxos de portugueses cara o norte de Europa asinaron diversos acordos dous a dous, durante as décadas de 60 e 70. As leis nacionais referidas ás migracións mudaron frecuentemente, facilitando e/ou reprimindo o fluxo, seguindo os intereses políticos e económicos de cada un dos estados. O fluxo portugués a Francia, no que se incluía aos migrantes caboverdianos, caracterizouse nesta época por unha elevada porcentaxe de clandestinos e irregulares, que segundo a análise de Pereira (2008), era tolerada polos tres estados.

A permisividade, aliada ás dificultades burocráticas da administración portuguesa á hora de realizar unha migración de tipo regular, fixo que os migrantes caboverdianos optaran pola vía clandestina, utilizando as mesmas redes que os emigrantes portugueses, a pesar da inclusión dos seus naturais no continxente contemplado no acordo de 1971 entre os estados francés e luso, que previu un ano de transición durante o que foron legalizados grande parte dos emigrantes irregulares chegados en anos anteriores (Pereira, 2008).

Para os emigrantes portugueses, incluíndo nesta altura aos caboverdianos, ás motivacións económicas e políticas, de fuxida á ditadura, uníase outra, moi poderosa: conseguir librarse do servizo militar obrigatorio, que supuña ir loitar na guerra colonial. Unha vez chegados à metrópole, os mozos caboverdianos, xunto cos portugueses, utilizaban diversas estratexias para conseguir librarse da entrada no exército, que ían dende a compra da licenza ate a deserción e, como non, a emigración clandestina a outros países europeos. En non poucos casos a viaxe trunouse na fronteira pirenaica, ficando os homes caboverdianos nas provincias españolas limítrofes.

Por outra banda, a partir de 1973/74 produciuse a contratación de homes caboverdianos por parte de empresas de construción civil no territorio español. Esta inserción iniciouse na obra do encoro de Cedillo (Cáceres), no río Texo, en plena fronteira entre España e Portugal, no que participaron empresas de ambos países. En determinado momento, un grupo de traballadores portugueses (caboverdianos incluídos) pasou a traballar coas construtoras españolas. Unha vez rematado o seu traballo nesta obra, en torno a 1974, moitos deles pasaron a traballar a España con estas empresas. Dous foron os destinos máis importantes: Vitoria (País Vasco), para participar nas obras da autoestrada do norte (AP1), e Berga (Barcelona), onde se construíu o encoro de La Baells, en cuxas obras estiveron ate 1976⁷⁷. A seguinte gran obra na que participaron estes traballadores foi a

⁷⁷ Segundo un dos nosos informantes, a finais de 1975 había un grupo de polo menos oitenta homes caboverdianos neste enclave.

construción da central térmica de Andorra-Teruel (Aragón), nos anos 1976 e 77. Nese último ano chegaron á costa de Lugo (Galiza) os primeiros traballadores caboverdianos para participar na construción da factoría de Alúmina-Aluminio.

As características da inserción laboral dos traballadores caboverdianos na altura supuñan unha dinámica de constantes traslados, dunha montaxe a outra, percorrendo a Península Ibérica. Nalgúns destes casos, o seu paso non deixou calquera rastro, xa que, ao funcionar exclusivamente como man de obra de enclave durante o tempo que demoraban as obras, non chegaban a asentarse⁷⁸. Neste contexto era excepcional a chegada de mulleres, aínda que as pioneiras fixeron a súa aparición nesta altura, en moitos casos xunto coas súas crianzas, procurando un lugar de asentamento. A estes traballadores caboverdianos fóronse unindo algúns dos que tiveran má sorte no paso a Franza, inseríndose nas empresas de construción, nomeadamente en Vitoria e Andorra, próximos á fronteira pirenaica.

Outro foco de atracción de man de obra caboverdiana no inicio da segunda metade da década de 70 respondeu á procura de traballadores non cualificados para as explotacións mineiras de **León** (nas comarcas do Bierzo e Laciana), onde se foron inserindo dende 1975/76, en torno ás localidades de Bembibre e Villablino. Os pioneiros chegaron á zona xunto cun numeroso colectivo portugués⁷⁹, para substituír a man de obra local que emigrara a zonas urbanas dentro do país e a países máis ricos do contexto europeo. Fixérono a través da figura dos “ganchos”, persoas que se dedicaban a atraer man de obra, nomeadamente procedente da rexión transfronteiriza de Trás-os-Montes, para as empresas mineiras leonesas (Moldes, 1998).

Os pioneiros da emigración caboverdiana a España correspóndense cos fluxos da primeira fase da migración a Portugal (Góis, 2006), a dos traballadores convidados, anterior ao 25 de abril, e a súa extensión nos anos seguintes, de xeito irregular. No caso español non é relevante a presenza de retornados e repatriados, que autores como o anterior sinalan como característicos da segunda fase da migración caboverdiana a Portugal, na segunda metade da década dos 70. As elites caboverdianas non escolleron España como destino.

⁷⁸ Exemplo disto é o caso de **Andorra-Teruel**, onde participaron na construción dunha das cubas da Central Térmica, por volta do ano 1976, residindo nas localidades de Andorra, Calanda e Alcañiz. Unha vez construída, e acabado o traballo, trasladáronse a outros puntos do país. O único vestixio do seu paso por estas terras é a pequena comunidade asentada desde aquela altura en **Alcañiz**, onde ficaron algunhas persoas a traballar na construción civil e nunha fábrica de cerámica.

⁷⁹ Existen marcadas diferenzas entre os fluxos referidos: no que toca á súa distribución espacial, os portugueses encóntranse repartidos polo territorio provincial, en contraste cos caboverdianos, concentrados ate datas recentes en dúas localidades; en canto á inserción laboral, mentres que os primeiros traballan en diversos sectores, os segundos fano nun único nicho laboral: a minería (Martínez, 1997).

O asentamento permanente das comunidades históricas caboverdianas no territorio español produciuse a partir de 1978, coincidindo co inicio do réxime democrático. Entre esta altura e o inicio da década dos 80, algúns dos anteriores destinos laborais convertéronse en permanentes, e outros xurdiron, creándose o embrión de comunidades estábeis que perduran ate a actualidade.

Por unha banda, unha parte dos traballadores procedentes de Andorra acabou por instalarse na capital aragonesa (**Zaragoza**), onde foron absorbidos principalmente polo sector da construción, mais tamén por outros.

Por outra banda, unha vez rematada a construción de *Alúmina-Aluminio* no litoral de Lugo, na Galiza, a maioría dos caboverdianos reemigrou cara outros lugares, ao non poder ser contratados como traballadores industriais. Un pequeno grupo que ficara acabou por inserirse a partir de 1978 na pesca de altura no porto de **Burela**, ocupando o baleiro deixado polos mariñeiros autóctonos, que mudaron de sector aproveitando a abertura da fábrica (Fernández, 2004). O traballo dos homes no mar alentou a chegada de novos migrantes á zona nos anos seguintes.

En terceiro lugar, a continuidade da oferta laboral nas **minas leonesas** deu pé á chegada de máis homes ás zonas aludidas anteriormente, que se estableceron na zona de xeito permanente, sempre ligados á actividade mineira, en torno ás localidades de Villablino e Bembibre.

A corrente leonesa partilla diversos elementos comúns coa corrente galega. En ambos os casos, as localidades de asentamento, de pequeno tamaño, poden ser definidas polo seu carácter periférico dentro do territorio español, constituíndo exemplos de zonas emisoras de emigrantes dende os tempos da emigración transoceánica do século XIX. A existencia de comunidades africanas nestas zonas no fin da década de 70 constitúe unha excepción ás tendencias globais da migración subsahariana a España, tendo funcionado en ambos os casos como man de obra de substitución dos emigrantes das respectivas zonas en sectores definidos polo seu elevado risco.


Por último, un novo asentamento foise conformando en **Madrid**. Neste caso, a diferenza dos anteriores, non foi a demanda de man de obra masculina a que favoreceu ou impulsou a formación deste enclave, senón a demanda, por parte de familias acomodadas, de mulleres para traballar nas súas casas como internas, que atraeu mulleres das illas de Barlovento.

1.4.3. ORGANIZACIÓN DA MIGRACIÓN CABOVERDIANA EN ESPAÑA

Do mesmo xeito que nas restantes comunidades da diáspora caboverdiana en Europa, anteriormente abordadas, dous son os criterios estruturantes da migración caboverdiana no territorio español: a(s) illa(s) de procedencia e o xénero. Respecto da primeira, existen comunidades que se poden caracterizar nitidamente como *badiu* o *sampaiud*, respondendo á orixe no arquipélago. No segundo caso, existe unha diferenciación entre a compoñente maioritaria masculina ou feminina nas comunidades asentadas, que se corresponde cos sectores principais de inserción laboral.

Xa se indicou anteriormente que a cuestión insular inflúe na creación de redes migratorias e na configuración dos destinos da diáspora caboverdiana. Unha das particularidades do caso español no conxunto da diáspora europea é a coexistencia, dende os tempos iniciais, de comunidades diferenciadas de ambas orixes. A organización en base á insularidade deu lugar á formación de comunidades de orixe *badiu* (Galiza, Zaragoza), ou *sampaiud* (Madrid, León), sendo as últimas máis numerosas. Este feito dá conta da extrema importancia das redes migratorias nas rotas e na formación e asentamento de comunidades, que sustentan as estreitas relacións dous a dous entre as que partillan a mesma orixe. É importante referir a escasa prevaenza de parellas entre persoas de ambas as procedencias no arquipélago. As redes, formadas en base á illa de procedencia, teñen contactos diferenciados á súa vez noutros países europeos nos que hai presenza caboverdiana, de acordo coa prevaenza de naturais das diversas illas.

Mapa 3: Destinos dos fluxos pioneiros de caboverdianos en España (anos 70) e localidades de traballo e asentamento. (Elaboración propia).



No caso do fluxo *sampaiud*, o asentamento de comunidades en España estivo fundamente ligado aos fluxos portugueses, téndose producido o traxecto dende Lisboa dun xeito directo, como se pode observar no mapa anterior. Pola contra, no caso das comunidades con orixe en Santiago, a traxectoria parte inicialmente da escasa fortuna na aventura cara o norte de Europa ou do enrolamento en empresas de construción, que foron conducindo os *badiu* pola xeografía española. O seu asentamento definitivo en Zaragoza e na costa de Lugo produciuse após unha etapa de grande mobilidade, de obra en obra. Nos tempos próximos ao asentamento definitivo en ambos lugares, entre os anos 1977 e 1978, algunhas familias pioneiras xogaron un papel moi relevante na articulación entre os diferentes destinos, funcionando como nodos das redes de cada localidade e como portos seguros na aventura migratoria. Os homes e mulleres que formaban estas familias, algunhas das cales permaneceron nestes lugares ate a actualidade, son hoxe a memoria viva deste fluxo migratorio⁸⁰.

As correntes de orixe *badiu* están estreitamente ligadas por vínculos de parentesco e veciñanza, procedendo principalmente de localidades e zonas rurais da costa oeste da illa de Santiago (Porto Rincão, Ribeira da Barca, Porto Mosquito, Gouveia) e da zona norte (Tarrafal, Malagueta), sendo moi escasa a presenza de persoas do leste da illa. No caso das orixes en Barlovento, as redes son menos tupidas, coexistindo diversas subredes, vencelladas ás varias illas, destacando São Nicolau e Santo Antão. Proba desto pode ser a existencia, nos enclaves *sampaiud*, de asociacións ligadas á orixe insular que rivalizan no mesmo espazo comunitario.

A pesar da división anterior, a grande rede caboverdiana sempre existiu como entidade, téndose reforzado os contactos entre os diversos enclaves a raíz da instalación da representación consular de Cabo Verde en Madrid en 1996⁸¹.

Ao mesmo tempo que a estruturación por illas de orixe, existe unha **bifurcación de xénero** en canto á preeminencia de mulleres ou homes nas diversas comunidades (Martinez, 1997). Esta bifurcación dáse unicamente no caso do fluxo procedente das illas de Barlovento, xa que no caso do fluxo *badiu* é norma que as mulleres migren seguindo aos seus maridos, unha vez estes se encontran asentados. A división xenérica levou á formación dunha comunidade composta maioritariamente por mulleres das illas anteriormente citadas na capital española, onde se inseriron laboralmente no servizo

⁸⁰ Por este motivo, no marco deste traballo, foron realizadas entrevistas en Burela, Zaragoza e Bembibre a varias das familias e persoas pioneiras, como se pode ver no anexo 1, que aportaron información moi valiosa sobre os tempos iniciais de asentamento das diversas comunidades.

⁸¹ Neste caso merece destacarse o labor do Cónsul Francisco Veiga, que dinamizou extraordinariamente os contactos entre as diversas comunidades.

doméstico, como aconteceu con outras correntes feminizadas nos países do sur de Europa (Campani, 2010).

Este caso, escasamente explorado, constitúe un fenómeno semellante ao da corrente feminizada de mulleres caboverdianas de Barlovento en Italia dende os anos 60, que mostra o efecto da globalización e do proceso de incorporación das mulleres dos países do sur de Europa ao mercado de traballo, respondendo á demanda de mulleres migrantes para substituír o labor das autóctonas no ámbito doméstico (Horschild, 2001). Perante a ausencia de investigacións sobre este colectivo, pódese establecer como hipótese a existencia de certos paralelismos coa corrente italiana, en canto á escasa incidencia de procesos de reagrupamento familiar, que supuxo para algunhas mulleres o sacrificio de vivir alonxadas das súas crianzas ou postergar a maternidade (Monteiro, 1997).

As outras tres comunidades históricas da diáspora española seguiron maioritariamente o patrón de chegada de mulleres no marco de procesos de reagrupamento familiar, debido a que os sectores que posibilitaron o asentamento están marcadamente masculinizados (minería, pesca, construción). A xeralización deste patrón de chegada de esposas conduciu a que a estrutura comunitaria se organizase en torno a grupos domésticos centrados na familia nuclear, contendo dúas xeracións no seu seo. As mulleres caboverdianas chegadas no marco de procesos de reagrupamento familiar teñen estado suxeitas a restricións legais que dificultaron durante décadas o exercicio de traballos remunerados dentro da legalidade e da cobertura social, téndose dedicado fundamentalmente a traballos no sector informal, definidos polos seus altos graos de inestabilidade e explotación.

Os datos fornecidos polos Anuarios de Migracións do INE indican unha lixeira e continuada feminización do fluxo caboverdiano a España, considerado de xeito global, o cal se debe, por un lado, á preeminencia da compoñente feminina no fluxo con destino a Madrid, activa dende finais dos anos 70, reforzada co extraordinario aumento da demanda de traballadoras na última década no campo do servizo de proximidade, consecuencia da globalización. No caso das comunidades *badiu*, ate o século XXI foi norma que os homes inicien o proceso migratorio para posteriormente reagrupar ás súas esposas, existindo unha elevada porcentaxe de mulleres nestas comunidades.

A posición legal das mulleres na sociedade de destino é radicalmente diferente conforme veñan en solitario ou como esposas. O seu estado civil terá múltiples consecuencias non só na súa vida social e cotiá, senón no propio tratamento dispensado polo Estado Español á hora de outorgarlles un estatuto legal. Mentres que as primeiras son consideradas legalmente como traballadoras, as segundas son concibidas como dependentes dos seus maridos, o que impide o exercicio dun emprego legal e dunha documentación propia, dependendo dos homes para a súa renovación.

1.4.4. EVOLUCIÓN DOS ENCLAVES HISTÓRICOS DA DIÁSPORA CABOVERDIANA EN ESPAÑA (1978/2000)

Unha vez producido o asentamento dos homes e mulleres pioneiras, todas as comunidades entraron nos anos 80 nunha fase de crecemento, cunha importante compoñente de procesos de reagrupamento familiar, nas correntes de tipo masculino. Todas as comunidades, agás Madrid, fóronse organizando en torno a familias nucleares, xurdidas tanto dos procesos de reagrupamento de esposas dende Cabo Verde, como pola creación de novas parellas durante o percorrido migratorio. Destas comunidades fai parte un amplo colectivo de descendentes, algúns nados en terras españolas, mais moitos tamén en Cabo Verde e Portugal, sendo nesta altura frecuente o reagrupamento de fillos e fillas que tiñan ficado no arquipélago. Este tipo de organización comunitaria en torno á familia nuclear coexistiu sempre con grupos minoritarios de homes que partillaban existencia, sen facer vida de parella.

No caso de Madrid, pódese presumir que non se xeralizaron os procesos de reagrupamento familiar, especialmente nesta época, debido ás características do servizo doméstico en réxime de internado, que supón a convivencia coa familia contratante, co efecto do illamento e a fragmentación das relacións sociais das migrantes. A cadea migratoria impulsada polas caboverdianas de Madrid facilitou a chegada doutras mulleres, vía Lisboa, de xeito irregular, inseríndose con rapidez no servizo doméstico, no que existía unha grande demanda de internas.

O proceso de crecemento das comunidades caboverdianas na España dos anos 80 e 90 nutriuse non só dos procesos de reagrupamento familiar, senón tamén de novos e novas migrantes e as súas familias, xa considerados caboverdianos, que tiveron unha traxectoria prefixada grazas ás redes migratorias. A chegada a terras hispanas continuouse a dar preferentemente a través de Portugal de xeito irregular ate finais dos anos 90. Ate ese momento, os contactos entre a diáspora española e as illas eran difíciles e esporádicos, constituíndo o Estado Español un destino migratorio pouco recoñecido no arquipélago.

Na provincia de León, as comunidades de **Villablino** e **Bembibre** mostran unha evolución diferenciada nas tres décadas de asentamento, a pesar de ter semellantes condicións de partida, en zonas distantes entre si escasos sesenta quilómetros. En **Laciana**, a inserción laboral produciuse nunha única empresa, a MSP, no período entre 1975 e 1978. Os mineiros caboverdianos tiveron escasas posibilidades de ascenso laboral ao longo da súa carreira profesional, debido á práctica de

dous tipos de discriminación no mundo laboral: o denominado *cierre social de usurpación*⁸², que se combinou cun escaso poder social de negociación (Moldes, 1998). A crise do sector levou ao progresivo peche das explotacións mineiras, téndose acollido a maioría dos mineiros a xubilacións anticipadas, no marco de diversos planos que se sucederon dende 1997, cun importante recorte dos postos de traballo na minería⁸³.

O declive económico e demográfico da zona, periférica dentro da provincia de León, fixo que as posibilidades de inserción laboral para colectivo de descendentes foran moi limitadas, polo que a maioría das familias caboverdianas reemigrou cara outros lugares da xeografía española, destacando **Torrevieja** (Alicante)⁸⁴, onde se iniciou a creación dunha nova comunidade da diáspora caboverdiana en España, que foi crescendo ao longo da década seguinte. Na actualidade son moi escasas as familias de orixe caboverdiana que ficaron no val.

Na comarca contigua do **Bierzo** a inserción laboral iniciouse na mesma época que no caso anterior, aínda que a través dunha multiplicidade de empresas, moitas delas de reducida dimensión, situadas no entorno da localidade de **Bembibre**. As condicións laborais nestas pequenas explotacións mineiras difiren do caso anterior, en especial nos denominados *chamizos*⁸⁵, nos que Martínez Veiga (1997) afirma existía unha maior concentración de caboverdianos que de portugueses. A evolución da minería no Bierzo foi tamén diferente ao caso anterior. A pesar de que na década de 90 fecharon moitas empresas mineiras, acompañadas de xubilacións anticipadas, aínda existen explotacións en activo nas que continúan a traballar mineiros caboverdianos, tanto da primeira como da segunda xeración. Neste caso, o proceso de declive mineiro non foi tan acentuado nin provocou o abandono da zona. Bembibre, a diferenza de Villablino, ocupa un lugar central en canto ás comunicacións e presenta unha economía máis diversificada, que permite a inserción laboral noutros sectores.

⁸² Conceito definido por Parkin (1984), que se refire á “exclusión a la que determinados grupos sociales se ven sometidos en razón de sus peculiaridades étnicas, raciales y/o de género. Esta exclusión es una forma de explotación al margen de la propiedad y deriva de la suma de un conjunto de factores históricos y culturales, cuya compleja interacción tiene por resultado que determinados grupos se hallen sistemáticamente sometidos a formas de discriminación y subordinación, basados en la existencia de estereotipos o prejuicios sobre las personas pertenecientes a dicho grupo” (Moldes, 1998: 317).

⁸³ Segundo Moldes (2008) case todos os caboverdianos que tiñan comezado a traballar entre 1975 e 1978 retiráronse en 1998, facéndoo o último deles en 2000.

⁸⁴ O asentamento destas familias na localidade de Torrevieja debeuse ás campañas publicitarias que se realizaron no val de Lacia por parte de empresas constructoras e inmobiliarias, para promover a adquisición de vivendas nesta localidade por parte dos mineiros pre-xubilados, que gozaban de un poder adquisitivo considerábel, o que levou a moitos habitantes do val a esta zona do Levante.

⁸⁵ “... son empresas más pequeñas, con mucha menor capitalización y con unas condiciones de trabajo mucho menos seguras. Con frecuencia no se hacen contratos escritos, a veces los trabajadores no están inscritos en la Seguridad Social y el trabajo es mucho más eventual, aleatorio y los períodos son más cortos” (Martínez, 1997: 209).

Na mesma comarca do Bierzo, a cidade de **Ponferrada**, centro económico da zona, con perto de 68.000 habitantes en 2008 (INE), acolle unha comunidade de importancia crecente, especialmente a partir da década de 2000, cando un grupo de familias procedentes de Laciaña fixouse nesta localidade a partir dos procesos de xubilación da mina. Na década de 2000 chegaron familiares destas persoas, provenientes de Cabo Verde ou doutros puntos da diáspora.

A presenza de persoas caboverdianas nestas tres localidades da provincia de León estímase a finais da primeira década do século XXI nunhas 700 persoas⁸⁶, aínda que os datos oficiais reflicten unha cantidade inferior (en torno a 500).

En **Madrid** residían en 2008, segundo os datos oficiais, perto de 1.000 persoas de orixe caboverdiana, maioritariamente mulleres das illas de São Nicolau e Santo Antão, que chegaron a partir de 1978⁸⁷ vía Lisboa, para inserirse no servizo doméstico (Aranda, 1994).

Moldes (1998) apunta a unha entrada masiva de mulleres procedentes de Portugal dende mediados dos 80, cuxa presenza fíxose notar no elevado número de regularizacións realizadas no proceso extraordinario de 1991. Pouco se sabe da traxectoria seguida por este importante continxente feminino alén da súa estreita relación cos mineiros de León, a onde reemigrou parte delas, permanecendo a maioría en Madrid, que historicamente constituíu un dos maiores enclaves de poboación caboverdiana en España. A partir dos anos 80 a migración de moitas destas mulleres foi promovida ou facilitada polos seus parentes, residentes nas zonas mineiras, onde non había posibilidades de traballo para elas⁸⁸.

As condicións de traballo no servizo doméstico determinaron a fragmentación das relacións sociais intra-comunidade. Estas mulleres vivían nun certo illamento social, determinado polas características do nicho laboral, o traballo doméstico como internas, que as recluíu, excepto dúas tardes á semana, nas casas dos patróns, dificultando o encontro entre elas e a posibilidade de criar unha familia, dificultando ou imposibilitando o reagrupamento familiar por falta de condicións para traer aos fillos ou familiares. Este facto contrasta coas condicións laborais dos homes caboverdianos, que adoitan traballar xuntos, ben sexa na mina, nos buques de altura ou na construción civil (Aranda, 1994).

A presenza masculina fíxose notar nesta comunidade feminizada dende finais dos anos 90, coincidindo coa tendencia xeral de crecemento dos fluxos migratorios africanos en España. Nesa época, o centro da

⁸⁶ Segundo un dirixente asociativo, entrevistado en abril de 2012.

⁸⁷ De acordo cunha entrevista realizada a un funcionario da embaixada caboverdiana, residente en Madrid dende 1996, gran coñecedor da comunidade. Ver anexo 1.

⁸⁸ Segundo a mesma fonte.

vida comunitaria desenvolvíase na zona de Estrecho, na capital, onde había diversos negocios étnicos, entre eles unha discoteca (*Sueños*) que congregaba numerosas persoas caboverdianas. En anos recentes produciuse a concentración espacial dun gran grupo no municipio de **Parla**, no sur da área metropolitana madrileña.

Na costa de Lugo, a continuidade da demanda de mariñeiros para a pesca de altura ate 1993 no porto de **Burela**, posibilitou o crecemento continuado da comunidade, se ben nunca chegou a acadar a importancia cuantitativa das anteriores. Do mesmo xeito que neses casos, a man de obra caboverdiana concentrouse nun único nicho laboral, a pesca de altura, que determinou unha serie de peculiaridades na organización familiar e comunitaria, das que se falará nos próximos capítulos. A crise do sector pesqueiro provocou un forte proceso de reemigración entre 1993 e o final da década, cando se reactivou a demanda de traballadores do mar e con ela a corrente migratoria, producíndose un crecemento moi notábel na década de 2000, na que se chegou a triplicar a comunidade.

Por último, a comunidade de orixe *badiu* asentada en **Zaragoza**, a quinta cidade española en importancia demográfica, con algo máis de 666.129 habitantes en 2008 (INE), comparte coa anterior, ademais da orixe na illa de Santiago, o seu reducido tamaño. En Zaragoza os homes caboverdianos atoparon empregos nomeadamente no sector da construción, no que se criaron posteriormente (anos 90) algunhas empresas por parte de migrantes caboverdianos, atopando as mulleres emprego nas limpeza, hostalaría e industria.

A pesar dos paralelismos entre as dúas comunidades de orixe *badiu*, a capital aragonesa supón un enclave moi diferente ao galego, en canto ao tamaño da localidade de destino, dificultando a vivencia en comunidade. Segundo algúns pioneiros entrevistados⁸⁹, nos anos 90 o colectivo caboverdiano, aínda de tamaño reducido, aumentou grazas ao aporte de migrantes chegados de Burela. A finais desa década atinxiuse un punto álxido, existindo unha intensa vida asociativa⁹⁰. Após uns anos de descenso nos primeiros anos de 2000, retomouse a tendencia de crecemento, favorecida polas obras da *Expo 2008*, que se interrompeu bruscamente no final da década, polo impacto da crise, aumentando espectacularmente o desemprego no sector tradicional de inserción masculina. Os entrevistados apuntan a unha reemigración masiva a partir dese ano, con destino preferente a Franza e Suíza, sendo en moitos casos as mulleres as que conseguen conservar os empregos, especialmente na hostalaría e limpeza.

⁸⁹ Ver táboa en anexo 1.

⁹⁰ Nesta altura estivo en funcionamento unha asociación que despois se desactivou.

1.4.5. O NOVO MARCO MIGRATORIO CABO VERDE – ESPAÑA NO SÉCULO XXI

A finais da década de 90 materializouse a posibilidade de migrar legalmente dende Cabo Verde a España, tendo como lugar de pasaxe obrigatoria para unha entrada legal a cidade de Dakar, sede da embaixada española ante diversos estados de África Occidental. Na capital senegalesa, que substituíu o papel de Lisboa en canto espazo de paso entre orixe e destino, as persoas pasaban un tempo indeterminado á espera do visto de entrada no territorio Schengen. Esta posibilidade abriu unha nova etapa na migración caboverdiana a España, que creceu considerabelmente grazas ao esforzo das familias previamente asentadas, que promoveron a vinda legal de familiares e veciños. Diversificáronse os destinos, aparecendo xunto ás comunidades históricas novos enclaves, nomeadamente en Canarias⁹¹, Alicante e Barcelona.

A rota a través de Portugal nunca deixou de existir, estando aínda activa na década de 90. Na actualidade xoga un papel marxinal, sendo un paso para as persoas migrantes, que entran como turistas e despois pasan a outros países, onde tentan legalizar a súa situación unha vez en destino, algo moi difícil nos tempos actuais, mais non con anterioridade á década de 2000. A posibilidade dunha emigración legal no novo século propiciou a chegada da maioría das migrantes polas vías regulares.

Os contactos entre os estados de orixe e destino pasaron nos últimos anos dunha certa indiferenza a unha relación sólida, que ten feito aumentar espectacularmente a presenza española no arquipélago. Mostra diso son a sinatura do *Acordo Marco de Cooperación en Materia de Inmigración* entre ambos países (marzo 2007), a instalación da Embaixada Española e dunha Oficina Técnica de Cooperación en Praia no mesmo ano, ou a existencia dunha *Comisión Mixta Hispano-Caboverdiana de Cooperación para o Desenvolvemento* dende esa altura, definíndose Cabo Verde como un dos países prioritarios da Cooperación Española.

Como resultado das relacións bilaterais e da maior facilidade e seguridade do proxecto migratorio legal vía Dakar, o fluxo caboverdiano a España experimentou unha vitalidade nunca antes coñecida, tanto no caso de desprazamentos humanos como económicos (remesas), vindo os migrantes caboverdianos a cubrir a demanda de man de obra en diversos sectores, aproveitando a existencia das comunidades históricas. A simplificación da rota migratoria a partir de 2008, que inaugurou a posibilidade de migrar directamente de Cabo Verde a España de xeito legal, co visto proporcionado pola Embaixada española en Praia, supuxo un abaratamento dos custos do proceso migratorio, pero chegou na antesala dunha

⁹¹ Neste caso, reforzouse unha pequena comunidade de antiga residencia no arquipélago canario, próximo a Cabo Verde.

forte crise económica que cortou a posibilidade de migrar a través de ofertas laborais, manténdose unicamente os procesos de reagrupamento familiar.

As razóns que están tras a nova e intensa relación entre os estados préndense, segundo Valentim (2011) coa política de externalización da migración operada polos países europeos, entre os que España ocupa un lugar destacado, por tratarse dun dos estados que constitúen as fronteiras exteriores da UE. Na segunda metade da década de 2000, España orientou parte da súa política externa cara os países de África Occidental, nunha tentativa de frear os fluxos migratorios clandestinos con destino ao seu territorio, aprobando en 2006 o denominado *Plan África*. Neste marco, o arquipélago situouse nun lugar destacado, debido, por unha banda, á existencia dunha fronteira marítima con Canarias⁹², e por outra, polo carácter de lugar de tránsito a Europa que ocupa Cabo Verde para os cidadáns doutros países da CEDEAO⁹³. Valentim (ibid.) afirma que España figura como o principal mentor do endurecemento das leis migratorias do arquipélago para os migrantes doutros países africanos. As súas críticas ao control dos procesos migratorios por parte do estados está na mesma liña que a realizada por Marcelino (2013), presentada no apartado 1.3.4.

Segundo unha tese recente sobre migracións da costa occidental africana en Cabo Verde (Furtado, 2012), a preocupación europea por frear a migración subsahariana traducíuse en numerosas accións da FRONTEX⁹⁴ nos mares de Cabo Verde, por onde pasan ou de onde parten algunhas das embarcacións clandestinas que tentan alcanzar as illas Canarias dende a costa occidental africana. Os migrantes interceptados acostuman ser repatriados directamente dende o arquipélago, convertido nunha especie de prefronteira, que o coloca novamente nunha posición xeoestratéxica respecto Europa.

De acordo com os datos estatísticos da FRONTEX (DEF), entre 2005 e 2007 os clandestinos interceptados totalizaram 999 (128 na Boavista e 130 no Sal). Relativamente aos clandestinos, por nacionalidade, o Gana superou as outras nacionalidades com um total e 347 ilegais (34,7%), seguido da Gâmbia com 173 (17,3%), Senegal a Guiné-Bissau com 118 cada (11,8% respectivamente para cada um). O facto de as maiores intercepções terem sido no Barlavento, prende-se com as seguintes razões: em primeiro lugar, porque eles dirigem-se para as Ilhas Canárias mais a norte de Cabo Verde, por outro lado, a maior parte das embarcações saem do norte de Senegal em linha recta para Cabo-Verde (ibid.: 126).

⁹² Convertida en destino preferente das novas rotas migratorias clandestinas dende África a Europa a mediados de 2000.

⁹³ Comunidade Económica dos Estados de África Occidental, integrada por 15 países, incluíndo Cabo Verde, entre os que existe liberdade de tránsito.

⁹⁴ Axencia europea creada en 2004, encargada da xestión do control das fronteiras externas da UE, da interceptación e deportación de estranxeiros irregulares.

1.4.6. A DIVERSIFICACIÓN DA DIÁSPORA CABOVERDIANA EN ESPAÑA NA DÉCADA DE 2000

Como resultado do asentamento durante tres décadas en territorio español, o colectivo caboverdiano en 2008 é moi heteroxéneo, non só pola presenza de naturais de varias illas, senón tamén pola existencia de distintas xeracións no seu seo. No caso das persoas adultas procedentes de Cabo Verde, as diversas vagas de chegada deron como resultado un amplo abano de idades que van dos 18 aos 70 anos, e no caso dos descendentes, dos cero aos 40 anos, existindo unha terceira xeración aínda menor de idade. No gráfico 1, tendo en conta que as cifras reais deberían ser sensibelmente máis altas, conséntase o reducido tamaño da diáspora caboverdiana en España⁹⁵, a pesar do seu crecemento paulatino.


Nos últimos anos a comunidade numericamente mais importante é a de Madrid, aínda que ate a entrada do século XXI este posto estaba ocupado pola comunidade leonesa, que diminuíu considerabelmente a partir de 1998, reducíndose case á metade nunha década. O fluxo leonés non aproveitou as circunstancias do novo escenario migratorio, debido á inexistencia de sectores de absorción da man de obra caboverdiana que substituíse ao traballo nas minas, algo que si aconteceu na capital do estado, onde se activou a vinda de novas e novos migrantes con destino a diversos sectores, incrementándose os índices de masculinidade nunha comunidade ate ese momento case exclusivamente feminina. En canto ao gráfico, no caso leonés apréciase con claridade a evolución de crecemento continuado ate 1998, no que comeza a caer abruptamente como resultado do abandono da zona, especialmente no caso de Lacia, debido aos procesos de xubilación anticipada iniciados en 1997. A poboación que permanece no fin do período na provincia leonesa concéntrase en Bembibre e Ponferrada. Pola contra, apréciase que a comunidade caboverdiana en Madrid mantivo unha tendencia xeral de crecemento, a pesar das bruscas baixadas nos períodos 93/96 e 99/01.

A unha distancia significativa en canto a dimensión, as comunidades de orixe *badiu*, Aragón e Galiza, ocupan o terceiro e cuarto posto, respectivamente. Ambas creceron continuamente ao longo dos tempos, experimentando na última década un crecemento máis intenso, aproveitando o novo marco migratorio, a demanda de man de obra en determinados nichos laborais e a aparición dunha figura facilitadora⁹⁶, que a pesar de residir en Burela, traballou tamén para a comunidade aragonesa na materialización de procesos migratorios entre Cabo Verde e España.

⁹⁵ En 2008, as 2.962 persoas caboverdianas contabilizadas nas estatísticas oficiais supúñan menos do 1 % da poboación estranxeira residente legalmente en España.

⁹⁶ Este aspecto será desenvolvido en seguintes capítulos.

Gráfico 1: Evolución das comunidades históricas caboverdianas en España, 1983/2008 (por CCAA).



Fonte: Anuario Estadístico de Extranjería, Anuario Migracións varios anos (INE). Elaboración propia.


As liñas na evolución de cada unha das comunidades mostran graficamente a forza das redes que as conforman, aliñándose de dúas en dúas, segundo a orixe *badiu* ou *sampaiud*, existindo unha complementariedade entre os fluxos, que aumentan e diminúen en forma de espello, decrecendo un deles cada vez que o outro medra, e viceversa.

En ambos os casos, téñense producido importantes traspases de poboación en diversas alturas, que proban a súa complementariedade. No caso dos fluxos *badiu*, en momentos de crise nalgún dos enclaves, o outro serviu para absorber a poboación. Isto aconteceu a mediados dos anos 90, cando a crise no sector pesqueiro provocou unha reemigración que se dirixiu maioritariamente á cidade aragonesa⁹⁷. O impacto da crise económica actual nesta cidade levou a que algunhas familias fixeran o camiño contrario, regresando a Galiza en busca de emprego no mar. A aparición da crise provocou un parón no crecemento continuado da comunidade zaragozana a partir de 2007, que permitiu a confluencia co fluxo galego, aínda en crecemento, que acabaría por superala nos anos seguintes.

En canto ao peso das comunidades históricas na diáspora española, en 2008 o seu conxunto supoñía en torno ao 75% da representatividade da emigración caboverdiana a España, onde as comunidades de orixe *sampaiud* continúan sendo maioritarias. Ao longo da década de 2000, Madrid superou en tamaño as comunidades leonesas, acadando en 2008 o 34% da representatividade do total das comunidades, case dobrando en tamaño á segunda comunidade en importancia cuantitativa, León.

⁹⁷ Este feito, do que teño constancia a través da elaboración de censos e investigación xeral do proxecto migratorio, non aparece nos datos oficiais coa forza que tivo realmente. Segundo os meus cálculos, unas 100 persoas, entre as que se contaban familias enteiras, abandonaron Burela en poucos anos (1992 a 1998), a maioría con destino a Zaragoza.

Gráfico 2: Peso das comunidades na diáspora caboverdiana na España – 2008.



Fonte: Anuario Estadístico de Extranjería, Anuario Migraciones, (INE), varios anos. Elaboración propia.

O crecemento da representatividade dos novos destinos ten sido moi rápida, pasando do 19% en 2007 ao 24'8% en 2008, evidenciando a diversificación dos asentamentos e das redes, como resultado da renovación da corrente migratoria grazas aos convenios bilaterais, aproveitando a demanda de man de obra inmigrante por parte de diversos sectores e territorios. Algún destes novos enclaves, como Torrevieja e Ponferrada, naceron a partir da migración dunha parte importante dos mineiros leoneses no momento das prexubilacións. Noutros casos, como Canarias ou Barcelona, ante a falta de estudos sobre a súa realidade, espérase que os elementos estruturantes propostos na nosa análise podan servir como guías para investigacións posteriores.

1.4.7. A FLUIDEZ DO XÉNERO NOS CONTEXTOS MIGRATORIOS. DE MADRID A LEÓN: DO PROXECTO MIGRATORIO FEMININO AO PAPEL DE ESPOSA E DONA DE CASA

La situación que las mujeres caboverdianas viven en Lacia se caracteriza por el aislamiento social y el sometimiento a compañeros o maridos machistas, que mantienen los códigos de conducta heredados de la cultura de origen; en Cabo Verde durante mucho tiempo sólo los hombres fueron a la escuela, mientras las mujeres comienzan desde una edad muy temprana a ocuparse de las tareas del hogar. Este es el inicio de un largo proceso de desigualdad y exclusión que la mujer caboverdiana ha interiorizado como forma de vida y que, sólo tras bastantes años de emigración y “contagio” con otros estilos de vida, ha comenzado a replantearse para comenzar una tímida mejora de su situación. (Moldes, 1998: 265)

De acordo co que se ven afirmando, os fluxos caboverdianos en España organizáronse en comunidades estruturadas en torno ao xénero e a procedencia por illa, que se asentaron a partir de 1978. Como resultado da bifurcación de xénero da diáspora caboverdiana en España, existe unha diferenciación entre as comunidades baseadas no traballo feminino ou masculino, existindo unha

única comunidade feminizada, con orixe nas illas de Barlovento, que ao longo das tres décadas de asentamento mantivo estreitas relacións coas comunidades leonesas, inicialmente formadas por homes das mesmas illas. Un grupo relevante de mulleres procedentes deste enclave transitou nos anos 80 ás localidades leonesas, abandonando a posibilidade de vida e traballo autónomos, transformando o seu proxecto migratorio nun proxecto de tipo familiar nos vales mineiros, onde se converteron en esposas e donas de casa, mudando radicalmente a súa posición social e comunitaria.

A análise das relacións entre estes homes e mulleres que migraron por diferentes camiños mostran a fluidez e transformacións dos papeis e relacións de xénero así como a plasticidade do xénero como elemento estruturante dos procesos migratorios. Este caso mostra tamén como as condicións e características das sociedades de acollemento dos migrantes constitúen factores relevantes no desenvolvemento dos fluxos e comunidades, que se articulan cos relativos ao contexto de orixe. Dentro de esta multifactorialidade, o ámbito laboral aparece como determinante na evolución dos fluxos e comunidades e tamén nas relacións de xénero e as súas mudanzas.

A tese doutoral de Rocío Moldes (1998), aborda de xeito tanxencial a situación das mulleres e as relacións entre os xéneros en Villablino. Outros traballos de referencia sobre a inmigración caboverdiana nesta zona (López, 1993; López et al., 2007; Martínez, 1997) non fan apenas referencia á situación e estatuto das mulleres no seo destas comunidades.

As mulleres caboverdianas comezaron a chegar aos vales mineiros en torno a 1980, frecuentemente acompañadas dos seus fillos e fillas. Coa súa chegada a Laciana produciuse, en palabras de Moldes (ibid.), o verdadeiro proceso de asentamento. As mulleres chegaron de diversos xeitos, non sendo significativo o reagrupamento familiar dende Cabo Verde. Nalgúns casos as mulleres facían parte de parellas que migraron por separado, aproveitando as oportunidades xenerizadas de emprego. Na maioría dos casos primaron as novas unións entre antigos veciños no país de orixe ou entre persoas coñecidas a través da rede caboverdiana en Europa, xurdidas no contexto migratorio, chegando mulleres de Lisboa e Roma. Segundo esta autora, un grupo relevante de mulleres chegou dende a capital española na década de 80 co obxectivo de formar familias, despois de ter establecido relacións de parella con algún dos mineiros caboverdianos.

El hecho de que hombres y mujeres, incluso cuando en el país de origen mantienen vínculos fuertes como el matrimonio o la convivencia, emigren por separado, responde al hecho de que esta estrategia facilitará su incorporación al mercado de trabajo. Se trata en definitiva de una transnacionalización de los lazos de parentesco como consecuencia de la emigración. Otras veces los vínculos se establecen en el país de destino entre miembros de la misma nacionalidad, asentados en diferentes ciudades. Este es exactamente el caso de los caboverdianos asentados en Laciana y las caboverdianas en Madrid; muchas mujeres se desplazaron a Villablino cuando la situación de sus compañeros o maridos pasó a ser estable

y en otros muchos casos surgieron nuevas parejas que siguieron la misma dinámica. Otras mujeres que habían salido de Cabo Verde separadas de sus maridos vienen de otras ciudades en las que les fue más fácil encontrar una oportunidad laboral. (Moldes, 1998: 263)

Polo tanto, durante a fase inicial de asentamento nos enclaves españois, un grupo importante destas mulleres trocou a capital española polos vales mineiros leoneses, como apuntan tamén outros traballos (Aranda, 1994). Do mesmo xeito que no caso italiano, no que homes residentes noutros países foron buscar esposas á comunidade feminizada (Monteiro, 1997), no caso que nos ocupa existiu unha afinidade considerábel entre os homes das minas e as mulleres residentes en Madrid, producíndose unha “emigración pendular” (Aranda, 1994: 105), a través da que os homes residentes nas zonas mineiras foron buscar esposas a Madrid, dentro do colectivo de mulleres das mesmas illas de procedencia, producíndose matrimonios endogámicos.

Los varones permanecían durante los días laborables en el Bierzo, y cuando llegaba el fin de semana cogían el autobús y se marchaban a Madrid. Allí salían en grupos mixtos formados exclusivamente por personas de su misma nacionalidad. Una vez que se formaba la pareja, ella abandonaba su trabajo y se instalaba con él a vivir en el Bierzo. (Aranda, 1994: 102)

As caboverdianas de Madrid tiñan iniciado o seu proxecto migratorio como traballadoras autónomas, atravesando as pioneiras a fronteira entre España e Portugal de xeito irregular, legalizándose nos sucesivos procesos extraordinarios. Segundo o traballo de Moldes (1998), unha vez chegadas a Laciana, estas mulleres construíron un novo papel de “amas de casa”, inexistente na cultura rural caboverdiana pero norma na sociedade de destino, na que é infrecuente o traballo asalariado das esposas dos mineiros. Estas mulleres dedicáronse a formar unha familia, primando as estruturas nucleares cun papel central da figura masculina.

O novo papel feminino de donas de casa supuxo unha nova versión do illamento social⁹⁸, na que as mulleres se viron fechadas en pisos con todo tipo de utensilios e electrodomésticos, nunha inactividade descoñecida para elas, que foi fonte de non poucos problemas de saúde, especialmente depresións, que se manifestaban con forza na altura en que Rocío Moldes realizou a súa investigación, coincidindo coa emancipación do grupo de descendentes, que supuxo o fin da dedicación exclusiva a un dos papeis primordiais que dotaba de sentido ás súas vidas.

A pesar de haber vivido en el valle de Laciana durante prácticamente dos décadas, las mujeres caboverdianas carecen, casi por completo, de representación social. Su ámbito de actividad se ciñe exclusivamente al hogar y al cuidado de los hijos. Una vez que estos crecen, cosa que ha sucedido en estos 20 años de permanencia en España, anulan el único papel -el de madres- que han desarrollado y

⁹⁸ Como se indicou nos apartados anteriores, as mulleres caboverdianas de Madrid, en canto traballadoras no servizo doméstico como internas, sufrían dun illamento social como consecuencia das características dos seus postos de traballo.

que dotaba de sentido una vida marcada por la rutina y sobre todo por el desarraigo. El aislamiento y la soledad de la que siempre han sido conscientes, y que ahora se manifiesta con una intensidad desmedida, desemboca en muchos casos a la más absoluta anulación personal, y lo que es peor en enfermedades (depresiones profundas) que requieren largos tratamientos, en los que el apoyo familiar es clave y, en general, la familia no está capacitada para brindar. (Moldes, 1998: 266)

A diferenza do caso galego, que se abordará nos seguintes capítulos, as mulleres caboverdianas de Laciana non exerceron papeis de interlocutoras perante as administracións públicas (caso da escola, institucións sanitarias). A falta de representación social destas mulleres non fixo mais que aumentar a xa enorme dependencia respecto dos seus maridos, levando a que a propia sociedade de acollida considerase a estas mulleres como incapaces de desenvolverse no ámbito social. Segundo esta investigadora o obxectivo dos maridos era que as mulleres non fosen capaces de “defenderse solas” (ibid.: 271), perpetuando a súa situación de subordinación.

Lo que parece bastante claro es que los esposos y/o compañeros de las mujeres caboverdianas tienen un enorme interés por perpetuar esta situación de dependencia, de la que son únicos y claros beneficiarios. Mientras sean los únicos que traen el dinero a casa, y las mujeres permanezcan dentro de esta, donde nadie les pueda explicar que pasa fuera, podrán seguir imponiendo sus criterios de dominación y discriminación. (ibid.: 271)

Neste contexto, foi extremadamente difícil romper o illamento, a pesar dos repetidos intentos da asociación de mulleres da localidade (que funcionaba como axencia de información, espazo de ocio e lugar de apoio para a denuncia de situacións de violencia e discriminación) de facer ás caboverdianas partícipes do seu espazo de partilla das mulleres, con escasos resultados. Posteriormente seguiu-se a estratexia de creación dunha asociación de mulleres exclusivamente caboverdianas, promocionada dende a devandita asociación, na tentativa de romper o isolamento.

La pasividad, y el progresivo abandono de las reuniones, práctica común entre las caboverdianas, plantea la necesidad de un cambio de estrategia, una nueva alternativa impulsada decididamente desde la asociación española. Así se decide crear la Asociación de Mujeres Caboverdianas, al frente de la cual estará, obviamente, una mujer caboverdiana, con una iniciativa moderada que no espante a sus compatriotas, y estrechamente ligada a la Asociación de mujeres españolas, que le facilite su labor. El objetivo primordial era conseguir un espacio que las caboverdianas sintieran como propio, donde experimentarían un mayor grado de protección hacia el exterior y confianza en ellas mismas que les permitiera mostrar sus carencias de una forma desacomplejada (dificultades para expresarse, para leer etc.). Se copia el modelo de la Asociación española, adaptado a la cultura de las caboverdianas, se trataba de realizar las mismas actividades en un terreno más íntimo, más protegido de “las otras”. (Moldes, 1998: 269)

Esta investigación dá conta da resistencia dos maridos, instalados na súa posición privilexiada, a deixar ás mulleres saídas con respecto ao papel de esposas e nais entregadas, que acabou por influír na posición das propias mulleres caboverdianas, dando fin a esta iniciativa e provocando un conflito no seo da comunidade.

Así se inició una escisión más, en la ya “pluridivida” comunidad caboverdiana. Algunas caboverdianas, incapaces de reconocer el auténtico problema (prohibición del marido o compañero, vergüenza de presentar la propia situación de subordinación, inseguridad, incapacidad para comunicar y un largo etc. de carencias) comenzaron a alegar, imitando la fábula de la zorra ante las uvas, que en la asociación se las adoctrinaba para perder el respeto a los maridos, que la asistencia era una pérdida de tiempo y que repercutía muy negativamente en el desempeño eficiente de las tareas del hogar, que era su verdadera y primordial obligación. (ibid.: 270)

Segundo a mesma autora, no val era frecuente o exercicio público da promiscuidade dos homes con compañeiras caboverdianas convidadas a xornadas festivas na zona, á que se acostumaban desprazar en autobuses dende Madrid, mentres as esposas ficaban recluídas na casa (ibid.). Isto non parece implicar a existencia de familias compostas poligámicas, como as existentes en Cabo Verde, senón relacións de tipo esporádico que contribúen a fortalecer o papel masculino en canto portador de privilexios de todo tipo.

Moldes (ibid.), conclúe a abordaxe das relacións de xénero no seo da comunidade de Villablino apuntando a un recente cuestionamento deste modelo de centralidade masculina e das relacións de xénero e parentesco da sociedade de orixe, que estaría a provocar mudanzas neste campo. No marco deste proceso de negociación das relacións de xénero irrompeu o proceso de abandono das explotacións mineiras a finais da década de 90, provocando mudanzas nenas relacións e nas posibilidades de inserción laboral de homes e mulleres, tanto en Villablino como en Bembibre.

En definitiva, la estructura familiar polígama, el reconocimiento y mantenimiento de los hijos habidos en otras uniones, tan arraigada y determinante de la cultura caboverdiana, se cuestiona tras más de dos década de asentamiento en la sociedad española. La adopción de determinados valores de la sociedad receptora se impone como clave para seguir manteniendo una inserción satisfactoria. Este “contagio” será la causa de numerosos conflictos internos entre hombres y mujeres de primera generación, dado que en buena medida se trata de un proceso de resocialización en la edad adulta, que no todos los individuos están capacitados para afrontar (Moldes, 1998: 276).

As mudanzas provocadas polo abandono da actividade mineira influíron de xeito diferencial nas dúas localidades leonesas de asentamento, atinxindo aos papeis de homes e mulleres. En ambos casos, a falta de oportunidades laborais impediu ou dificultou o aproveitamento do novo marco migratorio entre España e Cabo Verde, sendo a zona de asentamento caboverdiano que máis decreceu na última década, co abandono do val de Laciana e o estancamento da comunidade de Bembibre.

Non existen estudos que permitan comprobar se unha vez abandonado o val de Laciana as mulleres retomaron a súa dimensión laboral nos novos destinos, unha posibilidade a considerar, da que teño constancia no caso de Bembibre polo coñecemento directo da súa comunidade. Nesta localidade, unha vez xubilados os homes, moitas das esposas comezaron a traballar fora do fogar, en sectores como o servizo doméstico, a hostalería ou o industrial, ficando os maridos a cargo dalgunhas parcelas

domésticas, producíndose un proceso de mudanza nos papeis e relacións de xénero na xeración adulta, que continua na actualidade.

Polo tanto, unha parte das mulleres caboverdianas de Madrid, chegadas a España como traballadoras autónomas, abandonou a dimensión laboral para inserirse nun proxecto migratorio de tipo familiar, desprendéndose dun dos principais elementos de peso na negociación das relacións de xénero no seo da parella, a independencia económica. As mudanzas operadas na última década no ámbito laboral nos vales leoneses teñen conducido por unha banda á reemigración e pola outra a unha entrada das mulleres no mundo laboral, que lles poderá permitir non só novos espazos de interacción social fora do ámbito doméstico, senón tamén unha certa independencia á hora de negociar os seus papeis nese ámbito, na que os homes prexubilados se teñen resituado perante a falta de actividade laboral.

A análise do tránsito das mulleres caboverdianas de Madrid aos vales de León mostra claramente a fluidez das posicións e dos papeis asociados a homes e mulleres. Partindo dun proxecto migratorio autónomo como traballadoras, o estatuto, papel social e económico das mulleres caboverdianas mudou cara un proxecto de tipo familiar, que segundo Moldes (1998), comezou a ser cuestionado a finais dos anos 90, momento no que os procesos de xubilación anticipada das minas abría novas posibilidades de asentamento e de redefinición das relacións de xénero. Este caso demostra a plasticidade do xénero en canto construción social dinámica, susceptíbel de ser negociada e reconstruída unha e outra vez nos contextos migratorios (Donato, 2006; Mahler e Pessar, 2006).

Capítulo II.
**BURELA, DESTINO DA
EMIGRACIÓN CABOVERDIANA.
MODELOS DE INTERVENCIÓN
PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL**

A comunidade caboverdiana da Mariña foi beneficiaria de dous proxectos de intervención diferenciados, que poden ser analizados dende unha perspectiva antropolóxica. Nos seguintes apartados preséntase unha análise comparativa dos proxectos anteriormente mencionados, tendo en conta a concreción das tres dimensións definidas por Ruiz (2005) no seu modelo de análise dos procesos de intervención social: política, discursiva e cultural. Ambos procesos de intervención, continuos no tempo, foron executados por distintos sistemas interventores (Carmo, 2007), con presupostos teóricos e metodolóxicos diverxentes. A seguinte análise considérase pertinente por varios motivos. En primeiro lugar, porque as intervencións tiveron unha serie de impactos en diversos aspectos da vida das mulleres caboverdianas e da comunidade da que fan parte, que se irán debullando a continuación. En segundo lugar, porque a construción da imaxe pública do colectivo caboverdiano dende voces diversas, mostrándoo de xeitos diverxentes, influíu tanto na súa propia autoimaxe como nas súas relacións coa sociedade envolvente, que á súa vez, foi influenciada por estas representacións na valoración da comunidade.

O Proxecto BogAvante¹, promovido e executado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social (REGAL), tiña como grupo diana ao colectivo de mariñeiros caboverdianos residentes na Mariña de Lugo, concentrados na localidade de Burela. Foi pioneiro na intervención co colectivo caboverdiano, que nunca antes recibira atención por parte das administracións, a pesar da súa longa presenza na zona, que data de finais da década dos 70. O proxecto desenvolveuse entre xullo de 1998 e febreiro de 2000, con financiamento do Fondo Social Europeo² (FSE), no marco da iniciativa comunitaria INTEGRA³. Seguía un esquema habitual utilizado na concreción das iniciativas europeas, nas que a administración autonómica garantía o seguimento dos proxectos, actuando a Consellería de Pesca da Xunta de Galiza como institución supervisora perante as institucións europeas. A sede da REGAL atopábase na cidade de A Coruña, polo que só o persoal técnico do proxecto e non a propia organización se instalaron en Burela. Esta organización non governamental atopábase nun momento de inactividade, que influíu na ausencia dos seus membros no desenvolvemento cotiá do proxecto.

O obxectivo xeral do BogAvante pretendía promover a formación pesqueira dos mariñeiros caboverdianos, para facilitar o seu ascenso laboral nas tripulacións, xa que técnicos de pesca tiñan

¹ Nome composto das palabras *boga*, do verbo bogar, sinónimo de remar, e *avante*, que significa adiante en lingua portuguesa.

² Contou cun orzamento de 6,600.000 pesetas, sendo o proxecto de menor cuantía desta iniciativa en territorio español.

³ A iniciativa INTEGRA tiña como obxectivo desenvolver proxectos de mellora do acceso ao mercado de traballo e as posibilidades de emprego dos grupos vulnerábeis, no período 1996/99. Non se dirixía especificamente aos colectivos migrantes.

detectado a ausencia do colectivo nas diversas formacións que organizaban, impedindo a súa progresión laboral. Para lograr este obxectivo, estaba prevista a realización de aulas de reforzo en linguas (galego e castelán), que permitisen un mellor aproveitamento das formacións pesqueiras. O BogAvante fora redactado por unha empresa consultora sen ningún tipo de contacto previo coa comunidade caboverdiana. A pesar da flagrante ausencia do colectivo beneficiario na definición do proxecto, entre os métodos de traballo propostos na redacción inicial prevíase o establecemento de relacións de proximidade entre o persoal técnico e os beneficiarios (REGAL, 1998). Esta metodoloxía de traballo, de tipo participativo, prevía a implicación do colectivo beneficiario, visto como parte activa do proceso de intervención. A súa aplicación levou á reformulación do proxecto inicial⁴, que pasou a considerar as mulleres caboverdianas como elemento fundamental da intervención, e redefiniu como obxectivo xeral da mesma a promoción da integración do colectivo, considerada de xeito dinámico e multidimensional (Giménez, 2003; Laparra, 2003).

O segundo proxecto de intervención, iniciado unha vez rematado o anterior (marzo de 2001), foi conducido por un novo sistema interventor, o Concello de Burela, inicialmente con fondos da Consellaría de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galiza. O sistema interventor seguiu un esquema organizativo máis pechado que o anterior, sendo financiado e executado por dúas institucións próximas, gobernadas pola mesma forza política. A súa acción continuou ate a actualidade, mudando de denominación e de financiador conforme os cambios políticos e institucionais.

A intervención municipal acabou coa vertente participativa, mudando o encadramento teórico que tiña sustentado a intervención anterior (Oca, 2006). Se no primeiro caso foron seguidas as diversas fases definidas por Ander-Egg (1980) para todo proxecto de intervención social (diagnóstico, planeamento, execución e avaliación), no segundo caso o novo sistema interventor pasou directamente á fase de execución, sen ter en conta a realidade do colectivo beneficiario, que tiña mudado como consecuencia da intervención inicial. Por este motivo, a análise será máis detallada respecto da intervención inicial, na que se partiu dunha situación de descoñecemento total e falta de contacto co grupo beneficiario.

Aínda que ambos proxectos beneficiaron ao mesmo colectivo, fixérono dende presupostos teóricos e metodolóxicos diferentes, encarnando dous xeitos de intervención contrapostos, nos que a

⁴ Esta reformulación realizouse a través dunha fase de diagnóstico preliminar moi rápida, dado o contexto no que se produciu, xa dentro da etapa de presenza no terreo do BogAvante, desenvolvéndose entre setembro e novembro de 1998, após unha fase previa de contactos iniciais e investigación bibliográfica nos dous meses anteriores.

interacción entre os sistemas interventor e beneficiario mudou considerabelmente. Na análise que se presenta a continuación terase en conta como estas mudanzas provocaron xeitos de acción e resultados diferentes, mudando tanto o papel do persoal técnico executor como do colectivo beneficiario da intervención.

O meu achegamento á comunidade caboverdiana da Mariña produciuse en calidade de coordinadora da intervención inicial, na que realicei un intenso labor de investigación, dado que o colectivo era un perfecto descoñecido. Este proxecto inicial estivo caracterizado por unha aplicación do método etnográfico no desenvolvemento da intervención, que foi substituído co novo sistema interventor por un método de traballo que se podería definir como burocrático. A imposibilidade de continuar co traballo comunitario tal e como se entende dende a antropoloxía aplicada levoume a saír da intervención, mais non a abandonar o proceso de investigación. Este continuou dende outra posición, profundando o estudo da cultura caboverdiana e das relacións de xénero que se producen no seu seo.

2.1. CONTEXTO DE ACOLEMENTO: BURELA DE CABO ... VERDE

A maior parte da comunidade caboverdiana da costa de Lugo reside dende os anos 80 na localidade de Burela. Nembargante, nos primeiros tempos, no fin da década de 70, os lugares de asentamento foron principalmente a pequena vila costeira de San Cibrao, pertencente ao concello de Cervo, así como a parroquia de Cangas e a vila de Foz e, no concello do mesmo nome.



Foto 3: Burela dende o Monte Castelo (2005)

A costa lucense, coñecida como A Mariña, a pesar da súa unidade territorial, está dividida en tres comarcas, A Mariña Oriental, Occidental e Central⁵, da que fai parte Burela, xunto cos concellos de Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro. A orla costeira está bañada polo Mar Cantábrico.

Mapa 4: A Mariña Luguesa



Dentro desta zona destacan catro núcleos urbanos costeiros de máis de 5.000 habitantes (Burela, Foz, Ribadeo e Viveiro), que “conforman unha rede urbana policéntrica, caracterizada pola complementariedade e a interdependencia” (Río, 2001), conectadas a través da Estrada da Costa. Trátase dunha zona que permaneceu illada en canto ás estruturas de comunicación ate tempos recentes, tendo aparecido actividades endóxenas que posibilitaron o desenvolvemento económico da comarca e dos seus núcleos. A pesca constitúe na actualidade un dos sectores máis importantes da costa luguesa, xerada a partir dunha pesca artesanal presente historicamente en todos os enclaves costeiros. Entre eles, dous fóronse perfilando a partir dos anos 60 como portos dunha alta importancia na área do Cantábrico: Burela e Celeiro⁶.

A Mariña experimentou un proceso de industrialización no fin do século XVIII, baseado na industria téxtil e a metalurxia, que acabou por fracasar, o que, unido á falta de modernización do sector agrario e á crise do comercio, provocou unha emigración masiva da poboación rural cara as Américas. Ate os anos 60 do século XX, existiron tímidas experiencias de industrialización, vencelladas aos sectores conserveiro e madeiro e á industria cerámica, que non conseguiron acabar coa marxinalidade da comarca en termos industriais. A finais dos anos 70 produciuse unha

⁵ Segundo o mapa de comarcalización da Xunta de Galicia, elaborado en 1997. A Mariña Occidental está formada polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Ourense, Xove e Cervo; A Mariña Oriental, polos de Ribadeo, Barreiros, A Pontenova e Trabada.

⁶ Localidade pertencente ao Concello de Viveiro.

mudanza significativa, coa instalación da fábrica de Alúmina-Aluminio⁷, iniciándose un proceso de industrialización que afectou a toda a comarca. A factoría localizouse en terreos costeiros entre os concellos de Xove e Cervo, nos que se construíu un porto para a carga e descarga de materias primas e produto elaborado⁸, así como un encoro no río Cobo para o abastecemento de auga para o proceso industrial. Os primeiros caboverdianos chegaron á zona como traballadores non cualificados para estas obras en 1977, como se indicou no capítulo anterior.

A instalación da Alúmina provocou numerosos cambios na comarca. Por unha banda, un forte crecemento demográfico, do que se beneficiaron fundamentalmente Burela, Foz e Viveiro, que atraeron, ademais de poboación do interior da provincia, novos habitantes procedentes maioritariamente doutros puntos do estado (Asturias, Valladolid, Puertollano), tanto cadros técnicos superiores como traballadores industriais máis ou menos especializados. Pola outra, o tecido industrial mariñao fortaleceuse co establecemento de empresas auxiliares, inicialmente para o proceso de construción do complexo e posteriormente para apoiar a produción industrial, que se iniciou en xaneiro de 1979. A demanda de materiais cerámicos para a construción tivo efectos positivos no sector mineiro xa existente nos concellos de Foz e Cervo. Segundo Durán, Lois, López e Montojo (1986), os sectores que se viron máis beneficiados deste auxe foron o terciario e o financeiro, experimentando ambos un importante crecemento, sobre todo na área do comercio retalista e a hostalaría.

A principios do século XX Burela contaba con catro barrios diferenciados (Burela de Cabo, Vila do Medio, Castrelo e o Porto), entre os que existía unha clara separación espacial, cuxos habitantes dedicábanse fundamentalmente aos labores agrarios, agás no último caso. Non se podía falar dun espazo urbano senón dun agregado de pequenas entidades rurais. A centuria comezou cun tímido desenvolvemento industrial, coa abertura dunha fábrica de conservas, da antiga fábrica de cerámicas e varios serradoiros para a transformación da madeira. A pesar destas iniciativas, a localidade continuou baseando a súa economía no sector primario, tanto na pesca como na agricultura, practicando a maior parte dos seus habitantes ambas as dúas actividades. O sector da pesca foi gañando forza paulatinamente ate converterse a partir da década de 50 no seu motor principal, posibilitando un acelerado crecemento demográfico e urbanístico, que a levou a ser na actualidade unha das vilas principais da comarca, sendo o seu porto un dos máis importantes do Cantábrico.

⁷ Tratábase de dúas empresas, Alúmina Española, S.A. e Aluminio Español, S.A., dependentes do estado na altura, aínda que controladas por capital estranxeiro. Desde 1998 pertencen á empresa transnacional norteamericana Alcoa, tras a súa privatización (Río, 2001).

⁸ A fábrica transforma, a través dun proceso de electrólise a bauxita, chegada por vía marítima, en alumina, que posteriormente é transformada en aluminio noutras factorías.

A evolución demográfica burelá foi ascendente ao longo do século XX, de xeito que, partindo dunha poboación de 774 persoas no ano 1900, acabou por acadar 8.180 habitantes en 2000, multiplicándose extraordinariamente durante a centuria. Diversos factores foron influíndo neste salto demográfico, que partindo dun crecemento paulatino, mostra o seu primeiro punto de inflexión cara un crecemento acelerado na década de 60, manténdose ate o final do século, sendo especialmente acentuado nos anos 70 e 80.

Cadro 4: **Evolución da poboación en Burela (1900-2000)**

ANO	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2000
HAB.	774	856	990	1.020	1.153	1.443	1.891	2.909	4.822	7.376	8.180

Fonte: INE. Elaboración propia

Segundo Río (2001), no período 1900-1960 o crecemento da localidade baseouse no desenvolvemento da pesca de baixura, que á súa vez atraeu pequenas inversións en sectores como estaleiros, conserveiras ou serradoiros, o que fomentou a chegada de poboación do espazo rural circundante. Na década de 60 todas as vilas costeiras da Mariña experimentaron un importante crecemento, que no caso de Burela foi de 5'38%, fronte á media de 1'15% (ibid.). A localidade continuou a liderar as taxas de crecemento na zona ate os anos 90, presentando cifras moito máis elevadas que as localidades veciñas.

Diversos factores posibilitaron este intenso crecemento demográfico. Por un lado, a renovación da flota pesqueira nos anos 60, proceso que continuou ate o século XXI. Por outro, a instalación da factoría de Alúmina-Aluminio, da que Burela foi unha das localidades máis beneficiadas, pola súa forte atracción como lugar de asentamento da man de obra dende o inicio da construción desta industria en 1976, que se veu incrementada polo desenvolvemento paralelo doutras actividades endóxenas como a industria cerámica. Este crecemento veuse aínda fortalecido polas inversións do capital acumulado das actividades do medio rural e do retorno de emigrantes das Américas, que favoreceron a concentración da poboación na vila, coa construción e compra de inmóbeis (Durán et al., 1986).

Nos anos 80, novos factores de crecemento engadíronse aos anteriores, destacando a instalación do *Hospital da Costa*, de ámbito comarcal, en 1986, que potenciou o asentamento de persoal da área da saúde e coincidiu coa abertura de dous centros de educación secundaria. En paralelo, deuse un auténtico boom da construción, que fixo que a vila se fora convertendo nunha pequena cidade. Burela comezou a desenvolver un potente sector terciario en torno aos sectores citados.

Na última década do século XX o crecemento de Burela foi desacelerando, sen chegar a ser negativo, continuando a atraer poboación, tanto do espazo rural circundante como da emigración de retorno coas súas inversións, e inmigrantes, especialmente con destino ao traballo na pesca.

En suma, Burela, presenta un dinamismo e unha diversificación económica que posibilitou que se teña convertido nunha das localidades de tamaño medio máis puxantes do norte de Galiza (Río, 2001).

O crecemento demográfico fixo que as catro pequenas aldeas do inicio do século XX, que aínda se mantiñan diferenciadas nos anos 60, deran paso a unha pequena cidade na década de 2000, na que coexisten persoas de máis de trinta nacionalidades diferentes, mediante un intenso proceso de urbanización. Nos anos 60 realizouse o parcelamento do que hoxe se considera o centro da vila, que se foi urbanizando na década de 70 e enchendo rapidamente de novas construcións a partir da década de 80, na maioría dos casos sen moito rigor urbanístico. Novos barrios foron xurdindo en zonas anteriormente desocupadas, caso do Campón, que se urbanizou a raíz da instalación dos centros de ensino e o Hospital nesta zona, na década de maior crecemento demográfico da localidade.

A chegada de poboación foránea non obedeceu só a un patrón de migracións internas dentro da comunidade autónoma ou estado, senón que xa dende os tempos da instalación da fábrica existía presenza estranxeira, non só procedente de países veciños como Portugal⁹, senón tamén de latitudes ate entón descoñecidas pola poboación local, como Cabo Verde, que na altura da chegada dos pioneiros (1977) acababa de iniciar o seu proceso de construción nacional. Non foi ate final dos anos 90 que Burela acolleu novos colectivos de orixe estranxeira, coincidindo coa tendencia xeral de chegada de inmigrantes á España e Galiza. A maioría destes novos veciños e veciñas son de orixe latinoamericana, cunha importante compoñente de retorno dos descendentes da antiga emigración mariñá a países como Arxentina e Uruguai.

A década de 90 trouxo unha mudanza fundamental no aspecto político-administrativo para a parroquia de Santa María de Burela, que pertenceu ate 1994 ao veciño Concello de Cervo¹⁰. Nos anos 80, como consecuencia do intenso proceso de crecemento experimentado pola vila burelá, comezaron a aparecer voces que reclamaban unha mudanza de capitalidade e denominación do

⁹ Na Mariña existe un importante colectivo de orixe portuguesa, que inicialmente veu traballar no sector da madeira e na construción, inseríndose posteriormente parte deles no sector pesqueiro, que foi atraendo nova man de obra de procedencia lusa.

¹⁰ O Concello de Cervo, con capitalidade na pequena localidade do mesmo nome, conta cunha pequena vila costeira, San Cibrao, próxima ás instalacións da fábrica, na que sempre residiu un pequeno grupo de familias caboverdianas.

concello, propondo Burela como novo centro e denominación municipal oficial. Estas propostas foron derivando cara a petición da segregación para formar un novo municipio, postura apoiada e impulsada dende o Partido Popular. Finalmente, en 1994, Burela constituíuse no concello número 315 de Galiza, iniciando unha nova andaina da que xa transcorreron varias lexislaturas¹¹.

O territorio municipal é de tan só 7'3 Km², coincidente co da parroquia, dos que a parte norte limita co Mar Cantábrico, e a sur coa variante da Estrada da Costa¹². Burela conta cun escaso espazo de expansión, presentando un elevado índice de densidade de poboación¹³, que a sitúa no primeiro posto da provincia de Lugo e no cuarto a nivel galego.

Segundo a revisión do Padrón, en 2008 Burela contaba cunha poboación residente de 9.171 habitantes de diversas orixes, na que se plasman as distintas compoñentes do acelerado proceso de crecemento demográfico, debido en boa parte a terse afianzado como destino de diferentes fluxos migratorios, tanto de carácter interno como internacional.

Por unha banda, está o colectivo de persoas nadas no Estado Español¹⁴, que supón o 88'1% dos residentes na localidade, sendo máis de tres cuartas partes de orixe galega. Dentro deste grupo galego, a maioría provén da mesma provincia, especialmente dos concellos limítrofes do interior (33'1 %), cifra semellante ao 37'9% de residentes nados na propia localidade, o que da conta da extraordinaria capacidade de atracción das xentes das zonas rurais interiores. Por último, as persoas procedentes doutras comunidades autónomas supoñen o 10'5 % da poboación residente en Burela, facendo parte deste grupo moitas das familias chegadas na abertura da fábrica de aluminio, que se estableceron definitivamente.

¹¹ Após un ano de goberno dunha Comisión Xestora, sucedéronse tres lexislaturas do PP no poder local (1995/99; 1999/2003; 2003/07) e unha de goberno bipartito entre PSOE e BNG (2007-2011).

¹² En funcionamento dende 1998, para aliviar o tráfico costeiro que ate entón atravesaba a vila, construída inicialmente en torno a esta

¹³ 1022 hab/Km² en 2002, segundo o informe municipal para a *Agenda 21* (dispoñíbel en www.burela.org/agenda21). Consultado o 29/09/2011.

¹⁴ Tómase como base a naturalidade e non a nacionalidade, xa que esta última pode ser variábel ao longo da vida.

Cadro 5: Orixe (naturalidade) da poboación burelá (1998-2008)

Orixe poboación		1998	%	2003	%	2008	%
España		7.666	96'8	7.914	94'4	8.087	88'1
Galiza	Total	6.661	84'1	6.929	82'6	7.119	77'6
	Burela	2.833	35'7	2.945	35'1	3.482	37'9
	Outros municipios Lugo	3.327	42	3.425	40'8	3.038	33'1
	Outras provincias galegas	501	6'3	559	6'6	599	6'5
Outras comunidades España		1.005	12'6	985	11'7	968	10'5
Estranxeiro		249	3'1	466	5'5	1.084	11'8
Total		7.915	100	8.380	100	9.171	100

Fonte : INE. Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia.

Atendendo á evolución do peso dos colectivos de diversas procedencias no período entre 1998 e 2008, pódese destacar a diminución dos naturais do Estado Español, parella ao forte crecemento da porcentaxe de poboación estranxeira, que case chegou a cuadruplicarse. Dentro dos nacionais españois, destaca o elevado peso da poboación autóctona galega, especialmente da procedente doutros concellos lucenses, aínda que esta teña decrecido en comparación coas persoas nadas na localidade, o que está relacionado cun elevado índice de natalidade. Compre indicar que deste colectivo “nativo” fan parte os descendentes dos inmigrantes estranxeiros, a maioría dos cales opta pola nacionalidade española¹⁵.

Continuando coa mesma fonte, a poboación nacida no estranxeiro ascendía en 2008 a 1.084 persoas, supondo o 11'8 % do total. Esta elevada taxa de estranxeiría responde ao intenso proceso de chegada de migrantes á localidade, especialmente dende finais da década de 90, que se viñeron xuntar aos colectivos caboverdiano e portugués, presentes dende 1978.

¹⁵ O acceso á nacionalidade española depende da lei do país de orixe dos proxenitores, no caso de ser ambos estranxeiros, como se explicará máis adiante de xeito pormenorizado.

Cadro 6: Continentes de orixe da poboación con naturalidade estranxeira en Burela (1998/2008)

	1998	%	2003	%	2008	%
TOTAL	249¹⁶	100	466	100	1.084	100
EUROPA	63	25´3	139	29´8	189	17´4
AMÉRICA	22	8´8	195	41´8	520	47´9
ÁFRICA	45	18	123	26´3	337	31
ASIA	4	1´6	7	1´5	37	3´4

Fonte : INE. Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia.

No que respecta ás procedencias da poboación inmigrante residente en 2008, sempre segundo os datos do Padrón, o continente americano é o que máis aporta, acadando o 40´5% do total de poboación estranxeira, destacando o colectivo peruano (46´8 %), vencellado ao sector pesqueiro, seguido do uruguaio, brasileiro e colombiano. O segundo continente de orixe do colectivo inmigrante por importancia cuantitativa é África, representando os caboverdianos perto do o 87% deste¹⁷, seguidos moi de lonxe por senegaleses e marroquís. A seguir sitúase o colectivo de orixe europea, cun 16% de presenza, destacando no seu seo o colectivo portugués¹⁸ cun 59´5% do grupo europeo, no que, por outra banda, os residentes comunitarios supoñen o 87´4%. Por último, pódese resaltar a irrupción dun 7´8% de inmigración procedente do continente asiático, onde só aparece desagregado un minúsculo colectivo chinés, xunto a un grupo máis numerosos de inmigrantes cunha taxa de masculinidade próxima ao 100%, que presumimos corresponde ao último colectivo en chegar: os mariñeiros indonesios, dos que se falará máis adiante.

Atendendo á evolución dos diferentes grupos de persoas estranxeiras na década 98/08, aprécianse varias tendencias, destacando a elevada taxa de crecemento dos colectivos estranxeiros, equiparábel á media estatal, que sitúa Burela como unha localidade dinámica e atractiva para a inmigración. Dentro dese marco, mudou a configuración dos colectivos nacionais, cunha forte irrupción do colectivo americano, especialmente do peruano e doutros países latinoamericanos, que partindo de menos de un 10% de presenza no inicio do período acadou cerca do 42% dez anos despois. En canto

¹⁶ No caso de 1998 non existen datos referentes á naturalidade das persoas estranxeiras, senón á nacionalidade, aínda que se pode deducir que só 134 das 249 persoas nadas no estranxeiro teñen nacionalidade estranxeira, o que se explica porque 115 persoas naturais doutros países teñen tomado a nacionalidade española.

¹⁷ Nos datos de explotación do Padrón non aparece a naturalidade caboverdiana desagregada, aínda que podemos presumir que, unha vez restados os colectivos que si aparecen desagregados (Senegal, Marrocos e Nixeria), os restantes poidan corresponder case ao 100% a persoas de naturalidade caboverdiana, dada a inexistencia doutros colectivos africanos na localidade.

¹⁸ A este colectivo pertence un pequeno grupo de caboverdianos, tanto adultos que conservaron a nacionalidade do colonizador como descendentes nados no percurso migratorio dos seus proxenitores.

ao colectivo africano, que se triplicou no período, a maior parte corresponde a unha nova vaga de inmigrantes con orixe en Cabo Verde, aínda que se produciu certa diversificación coa chegada duns incipientes colectivos senegalés e marroquí. Pola contra, existe unha importancia decrecente do colectivo de procedencia europea, excepto no caso portugués.

A localidade burelá é unha excepción no seu contexto, non só polo seu ritmo de crecemento ao longo do século XX e pola ampla presenza de continxentes de poboación foránea que están na base deste, senón tamén polas características da pirámide de idade, que a converte nunha excepción no ámbito non só comarcal, senón provincial e autonómico, contrariando as principais tendencias demográficas. Burela, segundo o citado estudo realizado para a Axenda 21, con base nos datos do Padrón de Habitantes de 2002, presenta os máis elevados índices de infancia e xuventude e os máis baixos índices de vellez e envellecemento da comarca, provincia e comunidade autónoma. Destaca asemade a taxa bruta de natalidade, por riba das medias referidas, en grande parte debida aos continxentes de inmigrantes, que chegan en idade laboral e reprodutiva.

Como se informa na web oficial do Concello de Burela,

O máis destacable da poboación de Burela a día de hoxe é a súa xuventude, con unha media de idade de 36 anos. De feito, os menores de 15 anos superan amplamente ós maiores de 65 o que constitúe un caso único tanto na provincia de Lugo como no resto de España, onde se experimenta un envellecemento progresivo da poboación. Outro dato importante en canto ó estudio da poboación é que Burela é o único Concello da provincia de Lugo que presenta un crecemento vexetativo positivo nos últimos anos e todo parece indicar que esta tendencia se vai manter nos próximos anos¹⁹.

Para rematar este apartado sobre o contexto de acollemento, considérase pertinente facer unha breve alusión ao sistema de xénero e as posicións femininas na sociedade costeira galega, que teñen influído no proceso de incorporación e adaptación das migrantes caboverdianas e nas transformacións dos seus papeis e relacións de xénero.

Existe un mito moi estendido sobre a existencia dun suposto matriarcado na Galicia costeira, entendido como sistema social no que as mulleres xogan un papel preponderante. Algúns autores interpretaron a sociedade mariñeira como definida polo dominio feminino (Lison, 1979), esgrimindo como unha das probas do poder das mulleres a elevada presenza de nais solteiras, aceptada socialmente. Outras argumentacións importantes neste sentido desenvólvense en torno á práctica social de transmisión da herdanza a través das mulleres e á súa elevada taxa de actividade produtiva.

¹⁹ <http://www.burela.org/demografia.htm>, consultado o 20/09/2011.

Segundo o traballo de Marcial Gondar (1991) sobre as viúvas da costa galega, “a manda matriliñal non é unha victoria sobre o home, senón un mecanismo de defensa contra o potencial desamparo” da muller (ibid.: 23), que na costa está sempre moi presente, xa que tanto a emigración masculina como o traballo dos homes no mar conlevan en si mesmos o perigo do non retorno.

A pesar do anterior, este antropólogo afirma que o papel das mulleres, lonxe de moverse dentro da liberdade sexual consiste en funcionar como a representación da moralidade da comunidade.

Na maioría das sociedades, e por suposto na galega tradicional, a muller está moito máis coartada socialmente có home, ata o punto de que podíamos falar dela como símbolo do cumprimento das normas, tan poucos son os escapes que se lle permiten e tanta a dureza con que se castigan os seus deslices (Gondar, 1991: 76).

E non se debe entender que esta función de símbolo da moralidade que a muller encarna é reducida ao campo do sexual ou de que con isto máis ou menos se relaciona. (ibid.: 101)

Por outra banda, as mulleres galegas teñen unha forte presenza en actividades laborais como o marisqueo, a comercialización de peixe ou a agricultura, feito que contrasta con outras zonas do estado. Na costa galega tense dado normalmente unha economía de tipo mixto, que conxugaba as rendas agrarias e do mar, existindo unha longa tradición de mulleres asalariadas dende a chegada dos empresarios cataláns, que instalaron salgas e conserveiras xa no século XVIII. O feito de que o mar sexa un espazo exclusivamente masculino, que ademais provoca a ausencia dos homes, ten propiciado que a organización da produción agrícola, os procesos de toma de decisións, as vendas e a organización do traballo comunitario teña recaído nas mulleres, dándose un sistema máis igualitario, que non de superioridade, entre homes e mulleres a este respecto (Fernández e Monteiro, 2003). A maior parte das actividades laborais femininas están minusvaloradas, cando non absolutamente invisibilizadas, sendo o exemplo máis evidente o traballo doméstico e reprodutivo, considerado como algo intrinsecamente asociado ás mulleres. A contribución feminina á agricultura ou gandería é considerada como unha extensión do obrigatorio traballo doméstico, unha “axuda”.

Segundo o estudo de Kelley (2011), nas configuracións de xénero na Galiza a posición das mulleres e a súa valoración social están asociadas á súa actividade produtiva e á súa responsabilidade en maior medida que ao seu comportamento sexual, podendo ser consideradas respectábeis a pesar de fuxir ás normas sexuais ditadas pola igrexa. Isto explica a aceptación social das nais solteiras, nun sistema diferente ao doutros lugares da xeografía do estado, que, como se verá no terceiro capítulo, garda certos paralelismos co sistema de xénero da sociedade badía.

A diferenza das sociedades mineiras de asentamento de migrantes caboverdianos en León (ás que se aludiu no apartado 1.4.7), nas que as mulleres autóctonas e migrantes adoptan maioritariamente a

posición de donas de casa, na sociedade mariñá teñen existido historicamente elevadas taxas de actividade feminina, tanto no mercado de traballo formal como informal, aspecto que ten posibilitado o traballo extradoméstico das mulleres caboverdianas dende os tempos iniciais de asentamento na zona.

2.2. PARA UNHA ANÁLISE ANTROPOLÓXICA DOS PROCESOS DE INTERVENCIÓN SOCIAL. INVESTIGANDO A INTERVENCIÓN SOCIAL DENDE A ETNOGRAFÍA.

Esteban Ruiz (2005), na súa proposta de análise das intervencións sociais dende a Antropoloxía, propón tres dimensións a ter en conta como única vía de aprehender a realidade complexa que estes procesos supoñen. Estas dimensións están presentes en todo proceso de intervención social, independentemente dos seus campos, contextos e ámbitos de actuación. Esta proposta será utilizada máis adiante na análise comparativa das dúas intervencións que tiveron como beneficiaria a comunidade caboverdiana de Burela.

A primeira dimensión definida por este antropólogo é a **cultural**, entendendo a cultura como “forma colectiva de ordenar – representando y significando- el contexto en el que se mueven los seres humanos, como una herramienta conceptual más que como un conjunto de elementos articulados” (Ruiz, 2005: 115).

Nesta dimensión, a cultura así definida funcionaría en tres niveis diferentes, aos que se debe prestar atención na análise dos procesos de intervención social. En primeiro lugar, a cultura con maiúsculas, xa que a intervención se produce dentro e sobre a cultura en tanto que capacidade humana para ordenar o contexto no que vive. Seguidamente, deberase ter en conta que os procesos de intervención social producen encontros de tipo asimétrico entre culturas diferentes, nomeadamente entre interventores e beneficiarios. Por último, as culturas organizacionais dos distintos actores presentes nun proceso deste tipo contribuirán para dar forma aos procesos e relacións.

A dimensión cultural así entendida ten sido descoidada en numerosos casos, a pesar de que xa dende os anos 70 existen voces propondo que sexa tida en conta como un factor clave do éxito deste tipo de procesos (Foster, 1974; Freire, 1970). Segundo autores como Kottak (2000), a “viabilidade cultural” dun proxecto estaría intimamente relacionada co coñecemento da cultura local, algo que demasiadas veces non é tido en conta, dando lugar a proxectos nos que a intervención fracasa. Este antropólogo propón ter en conta os seguintes factores culturais, para uns resultados máis eficaces das intervencións: o coñecemento local; a diversidade e compatibilidade culturais; dar resposta ás necesidades locais e non a obxectivos abstractos; aproveitamento das unidades sociais e liñas de autoridade existentes, e por último, a implicación dos beneficiarios (Kottak, 2000, cit. Ruiz, 2005).

Segundo Ruiz, o termos en conta o factor cultural implica que os proxectos de intervención deban partir do coñecemento das realidades locais, que deben ser investigadas coa participación dos colectivos beneficiarios:

La sensibilidad cultural que debemos desarrollar implica la investigación de las culturas locales para que sea desde ellas desde las que partan los proyectos de intervención, así también se garantiza el compromiso de la gente mediante la adaptación de los proyectos a sus valores y expectativas. (2005: 128)

A segunda dimensión definida por Ruiz é a **discursiva**, referida á construción de imaxes ou representacións sociais dos elementos ligados a intervencións sociais concretas, que poden estar referidas aos colectivos beneficiarios, a fenómenos e/ou problemas sociais, ou ao propio proceso de intervención en si:

... la conformación de imágenes sociales, estereotipos y estigmas, que sintetizan, de forma muy eficaz, a colectivos sociales, lo que se entiende por sus problemas, una visión de la sociedad deseada, por tanto, un modelo de transformación para los que se “salen” de ella, y asimismo, todo un procedimiento que guíe el proceso. (Ruiz, 2000: 135)

Neste caso concreto abordarase a construción do discurso público sobre o colectivo beneficiario dos dous proxectos de intervención en análise, especialmente dos producidos no ámbito da prensa escrita, que a través de diferentes discursos ten xogado un papel esencial na construción da imaxe pública do colectivo caboverdiano.

A terceira e última dimensión da proposta de Ruiz é a **política**, constituída polas relacións de poder ligadas aos procesos de intervención social, consideradas de xeito dinámico, relacións que se inician dende a primeira fase de calquera proxecto, é dicir, a definición da realidade que se pretende transformar (diagnóstico), xa que “siempre habrá que definir - por imposición, consenso, debate o creación colectiva –los problemas, sus soluciones y la forma de implementarlas, con más o menos participantes en el proceso en medio de las redes y liderazgos sociales” (Ruiz, 2005: 141).

Neste campo do político, o noso autor define catro *configuracións* ou *momentos* diferentes das relacións de poder, tendo en conta por unha banda, dúas das fases de calquera proxecto de intervención (diagnóstico e execución) e pola outra, quen son os actores que teñen o poder de tomar decisións dentro do proceso.

Cadro 7: Configuracións das relacións de poder nas intervencións sociais. Ruiz (2005)

	FASE DIAGNÓSTICO	FASE EXECUCIÓN	
ACTORES CON PODER	REPRESENTACIÓN MONOFOCAL	INTERVENCIÓN HEXEMÓNICA	VISIÓN CLÁSICA
	REPRESENTACIÓN PLURAL	INTERVENCIÓN PARTICIPATIVA	VISIÓN ALTERNATIVA

O autor realiza esta división por motivos de oportunidade analítica, diferenciando as fases de diagnóstico (construción da situación a intervir) e subsecuente execución da intervención (Ruiz, 2005). Na fase inicial de diagnóstico, Ruiz refírese ao poder sobre a construción da representación social do colectivo beneficiario da intervención e do problema a resolver, a través dos discursos sociais. Na fase de execución ten en conta qué actores participan nos procesos decisorios sobre as actividades a desenvolver e como facelo. Tendo en conta unicamente as relacións de poder, sen atender ao momento ou fase do proxecto na que se producen, as configuracións poden ser reducidas a dúas, unha de tipo clásico e outra alternativa a esta.

A **representación monofocal** corresponde ao modelo clásico de intervención, na que o Estado (que no caso en análise pode estar encarnado polas administracións central, autonómica ou local), define unilateralmente unha imaxe do obxecto de intervención e das súas problemáticas, que estarían na base da propia intervención social e a xustificarían. Unha vez construída esta representación, na que os beneficiarios xogan un papel pasivo, a implantación do programa lévase a cabo a través de certos ámbitos previamente definidos, con determinadas formas de proceder, segundo as propias características organizacionais do estado. Neste caso, Ruiz destaca as consecuencias de este tipo de intervención no que denomina *efectos secundarios del Estado de Bienestar*, que supón unha certa “victimización” ou “estigmatización” dos colectivos beneficiarios (Ruiz, 2005: 142).

Como contrapunto a este modelo de intervención, que a pesar do seu clasicismo continúa a ser hexemónico (tanto nos procesos de intervención no seo do estado de benestar occidental como no ámbito da cooperación ao desenvolvemento), xurdiron a partir dos anos 70 diversas propostas que se poderían englobar na visión alternativa definida polo noso autor. Na **representación plural**, a construción da imaxe pública do colectivo beneficiario conta coa participación efectiva do mesmo. Xa non se trata de que os técnicos, cos seus saberes científicos, definan as problemáticas e necesidades, alén doutras características dos colectivos intervidos, dende fóra. Nos procesos de construción das representacións plurais a administración non será o único foco de poder en activo. A propia comunidade beneficiaria realizará a elaboración participativa dun plan comunitario, constituíndo un novo foco de poder, xerándose “una dinámica de comunicación y expresión colectiva” (ibidem).

Unha vez construído o plan coa axuda dos técnicos, a dimensión política estará sumamente presente, xa que o colectivo terá xurdido como un novo actor e foco das relacións de poder. Por este motivo, diversas investigacións sobre intervención social consideran que o proceso de empoderamento iníciase precisamente neste momento da construción da representación plural.

Nas propostas alternativas deste tipo, que irían da IAP aos diversos enfoques do empoderamento e unha mancha doutras propostas metodolóxicas concretas, a dimensión política continúa a ter grande relevancia a nivel de clave explicativa, pois a intervención participativa produce e desenvólvese nun marco de novas relacións de poder, nas que o actor beneficiario deixa de ser un colectivo pasivo para converterse en parte activa fundamental do proceso de intervención.

Partindo da concepción dos procesos de intervención social como algo complexo e dinámico, e tendo como guía unha actitude pragmática na súa análise, Ruiz (2005) propón o método etnográfico como o máis axeitado para o estudo deste tipo de procesos, defendendo o papel distintivo que a antropoloxía pode xogar debido aos seus métodos de estudo dos fenómenos sociais.

A proximidade ao obxecto de estudo propia do método etnográfico supón unha máis valía no caso das investigacións sobre procesos de intervención social, xa que permite situarse dentro destes. Este autor critica as posicións clásicas que defenden a separación total entre obxecto e suxeito da investigación, que segundo o seu prisma, confunden o conceptual co físico, ao propor a necesidade de separación ritual e espacial entre ambos polos. Para el estas propostas conducen a unha especie de liturxia na que o investigador ve garantida unha posición de poder cómoda dentro da propia investigación, sobre a que ten o poder e o control, perdendo a oportunidade de amplitude e profundidade da propia análise.

Nuestro objeto a estudiar no es más que un conjunto de relaciones sociales – dinámicas, cambiantes, impredecibles, complejas...- que nosotros tenemos pretensión de cosificar para hacerlas comunicables y comparables. Nuestra presencia nos hace formar parte de las relaciones establecidas antes de nuestra llegada, por lo tanto de cualquiera de las maneras estamos ya dentro y cerca. Parece un contrasentido renunciar a lo evidente, crear una ficción simbólico-litúrgica para separarnos del objeto. Realmente no hay objeto ni sujeto, hay miradas enfocadas hacia unas partes u otras, ojos con intereses distintos dentro de un mismo marco de relaciones sociales, ¿por qué vamos a desaprovechar cualquier posibilidad de probar todas las posiciones posibles? ¿de ampliar nuestras perspectivas?. (Ruiz, 2005: 184)

O problema non sería polo tanto a proximidade espacial, senón o xeito de comprensión do fenómeno que se pretende analizar e o ollar sobre os obxectos de análise, independentemente da maior ou menor proximidade espacial, xa que a fin de contas quen investiga tamén fai parte da sociedade e calquera práctica de investigación social supón a irrupción nun marco de relacións

sociais previamente existentes á súa entrada no terreo. Ruiz propón o esquecemento consciente deste tema da proximidade, co maior achegamento posíbel ao obxecto de estudo:

Queremos reflexionar sobre relaciones sociales tal como éstas se producen en un marco cultural, representadas y practicadas a través de discursos y articuladas por relaciones de poder. Ubiquémonos tan cerca como podamos de ellas siendo conscientes de dónde estamos y – sobre todo – qué queremos ver. No nos convirtamos exclusivamente en actores – los antropólogos tenemos mucho de eso – y notarios, sino que también debemos ser nosotros mismos: confrontar situaciones, estrategias y acciones con las que nos parecen personalmente adecuadas es también una forma posible de profundizar en lo que se pasa. Otra cosa distinta es la habilidad personal para procurar esta proximidad en la propia situación que estudiemos. (ibid.: 185)

Neste senso, o traballo etnográfico de tipo micro e cualitativo supón unha estratexia metodolóxica moi axeitada ao estudo dos procesos de intervención social, xa que permite, alén da proximidade, a obtención de datos imposíbeis de conseguir a través de outros métodos máis usuais na análise deste tipo de procesos sociais. O estudo de caso etnográfico permite apreender as tres dimensións das intervencións sociais definidas por Ruiz (ibid.) en simultáneo, considerándoas como un feito social total:

La antropología y la etnografía están perfectamente configuradas para seguir un estudio integral de la intervención social, sin segmentarla, compartimentarla, fracturarla, desmembrarla ... que es lo que habitualmente la ciencia está especialmente capacitada para hacer, perdiéndose la perspectiva completa a fuerza de descomponer el objeto según nuestras posibilidades y comodidad de laboratorio. (ibid.: 186)

Dentro desta proposta metodolóxica, a observación participante, técnica distintiva do método etnográfico, encaixa perfectamente á hora de realizar un traballo de intervención comunitaria. A proximidade que supón a utilización desta técnica facilita o acceso á información relativa ás tres dimensións dos procesos de intervención social e á visión “omnicomprensiva” necesaria. Por outra banda, neste punto non hai receitas máxicas, senón que en cada caso concreto, dependendo da posición da antropóloga e das súas habilidades, a recolla de datos realizarase dun determinado xeito, tendo en conta a proposta de Guasch (1997) da observación participante como unha arte que cada antropólogo ou antropóloga adapta ás súas capacidades e circunstancias.

Para completar o achegamento ás intervencións sociais concretas que propón Ruiz débese aínda ter en conta un último elemento: a **participación**, entendida como estratexia de investigación colectiva no sentido definido por Paulo Freire (1970), tendo en conta que investigar supón un xeito de intervir en si mesmo, xa que obriga aos individuos a pensar e conceptuar determinados aspectos da súa realidade. Neste tipo de propostas a participación é asumida como parte dunha actividade científica

que transcende as relacións de poder implícitas nos modelos científicos tradicionais, que separan suxeito e obxecto

Participación no es una técnica en sí, sino que responde a un planteamiento mucho más general sobre el conocimiento. Para eso hay que saber diferenciar entre participación como un mero recurso técnico para extraer información, tal como se haría por otros medios tradicionales (... es decir según un paradigma de conocimiento tradicional) y, la participación dentro de un paradigma de construcción del conocimiento colectivo. (Ruiz, 2005: 189)

A participación, dende este punto de vista, convértese nun puntal da investigación, dando pé ao que se coñece como **investigación participativa**, que segundo Alberich (2000) supón “un método de estudio y acción que busca obtener resultados fiables y útiles para mejorar situaciones colectivas, basando la investigación en la participación de los propios colectivos a investigar: que así pasan de ser objetos de estudio a sujetos protagonistas de la intervención” (ibid.: 70).

Dende este punto de vista, a participación non responderá unicamente a un imperativo ético de dar voz aos beneficiarios de determinado proxecto de intervención social, senón tamén a un criterio operativo, que redunde nunha maior eficacia na comprensión deste tipo de procesos, coñecendo ao mesmo tempo que se transforma, iluminando con este coñecemento o sentido da acción (Ruiz, 2005).

Gabarrón e Hernández (1994) propoñen varios principios paradigmáticos da investigación participativa, que comezan por ter como punto de partida unha visión da realidade como totalidade, partindo da realidade concreta dos participantes no proceso, no que se deben contextualizar os procesos, estruturas, organizacións e suxeitos na súa dimensión histórica, desvelando a dimensión cultural que articula o proceso de intervención social. A relación vertical tradicional establecida entre suxeito e obxecto da investigación desaparece para converterse nunha relación horizontal suxeito-suxeito, que apoiará a construción da teoría a partir da práctica reflexionada criticamente. Como resultado desta articulación do coñecemento científico e popular xurdirá un novo coñecemento, transformador, no que todas as partes teñen acceso ao seu uso.

Ruiz procura unha síntese entre investigación participativa e observación participante, a partir das vinculacións entre ambas estratexias, “quizás construyendo la posibilidad de que ambas sean fases/partes del mismo proceso” (Ruiz, 2005: 194), facendo súa a síntese de Akilu (2000), segundo a cal o que se necesita é unha estratexia de investigación que combine métodos cualitativos e cuantitativos, de orientación participativa e cara a acción, na que os colectivos beneficiarios sexan capaces de falar por sí mesmos e podan determinar os asuntos que afectan á súa situación,

priorizándoos. Neste proceso, cabe aos técnicos participar, contribuíndo tamén coas súas visións dos fenómenos sociais en análise.

Dado que para cada caso concreto poden existir diferentes condicións para a análise, Ruiz propón a participación non como un requisito indispensable para abordar a investigación da intervención social, senón como un horizonte óptimo, no que “el conocimiento se plantea de forma pragmática y esto incluye una evaluación de las posibilidades de la investigación acorde con los recursos disponibles y con el contexto sociopolítico particular a investigar” (Ruiz, 2005: 195).

2.3. O PROXECTO BOGAVANTE: DO FOCO ANDROCÉNTRICO Á EMERXENCIA DA CENTRALIDADE DAS MULLERES

Previamente á entrada no terreo, o primeiro contacto dentro da comunidade foron dúas mulleres, moi amigas entre elas. Unha destas mulleres ostentaba a presidencia da *Asociación Cultural Tabanka* e a outra exercía de secretaria. Sentíame estraña por aparecer “da nada”, sen ningún tipo de contacto previo á elaboración do proxecto, no que nin eu (en calidade de técnica executora e representante do sistema interventor) nin a comunidade beneficiaria tiñamos participado. A resposta destas mulleres foi moi positiva, amosándose motivadas e expectantes para implantar a intervención.

Pouco despois, en agosto de 1998, acompañei unha visita institucional de funcionarios da área de formación pesqueira da Xunta, na que coñecín a representantes do sector pesqueiro (Confraría de Pescadores) e do Concello de Burela, institucións que irían ser colaboradoras da REGAL na execución do proxecto. Unha das sorpresas que me deparou esta cita foi a afirmación, por parte dos responsábeis municipais, de que “os morenos²⁰” estaban “integradísimos”, non existindo dende o seu punto de vista ningún problema salientábel no seo do colectivo.

Nese mesmo día, o Concello presentou de xeito unilateral aos medios un suposto proxecto de “integración racial” en Burela, que ía ser executado pola Consellaría e o Concello. Nesta peza informativa, na que a REGAL nin era mencionada, a “integración perfecta” facía a súa aparición no discurso dos representantes políticos municipais, que se tentaron erixir en responsábeis da intervención, como mostra o seguinte fragmento da noticia:

Pesca desenvolverá en Burela un programa de integración racial. La Consellería de Pesca desenvolverá en Burela un programa de integración racial expresamente dirigido a trabajadores del mar y a sus familias. Primero que se llevará a cabo en Galicia, sus beneficiarios serán los miembros de la comunidad caboverdiana que residen en esa villa. Con un presupuesto de siete millones de pesetas, lo financia la Unión Europea, dentro del Proyecto Integra, con colaboración de Pesca y del Concello de Burela. Aunque ya están «perfectamente integrados», el programa pretende contribuir a romper las barreras

²⁰ “Morenos” é a denominación popular, utilizada non só por parte da poder municipal, senón tamén pola poboación local e por algúns caboverdianos, para referirse ás persoas desta orixe. Esta palabra funciona como un eufemismo de tipo racista e homoxeneizador, pois non atribúe ás persoas caboverdianas ningunha identidade cultural, nin procedencia dunha xeografía concreta. Son nomeadas, iso si, eufemisticamente, pola cor da pel, clareada.

idiomáticas, culturais y sociales que puedan coartar la promoción de esos inmigrantes. (LVG²¹, 20/08/1998, portada A Mariña)

A diferenza racial era omnipresente; en tan só un día de contactos previos aparecían “os morenos” como obxecto dun proxecto de “integración racial”, ao mesmo tempo que se afirmaba a súa “perfecta integración”. A cuestión racial non estaba contemplada inicialmente no proxecto, como tampouco conceptos como a integración, que era nomeada dende o poder municipal sen darlle contido teórico, co fin de proxectar unha imaxe positiva das relacións interétnicas na sociedade local.

A entrada no terreo produciuse un domingo a mediados de Setembro, pola tarde, nunha reunión convocada a través das mulleres inicialmente contactadas. O primeiro a destacar foi a ausencia de homes na xuntanza, á que acudiron en torno a unha ducia de atentas mulleres, acompañadas dalgunhas crianzas. Explicaron que os homes dedicábanse á pesca de altura, o que lles facía estar ausentes a maior parte do ano, en campañas que oscilaban entre un e tres meses sen chegar a terra. Isto ía dificultar, senón impedir, o desenvolvemento das actividades principais do proxecto, destinadas ao colectivo masculino.

As propias mulleres definiron nesta primeira xuntanza unha serie de problemas e necesidades da comunidade, entre os que dous se destacaban como os máis sentidos. En primeiro lugar, a situación legal dos seus fillos e fillas, pois unha grande parte, a pesar de teren nacido en territorio español, non gozaba desta nacionalidade, o que ocasionaba innumerábeis problemas á hora de viaxar fora do territorio español e impedía o acceso a determinados beneficios sociais. En segundo lugar, preocupáballes a súa propia situación no mercado laboral, no que se inserían unicamente na economía somerxida, agás dúas mulleres que dispoñían de permiso de traballo. A falta de documentación laboral impedíalles inscribirse como demandantes de emprego polos medios habituais (INEM). As mulleres cuestionaron que a oportunidade de formación que se estaba a presentar tivera como colectivo beneficiario unicamente aos homes, ausentes e con emprego, deixándoas a elas, que tiñan maiores dificultades de acceso ao mercado laboral e maior dispoñibilidade de asistencia, sen opción de participación.

Por outro lado, as caboverdianas explicaron que a *Asociación Cultural Tabanka*, constituída en 1987, levaba varios anos inactiva. A asociación fora liderada por un home caboverdiano, tendo ficado

²¹ La Voz de Galicia, xornal diario de ámbito galego de maior tirada en Galiza, que contén seccións comarcais diferenciadas en forma de separata central, unha delas de A Mariña de Lugo. Nas citas de fontes xornalísticas, colócase a abreviatura LVG, seguida da data de publicación e a sección na que foi inserida a nova. Nas transcricións, os titulares son representados en negra.

inactiva dende a súa marcha de Burela, pouco despois. Xustificaron que elas ocupaban os cargos directivos debido á ausencia masculina.

Os primeiros momentos no terreo evidenciaron que o proxecto aprobado non se adecuaba á realidade, existindo a necesidade da súa reformulación, pois non tiña sido desenvolta a fase de diagnóstico. Tanto a REGAL como a Xunta estiveron de acordo coa súa reformulación, sempre que se respectasen as liñas máis importantes do proxecto (formación na área pesqueira, actividades de inserción laboral).

A proposta inicial do BogAvante obviaba a existencia de mulleres xunto aos mariñeiros caboverdianos, invisibilizando as relacións de xénero no seo dunha comunidade na que estas xogaban un papel esencial tanto na xestión dos grupos domésticos como da mesma comunidade. A inviabilidade da intervención, por estaren ausentes os principais beneficiarios das accións previstas, fixo que as mulleres emerxeran como protagonistas principais da vida comunitaria, sendo incorporadas como parte fundamental da intervención, dado o seu papel central na comunidade. As mulleres, invisíbeis na redacción inicial do proxecto, convertéronse, dende a primeira toma de contacto, nas actoras fundamentais da fase de diagnóstico, tanto a nivel de definición das súas problemáticas, necesidades e potencialidades como ao de caracterización da propia comunidade.

As mulleres caboverdianas atopábanse nunha posición privilexiada como consecuencia da ausencia masculina, dispoñendo de marxe de manobra para implicarse no proxecto e no desenvolvemento de actividades de todo tipo. Elas cederon o seu tempo para traballar en prol da comunidade, converténdose nas verdadeiras protagonistas do BogAvante, algo que probabelmente non houbera acontecido de idéntico xeito no caso de que o elemento masculino tivese unha presenza constante.

Como consecuencia da reformulación, o BogAvante converteuse nun proxecto comunitario, orientado á resolución dalgúns dos problemas colectivos, considerando a comunidade como un todo, composta por homes, mulleres e crianzas de diversas idades. A ampliación do colectivo beneficiario foi avalada polos supervisores institucionais, colocando as mulleres como grupo diana principal. A reformulación da intervención, que colocou a perspectiva de xénero como unha das súas principais bases teóricas, foi clave na potenciación do papel de actoras privilexiadas para as mulleres caboverdianas, conseguindo optimizar unha situación potencialmente favorábel.

Para chegar á formulación definitiva do proxecto, antes de iniciar a súa implantación, déronse varios pasos, inseparábeis de todo proceso desta natureza. Un dos problemas que estaba na base da inadecuación da planificación inicial do BogAvante, alén da falta de comunicación co colectivo

beneficiario, era o profundo descoñecemento en torno ao mesmo, algo esencial como punto de partida de toda intervención social (Ander-Egg, 1980; Carmo, 2007; Guerra, 2003). Por iso, en primeiro lugar foi necesario investigar a realidade do colectivo caboverdiano dun xeito máis profundo, contextualizándoa e analizando as súas problemáticas e necesidades, co obxectivo de obter un diagnóstico o máis acertado posíbel sobre a súa realidade.

Previamente, elaborouse un marco teórico-conceptual que permitise definir e cualificar tanto as realidades existentes como os obxectivos a acadar. Sen entrar aquí en discusións ou revisións de natureza teórico-conceptual, baste destacar que entre as teorías que guiaron a intervención destacaron o concepto de **integración** relacional, dialéctico, multidimensional e dinámico defendido, entre outros, por Giménez (2003) e Laparra (2003), combinado coa clasificación dos modelos de convivencia proposto por Berry no seu **esquema de aculturación** (Berry, 1984,2011; Sabatier e Berry, 1996), que ten en conta, por unha banda, o mantemento da identidade e prácticas culturais de orixe, e pola outra, a existencia de relacións positivas entre os colectivos en presenza.

Por último, tendo en conta a existencia de diversas **metodoloxías** para levar á práctica as intervencións deste tipo, optouse por unha concepción próxima ao que se denomina desenvolvemento comunitario, na que a **participación** activa do colectivo beneficiario é considerada esencial como punto de partida para mudar algúns aspectos da súa realidade, aparecendo a IAP como unha das referencias, en canto metodoloxía apropiada para este tipo de intervención, partindo da definición do Colectivo IOÉ.

En general, se trata de un enfoque de intervención social que persigue recoger las perspectivas e intereses de los sectores implicados en un proceso de acción social, otorgando el principal protagonismo a los colectivos afectados. La intención es potenciar los recursos disponibles en estos sectores, tanto a nivel del conocimiento (difusión y aplicación de técnicas de autodiagnóstico e investigación colectiva) como de la acción (promoción de iniciativas y autoorganización). (Colectivo IOÉ, 2003)

Para iniciar a concretización da intervención foi preciso **estender a demanda** da súa execución ao propio colectivo beneficiario, o que é considerado como un dos pasos máis complicados nun proceso desta natureza (ibid.). O abandono institucional ao que a comunidade caboverdiana estivo sometida ate o inicio da intervención, unido á cantidade e calidade dos problemas e necesidades colectivas, foi clave nese paso. O recurso ao método etnográfico, cultivando a proximidade e empatía entre a técnica e o persoal beneficiario, foi sen dúbida outro dos elementos decisivos nesta difusión.

Dende o arranque do Proxecto BogAvante establecéronse relacións entre a entidade xestora do mesmo e outras institucións e organizacións locais, de forma a buscar sinerxías, levando a cabo o que Carmo (2007) denomina "**lanzar pontes**" entre os diversos participantes nun proceso de intervención

social, que neste caso se centrou no mapeamento dos servizos públicos existentes, de cara a aproveitar posteriormente os seus recursos, aos que a comunidade non tiña acceso, ben por falta de información, ben por falta de dereito, debido á súa condición legal como persoas estranxeiras²².

Outro tipo de pontes, nomeadamente entre o sistemas interventor e o colectivo beneficiario, foron fáciles de establecer, dado o diminuto tamaño do primeiro, encarnado no único persoal técnico encargado da intervención e do segundo, que constituía unha comunidade pequena e fortemente estruturada en torno a si mesma, como unha grande familia cun amplo grao de unión entre os seus compoñentes e cunha predisposición positiva cara a intervención. Unha das realidades que marcaron o traballo foi a soidade da técnica perante a intervención, dada a lonxanía e falta de dispoñibilidade da organización promotora/executora e a inexistencia doutros profesionais que participaran no desenvolvemento do proxecto, realizando en solitario todos os traballos para o arranque e execución do BogAvante.

No seo do establecemento de relacións institucionais merece ser destacada a estreita relación de colaboración co **Consulado de Cabo Verde** en España, que se implicou activamente no desenvolvemento da intervención. A persoa responsábel da representación diplomática nese momento era un profesional dinámico e preocupado pola mellora da realidade dos migrantes caboverdianos en terras españolas, de trato fácil e de orixe *badiu*, co que a comunidade se identificaba. Nas súas visitas a Burela, o Cónsul representou política e institucionalmente á comunidade caboverdiana, simbolizando a súa presenza e orixe.

2.3.1. DIAGNÓSTICO: A COMUNIDADE CABOVERDIANA DE BURELA (1998)

Co fin de non alongar demasiado a fase de reformulación, realizouse dun xeito rápido un **diagnóstico preliminar** (Ander-Egg, 1980) no que se identificaron os problemas e necesidades máis evidentes e sentidos, para planificar en base a eles unha acción inmediata que lles dese rápida resposta. O encadramento teórico e metodolóxico que baseou a intervención permitiu, en combinación co método etnográfico, unha apprehensión global da realidade, dotando de sentido á información producida no diagnóstico que baseou a intervención social.

²² Por exemplo, o IES Monte Castelo, que dispoñía dun servizo de alfabetización de persoas adultas que apenas tiña alumnado matriculado. Os servizos sociais municipais non tiñan ningunha familia caboverdiana usuaria. O concello non dispoñía dun censo da comunidade, atopándose só unhas poucas persoas empadroadas.

No marco da intervención, o **traballo de campo**, como se adoita definir pola Antropoloxía, presentou sempre a particularidade de ser exercido en paralelo, primeiro cunha fase intensa de diagnóstico e planificación, e posteriormente coa execución de actividades, nas que a comunidade participou activamente. A existencia da vertente da **acción** facilitou o proceso de recolla de **información** xunto a comunidade, xa que esta tiña aos seus ollos un fin relacionado coa mellora das súas condicións. Neste proceso as mulleres foron informantes privilexiadas. A **observación participante** serviu, ao mesmo tempo, para crear relacións de confianza coas mulleres caboverdianas, que tiveron en xeral unha resposta moi positiva e un alto grao de envolvimento.

Ante a repetida constatación da inexistencia de datos referentes á comunidade, presentouse o reto de elaborar un **censo**, sen o cal era imposible coñecer aspectos sobre a realidade grupal, como o seu tamaño, composición por sexos, idades e xeracións, así como relativos ao seu tipo de organización familiar ou modos de inserción no mercado laboral, entre moitos outros. Censar as persoas caboverdianas converteuse nun imperativo para reformular o traballo de intervención, o que se fixo tomando ás mulleres adultas como referencia dos grupos domésticos²³.

A elaboración do censo permitiu ter un coñecemento básico da composición e organización da comunidade, na que estas mulleres de mariñeiros de altura xogaban un papel primordial na organización da comunidade, xa que pasaban boa parte das súas vidas na posición de cabezas de familia en solitario, dada a ausencia dos maridos. Anos máis tarde, co estudo profundado das migracións caboverdianas, decateime que este fenómeno facía das mulleres caboverdianas de Burela un caso especial dentro da diáspora procedente do arquipélago caboverdiano, polas mudanzas de papeis de xénero que propiciou a ausencia masculina.

No momento de iniciar a intervención, a comunidade estaba composta, nun sentido amplo²⁴, por algo menos de cento cincuenta persoas, a maior parte delas organizadas en **familias nucleares**. A maior parte dos grupos domésticos residía en Burela, aínda que uns poucos facíanos nos concellos veciños, nas localidades de San Cibrao (Cervo), Cangas, Nois e Foz (Foz). Existían algúns grupos domésticos compostos por homes e tan só un sen presenza masculina, sendo excepcional a existencia de **mulleres sen home**. Era relevante o alto grao de unións **matrimoniais** e a existencia dunhas poucas unións libres, normalmente constituídas no percorrido migratorio. Por último, existían algúns grupos domésticos formados por homes que partillaban fogar, por seren solteiros ou

²³ Na elaboración deste censo foron rexistrados os dous nomes que en moitos casos utilizan as persoas caboverdianas: o nome oficial (nome *de igrexa* ou *de registo*) e o *nominho*. En Cabo Verde, o primeiro emprégase en contadas ocasións, relacionadas co mundo máis formal e institucional, pois é o nome que figura na partida de nacemento, mentres que o segundo, moito máis habitual, é usado nos ámbitos menos formais e máis afectivos (casa, rúa).

²⁴ Tendo en conta tanto as persoas nadas no arquipélago como as que teñen ascendencia xenealóxica no mesmo.

por non teren as súas mulleres canda eles. Todas as parellas adultas tiñan descendentes (cunha idade máxima no inicio da vintena) e xa existía unha incipiente terceira xeración, composta polos netos e netas das persoas adultas chegadas de Cabo Verde. O colectivo de **descendentes** supuña case a metade da comunidade, posuíndo algúns a nacionalidade caboverdiana e portuguesa e ningún deles a española.

En 1998 existía unha **concentración sectorial** dos homes caboverdianos na **pesca de altura**, polo que só tocaban terra cada certo tempo, dependendo do tipo de pesca realizada. Só había dous períodos no ano nos que a presenza masculina se mostraba con todo o seu potencial, inundando os bares e certos espazos nas rúas de Burela. O primeiro deles viña coa última quincena de maio, antes do inicio da campaña do bonito²⁵, cando se celebran as festas patronais, e a segunda co Nadal.

A maior parte das persoas adultas tiña chegado entre finais dos anos 70 e inicios da década de 90. A partir desta etapa un grande número de membros da comunidade reemigrara cara outros destinos. Polo tanto, a maior parte do colectivo adulto levaba residindo na zona un mínimo duns dez anos, tendo nacido no Estado Español ou na propia localidade a maior parte dos descendentes.

As persoas caboverdianas proviñan maioritariamente de pequenas localidades da costa oeste da illa de Santiago, o que indicaba a existencia de fortes lazos previos de parentesco e veciñanza entre os grupos domésticos. Existían algúns individuos procedentes das illas de Santo Antão e São Vicente, que constituían un grupo mesmo minoritario.

A vertente máis **participativa** do proceso de investigación preliminar desenvolveuse en estreito contacto coa comunidade, de xeito colectivo, a través de reunións abertas, nas que maioritariamente participaban as mulleres, coa asistencia dalgún dos homes que se atopaban eventualmente en terra. Nestas xuntanzas realizouse unha detección de **problemas e necesidades**, na procura de solucións concretas, tomando tamén decisións sobre as actividades a realizar no marco da intervención.

Dentro das propostas da IAP adóitase falar da existencia dun grupo central destes procesos, no que se presentan propostas e toman decisións, que o Colectivo IOÉ (2003) denomina **grupo promotor**, constituído voluntariamente por poboación beneficiaria e persoal técnico. Neste caso existiu un grupo desta natureza, formado pola técnica e por unhas vinte mulleres adultas, algunhas delas participantes dende a primeira reunión de presentación da intervención e outras que se foron unindo a medida que o proxecto se estendía. As reunións eran realizadas de xeito variábel, conforme

²⁵Esta especie de túnido (*Thunnus Alalunga*), moi relevante no porto de Burela, captúrase con artes tradicionais selectivas (*cacea* ou *curricán*) no período que vai de xuño a setembro, aínda que en determinadas condicións pode ampliarse ao longo de outubro.

as necesidades de comunicación, xa que unha vez que arrancaron as actividades formativas, mantíñase un contacto cotiá. Este grupo participaba habitualmente en todas as xuntanzas e actividades. En casos excepcionais, realizáronse asembleas de maior tamaño, aproveitando os momentos de descanso dos homes. Aínda así, as asembleas foron ao longo do proxecto maioritariamente femininas.

As catro mulleres que ocupaban cargos directivos en *Tabanka* facían parte do grupo anterior, mais por outro lado, formaban un grupo máis reducido, que era consultado en casos nos que non era operativo convocar xuntanzas máis amplas. Constituíu esta unha forma de implicar á organización comunitaria no decorrer da intervención, ao mesmo tempo que podían aprender dun xeito práctico sobre o funcionamento dunha entidade asociativa.

2.3.2. DA TEORÍA Á PRÁCTICA: QUÉ INTEGRACIÓN?

Unha vez elaborado o diagnóstico preliminar sobre a situación da comunidade, planificáronse as accións a desenvolver, aplicando o cadro conceptual ou marco teórico para definir os obxectivos, liñas de actuación e actividades concretas a realizar.

O obxectivo xeral que ía guiar a intervención, froito da reformulación participativa do proxecto inicial, foi a **integración**, entendida como **proceso relacional e dialéctico**, responsabilidade dos inmigrantes mais tamén da sociedade receptora, neste caso a sociedade burelá e mariñá, na que xogan un papel decisivo os poderes políticos local (Concello), autonómico (Xunta de Galicia) e central (Goberno de España).

Concluíuse que na sociedade local abordábase o tema das relacións interétnicas dende presupostos asimilacionistas, existindo unha imaxe un tanto idílica, que de acordo cos obxectivos do proxecto debería ir tendendo cara modelos máis plurais e dinámicos, partindo do coñecemento da realidade do colectivo caboverdiano, inexistente naquel momento. Valorouse que o concepto de integración ao que se referían os políticos locais coa afirmación “os morenos están integradísimos”, só se podía entender desde unha concepción asimilacionista (Giménez, 2003).

O concepto de **integración** que se utilizaba desde o poder partía dunha idea simple, baseada na aparencia de normalidade e na inexistencia de manifestacións racistas na súa face violenta. Esta idea de integración é uniliñar, xa que non ten en conta máis do que a actitude adoptada polo grupo minoritario. Trátase dunha visión estática, que presupón que unha vez que as persoas inmigrantes

teñen unha certa cobertura para vivir, e fan algunhas das cousas que adoita facer o colectivo autóctono, xa se pode afirmar a existencia de integración, considerada como un punto de chegada que perdura no tempo. Seguindo estes razoamentos non sería necesario ningún tipo de intervención tendente a modificar ou mellorar a situación, xa que esta se definía como perfecta (Fernández, 2004).

Mais a imaxe pública do colectivo non era unicamente positiva: xunto a esta imaxe idílica, cada certo tempo aparecía outra, negativa, relativa a situacións violentas ou ilegais (pelexas, navalladas, tráfico de drogas), nas que as persoas protagonistas eran marcadas étnica e racialmente dun xeito explícito. A existencia dun grupo moi minoritario de caboverdianos adicado ao tráfico de drogas duras ao longo da década dos 90 sen dúbida tivo o efecto de negativizar a imaxe do colectivo, a través da atribución desa característica negativa dunha pequena parte ao todo. Nos primeiros tempos da intervención déronse os últimos casos de detencións e xuízos a membros da comunidade por este motivo, como se verá máis adiante.

A idea de **integración multidimensional** (Colectivo Amani, 1994; Giménez, 2003; Laparra, 2003) levou á definición de tres áreas de intervención (formativo-laboral; social e dos dereitos de cidadanía; cultural), profundamente interligadas. En todos os eixos de actuación existían problemáticas ás que dar resposta, sendo as máis visíbeis as de tipo social, especialmente no caso da nacionalidade dos descendentes, que se converteu no caso exemplificador das discriminacións sufridas polo colectivo. A continuación resúmense as principais problemáticas definidas como obxecto da intervención, para as que se planificaron diversas estratexias e actividades co obxectivo de solucionarlas, transformalas ou mudalas radicalmente.

A **liña de intervención laboral** estaba estreitamente ligada á vertente económica das migracións e á inserción laboral dos colectivos inmigrantes. Abranguía aspectos como as condicións de legalidade na inserción laboral, os sector/es ou segmentos de ocupación e a existencia ou non de diversificación laboral, as condicións de traballo e salario, a cualificación dos inmigrantes ou as posibilidades de formación e promoción no posto de traballo. Naquel momento o 100% dos **homes** caboverdianos dedicábase exclusivamente á pesca de altura, cunha incipiente inserción laboral de mozos de segunda xeración.

No caso das **mulleres**, a ausencia de permisos de traballo, por térense legalizado como esposas en procesos de reagrupamento familiar²⁶, impedía o acceso ao emprego en condicións de legalidade. As traballadoras caboverdianas concentrábanse en segmentos da economía somerxida como o servizo doméstico, as limpezas, o coidado de persoas dependentes e a recollida de algas na beiramar²⁷, actividade que nese momento se atopaba en declive. Outras actividades relevantes para as caboverdianas eran as relacionadas coa hostalaría, principalmente na época estival, adoitando traballar as adultas nas cociñas dos restaurantes da zona e as rapazas de cara ao público, nas barras dos bares e cafeterías.

O colectivo adulto presentaba, en xeral, índices moi baixos de **escolaridade**, habendo moitas persoas analfabetas ou con estudos moi básicos. Este aspecto dificultaba o seguimento de formacións de tipo laboral que se basearan nas capacidades de lectoescritura, como ben tiñan detectado os responsábeis de Pesca e da REGAL na redacción orixinal do BogAvante.

No ámbito da **dimensión social e dos dereitos** colocouse o punto de partida nas problemáticas que tiñan sido expresadas claramente por parte das mulleres, sendo prioritario para elas o da ausencia de nacionalidade dos seus fillos e fillas nados en España, que eran legalmente tratados polo estado como estranxeiros, suxeitos polo tanto a un réxime e tratamento diferente aos nacionais. Outro dos dereitos de cidadanía sobre o que se colocou o foco foi o acceso aos recursos do estado de benestar, especificamente encarnados nos servizos sociais municipais. Neste caso era evidente a ausencia de exercicio pola inexistencia de usuarios caboverdianos.

Por outra banda, a situación escolar dos descendentes foi avaliada como profundamente negativa en termos de aproveitamento escolar, cunha elevada taxa de abandono unha vez concluído o período obrigatorio. Considerouse a educación e a atención á diversidade como un dereito das crianzas de orixe caboverdiana. Aínda que reflexión e recollida de información sobre este ámbito foi adiada para unha fase posterior da intervención, constatouse a importancia do fenómeno como un dos problemas detectados dende o punto de vista técnico, non sendo un problema sentido pola comunidade, xa que as nais consideraban que a situación escolar dos seus fillos e fillas era unicamente responsabilidade deles e elas mesmos. A maioría dos rapaces e rapazas maiores de

²⁶ Esta cuestión será desenvolvida máis polo miúdo nos últimos capítulos. Baste lembrar que as mulleres chegadas por medio de procesos de reagrupamento familiar obtiñan só o permiso de residencia, dependente do seu marido, que non as autorizaba a traballar legalmente.

²⁷ A apaña de algas (*olga*, na zona) é unha actividade practicada tradicionalmente en Galiza por mulleres, que antigamente se destinaba a fertilizar os solos agrícolas e nas últimas décadas abastecía diversas fábricas de cosméticos e produtos farmacéuticos.

dezaseis anos tiñan iniciado a súa inserción laboral, que como consecuencia do fracaso escolar, se desenvolvía nos mesmos sectores e case nas mesmas condicións que a dos seus pais e nais.

Por último considerouse que a inactividade da asociación comunitaria conducía a que problemas comúns ao grupo non foran discutidos ou contrastados no seu seo, polo que tampouco se procuraban solucións colectivas, senón a nivel individual ou familiar. Durante o período de reformulación, “rescatáronse” na sede do Goberno Civil de Lugo copias de diversos documentos legais da *Asociación Cultural Tabanka*, como os estatutos e a tarxeta de identificación fiscal, estando a asociación rexistrada a pesar da súa inactividade durante case unha década. Foi o punto de partida para un intenso traballo de reactivación da organización comunitaria, que pasou a representar social e institucionalmente ao colectivo.

Outros aspectos dos dereitos que non foron abordados nesta fase inicial, aínda que si rexistrados cara accións futuras, foron a participación política ou as condicións habitacionais. Respecto do primeiro, baste dicir que ningunha persoa caboverdiana tiña votado nos máis de vinte anos de residencia continuada. Respecto do segundo, tratábase do ámbito no que menos se sentía a discriminación, vivindo a maior parte das familias en pisos alugados ou propios na localidade de Burela, a semellanza doutras familias mariñeiras.

En canto á **área cultural**, a intervención centrouse nas expresións da identidade, realizando unha análise sobre os modelos de xestión da identidade cultural dos migrantes caboverdianos e da construción da identidade dos seus descendentes, tendo en conta a existencia ou non de relacións interpersoais cos autóctonos ou outros grupos, seguindo a proposta de Berry (Berry, 1984, 2011; Sabatier e Berry, 1996). Valorouse que o modelo de convivencia maioritario era o de **separación**, no que o colectivo minoritario (inmigrante) conserva a identidade cultural mais non mantén relacións positivas²⁸ cos grupos maioritarios da sociedade.

A pesar de levar máis de dúas décadas na zona, o colectivo era un perfecto descoñecido en canto á súa procedencia xeográfica e cultural. Non se falaba publicamente do país de orixe nin dos seus aspectos diferenciais. As expresións colectivas da *caboverdianidade*, limitadas aos espazos privados, xogaban un papel esencial na estruturación do colectivo. Do mesmo xeito que noutras comunidades migrantes de orixe *badiu* na diáspora, dábase unha forte transmisión de valores e elementos propios desta cultura, que se pode exemplificar no feito de que o *kriolu* fose a lingua materna de máis do

²⁸ Por relacións positivas enténdense aquelas propias da sociabilidade, como a amizade, e do mundo afectivo, como os namoros e formación de parellas ou familias. Van alén do mundo laboral, no que existe un contacto “obrigatorio” entre as persoas que fan parte dunha mesma empresa ou institución.

95% dos descendentes, que a utilizaban decotío. Este proceso educativo producíase unicamente no espazo familiar, e a un nivel máis amplo, mais tamén privado, no seo da comunidade. As expresións e prácticas da cultura caboverdiana nunca transcendían ao ámbito do público, sendo “invisíbeis” socialmente ate o inicio da intervención, ao basearse o modelo de integración nos presupostos asimilacionistas que levan ao colectivo minoritario a comportase como o maioritario nas relacións interétnicas.

Grazas á observación participante conseguíuse tomar coñecemento dalgunhas das expresións da cultura caboverdiana reproducidas en Burela. As prácticas de reprodución cultural actuaban como aglutinadoras internas da comunidade, desorganizada con respecto ao exterior. Dentro dos elementos presentes destacaba a lingua, elemento identitario máis forte na diáspora caboverdiana. O seu uso definía os límites comunitarios, sendo a súa valoración diferente entre as persoas adultas e a segunda xeración, que se enfronta a una situación de triglosia²⁹. A valoración desigual das tres linguas faladas polos descendentes constituía un dos factores que incidían no fracaso escolar.

A través da investigación constatouse o papel chave das mulleres como educadoras da segunda xeración. Eran as portadoras e transmisoras de cultura badía, o que se vía acentuado pola ausencia masculina. A pesar que a segunda xeración fora socializada na cultura badía, existía no seu seo como algo habitual a desvalorización desta, incluso o rexeitamento das súas raíces. Estableceuse como obxectivo neste ámbito a valorización do papel que as mulleres exercían na esfera privada, difundindo e proxectando a súa cultura á sociedade envolvente.

Na vida comunitaria era importante a celebración de festas relacionadas con ritos relixiosos católicos (bautizos e primeiras comuñóns), que congregaban a parte ou toda a comunidade. No espazo migratorio dábase unha mudanza na importancia social concedida aos diversos rituais relixiosos, acadando os citados a importancia que na sociedade de orixe teñen os casamentos, que naquel momento non se celebraban en Burela. En canto aos ritos funerarios, afortunadamente non se daba a oportunidade de reproducilos, dada a ausencia de mortes, aínda que si se conmemoraba a morte de familiares, fora en Cabo Verde (dando misas aquí, seguidas dunha sopa), ou noutros puntos máis ou menos próximos (Zaragoza, Portugal, Franza), acudindo a enterros, funerais e/ou visitas aos familiares, nunha verdadeira celebración transnacional da morte.

²⁹ A diglosia é a “situación dun individuo ou comunidade que utiliza dúas linguas, cando unha das cales, polo xeral a lingua inicial, é considerada inferior á outra, e a lingua con máis prestixio se utiliza nas relacións sociais máis elevadas ou formalizadas” (Diccionario da Real Academia Galega). Tanto a sociedade caboverdiana como a galega son consideradas diglósicas, pola maior valoración da lingua colonizadora. No caso que nos ocupa, as crianzas caboverdianas de Burela enfrontan unha situación con polo menos tres linguas en xogo (kriolu, galego e castelán), á que se pode acrecentar a lingua portuguesa, no caso das crianzas chegadas de Cabo Verde en idade escolar.



Nº 4: Traballo nas hortas de Burela (2000)

Un elemento vertebrador das relacións intracomunitarias era o costume de relacionarse mediante **visitas** a familiares ou outras persoas compatriotas, enchendo as casas de xente e morabeça³⁰, onde sempre estaban presente a música, especialmente o funaná³¹, e a gastronomía caboverdiana. A alimentación estaba estreitamente unida á práctica da agricultura de subsistencia, co millo como alimento básico e central, ao que van ligados certos artefactos e accións como o *pilón*³² para *cuchir* (moer), e o *balai* para cribar. O traballo nas hortas era realizado polas mulleres, unidas en grupos de afinidade, reproducindo o sistema de traballo comunitario denominado *djuntamô*³³ (xuntar as mans), semellante ao utilizado tradicionalmente na Galiza. Practicábase en terras cedidas nos espazos baleiros que foran quedando entre os edificios da vila.

O coñecemento destes e doutros aspectos da reprodución de elementos da cultura badía no contexto migratorio foise solidificando ao longo da intervención, grazas ao método etnográfico e á observación participante, acompañando ás mulleres en moitos destes espazos e actividades.

³⁰ A *morabeça* está considerada como rasgo identitario das persoas de Cabo Verde, co significado de hospitalidade, no senso máis amplo da palabra.

³¹ O *funaná* é un xénero musical da illa de Santiago, que na súa versión tradicional é interpretado con acordeón diatónico (*gaita*) acompañado dun *ferrinho* que fai unha percusión de son metálico. A partir da independencia de Cabo Verde, renaceu como xénero popular, introducindo instrumentación eléctrica (guitarra, baixo e batería).

³² O *pilón* é un muiño manual de madeira, composto dun recipiente no que se coloca o millo e varios paus, utilizados para machacar o grao. O *balai de tente* é un cesto que se utiliza para separar o farelo, mediante movementos rítmicos.

³³ O *djuntamô* utilízase non só na práctica da agricultura, senón tamén noutros contextos nos que é necesaria moita forza de traballo, como a construción de vivendas ou equipamentos colectivos. Por extensión, aplícase ao traballo comunitario, por exemplo, no ámbito asociativo, que require do concurso de moitas persoas para acadar os obxectivos comúns.

2.3.3. FASE DE EXECUCIÓN. TRABALLANDO POLA INTEGRACIÓN

Unha vez mapeados os problemas, definíronse actividades que contribuísen para mudar as situacións negativas. Aínda que algunhas delas foron planificadas na fase inicial, outras foron xurdindo durante o desenvolvemento da intervención, algo característico dos proxectos con metodoloxía participativa, necesariamente flexíbeis e abertos. O grande eco acadado polo proxecto nos media propiciou que xurdiran novos parceiros e novas oportunidades de acción ao longo da súa execución.

Este apartado deterase nas actividades máis decisivas realizadas no marco da intervención, ben polas consecuencias que provocaron, ou ben porque son demostrativas do estado da cuestión das relacións interétnicas e das imaxes que a comunidade tiña nesa altura. Antes de abordar algunhas destas accións, compre destacar que o traballo de acompañamento cotiá das persoas caboverdianas foi de extrema importancia para o bo curso da intervención. Desenvolveuse nunha infinidade de espazos, tentando sempre ir ao encontro das persoas e non esperando nunha oficina por elas.

O achegamento cotiá á comunidade, fora do ámbito das reunións, iniciouse coa organización de aulas de apoio educativo a mulleres adultas, como vía para promover a súa matrícula no servizo de educación para persoas adultas do IES Monte Castelo, no que non participara ningunha persoa da comunidade dende anos atrás³⁴. Un grupo dunhas vinte mulleres matriculouse e seguiu o curso oficial durante ese ano escolar (98/99). Esta actividade contribuíu a forxar unha nova imaxe pública das mulleres caboverdianas, que comezaron a ser visibilizadas diariamente pola avenida principal de Burela de camiño ou regreso das aulas, coas súas carpetas baixo o brazo.

A formación en redes e aparellos de pesca³⁵, que respondeu á demanda das mulleres caboverdianas no diagnóstico participativo, constituíu unha das actividades máis importantes, xa que serviu, alén dos obxectivos puramente formativos, para traballar a cohesión grupal. A asistencia ás aulas supuxo un maior contacto entre as asistentes, que atoparon no grupo un espazo no que conversar e partillar vivencias ao mesmo tempo que estaban a aprender. Así mesmo, serviu para que algunhas participantes que levaban escaso tempo na zona, ou mesmo unha recentemente chegada, dispuxeran dunha actividade cotiá que lles facilitou a súa integración dentro da propia comunidade.

³⁴ Tivemos coñecemento de que, uns anos atrás, un dos profesores do servizo de adultos, cunha metodoloxía de achegamento á comunidade, tiña impartido aulas de alfabetización a un grupo de mulleres caboverdianas, que abandonaron estas clases unha vez que o profesor marchou a un novo destino. Algunhas aprenderon a ler e escribir con él.

³⁵ Dentro do catálogo oficial de actividades formativas do mundo pesqueiro, que limitaba a escolla de cursos, esta formación é unha das poucas dirixidas a mulleres, xunto coas actividades de marisqueo, non practicadas en Burela.

Un elemento esencial no suceso do curso debeuse ás habilidades da formadora, unha redeira dunha localidade veciña que se implicou moi positivamente no traballo e estableceu unha relación moi próxima coas mulleres. A acción formativa serviu tamén para afianzar a relación entre as beneficiarias e a coordinadora. Eu adoitaba acudir case todos os días a visitar a formación, que se desenvolveu ao longo de uns catro meses, aproveitando para continuar coa metodoloxía participativa e co intercambio de información coas participantes, que facían parte do **grupo promotor** da intervención. Nas miñas visitas aproveitaba para facer e ofrecer café ás formandas, dando a volta simbolicamente á situación habitual, na que as negras adoitan servir ás brancas. Foi un xeito de evidenciar o compromiso do proxecto con estas mulleres, acostumadas a servir aos demais, fora na súa casa ou nos seus empregos. Durante esta etapa inicial comecei a familiarizarme coa lingua kriola, inicialmente a xeito de brincadeira, coa aprendizaxe dun vocabulario mínimo no que destacaban palabras e expresións ligadas á sexualidade, que unha das alumnas de redes me foi ensinando entre risas.

Só dúas das alumnas previamente inscritas desistiron da formación de redes. A primeira destas mulleres non apareceu no segundo día de aulas, polo que chamei á súa casa, atopándome coa resposta do seu marido, irritado, que afirmou que a súa muller non tiña nada que ir facer fora de casa, que tiña suficiente traballo con atender á súa familia. Este feito constituíu o único desta natureza que se produciu ao longo do proxecto, no que os maridos, que ían sabendo da intervención en cada desembarque, non opuxeron resistencia significativa á saída das súas mulleres a ámbitos nos que anteriormente estaban ausentes. A outra alumna desistiu ao ser detida e levada a prisión por traficar con heroína pouco despois do inicio da actividade.

A formación en redes, inicialmente prevista para un total de cen horas, foi ampliada, a petición das alumnas, en cincuenta horas máis. Complementouse cun “Obradoiro de autoestima e habilidades sociais”³⁶, nas que se traballaron diversos aspectos das súas vidas e contidos relativos a coñecementos e habilidades, mais tamén a actitudes, valores e afectividade, enfatizando a implicación e participación activa das alumnas, procurando unha aprendizaxe significativa e construtiva. Ao longo dos obradoiros tratáronse temas íntimos, como o traxecto migratorio ou a sexualidade, xunto a outros ligados ás habilidades sociais e o asociacionismo, que foron traballados a través de xogos de roles. As sesións de traballo resultaron extremadamente ricas e promotoras da cohesión grupal, creando un clima potenciador da participación noutras accións da intervención. Por outra banda, serviron para coñecer aspectos cualitativos da vida das caboverdianas en Burela, como

³⁶ O obradoiro foi impartido por dúas monitoras da *Asociación Lilith*, de Santiago de Compostela, que dende unha perspectiva feminista utilizaron unha metodoloxía baseada en dinámicas educativas e xogos e outros instrumentos lúdicos, para propiciar un ambiente aberto, acolledor e de confianza.

a enorme importancia da familia, repartida entre diversos países, a visión dos fillos como forza³⁷ ou o descoñecemento sobre numerosos aspectos ligados á sexualidade (contracepción, VIH e outras DTS). Evidenciouse a importancia dos rumores nas súas vidas, considerados como un elemento desestabilizador das relacións humanas, moi poderoso para conter calquera tipo de mudanza na vida das mulleres, así como o medo ao conflito, que lles facía optar por estratexias de pasividade á hora de defender os seus dereitos.



Nº 5: Obradoiros de autoestima, Proxecto Bogavante (1998)

Todo o **proceso cotiá** xerado ao redor destas actividades formativas, específicas para mulleres, tivo unha importancia decisiva no proceso de investigación xeral ao que se aludía anteriormente. Ao mesmo tempo que se realizaban accións, a información producida nos seus contextos non facía máis que facer aparecer novas cuestións, ampliándose os ámbitos de investigación.

No **eixo dos dereitos**, optouse por realizar labores de mediación con e ante diferentes institucións e colectivos, co obxectivo de poñelos en contacto coa asociación comunitaria e iniciar un proceso de transmisión de información sobre dereitos e recursos accesíbeis ás persoas, principalmente a través das xuntanzas, sen descoidar a vertente individual e familiar. Neste campo destaca a colaboración coa traballadora social municipal, que pasou de non ter usuarios da comunidade a coñecer e tratar aos seus membros e tramitar todo tipo de documentos e prestacións.

Por outro lado, mantivéronse relacións con dúas institucións ligadas á faceta de control e punición social: a cadea e a comisaría, lugares nos que tamén se desenvolveu o traballo de intervención. Un

³⁷ Esta visión, que tamén coñecín durante o meu traballo con mulleres en Cabo Verde, é moi diferente á que se adoita ter nos países chamados desenvolvidos, onde os fillos son vistos como unha carga ou impedimento para o desenvolvemento das mulleres.

dos asuntos que ocupou máis tempo e esforzos foi a procura de solución á falta de nacionalidade dos descendentes nados en territorio español, nos que se foi dando paus de cego ate lograr a información precisa para iniciar os trámites para unha solución conxunta.

O Código Civil español contempla a presunción de nacionalidade española para os descendentes de persoas estranxeiras, sempre e cando a lei do país dos proxenitores non outorgue aos descendentes nados en países estranxeiros a nacionalidade dun xeito automático. Os gobernantes caboverdianos, tendo en conta a existencia dunha enorme diáspora procedente do arquipélago en diversos países do mundo, preocupáronse de ditar unha lei de nacionalidade que non obstaculizase en ningún caso a obtención da nacionalidade dos países de acollemento dos seus emigrantes, tanto para as persoas nadas en territorio caboverdiano como para os seus descendentes. A lei caboverdiana contempla en todo caso a posibilidade de manter a nacionalidade de orixe, que pode ser solicitada polos descendentes nados en territorio estranxeiro, sendo sempre concedida.

Na comisaría de Viveiro³⁸ había un policía que detestaba profundamente aos caboverdianos. Teño asistido a escenas e sobre todo comentarios altamente racistas por parte deste funcionario. Cada vez que acudía a comisaría, bastaba saudar cun “bos días” para que este home, que identificaba perfectamente a miña voz, aparecese para alertarme unha e outra vez que a miña era unha misión imposible, chegando a argumentar nunha ocasión, cun exemplar do código civil nas mans, que era “unha aberración que un cidadán español estivese baixo a patria potestade dun ... (non lembro ben se a palabra a seguir era negro ou africano)”. Este funcionario desapareceu unha vez que, conseguida a información suficiente e coñecidos os documentos necesarios e pasos a dar, se iniciaron os trámites para a obtención da nacionalidade española para un total de vinte e seis menores descendentes de diversas idades. Unha vez concedida a presunción de nacionalidade, todos eles e elas tramitaron o seu DNI nesta comisaría, o que tivo un grande eco en prensa, radio e televisión.

No **campo cultural**, o coñecemento adquirido durante o traballo de campo inicial sobre as expresións da cultura caboverdiana, entre outros aspectos relativos ao arquipélago, permitiu inducir á acción, logrando que as persoas caboverdianas introduciran novas formas de actuar dende a súa propia cultura, na comunicación co resto da sociedade, mostrando publicamente unha serie de prácticas e expresións que ate aquel momento só tiñan lugar no seo da comunidade.

O Consulado de Cabo Verde tivo un papel fundamental na construción simbólica da nova identidade dos “morenos”. O Cónsul, ao representar a un estado independente, outorgador de cidadanía e

³⁸ Institución á que deben acudir os estranxeiros residentes en Burela para os diversos trámites relativos á súa documentación para residir legalmente en España.

identidade nacional, constituíu un dos elementos clave, acompañando e dando respaldo institucional á exposición pública dos elementos da caboverdianidade que se puxeron en xogo a partir da intervención.

De todas as actividades realizadas no ámbito da cultura, a máis masiva foi, sen dúbida, a **Iª Noite Caboverdiana**, celebrada o 22 de maio de 1999, unha semana antes do inicio das festas de Burela. A institución local limitouse a colaborar mediante a cesión dun espazo público para a celebración, sendo o concelleiro de Cultura totalmente contrario á súa organización, que tentou impedir, argumentando a súa falta de idoneidade e que os caboverdianos deberían acudir máis ás festas “dos brancos”.

Na comunidade había moita ilusión e expectativas cara este evento, que foi concibido como unha mostra de cultura viva para a sociedade envolvente. Toda a comunidade caboverdiana implicouse na organización e goce do evento, ao que acudiu tamén moita xente da zona. Conseguiuse integrar aos mozos e adolescentes na organización, a pesar de que en principio eran un pouco reticentes a participar na intervención, acostumados a vivir a cultura badía no espazo privado fechado ou nos grupos de iguais. As nenas e nenos tamén participaron activamente neste exercicio de proxección pública da cultura invisíbel, que a través deste evento mostrouse socialmente como unha das presentes na localidade.



Fotos 6 e 7: Iª Noite Caboverdiana. Burela (1999)

A Iª Noite Caboverdiana tivo diversas consecuencias, constituíndo, dentro do cadro das actividades realizadas a nivel cultural, a que maior impacto deixou non só na comunidade caboverdiana, que experimentou por primeira vez a súa integración na comunidade local dende a súa propia identidade, senón tamén na sociedade envolvente, que tivo a oportunidade de coñecer elementos diferenciais dunha comunidade ate entón invisíbel a nivel da expresión da identidade cultural. Foi o inicio dunha

nova relación na que se comezou a ver a comunidade con outros ollos, respectándoa tamén en base á súa identidade cultural, valorando riqueza que os/as migrantes caboverdianos portaban consigo.

Un dos efectos máis positivos da festa produciuse sobre a autoestima individual e colectiva das persoas caboverdianas e os seus descendentes, que constataron que a súa cultura, tras anos de ocultación, podía convocar á sociedade burelá e mariñá. Isto **empoderou** ao colectivo, que a partir deste momento sentiuse cada vez máis capacitado para presentarse ante a sociedade a través da súa “verdadeira” identidade. Os e as migrantes descubriron que a súa cultura podía ser un elemento, non de separación, mais de integración coa sociedade da que facían parte. A festa situou a comunidade no mapa informativo galego, creando unha imaxe pública positiva, que se apoiaba nos aspectos que aproximan ás culturas en presenza (tanto Galiza como Cabo Verde fan parte da Lusofonía) e o valor positivo da expresión cultural como medio para a integración e como riqueza para a sociedade. A partir daquel momento, as expresións e marcadores da identidade crioula non fixeron máis que mostrarse publicamente.

A avaliación realizada ao BogAvante, tanto por parte da REGAL como polas institucións supervisora e financiadora foi positiva. Tamén foi positiva a avaliación por parte da comunidade en xeral, que como resultado da intervención se atopaba vertebrada en torno a un proxecto común, abríndose un longo camiño por percorrer. Algunhas das problemáticas do colectivo caboverdiano foron solucionadas definitivamente, logrando cumprir os obxectivos ao 100%, especialmente na área dos dereitos (nacionalización dos descendentes, acceso aos servizos sociais, obtención de títulos de familia numerosa). Outros problemas, que respondían a realidades máis dinámicas, ligadas ás relacións sociais, foron abrindo vías para a súa solución, necesitado dunha intervención máis longa no tempo, que permitise afianzar os resultados obtidos, por exemplo, no combate ao fracaso escolar. O gran fracaso da intervención foi sen dúbida a tentativa de inserción laboral como redeiras, que non acabou de callar, a pesar dos esforzos invertidos, nos que non me estenderei aquí.

En suma, co BogAvante tíñase iniciado un proceso de cambio social, ben alicerzado, que se atopaba en marcha, habendo logrado definir e solucionar dun xeito participativo algúns dos problemas existentes antes do seu arranque, que tiña provocado ao mesmo tempo un proceso de saída das expresións da identidade badía e un entusiasmo xeral. Estaban postas as bases para o rexurdimento cultural de *Tabanka*.

2.4. DIMENSIÓN POLÍTICA DOS ENFOQUES TEÓRICOS E METODOLÓXICOS NAS INTERVENCIÓNS COA COMUNIDADE CABOVERDIANA DE BURELA.

2.4.1. O PROXECTO MUNICIPAL: A INTEGRACIÓN DECRETADA

Na intervención da REGAL, as relacións entre o sistema interventor e a institución local comezaron con mal pé. O Concello era un simple colaborador do proxecto, do que non tiña coñecemento ate a súa implantación, polo que a súa existencia causou certa sorpresa entre os representantes políticos, que nunca viron con bos ollos que un novo sistema interventor, dende presupostos contrarios aos hexemónicos, se establecesse no territorio municipal, sendo, ademais, de fóra, e polo tanto, difícil de controlar. Procurouse manter unha relación nos mellores termos posibles coa institución local, con contactos regulares co persoal de diversos departamentos adscritos aos servizos sociais locais para aspectos operativos do traballo, sen maiores complicacións. Non sucedeu o mesmo cos responsábeis políticos, especialmente os que ocupaban as Concellerías de Servizos Sociais e Cultura, as máis próximas á intervención.

A partir do ecuador do BogAvante, en maio de 1999, momento de concentración de moitas actividades, coincidindo coa parada dos mariñeiros e as festas locais, en plena campaña de eleccións municipais, as relacións cos representantes políticos quedaron reducidas á mínima expresión. Nas eleccións celebradas pouco despois o goberno local revalidou por maioría absoluta o seu mandato³⁹ e esperou a que o proxecto rematara para facerse coa intervención, abortando conscientemente a posibilidade de continuar no camiño da participación, evidenciando o seu carácter político, que converteu a intervención en algo molesto para o poder local, que veu indirectamente cuestionadas tanto a súa (falta de) intervención como o seu discurso.

O Proxecto BogAvante rematou en febreiro de 2000, no medio dunha incerteza sobre a súa continuidade. Os continuos conflitos co poder político local levaron á falta de apoio do concello à hora de conseguir fondos para continuala. As xestións realizadas dende a REGAL para conseguir financiamento da *Consellaría de Familia, Muller e Xuventude*⁴⁰, que iniciaba no ano 2000 unha liña de intervención con inmigrantes con fondos concedidos polo goberno central, deron como froito a dotación dun orzamento anual ao Concello de Burela, ficando a organización promotora da intervención inicial fora da escena.

³⁹ O reparto de concelleiros/as foi: 10 para o PP, 2 para o BNG e 1 para o PSOE

⁴⁰ Naquela altura, os gobernos central, autonómico e local estaban rexidos pola mesma forza política, o Partido Popular.

Nese momento, a concelleira de Servizos Sociais de Burela expresou a súa negativa á continuidade do meu traballo como coordinadora da intervención, o que expliquei ante *Tabanka* nunha xuntanza de avaliación do proxecto. A asociación caboverdiana decidiu presionar para que se levase a cabo non só a miña contratación, senón tamén a continuidade da metodoloxía e liñas de intervención. A pesar de que dende o concello se tentou, mediante reunións con diversas persoas da comunidade, “convencelas” de que o traballo podería continuar baixo outros presupostos, o concello veuse obrigado a contratarme en marzo de 2000, unha vez rematado o contrato coa REGAL.

Co fin do proxecto inicial, coa REGAL fora de escena e a apropiación da intervención por parte do concello, erixido en novo sistema interventor, iniciouse un proceso **hexemónico** de intervención, no que se deixou claro dende o inicio quen detiña o poder, tanto sobre o persoal técnico como sobre o destino do proxecto, e consecuentemente, sobre a propia comunidade.

A pesar de que teoricamente a nova intervención ía continuar nos moldes da anterior, deuse unha mudanza en certos aspectos de orde metodolóxico e conceptual a partir do momento en que o novo sistema interventor se fixo coa dirección da intervención. Tratouse dunha mudanza paulatina que se foi afianzando ao longo dos anos posteriores, como se verá nos seguintes apartados.

En primeiro lugar, acabou coa **vertente participativa** do proxecto, diminuíndo ate a desaparición o peso da comunidade na toma de decisións sobre o seu desenvolvemento, que os beneficiarios non foron quen de dar a volta ao seu favor. *Tabanka* foi perdendo a oportunidade de contar con voz propia na definición das actividades a realizar cos novos fondos e de expresar os problemas, necesidades e potencialidades do propio colectivo. Se anteriormente, sempre dentro dos límites impostos polo financiador, existía a posibilidade de programar e escoller as actividades que técnica e comunidade considerasen máis adecuadas, na nova andaina o poder decisorio de ambos actores desapareceu, sendo difícil propor determinadas accións e que estas fosen aprobadas polos dirixentes políticos. O poder local entendía a intervención cos caboverdianos non como un dereito senón como unha dádiva, iniciando unha relación de tipo **clientelar**⁴¹ co colectivo, que xa non era dono do proxecto nin do seu financiamento, senón usuario pasivo do mesmo. Na primeira xuntanza realizada no marco da intervención municipal, o Concelleiro de Cultura, dirixíndose á comunidade, insistiu na idea de que non era necesario falar máis de integración, xa que esta se tiña conquistado, estando o colectivo “máis que integrado”, grazas ao labor do BogAvante. Foi este un xeito de decretar unilateralmente a integración fronte a comunidade, que non respondeu esta afirmación.

⁴¹ Por clientelismo enténdese a “práctica social e política en que se establecen relacións de dependencia entre persoas ou organizacións poderosas e os seus partidarios ou colaboradores, os cales esperan obter a cambio determinados favores ou beneficios persoais”. Dicionario da RAG.

En segundo lugar, mudou o concepto de **integración** que guiara a intervención anterior, perdéndose a visión multidimensional, ficando como ámbito privilexiado o cultural. Os outros dous ámbitos desapareceron practicamente, ficando algunha actividade illada, mais sen facer parte dunha planificación global. No caso do **ámbito laboral**, a única actividade desenvolvida xa non estaba vencellada ao mundo do traballo, senón a unha concepción da muller en canto dona de casa, acudindo a aulas de costura un grupo de mulleres, moitas delas anteriormente formadas como redeiras, desaparecendo así a vertente formativa orientada a unha mellor inserción laboral das caboverdianas.

No ámbito dos **dereitos**, o único que quedou en pé foi a intervención de apoio escolar cos nenos e nenas. Desapareceron por completo as accións relativas á ampliación de dereitos do colectivo e á información sobre aspectos deste ámbito, a pesar das dúas mudanzas da Lei de Estranxeiría española acontecidas no ano 2000, das que se falará en próximos capítulos.

O **ámbito cultural** foi sen dúbida o privilexiado na nova intervención, mais dun xeito illado respecto dos anteriores, rompendo a visión integral e procesual que baseaba os presupostos teórico-conceptuais da intervención anterior. Desapareceu a concepción de integración en canto partilla dinámica de diferentes culturas, que se orientou á mera mostra de elementos da identidade cultural, ofrecidos dun xeito estático e estético, que nada tiña que ver coa concepción social da cultura, folclorizando as súas manifestacións. As **festas** caboverdianas pasaron de non ter apoio a ser unha actividade de realización obrigatoria, debido ao grande eco logrado na primeira edición, que aparecera nun lugar destacado do xornal *La Voz de Galicia*, pasando das páxinas estritamente locais á contraportada. As Noites Caboverdianas de 2000 e 2001 foron acompañadas de cadansúa **exposición** sobre Cabo Verde e a súa diáspora, que contribuíron a afianzar o proceso de difusión da cultura do arquipélago e a autoestima positiva dos migrantes caboverdianos na Mariña. Na festa de 2000, como resultado do intenso proceso de emerxencia da cultura caboverdiana iniciado polo Proxecto BogAvante, presentouse *Batuko Tabanka*, un grupo musical composto por unha ducia de mulleres, case todas do grupo promotor, que foi acadando progresivos éxitos e profesionalizándose. Falarase pormenorizadamente deste grupo no capítulo catro.

A intervención municipal parte dunha consideración da cultura como algo estático, como un arquetipo estancado en certos elementos folclóricos que son mostrados repetitivamente, sen evolucionar, caendo nun culturalismo que separa a cultura do contexto social no que se produce, ofrecendo as expresións diferenciais da cultura caboverdiana dun xeito estático e repetitivo, mostrándoas como a proba irrefutábel da existencia de integración. Este tipo de intervencións poden

acabar contribuíndo a unha nova categorización dos colectivos en base ás súas prácticas identitarias que acabe por ter o mesmo efecto inferiorizador que as prácticas asimilacionistas do pasado.

La mirada culturalista, que pone el énfasis en los aspectos culturales y se olvida de los personales, situacionales y sociales, que intuimos, sentimos y que en muchos casos, comprobamos que impregnan las políticas públicas, nos obliga, como profesionales de la intervención social con el colectivo de personas inmigrantes y como agentes sociales, a derribar esos argumentos que sostenidos en la idea de culturas estáticas, justifican comportamientos y conductas que pueden llegar a ser racistas y xenófobas. El nuevo racismo es una amenaza y hay que estar alerta porque se ampara en esa visión reduccionista y estática, perversa y peligrosa para la convivencia. (Carnacea, 2011: 180)

Nas festas patronais de 2000 tivo lugar a actuación pública máis impactante do cónsul de Cabo Verde no marco da intervención: a súa primeira participación institucional na procesión das festas de Burela. Este acto solemne, central nas festas patronais, é unha auténtica representación da sociedade local, na que participan diferentes sectores da localidade, cun lugar central para os representantes do poder político local e autonómico. Por primeira vez, un representante do estado caboverdiano participou neste evento. O Cónsul foi colocado entre o alcalde e un conselleiro da Xunta de Galicia, suscitando todo tipo de comentarios ao seu paso pola alfombra floral. A súa presenza constituíu un xeito simbólico de evidenciar a presenza e importancia da comunidade caboverdiana na vida local, neste acto central para a identidade burelá da que o colectivo caboverdiano estivera ausente.

Nunca máis se actualizou o diagnóstico respecto dos aspectos cualitativos da realidade da comunidade, perdéndose a oportunidade de definición participativa dos problemas e necesidades do mesmo, que como todas as realidades sociais están suxeitas a unha dinámica constante. O colectivo beneficiario experimentou un agudo crecemento ao longo da década de 2000, que o levou a triplicarse até 2008, aparecendo novas realidades, problemas e necesidades, acompañadas de novas potencialidades. O exercicio participativo realizado como punto de partida do BogAvante non se repetiu, imposibilitando o coñecemento, mellora ou transformación dos novos desafíos.

Paulatinamente, os representantes municipais foron controlando o exercicio do meu traballo, considerando que este se debía someter aos espazos e horarios propios da atención burocratizada aos cidadáns e grupos sociais. Comezaron as tentativas de burocratizar a relación co outro, que tiñan como consecuencia a imposibilidade de desenvolver a metodoloxía de traballo que tan bos resultados tiña dado. O exercicio profesional foi sometido á regularización e tempos propios da xestión burocrática dos asuntos municipais, cencenando a aplicación do método etnográfico, que tiña constituído unha das claves do éxito da intervención anterior.

O método de traballo baseado na presenza no terreo e na dispoñibilidade, non suxeito a horarios formais de traballo, tipo funcionaria, resultaba o máis eficaz neste caso, sobrepasando con creces as vinte horas semanais estipuladas no contrato. A concepción que os políticos tiñan dun posto de traballo desas características definíase polo enclaustramento do persoal técnico nun espazo administrativo, denotado co poder político, único lugar que consideraban lexitimado para a intervención social.

No que respecta á miña experiencia como traballadora municipal, a nivel profesional sentíame incómoda no novo papel de técnica sen atribucións nin a nivel de investigación e diagnóstico, nin respecto á planificación, pasando a cumprir o papel de simple organizadora e executora de actividades, a maior parte das cales eran decretadas polos políticos. Nos últimos meses de traballo as relacións laborais fixéronse insoportábeis, ate o punto de non compensarme os extraordinarios resultados que se estaban a lograr coa explosión cultural pública do colectivo, aspecto no que en canto antropóloga sentíame moi satisfeita, pois o traballo de investigación-acción sobre a cultura caboverdiana daba froitos e facía aparecer en todo o seu esplendor a potencialidade integradora da mesma.

Dadas as novas condicións do meu papel de interventora, acabei por valorar a saída do posto de coordinadora. Levaba un ano e medio vendo como se derruía o construído con tanto esforzo e as cousas non se prevían mellores nun futuro a medio prazo. Decidín marchar. Sentíame como unha política e non como unha técnica e non era ese o papel por min desexado a nivel profesional, sendo consciente do carácter político do proceso que estaba a conducir. Optei por seguir a recomendación de Foster (1974), ante situacións desta natureza.

Deberá participar sólo en aquellos proyectos en los que se sienta moralmente cómodo, y deberá retirarse de aquellos en los que descubra política o prácticas que no puede aceptar. (ibid.: 266)

Nestes contextos de aplicación da antropoloxía, o método etnográfico é practicado alén do seu fin puramente investigador, constituíndo unha ferramenta privilexiada dende a que tecer relacións de confianza cos beneficiarios das intervencións sociais, necesarias para súa implicación nos proxectos deste tipo, abrindo o camiño a intervencións de tipo participativo. Os interventores municipais nunca conseguiron percibir na súa importancia e profundidade o método etnográfico como forma de traballo válida. Na intervención participativa inicial, o persoal técnico estaba no terreo, entendido na súa máxima amplitude, tanto en calidade de investigadora como de facilitadora, nunha relación horizontal e dinámica de proximidade. A técnica da observación participante permite e axuda á nosa integración nos grupos cos que interactuamos, facilitando a comprensión holística da súa realidade. O exercicio do método etnográfico, convertido en método de intervención social, permite tamén o

establecemento de relacións de tipo horizontal que superen a dicotomía ou relación de poder vertical entre interventor e cliente, sendo moi adecuada na aplicación de metodoloxías inspiradas no enfoque do empoderamento, do que se falará no seguinte apartado.

A aplicación da **cultura organizacional** do concello á intervención acabou por ter unha serie de consecuencias a medio e longo prazo, entre elas o que se podería considerar unha burocratización da atención ao colectivo, dende unha perspectiva asistencialista, fomentadora da dependencia do mesmo respecto do poder local, tanto á hora de propor actividades como á de solucionar problemas administrativos. O novo sistema interventor estableceu un tipo de relación diferente coa comunidade beneficiaria, que unha vez que retomou a actividade do mesmo⁴² (2002), pasou a estar “obrigada” a acudir ao concello para poder levar a cabo calquera iniciativa, de xeito individual, perdéndose a visión colectiva do grupo, focalizando os problemas de xeito individual e non como parte dunha realidade común en canto inmigrantes cunha mesma orixe, establecéndose relacións de tipo **clientelar** entre algunhas persoas caboverdianas e os representantes municipais. Instaurouse o que Ruiz (2005) denomina “liturxia diferenciadora” entre suxeito e obxecto da intervención, estando o primeiro situado de xeito estático nas dependencias municipais, nunha escenografía altamente burocratizada á que deben acudir os beneficiarios, non acontecendo a situación contraria. Pasado un tempo, o colectivo caboverdiano converteuse nun obxecto pasivo da intervención municipal, onde os problemas son frecuentemente tratados dende unha óptica individualizada, moi útil na disgregación do colectivo.

2.4.2. O ENFOQUE DO EMPODERAMENTO, CLAVE NO CONFLITO ENTRE OS SISTEMAS

INTERVENTORES.

La intervención con el colectivo de personas inmigrantes debe ayudar a encontrar soluciones y recursos, desde el enfoque y la defensa de un modelo de integración multidimensional donde la interculturalidad sea el eje y logre superar las tentaciones e intenciones asimilacionistas por parte de las instancias político-administrativas y justificadas en la praxis, no sólo por ellas. Sorprende comprobar la actuación de determinadas entidades sociales, ancladas y anquilosadas en la herencia asistencialista de la intervención y acción social, y que tratan a las personas inmigrantes con actitudes paternalistas, relegándoles al plano de “los necesitados”, sin ver sus potencialidades y sin darles la oportunidad de hacer. Construir ese imaginario de la convivencia de lo múltiple es la tarea que debemos plantearnos. (Carnacea, 2011: 183)

⁴² Cando abandonei o traballo de coordinación (xullo de 2001), a intervención municipal ficou sen actividade ate o inicio do ano seguinte, coa contratación de novo persoal.

O Proxecto BogAvante supuxo o exercicio da intervención social dende metodoloxías alternativas ou contrarias ás que empregaban os servizos sociais locais na súa relación con diversos colectivos, entre os que non se contaba a comunidade caboverdiana. Evidenciou a falla de interese e sentido da oportunidade da administración local, nun momento de explosión dos discursos sobre a inmigración e a convivencia interétnica a nivel autonómico e estatal, que se traducían na dotación de recursos para intervir con colectivos inmigrantes. Como se viu anteriormente, os responsábeis municipais tentaron, dende antes incluso do seu arranque formal, apropiarse da intervención da REGAL cara a opinión pública, mediante o uso dos medios de comunicación, sen gardar sequera as debidas formas de respecto institucional.

Aínda que o punto de partida teórico-metodolóxico respecto da intervención social que se utilizou no BogAvante era moi básico, unha das súas premisas básicas foi o enfoque do **empoderamento**, que constitúe unha metodoloxía de intervención que procura o acceso aos recursos por parte de grupos socialmente discriminados. Trátase dunha proposta en aberto, que a semellanza da IAP confía na adecuación da metodoloxía ás circunstancias específicas de cada intervención. Ambos enfoques poden ser vistos como complementarios, dado o seu énfase na intervención social en canto proceso de transformación social programado e executado coa participación dos colectivos receptores da mesma, que sempre supón unha concienciación dos mesmos acerca da súa propia realidade. Como afirma Young (1997), para lograr o empoderamento colectivo é necesario involucrar ás persoas oprimidas no proceso de toma de decisións, para capacitalas para identificar as súas necesidades e as limitacións que deben afrontar.

A aplicación da metodoloxía do empoderamento á intervención social afunda as súas raíces no final da década dos 70, na confluencia de diversos movementos cívicos e de loita polos dereitos de cidadanía (civís, políticos e sociais) de diversos colectivos, entre os que se contan o feminismo radical, o movemento do poder negro nos EEUU ou os movementos de emancipación de persoas homosexuais e discapacitadas, mais tamén algunhas correntes de tipo científico, como a Socioloxía de Intervención, a Pedagogía do Oprimido de Paulo Freire ou o movemento de reconceptualización do Traballo Social (Pinto, 1998).

Este enfoque ten sido especialmente frutífero no campo dos estudos de xénero, dos que se ten convertido nun concepto central (Stromquist, 1995). O empoderamento pode ser definido como “un proceso para cambiar a distribución del poder, tanto en las relaciones interpersonales como en las instituciones de la sociedad” (Stromquist, 1997: 78). Implicaría, segundo a mesma autora, “un proceso político para generar conciencia en los diseñadores de las políticas acerca de las mujeres y crear presión para lograr un cambio en la sociedad” (ibidem).

O rico debate producido no seo do feminismo a partir do aparecemento desta proposta levou a discusións sobre a conveniencia de separar os elementos prácticos e políticos. Por iso nunha intervención segundo estes presupostos aténdese a dous tipos de aspectos relativos á realidade dos grupos beneficiarios, diferenciando na planificación entre aspectos materiais e estruturais, aínda que na realidade van sempre interligados.

Se planteó la necesidad de que se visibilizaran las necesidades e intereses de las mujeres clasificados en prácticos y estratégicos. Los primeros son aquéllos que dan respuesta a las necesidades materiales de las mujeres, a demandas específicas que ellas tienen para sobrevivir, para salir de la pobreza.... Lo estratégico son aquellas necesidades e intereses que buscan y apuntan a un cambio fundamental en las relaciones de poder existentes entre los géneros. Cuestionar las bases de las estructuras de las sociedades donde hombres y mujeres han participado de una manera diferencial. (León, 2001: 99)

O que na definición de Stromquist se aplica ás mulleres pode referirse a outros grupos sociais oprimidos (sexa por razón de opción sexual, raza, condición económica ou nacionalidade), que partan dunha situación equiparábel en canto ao control exercido dende o poder para incapacitalos para identificar a súa situación e procurar organizarse para provocar mudanzas sociais que a melloren.

Empowerment began to be applied within the women's movements in the mid 1970s. The similarities among oppressed groups are considerable because they face the common problem of limited willingness by those in control to see the seriousness of their condition and to work to solve it. Under the circumstances, the oppressed must themselves develop power for change to occur; power will not be given to them for the asking. (Stromquist, 1995: 13)

No caso do colectivo caboverdiano en Burela, a adaptación desta metodoloxía ás súas particularidades e circunstancias non foi difícil. Iso si, sempre se tivo en conta que na opresión ou subordinación das persoas caboverdianas ocupaba un lugar central a súa condición de inmigrantes africanos/as, en dialéctica con outras variábeis ligadas ao xénero (influíndo dun xeito diferencial nos homes e mulleres do colectivo e nas súas relacións), mais tamén á nacionalidade, raza ou condición laboral.

O empoderamento parte dunha visión dinámica do poder, acreditando na posibilidade de redistribución do mesmo, a pesar da existencia de resistencias como a apuntada por Stromquist. A acepción do poder neste enfoque ten en conta as propostas de Gramsci, Foucault e Paulo Freire, no sentido de considerar que as relacións de poder e as formas de conciencia son históricas e están

culturalmente condicionadas polas loitas sociais (León, 2001). No caso que nos ocupa, as resistencias á mudanza de situación do colectivo déronse por parte do poder político⁴³.

Autoras como Marcela Lagarde definen o poder como algo que impregna todas as relacións humanas, non circunscrito unicamente a determinados campos como o político ou económico, senón tamén ás relacións máis íntimas, incluíndo as de xénero, entre homes e mulleres.

El poder como hecho positivo es la capacidad de decidir sobre la propia vida; como tal, es un hecho que trasciende al individuo y se plasma en los sujetos y en los espacios sociales: ahí se materializa como afirmación, como satisfacción de la necesidad y como consecución de objetivos.

Pero el poder consiste también en la capacidad de decidir sobre la vida del otro, en la intervención con hechos que obligan, circunscriben, prohíben o impiden. Quien ejerce el poder se arroga el derecho al castigo y a conculcar bienes materiales y simbólicos. Desde esa posición domina, enjuicia, sentencia y perdona. Al hacerlo, acumula y reproduce poder. (Lagarde, 2011:177/8)

Un dos puntos definitorios da metodoloxía empoderadora é a crenza nas capacidades dos colectivos beneficiarios das intervencións, que son vistos como recursos e axentes de mudanza, establecéndose un tipo de relación profesional de tipo horizontal, tentando manter un equilibrio de poder entre colectivo beneficiario e persoal técnico, incentivando este último a participación activa do anterior. Isto influirá decisivamente no tipo de traballo desenvolvido no que toca ao papel da profesional e ao exercicio das súas funcións. A crenza nas capacidades e potencialidades do beneficiario axuda a crear as condicións para que estas se manifesten, como aconteceu en Burela. A construción de relacións de tipo horizontal posibilitou que se creara un fluxo de confianza e sentimento de unión entre as beneficiarias que deu pé a un clima no que todo semellaba posíbel.

Segundo autoras como Stromquist (1995), toda definición de empoderamento debe conter as dimensións ou compoñentes cognitiva, psicolóxica, política e económica. Estas dimensións foron contempladas nas diversas actividades organizadas polo BogAvante, abranguendo algunhas delas varias das dimensións. Respecto do ámbito cognitivo, traballouse para facilitar a comprensión da situación de exclusión á que a comunidade estaba sometida, sobre todo no tema dos dereitos, onde se fixo un esforzo para aportar información sobre o exercicio da cidadanía. Por outro lado, o traballo en torno á difusión e expresión da cultura caboverdiana tivo un impacto visíbel na autoestima das persoas caboverdianas⁴⁴, que se presentaban por fin baixo unha identidade máis realista, sen necesidade de interpretar as practicas ás que lles abocaba o asimilacionismo.

⁴³ As resistencias a nivel social foron moi minoritarias e non se traduciron en correntes organizadas.

⁴⁴ Lembro o comentario dun burelés que afirmou que os caboverdianos tiñan comezado a mostrarse na rua coa cabeza erguida, nunha posición de orgullo da súa identidade. Este feito pode ser considerado como unha mostra de autoestima positiva, aspecto moi difícil de cuantificar.

Diversas autoras (Stromquist, 1995, 1997; Young, 1997), tomaron o *Programa de Acción da Política Nacional sobre Educación do Goberno da India*, de 1986, como modelo definitorio dos parámetros ou pasos da metodoloxía empoderadora, que comezan pola construción dunha auto-imaxe e confianza positivas nas beneficiarias, unida ao desenvolvemento da súa capacidade de pensar criticamente, mentres se promove a construción da cohesión do grupo e da toma de decisións, para pasar, por último, á acción (Young, 1997).

No BogavAnte foi este exactamente o camiño seguido. A construción dunha imaxe positiva logrouse coa confluencia de diversas actividades, entre elas a difusión da realidade do colectivo e da cultura caboverdiana. Por outra banda, nas reunións e traballos grupais realizáronse exercicios de pensamento crítico, a partir da definición colectiva de problemas da comunidade. Na promoción da cohesión de grupo xogou un papel fundamental o feito de que a intervención estivera dirixida exclusivamente ao colectivo caboverdiano, tendo peso específico nos primeiros tempos actividades como as xuntanzas grupais ou a actividade formativa en redes e aparellos, que posibilitou o traballo conxunto dun grupo de mulleres durante varios meses. A cohesión grupal reforzouse coa reactivación da *Asociación Cultural Tabanka*⁴⁵, erixida en representante colectivo, ao dar á comunidade a posibilidade de decidir sobre as actividades a desenvolver, que ao ser sentidas como responsabilidade grupal, se realizaron cunha elevada implicación do colectivo nas accións.

Para atender a estas dimensións e parámetros o persoal técnico ten que cultivar dun xeito especial a vertente da **animación sociocultural**, para cativar e implicar ao colectivo no desenvolvemento do programa, creando as condicións que favorezan o xurdimento do empoderamento, a través da participación dos beneficiarios en todas as fases do mesmo.

One cannot teach self-confidence and self-esteem; one must provide the conditions in which these can develop. Empowerment cannot be developed among "beneficiaries" of programs but only by "participants". Empowerment requires involving women directly in planning and implementation of projects (Rao et al., 1991). Activities that seek empowerment must involve women in all stages of any specific project, though not necessarily with the same intensity at all times. Women must participate in problem definition, the identification of concrete solutions to problems, the implementation of these solutions, and the assessment of the efforts undertaken. (Stromquist, 1995: 15)

A **metodoloxía de traballo** posibilitou infinidade de comunicacións cotiás entre colectivo beneficiario e sistema interventor, que en si mesmas constituían parte do proceso de concienciación da colectividade, no sentido apuntado por Stromquist.

⁴⁵ Na difusión das actividades realizadas, sempre apareceron como coorganizadores o propio proxecto e *Tabanka*.

This discussion of everyday life has a number of consequences. When women talk to other women about their personal experiences, they validate it and construct a new reality. When women describe their own experiences, they discover their role as agents in their own world and also start establishing connections between their micro realities and macrosocial contexts. It should be clear that the discussion of personal lives, of needs and dreams, necessitates of a friendly, receptive social space. Here, the task of a group facilitator becomes essential because this person must create a participatory process which provides constant encouragement and support to the members. The role of the facilitator is not an easy one; training to create and maintain an empowerment process is necessary. (Stromquist, 1995: 17)

O xeito máis apropiado para abordar un tipo de traballo baseado no contacto decotío e na partilla constante entre ambos sistemas remite ao **traballo de campo etnográfico**, pois permite esa proximidade da que fala Stromquist, premisa básica do traballo antropolóxico no estudo das colectividades humanas dende un punto de vista holístico.

Empowerment can succeed only if it is a mode of learning close to the women's everyday experiences and if it builds upon the intellectual, emotional, and cultural resources the participants bring to their social space. (Stromquist, 1995: 17)

A propia estrutura da comunidade caboverdiana, inmersa nun modelo de separación e fechada en si mesma, fixo aínda máis necesaria e útil esta proximidade, que estivo presente durante todo o proceso de investigación e acción.

Es una comunidad tan compacta que es necesario que el profesional o los profesionales que intervenga con ella sepa estar dentro y fuera, como en su día hizo la técnico que trabajó en el BogAvante. Comprender desde dentro a la comunidad es una clave para construir la convivencia. (Carnacea, 2011: 247)

A aplicación da metodoloxía do empoderamento na intervención inicial molestou profundamente ao poder político, que ollaba con desconfianza o desenvolver da mesma, polo potencial liberador que supoñía para o colectivo caboverdiano, encarnado nas súas mulleres, erixidas en decisoras sobre as diversas cuestións que tiñan que ver coa súa propia comunidade. A actuación dos políticos locais, apropiándose do proceso de empoderamento iniciado, coa conivencia do poder político autonómico, mudando o tipo de relacións establecidas entre interventor e colectivo beneficiario, que pasaron a ser fondamente clientelares, evidenciou que esta metodoloxía era un dos principais puntos de conflito entre os dous sistemas interventores que traballaron coa comunidade caboverdiana de Burela. Tanto na Galiza como en Cabo Verde as relacións clientelares son comúns e cotiás, polo que para as mulleres caboverdianas non foi difícil a volta atrás, no que se refire ás relacións cos representantes institucionais. Neste caso, o obxectivo do poder político ao establecer este tipo de relación coa comunidade non estaba ligado aos votos (xa que a cantidade de migrantes con dereitos políticos era ínfima na altura), senón á persistencia da imaxe da “integración perfecta”.

Polo tanto, todo o proceso político que se desenvolveu á volta da intervención dende o seu inicio, que acabou por destruír as súas bases teóricas e metodolóxicas para transformala nun tipo de intervención hexemónica e monofocal, evidenciou o carácter político deste tipo de metodoloxías, nas que os beneficiarios, son recoñecidos como iguais respecto dos interventores, e non como “os outros”, con todas as relacións desiguais de poder que esta visión conleva.

O empoderamento constitúe unha das claves explicativas das relacións de poder xurdidas en torno ás dúas intervencións, sendo que o poder local percibiu como unha ameaza o proceso que se lograra iniciar, xa que fixera emerxer como actor social e político a un colectivo ate entón invisíbel, cuxa aparición colectiva levou a romper a idea de sociedade integradora, ao levar ao ámbito público, a través dos media, unha serie de problemas e discriminacións existentes. Esta emerxencia colectiva foi percibida como unha ameaza polos os representantes políticos, xa que fuxía ao control que basea as relacións clientelares, nas que estes se sitúan nunha posición de poder sobre os grupos sociais.

Mais o discurso do BogAvante, que será analizado no seguinte apartado, non se centrou unicamente nos aspectos negativos, propios da área social e dos dereitos de cidadanía. En paralelo coa exposición destes, deuse unha exposición en positivo da cultura caboverdiana e as súas potencialidades, dotando de identidade social a un colectivo que ate entón era definido de xeito veladamente racista como “os morenos”. A defensa da integración como un proceso dialéctico, multidimensional e dinámico abriu o camiño non só á solución de problemas sociais, senón tamén á expresión pública das potencialidades colectivas.

Segundo foi avanzando a intervención municipal, foise producindo un **desempoderamento** do colectivo beneficiario, que se resituou no papel de actor pasivo en canto ás tomas de decisión e á construción dunha representación plural, aparecendo repetidamente a partir deste momento os mesmos temas e discursos nos media. A pesar das mudanzas na base da intervención municipal con respecto á anterior, os membros da comunidade, en especial as mulleres, continuaron participando con entusiasmo nas actividades da área cultural, onde se continuou a producir o proceso de empoderamento a través da expresión da propia identidade, proceso este do que nunca se desprenderon. A cultura caboverdiana nunca máis se confinou no ámbito privado, proxectándose publicamente dun xeito positivo a través de múltiples expresións e imaxes, entre as que destaca o grupo musical *Batuko Tabanka*, que naceu como un produto do intenso traballo desenvolvido non só na área cultural, mais tamén nas outras definidas polo BogAvante. O eixo de intervención cultural continuou moi presente na intervención municipal, aínda que dun xeito repetitivo que non consegue visualizar na cultura do colectivo caboverdiano outras potencialidades alén do *batuko* e as festas, cada vez máis fechadas e endogámicas.

O fin da intervención participativa acabou por reubicar a *Asociación Cultural Tabanka* como un referente do colectivo, aínda que sen actividades nin voz propia. As dúas mulleres que foran o contacto inicial na entrada no terreo abandonaron os seus cargos por desacordo co que estaba a acontecer. Outras persoas tomaron os cargos representativos, sen grandes resultados a nivel da vida asociativa, convertida en subsidiaria do poder municipal, nos anos seguintes,. Deuse unha ruptura do consenso e a unidade existente ao longo da intervención inicial, que dificultou o papel de *Tabanka* en canto aglutinador de toda a comunidade. A asociación foise identificando cada vez máis co grupo de *batuko* e non coa comunidade. Anos despois, un novo grupo de *batuko* e unha nova asociación virían emerxer, da man dun grupo de mulleres da nova vaga, que non atoparon na organización comunitaria un ámbito de desenvolvemento das súas propostas e anxeios. Delas falarase no quinto capítulo deste traballo.

Un dos produtos máis evidentes do proceso de empoderamento, o grupo *Batuko Tabanka*, seguiu o seu propio camiño, sen abandonar o poder e autoestima positiva que deron lugar ao seu nacemento, e que constitúe unha proba palpábel da aplicabilidade da metodoloxía empoderadora neste tipo de contextos. En palabras de Ángeles Carnacea:

El batuque como herramienta fue muy importante pero, sin duda, si no se hubieran dado unas condiciones previas nunca hubiera aparecido, de hecho la mayoría de las mujeres ni se acordaba de él en Burela; y sólo cuando desde la intervención social se empezaron a trabajar las cuestiones de cultura e identidad caboverdiana, fue saliendo. A partir de ahí el batuque se convierte en una forma de mostrar Burela a través de estas mujeres. Estas mujeres se hicieron grupo, ampliaron su red de relaciones, comenzaron a viajar mucho. Fue un proceso de empoderamiento a través de un arte, la música. Que a su vez se convirtió en una fuente de oportunidades e ingresos económicos para ellas. En 20 años que llevaba la comunidad caboverdiana viviendo en Burela no había salido el batuque, y tras esos 20 años de estancia, se inicia el proceso de intervención social. (Carnacea, 2011: 246)

2.5. DIMENSIÓN DISCURSIVA: A CONSTRUCCIÓN DO MITO DA INTEGRACIÓN PERFECTA NA PRENSA ESCRITA

Partindo da imaxe idílica da sociedade burelá como exemplo modélico de integración, na que conviven diferentes grupos culturais ou étnicos, a mesma existencia do Proxecto BogAvante cuestionou fundamente o discurso dominante que se emitía até ese momento sobre o colectivo caboverdiano. O discurso oficial baseábase na suposta situación positiva do colectivo e a ausencia de problemas nas diversas dimensións da súa realidade, o que está en consonancia coa falta de intervencións anteriores. En paralelo, utilizábase unha argumentación segundo a cal, o pobo galego, dada a súa condición histórica de emigrante, sería especialmente acolledor cos inmigrantes.

No aspecto discursivo, a imaxe da integración como elemento definitorio da sociedade burelá constituíu un dos elementos fundamentais de conflito entre o interventor inicial (REGAL) e o poder político. Mostra da importancia outorgada á integración polos políticos como aspecto central é a profusión de novas e titulares consagrados a ela, nun exercicio de repetición das bondades da política seguida cos colectivos inmigrantes. Falar de **integración** implica utilizar un dos conceptos máis controvertidos e maleábeis nas ciencias sociais, nomeadamente no contexto español na década de 2000, na que grande parte dos discursos oficiais que se emitían sobre a inmigración gravitaban en torno ao mesmo. Palabras como integración, racismo, cultura ou mestizaxe eran utilizadas a cotío, sen precisar o seu significado, sendo o discurso da integración perfecta o máis repetido pola maioría das persoas e institucións.

Na dimensión discursiva en torno aos proxectos é moi destacábel o papel exercido polos media en canto difusores de discursos sobre a propia comunidade e as súas actividades, mais tamén sobre os sistemas interventores. Dende a segunda metade dos 90, a inmigración constitúe un dos temas mais recorrentes nos medios de comunicación social, coñecidos como o cuarto poder pola súa capacidade influencia na creación de opinión, neste caso sobre o fenómeno migratorio. Os media constitúen un dos maiores produtores de significados e representacións sociais, tendo sido analizada a súa relación de dependencia co poder político, nomeadamente a través de subvencións ou contratación de publicidade institucional. Na altura do inicio da intervención coa comunidade caboverdiana, a inmigración experimentaba un espectacular crecemento no Estado Español, tendencia da que Galiza non fuxía, converténdose nun dos asuntos recorrentes na produción de novas. Os media necesitaban noticias relativas á inmigración a nivel local para exemplificar temas xerais relativos ao fenómeno

migratorio (integración, racismo, convivencia, ilegalidade). Neste marco, Burela converteuse no escenario perfecto para exemplificar a integración de inmigrantes na sociedade galega, utilizando un colectivo que numericamente non é moi relevante no contexto inmigratorio, aínda que si o sexa a súa antigüidade e o seu carácter diferencial, pola súa orixe africana.

O discurso emitido pola prensa escrita sobre a comunidade caboverdiana foise alterando ao longo da súa existencia. Pódese falar de catro tipos de discurso na elaboración de novas sobre a mesma, que se iniciou na década anterior ás intervencións, cunha abordaxe maioritariamente negativa, asociada a feitos delituosos, a pesar de que xa existía o discurso da integración perfecta⁴⁶. Co inicio da intervención da REGAL, os media pasaron a ofrecer unha imaxe proactiva da comunidade, conscientemente cultivada dende o BogAvante, cuestionando a existencia da integración. Unha vez rematado este, o poder municipal potenciou o discurso da integración perfecta para posteriormente elaborar unha nova modalidade de discurso, que podemos definir como estatístico, baseado na exposición de datos cuantitativos sobre os colectivos migrantes.

2.5.1. A COMUNIDADE CABOVERDIANA, PROTAGONISTA DE SUCESOS DELICTIVOS (ANOS 90, ATE 1998)

Nos anos anteriores á aparición do BogAvante, a pesar da existencia do discurso da integración perfecta, non era este o máis difundido polos xornais, que centraban a produción de novas relacionadas coa comunidade en feitos delictivos, nomeadamente tráfico de drogas, pelexas, uso e tenencia de armas, e asuntos relacionados coa negligencia con menores. Así, en 1994 un titular da sección de sucesos do xornal *El Progreso* daba conta do seguinte titular, seguido dunha noticia redactada de xeito confuso:

Un caboverdiano apuñala a outro en Burela por no cuidar adecuadamente a un niño (EP⁴⁷, 22/03/1994, sucesos).

Nesta etapa existiu unha profusión de novas respecto do tráfico de estupefacientes especialmente importante en dous períodos, coincidentes con operacións policiais: novembro de 1994, cando se produciu a operación “Toledo Rojo”, e xuño de 1997, con motivo da operación denominada “Reina

⁴⁶ Ate ese momento, o discurso da integración perfecta era máis difundido en medios políticos e televisivos, nomeadamente na TVG. Así mesmo, existía a nivel social.

⁴⁷ EP significa de aquí en diante “El Progreso”, xornal máis importante da provincia de Lugo. Nas citas de fontes xornalísticas, colócase seguida da data de publicación e a sección na que foi inserida a nova. Nas transcripcións, os titulares son representados en negriña.

de África”. Respecto á primeira, que mereceu tres portadas do xornal lucense El Progreso, e unha en La Voz de Galicia, a orixe étnica constituíu un elemento informativo fundamental dos titulares.

Desmantelado un clan de “narcos” en A Mariña. Detenidos una familia caboverdiana, un guineano y varios lucenses. (EP 6/11/94, portada)

Todos los caboverdianos formaban parte de una familia, en la que había varias generaciones de vendedores de estupefacientes, desde personas de avanzada edad hasta mayores. (misma data, sección sucesos)

No seguimento deste feito informativo presentouse en todo momento ao grupo de persoas detidas coma un clan, utilizando unha linguaxe evocativa da orixe africana dos caboverdianos, dende un punto de vista etnocéntrico, que utiliza categorías propias doutros grupos culturais/sociais dun xeito pexorativo.

Na seguinte peza informativa aparece unha detallada enumeración de todas as persoas caboverdianas envoltas neste caso, incluíndo menores, que, baixo o subencabezado “las mujeres”, destaca o papel das mesmas como principais organizadoras e responsábeis do “negocio” e da estrutura familiar:

Las mujeres. Diez minutos después llegaron un “Nissan Patrol” de la Guardia Civil la abuela del clan “Os Pintiños”, Adelina Frederico dos Santos, con su hija Apolinária Frederico dos Santos “Polón”, de 36 años, y su nieta I.F.S., “Chota”, de 17 años. Las mujeres entraron con la cara envuelta en mantas, y Adelina iba en zapatillas y con un jersey blanco. Adelina Frederico sufrió varios ataques de nervios y necesitó atención médica. También habían sido arrestados Antero Sánchez Méndez, “Fernando” – marido de Apolinaria -, de 30; su hermano E.S.M., de 38; M.B., de 38, que convivía con Adelina; y los hermanos N.F.S. y E.F.S., de 16 y 20 años. Todos ellos constituían el clan “Os Pintiños”, habitaban los pisos de Arcadio Pardiñas 50 y 54, y llegaron ayer juntos al juzgado en un furgón policial. También había sido arrestado otro caboverdiano, A.M.T., de 34 años. (EP, 7/11/94, sucesos)

Os xornalistas utilizaron certas figuras narrativas para dar máis forza ao discurso, como denominar “matriarca” á muller de maior idade do grupo, duns cincuenta e poucos anos, que foi fotografada á súa chegada a prisión, protagonizando a portada do xornal. Nas últimas novas producidas no marco deste caso, os xornalistas acabaron por deducir que varias das persoas detidas nunha segunda fase da intervención policial mantiñan o que se mostrou como enfrontamentos de tipo étnico, ligando novamente a imaxe das persoas detidas a un contexto de rivalidades étnicas ou tribais. Neste exemplo, os xornalistas non se privaron de ofrecer detalles escabrosos protagonizados por menores e acusacións non contrastadas, algo que a día de hoxe sería probablemente criticado como falta de ética profesional.

Careo entre dos detenidos por drogas en Burela y “Os Pintiños”. Subyace un enfrentamiento entre guineanos y caboverdianos⁴⁸. Adelina habría responsabilizado a Paulina de acompañar a una hija suya a Madrid, de 9 años, quien llevó dinero en las bragas para adquirir droga... Pero lo que subyace en el fondo de esta historia es un enfrentamiento entre guineanos y caboverdianos residentes en Burela por cuestiones de drogas. (EP, 18/11/94, sucesos)

Tres anos despois dos feitos anteriores, un ano antes de comezar a intervención da REGAL, tivo lugar a operación “Reina de África”, que novamente colocou nas portadas a persoas caboverdianas presuntamente delincuentes. Neste segundo caso, os feitos delituosos atribuíanse inicialmente a parellas, facendo fincapé na profesión dos homes.

Desarticulada una red de “narcos” caboverdianos que operaba en Burela. Efectivos de la Policía Judicial de la Guardia Civil desarticularon una red de narcotraficantes caboverdianos, que operaba en Burela... En la operación antidroga, que fue bautizada con el nombre de Reina de África, figuran como implicados varios hombres, en su mayoría marineros, y esposas. (EP, 7/6/97, última hora)

A atención acabou por enfocarse novamente nas mulleres, presentadas como as máximas responsábeis das actividades delituosas, que neste caso cobrou máis forza por ser tres delas as únicas encarceradas no marco da operación. Nesta ocasión, ás marcas da orixe dos caboverdianos acrecentouse a cor como elemento distintivo, de xeito eufemístico.

DROGA: La mayor parte de los detenidos son de color y algunos de ellos trabajan como marineros. Otros son consumidores habituales. Todos quedaron en libertad con la excepción de las tres mujeres. (EP, 8/6/1997, sucesos)

Os elementos informativos presentes nestas novas, en especial a referencia á profesión dos maridos das detidas e encarceradas como responsábeis da rede, contribuíron a identificar ao colectivo de mariñeiros caboverdianos como traficantes de sustancias ilícitas, perdendo forza o feito de que a inmensa maioría deles traballasen como mariñeiros nas tripulacións burelás durante case vinte anos.

Nunha caixa dentro desta noticia facíase referencia á implicación de dúas das persoas detidas nun suceso anterior, non relacionado co tráfico de drogas mais si co uso de armas, evidenciándose que nesta altura o xornal contaba cunha base de noticias anteriores relativas á comunidade en canto protagonista de feitos truculentos.

A tiros en San Ciprián. En esa ocasión, otro caboverdiano realizó seis disparos que hirieron a Herculana y a su esposo, F.F.J., ambos apresados en esta operación contra el narcotráfico. El hecho se produjo en las inmediaciones de Galdín (San Ciprián), en mayo de 1996. El agresor, que no tiene nada que ver en esta redada, fue condenado a cuatro años de cárcel por la Audiencia lucense. (EP, 8/6/1997, sucesos)

⁴⁸ No caso que nos ocupa, convén lembrar que as poboacións de Cabo Verde e Guiné-Bissau manteñen lazos históricos importantes, que os ten convertido en compañeiros de viaxe, cando non en parentes.

Non pretendendo entrar en xuízos de valor sobre as actividades e comportamentos das persoas detidas, xulgadas e/ou condenadas por estes delitos, débese resaltar que este tipo de novas e o seu tratamento fixeron un dano considerábel á imaxe da comunidade, algo que facilitou a aparición de discursos sociais negativos sobre a mesma, dos que teño sido testemuña en máis dunha ocasión. Neste tipo de xuízos ou discursos, frecuentemente ligados a posturas racistas, a comunidade como un todo é definida negativamente, partindo da existencia un grupo moi minoritario que se dedicaba a actividades ilegais, en contraposición a unha maioría de familias traballadoras que vivían do froito do seu (duro) traballo. A ausencia de novas doutro tipo que servisen para contrarrestar este tipo de fenómenos racistas non fixo máis que acentuar a imaxe negativa e marxinal da comunidade. Este discurso negativo, dominante na prensa escrita ate a irrupción do BogAvante, rexurdiu puntualmente de xeito illado unha vez iniciado este, con motivo da celebración do xuízo da “Reina de África” e cunha nova detención, que coincidiu coa primeira visita oficial do Cónsul de Cabo Verde a Burela, roubándolle protagonismo ás novas positivas con motivo das actividades realizadas no marco desta visita institucional.

2.5.2. DE “MORENOS” A CABOVEDIANOS (1998/2001)

Dende o seu inicio, o BogAvante suscitou unha notábel atención por parte dos medios de comunicación, tanto escritos como radiofónicos e televisivos. Este interese foi aproveitado pelo proxecto, que definiu como un dos obxectivos mudar a imaxe pública da comunidade. O colectivo caboverdiano comezou a ser presentado como protagonista activo do novo proceso de integración, ao tempo que eran expostos publicamente non so os diferentes problemas que a comunidade tiña, senón tamén as súas potencialidades. Deixaron de ser mostrados como un colectivo pasivo, homoxéneo e indiferenciado, os “morenos”, para converterse en portadores dunha cultura, que se comezou a mostrar publicamente, persoas cunha orixe xeográfica e identitaria: caboverdianos e caboverdianas.

Se houbo un aspecto fundamental que contribuíu para o conflito entre o poder local e a REGAL foi a exposición pública da ausencia de integración, tendo en conta que esta se plasma en diversos campos e non responde unicamente a unha concepción asimilacionista e unilateral do termo. A aparición do BogAvante traducíuse na produción de novas que transcribiron as demandas do colectivo e explicitaron os seus problemas, protagonizando incluso algunhas entrevistas. O conxunto de novas producidas polos media traducíuse nunha representación de tipo plural que superaba a monofocalidade anterior baseada nas informacións das forzas de seguridade e das fontes xudiciais. A

voz dos caboverdianos estivo presente nos media dende o momento da presentación pública da intervención. O acto de presentación oficial do proxecto, tipo rolda de prensa, desenvolveuse nos moldes da liturxia formal deste tipo de actos, con varias persoas representantes das administracións implicadas, xunto co presidente da REGAL, o persoal técnico do proxecto e unha representante da comunidade. Esta muller, que se enfrontaba pola primeira vez ao reto de falar en público, foi capaz de expresar con contundencia o problema máis sentido polos caboverdianos, que se converteu no argumento principal da ausencia de integración, como destacaba a prensa no día seguinte.

Sus hijos, sin nacionalidad. Ayer, entre las muchas autoridades locales y autonómicas que presentaron Bogavante, está la caboverdiana Lourdes da Silva. No se anduvo con rodeos. Inmediatamente después de reconocer que se sienten bien, expresó su preocupación porque sus hijos, “que nacieron aquí, no tienen la nacionalidad, ni caboverdiana ni española”. Por eso tampoco tienen pasaporte, cada año tienen que renovar el permiso de residencia y, los mayores, pagar por el de trabajo. (LVG, 1/12/1998, sección Galicia)

A nova representación do colectivo caboverdiano pasou pola reconstrución do seu percorrido migratorio, que incluíu unha labor de divulgación sobre a terra e sociedade de orixe, ate esa altura descoñecida practicamente pola sociedade receptora, realizada no marco do proxecto e difundida aos media, e das razóns que posibilitaron o seu asentamento na Mariña, relatados en clave positiva. As mulleres foron as voceiras desta nova imaxe, protagonizando algunhas entrevistas. Incidiuse na existencia dalgúns problemas a resolver, a pesar da valoración xeral positiva da súa residencia en Burela, que sempre foi destacada tanto por parte da coordinadora do proxecto como dos propios caboverdianos. O tema da nacionalidade dos fillos adquiriu unha importancia decisiva para exemplificar as discriminacións que sufrían as persoas caboverdianas, por constituír un caso claro de racismo institucional, como mostra o artigo de opinión a continuación, coincidente co inicio das nacionalizacións dos descendentes.

CONTRAPUNTO. No todo va bien. Por qué habrán restringido el acceso a la nacionalidad española a personas nacidas, criadas y residentes en España? ¿Qué razonada y, por supuesto, bien fundamentada norma habrán invocado para justificar una decisión tan trascendente para el Estado? ... Aquí, donde se presume de igualdad ante la ley... parece preocupar bien poco que bureleses de cuna y residencia tengan incluso problemas para informarse de sus derechos sobre la nacionalidad porque sus padres nacieron en Cabo Verde. No todo va bien cuando a esos vecinos de Burela no se les reconoce su condición de españolitos de a pie. (LVG, 2/07/1999, portada A Mariña)

A pesar da publicación de dous ou tres casos típicos das páxinas de sucesos, que nalgunhas ocasións escureceron algunha das actividades do BogAvante, a valoración deste período é positiva por ter conseguido mudar a representación social que existía sobre a comunidade, presentándose dun xeito integral, multidimensional, con aspectos positivos e negativos, valores e potencialidades, como todo grupo humano.

Dentro do amplo abano de actividades promovidas, as festas caboverdianas acadaron unha ampla repercusión, saltando á edición xeral dos xornais, a través das palabras dunha das líderes comunitarias.

Noite Caboverdiana en Burela. “Soñamos con esa festa”, había declarado horas antes Laurinda Sánchez, Presidenta de la asociación Tabanca, que organizó la Noite Caboverdiana en Burela. Y el sueño tomó cuerpo. Las comunidades mariñana y caboverdiana se fundieron unas horas al ritmo de la música, con la diversión como común denominador. (LVG, 24/05/1999, contraportada, con foto da entrevistada)

Outras accións, como as diversas formacións, a entrega dos diplomas ou a celebración de actos de difusión da cultura caboverdiana, entre outros, contribuíron a mostrar unha imaxe activa e positiva do colectivo caboverdiano, na que non me estenderei.

Un dos logros máis importantes do proxecto a un nivel xeral foi a mudanza operada na imaxe pública do colectivo, que pasou da denominación eufemística **morenos** a **caboverdianos**, persoas cunha cultura e identidade propias e cunha orixe concreta. Esta nova imaxe foi producida non só nos media, senón tamén grazas ás actividades de difusión pública da cultura caboverdiana, a través das que se operou unha mudanza na autoimaxe e autoestima do grupo, que pasou a expresar publicamente a súa identidade, mediante diversas expresións, como a lingua, música ou gastronomía, acompañadas do rexurdimento da *Asociación Cultural Tabanka*, que nese momento conseguiu atraer a comunidade en torno a un proxecto común.

2.5.3. O DISCURSO DA INTEGRACIÓN PERFECTA (2002...)

Un dos efectos da mudanza de sistema interventor plasmouse na emerxencia dun discurso xornalístico sobre a comunidade diferente ao anterior, baseado na idea da integración perfecta. O novo discurso foi construído fundamentalmente entre políticos e xornalistas, sendo infrecuente o protagonismo das persoas caboverdianas nas novas, que no caso de facelo, foi unicamente en calidade de emisoras de discursos destinados a reforzar a idea dominante.

No anos iniciais da intervención municipal houbo momentos de ampla profusión de novas relativas a actividades como as IIª e IIIª Noites Caboverdianas, as exposicións e outros eventos, nos que non me deterei, destacando só que mantiñan o cariz positivo da convivencia intercultural, valorizando ao colectivo caboverdiano en canto portador dunha cultura propia. Neste espazo temporal, moitas das novas continuaron co espírito do BogAvante, aínda que se foi evidenciando pouco a pouco a

mudanza de actores e decisores no proceso de intervención, aumentando a presenza e o discurso municipal nas pezas xornalísticas. Posteriormente á miña saída da coordinación do proxecto (xullo 2001), a produción de novas relacionadas coa comunidade non se retomou practicamente até inicios de 2002. O silencio só se quebrou coa edición dunha carta aberta na que expuxen publicamente nos principais medios locais os argumentos que me tiñan levado a abandonar a intervención, que foi publicada o 11/09/2001. Nesta carta, entre outros aspectos, criticábase ao poder local polo seu dirixismo, explicando o proceso de destrución da metodoloxía participativa.

A partir dese momento o poder político municipal centrouse na construción do discurso da integración perfecta, tentando facer desaparecer a intervención anterior, provocadora da ruptura da imaxe idílica sobre a comunidade foránea e introdutora de métodos de traballo antagónicos ao representado polo concello de Burela. Os representantes municipais tentaron repetidamente presentarse como pioneiros e promotores do traballo de intervención coa comunidade, ocultando o labor da REGAL, falseando a realidade, nunha tentativa de apropiación do traballo alleo.

Río recuerda que el Concello elaboró una memoria de las actividades realizadas en este programa, que remitió a la Consellería de Familia “co obxectivo de conseguir que seguían financiando o traballo de inmigración”. La respuesta de Familia se concretó con la firma de otro convenio en el año 2000...”. (LVG, 18/05/04)

Presentáronse como logros da intervención municipal realidades que sen o traballo previo, interrompido polos responsábeis municipais, dificilmente existirían. A metodoloxía participativa e empoderadora aplicada no BogAvante continuou a dar froitos na área cultural, na difusión e partilla da cultura de orixe coa sociedade de acollemento, que se acabaron convertendo en exemplificadores privilexiados da integración.

La integración es el objetivo principal del programa y prueba de su eficacia es la existencia de la asociación de inmigrantes caboverdianos Tabanka y del grupo musical Batuko, que muestran su folclore y costumbres (EP, 18/05/04).

No seu afán de presentarse como modelo de integración, no discurso da responsábel municipal non se entende se o éxito do programa baséase nos resultados obtidos coa poboación beneficiaria ou nas relacións co entramado institucional da Xunta, entidade financiadora.

“A Xunta considera a Burela un modelo de integración”. “Os resultados que obtemos fan que sexamos un modelo a seguir. O gran éxito é que a Consellería de Asuntos Sociais ten a Burela como algo modélico na integración en Galicia polo labor que se desenvolve coa comunidade inmigrante”. Declaracións da concelleira responsábel do programa. (EP, 18/05/04)

Neste período existía un descoñecemento total da realidade numérica do colectivo, que mudaba en cada artigo, sen existir fontes oficiais fiábeis para cuantificalo. Por outro lado, construíuse unha imaxe de inferioridade da comunidade a través da caracterización das aptitudes das persoas adultas caboverdianas por debaixo da realidade, homoxeneizando dun xeito absoluto o colectivo.

“Imos ós institutos para darlles apoio e reforzo ós seus fillos, porque o cen por cento dos caboverdianos son analfabetos”. Declaracións da Concelleira responsábel. (EP, 30/05/03)

Debido á desaparición dos eixos de intervención laboral e social, *Tabanka*, anteriormente protagonista de múltiples pezas xornalísticas en canto coorganizadora de eventos ligados aos tres ámbitos de integración, era presentada no novo contexto como unha entidade centrada na organización de actividades de tipo “doméstico” para as caboverdianas, a semellanza das que organizan algunhas asociacións de mulleres ou especificamente de donas de casa, orientadas á ocupación dos tempos libres e ao aproveitamento dos roles femininos tradicionais como nais e esposas, ligados ao espazo privado e familiar. Desapareceu a imaxe pública das mulleres caboverdianas como traballadoras, a pesar da elevada taxa de ocupación do colectivo, en consonancia co fin das actividades de formación ocupacional a elas dirixidas.

Tabanka también organiza durante el año numerosos cursillos. Los que más aceptación tienen son el de bordado, manualidades, pintura y cerámica. (EP, 30/05/03)

En maio de 2003 realizouse unha campaña mediática en toda regra, que coincidiu coas festas de Burela e a profusión de actividades relacionadas coa comunidade, encamiñada a mostrar que após os “problemas” que tiñan acontecido, a integración existía novamente. A integración foi simbolizada e representada publicamente grazas ao nomeamento dunha *Raiña das Festas*⁴⁹ de orixe caboverdiana. Esta rapaza, nacida en Burela de nai e pai caboverdianos, foi mostrada como símbolo da integración perfecta.

“UNHA MOZA caboverdiana vai ser a raíña das festas patronais de Burela, das que está próximo xa o seu comezo. É a primeira vez que unha rapaza inmigrante vai ser coroada raíña das festas de Burela. É bonito e, sobretudo, é importante. Non é un feito tan anecdótico como poida parecer, polo que ten de integrador. Quen decidiu esta elección, acertou. Burela deu un paso máis adiante”. (LVG, 14/05/2003, opinión)

Esta moza de quince anos, que non gozou da nacionalidade española até o ano 2000, como resultado do *BogAvante*, foi continuamente presentada como caboverdiana e inmigrante.

⁴⁹ Figura actualmente inexistente, moi criticada polo seu significado de modelo de muller pasiva, cuxo valor ven dado polas súas características físicas. A súa función era acompañar os actos centrais das festas, que se inician co Pregón, no que a Raiñas, en versión infantil e xuvenil, eran presentadas oficialmente e asistían, sentadas e inmóbeis coas súas damas, nun escenario especialmente decorado para o evento, ás palabras do/a Pregoeiro/a.

Por primera vez en la historia de esta localidad marinera el galardón recayó en una caboverdiana, Sonia da Costa Tabares, quien desde su nombramiento se mostró “satisfecha y orgullosa” de poder representar la total integración entre ambas comunidades. (EP, 31/05/03)

A elección da raíña constitúe unha mostra máis da creación de imaxes hiperpositivas sobre a comunidade e a súa integración por parte do poder municipal, xa que o concello tiña un peso destacado na composición da comisión creada para organizar as festas locais, sendo a propia comisión a encargada da elección das raíñas e damas.

Outro argumento do discurso en torno á integración perfecta incide na existencia de innumerábeis relacións positivas entre caboverdianos e autóctonos, nomeadamente nas relacións amorosas, falseando a realidade. No momento da publicación das seguintes novas, existía unha única parella mista estábel entre persoas adultas, e tres ou catro entre a xente moza.

...afirma Raquel Río, quien señala que esta comunidad está plenamente integrada en Burela. “Viñeron para traballar no mar, casaron con lugareños e, agora, xa teñen fillos, polo que son tan bureleses como os que máis”. (EP, 30/05/03)

Los matrimonios y parejas mixtas están a la orden del día... (EP, 19/12/04)

Ate o final do período en análise nesta tese, a cantidade de descendentes mestizos da comunidade continuaba nas mesmas porcentaxes, mínimas, que nese momento, a pesar do aumento espectacular do número de persoas caboverdianas de todos os grupos de idade en Burela. Estas cifras denotan a reprodución do modelo de separación, que dá pé a relacións de parella fundamentalmente endogámicas, debido á falta de relacións positivas entre as persoas de diferente procedencia étnica. Isto acontece tanto no caso dos adultos como no colectivo de descendentes, tanto nados en España como en Cabo Verde.

A partir deste momento, con maior forza que anteriormente, as imaxes da comunidade serviron como exemplo para ilustrar noticias de tipo xeral sobre a inmigración en Galicia ou A Mariña, enfatizando sempre a diferenza do modelo de convivencia galego fronte a outros do estado español, nos que existen casos de actos violentos de tipo racista. Por exemplo, na portada do suplemento “La voz de la escuela” (LVG, 15/12/2003), unha noticia de tipo xeral sobre escolarización de alumnado estranxeiro estaba ilustrada cunha fotografía a grande tamaño dun alumno de orixe caboverdiana, rezando o pé: “La comunidad caboverdiana que se ha ido formando en Burela en estos últimos años está perfectamente integrada en la villa”. Na nova non se aludía en absoluto á situación educativa do colectivo de descendentes, marcada polo fracaso escolar.

Segundo avanzaba a década de 2000 foise perfilando un novo tipo de discurso, que se intercala co anterior, baseado na repetición de datos estatísticos e cuantitativos, que nunca son complementados

con aspectos cualitativos. Esta nova modalidade de discurso, producido dende a *Oficina de atención á poboación inmigrante*⁵⁰, foi posibilitada pola xeralización do empadramento de inmigrantes a partir de 2000, que deu lugar a que a institución municipal dispoña dende esa data de datos máis ou menos fiábeis⁵¹ sobre o tamaño e composición da comunidade, que se actualizan regularmente e son presentados ante os media, sen matizar a súa diversidade interna. A aparición de novos colectivos inmigrantes en Burela, especialmente peruanos e indonesios, deu lugar a discursos de comparación numérica entre eles, nunha especie de *ranking* dos grupos étnicos presentes. Moitas das pezas informativas deste **discurso estadístico** céntranse na posición de Burela fronte a outras localidades de ámbito provincial ou galego, das que constitúe unha excepción pola súa dinámica de crecemento demográfico continuado e pola relevancia do asentamento de poboación inmigrante.

Burela es el ayuntamiento de Lugo con el porcentaje de extranjeros más alto. El Concello de Burela es uno de los pioneros en poner en marcha un programa de atención y apoyo a inmigrantes. La localidad burelesa es la única de toda A Mariña que cuenta con un servicio exclusivo para este colectivo. Los datos aportados... señalan que Burela, con 383 inmigrantes, "é onde a porcentaxe de estranxeiros é maior". (EP 18/05/2004)

Por último, o aspecto cuantitativo tamén destaca no tratamento informativo de cuestións ligadas á inserción laboral dos inmigrantes en determinados segmentos laborais, como a pesca, obviando o seu carácter estratéxico e as duras e inestábeis condicións laborais.

El sector de la pesca echa mano de personal peruano, caboverdiano e indonesio. CABO VERDE. La gente del archipiélago, la primera en llegar a Burela, está plenamente integrada. **PERÚ.** Casi 300 personas del país han venido a A Mariña en los últimos dos años. **INDONESIA.** Es el último colectivo extranjero enrolado en pesqueros mariñanos. (LVG, 04/07/2004)

2.5.4. A CONSTRUCCIÓN DA IMAXE DE MUNICIPIO SOLIDARIO

No contexto de creación da imaxe da integración perfecta, os representantes políticos municipais non dubidaron en utilizar unha proposta de irmandamento do estado caboverdiano para iniciar a construción a través dos media dunha nova imaxe, a de municipio solidario.

En 2000 o Estado de Cabo Verde realizou unha proposta de irmandamento a través dunha carta oficial dirixida ao Concello de Burela, sen que os gobernantes locais lle prestasen maior atención. As

⁵⁰ Denominación que se deu á estrutura burocrática de atención aos inmigrantes por parte do concello.

⁵¹ Esta cuantificación oficial reduce considerabelmente o tamaño da comunidade caboverdiana, por considerar unicamente como membros da comunidade aos nacionais de Cabo Verde, deixando fora aos nacionalizados españois, aos descendentes nados en España e aos nacionalizados portugueses. Por exemplo, segundo esta oficina, en 2008 había 289 persoas caboverdianas en Burela, mentres que nos meus datos a comunidade ascendía a un mínimo de 440 persoas.

autoridades municipais burelenses só se mostraron interesadas nesta relación institucional a partir dunha entrevista publicada en La Voz de Galicia (12/09/2000), na que eu refería a visita realizada ao concello caboverdiano e a existencia deste convite. Poucos días despois, baixo o titular: **“El Concello burelés estudiará la oferta de hermanamiento de São Miguel”**, o concelleiro de Cultura afirmaba que estaban “moi interesados” no mesmo (LVG, 18/09/2000).

O dez de novembro de 2000, o Pleno do Concello de Burela aprobou por unanimidade, como “asunto fora da orde do día por razóns de urxencia, unha moción do grupo municipal do partido popular, a favor do irmandamento co excelentísimo municipio de Sao Miguel Arcanjo (Cabo Verde) do Concello de Burela”. O acordo prevía a firma dun Convenio entre ambos municipios, en base ao apoio á comunidade caboverdiana en Burela e ao municipio caboverdiano, ao que se prestaría axuda ao desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro, educación e formación profesional pesqueira, promovendo o intercambio cultural, deportivo, social e de xuventude. A moción daba conta de que: “Por parte do Sr. Alcalde ... manifestándose a urxencia da cuestión que ven dada pola súa inclusión dentro da subvención concedida para a integración da Comunidade Caboverdiana”.

Dous meses despois do acordo municipal foi presentado aos medios o programa de irmandamento, no que o titular rezaba: **Burela plantea ofrecer estudios de bachiller a más jóvenes de Cabo Verde**. Unha proposta que foi repetida nos medios durante anos sen nunca chegar a materializarse. Nunha caixa na parte inferior desta noticia, informábase:

Parte de una subvención de Familia será para hermanarse. El programa de integración de la comunidad caboverdiana de A Mariña continuará desarrollándose por tercer año en Burela gracias a una ayuda de 4 millones de la Consellería de Familia, según la edil de Servicios Sociales. El hermanamiento obligó a replantear su ejecución: “Tivemos unha reunión cunha representación grande da comunidade e pareceulles ben, aínda que tuveran que renunciar aquí a actividades, destinar parte da subvención ó hermanamento”. En ese proceso, finalizó Río, “intentaremos racionalizar o gasto”. LVG (25/01/2001)

Grazas a esta nova actividade, o poder local conseguiu reformular o destino dos fondos destinados a actividades promotoras da integración da comunidade radicada en Burela, que pasaran a depender directamente da vontade do concello.

Nos primeiros meses de 2001 organizouse unha viaxe á illa de Santiago en dúas fases, na que participei xunto con tres concelleiros de Burela, en misión oficial para iniciar relacións cos representantes do municipio santiagués e coñecer o seu territorio e sociedade. Previamente a esta viaxe, realizouse unha campaña de recolla de material escolar e sanitario con destino ás escolas de São Miguel, que serviu, por un lado, para implicar a comunidade caboverdiana no irmandamento e

por outro, para iniciar un traballo cos escolares de Burela, dando a coñecer Cabo Verde, xunto cos valores de xustiza social e solidariedade⁵². Os materiais recollidos foron ofrecidos ás escolas caboverdianas no marco do irmandamento. Na primeira destas campañas, o xornal daba conta de que **“Burela enviará 370 kilos de material de ayuda a escolares de Cabo Verde”** (LVG, 10/01/2001).

Ao regreso da viaxe, os concelleiros foron entrevistados polos media, aos que facilitaron fotografías que foron publicadas, facendo declaracións do tipo:

“Estábamos na praia de Tarrafal, eu baixo un cocotero e Cristobal e Xusto bañándose. Veume un neno pedir un bolígrafo e dinlle o único que me quedaba. Ós tres minutos chegou alí dándome un puñado de conchas”. (LVG, 08/03/2001)

A oposición política aproveitou para criticar a posta en escena e o carácter neocolonialista dos representantes do goberno municipal, acusando veladamente de intereses persoais de índole económica por tras da viaxe, propondo que Burela destinase o 0´7% do seu orzamento anual a axudar ao terceiro mundo.

El PSOE critica al PP de Burela por ir a Cabo Verde como “enviado mesiánico” ... asegurando sentir “vergoña allea sobre do papel de enviados mesiánicos ou míster Marshal que fixeron os nosos concelleiros na visita”. (LVG, 21/03/2001)

Coincidindo coas festas patronais de Burela, os dous máximos representantes de São Miguel (presidentes da *Câmara* e da *Assembleia Municipal*) realizaron unha visita á localidade, que acabou por consistir unha interminábel lista de actos oficiais e festivos aos que deberon acudir, despois de inaugurar oficialmente a exposición “Cabo Verde Sabi”, que foi o único momento de convivencia coa comunidade caboverdiana, no medio dunha axenda demasiado ligada a actos de tipo protocolario e oficial, cunha exposición constante ante os media.

Os feitos que se están a relatar indican que nunca existiu ningún interese por parte do goberno local, alén do publicitario e económico, en iniciar unha cooperación de tipo solidario con Cabo Verde. O poder local burelao limitouse a aproveitar a oportunidade xurdida por parte do Consulado, nun contexto político en que goberno local, autonómico e estatal coincidían, sendo idóneo para iniciar camiños e vías cara o codesenvolvemento. Unha vez máis, a falta de visión dos políticos locais, a súa ideoloxía asistencialista e a falta de confianza no persoal técnico, truncaron unha oportunidade que estaba ao alcance da man.

⁵² Esta actividade levoume a realizar sesión con grupos de alumnos e alumnas nos centros de ensino primario e secundario de Burela, tendo constituído unha oportunidade excelente para tomar o pulso ás relacións interétnicas no seo da comunidade escolar, dando pé a un rico material etnográfico, no que non me deterei aquí.

As actividades en col do irmandamento continuaron. A finais de 2001 a prensa daba conta de que: **“Varias familias esperan a los caboverdianos que estudiarán en Burela”** (LVG, 23/11/2001). Dous anos despois, aparece novamente o tema, non así os estudantes caboverdianos, que nunca chegaron a vir, baixo o titular: **“Burela quiere completar y convalidar estudios a jóvenes de Cabo Verde”** (LVG 19/09/2003).

A campaña de recolla de material, que non fora pensada como acción central do irmandamento, repetiuse varios anos, sen realizar o traballo de difusión, acabando por converterse nunha acción de clara orientación asistencialista. O feito de non explicar á sociedade que o sentido da axuda era a solidariedade (entendéndoa como un xeito de devolver a Cabo Verde a grande contribución que os seus emigrantes teñen feito ao desenvolvemento de Burela co seu traballo no sector pesqueiro), máis que contribuír a ofrecer unha imaxe positiva da comunidade e da súa terra de orixe, deu pé a unha visión baseada no tópico de “pobres negritos”, rexeitada en especial polos mozos e mozas da comunidade, acabando coa pouca colaboración que puidera existir pola súa parte.

O Pleno Municipal do Concello de Burela aprobou o finalmente o Protocolo de Irmandamento con São Miguel en marzo de 2002, convidando a empresas e colectivos a sumarse a este, segundo a prensa local. O BNG, unha das forzas políticas na oposición municipal, aproveitou a ocasión para advertir que a unión co municipio caboverdiano debería ser “real”. Dous meses despois, realizou novamente unha pregunta no Pleno Municipal sobre o estado do convenio do irmandamento, evidenciando que este non tiña sido asinado (LVG, 26/11/2004).

El nacionalista Manuel Parga aplaudió que al fin sea oficial aunque «con bastante retraso» y advirtió al gobierno local que sus pasos deben ser «claros e concretos» y «con vontade» pues duda de la eficacia de lo realizado. (LVG, 09/03/2002)

Após un tempo sen presenza informativa do tema, en 2004, João Gomes, o novo Presidente da Cámara de São Miguel, do mesmo partido que o anterior, realizou unha rápida visita a Burela na que declarou:

“Nuestra intención y voluntad es reforzar la cooperación y el hermanamiento”. Incluso fue más allá al apostar por “ampliarlo a más campos como la formación de jóvenes de nuestro país en Burela o la colaboración en materia sanitaria”, hasta ahora limitada al envío de material. (EP, 17/09/2004)

A última visita dos representantes municipais caboverdianos a Burela tivo lugar en Novembro de 2007, tras unha mudanza do goberno local, no que tomou o poder unha coalición PSOE/BNG. Os novos representantes municipais, cuxos partidos tiñan criticado o xeito de conducir o suposto

irmandamento en varias ocasións, atopáronse coa inexistencia de un protocolo asinado e decidiron que non era o máis adecuado continuar con esta “farsa”.

Por outro lado, eu mesma, como integrante dun proxecto de investigación ligado ao ámbito universitario, anos despois (2010/11), tiven ocasión de coñecer ao que nese momento era o Presidente da *Câmara Municipal* de São Miguel, que, após a sorpresa inicial ante a miña presentación como procedente de Burela, pedíume axuda para reactivar o irmandamento, que segundo as súas propias palabras, estaba morto.

A realización dalgunhas actividades en torno a un suposto irmandamento oficial contribuíu a forxar a idea da súa existencia real. Estas actividades consistiron maiormente en roldas de prensa dos políticos locais, anunciando accións solidarias que na maioría dos casos non se chegaron a realizar, alén de diversas visitas institucionais entre os representantes de ambos municipios. O tal irmandamento nunca pasou dunha serie de actos formais, non existindo ningún documento vinculante asinado polos representantes dos municipios implicados, sendo a día de hoxe unha cuestión esquecida. Serviu ao poder local, coa complicidade dos media, para labrarse unha imaxe de municipio solidario, situado na vangarda das políticas de integración de inmigrantes, que iniciaban nesta altura as propostas de codesenvolvemento e cooperación nos países de orixe, oportunidade que nunca foi aproveitada polo concello burelao, a pesar de que o contexto político era favorábel á creación de lazos de cooperación entre ambos municipios, que se poderían ter viabilizado a través da Cooperación Galega ou da AECID.

2.6. A DIMENSIÓN CULTURAL. DO XÉNERO COMO CLAVE NA INTERVENCIÓN AO ESTUDO DA SÚA CONSTRUCIÓN NA CULTURA CABOVERDIANA E NO ESPAZO MIGRATORIO.

En páxinas anteriores analizouse o proceso mediante o que as mulleres caboverdianas de Burela emerxeron como actrices fundamentais da súa comunidade, facendo necesario que a intervención asumira unha perspectiva de xénero para realizar o proceso de investigación que orientase a súa acción.

Segundo a **perspectiva de xénero**, no caso dunha comunidade como a que nos ocupaba, as mulleres debían ser analizadas e tratadas como grupo específico, con problemas diferenciados respecto dos homes, aínda que con eles partillasen outros aspectos da súa existencia, como o feito de ser estranxeiros, con diferentes características físicas (cor da pele) da maioría social, cun determinado nivel económico e baixa escolaridade. A asunción desta perspectiva en canto explicativa da orde social supuña ter en conta que tanto na sociedade de orixe como de destino desta corrente migratoria, ambas de raíz católica, os actuais papeis de homes e mulleres e a relacións que manteñen entre si funden as súas raíces en procesos históricos, estruturados sobre o dominio e explotación das mulleres, segundo o modelo xudeo-cristán. Abríase a tarefa de pesquisar sobre a concreción das relacións de xénero no contexto da comunidade caboverdiana, dende a conciencia de que constituían un dos principais elementos vertebradores da mesma.

O censo elaborado ao longo da etapa de diagnóstico preliminar permitiu observar que en Burela existía unha tipoloxía de grupo doméstico claramente dominante, a **familia nuclear**. Naquel momento non dispuña de informacións sobre a estrutura familiar en Cabo Verde, polo que focalicei a atención no feito de que a totalidade das mulleres adultas naquel momento fosen mulleres/esposas de mariñeiros e ás consecuencias desta condición. A concentración dos homes no segmento laboral da pesca de altura colocaba a estas mulleres na práctica á fronte das súas familias, ocupándose da xestión do fogar e das relacións cos outros grupos domésticos e coa sociedade envolvente e as súas institucións. No seo da comunidade, as mulleres ocupaban decotío un lugar central nas relacións entre os grupos domésticos, situación que só mudaba substancialmente nos momentos de elevada presenza masculina en terra.

As miñas primeiras viaxes ao arquipélago (setembro de 2001 e febreiro de 2001), cando aínda era traballadora municipal, permitíronme realizar observación directa e participante nas localidades de

orixe. A facilidade da entrada no terreno foi consecuencia directa do propio traballo de intervención e das relacións tecidas no seu contexto, dende unha perspectiva suxeito-suxeito, establecendo lazos persoais coas persoas caboverdianas. As relacións que establecín nas primeiras viaxes a Cabo Verde foron con parentes, amizades e veciñanza das persoas residentes en Burela, nun momento no que coñecía a maioría das persoas que facían parte da comunidade e os parentescos e relacións entre elas. Tamén coñecía de oídas os lugares de onde viñan en Santiago, téndome familiarizado cunha morea de nomes de aldeas e vilas ate ese momento descoñecidas. Permitíame as miñas primeiras frases en *kriolu*, aínda que dun xeito bastante limitado. Na primeira viaxe ás illas percorrín moitas das localidades de orixe, cun pequeno álbum de fotos que me abriu moitas portas. Foron visitas moi breves, apenas unhas horas, nas que fixen fotografías de familiares, veciños, casas, paisaxes, que me serviron para recoñecer as persoas e as súas relacións de parentesco antes da segunda viaxe, poucos meses despois. Na segunda estada, máis longa, puideron voltar con máis tempo a algunhas localidades e visitar outras novas. A diferenza da viaxe anterior, coabitei nas casas dalgunhas das familias, que xa me coñecían ou ás que directamente me tiñan enviado os seus parentes de Burela. Antes de viaxar preparei uns vídeos con saúdos e recados dos migrantes de Burela para as súas xentes en Cabo Verde, que serviron de tarxeta de visita, sendo vistas ás veces colectivamente en tabernas, nas casas, ou directamente no visor da cámara. Grabei as mensaxes de volta así como lugares, actividades, traballos e expresións culturais das xentes das aldeas e vilas de orixe. Este material serviu para a edición duns pequenos vídeos que mostraban a vida das comunidades e a sociedade caboverdiana, a través dos familiares da comunidade de Burela, que foron mostrados na exposición “*Cabo Verde Sabi*” (2001).



Foto 8 : Familia extensa. Cidade Velha (2000)

Unha vez fora da intervención continúei investigando a realidade das mulleres caboverdianas, en especial nas zonas rurais de Santiago. Polo tanto, esta tese e a súa perspectiva teórica teñen como punto de partida o proceso de intervención no que se produciu o achegamento inicial ao colectivo caboverdiano. Unha vez finalizada a miña participación na intervención, esta continuou a servir como apoio fundamental á hora de realizar traballo de campo nas comunidades de orixe nos anos seguintes, após ter decidido continuar a estudar a cultura caboverdiana e centrar a investigación nas relacións de xénero tanto no arquipélago como no espazo migratorio. Diversas viaxes e estadias nas comunidades rurais de orixe, na orla costeira de Santiago, e a continuidade da relación coa comunidade establecida en Burela, enmarcaron a pesquisa sobre a dimensión cultural que rodeaba a intervención, referida ao campo das relacións de xénero na sociedade de orixe. O interese pola dimensión cultural das relacións de xénero e pola aplicación de metodoloxías participativas e empoderadoras levoume a coordinar, entre os anos 2007 e 2009, un proxecto de cooperación ao desenvolvemento, baseado na metodoloxía IAP e no enfoque do empoderamento, que tivo como beneficiarias as mulleres das localidades costeiras do municipio de Ribeira Grande de Santiago (Cidade Velha, Gouveia e Porto Mosquito), das que proviñan moitas das caboverdianas de Burela. Esta intervención supuxo unha nova investigación participativa que permitiu profundar os coñecementos sobre a realidade das mulleres caboverdianas da costa oeste de Santiago.



Nº 9: Mulleres de Porto Rincão (2000)

Polo tanto, o traballo de campo que basea este tese foi realizado en varias fases, entre Santiago e Burela, que viñeron determinadas pola participación inicial nun proceso de intervención social, que facilitou o traballo de campo desenvolvido a partir dese momento, tanto coas comunidades de orixe en Cabo Verde como cos novos e novas migrantes chegados a Burela na década de 2000, a moitos/as das cales coñecín no arquipélago antes de iniciar o proceso migratorio. Trátase de varias fases ou

momentos que se fixeron complementarios e inseparábeis, integrados nun único proceso de comprensión da cultura caboverdiana e da súa dimensión transnacional, que se iniciou no marco da intervención. Por iso esta tese é froito do labor investigador propiciado polo encontro coa comunidade caboverdiana de Burela en calidade de interventora.

Nos seguintes capítulos preséntase o resultado desa investigación posterior á intervención, na que se profundou nas relacións de xénero na sociedade badía e a súa evolución ao longo da historia do arquipélago, como camiño para a comprensión, en toda a súa complexidade, dos papeis e relacións de xénero das mulleres caboverdianas de Burela ao longo das tres décadas de asentamento na zona.

Capítulo III.
**IDEOLOXÍAS E PRÁCTICAS DE XÉNERO
E PARENTESCO NA SOCIEDADE BADÍA**

*Oras ki naci un matxo, enchinadu papia kriolu,
oki naci un femia, nchinadu ave maria¹*

Princezito

Neste capítulo realizarase un achegamento ás distintas posicións das mulleres na sociedade caboverdiana ao longo dos tempos, así como ás características asociadas a estas, xunto cos modelos ideais e normativos de feminidade, nunha tentativa de aprehender en toda a súa complexidade os modelos de xénero, os mandatos, prohibicións e normas que rexen as vidas das mulleres badías, así como as diversas estratexias e prácticas que poden desprezar na estrutura dos grupos domésticos e familiares e na sociedade.

Situarase o punto de partida da análise nos grupos domésticos e familiares da illa de Santiago, nos que as mulleres ocupan diversas posicións, primando a consideración das mesmas como reprodutoras e traballadoras domésticas, mais tamén como provedoras do sustento do agregado familiar mediante o traballo extradoméstico. As funcións e papeis das mulleres nos procesos de reprodución social son básicos na continuidade das sociedades e grupos sociais, estando organizadas de xeito específico para cada colectivo humano, determinando as súas posibilidades noutros ámbitos, como o produtivo.

A análise que se presenta a continuación servirá de base para comprender máis adiante as mudanzas e permanencias operadas sobre este modelo na comunidade caboverdiana da Mariña. Inspírase na proposta analítica de Carmen Gregorio (1998) no seu traballo sobre o fluxo migratorio de mulleres dominicanas a España², tomando como base as propostas articulacionistas e feministas (Georges, 1992; Grasmuck e Pessar, 1991; Guarnizo, 1993).

Grasmuk e Pessar (1991) sinalaron que as ideoloxías de parentesco e xénero constitúen un aspecto fundamental na comprensión das migracións, á par doutros aspectos ligados á economía, como a produción e o consumo. Por iso neste traballo abordaranse tanto estas ideoloxías, que configuran o

¹ Cando nace un varón, ensínaselle a falar crioulo, cando nace unha muller, ensínaselle o “avemaría”, da cantiga “Tarafal na Biku”, do álbum “Spiga”, de Pricezito (Harmonia Lda., 2008)

² Traballo que me permitiu comprobar a forte semellanza dos sistemas sexo/xénero nas sociedades dominicana e caboverdiana.

sistema sexo/xénero³ da sociedade rural santiaguesa, como as bases materiais da sociedade e os papeis económicos e laborais das mulleres badías.

No que se refire ás bases materiais da existencia no arquipélago, convén lembrar a pobreza de recursos e as dificultades de supervivencia que se apuntaron no capítulo primeiro, nunha sociedade illada e suxeita a ciclos periódicos de fame e mortalidade, que se debía recompor após cada ciclo, no marco dun proceso de poboamento no que se alentaba e valoraba positivamente a natalidade.

Neste contexto, as mulleres caboverdianas (exceptuando a minoría pertencente ás elites), foron consideradas dende o inicio do poboamento como forza de traballo escrava, existindo unha continuidade nesa consideración da muller como traballadora posterior ao fin da escravitude e aos procesos de alforría. Ate os tempos actuais, a laboriosidade é un dos principais elementos que definen a identidade das mulleres caboverdianas, sendo esta característica unha fonte potencial de prestixio feminino.

En canto ao marco ideolóxico, no proceso de colonización das illas estiveron presentes dous modelos de organización familiar contrapostos, traídos polos colonizadores europeos, semellantes aos que analiza Juliano (1994) para o proceso de conquista das Américas. En primeiro lugar, o normativo, vinculado ao Estado e á Igrexa Católica. Fronte a el, o desiderativo, que se adecuaba aos desexos da poboación colonizadora chegada de Europa. Segundo Juliano (1994), “mientras el primero era rígidamente monógamo, permanente y con un fuerte subrayado patriarcal, el segundo era poligámico, inestable y variaba en su grado de control de acuerdo al poder real de que dispusiese cada miembro de la pareja” (ibid.: 339).

A estes modelos ligados aos grupos de poboación con poder, sumouse o tipo de estrutura familiar propia dos escravos e escravas, definida pola inestabilidade e pola forza do vínculo entre nai e fillos, nunha estrutura de base matrifocal.

Como se apuntou anteriormente, dende os presupostos teóricos articulacionistas, a emigración é considerada como unha das posíbeis estratexias dos grupos domésticos e familiares no mantemento e reprodución dos mesmos, en resposta ás oportunidades e limitacións impostas polo contexto social, político e económico máis amplo (Gregorio, 1998). No caso de Cabo Verde, a emigración constitúe unha alternativa omnipresente en calquera grupo doméstico, dada a historia migratoria do

³ G Rubin (1975, cit. Moncó, 2011: 122) definiu o sistema sexo/xénero como “o conxunto de disposicións polo que unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos da actividade humana, dentro do cal se satisfan esas necesidades humanas transformadas”.

país, con máis poboación fora que dentro do territorio, constituíndo un feito social presente en todos os ámbitos, impregnando a sociedade, cultura, economía e política caboverdianas. Convén lembrar neste punto a diferente valoración da figura da muller migrante nas diversas illas, destacando Santiago como espazo cunha cultura migratoria centrada nos homes, que ate tempos moi recentes non contemplaba a posibilidade migratoria das mulleres fora do papel de esposas.

O grupo doméstico pode ser considerado, seguindo a Gregorio (1998), como “un grupo de personas que asegura su mantenimiento y reproducción por la generación y disposición de un ingreso colectivo” (ibid.: 31). O grupo doméstico constitúe a estrutura de partida da estratexia migratoria, na que se dan actividades ligadas á produción e reprodución, a cabalo entre dous modos de produción, doméstico e capitalista. Na súa abordaxe, téñense en conta aspectos como a división sexual do traballo e o seu valor simbólico, as relacións de poder internas, as ideoloxías sobre maternidade/paternidade e sobre o compromiso de mantemento do grupo doméstico, e por último, as actitudes en torno á emigración das mulleres.

Polo tanto, para comprender en toda a súa complexidade o proceso migratorio das mulleres badías á costa de Lugo, será necesario coñecer a organización do parentesco e a súa influencia na formación dos grupos domésticos na sociedade rural de Santiago, xa que é no seo destes que se realizan os procesos de socialización de xénero e se plasman e interiorizan os papeis diferenciados para homes e mulleres, dotándoos de identidade. Seguindo a Moore (1991), tanto a composición como a organización dos fogares repercuten directamente na vida das mulleres e na súa capacidade de acceder aos recursos, ao traballo e á renda. Neste caso, tamén á posibilidade de migrar. Este presuposto teórico baseará a proposta analítica dos grupos domésticos que se presenta a seguir.

Segundo Gregorio (1998), o achegamento aos grupos domésticos non se debe limitar ás análises en termos económicos, senón que debe incorporar “el estudio de los sistemas simbólicos que crean las ideologías sobre la dominancia de hombres y mujeres y hacen que éstas se internalicen y perpetúen, ideologías de género que, en muchos casos, aparecen como contradictorias con las relaciones materiales” (ibid.: 33). Neste caso, existiu historicamente unha contradición entre os modelos normativos da Igrexa e as formas de organización familiar e relacións de xénero que se foron construíndo no arquipélago, nas que xogaron un relevante papel os roles produtivos das mulleres.

Continuando coa proposta desta antropóloga, á hora de estudar o grupo doméstico deberase ter en conta a diferente posición dos individuos que o forman, tendo en conta a idade, sexo e lugar na estrutura de parentesco. Estas posicións diferentes están estruturadas en base a unhas relacións

diferenciais de poder entre os membros do grupo, vinculadas a un conxunto de compoñentes ideolóxicas que aseguran a súa persistencia (ibid.).

Rubin (1975) caracterizou as relacións de xénero como relacións de poder, suxeitas a unha xerarquía na que os homes ocupan as posicións superiores, baseándose na naturalización das diferenzas sexuais, que se configuran así como fonte de desigualdade. Dende un punto de vista feminista, no estudo dos grupos domésticos deben ser incorporadas diversas variábeis, ampliando ou complementando a óptica articulacionista. Entre elas destaca a división sexual do traballo, abordando aspectos como os espazos diferenciados de produción e reprodución, o valor simbólico das diversas tarefas ou os mecanismos de control e subordinación do traballo en función do xénero. Tamén débese prestar atención ás relacións de poder no seo dos grupos, en función de divisións de xénero, idade/xeración e parentesco, que inflúen en aspectos como o acceso diferencial aos recursos, a capacidade de toma de decisións e ámbito destas ou os procesos de lexitimación da autoridade e prestixio. Por outro lado, é importante analizar as actitudes existentes no grupo doméstico perante cuestións como a migración feminina, a separación ou abandono do fogar, o traballo das mulleres ou o control sexual e de roles. Outro grupo de variábeis estaría relacionado coa ideoloxía en torno á maternidade e paternidade e o compromiso no mantemento do grupo doméstico. Por último, debe abordarse a transnacionalidade, tendo en conta os contextos de orixe e destino no sistema global (Gregorio, 1998).

Antes de entrar nos aspectos que se acaban de mencionar, realizarase unha breve caracterización das principais localidades de orixe da corrente migratoria badía a Burela, situadas en medios rurais costeiros, periféricos dentro da illa de Santiago, nos que se teñen conservado en maior medida que nos espazos urbanos algúns dos elementos tradicionais definidores do sistema sexo/xénero, suxeitos a profundas mudanzas nas súas prácticas e valores nas últimas décadas. As condicións materiais da existencia teñen influído dun xeito determinante na concreción das tipoloxías familiares e teñen feito xurdir estratexias e prácticas diversas orientadas polo modelo ideal ou normativo, mais diferentes a este, que colocan ás mulleres en distintas posicións perante o traballo extradoméstico.

Seguindo a proposta de Gregorio, iniciarase a análise cunha abordaxe dos aspectos económicos e laborais das mulleres badías, abordando os sectores produtivos principais nos que estas se insiren, que ao longo do tempo teñen impedido a cristalización dun sistema de reclusión feminino, acorde coa ideoloxía de xénero dominante. Na sociedade rural de Santiago, as mulleres sempre atoparon no ámbito produtivo un dos piares da súa respectabilidade, que podían obter aínda que non acatasen as normas sexuais ditadas pola Igrexa. As duras condicións da existencia nas illas levaron á valoración positiva da muller traballadora, por riba do seu comportamento sexual, do mesmo xeito que ten

acontecido noutras sociedades, como a galega (Aalten, 1982; Kelley, 1991; Moreno, 1997; Roseman, 1991, 2012). Existe unha serie de traballos e labores claramente asociados ás mulleres, nunha división sexual do traballo que ten no comercio informal, as actividades extractivas e o traballo para as institucións as fontes máis importantes de actividade feminina.

Unha vez presentados estes aspectos materiais, abordarase a organización familiar na sociedade badía, tendo en conta ás súas raíces históricas, no contexto do poboamento das illas, suxeitas a un réxime colonial ao longo de cinco séculos, nos que o factor racial e o sistema escravista tiveron unha importancia decisiva. Nas illas emerxeron dous tipos de estrutura familiar que coexisten ate a actualidade: unha de orientación patrilocal e outra matrilocal, asociadas a unha filiación bilateral, que recoñece ambas liñas de parentesco, paterna e materna. Na familia caboverdiana existiu ao longo dos tempos unha forte tendencia á matrifocalidade nas familias de ambas orientacións, entendida como un tipo de organización social no que a nai ten unha posición central na familia, dende o punto de vista estrutural, afectivo e cultural, na que a díade nai-fillos sitúase como a relación máis importante, por riba da relación conxugal (Tanner, 1974, cit. Giuffre, 2012).

Nos grupos domésticos de orde matrilocal esta centralidade feminina é inherente á súa natureza, mais nas de orde patrilocal non deixa de ser frecuente, debido sobre todo á polixinia, que supón a ausencia periódica da figura masculina dos fogares entre os que se reparte, e á emigración, maioritariamente masculina ate tempos recentes. Ambas orientacións, patrilocal e matrilocal, están enmarcadas nun sistema ideolóxico de tipo patriarcal, no que a monoparentalidade feminina xurde como resultado da imposibilidade de concreción do ideal de familia, baseado no matrimonio católico e non como alternativa ao dominio masculino. Trátase polo tanto dunha matrifocalidade integrada nun contexto social de forte dominación masculina (Giuffrè, 2012).

O ideal católico de familia constituíu o marco normativo moral que rexeu ate tempos recentes as relacións afectivas e sexuais entre homes e mulleres. A represión exercida por algúns dos ministros da Igrexa non foi capaz de eliminar as prácticas de emparellamento e sexualidade da poboación, deudas tanto dos comportamentos dos colonizadores como da estrutura familiar dos escravos e escravas, co resultado da coexistencia de dous esquemas morais diferentes: o oficial, baseado na moralidade católica, e o real, que constituía unha especie de adaptación do mesmo ás condicións reais de existencia da sociedade caboverdiana. O modelo ideal veuse reforzado nas décadas finais do colonialismo portugués, após o fin oficial das fames e a consecuente estabilización da sociedade, cando a Igrexa Católica, dotada dun enorme poder, vinculado á ditadura de Salazar, tentou reforzar nas illas a vixencia do esquema moral baseado na honra e na vergoña, o cal era dificilmente aplicábel

nunha sociedade na que a tipoloxía familiar de tipo nuclear coexistía con outras cunha grande tradición histórica, adaptadas ás condicións materiais e demográficas do arquipélago.

A elevada presenza de fogares rexidos por mulleres ao longo da historia do arquipélago non implica unha transgresión ao patriarcado, senón unha adaptación ás condicións reais nas que se desenvolveu a sociedade. Detereime nalgunhas figuras de parentesco específicas da sociedade caboverdiana, nadas das alianzas entre etnias e clases sociais ao longo do seu proceso histórico de formación, sometidas ás condicións ás que se acaba de aludir, e nos procesos de socialización e construción de xénero no seo dos grupos domésticos, nos que rexen unha serie de principios como a circulación das crianzas ou o respecto ás persoas maiores. Na medida en que a perspectiva de xénero é una perspectiva relacional, que inclúe tamén aos homes e que toma en conta a construción das diferenzas na interacción, tamén tomarase en conta o papel e as prácticas masculinas en relación coa familia, as relacións sexuais e a paternidade.

Na sociedade badía persiste a ideoloxía patriarcal da organización familiar, baseada na presenza masculina no papel de figura de autoridade no grupo doméstico, que ademais sería máximo responsábel da esfera de produción. Esta ideoloxía presenta unha notábel vitalidade, a pesar de que na práctica o home é unha figura ausente na metade dos fogares. Esta vitalidade da ideoloxía de xénero dificulta o empoderamento feminino⁴, nos casos en que mulleres en solitario ou xunto con outras mulleres son capaces de cumprir a totalidade das funcións de provisión dos grupos domésticos, do mesmo xeito que sucede no caso das mulleres dominicanas estudadas por Gregorio (1998).

La consideración del hombre como principal proveedor del hogar está tan arraigada ideológicamente, que aunque el hombre no cumpla con este rol, la posición subordinada de la mujer dentro de su hogar no cambia. Esta dependencia se reproduce porque el matrimonio o unión es algo impuesto a las mujeres. Ideológicamente la mujer no tiene valor por sí misma. Sólo adquiere valor si tiene un esposo que la represente y también si procrea hijos. (Gregorio, 1998: 105)

Dende esta perspectiva de recoñecemento social, as mulleres aceitan partillar marido, convivir con el sabendo que mantén relación sexuais con outras mulleres, que este non traballe para traer recursos ao fogar, que beba, que as maltrate, etc.

Este apartado sobre a organización familiar pecharase cunha análise dos grupos domésticos nas décadas posteriores á independencia en Cabo Verde e a súa concreción nas localidades de orixe da

⁴ Como constateei repetidamente no traballo de intervención con mulleres en Cabo Verde, onde é ineludíbel o traballo sobre a autoestima feminina, para constuír novos significados do ser muller.

corrente migratoria caboverdiana a Burela, incidindo na dupla orientación matrilocal/patrilocal das estruturas familiares. Incluirase a modo de exemplo etnográfico, a tipoloxía doméstica dun barrio dunha das localidades de orixe presentadas nun apartado anterior.

Os elementos anteriores configuran un marco estrutural que permite comprender as diversas posicións que as mulleres adultas poden desempeñar nas relacións de parentesco e os seus papeis nas prácticas produtivas e reprodutivas. Dende esta perspectiva analizaranse diversas posicións das mulleres nos grupos domésticos, que veñen dadas de xeito fundamental polas prácticas empregadas na constitución de parellas e consecuente residencia da muller, e pola súa maternidade, tanto no seo dos grupos domésticos de tradición patrilocal como matrilocal: *esposas, compañeiras, raparigas e nais solteiras*. Mais non todas as mulleres viven estas posicións do mesmo xeito, existindo casos minoritarios nos que as mulleres deciden, en moitas ocasións tras unha serie de experiencias negativas cos homes, prescindir da cohabitación con estes e incluso das relacións sexuais, na procura dunha maior autonomía.

A análise irá acompañada de exemplos etnográficos das localidades de orixe da corrente migratoria de Santiago a Burela, coñecidos a través do traballo de campo realizado nas illas, demostrativos tanto da vixencia dos mandatos tradicionais de xénero como das estratexias despregadas polas mulleres para fuxir a estes, mantendo a respectabilidade a través do traballo.

3.1. CARACTERIZACIÓN DAS COMUNIDADES DE ORIXE NA COSTA OESTE DE SANTIAGO.

BADIU DI FORA⁵

*Nau nau ka nhôs stranham
Mi ê si ki-m fêtu ê Nhôr Déus qui fazem si
Nha boka ka sabi lixonxa
Nha guenti N ka kria na roda di brancos⁶
Zeka di Nha Reinalda*

Aínda que na comunidade caboverdiana da Mariña existen migrantes procedentes doutros concellos de Santiago, a maior parte deles (68% das familias residentes en 2008, segundo os meus datos) pertencen aos concellos de Santa Catarina e Ribeira Grande de Santiago, que ocupan a maior parte da costa oeste e do centro da illa. Este territorio pode ser definido pola súa aridez, agás nalgúns ribeiras, nas que o verde da vexetación contrasta coa cor castaña predominante. Alén da situación xeográfica e o seu reducido tamaño, as principais localidades de orixe partillan unha situación periférica dentro da illa. A orla costeira oeste de Santiago está marcada pola escasa poboación, sobre todo canto máis perto da costa, que está salpicada de pequenos núcleos, máis ou menos distantes, dos que se falará a seguir.

Mapa 5: Illa de Santiago. Principais localidades de orixe



⁵ En kriolu désígnase as xentes dos medios non urbanos como “di fora”, existindo calificativo “badiu di fora” para referirse ás persoas das pequenas localidades costeiras e do interior da illa.

⁶ “Non vos estrañedes/ eu son así, foi Deus que me fixo así/ A miña boca non sabe adular, non me criei na roda dos brancos”. Letra da cantiga *N ben di fora* (Eu son de fóra).

Santa Catarina é o segundo municipio en importancia de Santiago e o terceiro do país. A súa capital, a cidade de **Assomada**, con máis de 12.000 habitantes en 2010⁷, é o segundo núcleo urbano da illa. Situada no centro xeográfico do territorio, o seu mercado dos mércores e sábados constitúe un importante foco de comercio no que mulleres de toda a illa distribúen os seus produtos. Na vila concéntranse dende décadas atrás diversos servizos oficiais, como a administración de xustiza, o hospital da zona central da illa, o centro de educación secundaria e diversos rexistros. A incidencia da pobreza atinxe o 42'5% da poboación de Santa Catarina, sendo máis acentuada no medio rural. No seu territorio habita o 15'7% das persoas pobres do país. A taxa de desemprego raiaba o 10% en 2010, segundo os datos do referido Censo.



Foto 10: Cidade de Assomada. Debaixo, localidade de Fontilima (2006)

Os e as migrantes chegados a Galiza dende este municipio proveñen maioritariamente de dúas pequenas localidades costeiras (Porto Ribeira da Barca e Porto Rincão), sendo escasas as persoas procedentes da vila principal ou das aldeas do interior, diseminadas entre unha grande chaira fértil (que acolle o 15% da superficie cultivábel nacional), vales e zonas montañosas.

Ribeira da Barca, con 2.317 habitantes, é a maior vila da costa oeste de Santiago. Conta cunha das primeiras estradas da illa, que a comunica coa estrada principal que a atravesa de norte a sur, por ter sido porto aduaneiro no século XIX, ligado á exportación da semente de *purgueira* (Amaral, 2007). A actividade económica máis importante para a súa poboación é a pesca e a apaña de áridos.

Pola súa parte, **Porto Rincão** (1.048 hab.), distante uns dezaseis quilómetros de Assomada, pode ser definido polo seu illamento xeográfico. Só a partir de 2007 a localidade dispuxo dunha estrada en

⁷ De aquí en adiante, os datos demográficos que se presentan corresponden ao Censo 2010, realizado polo INECV, salvo que se indique outra fonte.

condicións, sendo ate esa altura un lugar pouco coñecido e escasamente visitado por persoas de fora. Existía unha estrada rudimentaria, chea de pedras e buracos, construída nos anos setenta. Con anterioridade a esta data, as persoas desprazábanse a pé ate Assomada para vender o peixe ou outros produtos. Rincão está formado por dous asentamentos diferenciados, separados por unha ribeira: *Baxu Lá*, situado na praia da localidade, máis pequeno, e *Riba Txan*, zona de expansión das últimas décadas, nunha zona rochosa riba do mar. Amaral (2007) describiu esta aldea como un lugar “paupérrimo”, de moi pequeno tamaño, que visitou durante o seu traballo de campo no inicio da década de 60.



Foto 11: Porto Rincão (2007)

O segundo municipio, **Ribeira Grande de Santiago**, de recente creación (2005)⁸, tiña 8.325 habitantes en 2010. O seu territorio presenta a densidade de poboación máis baixa da illa. O seu centro é **Cidade Velha**, antiga capital do país, que con 1.214 habitantes, supón a maior concentración deste concello, formado por pequenas entidades de poboación, tanto na costa como na zona interior. A incidencia da pobreza atinxía en 2007 ao 38'9% dos seus habitantes, segundo o QUIBB. A taxa de desemprego situábase no 8% en 2010. Ribeira Grande encabeza algúns dos índices negativos do país, tendo a menor porcentaxe de persoas alfabetizadas de Cabo Verde (70%), e a segunda taxa máis baixa de alfabetización feminina. Neste concello, as persoas que migraron a Galiza proveñen case exclusivamente das localidades costeiras (Cidade Velha, Gouveia e Porto Mosquito), que se atopan unidas dende os anos 70 por unha estrada empedrada en boas condicións que chega ate a capital, existindo un considerábel mobilidade entre estes espazos.

⁸ Este novo concello foi creado a partir da segregación do que ate entón se denominaba “Praia Rural”, pertencente ao concello capitalino.



Foto 12: Cidade Velha (2011)

En **Cidade Velha** realizouse un importante traballo de recuperación do patrimonio histórico a partir dos anos 90, vinculado ao seu pasado como antiga capital do arquipélago. Isto posibilitou a aparición dun crecente sector turístico e residencial que na última década foise afianzando. En 2009 foi declarada pola UNESCO *Patrimonio Mundial da Humanidade*. Na localidade existe unha importante porcentaxe de poboación que se despraza diariamente á capital para traballar, sendo a que presenta unha economía máis diversificada no conxunto destas poboacións, debido tamén á existencia de labores agropecuarias no seu val durante todo o ano, pesca artesanal e actividades de comercio e servizos.

Gouveia (534 hab.) atópase no tramo final do val de São João Baptista, na zona costeira próxima á localidade de Chão de Igreja, sede parroquial. Décadas atrás era unha zona agrícola e de cría de animais, con dispoñibilidade de auga, que nos últimos tempos ten vido faltar, especialmente canto máis perto da costa, dificultando a explotación agropecuaria. A pesca artesanal tamén retrocedeu como actividade económica, tendo gañado importancia a extracción de inertes como actividade principal a partir da década de 80.

Porto Mosquito (819 hab.) é unha pequena localidade virada ao mar, no fin da estrada, na que a actividade económica predominante é a pesca. Trátase dunha localización moi árida, sen terra fértil e con carencia de auga nas proximidades. Esta aldea parece ter a súa orixe nos tempos de fame, que empurraron as xentes do interior á costa, para procurar sustento no mar.



Foto 13: Porto Mosquito (2012)

Na seguinte táboa preséntanse unha serie datos demográficos das cinco localidades anteriormente mencionadas, consideradas como representativas da sociedade de orixe da comunidade da Mariña. Entre os seus habitantes existiu tradicionalmente moita relación, maioritariamente a través do mar, existindo innúmeras parellas con cónxuxes de dúas delas. Trátase de pequenas comunidades cuxas poboacións constitúen unha tupida rede de relacións de parentesco, nas que todo o mundo se coñece e é adscrito a unha familia determinada.

Cadro 8: Poboación das localidades de orixe por sexo. 2010.

LOCALIDADE	Nº FAM BURELA	POBOACION TOTAL	HOMES	MULLERES	% mulleres
RIBEIRA DA BARCA	16	2317	1115	1202	51.8
PORTO RINCÃO	22	1048	533	515	49.1
PORTO MOSQUITO	12	819	367	452	55.1
GOUVEIA	11	534	260	274	51.3
CIDADE VELHA	7	1214	624	590	48.5

Fonte: Censo Geral 2010. INECV. Elaboración propia.

En canto á proporción de sexos na poboación de cada localidade, en xeral apréciase bastante equilibrio, rachando a tendencia das décadas anteriores nas que a razón de masculinidade era moi baixa, como consecuencia principalmente da emigración masculina, chamando a atención a

prevalenza de homes nas localidades de Rincão e Cidade Velha nos anos recentes (se cadra por migración feminina ás cidades próximas).

En contraste cos datos anteriores, a nivel municipal, segundo os datos do QUIBB, en 2007 Santa Catarina presentaba o índice de masculinidade máis baixo do país, situado en 78'3 homes por cada 100 mulleres. No caso de Ribeira Grande, era de 94'2 homes por cada cen mulleres.

Unha das actividades económicas principais destas localidades é a **pesca artesanal**, realizada en botes de ate cinco metros, equipados con motor e escasos aparellos, que van mudando conforme o calendario e o tipo de capturas de cada época do ano. A pesca continua a ser a actividade primordial nas localidades de Ribeira da Barca, Porto Rincão e Porto Mosquito, atopándose en retroceso nas dúas restantes. Os homes saen a pescar cada día, mentres que un numeroso grupo de mulleres dedícanse a distribuír o peixe nos mercados, rúas e camiños da illa, sendo o oficio de peixeira, do que se falará máis adiante, un dos máis importantes como medio de subsistencia para as mulleres destas localidades.

En canto ás **actividades agropecuarias**, exceptuando Cidade Velha, en cuxo val se practica durante todo o ano a agricultura, as restantes localidades dispoñen de escaseza de terras fértiles, excepto Porto Mosquito, onde non existe nin un metro cadrado de terra fértil nos arredores. Na antiga capital e nalgúñas pequenas zonas das outras localidades realízase cultivo de horta e froita, téndose introducido nos últimos tempos novas técnicas, como a rega gota a gota.

Fora dos cultivos de rega, o calendario agrícola concéntrase no tempo das **azáguas**⁹, no que a illa se cobre de millo, o produto base da dieta tradicional caboverdiana, asociado a diversos tipos de feixóns. Nestes casos cultívase en terras interiores, máis ou menos próximas ás localidades. Os traballos agrícolas iníciáanse en xuño, coa preparación e limpeza das terras, seguida da sementeira. Ambos labores concentran un elevado aporte de man de obra, dedicándose unha parte importante da poboación a eles, tanto homes como mulleres e crianzas. Unha vez que as plantas xerminaron e van medrando, veñen a *monda*, *remonda* e *trimonda*, nas que se limpan as más herbas para favorecer o crecemento das plantas, tendo lugar a colleita a partir do mes de novembro.

A sementeira realízase en terreos propios ou comunitarios, mais tamén cedidos. Como se indicou no primeiro capítulo, en Santiago non se realizou unha verdadeira reforma agraria despois da independencia, a pesar de ser un dos temas bandeira do PAIGC. As terras fértiles e hortas adoitan ter propietario, atopándose frecuentemente divididas en pequenas parcelas, que se foron transmitindo

⁹ Denomínase así o período de choivas (xuño a setembro).

de xeración en xeración a través da herdanza, que ate a independencia só podía ser transmitida aos descendentes lexítimos, polo que a maior parte da poboación non tivo acceso a este tipo de bens, por ter nacido fora do matrimonio. Mais o groso das terras, as que pertencían aos antigos morgados, simplemente mudaron de man, volvendo en moitos casos ás mans das familias dos antigos propietarios ou pasando a mans do estado.

As actividades de cría de **gando** son importantes en todas as localidades, destacando cabras, porcos e galiñas, e cunha menor importancia, vacas e ovellas, sendo actividades exercidas maioritariamente por mulleres no ámbito doméstico, e por homes e crianzas cando se require pastoreo. Os animais acostuman ser criados arredor das casas, sendo común atopalos no medio das rúas, especialmente porcos e galiñas. No caso do gando caprino, este adoita estar ceibe nas achadas e zonas despoboadas, onde é controlado regularmente polos propietarios.

A partir do inicio da década de 80 xurdiu en toda a orla costeira unha nova actividade económica, en pleno proceso de construción do país: a **extracción de inertes** (area e grava) no mar ou nas *ruberas*¹⁰, para servir de materia prima á construción civil. Esta actividade é exercida case exclusivamente por mulleres, tendo substituído outras de tipo extractivo, como a apaña de semente de *purgueira* ou de leña, que antigamente ocupaban boa parte da poboación máis carenciada. Agás en Cidade Velha, onde foi prohibida nos anos 90, a extracción practícase en todas as localidades, cunha crecente importancia, contribuindo de xeito decisivo á supervivencia dos fogares máis pobres, maioritariamente encabezados por mulleres. No caso de Gouveia, nos últimos anos converteuse na actividade económica principal, ao mesmo tempo que decaían pesca e agricultura, en certo modo como consecuencia da propia extracción, que deixou a praia sen area, dificultando o amarre dos botes, e contribuíu a secar os escasos acuíferos e a vexetación.

Na última década foron gañando importancia as **actividades turísticas**, especialmente en Cidade Velha, onde ate o momento a poboación é empregada maioritariamente en postos de escasa cualificación e baixos salarios por empresarios de fora da localidade e/ou do país, á fronte de empresas hostaleiras. Existen, neste caso, poucas iniciativas empresariais por parte da poboación local, que non conta coa información e preparación suficientes para aproveitar as oportunidades que xorden no sector. Nas restantes localidades existen algunhas pequenas iniciativas, moi incipientes.

En todas estas poboacións as condicións de vida e supervivencia melloraron sensibelmente a partir da independencia do país, especialmente nos anos 2000, coa progresiva extensión das redes de

¹⁰ As *ruberas* (ribeiras) son vales que abren ao mar, normalmente secos, nos que na época das *azáguas* corren torrentes.

electricidade e auga canalizada e coa construción de estradas. Todas as localidades, ate a máis pequena, contan con establecementos de ensino preescolar e de primaria, estando localizados nas cabeceiras de cada concello os centros de ensino secundario. No caso dos servizos de saúde, só Cidade Velha conta cun posto permanente. Nas restantes localidades existen postos sanitarios bastante precarios, debéndose desprazar ás cabeceiras de concello.

A poboación destes concellos é esencialmente moza. Segundo o QUIBB 2007, a poboación menor de 25 anos acadaba o 67'5% do total no municipio de Santa Catarina, sendo a porcentaxe máis elevada do país. En Ribeira Grande de Santiago, este grupo alcanza o 60'4% dos habitantes do territorio municipal.

Os datos da seguinte táboa, baseados no Censo de 2010, dan conta dun peso da poboación menor de quince anos próximo ao 40%, agás no caso de Cidade Velha, onde baixa ate o 31%, presentando unha taxa máis propia dunha zona urbana.

Cadro 9: Estrutura de idades da poboación nas localidades de orixe. 2010.

LOCALIDADE	POBOACION TOTAL	< 15 ANOS	15-64 ANOS	65 OU +	ACTIVOS 15 OU + ANOS
RIBEIRA DA BARCA	2.317	841	1.357	119	835
PORTO RINCÃO	1.048	400	608	39	431
PORTO MOSQUITO	819	330	449	40	220
GOUVEIA	534	206	298	25	166
CIDADE VELHA	1.214	377	748	87	519

Fonte: Censo Geral 2010. INECV. Elaboración propia.

3.2. A PLURIACTIVIDADE PRODUCTIVA DAS MULLERES BADIAS

A actividade produtiva das mulleres badías constitúe un aspecto fundamental nas súas vidas, determinante no caso das mulleres máis pobres, moitas delas á fronte de familias monoparentais, que nas localidades orixinarias da comunidade caboverdiana en Burela supoñen as porcentaxes máis elevadas do país, chegando a sobrepasar a barreira do 50% do total dos agregados domésticos.

As mulleres adultas en Cabo Verde desempeñan un relevante papel económico, sendo as garantas principais do sustento familiar, o que leva a que estean presentes en diversos espazos da esfera pública nos que procuran obter recursos económicos. Estes espazos adoitan ser exteriores ao doméstico, o que supón un elemento de inestabilidade no control das mulleres. A pesar diso, a ideoloxía dominante acerca do xénero baséase na premisa do home provedor, responsábel do sustento do grupo doméstico, tal e como sucede na sociedade dominicana estudada por Gregorio (1998).

El reparto de trabajo en el que el hombre constituye el proveedor económico principal del hogar cada vez es menos real, aunque ideológicamente se le siga conceptualizando dentro de ese papel... Al desempleo masculino se une la persistencia de la poliginia, que provoca la existencia de mujeres en situación de concubinato que mantienen a sus hijos solas... siendo cada vez mayor su papel como proveedora económica. (ibid.: 92)

A forza da ideoloxía de xénero fai que, a pesar de que na vida real moitos homes non cumpran co papel de provedores do fogar, continúen a ser percibidos como tales, debido á subordinación da muller e ao seu papel baleiro de valor social (ibid.).

Resulta fácil supor que, dadas as extremas condicións de vida ao longo do período colonial, a actividade produtiva das mulleres, alén da escravitude, constituíu unha práctica habitual dende os primordios do poboamento, exceptuando o grupo minoritario das mulleres da elite.

Neste apartado expóñense as actividades laborais e produtivas máis relevantes das mulleres badías nos tempos recentes. Débese ter en conta que todas elas compaxinan estas actividades co traballo doméstico, que, debido ás condicións de pobreza e precariedade de servizos como electricidade e auga canalizada, supón a realización de tarefas como a apaña de auga nas fontes públicas ou a apaña de leña ou bosta seca para utilizar como combustíbel. Neste tipo de tarefas domésticas é relevante a axuda prestada polas crianzas, que dende cedo participan nas actividades de reprodución do grupo doméstico, especialmente as nenas.

Tamén débese ter en conta que no seo de cada grupo doméstico as mulleres adscritas a el repártense estas tarefas segundo criterios de idade e función no grupo. Por exemplo, saíndo a traballar as máis xoves, mentres as máis pequenas e as de maior idade fican no contorno doméstico, facéndose cargo dos labores de casa. Os grupos domésticos compaxinan múltiples e variábeis entradas de recursos ao grupo, procedentes de diversas actividades produtivas ou de intercambio, remesas, axudas do estado, etc.

Un último factor a ter en conta é que, a pesar das elevadas cifras de desemprego feminino, na sociedade badía as mulleres adultas non adoitan atoparse en situación de inactividade, senón nunha especie de multiactividade na que procuran, por distintos medios, sustento para as familias, incluíndo o intercambio entre grupos domésticos (de servizos, alimentos e outros bens) como unha das vías principais de obtención de recursos.

En primeiro lugar, abordarase o sector comercial. Na estrutura económica do país, o comercio de tipo informal supón nas últimas décadas unha elevada porcentaxe da actividade económica, maioritariamente exercida por mulleres, que realizan intercambios comerciais dos máis diversos produtos (alimenticios, manufacturados ou industriais), para obter recursos monetarios para a supervivencia do agregado familiar.

A seguir, tratarase das actividades extractivas, actualmente centradas na apaña de area e grava para a construción, moi relevante nas comunidades costeiras da illa de Santiago dende os anos 80.

Por último, prestarase atención aos traballos promovidos polas diversas administracións do estado, debedoras das fronteiras de traballo público que a autoridade colonial abría para paliar os efectos das secas e fames, a partir do fin da escravitude.

Outros sectores de importancia, nos que non me deterei, son o servizo doméstico en casas particulares, nomeadamente nos medios urbanos, e a agricultura estacional e cría doméstica de animais, exercida por moitas mulleres, segundo as condicións citadas no apartado anterior.

3.2.1. ACTIVIDADES COMERCIAIS

Para as mulleres badías, existen diversos tipos de traballo no mercado, entendendo este máis ben como actividade comercial e non como un espazo determinado. Segundo Kesha Fikes, dende os tempos coloniais ligouse o comercio á organización feminina, xogando as mulleres un papel histórico

fundamental en canto organizadoras dos suministros alimentarios, acabando por producir un ideal de muller respectábel ligado á actividade comercial de suceso (Fikes, 1998).

A saída ao ámbito público das mulleres non significa de modo ningún que o fagan de forma “desordenada”, xa que sempre se produce dentro dos límites do patrón de relacións de xénero. Para as mulleres constitúe un elemento de forza ao seu favor nas negociacións que se producen no interior da parella e do grupo doméstico, no que sempre as mulleres deberán servir aos homes, de forma a manter o sistema de xénero vixente.

For women, day-to-day experiences of authority are expressed in association with the politics of home life. Respect is shown to husbands and fathers as public signs of being a good wife or daughter. Women will argue that any display of deference is an "act" that maintains a stable order within the home... A man's respect for "the limits," I observed, is dependent on a woman's financial independence, which, for poor women, is linked to daily participation in market sales... While women involved in marketing are usually in control of family spending, "domestic" ideologies associated with being a wife and a mother limit socializing to the work space. The market, thus, is a legitimate arena for women to exercise creative power and business skills that ensure control over household resources. (Fikes, 1998: 9-10)

Existen diversos espazos de exercicio das actividades comerciais. Algunhas mulleres venden nos mercados existentes en diversas vilas da illa, especialmente no de Assomada, o máis importante de Santiago, que nos días da súa celebración converten esta localidade nun espazo feminizado. Os mércores e sábados conflúen en Assomada mulleres de toda a illa, que venden, compran, intercambian ou alimentan as relacións sociais coa parentela residente en diversas localidades, que se congrega en torno ao mercado. Unha vez caída a tarde, a cidade muda, desaparecendo a presenza feminina das súas rúas, que coa escuridade convértense nun espazo preferentemente masculino, no que a presenza de mulleres adultas debe ser lexitimada por algún home da familia.



Foto 14: Mercado (Pelourinho) de Praia (2000)

Outro grupo importante de mulleres dedícase á venda ambulante, normalmente transportando a súa mercancía, sexa cal for, na cabeza, camiñando polas rúas da cidade ou polos camiños rurais, de porta en porta.

Por último, outras mulleres venden na súa propia casa, que pode contar cun local destinado a este fin, ou ben facelo na parte exterior. As mulleres poden neste caso vender diversos tipos de produtos, estando sempre dispoñíbeis para a actividade comercial, na que contan coa axuda das crianzas, conseguindo deste modo compaxinar o comercio con outras actividades domésticas ou produtivas.

En todos os casos, a concreción do traballo feminino das mulleres badías baséase na interacción de redes no espazo público (Fikes, 1998), nun período temporal determinado, o día, no que se producen interaccións constantes, non só comerciais, con outras persoas.

Dentro do colectivo de “*vendedeiras*” existen outros criterios de diferenciación. Prestarase aquí atención ao tipo de produto posto á venda, que da lugar a colectivos diferenciados, entre os que destacan peixeiras e *rabidantes*.

3.2.1.1. AS PEIXEIRAS, ORGULLOSAS DO SEU TRABALLO.

A importancia das peixeiras en canto grupo laboral é moi relevante nas localidades de orixe da comunidade badía de Burela, tendo exercido moitas das migrantes este traballo antes de emprender o camiño da emigración.

Partindo do traballo de campo realizado en Cabo Verde, pódese afirmar que se trata dun colectivo cun grande orgullo profesional e querenza pola súa actividade, independentemente dos problemas existentes á hora de exercela, a pesar de que se trata dun traballo socialmente percibido como negativo¹¹. Quizais a mobilidade espacial e a presenza lexítima no espazo público sexan algunhas das claves que expliquen o gusto das peixeiras polo seu traballo, fronte a outras actividades. Trátase de mulleres que normalmente se iniciaron na venda de peixe sendo moi novas, ás veces nenas, debido á existencia dun bote nas súas familias, continuando en moitos casos unha actividade exercida polas mulleres de maior idade dos seus grupos familiares, que, unha vez retiradas, fican na casa a tomar conta dos fillos das novas peixeiras.

¹¹ As peixeiras son estigmatizadas socialmente, sendo calificadas como violentas, buliciosas, agresivas ou sexualmente promiscuas (Fikes, 1998).



Foto 15: Peixeiras en Cidade Velha (2007)

Actualmente, como resultado do retroceso da pesca artesanal, moitas peixeiras convertéronse en *rabidantes* (revendedoras) de peixe, desvinculadas da actividade pesqueira familiar, adquirindo o seu produto no porto da Praia, para posteriormente vendelo en diversos lugares (mercados, rúa, establecementos de hostalería) ou incluso revendelo a outras peixeiras. Esta independencia respecto do grupo familiar no seu negocio permite ás mulleres unha maior liberdade na xestión do mesmo.

Existen diversas tipoloxías de peixeiras. Por unha banda, respecto ao tempo de exercicio da actividade, que pode ser permanente ou estacional. En Santiago hai épocas de abundancia de certas especies nas que o colectivo aumenta considerabelmente, constituíndo esta actividade unha das alternativas económicas nas zonas de orixe, exercida durante breves períodos. Fronte a estas, existe un colectivo recoñecido de peixeiras que teñen esta como única actividade laboral ao longo das súas vidas ou de longos anos.

Así mesmo, existen diferenzas en canto á capacidade de inversión (que pode oscilar dos 3.000 aos 100.000 escudos¹²), o que dá lugar a diferentes categorías de peixeiras, que venden diferentes especies de peixe, que á súa vez teñen distintas marxes de ganancia.

¹² Dez escudos caboverdianos equivalen a 0'09 €. As cantidades expresadas equivalen, polo tanto, a 30 e 1.000 €.

Por último, existen diferenzas en canto ao lugar de venda, que oscila entre os postos fixos en mercados das vilas, nas zonas céntricas, e a venda ambulante cos baldes de peixe na cabeza, percorrendo diversas zonas, urbanas ou rurais, na procura de clientes.

Os problemas definidos polas peixeiras entrevistadas durante o traballo de campo pódense resumir, por unha banda, na escasa capacidade financeira para adquirir produto para a venda, e pola outra, na dificultade de conservación do xénero, especialmente nos lugares sen electricidade.

3.2.1.2. RABIDANTES

As mulleres coñecidas como *rabidantes*¹³ dedícanse á revenda de diversos produtos manufacturados, sendo os artigos comercializados por elas do máis diverso, comprendendo dende téxtiles a produtos de hixiene persoal, adornos, etc. Constitúe unha das ocupacións femininas por excelencia, desenvolvéndose maioritariamente no ámbito da economía informal.

Pódense diferenciar varias clases de rabidantes, que van dende as que adquiren grandes cantidades de mercancía en países como Senegal, Brasil ou Estados Unidos para a súa revenda ao por maior, ás que compran pequenas e medianas cantidades de produtos (normalmente nos establecementos dos chineses) para vender ao detalle nalgún dos mercados ou postos fixos na rúa, a través da venda ambulante de porta en porta e incluso, una mestura de ambas. Moitas das *rabidantes* venden a crédito. Neste tipo de negocios a capacidade de compra constitúe un factor determinante para a súa evolución.

Un tipo especial de vendedoras está constituído polas mulleres que se dedican á venda de **artigos producidos no ámbito doméstico**: froitas de tempada, licores (*pontxes*) e augardente (*grogue*), leña, tabaco en po¹⁴, comida (doces, empanadillas, torresmos, xeados caseiros). Normalmente a estes produtos únense outros manufacturados, tipo cigarros e lambetadas. A súa venda adoita realizarse na porta da propia casa e lugares próximos.

¹³ A palabra provén do vocábulo crioulo *rabidar*, que significa “dar voltas”

¹⁴ O tabaco para aspirar (*rapé*), denominado *kankán*, é un produto de consumo frecuentemente por parte das persoas adultas, tanto homes como mulleres, sendo cultivado en certas localidades interiores.

3.2.2. ACTIVIDADES EXTRACTIVAS: A APAÑA DE AREA

A extracción manual de area e grava constitúe na actualidade unha das actividades económicas principais para boa parte das mulleres das zonas de orixe das badías de Burela, moitas das cales teñen desempeñado este traballo de xeito continuado ou intermitente nalgún momento das súas vidas. O fenómeno masivo da extracción de area é relativamente recente, datando dos tempos inmediatamente posteriores á independencia. Esta dura tarefa presenta moitas continuidades con traballos extractivos masivos que se facían no pasado recente, como a apaña de leña ou de sementes de *purqueira*, que me teñen sido relatados en numerosas ocasións.

Durante o traballo de intervención en Ribeira Grande de Santiago (2007/09) participei nunha investigación etnográfica sobre este traballo, na orla costeira do concello, mapeando as zonas de extracción, cuantificando as mulleres que o exercían e achegándonos á súa cultura do traballo (Oca, 2009). En diversas visitas a outras comunidades costeiras da illa constatee repetidamente a forte prevaenza desta actividade, especialmente para as mulleres máis pobres. Na actualidade extráense inertes en practicamente todas as *ruberas* próximas á costa e tamén nalgunhas zonas marítimas da illa, especialmente escondidas. En localidades costeiras como Gouveia, Porto Mosquito, Porto Rincão, Ribeira da Barca, Ribeira das Pratas e Chão Bom, todas elas localidades de orixe das badías de Burela, un número indeterminado pero sen dúbida elevado de agregados familiares depende desta actividade para o seu sustento, o que entra abertamente en conflito co equilibrio medioambiental, ameazando os resultados das políticas que propoñen un desenvolvemento baseado principalmente no sector turístico.

A extracción de inertes practicábase tradicionalmente en Santiago, con destino á construción ou amaño de casas, sen constituír a area un valor de cambio ate finais da década dos 70, co desenvolvemento das primeiras grandes obras na capital e a introdución de novos xeitos de construción, no marco da recente independencia e o posterior proceso de urbanización. Nos casos que coñezo máis de perto (Gouveia, Porto Mosquito), foi a empresa de construción do estado no tempo do partido único (EMEC) a que animou ás mulleres destas comunidades a iniciar a actividade extractiva, para responder a unha necesidade crecente de area para o sector. Esta nova actividade económica, na altura, propiciou unha mellora da calidade de vida dos agregados familiares de zonas costeiras sen outro tipo de ocupacións posíbeis (excepto a pesca artesanal, cría de animais e agricultura estacional) téndose dedicado familias enteiras á súa extracción, que se realizou inicialmente nas praias, ate baleiralas de area. A memoria das persoas dá conta de fermosas praias en todas estas localidades, que na maioría dos casos non volveron a rexenerarse.

A continuidade da actividade extractiva acabou por convertela nunha das máis importantes opcións laborais nas estratexias de supervivencia para moitas mulleres badías das zonas costeiras, dada a continuidade e intensificación da demanda das novas empresas construtoras. Foi desprazando outras actividades femininas tradicionais, tamén ligadas á explotación do medio, como a recolla de leña ou sementes de *purgueira*, mais tamén outras como a agricultura, a cría de gando ou a venda de peixe.

A prohibición de extracción nas zonas marítimas a partir dos anos 90 empurrou as mulleres ao interior das *ruberas*, atopándose na actualidade neste medio o maior número de extractoras. Moitos dos escenarios de extracción téñeno sido de xeito intermitente, debido ao labor represivo da policía, que ten levado incluso a algunhas mulleres aos calabozos das comisarías. O cambio de ubicación supuxo a necesidade de “inventar” todo un sistema e proceso de traballo, xa que, en contraposición ao mar, onde a area extráese practicamente pura, no interior dos vales esta debe ser separada da pedra e da terra, ate lograr o produto requirido polas construtoras.

Para iniciar o proceso de extracción, as mulleres deben escoller un pedazo de chan (*mina*), no que con axuda de pico e pá van facendo un buraco, cada vez máis grande. Neste buraco, irán extraendo area, mesturada con pedras de varios calibres, que deben ser separadas. Primeiro sepáranse as pedras pequenas, vendíbeis como grava, facendo un montón ate conseguir unha cantidade suficiente, desbotando as pedras máis grandes, que acaban conformando unha especie de murallas nos lugares de extracción. A continuación, é necesario cribar a area resultante para separala da pedra máis miúda, nun proceso coñecido como “*saranda*”. A mestura de area e terra resultante vaise colocando nun montón, para aproveitar con posterioridade un día de vento para “*venteala*”, proceso no que a terra voa, separándose da area, que por fin cae limpa ao chan. En moitos casos, se non é posíbel o acceso dos camións ao lugar de extracción, a area debe ser transportada a un lugar accesíbel no que se coloca en montóns que serán mollados diariamente para evitar que voe ou se deteriore. Isto supón ter que carretar auga na cabeza dende a beira do mar ate o lugar de almacenamento dos montóns.



Foto 16: Traballo na area. Porto Rincão (2010)

A area extraída é recollida por camións e camionetas, que pagan pola súa carga completa uns cincuenta euros os primeiros e vinte e cinco os segundos, resultando unha rendabilidade moi baixa para o grande esforzo físico que supón. As mulleres adoitan traballar nas horas próximas ao amencer e á tardiña para fuxir do sol e da calor; incluso ás veces traballan nas noites de lúa chea, aproveitando a claridade e o fresco. O resto da xornada dedícanse a múltiples tarefas semi-domésticas.

Na orla costeira, o traballo adóitase realizar na época de choivas ou mar forte, cando o mar ou as riadas traen area nova á costa. A area do mar é máis rendíbel que a das *ruberas*, obténdose mediante un proceso no que as mulleres se introducen no mar con pequenos recipientes de plástico e baldes cos que sacan area do fondo, que van xuntando no balde sobre a cabeza ate enchelo. Saen da auga e depositan a area en montóns nunha zona seca ao sol. O traballo adóitase realizar individualmente ou en parellas. Na actualidade este tipo de extracción só se practica en lugares recónditos, aos que acoden as mulleres máis pobres das localidades próximas. Durante o traballo de campo tiveron a oportunidade de visitar un destes enclaves, Santa Clara, constatando a dureza das condicións de traballo e vida, xa que as mulleres permanecen alá durante varios días, guarecidas nunhas cabanas feitas con paus e retallos de sacos e teas, nalgúns casos acompañadas dos seus fillos de curta idade.

Ao tratarse dunha actividade semi-ilegal, por estar suxeita a proibicións en determinados lugares e por non figurar oficialmente como unha actividade económica normalizada, diríxese a un mercado incerto, non existindo ningunha organización que vele polos intereses destas produtoras, suxeitas aos vaivéns do mercado, aos roubos nocturnos o á venda fiada sen garantías. A extracción de area tense convertido nun tema con presenza na axenda informativa do país, existindo un certo discurso criminalizador contra as mulleres máis pobres, debido aos efectos nefastos desta actividade no medio.

Actualmente nas localidades costeiras de orixe a proporción de mulleres que obtén unha parte fundamental ou complementar da súa renda familiar nesta actividade aproxímase nalgúns casos, como o de Gouveia, ao 100%. Nesta localidade abandonouse ou diminuíron radicalmente actividades tradicionalmente exercidas polas mulleres, como as agropecuarias (debido tamén a que os acuíferos secaron como consecuencia da extracción e á menor cantidade de precipitacións nas últimas décadas), a recolla de leña ou venda de peixe, coa consecuente perda de saberes e prácticas femininas tradicionais ligadas ao ecosistema. Noutros casos, como Porto Mosquito ou Porto Rincón, onde aínda existen importantes colectivos de peixeiras ligados á pesca artesanal local, esta actividade, segundo as miñas observacións, sobrepasa amplamente o 50% da actividade feminina, concentrándose nas respectivas *ruberas*. A dependencia da apaña de area por parte das economías dos agregados familiares máis pobres de Santiago, maioritariamente encabezados por mulleres, é tal, que a súa prohibición total suporía un desastre a nivel social e económico.



Foto 17: Destrucción do medio no val de São João Batista (*San Djon*) e Gouveia (2007)

3.2.3. FAIMO – TRABALLO PARA AS ADMINISTRACIÓNS

As FAIMO (*Frentes de Alta Intensidade de Mão de Obra*) recibiron esta denominación a partir dos anos 80. Nembargante, a súa existencia supón unha continuidade coas fronteiras de traballo público que as autoridades coloniais abrían en épocas de crise para paliar os efectos de secas e fame, fundindo as súas raíces no fin da escravitude, a finais do século XIX. Nestas fronteiras as persoas máis pobres realizaban traballos ligados ás obras públicas, destacando a construción de estradas.

As fronteiras de traballo evitaron moitas mortes e calamidades, especialmente a partir do fin oficial das crises de fame, nos anos 50 do século XX, cando os traballadores e traballadoras contratados polo estado contribuíron á construción das obras realizadas nos últimos tempos do colonialismo portugués.

Os sucesivos gobernos do Cabo Verde independente mantiveron esta práctica, á que se uniu a administración local. O traballo “do estado” ou da “*câmara*”¹⁵, como se denomina actualmente, ten unha baixa rendibilidade, de uns 30 euros por mes, que se virán unir a outras entradas debido á multiactividade existente no seo dos grupos domésticos.

Durante o traballo no terreo asistín á abertura deste tipo de traballos, constatando o seu impacto nos agregados familiares, que envían unha das persoas desocupadas da casa ás fronteiras, sendo motivo de conflito a suposta falta de imparcialidade dos responsábeis municipais ou estatais á hora de escoller as familias beneficiarias, existindo múltiples comentarios sobre o suposto favoritismo das familias ligadas ao partido no poder a través de vínculos clientelares.

A pesar de que xa non palíen fames mortais, este tipo de traballos continúan a ser importantes nos medios rurais, como unha das fontes temporais de obtención de recursos monetarios, especialmente para as familias máis pobres, maioritariamente encabezadas por mulleres.

¹⁵ A Câmara Municipal é o equivalente ao Concello na Galiza.

3.3. ORGANIZACIÓN FAMILIAR NA SOCIEDADE BADÍA

Considérase que para abordar os diversos papeis e normas definidos para as mulleres na cultura badía, é necesario analizar previamente o ámbito familiar e os diversos tipos de organización dos fogares santiagueses, así como as posicións e os roles que as mulleres ocupan dentro destes, xa que constitúen o espazo fundamental de socialización e exercicio das prácticas de xénero.

Ao abordar a institución familiar caboverdiana páttese da grande flexibilidade e plasticidade existente na organización dos grupos domésticos (Lobo, 2008, 2010; Martins e Fortes, 2011). Este dinamismo non implica a ausencia de normas, mais si diversas estratexias e tipoloxías de concreción dos grupos domésticos, ante a imposibilidade de cumprir na práctica o ideal normativo, que sería o modelo católico de familia e sexualidade. Ao longo do tempo, a sociedade badía foi creando prácticas alternativas ao modelo ideal, socialmente aceptadas, que foron e son utilizadas pola maioría da poboación, descendente dos antigos escravos e escravas.

O ideal de **familia nuclear** foi practicado polas clases dominantes propietarias de terras e escravos, incluíndo a dobre moral que permitía aos homes ter unha muller-esposa na casa e outras mulleres fora. Como se viu no primeiro capítulo, o comportamento dos homes das clases dominantes e de parte do clero distou en gran medida da proposta moral da Igrexa, a pesar da estreita vixilancia da institución, presente dende os primordios do poboamento do arquipélago. En paralelo, os homes e mulleres caboverdianos non pertencentes ás clases dominantes configuraron diversos tipos de organización doméstica, como resultado da adaptación a un medio de vida hostil, marcado por unha elevada mortalidade en cada ciclo de fame e calamidade, pola pobreza de recursos e por unha estrutura social inicialmente escravista e posteriormente polarizada entre unha pequena clase dominante e unha grande masa de poboación desposuída.

Segundo argumentan diversos estudos clásicos da sociedade do arquipélago (Carreira, 1984; Lopes Filho, 1996), en Cabo Verde existiu historicamente un amplo abano de posibilidades de estrutura familiar, sen un predominio definitivo de un tipo determinado. As investigacións máis recentes no estudo do parentesco caboverdiano (Giuffrè, 2012; Lobo, 2006, 2010) sitúan o debate na existencia dunha organización familiar cunha aparente ambigüidade, por ser esencialmente patriarcal, mais con fortes características de **matrifocalidade**. Nos grupos domésticos caboverdianos danse a maior parte das características asociadas ao modelo matrifocal no contexto caribeño, definidas por Fernós (1991), como poden ser a prevaenza de unións libres ou consensuais, definidas pola inestabilidade; a

existencia de poligamia sucesiva ou simultánea e a ausencia ou posición secundaria da figura masculina nos grupos domésticos. Na sociedade caboverdiana os fogares encabezados por mulleres son considerados como incompletos, pretendendo na maioría dos casos converterse en patrilocais na seguinte xeración, coa chegada á idade adulta dun elemento masculino, criado no seu seo, que traia unha muller ao fogar.

A organización familiar caboverdiana continua a ter como marco modélico un sistema patriarcal e patriliñar, no que o tipo de familia mellor considerado está formado polos proxenitores e fillos/as, seguindo a tradición católica. Dentro deste tipo de organización, a residencia postnupcial será na maioría dos casos patrilocal, aínda que nas últimas décadas foise afianzando a **neolocalidade**, normalmente despois de ter pasado as novas parellas un tempo na casa da familia do home. A dispoñibilidade de terreo libre para a construción de vivendas nas localidades ate tempos moi recentes foi un factor importante para a existencia desta práctica, que na actualidade vese posibilitada pola existencia de casas de aluguer.

Este tipo de organización familiar ideolóxicamente dominante coexiste na actualidade cunha elevada porcentaxe, nalgúns casos superior ao 50%, de familias monoparentais, encabezadas por unha muller, claramente matrifocais, nas que o(s) elemento(s) masculino(s) ten/teñen unha presenza descontínua ou nula e a relación máis importante e duradeira é que se establece entre nai e fillos/as. Este tipo de familias está socialmente aceptado, sendo frecuente que a monoparentalidade feminina se reproduza nun mesmo fogar ao longo de varias xeracións.

Por máis que exista unha tendencia clara á matrifocalidade e unha presenza importante de mulleres nos ámbitos de produción, o marco ideolóxico é patriarcal. A presenza histórica da Igrexa Católica no arquipélago e o seu papel de institución controladora da moralidade teñen perdido forza a partir da independencia do país e da promulgación de novas leis no ámbito do dereito de familia, que moi lentamente van tendo reflexo na transformación das relacións de xénero. Nas décadas finais do colonialismo, a Igrexa, co apoio decidido do réxime salazarista, reforzou a vixilancia sobre o cumprimento dunha serie de normas morais relativas aos papeis de xénero e ás relacións entre homes e mulleres. A moralidade defendida pola institución eclesiástica, que gozaba dun amplo poder nas décadas posteriores ao fin das fames, encadrábase no chamado paradigma da honra e vergoña, que a pesar de ser contraditorio coa tradición histórica de organización familiar en Cabo Verde, tivo moito peso neste período. Este modelo foi interiorizado en grande medida polos habitantes das zonas rurais, que orientaron as súas estratexias a unha serie de prácticas inspiradas no ideal, que a pesar de non seguir os procesos de constitución familiar ditados pola igrexa, asemellábanse a estes.

Polo tanto, pártese da consideración de que na actualidade coexisten en Cabo Verde eses dous tipos de estrutura fundamentais, con diversas variantes tipolóxicas no seu seo. Ambas as modalidades de estrutura correspóndense coa evolución histórica dos dous grandes grupos humanos que iniciaron a historia do arquipélago: señores e escravos/as, como se verá a continuación. A primeira delas, dominante ideolóxicamente, está ligada á norma ideal tradicional, na que as novas parellas se constitúen no marco dun esquema patriliñar e patrilocal (aínda que cunha forte tendencia á neolocalidade), no que a muller pasa a facer parte da familia do marido. A segunda ten natureza matrilocal, permanecendo a figura feminina na súa familia orixinal, caracterizada pola presenza intermitente de elementos adultos masculinos, ou ben fundando un grupo doméstico monoparental xunto cos seus descendentes.

As estratexias das mulleres téñense desenvolvido entre ambas orientacións, entre a tensión de querer cumprir o ideal e a dificultade da súa concreción, debido ademais de aos condicionamentos materiais, ao comportamento dos homes, marcado pola liberdade sexual e a conquista como marca de virilidade e pola imposibilidade crecente de cumprir as responsabilidades como sustentador e provedor fundamental do grupo doméstico.

However, the code of the male dominance system obliges women to live in a paradoxical situation: they are expected, if not to get married – which is often a utopian expectation – to at least have a man and prove their devotion to this man by giving him a child; but, following the same code, the ‘true man’ can refuse to get involved in a monogamous relationship and family responsibilities, so that, in most cases, he leaves the woman either as soon as she gets pregnant or the child is born, and does not feel responsible for supporting his child financially (Giuffrè, 2012).

3.3.1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA FAMILIA CABOVERDIANA

Un punto común nas investigacións clásicas sobre a cuestión da familia no arquipélago é a afirmación de que a estrutura da familia caboverdiana é produto do proceso de colonización e formación da propia sociedade crioula, no que se produciu a mestura de dous estratos, o branco, minoritario e poderoso, cunha cultura uniforme de raíz xudeo-cristián, e o negro, maioritario, sen poder e cunha raíz cultural diversificada, que foi sometido a un proceso forzado de aculturación, incapacitado para reproducir as súas estruturas sociais (Carreira, 1983; Lopes Filho, 1996). Dentro destes dous grupos

diferenciados, a compoñente feminina que poboou as illas proviña maioritariamente de África, constituíndo as mulleres brancas unha excepción, sobre todo nos primordios da colonización¹⁶.

O papel das mulleres negras neste proceso estivo determinado pola súa condición de escravas e reprodutoras, non só da man de obra cativa, senón tamén dos novos grupos sociais que virían constituír a elite da sociedade caboverdiana, apuntados na primeira parte deste traballo. Para Lopes Filho, “a mulher negra (escrava) foi a mediadora entre as raças, entre as classes e as culturas” (1996: 68), evitando, dende o seu punto de vista, procesos de antagonismo social entre os grupos orixinais racializados, incorporando o novo e crecente grupo de mulatos, xurdido como produto da mestizaxe operada entre os homes brancos e as escravas negras.

Segundo os autores clásicos, unha das características que definen a estrutura familiar é a alta prevaenza de unións libres e relacións poligámicas, que se ben nunca foron legais no arquipélago, existiron dende os inicios da colonización. Lopes Filho (1996) interpreta que estes costumes matrimoniais baseáronse no comportamento sexual dos señores, que, a pesar de estaren casados, adoitaban ter fillos e fillas con diversas mulleres, moitas delas escravas, propias ou alleas, os cales eran recoñecidos legalmente. Esta última cuestión xa fora estudada por Carreira (1984), que documentou detalladamente innúmeras relacións de concubinato entre señores e escravas.

Estas uniões, irregulares em relação às leis e costumes da época em Portugal revelam a existência de uma poligamia, ou melhor poligínia de facto e não de direito. Oficialmente o regime matrimonial vigente era a monogamia, ou seja o casamento religioso, embora na prática esta monogamia fosse só imposta à mulher em Cabo Verde como aliás nas sociedades de tradição judaico-cristã. A tendência para a poligamia, institucionalizada nas uniões livres, é consequência deste comportamento dos senhores, que faziam gala em ostentar inúmeras amantes e filhos bastardos, não tendo, portanto, origem nas sociedades tradicionais africanas. (Lopes Filho, 1996:70)

A pesar da preeminencia da Igrexa Católica e as constantes tentativas de imposición da súa moralidade oficial, diversos factores, como o anteriormente apuntado da escaseza de mulleres brancas, unido ao afastamento e illamento da sociedade caboverdiana respecto da metrópole e á dureza das condicións de supervivencia, deron como resultado que se estableceran como estruturais un tipo de relacións que a ollos da metrópole eran non só irregulares, mais tamén definidas como inmorais polo discurso relixioso dominante, a pesar da dupla moral subxacente respecto dos comportamentos sexuais de homes e mulleres. Semedo (2009) afirma que a Igrexa

¹⁶ Na historia de Cabo Verde existiron dous grupos diferenciados de mulleres brancas: en primeiro lugar, as que chegaron nos inicios do poboamento das illas como esposas dos colonos brancos, que, para adquirir o estatuto de moradores, debían residir nas illas coa familia (Cabral, 2012). Por outra banda, existiu un grupo de mulleres brancas diferenciado do anterior, máis numeroso e durante un período de tempo máis longo, composto polas *degradadas*, obrigadas a residirem en Cabo Verde polas autoridades coloniais, coa pretensión de por freo ao proceso de mestizaxe. (Lopes Filho, 1996)

combateu moitos dos costumes da sociedade santiaguesa, considerados pecaminosos, por velos como un mal exemplo para os escravos recién convertidos ao catolicismo, mais foi tolerante con outros comportamentos, entre os que destaca a “mancebía”, practicada polos membros da elite civil, e eclesiástica.

Segundo Carreira (1984), este tipo de comportamentos, propios de señores e clérigos, acabou por xeralizarse a todos os estratos sociais, sendo “uma constante no arquipélago” (ibid.: 148) ate a actualidade, na que non é infrecuente a existencia casos de **polixinia de facto**, especialmente nas comunidades rurais, sendo estes socialmente aceptados e lexitimados.

A sociedade no seu todo, ou em grande parte, aceptou pacificamente que o homem, mesmo casado pela Igrexa, pode vivir maritalmente con uma ou mais mulleres a um mesmo tempo, quase sempre, para non dizer sempre, cada una delas em casa própria. Nas ilhas esse tipo de ligazóns foi mais ou menos aceite pela comunidade sem constrangimento, embora em moitos casos as mulleres aspirassem à regularización das situacións através do casamento, canónico ou civil. (Lopes Filho, 1996: 74)

A ampla difusión destas prácticas coexistiu co matrimonio católico, considerado como o ideal e normativo, especialmente para as mulleres. Segundo Correia e Silva (2001), ao longo do proceso de formación da sociedade caboverdiana, os obxectivos de clase regulaban o comportamento sexual dos membros das elites, tratando de xeito diferenciado a homes e mulleres, en relación co control da propiedade e do estatuto social, considerando a existencia de dous grupos diferenciados de mulleres, unhas destinadas ao casamento e outras ao pracer sexual.

Na sociedade agrária de entón o control do casamento dos herdeiros, mesmo o de mancebos, tornara-se un factor de maior relevância. Quanto aos rapazes, porém, a restrición non recaía tanto sobre a sexualidade, mas sim, sobre o casamento. A estes, diversamente das donzelas, a sociedade tolerava uma sexualidade socialmente permissiva, sobretudo quando as parceiras fossem escravas ou forras. (ibid.: 335)

A difusión deste tipo de relacións a todos os estratos sociais deu lugar á aparición de dúas figuras fundamentais na organización familiar caboverdiana: as **nais solteiras** e os **fillos de fora**, como consecuencia da relación sexual dos homes con mulleres alleas ao seu grupo doméstico “lexítimo”.

Com o tempo, estes costumes tomaram vulto. Non era possível de resto anulá-los, fazê-los desaparecer. E todos, mulatos e pretos, sem olhar à posición social, imitaram o comportamento das camadas mais elevadas, certamente na convicção de que estaria correcto. A mãe-solteira, aceite sem qualquer sentido discriminatório, ficou consagrada como realidade sociológica. Para a situación concorreram, pois, em maior ou menor escala, todos os componentes da sociedade e qualquer que fosse a cor da pele; e, pela mesma razón, a proliferação do “filho de fora” (o bastardo) tomou foros de “legitimidade”, constituindo verdadeira institución. (Carreira, 1984: 153)

Nos primeiros séculos de poboamento das illas existía unha diferenza na filiación dos descendentes, segundo fora a clase social do pai. Por unha banda, ate 1856, ano de abolición da escravitude,

... as mulleres escravas constituían unha reserva reprodutora importante, polo que o fruto do seu ventre, era propiedade do amo e constituía-se en mais un obxecto de produción; a célula familiar básica era a constituída pola mãe e polos fillos e filhas. A lectura da descendencia facía-se apenas pola liña feminina. (INE, ICIEG e ONU-CV, 2008: 12)

A filiación por liña materna aplicábase á descendencia das escravas, servas ou forras con homes escravos ou pertencentes ás camadas non poderosas da sociedade. Mais non acontecía o mesmo no caso de que as mesmas mulleres tivesen descendencia con homes pertencentes ao grupo dos poderosos (gobernadores, *reinois*, militares, *brancos da terra*), en que a paternidade da criatura era recoñecida nos propios libros de bautismo, coa bendición eclesiástica. Segundo Lopes Filho (1996) existe constancia de que, ao contrario do que sucedía na metrópole, a lexitimación era efectuada, ate o século XIX, por parte do pai, co consentimento e participación da igrexa, que bautizaba a estes fillos. Carreira (1984) dá conta do costume de tratamento igualitario a todos os fillos, fonte de numerosos litixios, especialmente á hora de herdar, que se resolvían con recurso ao dereito consuetudinario. A mediados do século XVIII estableceuse a “indignidade” dos fillos e fillas nados fora do matrimonio á hora de herdar¹⁷ (Carreira, 1984: 147). O historiador indica que a partir de 1815 pasou a ser omitido sistematicamente o nome do pai de crianzas fillas de escravas ou servas nestes documentos, sendo considerados fillos de muller solteira. Ate esa altura, a lexitimación mediante o bautismo constituía o principal medio de ascenso social dos fillos e fillas das escravas (ou forras) con homes da clase dominante, producíndose o proceso de ascensión social do mulato referida por Mariano (1991), anteriormente aludido.

En contraste co anterior, no seo do amplo grupo de escravos e escravas a experiencia na esfera sexual e afectiva era ben diferente. Segundo o mesmo autor, na maioría dos casos as relacións de parella no seo do grupo escravo non eran recoñecidas pola Igrexa, predominando as unións libres e de facto, que conviñan aos señores por diversas razóns.

A sociedade tolerava-os sem grande relutancia. Os señores inclusive, viam na não-formalización das unións face à Igrexa posibles vantagens. Assim podiam, por exemplo, vender, quando tal lhes conviesse, um dos membros, separando o casal sem que isso os colocase em posição embaraçosa perante a sua consciencia e a Igreja. Por outro lado, as uniões de facto, mais fáceis e mais facilitadas, eram geradoras de vastas proles que, para os señores, constituían preciosas oportunidades de engrossar os seus plantéis com novos escravos crioulos. (Correia e Silva, 2001: 324)

¹⁷ Por medio da Provisão de 1753, revista e actualizada em 1792 (ibid.)

Alén destes factores, o autor considera que as condicións de vida de escravos e escravas, suxeitos á pobreza e a unha vivenda precaria, sen intimidade e cunha falta total de autonomía, non fixeron máis que colocar os lazos matrimoniais por tras doutras estruturas de solidariedade ligadas ao traballo e á veciñanza, dando primacía ao vínculo nai-fillos.

Trata-se de familias matricêntricas, nas quais a presenza do pai é ténue, quando não inexistente: “mater certus, pater incertus”. Mas a comprensión da natureza destas relacións familiares passa necesariamente pola súa contextualización no quadro das condicións reais de vida dos escravos. Na verdade, este tipo de familia resulta muito mais dos constrangimentos económicos e sociais a que os escravos estaban suxeitos na sociedade escravocrata insular, do que propriamente, como querem algúns, de alguma persistência cultural africana. Pela venda, alforria ou transferência, o casal via-se constantemente sob o risco de uma separação forçada. Este facto estimulava uniões breves e efémeras. Além disso, os próprios senhores não estavam dispostos a perder o direito de alienação, alforria ou de transferência em favor da estabilidade familiar dos seus cativos. Daí que não existam também da parte deles pressões no sentido da formalização das uniões de escravos. (ibid.: 325-6)

Seguindo a hipótese do referido autor, as unións entre escravos estiveron definidas por un déficit de institucionalización e suxeitas a unha grande inestabilidade, propiciadas pola propia institución escravista. As unións escravas ficaron fora da xurisdición eclesiástica e dos moldes normativos da familia católica, a pesar de que os escravos e escravas que chegaban do continente eran bautizados nada máis chegar ao arquipélago. Alén das parellas endogámicas de escravos e as de escrava con home poderoso, tamén foron frecuentes as relacións e matrimonios entre forros e escravas, que deron pé a unha contradición de dereitos entre maridos e señores, e polo tanto, entre institución escravista e igrexa, que persistiron ate os albores do século XVIII (ibid.).

As argumentacións de Correia e Silva (2001) dan unha explicación histórica diferente á dos autores anteriormente mencionados (Carreira, 1984; Lopes Filho, 1996), en canto á alta prevaenza na sociedade caboverdiana actual de familias con altas taxas de monoparentalidade ou matrifocalidade. Se para os primeiros esta realidade debíase a unha imitación do comportamento das clases poderosas por parte de todos os sectores sociais, para Correia e Silva (2001) existe unha base histórica nas propias condicións de existencia das unións no seo da institución escravista, que levaron á conformación e evolución das estruturas familiares matrifocais, que no caso de Cabo Verde constitúe unha das formas de familia aínda presente con forza nos días de hoxe.

O papel das mulleres na evolución histórica e social da sociedade caboverdiana ten sido abordado fundamentalmente dende o punto de vista da tripla dominación á que estas foron sometidas, de xénero, raza e clase (Lopes Filho, 1996), aínda que non dende unha perspectiva feminista. Algúns enfoques teñen colocado o acento na instrumentalización que algunhas mulleres facían das súas relacións con homes poderosos, en tanto supuñan unha oportunidade de ascenso social para elas e

os seus descendentes. Correia e Silva (2001) interpreta o matrimonio ou establecemento de relacións afectivo-sexuais das escravas cos señores como unha oportunidade para estas, tanto no sentido de conseguir a alforría como outro tipo de bens materiais ou simbólicos. Os señores, en moitos casos, ao legalizar ou lexitimar os fillos e fillas froito das relacións con escravas, posibilitaban que puideran herdar en tanto descendentes lexítimos, aproveitando para concederlles a alforría ás súas nais. Pódese falar entón na existencia de estratexias de instrumentalización das relacións afectivo-sexuais por parte das mulleres dos sectores máis débiles da sociedade, como único medio ao seu alcance para conseguir elevar o seu estatuto social.

A pesar diso, convén non esquecer que as relacións entre señores e escravas desenvolvíanse no marco dunha estrutura de poder na que estas eran propiedade dos primeiros, podéndose pensar que o máis frecuente serían as relacións sexuais forzadas polo propio contexto e situación de sometemento das mulleres escravas, como se relata nunha das primeiras obras literarias producidas no arquipélago, poucos anos antes do fin da escravitude.

Este muito nobre senhor entendía que as escravas deviam ufanar-se, quando escolhidas para servirem de juguete aos desejos sexuais de seu senhor; e acreditava - o orgulhoso - que à menor manifestação da sua parte, elas não podiam deixar de pagar-lhe com paixão uma preferência, a que deviam ser reconhecidas... Houve uma - Júlia se chamava ela - uma jovem preta - oh! tão jovem, que apenas treze maios contava! a qual, a pesar dos seus poucos anos, soube resistir por alguns tempos aos desejos de seu senhor. Mas, ai! uma noite ela sentiu sobre o peito a boca duma pistola; a vida considerava-a ela o seu único bem - teve medo de morrer - desmaiou... e... depois, uma existência cruel, meses de pungente tortura - qual a de ser forçada a abraçar aquele que se não ama - fizeram-lhe lamentar bem cedo não ter antes preferido a morte à vida, que se lhe tornava de insuportável peso. (D'almeida, 1989[1856]: 71)

Por outro lado, é sabido que entre o minoritario grupo de mulleres da elite existiron casos que contradín a imaxe de inferioridade da posición feminina, dependente dos homes da súa familia (pai, irmán, esposo), desempeñando o papel de meras transmisoras de bens do pai ao marido ou fillos, a través do sistema de herdanza. Iva Cabral (2012), nas súas investigacións sobre as mulleres deste grupo social, no período que vai do século XVI ao XVIII, dá conta de diversos casos de mulleres autónomas, a maior parte delas viúvas¹⁸, que se converteron en armadoras, comerciantes ou propietarias rurais, actuando dun xeito que só era reservado aos homes. A súa existencia minoritaria non supón máis que a confirmación da norma de subordinación das mulleres, tanto das elites como das clases populares.

¹⁸ O estado civil de viúva era o único dende o que unha muller podía exercer a representación propia, no caso de non ter fillos varóns maiores.

Considero que se existe un punto en común aos diversos tipos de estrutura familiar ou doméstica no arquipélago é a posición subalterna da muller, nunha situación que semella paradoxal, xa que ao mesmo tempo que é inferiorizada socialmente, constitúe o pilar da composición dos grupos domésticos¹⁹ dende os tempos iniciais da colonización das illas, sexan estes de orientación patrilocal ou matrilocal. As raíces históricas de ambas configuracións familiares obedecen a un contexto no que as mulleres serviron como nexo de unión entre dous mundos e culturas diferentes. A inferiorización das mulleres deuse tanto nos grupos sociais dominantes, nos que as mulleres eran dependentes do pai ou marido, como no dominado, no que as mulleres escravas eran propiedade do señor.

Assim, aquilo que podemos considerar como “ familia caboverdiana” assenta, na continuidade da tradición colonial, numa relação de domínio do homem (senhor) em relação à mulher (escrava), facto este que foi vincado pelo carácter patriarcal da escravatura doméstica. Este domínio do homem revela-se na distribuição dos papéis no interior da família, na divissão do trabalho, por exemplo, em que há uma nítida separação entre os domínios ou competências do homem e os da mulher. Esta separação é acompanhada de uma hierarquia no seio da família em que os papéis e os domínios do homem são (teoricamente) superiores aos da mulher.

Por outro lado e também por influência do domínio colonial, a mulher destas ilhas foi desde muito cedo considerada como produtora de trabalho e como objecto de prazer pelos seus senhores e donos, factos estes que ao longo dos tempos marcaram a maneira do homem cabo-verdiano entender a mulher, normalmente como um ser inferior. (Lopes Filho, 1996: 75)

Como resultado dos fenómenos sociais que envolveron a evolución histórica da sociedade caboverdiana, a familia das illas, estruturada en torno ás dúas orientacións mencionadas, non pode ser caracterizada por un tipo dominante, senón por unha multiplicidade de formas, como resultado das condicións particulares da formación da sociedade (Lopes Filho, 1996), nun clima de periódicas calamidades de fame e morte, ás que se veu xuntar a emigración como estrutura fundamental da sociedade, que expulsa unha parte importante dos seus membros.

A existencia de procesos constantes de destrución e recomposición da sociedade e o desenvolvemento de prácticas de inclusión das persoas desamparadas, levaron á formación dunha estrutura familiar flexíbel, con capacidade de adaptación ás limitacións do medio, influída por dúas grandes tradicións: por un lado a europea ou xudeu – cristián, de orde patriarcal; por outro, a das familias escravas, baseada na díade nai-fillos, de orde matrifocal, que se formou a partir das condicións de vida das unións de escravos e escravas, como defende Correia e Silva (2001). Ambas orientacións coexistiron no seo dun sistema patriarcal, no que o home ocupa ideoloxicamente o lugar central, estea presente ou ausente.

¹⁹ No traballo de campo en Cabo Verde constatei a inexistencia de grupos domésticos sen mulleres adultas ou novas, sendo un facto absolutamente excepcional. Pola contra, son moitos os fogares nos que non existe home-marido, revelando a centralidade da figura feminina na organización familiar e doméstica.

De todo o anterior despréndese que o papel das mulleres na historia caboverdiana e na formación dunha nova sociedade con institucións propias non foi monolítico. Aínda así, sosteño a idea de que a inmensa maioría das caboverdianas foron consideradas historicamente como traballadoras, reprodutoras de man de obra e obxectos sexuais dos señores, fosen estes da cor que fose, debido ao avance do fenómeno de mestizaxe. A mestura dos dous grandes estratos orixinais no poboamento das illas foi atenuando o factor racial como fonte de dominación para dar maior importancia ao xénero como elemento dende o que construír a desigualdade. A pesar da persistencia da separación social entre elite e pobo, presente ao longo de toda a historia do arquipélago, atenuada nas últimas décadas polos recursos chegados a través da emigración e da cooperación internacional e pola mellora xeral da calidade de vida, o grande foxo existente na sociedade caboverdiana ate a actualidade é o que se dá entre homes e mulleres, independentemente da clase social.

3.3.2. A TENSIÓN ENTRE HONRA E VERGONHA

Estudiosos como Lopes Filho (1996) analizaron os papeis de xénero na sociedade tradicional caboverdiana á luz do paradigma da honra e vergoña, que autores como Peristiany (1968) ou Pitt Rivers (1979) aplicaron no estudo das sociedades ibéricas e mediterráneas. Este paradigma, que ten sido cualificado de androcéntrico tamén ten sido criticado pola súa pretensión de xeneralizar a súa vixencia nos países do sur de Europa, tendo sido demostrada a súa incapacidade e simplicidade para explicar os sistemas de xénero en lugares como Galiza e o norte de Portugal, onde a importancia do papel produtivo das mulleres constitúe un elemento de respectabilidade (Aalten, 1982; Colle, 1994; Kelley, 1991; Moreno, 1997; Roseman, 1991, 2012), algo que tamén acontece na sociedade badía (Fikes, 1998, 2000).

Aínda así, para o caso que nos ocupa, o esquema moral da honra e vergoña é útil para interpretar parte da realidade, mais non como proposta analítica senón en canto ideoloxía de xénero. Aínda que na actualidade non constitúe a ideoloxía dominante, as súas bases morais estiveron activas na sociedade rural da illa de Santiago ate tempos moi recentes, tendo sido especialmente significativas para as mulleres que chegaron á costa de Lugo antes da década de 2000, que viviron a súa xuventude nos anos sesenta, nun momento de dominio da Igrexa Católica, que tiña un enorme poder ideolóxico sobre a poboación.

Este esquema moral, fondamente influenciado pola relixión católica, parte da definición dun ideal de masculinidade: o home honrado, caracterizado tanto por aspectos políticos, sociais ou financeiros

das súas prácticas sociais, como por aspectos ligados á sexualidade (Lopes Filho, 1996). Deterime nestes últimos, por consideralos cruciais para a comprensión dos papeis e posicións masculinas e femininas na sociedade rural caboverdiana e a súa diferente valorización²⁰.

Para cumprir o ideal da honra, o home adulto debe ante todo manter a **autoridade** no seu grupo doméstico, sendo obedecido polos membros ao seu cargo, sendo a honra ou honorabilidade unha característica precaria, fácil de perder. Ao igual que outros atributos da masculinidade, é posta a proba continuamente.

Nesta ideoloxía de xénero o papel feminino ten a súa raíz na visión xudeo-cristián da muller como un ser pecaminoso, desobediente por natureza, incapaz de controlar os desexos sexuais, un ser que debe ser controlado polo home, o ser verdadeiramente capaz e racional.

A todo este sistema de valores subjaz un principio fundamental: a muller é constitucionalmente perniciosa e incapaz de condutas honrosas, desde os tempos bíblicos e que se manteve nas sociedades de tradición judaico-cristã. Ela é un ser “viciado” cujos instintos deben ser mantidos sob controle por alguém cuja conduta tende naturalmente para a ordem e a perfeição, ou seja, o homem. (Lopes Filho, 1996: 139)

Segundo esta ideoloxía, a máxima aspiración das mulleres debe ser o matrimonio e a maternidade. As mulleres deben aprender a gardarse dos homes, para evitar as relacións sexuais antes do matrimonio, ao que deben chegar virxes. Se unha muller ou rapaza “entregaba” o *nobu*²¹ antes do casamento, facíalle perder a honra ao seu grupo doméstico. Unha vez casadas, as mulleres debían fidelidade sexual ao seu marido, sendo o adulterio feminino outro dos motivos principais de perda da honra familiar.

Dende esta concepción de muller, que ten sido amplamente criticada polas autoras feministas²², as figuras masculinas (pai, irmáns), debían vivir e controlar o comportamento das mulleres do grupo doméstico, especialmente o sexual, dada a existencia de homes “depredadores” que perseguirían o exercicio da súa virilidade mantendo cantas máis relacións sexuais fose posíbel, para aumentar o seu prestixio. Existe unha clara vinculación entre a honra masculina e a violencia de xénero²³, utilizada

²⁰ A honra tamén pode vir dada polo nacemento, mais non nos deteremos aquí neste aspecto, ligado aos grupos sociais mais favorecidos e minoritarios da sociedade caboverdiana.

²¹ Virgo, virxindade.

²² Dende o Feminismo académico criticouse a naturalización das desigualdades sociais e de dereitos entre homes e mulleres, baseándose no seu suposto carácter natural, de acordo coas teses da igrexa católica. (Varela, 2008)

²³ “Es la violencia que sufren las mujeres, que tiene sus raíces en la discriminación histórica y la ausencia de derechos que éstas han sufrido y continúan sufriendo en muchas partes del mundo y que se sustenta sobre una construcción cultural (el género)” (Varela, 2008: 256).

como medio de castigo socialmente lexítimo, nos casos de comportamentos “desobedientes” das mulleres, fose no terreo puramente sexual ou noutros dominios da vida. A autoridade masculina, unha vez posta en cuestión, adoitaba reporse a través desta violencia, fose física ou doutro tipo (botala de casa, insultala publicamente, retirarlle os fillos).

A vergoña sitúase no polo oposto á honra, nunha valoración subxectiva dos comportamentos sexuais. A perda da honra produciríase por comportamentos femininos desobedientes da autoridade masculina, sendo o adulterio feminino e a perda da virxindade os peor considerados. Mais existían outro tipo de actividades femininas mal consideradas, especialmente as que puidesen ser vistas como incitadoras para os homes, como saír soa, especialmente nas horas nocturnas (sen a compañía dalgunha figura masculina ou feminina, incluíndo fillos ou fillas) ou non cumprir as tarefas adscritas ao xénero feminino, como o traballo doméstico e o servizo aos homes. Polo tanto, a vergoña estaría intimamente ligada aos papeis e comportamentos femininos, especialmente no que toca á sexualidade e á submisión.

Neste contexto, o mantemento da virxindade supuña a salvagarda da honra das mulleres, tendo sido ate hai pouco tempo unha constante a valorización da mesma, como elemento definitorio da pureza feminina. A virxindade, xunto coa monogamia, son institucións destinadas “a la satisfacción de los intereses masculinos patriarcales, concretadas en la vida cosificada de las mujeres” (Lagarde, 2011: 543).

Na sociedade caboverdiana post-independencia dáse cada vez menos importancia á virxindade. As mudanzas sociais, en especial o rápido proceso de urbanización, con todo o que implica a nivel das relacións sociais máis abertas e a un menor control social, xunto coa adopción de modelos foráneos, a maior taxa de educación de homes e mulleres, a imitación do que se transmite nos media e as novas formas de relacións de xénero que traen os e as emigrantes, influíron, sen dúbida, nesta mudanza de valores, que se alarga a todo o campo das relacións sexuais, facendo que este paradigma moral xa non se atope vixente como referente do comportamento sexual de homes e mulleres, aínda que teña deixado certos posos.

A virgindade feminina pre-marital deixou de ser en grande medida um requisito crucial para a respeitabilidade das mulheres e para a “honra” dos homens a quem se ligam. As próprias jovens ganharam em autonomia sexual face ao controlo dos homens da família, embora a multiplicidade das experiências sexuais com homens diferentes continue a penalizá-las como potenciais escolhas. (Trovão e Ramalho, 2010: 72)

Ate tempos recentes, cando unha rapaza experimentaba a súa primeira relación sexual fora dunha relación matrimonial, a súa familia tentaba forzar ao compañeiro a un matrimonio, seguindo os

padróns morais da honra e vergoña, para restabelecer a primeira²⁴. Cando unha rapaza tiña a súa primeira relación sexual con coito dicíase que o home ficaba a “deberlle”, que ela estaba “*debedu*”. Neses casos, independentemente de que existira embarazo, unha vez que a rapaza informaba á súa familia ou estes se daban conta do sucedido, os homes da casa dela tentaban forzar o casamento ante a familia do rapaz, que se eran persoas de honra, aceptarían. O problema dábase cando o proxenitor non aceptaba a paternidade ou cando xa estaba casado ou comprometido con outra muller. Con frecuencia botábase á rapaza de casa, que procuraba acubillo nalgunha parente ou veciña, acabando ás veces por regresar pouco despois a casa.

As rapazas, seguindo esta lóxica, debían ser “gardadas”, vixiadas e controladas, sendo este cometido atribuído ás nais, que no caso de perda da honra da filla serían as máximas culpadas.

La madre es la custodia de su hija. A su cargo está el cuidado de su hija, de su integridad frente a cualquier daño y frente a la muerte. De frente a la vida las madres son custodias de la calidad y de la pureza genérica de sus hijas, en particular de la virginidad de sus hijas, de su inocencia erótica, de su castidad. Por ser custodias, cuando suceden transgresiones las madres son culpables por no haber cuidado bien de sus hijas. Este descuido de la madre es grave. Los otros cuidados a todos los hijos no le cuestan trabajo, son naturales. En cambio los cuidados en torno al erotismo negado de la hija son los únicos especiales que la sociedad le exige: Si no cumple, si no preserva in tocada a la hija, la madre es la culpable, es mala madre. (Lagarde, 2011: 437)

O control sobre as rapazas tiña como obxectivo que a súa saída da casa paterna se producise de acordo coas prácticas rituais socialmente mellor aceptadas, fora mediante o casamento relixioso (o máis desexábel) ou pola lexitimación dunha unión libre, como se verá máis adiante. Este control ao que se sometía ás mulleres mozas baseábase na premisa de que calquera muller pode ser “furtada”, co resultado da perda da virxindade fora dos canles considerados normativos.

Entre as relacións proscritas para as mulleres, deixando de lado as de tipo incestuoso, o caso extremo é o **adulterio**²⁵, cuxas consecuencias sociais son aínda perceptíbeis nos medios rurais e incluso na diáspora. As mulleres adúlteras, casadas ou en unións libres, segundo puiden comprobar ao longo do traballo de campo, son severamente castigadas pola sociedade, ficando en boca de todos, podendo ate chegar a ser agredidas fisicamente como medio de castigo, tendo a violencia masculina un papel central neste tipo de actuacións. Nalgúns casos, as adúlteras perden os seus fillos, que fican na familia do pai, retornando elas en solitario á súa familia orixinal ou sendo integradas nalgún outro grupo doméstico. As mulleres adúlteras fican en certo xeito socialmente

²⁴ Isto foi unha realidade vivida e relatada por algunhas das pioneiras que chegaron a Burela, crecidas nas décadas de 60 e 70.

²⁵ Considerado o peor dos comportamentos nunha muller, casada ou en unión libre, que normalmente xa é nai.

“marcadas”, encontrando moitas dificultades para refacer as súas vidas de parella, abandonando frecuentemente a localidade na que residían para fuxir da sanción social. Como consecuencia de episodios deste tipo, coñezo casos de rupturas nas relacións entre as familias do home e a muller, após anos de relación de veciñanza.

As mulleres non unidas a homes non poden ser consideradas adúlteras por manteren relacións non normativas, pero si promiscuas. As prácticas promiscuas e a liberdade sexual nas mulleres tampouco son ben aceptadas, considerándose impura a muller que mantén relacións esporádicas con varios homes, en especial se se producen en paralelo.

Outros casos evidentes de perda da honorabilidade familiar dábanse no caso dos **embarazos** fora dunha unión de facto ou casamento, algo moi frecuente no arquipélago, especialmente no caso das rapazas novas. Teño constancia de que este é un campo en profunda transformación, aínda que permanezan prácticas apegadas ao pasado, nomeadamente a expulsión da muller do seu grupo familiar (aínda que en moitos casos retorna, tras un período de afastamento, no caso de non ficar residindo finalmente no grupo doméstico do compañeiro²⁶). O valor outorgado ás crianzas compensa o desgusto inicial dos proxenitores nestes casos, acontecendo frecuentemente que a nova situación sexa aceptada tras a escenificación da expulsión da rapaza.

Os antigos métodos de restauración da honra, como a obrigatoriedade de casamento, foron deixando paso a outro tipo de prácticas, como a permanencia da rapaza no seu grupo de orientación, na que é visitada polo rapaz, continuando coa súa relación afectivo-sexual a través de visitas periódicas consentidas polo grupo doméstico.

Moitos destes esquemas morais foron mudando nos últimos anos, en grande medida como resultado da prominencia de grupos domésticos monoparentais encabezados por mulleres, suxeitos a outra dinámica, xa que no seu seo a autoridade non é exercida por un home, senón por unha muller, vendo atenuados os mandatos da honra e vergoña. Neste tipo de tipoloxías domésticas as nais son polo xeral máis comprensivas e tolerantes respecto dos comportamentos sexuais das súas fillas, chamadas en moitos casos a desempeñar o papel de futuras cabezas de familia.

En suma, o esquema de honra e vergoña constitúe unha ideoloxía de xénero cunha serie de prácticas asociadas que supoñen o control sexual das mulleres, que afecta a toda a súa vida, mudando conforme a etapa do ciclo vital destas (Gregorio, 1998). As profundas transformacións

²⁶ En moitos casos se producen presións e negociacións entre os proxenitores de ambos ou entre os do rapaz para que traia a muller para casa.

socioeconómicas que Cabo Verde leva experimentando dende a independencia, aliadas ao menor peso do control social da Igrexa e á imitación de novos costumes, contribuíron a atenuar os seus ríxidos esquemas morais e de xénero, que se encontran en profundo cambio de xeito dinámico.

3.3.3. ORGANIZACIÓN INTERNA DOS GRUPOS DOMÉSTICOS NA SOCIEDADE BADÍA

*Bu pare femia pare labada
se pare matxo pare kordon,
ora ki pare matxo bu ba sirbi rei
ora ki pare femia bu ba sirbi mundo²⁷*
Sema Lopi

Unha vez analizada a estrutura familiar das illas no marco da evolución histórica particular do arquipélago, prestarase atención á existencia de diversas figuras específicas de parentesco, determinadas pola dupla orientación patrilocal-matrilocal, e polas extremas condicións de supervivencia ás que os habitantes de Cabo Verde estiveron suxeitos ao longo dos seus cinco séculos de existencia.

Dentro do amplo espectro de figuras de parentesco, débense incluír varias non ligadas ás relacións consanguíneas ou de afinidade, senón construídas a partir da partilla cotiá nun mesmo grupo doméstico (Lobo, 2008; 2010). Algunhas delas teñen unha forte presenza na realidade doméstica, sendo a súa consideración necesaria para comprender as diversas configuracións e elementos que poden presentar os grupos domésticos nas illas, que influirán de xeito diferencial no papel que dentro delas deban asumir as mulleres.

Por unha banda, ligado aos factores anteriormente comentados de destrución e recomposición das unidades domésticas, era e aínda é práctica frecuente incorporar no seo dos grupos individuos que por diversos motivos ficaran sen familia de orientación, foran estes menores ou adultos²⁸. No primeiro caso, destaca a figura dos “**meninhos apanhados**” (Lopes Filho, 1996: 119), menores orfos ou abandonados como consecuencia das múltiples crises ou da emigración, criados no seo dalgũa unidade doméstica veciña, sen existir lazos de consanguinidade. Esta práctica, moi frecuente, deu pé

²⁷ Cantiga de Sema Lopi, unha das figuras máis importantes do funaná, que retrata os papeis asociados a homes e mulleres no sistema sexo/xénero tradicional *badiu*. Traducción literal: *Se tes unha filla, terás parido unha “lavada”* (lugar polo que escorre a auga, que se vai) / *“Se tes un fillo, terás parido un cordón”* (fío de ouro, considerado moi valioso) / *Se tes un home irá servir ao rei* (aos importantes e poderosos) / *se tes unha femia irá servir ao mundo* (a todos).

²⁸ Neste caso, non só persoas anciás ou dependentes, senón tamén nais solteiras cos seus descendentes.

a unha figura que o mesmo autor (ibid.: 120) considera unha institución antiga e definitoria da sociedade caboverdiana, a **mãe de criação**, á que se veñen xuntar os irmáns e irmás *de criação*.

Continuando coas crianzas, o grupo doméstico tamén pode acoller aos afillados e afilladas das persoas adultas, que ficaran orfos ou a quen os seus proxenitores non puidesen coidar, sendo norma que as madriñas ou padriños se fagan cargo, incorporándoos ao seu agregado. Convén aquí destacar a importancia, aínda no tempo presente, das figuras do denominado **parentesco ficticio** ou **espiritual**, establecido a través do bautismo, creador de relacións non só entre adultos e menores (madriñas/padriños e afillados/as), senón tamén entre as persoas adultas (comadres e compadres), alargando as relacións de parentesco alén da consanguinidade e a afinidade, a través da acción relixiosa do bautismo²⁹. Estas relacións teñen unha importancia notábel na sociedade caboverdiana, funcionando como estruturadoras de relacións entre grupos domésticos.

Ao último fillo ou filla dun home ou muller se lle reserva un nome especial na terminoloxía de parentesco das illas, será o/a **kodé**, palabra de uso frecuente no medio social. Estes fillos e fillas normalmente teñen unha infancia menos dura que os irmáns ou irmás maiores, por diversos motivos, como se verá nalgúns dos exemplos etnográficos que aparecerán máis adiante.

A maternidade ou paternidade en situación de solteiría dá lugar á existencia de dúas figuras relacionais: **mai de fidju** (a nai respecto do pai, co que non está casada, sendo polo tanto nai solteira), e **pai de fidju** (o mesmo, ao revés, podendo estar casado con outra muller). Nestes casos, a pesar da non existencia de casamento ou unión libre en forma de cohabitación, pode existir unha relación de tipo intermitente na que o home visite a muller na súa propia casa ou na da súa familia, sendo esta en moitos casos de tipo matrifocal.

Tanto a existencia de relacións de tipo poligámico, como a sucesiva constitución de parellas por parte dunha persoa adulta (home ou muller), leva á existencia de dúas figuras diferenciadas dentro da xeración de descendentes: **fidju di kasa** e **fidju di fora**. Os primeiros son produto dunha relación de parella considerada socialmente lexítima, polo tanto pertencentes á casa. Pola contra, os fillos e fillas de fora abranguen unha ampla variedade de situacións, podendo ser produto dunha relación de parella anterior por parte da muller (nunca dunha relación en paralelo con dous homes, que é sancionada severamente pola sociedade), que se incorporan ao grupo doméstico constituído pola nai

²⁹ Existe un ritual de bautismo realizado pola comunidade, sen a participación da igrexa, que pode ser traducido literalmente como “facer alguén cristián”, ou sexa, “cristianizar”, como un xeito de salvagardar a alma da crianza, dado o longo tempo que en moitos casos demora a realización do bautismo regrado. Este acto de facer *kristán* crea relacións de madriñado e compadreo, sendo aínda frecuente a súa celebración na sociedade de orixe. Existen outros rituais nos que se xeran relacións de madriñado e compadreo, como as confirmacións (crismas) e casamentos.

e un novo compañeiro. Tamén poden ser produto das relacións, pasadas ou presentes, do home (no último caso, no marco de relación poligámicas, esporádicas ou estábeis), que se incorporan ao grupo doméstico considerado lexítimo. Un dos mandatos de xénero para as mulleres consiste na aceptación dos fillos e fillas do marido con outras mulleres de fora, incorporándoos ao seu propio grupo doméstico se for necesario.

A lei caboverdiana non establece diferenciación legal entre ambos grupos de descendentes dende 1981, aínda que nos tempos coloniais esta distinción estaba ben presente, con consecuencias diferenciadas para ambos grupos á hora de acceder aos bens familiares por medio da herdanza, como resultado do fin dos procesos de lexitimación no século XIX anteriormente expostas. Polo tanto, o amplo colectivo de fillos ilexítimos do grupo social do que proceden os homes e mulleres caboverdianos de Burela pasou un longo período sen poder acceder á herdanza dos bens dos seus pais, o que fixo que as estratexias matrimoniais vinculadas á conservación do patrimonio non teñan moito sentido no seo das comunidades badías, nas que se transmitían os escasos bens³⁰ aos fillos e fillas lexítimos. Aínda que para unha muller o feito de ter un fillo ilexítimo non aseguraba a herdanza deste último, si abría a posibilidade de contar co apoio do pai deste na supervivencia de ambos, que podería ou non materializarse.

Na sociedade rural caboverdiana as crianzas teñen un valor específico en canto mediadoras entre os diversos grupos domésticos, entre os que realizan *mandados* (recados), levando mensaxes, presentes e obxectos ligados á supervivencia cotiá. Os nenos e nenas garanten a reciprocidade entre os fogares, sendo as únicas persoas que non ven limitado o acceso a un determinado grupo doméstico en caso de conflito (Lobo, 2008).

Children are not a burden, but rather a gift. Taking care of a child fills up one's day, guaranteeing social interactions with neighbors, allowing for sharing of household chores, as well as being a source of affection and a link between mothers and daughters. (ibid.: 59)

Entre os grupos domésticos existe unha verdadeira circulación de crianzas, que alén de colocalas no papel de mediadoras entre grupos, convérteas tamén en obxecto de intercambio, equilibrando a tendencia masculina ao distanciamento ou ausencia do fogar e fortalecendo os lazos entre as mulleres.

Crianças dos cinco aos dez anos são os mais frequentes mediadores entre as casas. Elas são os veículos de mensagens, presentes e itens de troca (alimentos, utensílios domésticos, dinheiro). Mas elas não são somente veículos importantes para a partilha e a troca recíproca, são também objetos de partilha e

³⁰ Estes bens adoitaban comprender a casa familiar, e nalgúns casos, animais e algunha leira de terra fértil. Nas comunidades pesqueiras, poderían incluír medios de produción como botes ou aparellos de pesca.

reciprocidade. Além da circulação cotidiana, estar entre as casas tem outro significado. A mobilidade estende-se ao que podemos chamar de circulação de crianças. O sentido aqui é de que outros, parentes ou não, podem agüentar uma criança por um tempo determinado. (Lobo, 2010: 133)

Outro dos valores fundamentais da cultura familiar caboverdiana é o respeito aos maiores, que se simboliza de xeito cotiá en múltiples prácticas, como *a bensón*³¹.

En crioulo os nenos e nenas denomínanse *fidju matxo* o *fidju femia* (fillo varón ou filla femia), presidindo esta clasificación todo o proceso de socialización. Existe unha clara preferencia polos varóns, típica das sociedades patriarcais. Considérase que o home dende o seu nacemento ten valor en si mesmo, en canto futuro traballador que traerá recursos monetarios ao grupo, mais tamén como captador de recursos de tipo reprodutivo, mulleres que se incorporarán á unidade doméstica, normalmente ás ordes da sogra, tanto nos fogares patrilocais como nos monoparentais.

O anterior non implica que as nais non desexen ter fillas, xa que nunha casa sen nenas a nai ve aumentado o traballo doméstico, por ser este atribuído exclusivamente ás mulleres. As nenas aprenden dende moi cedo a realizaren toda unha serie de labores domésticos que posteriormente serán exercidos exclusivamente por elas na idade adulta, que comprenden actividades como a procura de auga e leña, a preparación dos alimentos, a limpeza ou o lavado de roupa. Neste caso hai que ter en conta as dificultades para exercer o traballo doméstico, xa que as condicións son moi desfavorábeis, pola ausencia, entre outras, de auga canalizada e electricidade³².

As filhas mais crescidas... ficavam em casa tratando das lides domésticas e por vezes também dos irmãos mais pequenos. Assim, as raparigas permaneciam muito mais tempo em casa, ajudando a mãe e aprendendo para a sua vida adulta, do que os rapazes, que passavam grande oparte do tempo fora de casa a brincar uns com os outros, na rua. As raparigas, mesmo que pequenas (oito a dez anos), ajudavam as mães em casa, quer na lide, quer pilando milho, por exemplo, ou podiam mesmo ser vendedoras ambulantes, com um pequeno negócio onde vendiam amendoim, tabaco, fósforos, pastilhas elásticas, etc., contribuindo desde cedo para o orçamento familiar. (Lopes Filho, 1996: 130)

³¹ Bendición (literal). Trátase dunha práctica aínda frecuente na sociedade badía, a modo de saúdo, na que as persoas máis novas deben pedir cun xesto a bendición das persoas maiores, cando se atopan con elas, que lles corresponderán con outro xesto, ao tempo que lles desexan o apoio e protección divinos, mediante diversas fórmulas da tradición oral (Silva, 2005).

³² Na última década espallouse con rapidez o sistema de auga e electricidade nas zonas rurais da illa, atopándose en transformación este aspecto da vida das mulleres.



Foto 18: Nenas no *pilón* Rincão (2007)

Antes de ser nais, as rapazas aprenden os diferentes labores relacionados con este rol, nomeadamente a través do coidado dos irmáns e irmás máis pequenas ou doutros nenos e nenas da parentela e veciñanza, ficando “atadas” ao espazo doméstico, aprendendo a ser nais dende moi cedo. Se hai un papel asociado ás mulleres caboverdianas é o de servir (*sirbi*) as outras persoas, servizos de todo tipo que actúan como motores da vida cotiá das mulleres, nos que as figuras masculinas teñen sempre preferencia.

Neste cadro, a figura da irmá maior ou da única filla femia, aparece como un dos papeis máis difíciles na etapa infantil e adolescente, xa que estará chamada a complementar o papel da nai, papel que se endurece sensibelmente no caso de falecemento ou ausencia da proxenitora. Coñezo moitos casos de mulleres que viron sacrificadas posibilidades como a educación e os tempos de xogo ou lecer, obrigadas a exercer o papel da nai ausente a idades moi temperás, ocupándose da casa e dos irmáns máis pequenos.

Neste proceso de socialización diferencial as nenas van aprendendo cales son os límites aos seus comportamentos e actividades, atopándose na adolescencia cun forte aumento das restricións e prohibicións a determinados comportamentos e movementos, xa que comezarán a ser tratadas como bens que hai que gardar e protexer, de acordo cunha ideoloxía moral que concibe o erotismo das nenas só en canto espazo do delito (Lagarde, 2011). A partir dese momento vital, as rapazas verán a súa existencia sempre vinculada á casa e limitada na esfera pública, como percibiu Keshia Fikes durante o seu traballo de campo en Santiago.

I also learned what characterized "respectable domesticity" among the Badiu. A good woman is one who was trained at adolescence to "housekeep" and take care of younger family members. Her attachment to the home and limited visibility at non-work related events is a sign that she is morally responsible. If a young girl's parents can do without her "domestic" assistance she is sent to the home of a close relative in need of such help.

Once a girl marries or moves in with a man, who, if accepted by her family, is identified as her *marido*, or husband, she is expected to continue these "domestic" responsibilities, regardless of the constraints of her work schedule, of her husband's participation in extra-marital affairs, or the fact that her husband may be supporting more than one household. (Fikes, 1998: 10)

A "domesticidade respectábel" da que fala Fikes non impide unha relevante presenza feminina nos espazos públicos, sempre vinculada a actividades produtivas ou de representación social, na asistencia a visitas e funerais con motivo dalgunha morte, ou celebracións como bautizos, casamentos e santos padroeiros. Moitos dos labores que se poden considerar como propios do traballo doméstico, como a apañá de auga ou leña, desenvólvense en espazos exteriores á casa, estando lonxe a "reclusión" das mulleres badías das pautas doutras sociedades nas que estivo vixente este tipo de moralidade.

Como resultado da ideoloxía de xénero que tradicionalmente rexía a configuración dos grupos domésticos no interior da illa de Santiago, os valores, papeis e comportamentos masculinos eran considerados os de maior autoridade, tanto nos fogares efectivamente patrilocais como nos de tipo matrilocal, onde as figuras masculinas eran criadas cunha serie de privilexios respecto das femininas, que debían, no cumprimento dos mandatos de xénero, servir aos primeiros.

Os valores e comportamentos dos homes *badiu* inflúen e incluso determinan a realidade das mulleres que xunto a eles compoñen a sociedade santiaguesa. Os mandatos de xénero para os homes son relevantes para comprender a posición das mulleres e as relacións entre os xéneros, partindo da cualificación da sociedade badía como machista, por colocar aos homes en posicións de poder que inclúen o recurso a diversos tipos de violencia nas súas relacións sociais e familiares.

El complejo machista significa para sus sujetos los hombres, la afirmación en el éxito a partir de la propiedad, la posesión y el uso de bienes y de dependientes o subordinados (mujeres, hijos, empleados y todos los demás), el erotismo en el dominio, la violencia contra otros hombres, y el alcoholismo como medio de existencia y como mediación en la relación con las mujeres y con los otros hombres. (Lagarde, 2011: 431)

Dende esa perspectiva do éxito masculino ligado á propiedade doutros seres, os homes, para ser ben vistos, deben ter muller(es) e descendencia, sendo cuestionados socialmente os que non exercen ou exerceron este precepto.

Mentres que as mulleres manteñen unha posición de centralidade nos fogares e nos procesos de reprodución, os homes teñen asociada a característica intrínseca de ter valor en si mesmos.

El hombre no necesita formar una familia para tener valor como persona, sino que por el hecho de serlo, tiene valor por sí mismo. La exigencia social hacia el hombre se relaciona con la demostración de que es un buen “macho” y ello implica mantener relaciones sexuales con diferentes mujeres. (Gregorio, 1998: 106)

Ao longo do traballo de investigación en Cabo Verde constateei repetidamente que toda muller desexa ter un home na casa. Tal necesidade ven dada, segundo as propias mulleres, porque “o home ten valor”. O que acontece, como en tantas sociedades patriarcais, é que o home dá á muller valor social, xa que esta gaña respecto social se ten un home en casa, sexa este esposo, marido compartido ou amante, ausente ou presente. Esta é a principal razón que as mulleres badías apuntan para aceptar a polixinia, xa que segundo os seus discursos para elas é máis importante ver recoñecido o seu estatuto social e sentirse mulleres respectadas que a existencia de relacións maritais baseadas no amor romántico.

No marco da ideoloxía de xénero patriarcal, os homes deben desempeñar o papel de reparadores da honra perdida por causa das mulleres da familia a través do castigo. O pai é quen ostenta o poder e a autoridade máximas, seguido na xerarquía polos irmáns, que en moitos casos actúan como controladores e castigadores das súas irmás.

El padre simboliza la coerción; es la figura de autoridad a la que se invoca para hacer cumplir la norma y es, en concordancia, quien tiene el poder del castigo: desde los golpes, hasta la expulsión de la casa y de la familia, de sí mismo. (Lagarde, 2011: 437)

A outra cara da ideoloxía da honra masculina leva a que os homes, alén de actuar para conservar e reparar a propia, tenten provocar a desonra doutras familias ou grupos domésticos, establecéndose unha competición social radicada na diferenciación dos papeis de xénero e das consideracións sobre a natureza dos sexos (Semedo, 2009). Este papel de “depredador sexual” como marca da masculinidade alimenta o control sobre as rapazas e mulleres ao que se aludía anteriormente.

Respecto da paternidade, espérase que os homes cumpran unha serie de papeis e ritos sociais no ámbito das relacións afectivas e filiais coas mulleres-nais, as cales se atopan nalgunha das posicións que serán analizadas no seguinte apartado e foron avanzadas na introdución.

Nun primeiro momento, o pai debe recoñecer a paternidade do froito do ventre da muller, o que constitúe un factor de inestabilidade para esta, pois non sempre o pai acepta inicialmente o seu papel, podendo suceder que o home utilice como argumento para negalo unha vida sexual

supostamente pouco normativa da rapaza, atribuíndolle máis compañeiros sexuais. O que si é norma na sociedade caboverdiana é o recoñecemento da paternidade, antes ou despois (en moitos casos debido ao parecido físico) senón por parte do pai, si pola sociedade, xa que un fillo ou filla sen pai atribuído, dun ou doutro xeito, constitúe unha das grandes excepcións no parentesco caboverdiano³³. No propio papel masculino a paternidade é tradicionalmente un valor en si mesma, constituíndo un rasgo importante de virilidade, polo que non acostuma haber problemas de recoñecemento da paternidade biolóxica.

Unha vez recoñecida esta, unha das prácticas de xénero que deben realizar os homes *badiu é sirbi mudjer parida*, ou sexa, servir á muller, o que supón a entrega de diñeiro e/ou diversos bens materiais (que van dende tela para confeccionar unha ou varias *suladas*³⁴, xabón, alimentos, roupas para o bebé, berce, cama para a nai), no momento inmediatamente posterior ao parto. Alén desta práctica, espérase que o home manteña a primeira relación sexual coital coa muller parida, acto denominado *korta lete*³⁵, que está asociado á crenza de que a través del o pai dará máis forza ao leite da nai para unha mellor crianza do fillo.

A partir destas prácticas, circunscritas ao inicio da maternidade, co nacemento dun bebé, non existen mandatos de xénero para os homes, no sentido da obriga de colaborar no desenvolvemento da vida dos seus fillos e fillas. Hai homes responsábeis e irresponsábeis; eles poden tanto colaborar económica e/ou afectivamente na supervivencia dos seus descendentes, como non facelo, ou facelo de xeito intermitente. A non responsabilización paterna non é un aspecto que condene socialmente a un home, algo que no caso feminino é causa de crítica social. Para autoras como Grasi (2001, cit. Giuffrè, 2012) a poligamia en Cabo Verde é diferente neste sentido á doutros países da costa occidental africana, nos que os homes son responsábeis polas familias que formen. Segundo Semedo (2009), neste campo, en Cabo Verde, a polixinia non implica a responsabilización paternal.

No arquipélago retirou-se da poliginia o seu melhor, que é posuír varias mulleres e deixou-se de lado a responsabilidade que este sistema confere ao polígino que são as obrigações que este debe asumir perante as suas mulleres, fillos e perante a sociedade. (Semedo, 2009: 39)

³³ Ate 1981 os fillos e fillas ilexítimos adoitaban ser rexistrados só pola nai. A partir da promulgación do Código de Familia en 1981 estableceuse a igualdade de todos os descendentes, sendo recoñecida a paternidade a través do recoñecemento do pai ou a partir dun mandato xudicial.

³⁴ A *sulada* é un pano habitual na indumentaria cotiá das mulleres badías, que costuman vestir saias, combinadas con blusas ou camisetas, amarrando a *sulada* ao redor das cadeiras ou á cintura por riba da roupa de vestir. As *suladas* teñen diversos usos, como carregar bebés ás costas, protexerse do frío ou do sol, gardar algo nela, limpar o suor, protexer a roupa ao sentar nun lugar suxo, servir de amortiguador ao levar carga na cabeza. No *batuko* constitúen un elemento esencial, que se amarra ás cadeiras das mulleres que danzan, para marcar o corpo e os seus movementos.

³⁵ Cortar o leite (literal).

Unha figura cada vez menos habitual no sistema de parentesco caboverdiano é a que se podería denominar “**home polinizador**”, definido como o pai que ten un elevado número de fillos (máis de dez) con diversas mulleres. Aínda que na actualidade parece unha figura en decadencia, non deixou de existir, asociado á intensificación dos grupos domésticos monoparentais e das unións libres e á persistencia da poligamia. Antigamente estas figuras masculinas posuían algún tipo de ben ou riqueza que debían partillar cos grupos domésticos que encabezasen; na actualidade esa función atópase amortecida. Unha constante nas entrevistas e conversas con persoas das localidades de orixe é a idea de que no pasado recente estes pais eran responsábeis da súa prole, así como das nais dos seus fillos e fillas, responsabilidade que na actualidade sería moi pouco habitual.

3.3.4. A ORGANIZACIÓN FAMILIAR BADÍA HOXE.

O Código de Familia ditado en 1981 mudou considerabelmente o marco legal relativo ao campo da familia e a filiación, dende unha perspectiva de estado laico que acabou con moitos dos mandatos e prácticas da igrexa católica, que tiñan rango legal no Estado Novo. Entre as mudanzas máis importantes introducidas polo partido único neste campo destacan a consagración do principio de igualdade entre homes e mulleres, a aprobación do divorcio, a igualdade de todos os descendentes (acabando coa discriminación dos chamados fillos ilexítimos), a institucionalización das unións de feito (equiparadas ao casamento convencional) e a validade e prevaleza do casamento civil sobre o relixioso (Hopffer Almada, 2012).

Xunto coas anteriores medidas foron despenalizados o adulterio das mulleres casadas e a homosexualidade, perdendo relevancia social e penal o casamento após a perda da virxindade, tanto como causa de exención de responsabilidade penal do home³⁶, como en canto método para restaurar a honra. En 1986 foi aprobada unha lei ampla que regulaba o dereito á interrupción voluntaria da gravidez, nun clima de conflito coa Igrexa Católica (ibid.).

Na última década intensificouse no arquipélago o traballo pola igualdade e equidade entre homes e mulleres, contando cunha lexislación avanzada a nivel mundial neste campo³⁷, máis aínda se

³⁶ Anteriormente, se un home forzaba sexualmente a unha muller e lle tiraba a virxindade, era suficiente con que casara con ela para ficar sen calquera responsabilidade penal.

³⁷ En 1994 creouse o *Instituto da Condição Feminina* (ICF), que foi posteriormente redenominado *Instituto Cabo-verdiano para a Igualdade e Equidade de Género* -ICIEG (2006), asumindo o “discurso de xénero”, ampliando considerabelmente a súa área de acción, grazas fundamentalmente aos apoios financeiros externos, que teñen posibilitado a intervención nas áreas de igualdade de xénero, violencia de xénero e empoderamento económico das mulleres.

consideramos o seu contexto xeográfico. Aínda así, o peso da tradición dificulta o exercicio de novos roles por parte das mulleres, que consideran que unha muller sen un home (aínda que for partillado con outras mulleres) non é merecedora de respecto social, co que continua a reproducirse a subordinación feminina tradicional, sobre todo en contextos rurais. A falta de respecto social cara as mulleres sen home, alén de causa de sufrimento persoal, constitúe un factor de endurecemento das condicións de vida nun medio hostil, no que a solidariedade é cuestión de supervivencia.

A maioría dos estudos actuais sobre a estrutura familiar no arquipélago toman como punto de partida na análise non a familia, senón o grupo ou agregado doméstico. No presente traballo tomarase como base a definición de Marcela Lagarde (2011), que tamén vai alén da consanguinidade e afinidade.

El grupo doméstico está basado en la coresidencia con fines de reproducción privada de un grupo social, no necesariamente emparentado... Los grupos domésticos son ámbitos de reproducción de los seres humanos, organizados en torno a relaciones, actividades y funciones económicas, sociales, sexuales (procreadoras y eróticas), afectivas, sociales, políticas. (Ibid: 383)

Este matiz xa foi apuntado por un dos clásicos no estudo do parentesco na sociedade crioula.

A família cabo-verdiana baseia-se tradicionalmente, numa relação social que não coincide necessariamente com a consanguinidade. Define-se em função de critérios vários e não apenas pelas alianças matrimoniais, pois pode, também, incluir pessoas entre as quais não existem laços de parentesco. (Lopes Filho, 1996: 120)

Autoras máis recentes (Lobo, 2006, 2008) propoñen que para abordar o parentesco e sistema familiar caboverdiano débese ter en conta non só a existencia de lazos de sangue, mais tamén o sentimento cotiá de partilla que se dá no ámbito doméstico e nas relacións entre grupos veciños, que acaba por ser máis forte do que o parentesco propiamente dito. Esta antropóloga, na súa proposta de estudo da familia caboverdiana no caso concreto da illa de Boavista, toma como punto de partida a tese de Trajano Filho (2006), abordando, por unha banda, a estrutura familiar formada a partir dos lazos de sangue e alianza e, por outra, a construción de identidades grupais de tipo doméstico ou familiar, operada na vida cotiá dos grupos domésticos. Lobo (2006, 2008) propón unha nova categoría de análise centrada na partilla cotiá, nas relacións de asistencia mutua e de solidariedade que caracterizan aos grupos domésticos, e á convivencia como fonte de establecemento de relacións consideradas como familiares, alén da consanguinidade, nunha concepción ampla de parentesco, que dende o meu punto de vista é a máis adecuada para comprender en toda a súa complexidade a estrutura familiar caboverdiana.

Na actualidade continúan existindo múltiples configuracións dos grupos domésticos, entre os que diversos autores destacan a inexistencia dunha que serva claramente como patrón. Débese ter en conta que ao longo da vida dunha persoa adulta é moi frecuente o paso por diversos tipos de agregado, existindo unha inestabilidade relacionada coas prácticas sexuais dos elementos masculinos, por seren estes quen outorga a posición social ás mulleres e crianzas.

Lopes Filho (1996) destaca a familia de tipo extenso ou alargado, matrilocal ou patrilocal, na que cohabitan máis de dúas xeracións, como unha das mais frecuentes e significativas, o que se verifica no medio rural ate a actualidade (débase ter en conta que moitos fogares monoparentais encabezados por mulleres conteñen máis de dúas xeracións no seu seo), a pesar de que nas décadas recentes, o tipo de **familia nuclear** renovou a súa presenza ideolóxica, que non numérica, por causa das transformacións socioeconómicas e culturais a partir da independencia que levou á adopción de modelos europeos e norteamericanos, existindo unha tendencia crecente de neolocalidade.

O estado relevou á Igrexa na construción dun discurso ideolóxico que coloca novamente a familia nuclear como modelo, coa emerxencia de discursos oficiais que cualifican os diversos tipos de familia tradicional como desestruturados ou incompletos (Martins e Fortes, 2011), dando lugar a unha contradición entre discurso e práctica social.

En la ideología dominante sólo se reconoce la existencia de la familia. No se acepta que hay formas diversas de domesticidad, y por esa razón, a cualquier grupo de reproducción de este nivel se le representa como familia y a partir del modelo se le evalúa. (Lagarde, 2011: 382)

Andréa Lobo (2008, 2010), no seu estudo dos papeis complementarios de nais e avoas maternas na crianza, defende a capacidade das familias matrifocais para criar de forma óptima nenos e nenas, sendo capaces de cumprir as funcións familiares de cobertura de necesidades fisiolóxicas e afectivas e de estabilidade e socialización, algo que teño corroborado continuamente no terreo.

O *Relatório CEDAW 2010*³⁸ alerta das limitacións da definición oficial de familia das autoridades caboverdianas, por teren en conta só a familia nuclear, remitindo para a exclusión as familias matrifocais.

Essa definição nos remete ao padrão de família, composta por um homem e uma mulher e a sua prole. A noção de família, moral e contexto espacial de convivência, aparecem como elementos centrais, o que acaba por excluir a multiplicidade de formas que a família assume em Cabo Verde, e contribui

³⁸ A CEDAW é a Convenção sobre a Eliminação de Todas as Formas de Discriminação Contra as Mulheres, á que Cabo Verde aderiu en 1980, sendo o ICIEG a institución encargada das relacións entre o estado caboverdiano e esta organización internacional, á que presenta informes periódicos (ver bibliografía).

simbolicamente para a estigmatización social das chamadas familias monoparentais chefiadas por mulleres. (ICIEG, 2010: 316)

Os datos do QUIBB 2007 sitúan no 45% o número medio de agregados familiares encabezados por mulleres no país. Esta realidade é máis forte nos contextos rurais, onde chega ao 50.1%, mentres que nos medios urbanos baixa ao 41% dos fogares (ICIEG, 2010). Como se verá no próximo apartado, a existencia de fogares encabezados por mulleres nas localidades de orixe da comunidade caboverdiana de Burela sobrepasa con claridade as medias nacionais.

Os datos demográficos de Santiago manifestan unha tendencia para as proporcións da poboación en termos de sexo, que en décadas anteriores presentaban un desequilibrio pronunciado a favor das mulleres debido á emigración masculina, cuestión que se adoitaba presentar como xustificación á existencia de familias de tipo polixínico. Nembargante, segundo datos do INE (2008), a partir de 1990 deuse unha tendencia á diminución da disparidade na proporción homes/mulleres (en 2000 había 94 homes para cada 100 mulleres), que ocorreu en paralelo co aumento dos fogares monoparentais e da migración feminina nos procesos de reagrupamento familiar desencadeados polos pioneiros *badiu* en Europa e posteriormente nas novas migracións femininas.

Se se ten en conta o tipo de unións que se establecen entre homes e mulleres, cuestión que determina as diversas posicións sociais femininas, os datos estatísticos mostran un claro decrecemento das unións matrimoniais. Segundo os datos do ICIEG (2010), mentres que no ano 1960 os matrimonios supoñían o 29'2% das unións, en 2000 ficaron reducidos ao 19'1%, sendo o descenso especialmente brusco a partir dos anos 90. En paralelo, verificouse un aumento das unións libres, que pasaron de supor o 12'7% en 1980, ao 16'6% en 1990 e o 25'4% en 2000. Xunto a estes fenómenos, o divorcio, práctica inicialmente mal vista pola sociedade badía, triplicouse entre 1990 e 2000, pasando do 1'1% ao 3'3%, estando circunscrita ao contexto urbano e aos grupos sociais máis desfavorecidos.

Couto (2001), no seu estudo da conca hidrográfica de *Agua di Gato*, no concello santiagués de São Domingos, sostén que a preeminencia da familia de tipo nuclear presenta determinados desafíos ou problemas, como consecuencia da ausencia de oficialización da parella a través do matrimonio, criándose unha inestabilidade que en moitos casos leva á constitución dunha familia monoparental encabezada por unha muller adulta (solteira) e os seus descendentes. O mesmo autor aborda a existencia do que denomina **lares matrifocais**, nos que as mulleres son os membros adultos estábeis, tendo ao seu cargo o poder de decisión e a supervivencia económica do agregado familiar. Na visión deste autor, a matrifocalidade sería unha consecuencia da ausencia ou débil efectividade do elemento masculino, que funciona unicamente como compañeiro sexual, sen ter unha contribución

significativa que supoña a entrada de recursos no fogar, estando este xerido por varias xeracións de mulleres adultas.

Polo tanto, o que moitas veces comeza sendo unha familia patrilocal, nuclear ou extensa, convértese posteriormente en lar monoparental, matrifocal, encabezado por unha muller adulta, debido ao abandono do home, que frecuentemente constitúe un novo grupo doméstico con outra muller. No traballo de campo en Cabo Verde tiven coñecemento de moitos grupos domésticos deste tipo, en moitos casos como produto do abandono por parte dos compañeiros sexuais da muller, que non exercen a paternidade dentro do fogar, aínda que existen casos minoritarios de fogares monoparentais por propia vontade da muller, que prefire ficar coa súa familia ou nun lugar próximo a esta na súa propia casa.

A **matrifocalidade**, en ascenso nas décadas recentes, contraponse ao modelo ideal de fogar nuclear rexido por un home. As estruturas domésticas no arquipélago continúan a oscilar entre a familia patriarcal como ideal (xa que moitas veces trátase de familias compostas, nas que un só home é considerado cabeza de varios grupos domésticos, no caso da poligamia de facto) e a estrutura matrifocal como real. A mobilidade, un dos signos da masculinidade, xunto co rol masculino de distancia respecto do doméstico, levan a que na práctica, moitas mulleres teñan en potencia máis poder do que supoñen, debido aos múltiples papeis que xogan na estrutura familiar e económica.

Apesar de operar un ideal patriarcal, em que o homem exerce autoridade sobre o destino dos fillos e sobre o percurso de vida da mulher, na prática, as mulheres têm um importante papel social e econômico, uma vez que os arranjos afetivos que predominam estimulam a circulação dos homens por várias unidades domésticas ao longo da vida adulta. (Lobo, 2010: 121)

As voces máis recentes no estudo das estruturas domésticas no arquipélago defenden explicitamente a plasticidade da institución familiar en Cabo Verde, concibida como unha construción dinámica que se adapta aos contextos cambiantes, definidos historicamente pola falta de recursos e a emigración. Unha configuración familiar definida pola súa extrema flexibilidade e solidariedade cos débiles, acolledora e integradora.

Estas configurações são resultado de dinâmicas que obrigam a uma plasticidade contextual e situacional nas relações familiares, em que as pertencas e nomeações de parentesco obedecem mais a uma construção social e situacional da família do que ao estabelecimento de pertencas com base numa partilha de antepassados comuns e na consanguinidade ... demonstrando antes como as configurações familiares cabo-verdianas se constituem em função dos constrangimentos históricos e socioculturais que foram e vão determinando a vida quotidiana no país. Outros autores suportam também esta análise (Rodrigues, 2007; Lobo, 2008) demonstrando que a mobilidade geográfica e a conseqüente fluidez e não normatividade das relações familiares constituiu-se como a principal resposta à escassez crónica e à

consequente incerteza face ao futuro que sempre marcou a vida no arquipélago, do período colonial até à actualidade. (Martins e Fortes, 2011: 25-26)

Para os autores citados, as diversas configuracións familiares constitúen, especialmente en casos de persoas pobres, a única saída para superar as trabas á supervivencia, constituíndo o cerne da súa identidade social e das súas prácticas e traxectorias sociais. Ante a inexistencia de estruturas mediadoras, os grupos domésticos, moitos dos cales atópanse espallados nunha estrutura transnacional, por causa das migracións, son a resposta á necesidade de supervivencia (Martins e Fortes, 2011).

A pesar de recoñecer a fluidez e plasticidade da organización familiar en Cabo Verde e da aparente ambigüidade patriarcal-matrifocal, Lobo propón unha caracterización xeral da mesma, na que destacan os seguintes elementos:

a unidade significativa é a familia extensa; há uma priorização dos laços consanguíneos à relação conjugal; a mobilidade de homens, mulheres e especialmente crianças entre várias casas faz parte da dinâmica familiar; a casa é a unidade central, estando fortemente associada à mulher e às crianças; o homem tem uma relação marcada pela ausência física e pela distância no cotidiano dos filhos e das mães dos filhos, contribuindo financeira e socialmente de maneira esporádica; as mulheres adultas emigram, deixando familiares, filhos e os pais de seus filhos na ilha. (Lobo, 2010: 121)

Considerando acertada esta caracterización, na análise do caso de estudo que nos ocupa só a última característica da proposta de Lobo non podería ser aplicada, debido ás diferentes orientacións xenéricas da emigración caboverdiana. Se no caso que analiza esta antropóloga (Boavista) a emigración é maioritariamente feminina, en Santiago os procesos migratorios son iniciados, por norma, por elementos masculinos, sendo infrecuente ate tempos moi recentes a emigración feminina en solitario.

A emigración masculina ten sido un factor importante na constitución de grupos domésticos matrifocais na illa de Santiago. Non son infrecuentes os casos nos que o home, unha vez emigrado, constitúe unha nova familia no destino migratorio, podendo manter ou non os lazos afectivos e responsabilidades económicas co(s) grupo(s) doméstico(s) en orixe. Existe un amplo colectivo de mulleres que esperan durante longos anos o regreso do “marido”, que a pesar da ausencia prolongada continua a ocupar un lugar central na vida, frecuentemente plasmado nun retrato nun lugar central da casa. A incidencia deste tipo de casos ten dado pé a moitas letras de *batuko*, das que pode ser exemplo a seguinte:

*Nha marido ba Lisboa
kinsi anu ku seti mes, o
nen ka eskrebe nen tilifona
a mi ku nhas mininu a ta txora³⁹*

Nalgúns casos pouco frecuentes as mulleres que fican en Cabo Verde atrevéñense a viaxar ao destino migratorio para tentar “recuperar” ao seu home, vencendo o medo e “desobedecendo” os desexos masculinos. Esta aventura non sempre dá bo resultado, xa que o marido en moitos casos ten unha nova familia e non está disposto a retomar a relación. Trátase dun comportamento mal visto socialmente, por constituír un exemplo de desobediencia feminina.

Coñezo de casos nos que o home, após moitos anos de emigración, sen contactos coa familia en orixe, regresa a Cabo Verde e retoma a relación coa muller, que pasou longos anos á súa espera, facéndose cargo en solitario dos fillos e fillas e da casa, renunciando a emprender novas relacións afectivas, mantendo a memoria do home. Numerosas mulleres en situacións deste tipo fican nunha especie de limbo afectivo e sexual, esperando e esperando, non obtendo máis recompensa ao celibato que o recoñecemento social de ser unha muller “como debe ser”. Iniciar unha nova relación suporía o fin da axuda e do recoñecemento masculino, no caso de que exista, rompendo a relación co marido ou pai-de-fidju emigrado. Ademais, manter o papel de esposa implica ser recoñecida socialmente como tal e gozar do respecto social.

O modelo de xénero na sociedade badía ten consecuencias nas oportunidades migratorias que se presentan ás mulleres adultas, ocupando un lugar preferente as casadas, polo menos na emigración de tipo legal. O caso de Burela, como se verá nos seguintes capítulos, constitúe un claro exemplo de como as mulleres casadas constitúen a inmensa maioría da compoñente feminina do fluxo *badiu*. Só na década de 2000, tras dúas décadas de existencia da corrente migratoria, chegou un pequeno grupo de mulleres migrantes non esposas. Estas mulleres estaban estreitamente ligadas aos familiares que promoveron e/ou facilitaron o seu proxecto migratorio, sendo as súas sobriñas, fillas ou irmás. O que sería inconcibíbel na cultura migratoria badía sería a migración dunha muller casada, en solitario, que deixase ao esposo e fillos na terra de orixe.

En definitiva, o sistema sexo/xénero no rural de Santiago, a pesar das profundas mudanzas das últimas tres décadas, nas que se produciu o éxodo dos seus habitantes, conserva e retén moitos dos

³⁹ Cantiga de *Batuko Tabanka* que retrata o “esquecemento” masculino da familia de orixe: O meu marido foi para Lisboa, hai quince anos e sete meses, sen escribir nen telefonar, eu e os meus fillos choramos. (*Batuko Tabanka. Djuntamô*, Casa de Tolos, 2009).

elementos da tradición. Nembargante, estes elementos atópanse en transformación, habendo desaparecido algunhas prácticas. Novas formas de organización familiar van xurdindo, mentres que os discursos dominantes toman un cariz occidentalizado, que marxinaliza as formas propias de organización familiar ou doméstica.

Por outro lado, as migracións poden ser vistas como unha oportunidade para quebrar os mandatos de xénero e mudar cada modelos máis igualitarios. Nembargante, no caso de Burela, precisamente por tratarse dunha corrente baseada no elemento masculino e no reagrupamento familiar, parece difícil a priori que se dean mudanzas neste sentido para as mulleres. Na última parte deste traballo explicárase como, debido a un condicionante relativo ao traballo masculino na pesca de altura, a comunidade caboverdiana da Galiza naceu e desenvolveuse como unha comunidade de mulleres e crianzas, debido á ausencia dos maridos.

3.3.5.OS GRUPOS DOMÉSTICOS NAS LOCALIDADES DE ORIXE

Segundo o QUIBB 2007, os concellos de orixe da comunidade badía de Burela, sinalados nun apartado anterior, encóntranse entre os que teñen unha maior porcentaxe de fogares encabezados por mulleres no arquipélago. Os catro municipios do país con as taxas máis altas neste indicador son todos eles municipios costeiros de Santiago (Tarrfal, Calheta São Miguel, Ribeira Grande e Santa Catarina, por esta orde), que en todos os casos superan o 60% do total de grupos domésticos, moi por riba da media do país (45'5%). Tanto en Santa Catarina (60'4%) coma en Ribeira Grande de Santiago (61'6%), sobrepásase amplamente a media nacional de hábitats rurais (50'6%). Perante estes datos débese ter en conta a incapacidade das estatísticas para plasmar a complexidade da organización familiar. Por exemplo, os datos oficiais non reflicten a existencia de **familias compostas**⁴⁰, frecuentes nas localidades de orixe, onde os grupos domésticos das concubinas deben figurar como fogares monoparentais encabezados por mulleres, aínda que contén coa presenza e apoio intermitente da figura masculina, censada noutro fogar.

Lembro como no traballo de campo nunha das localidades de Ribeira Grande de Santiago, ao contrastar cunha informante os datos oficiais das tipoloxías de organización doméstica e da matrifocalidade, contando casa a casa, as cifras descendían de xeito acusado, segundo o criterio

⁴⁰ Denominación utilizada por Lopes Filho (1996), para referirse ás familias que partillan un mesmo elemento masculino adulto, considerado cabeza de ambas.

desta muller, que atribuía “maridos” a todas as mulleres que tivesen algún pai de fillo ou amante, ou fixeran parte dunha familia composta.

Cadro 10. Agregados familiares por sexo do cabeza de familia nas localidades de orixe. 2007

LOCALIDADE	TOTAL AGREGADOS	AGREGADOS HOME	AGREGADOS MULLER	% MONOPARENTALIDADE MATRIFOCAI
RIBEIRA DA BARCA	450	169	281	62'4
PORTO RINCÃO	183	62	121	66'1
PORTO MOSQUITO	159	70	89	55'9
GOUVEIA	113	47	66	58'4
CIDADE VELHA	263	143	120	45'6

Fonte: Censo Geral 2010. Elaboración propia.

Os datos anteriores corroboran o elevado peso dos fogares monoparentais encabezados por unha muller nas principais localidades de orixe, que en todos os casos, agás Cidade Velha, sobrepasan largamente o 50%. Nos casos dos portos de mar de Santa Catarina chegan a pasar do 60%, en consonancia coa expresión “*rapazes boka porto ka ta kasa*”⁴¹. Nestes casos as porcentaxes máis elevadas de monoparentalidade non están vinculadas ao desequilibrio de sexos na poboación local, como podía suceder nas décadas anteriores a 1990.

No caso de **Porto Rincão**, a localidade con máis peso na comunidade de Burela, a taxa de fogares encabezados por mulleres sobrepasa o 66%, confirmando a tendencia de crecemento das familias xestionadas por mulleres en solitario. Nembargante, das vinte e catro mulleres adultas da localidade residentes en Burela, tan só tres non están casadas ou unidas a un home, cifras que mostran en que medida a posibilidade migratoria para unha muller está moi vinculada ao matrimonio ou á existencia dunha relación de parella estábel.

Nesta localidade foi frecuente dende os tempos antigos a existencia de familias compostas, nas que un home ten dúas ou máis mulleres, normalmente nas posicións de esposa e rapariga, ao longo de moitos anos. Trátase de relacións estábeis, nas que os fillos de diferentes nais se tratan como irmáns que son e as mulleres, en moitos casos, colaboran na supervivencia dos agregados, que nunca residen na mesma casa, aínda que con frecuencia se atopan moi próximas. Este tipo de familias

⁴¹ Os rapaces dos portos de mar non casan (literal). “Batuku Azul”, do álbum “Spiga”, de Pricezito (Harmonia Lda., 2008)

continúa a existir na actualidade, non só entre persoas de idade avanzada, senón entre xente con idades situadas nos trinta ou corenta anos. Nestes casos, as mulleres *kumbosas*⁴² adoitan manter o respecto entre elas, evitando confrontacións, para non “desobedecer” ou desagradar ao “marido”.

En todas as localidades de orixe existiron casos de homes “polinizadores” cun alto número de fillos, de múltiples relacións, que non teñen por qué responder á tipoloxía de familias compostas, senón a relacións ás veces sucesivas, outras esporádicas, que contribúen a aumentar a súa prole. Na memoria colectiva de todos estes lugares están aínda moi vivos varios casos de pais dun elevado número de fillos (máis de vinte), que se poden rastrear nos apelidos dos actualmente residentes, tanto nas localidades de orixe como no espazo migratorio.

Continuando cos grupos domésticos dos concellos de orixe, débese mencionar que Ribeira Grande presenta a porcentaxe máis elevada do país de fogares con máis de sete membros (35'5%), case 15 puntos por riba da media nacional.

Cadro 11: Estado civil do/a cabeza de familia nos concellos de orixe. 2007

	SOLTEIRO	CASADO	U. LIBRE	DIVORC	SEPARADO	VIUVO
CV RURAL	17'1	29'6	27'6	0'3	10'8	14'7
S.CATARINA	21'2	38'1	17'3	0'0	5'9	17'5
RGS	14'7	28'4	22'6	0'0	19'4	15'0

Fonte: QUIBB 2007. Elaboración propia.


Nos dous concellos de orixe escollidos como exemplo, a poboación non casada en posición de cabeza de familia supera amplamente a metade dos fogares, sendo bastante máis acentuada no caso de Ribeira Grande, onde a poboación solteira, separada e viúva, á fronte de fogares monoparentais, ascende a case a metade do total. Se se toman en conxunto as posicións de casado/a ou en unión libre, que podemos considerar como normativas (heterosexuais con cohabitación estábel), suporían a metade restante. Un dato que chama a atención é a ausencia de persoas divorciadas en posición de cabeza de familia (a pesar da existencia dun 19'4% de persoas separadas), o que corrobora a apreciación de que o divorcio aínda constitúe unha práctica inexistente nos medios de orixe da comunidade caboverdiana da Mariña.

⁴² Adaptación crioula da palabra portuguesa “*comborça*”, co significado de concubina. Denominación específica para nomear a relación existente entre dúas mulleres que comparten un home.

3.3.6. O BARRIO DE TXON DI MAR

A continuación expónse un caso etnográfico para ilustrar a realidade actual da configuración dos grupos domésticos nas pequenas localidades costeiras de Santiago. Trátase dun barrio dunha das poboacións de orixe, ao que chamarei *Txon di Mar*, formado por vinte e catro fogares habitados, nos que se exclúen as casas destinadas a outros usos. Este grupo de casas pode ser considerado representativo de calquera veciñanza das localidades de orixe da corrente badía a Galiza.

Figura 1: Plano esquema dos grupos domésticos de *Txon di Mar* (2008)



Dos vinte e catro fogares retratados no plano, hai presenza masculina adulta permanente en oito (33%), que se poden considerar estruturas de tipo patrilocal. Aínda que a prevaenza de casas sen home é sensibelmente máis baixa que nas cifras oficiais, débese ter en conta que en tres dos fogares sen home as mulleres cabeza de familia son viúvas, tendo anteriormente unha configuración patrilocal.

Por outro lado, existen dezaseis fogares encabezados por mulleres, sen presenza masculina adulta na xestión e organización cotiá do grupo doméstico. A maior parte dos fogares matrifocais está formado por nais solteiras, que representan o 41% dos fogares de *Txon di Mar*. Entre a veciñanza hai tres casos de **raparigas** que permanecen coa súa familia de orientación, sendo visitadas polos seus compañeiros, casados ou unidos a outras mulleres.

En todos os grupos domésticos hai presenza de crianzas ou xente moza, evidenciando a importancia deste colectivo na vida cotiá dos lares caboverdianos, independentemente doutros factores, como a configuración doméstica ou o número de xeracións que conviven.

Unha característica que partillan todos os grupos domésticos é a convivencia de varias xeracións no seu seo, predominando claramente a familia de tipo extenso ou alargado, non existindo fogares con membros dunha soa xeración.

En catro dos grupos domésticos (16´6%) conviven só dúas xeracións, tratándose en dous casos de familias matrifocais formadas por nais solteiras coa súa prole, nun caso dunha viúva cos seus fillos en nun último dunha familia nuclear, a única do barrio. En dezaoito dos fogares conviven tres xeracións (75%), mentres que nos dous casos restantes son catro os grupos xeracionais que partillan o mesmo lar, sendo un deles de orientación matrilocal e outro patrilocal, funcionando como auténticas “casas de cría” de netos/as e bisnetas/os.

En *Txon di Mar* destaca a presenza de varias nais de fillo dun home “polinizador”, que tivo descendentes recoñecidos con cinco mulleres da veciñanza. Este home morreu de vello en torno a 1999, deixando máis de vinte descendentes, a maior parte deles e delas na propia localidade, con mulleres veciñas cunha grande proximidade entre si, sendo unha delas a esposa lexítima, considerada a viúva tras o falecemento del.

3.4. MULLERES ADULTAS. A MATERNIDADE

*“A min ta pupa nha mai riju
nha mai ki leban na se bariga
nha mai ki dan kel leti doce
nha mai é manta⁴³”*

Nos Eransa

A **maternidade** é considerada como a máxima realización da feminidade, sendo vista como incompleta a muller que non a teña experimentado. Así como a definición do grupo doméstico transcende as fronteiras do parentesco, a maternidade, segundo autoras como Marcela Lagarde, traspassa o puramente biolóxico, para erixirse nun dos imperativos da feminidade, que se acaba estendendo no seu trato de coidado aos outros seres humanos.

La maternidad es el conjunto de hechos de la reproducción social y cultural, por medio del cual las mujeres crean y cuidan, generan y revitalizan, de manera personal, directa y permanente durante toda la vida, a los otros, en su sobrevivencia cotidiana y en la muerte... El conjunto de relaciones, de acciones, de hechos, de experiencias de la maternidad que realizan y tienen las mujeres son definitorios de la feminidad. (Lagarde, 2011: 268)

Na cultura badía muller é sinónimo de nai. Para as que no conseguen cumprir este mandato existen mecanismos de redistribución nos que algunha parente, comadre ou amiga cédelles unha filla ou fillo para que sexa criado por ela, atenuando o seu papel baleiro de significado sociocultural a través das prácticas de circulación de crianzas.

Nas prácticas de socialización dos nenos e nenas é moi frecuente que sexan criados por alguén diferente da nai biolóxica, sendo a avoa a figura máis relevante que toma o lugar da nai, mais non a única, podendo ser outras parentes como tías ou primas, incluso mulleres sen vínculos de sangue, normalmente sen crianzas no grupo doméstico.

A mulher deve, então, dividir seus filhos da mesma forma com que deve compartilhar alimentos, bens materiais e informações. Num sistema matrifocal, toda a produção feminina é criadora e mantenedora das relações, e a mobilidade das crianças é um componente dessa prática: reproduz a centralidade feminina e aumenta o número de mulheres às quais um indivíduo deve lealdade. Por sua vez, as crianças e os jovens têm, em função da relação com as mulheres (da família paterna e materna), fonte segura de conforto emocional e de transmissão de bens materiais e valores. (Lobo, 2010: 138)

⁴³ Letra do grupo de batukadeiras *Nos Eransa* (Cidade Velha): “Eu choro desesperadamente a miña nai/

a miña nai que me levou no ventre/ a miña nai que me amamantou co seu leite doce / Miña nai é manta (protectora)”.

Estas prácticas non son exclusivas de fogares matrilocais, nos que é frecuente que as nais saian traballar, mentres os fillos fican a cargo da avoa materna. Nos casos de familias de orientación patrilocal, os nenos fican a cargo da avoa paterna, ou no seu defecto dunha tía, sendo estas mulleres o nexos de unión entre pais e fillos.

A maternidade nas illas vai moito alén do puro acto de criar fillos ou fillas, sexan biolóxicos ou sociais, estando asociada a unha ética do coidado extensiva a calquera individuo, especialmente se for parente.

Á representación poderosa de mãe somam-se, aínda, imáxens de maleabilidade, adaptabilidade, tolerância e até de generosidade alargada, registadas nos múltiples e constantes expedientes que utilizan para arranjar sustento, na aceptación e subsecuente apoio económico às fillas que engravidam precozmente ou das que separadas de pais de fillos voltan à casa materna, na extensión dos seus cuidados e responsabilidades maternas aos fillos das fillas (e máis aínda dos “netos de fillos” rejeitados por novas “madastras”), na solidariedade que sempre acabam por revelar ao abrigar e alimentar familiares (irmãs, sobriños, enteados, etc.) en situación carenciada. (Trovão e Ramalho, 2010: 82)

Polo tanto, a maternidade non se exerce unicamente cos fillos e fillas biolóxicos, nin se restrinxe á idade fértil dunha muller, senón que é un proceso que abrangue a vida das badías dende que, aínda nenas, comezan a axudar activamente na crianza dos seus parentes menores, até que son nais elas mesmas, e máis tarde colaboran activamente no coidado de netos e netas. Este papel maternal que todas as mulleres caboverdianas exercen sitúaaas como punto central das relacións interdomésticas

No caso de Cabo Verde, para entender o lugar central da muller e da relación entre mulleres para a reprodución das relacións familiares, non se pode negligenciar o papel das avós ... a maternidade, tal como entendida em Cabo Verde, não está restrita à figura da mãe, envolvendo outras mulleres no compartilhamento de substâncias esenciais para o cotidiano – alimento, cama, casa, bens e valores. Nesse contexto, emerge uma estratégia importante e que faz da maternidade em Cabo Verde um caso particular: o fato de que uma geração não é o bastante para a realização plena da maternidade, pois esta requer o esforço coordenado de duas gerações de mulleres no interior da estrutura familiar. Mãe e avó complementam-se na tarefa de cuidar e alimentar as crianças e essa união dá o sentido local do que uma criança precisa para estar feliz e amparada. Da mesma forma, exercer a maternidade nas duas fases da vida significa o exercício pleno da maternidade para uma muller. (Lobo, 2010: 117)



Foto 19: Avoas en Porto Rincão (2006)

A muller é considerada adulta unha vez ten descendencia, independentemente da súa idade cronolóxica, dándose con frecuencia casos de maternidade moi precoz, causa de grandes desgustos familiares, sobre todo se se produce cando a rapaza aínda vive na casa dos pais, sen ter saído ritualmente a formar parte da familia do *pai de fidju*.

Tal feito constituía no pasado unha deshonra, segundo o esquema presentado anteriormente, e, aínda que os seus mandatos xa non teñen a forza de antano, coñezo casos recentes de expulsión das rapazas das súas familias de orientación. Mais a tendencia máis forte nos últimos tempos diríxese á aceptación da maternidade das fillas na propia casa, sen ir residir ao fogar do pai, especialmente nos fogares matrifocais.

A maternidade pódese dar no marco de diferentes relacións co proxenitor ou pai e en diferentes espazos físicos, preferentemente na casa da familia do home ou da muller, seguindo esquemas de tipo patrilocal ou matrilocal. Podemos considerar a existencia de diversas combinacións dentro do que se podería denominar relacións patrilocais ou matrilocais, que levan sempre asociado algún destes espazos, tendo en conta que a inestabilidade é unha característica estrutural da organización familiar caboverdiana.

Diversas investigacións destacan a centralidade da **díade nai-fillos/as** como a máis estábel e perdurábel na estrutura familiar caboverdiana, constituíndo o seu elemento fundacional, o que leva á afirmación de que a relación filial tende a prevalecer sobre a conxugal na constitución da familia (Lobo, 2008). Esta estrutura afonda as súas raíces na evolución das unións de escravos e escravas,

anteriormente mencionadas, nas que esta díade constituía o elemento máis perdurábel das relacións familiares para a maioría da poboación das illas.

A posición das mulleres badías unha vez que inician unha relación de parella é diferente nos fogares de orientación patrilocal e matrilocal. No primeiro caso, a muller pasa a residir coa familia do marido, atopándose máis desprotexida e soa ante posíbeis infortunios, sobre todo se as familias de home e muller residen en localidades diferentes. A súa sorte dependerá de cómo se establece a nova relación coa sogra e as outras mulleres do grupo do marido, sendo este un campo potencialmente conflictivo.

La ideología de la feminidad supone a la suegra una madre de alianza para la nuera y a la nuera una hija para ella, a partir de la extensión de la maternidad sobre el hijo a la nuera, y de la filialidad del hijo a la esposa. No sólo es inexacta esta consideración, sino que el meollo de las contradicciones se encuentra en que la esposa se convierte en madre de su esposo y rivaliza con su otra madre, pero además la esposa sí se relaciona eróticamente con él, relación que genera rivalidad con la madre, en cuanto esposa del hijo, impedida a la vivencia erótica con él debido al tabú del incesto. (Lagarde, 2011: 466)

Un dos mandatos de xénero que máis claramente se presenta para as mulleres nestes casos de patrilocalidade é o de servir (*sirbi*), neste caso non só aos homes da familia, senón tamén á sogra, sendo este un dos elementos de peso na valoración da muller “que foi traída para casa” por parte das mulleres da familia do home.

No segundo caso, a muller permanece no seu grupo familiar orixinal, atopándose supostamente máis protexida ante situacións como a violencia de xénero ou o abandono masculino. É moi frecuente que as nais solteiras que non se instalan na casa do home continúen pertencendo ao grupo doméstico de orixe, sendo este en moitos casos matrifocal composto por tres xeracións.

Neste contexto, a cada vez máis frecuente **neolocalidade** supón unha ruptura coa compoñente extensa das estruturas familiares e coa existencia dun tipo de relacións entre mulleres que oscila entre a cooperación e a solidariedade dos matrilocais e o conflito e a explotación dalgúns dos patrilocais. Nos últimos tempos o habitual é que as parellas de orientación patrilocal constitúan o seu propio fogar após un período de cohabitación coa familia do home, seguindo pautas de asentamento na mesma localidade, articulándose co grupo doméstico da sogra, nunha continuidade da organización familiar extensa. Nos casos nos que ambos membros da parella son da mesma localidade as posicións das mulleres son máis flexíbeis, xa que esta articulación pódese dar tanto co fogar da sogra, como co da nai ou con ambos. En casos deste tipo a migración das sogras posibilita un retorno socialmente aceptado á articulación cotiá coa familia de orientación. No caso das familias de

orientación matrilocal, as mulleres, normalmente nais solteiras, manteñen o vínculo ao fogar materno, co que se articulan dende os seus fogares monoparentais.

A crianza partillada dos nenos e nenas responde, ademais de ás lóxicas anteriormente apuntadas de circulación de crianzas, ao papel económico das mulleres caboverdianas, no que as máis novas desempeñan un papel máis relevante no exterior do lar, en actividades como as anteriormente expostas. Nesta división de tarefas entre as mulleres dun mesmo grupo doméstico, as máis novas paren e traballan e as vellas exercen o papel maternal⁴⁴ e traballos máis ligados ao espazo doméstico, constituíndo o punto de ancoraxe e estabilidade afectiva necesario na socialización de nenos e nenas. Na actualidade, debido ao fenómeno da neolocalidade, créanse redes de relacións entre grupos domésticos de tipo nuclear ligados entre eles por relacións de parentesco nai/filla ou sogra/nora, aplicando o mesmo tipo de estratexias, que combinan os papeis de mulleres de diferentes idades nas prácticas de produción/reprodución no seo dun ou varios grupos domésticos.

Polo tanto, a maternidade, nun sentido amplo, é exercida polas mulleres caboverdianas ao longo de todo o ciclo vital, que se inicia na infancia, durante o proceso de socialización de xénero ao que se aludía anteriormente. Por iso ser muller en Cabo Verde significa ante todo ser nai, biolóxica ou social: *mamã, mamai*⁴⁵, nai de criación, nai-avoa, nai-madriña, nai irmá, nai-tia, nai-amiga.

O seguinte cadro sintetiza as principais posicións que unha muller pode ocupar a nivel social na sociedade rural de Santiago, tomando como referencia os diferentes vínculos en referencia ao home, dentro da estrutura doméstica. No cadro tense en conta o espazo de habitación da muller e os diversos tipos de parella que se poden establecer cun home. A figura da nai é central, aínda que se atopa en diferentes posicións, segundo faga parte dun grupo doméstico encabezado por un home ou por unha muller.

Non figuran no cadro as relacións de tipo neolocal, aínda que o esquema se pode aplicar ás posicións femininas na súa articulación cos fogares da nai ou sogra.

⁴⁴ En Cabo Verde é frecuente a atribución da designación *mamã* ás avoas, significando o cumprimento do papel de nai, fronte ao da nai biolóxica, que adoita ser chamada polo nome ou nominho.

⁴⁵ Palabra frecuentemente utilizada para denominar ás avoas.

Cadro 12: Posición das mulleres nos grupos domésticos da sociedade badía

MULLER = NAI		
RELACIÓNS ESTÁBEIS patrilocais	RELACIÓNS INESTÁBEIS (maioritarias) matrifocais	RELACIONES AUTÓNOMAS (minoritarias) matrifocais
casada unión libre viúva	mae-de-fidju nai solteira	celibato feminino (post maternidade) nai solteira por opción rapariga por opción nai sen cohabitación por opción
	rapariga centralidade home ausente	

Cor amarelo: na casa do home ou da súa familia

Cor laranxa: na casa da muller ou da súa familia

3.4.1. RELACIÓNS PATRILOCAIS. MATRIMONIO E *TRA DI KASA*

Os grupos domésticos encabezados por homes son os que potencialmente representan con maior forza a autoridade e poder masculinos e os mandatos da honra e vergoña. Neles as mulleres adoitan estar sometidas a un maior control, sendo máis patente a desigualdade de xénero. Dúas posicións despuntan como as máis habituais, sendo consecuencia dos ritos do casamento ou do *tra di kasa*, que serven para marcar o tránsito cara unha nova posición das mulleres dentro da familia do home/marido.

A primeira das posicións é a de **esposa**, que supón a concreción do modelo de muller ideal no arquipélago, cumpríndose escasamente na realidade. En Cabo Verde a taxa de nupcialidade é moi baixa (segundo datos do INE, situábase no 15% en 2006), o que non implica a inexistencia de relacións estábeis, senón que a maioría delas se produzan en forma de unións libres ou consensuais (segundo a mesma fonte, situábase no 22% no mesmo ano). Tendo en conta as porcentaxes anteriores, ás que habería que engadir un 7% de viúvas e un 10% de separadas ou divorciadas, as cifras reflicten unha situación na que a maioría das mulleres caboverdianas (en torno ao 46%) permanecen solteiras e sen parella estábel, nunha posición distante á concreción do ideal feminino.

Segundo o esquema ideal de honra e vergoña, o único xeito de que unha muller alcanzase a honorabilidade era a través do **casamento** e a maternidade, redimíndose da súa impureza orixinal e acadando o respecto social, mantendo relacións sexuais normativas. Débese lembrar que, a diferenza das sociedades mediterráneas estudadas á luz deste paradigma, na sociedade badía este

imperativo non é en absoluto definitivo, xa que existe outro elemento que permite ás mulleres obter a respectabilidade social alén da sexualidade, o traballo.

Existe unha forma alternativa ao casamento en canto rito de lexitimación social dunha parella, que simboliza a constitución dunha **unión libre** ou consensual, dando lugar á segunda das posicións, a da compañeira ou “muller de”. En *kriolu* este rito denomínase *tra mudjer di kasa*, ou *sexa*, “sacar” á muller da súa casa para levala á do home ou da súa familia. Este tipo de prácticas de “rpto” é frecuente en moitos países de pasado colonial con sistemas escravistas de América, especialmente no Caribe (Fernós, 1991).

Casamento e *tra di kasa* supoñen as dúas formas rituais de constitución de novas parellas socialmente sancionadas, dando ambas lugar a grupos domésticos de tipo patrilocal aos que a muller chega en calidade de esposa ou compañeira. Mentres que a primeira leva á concreción do modelo ideal de familia, a segunda constitúe unha adaptación local alternativa a este.

Non son moitas as investigacións recentes sobre o casamento no ámbito do estudo da sociedade caboverdiana, aínda que existen varios traballos que abordan os ritos a el asociados, aludindo a tempos e prácticas que xa non son correntes (Lopes Filho, 1995; Peixeira, 2003), que dan conta do costume de pedida da noiva, dos diversos pasos do ritual tradicional, que na actualidade se presenta transformado e adaptado á nova realidade. Para preparar a celebración dun matrimonio nas décadas finais do período colonial, os contraentes debían seguir unha serie de pasos ante as autoridades relixiosas, que se iniciaban coa catequese, só despois da cal se publicaba a data do enlace. A igrexa gozaba do poder de aprazar temporalmente a celebración do casamento, como represalia ao comportamento sexual prematrimonial dos contraentes, sendo por esta razón a *pubrikason* (publicación da data do enlace na igrexa) motivo de celebración semellante ao da pedida. Algunhas persoas entrevistadas afirman que se unha parella que tiña realizado o ritual de *tra di kasa* pretendía casar, a Igrexa facíalles “penar” durante anos ate concederlles a posibilidade de contraer matrimonio.

Diversas testemuñas obtidas en entrevistas e conversas informais dan conta da enorme importancia atribuída tempos atrás á **virxindade**, esixida para a celebración dun casamento entre persoas novas, sendo ás veces a súa perda causa do propio matrimonio. Isto acontecía nos casos en que a muller ficaba *debedu* por ter mantido relacións sexuais sen estar casada. Nestes casos celebrábase o casamento sen tanta pompa como nos que cumprían a norma ideal. Poucas décadas atrás (ate a década de 60) existían prácticas que facían parte do ritual do casamento, que me foron relatadas en Burela, como “*bailar o pano*”. Neste ritual utilizábase unha saia ou un pano branco, coidadosamente

dobrado, onde as testemuñas viran o sangue da virxindade da noiva. O pano ía pasando entre as mulleres, que o colocaban sobre a cabeza, mentres cantaban e bailaban. Esta práctica ten ido desaparecendo nas décadas finais do colonialismo, xa que a maior parte dos matrimonios se celebra sen cumprir as condicións de pureza sexual.

Ilustrarei as condicións nas que se celebran actualmente os **casamentos** na sociedade rural de Santiago utilizando a miña propia asistencia a tres casamentos entre 2005 e 2007, nos que recollín material etnográfico a través da observación participante e o rexistro audiovisual. Paréceme importante sinalar que en todos eles a formalización relixiosa e legal⁴⁶ da parella se produciu tras máis dunha década de relación entre os contraentes, cando non máis tempo. Polo tanto, tiñan descendencia, dispoñían de casa propia e non tiveron lugar os tradicionais desprazamentos entre as localidades e/ou vivendas do noivo e a noiva, nos que toman parte parentes e achegados.

No primeiro caso, a voda realizouse tras o home ter desaparecido no mar xunto cos compañeiros, aparecendo uns tres meses despois na costa do Brasil, tras ter sido chorado como morto. A muller pasara a ser considerada viúva, xa que se trataba dunha unión de facto socialmente recoñecida. Meses despois da reaparición do home celebrouse o enlace na súa localidade. Os contraentes estaban en torno á trintena. Unha das cousas que me chamou poderosamente a atención foi a cara e xesto entre serio e triste da noiva, algo que posteriormente comprobei como elemento característico deste tipo de celebracións.

No segundo casamento tratábase dunha parella que pasaba dos corenta, con fillos adultos, con décadas de relación marital transnacional, xa que o home atopábase emigrado en Lisboa, tendo continuado ela a residir na casa de ambos, nunha aldea do interior. A muller é trocadora de diñeiro na rúa⁴⁷, para o que se despraza á capital diariamente a traballar.

No terceiro caso, asistín a outra celebración nunha localidade costeira. Neste caso, a parella tiña tres fillos e fillas criados, a maior deles perto da maioría de idade. O marido emigrara a Burela en 1992, tendo promovido a migración da esposa no ano 1999 e dos tres fillos nos inicios da década seguinte.

⁴⁶ Antes da independencia, o casamento relixioso era suficiente para legalizar un matrimonio ante as autoridades. Coa implantación do estado caboverdiano e a promulgación de novas leis referentes ao ámbito familiar, o matrimonio civil apareceu como o único válido ante o estado. Nembargante, nas prácticas sociais, o casamento relixioso continúa sendo considerado como o máis importante, valorándose o matrimonio civil como incompleto.

⁴⁷ Ate a actualidade, existe un colectivo laboral, fortemente feminizado, que se dedica a trocar diñeiro estranxeiro nas rúas da capital e de Assomada, nunhas condicións ventaxosas para o cliente respecto dos bancos, xa que non se cobra comisión. A súa existencia está relacionada coa entrada de remesas en moeda estranxeira e coa escasez de axencias bancarias ate tempos moi recentes.

Anos de traballo e aforro foron investidos nunha celebración social que congregou multitude de convidados na súa localidade de orixe.

Compre ter en conta que as celebracións de casamento constitúen verdadeiros acontecementos sociais nas localidades santiaguesas, nas que toma parte practicamente toda a comunidade local, que contribúe á organización e ao traballo previo e durante a festa, para agradar aos noivos e persoas convidadas de fora. A celebración destes actos sociais contribúe ao prestixio da familia protagonista e dos padriños, dado o seu elevado custe, que ten sido apuntado como un dos motivos da escasa celebración de casamentos, cada vez máis caros pola inclusión de novas prácticas na súa realización.



Foto 20: Cociñeiras dun casamento Porto Rincão (2007)

O momento ritual máis importante, tras a cerimonia relixiosa, dáse coa chegada da parella de recién casados á súa casa, onde son esperados pola multitude, que os recibe con foguetes e vivas, mentres se prepara a entrada ritual na casa. O noivo e a noiva, con faciana triste e seria, incluso escenificando o pranto, esperan sentados na porta, nunhas cadeiras cubertas por unha tea branca, entre cantigas de *batuko* das mulleres presentes, a que un home de idade⁴⁸ lles dea a bendición (*bensón*) para poder entrar no fogar como marido e esposa. Unha vez dentro da casa, os noivos abandonan o ar triste e comeza o reparto de comida no exterior e as felicitacións dos convidados á nova parella.

⁴⁸ Pode tratarse do pai dalgún dos contraentes, mais tamén dalgún home respectado da comunidade local.



Foto 20: Casamento. Porto Rincão (2007)

Nos tempos actuais, na maioría dos casos as parellas lexitímase socialmente a través dun rito diferente ao matrimonio, que ten existido como solución local á imposibilidade de celebrar casamentos, ben polos seus elevados custos, ben pola negativa da igrexa, ao ter en conta un comportamento sexual definido como “indigno” dos membros da parella. Trátase dunha práctica ritual moi difundida, que se dá unha vez establecida unha relación de namoro entre dous mozos, non sendo ela nai (e polo tanto, supostamente virxe). Consiste no abandono da muller da súa familia de orientación, ás escondidas, para ir residir a casa do noivo ou da súa familia, na casa dos sogros. Normalmente ela sae por vontade propia, aínda que o oculte inicialmente á súa familia.

Lopes Filho (1995) informa da existencia histórica desta práctica ritualizada do rapto, incidindo na particularidade do seu carácter voluntario por parte dos dous membros da parella

Existe, também, o “tirar de casa”, costume bastante antigo, mas mais generalizado numas ilhas que noutras. Trata-se duma espécie de “rapto”, feito por acordo entre o homem e a mulher que ele escolheu para companheira. Este “rapto” é quase sempre realizado pelo próprio homem e às vezes por uma pessoa a quem atribui essa incumbência. Nuns casos a “raptada” ia para a casa da mãe do “raptor”, mas se ele tivesse casa ia directamente para lá (...). Em qualquer dos casos citados, o casal pasa a ser considerado pela comunidade como marido e mulher, merecendo, portanto, todo o respeito. (Lopes Filho, 1995: 40)

Contrariando a apreciación anterior, diversos testemuños recollidos durante o traballo de campo dan conta da existencia minoritaria de prácticas de rapto, realizadas sen o consentimento feminino, nos que as rapazas eran literalmente secuestradas e violadas, debendo permanecer posteriormente na casa do home. A existencia deste tipo de raptos acrecentaba unha razón poderosa para a garda á que

eran sometidas as rapazas por parte das súas familias, temendo xa non só que elas mesmas decidisen abandonar o fogar paterno, mais tamén que puideran ser violentadas por algún home. Nestes casos, o máis normal era que as familias das rapazas non tiveran outro remedio que aceptar a nova situación, abandonando as fillas á súa sorte. Este tipo de prácticas son exemplo da violencia estrutural coa que conviviron historicamente as mulleres caboverdianas.

Jose Luís Hopffer Almada (2012), na súa abordaxe das transformacións políticas e sociais no período do partido único, chama a atención para a ausencia de referencias a estas prácticas de rapto ritualizado, non sempre consentidas, a pesar da revolución que supuxo este novo marco legal nas relacións familiares, se cadra nunha tentativa de diferenciarse das leis portuguesas.

Apesar da súa pretensión de ruptura radical com o status quo jurídico, social e religioso vigente no período colonial, ou por causa dela, o Código de Família não acolheu contudo algumas práticas, correntes nos meios rurais caboverdianos, como o rapto da mulher (com ou sem o seu consentimento) para efeitos de constituição da família. Curiosamente, o consentimento da mulher viria a ser acolhido depois no novo Código Penal como causa de exclusão da ilicitude no crime de rapto para efeitos matrimoniais. (Hopffer Almada, 2012)

A pesar do anterior, o autor considera que as prácticas de rapto con fin de forzar un matrimonio por parte do home, baseándose na relevancia social da virxindade feminina, parecen ter chegado ao seu fin como consecuencia das transformacións legais e sociais acontecidas no arquipélago a partir da independencia.

O novo quadro jurídico-penal teve nítidas repercussões em certos atavismos da sociedade patriarcal caboverdiana, oriundos de uma tradição muito marcada e influenciada pelas concepções morais mais conservadoras de certos círculos religiosos, católicos e não só. É o que ocorreu com a descriminalização do adultério da mulher casada, a despenalização dos denominados crimes contra a natureza (com destaque para a homossexualidade), bem assim com a antiga relevância social e penal da chamada virgindade da mulher e do sequente casamento como causa tanto de isenção da pena (que não de exclusão da responsabilidade penal) do agente da violação dessa mesma virgindade como de reposição da honra da ofendida. (Hopffer Almada, 2012)

Pola súa banda, o *Plano Nacional De Combate à Violência Baseada No Género*⁴⁹ (2006), ao referirse ao perfil das vítimas de VBG⁵⁰ no medio rural, alerta sobre a compoñente violenta que nalgúns casos se esconde tras estas prácticas, amplamente adoptadas nas comunidades de orixe das badías de Burela, que supoñen unha violencia estrutural contra a liberdade das mulleres, por estar aceptada socialmente como rito de confirmación de novas parellas.

⁴⁹ Elaborado pola consultora MundiServiços para o Ministério de Justiça (Unidade de Implementação de Projecto) e o ICIEG. Disponível en www.icieg.cv (consultado o 25/11/2012).

⁵⁰ Violência baseada no género.

As vítimas do meio rural tendem, maioritariamente, a ser meninas ou jovens agredidas sexualmente ou que sufreram tentativas de agresión sexual, num contexto em que relacións sexuais forçadas asociadas ao fenómeno cultural de «**Tra di Casa**» constitúen un mecanismo socialmente aceite de constituíção de novas unións conxugais, aínda que, para o casos de menores, em nítido confronto com a lei.

Nos tempos pasados, nos que non existía comunicación telefónica nin boa rede de estradas, nos casos consensuais de *tra di kasa*, nos que as rapazas saían por vontade propia, as nais e pais destas esperaban con ansiedade a visita da familia do noivo para confirmar a relación e, nalgúns casos, preparar o casamento. Aínda que os proxenitores da rapaza non tiñan coñecemento do feito ate sentir a falta dela, normalmente algunhas persoas próximas, coñecedoras do que estaba a acontecer, encargábanse de dar a nova unha vez que se sentía a falta da rapaza, que nese momento xa estaría na casa do home, e por tanto, podendo ser considerada impura segundo a ideoloxía da honra e vergoña. Por iso, a familia da rapaza normalmente non se negaba á permanencia desta na casa do home, aceptando a nova situación, que tiñan tentado evitar a través do control sobre a filla. Así quedaba constituída e socialmente aceptada unha nova parella, en forma de unión libre.

Noutros casos eran as propias raparigas as que pedían ser “sacadas de casa” para forzar o consentimento da súa familia á relación e para fuxir dunha vez ao control da sexualidade e dos castigos dos homes do grupo doméstico.

En definitiva, o acto de *tra mudjer di kasa* simboliza socialmente o establecemento dunha nova parella, servindo como rito de confirmación social da súa existencia, na que xogan un papel fundamental as respectivas familias, sen o concurso da Igrexa. Tanto antes como na actualidade, a noiva chega a casa do home e nela se incorpora ao traballo doméstico, tomando parte nel a través das ordes da sogra. O seu obxectivo primordial será ter descendencia, preferentemente masculina, e servir ao grupo doméstico.

O campo semántico relativo a esta práctica nomea a realidade de tal forma que a muller é representada como un elemento pasivo (*tradu di kasa, podu dentu kasa*⁵¹), que se leva dun lado a outro, e aínda máis, posuído polo home nun espazo determinado, o doméstico, espazo feminino por excelencia (*fulanu teni mudjer dentu kasa*⁵²). O feito de que un home teña unha muller en casa confírelle respectabilidade.

⁵¹ Sacada da casa (da súa familia), posta dentro de casa (do home).

⁵² Fulano ten unha muller dentro da súa casa (literal), o que significa que está unido ou casado.

En definitiva, ambos rituais, casamento e *tra di kasa*, dan lugar a posicións nas que as mulleres son socialmente recoñecidas como esposas/compañeiras, podendo chegar a ser equivalentes⁵³, dentro dun modelo patrilocal de circulación de mulleres entre os grupos domésticos encabezados por homes. Aínda así, o matrimonio establece un vínculo máis forte, que non adoita ser roto, excepto en casos como o adulterio feminino.

A continuación abordaranse as dúas posicións máis comúns das mulleres adultas nos grupos domésticos patrilocais, que supoñen en torno á metade dos fogares nas zonas rurais de Santiago. En ambos casos, a muller é definida pola súa pertenza e entrega á familia do home.

3.4.1.1. A MULLER CASADA

Ser esposa es ser sierva conyugal en la reproducción.
La obediencia, la sujeción y la pertenencia –ser de-,
caracterizan políticamente a la esposa a partir de
su dependencia vital del esposo
(Lagarde, 2011: 455)

No marco da ideoloxía de xénero dominante na sociedade badía, o **matrimonio católico** debería ser a máxima aspiración feminina, pois supón a concreción do modelo ideal de muller, definida polos seus papeis de nai, esposa e nora.

La definición de la mujer es antes que como persona, como madre y esposa. Debido a ello, la mujer aspira a casarse y a formar una familia. El formar una familia y seguir unida a su esposo le confiere socialmente un mayor estatus. Por eso las mujeres desean casarse e intentan preservar su matrimonio aunque no estén satisfechas... La definición de la mujer en relación al esposo justifica que algunas mujeres acepten la poligamia en sus esposos (por ejemplo, teniendo pena de la otra, por lo que le quita). (Gregorio, 1998: 106)

O matrimonio supón a obediencia ilimitada por parte da muller á autoridade do marido, seguindo os mandatos da moral católica, véndose na obriga de aceptar a totalidade dos comportamentos masculinos. En *kriolu* as mulleres que adoptan este tipo de actitude acostuman ser cualificadas como *mansas*. O casamento ten consecuencias desiguais para homes e mulleres. Mentres que os primeiros permanecen libres dende o punto de vista sexual, as mulleres fican atadas de por vida, como ben expresa a seguinte canción de *batuko*, que se acostuma cantar en vodas:

⁵³ Nos casos que existe unha boa aceptación da muller no seo da familia do marido, e esta relación consolídase no tempo.

“Kasamentu é un korda fraku ma e ben marradu”⁵⁴

A idea católica dun só matrimonio na vida e da súa indisolubilidade está fortemente enraizada na cultura tradicional caboverdiana, que criou formas de relacionarse que sen romper formalmente este precepto, son en si mesmas alternativas a el, dando como resultado que estar casada non sexa equivalente a ter marido na casa. A existencia de casamento non é garantía de estabilidade no que á convivencia se refire. As separacións de parellas casadas non son excepciónais, aínda que non se utilice o divorcio, práctica aínda infrecuente e mal vista na sociedade rural⁵⁵, que contrasta coa elevada incidencia de separacións non legalizadas. O home pode marchar e refacer a súa vida con outra ou outras compañeiras, mais a súa esposa normalmente continuará neste papel, aínda que se acabe a relación marital, ate o momento da viuvez, no que normalmente exerce o papel de viúva nos rituais funerarios⁵⁶. Para un home da sociedade rural badía romper un matrimonio a través do divorcio suporía a confirmación da falta de compromiso coa palabra dada, un dos valores básicos da honra masculina.

A posición da muller casada é a máis dependente e sacrificada para unha muller, subxugada ao marido e á súa familia, a quen debe **servir**. A **obediencia** aos mandatos do home constitúe unha das características máis valoradas nas mulleres casadas, xa que esa obediencia e tolerancia ante os comportamentos masculinos obtén en contrapartida unha identidade social valorada positivamente.

Según la ideología vigente, la mujer que consigue el compromiso de hogar de un hombre es doblemente afortunada, por un lado porque el hombre –puesto que él no necesita casarse para tener un mayor reconocimiento social- hace una gran concesión a esa mujer, y, por otro, porque se compromete a ser el principal proveedor del hogar. La mujer a cambio debe someterse a su esposo y, por tanto, las decisiones sobre diferentes aspectos de su vida pasan a manos de él. (Gregorio, 1998: 107)

O seguinte exemplo etnográfico mostra a historia dun matrimonio dunha localidade costeira, no que a esposa permanece nesa posición, no marco dunha relación polixínica na que o home, migrante en Burela dende 2001, tivo varias compañeiras antes e despois da celebración do casamento.

⁵⁴ *“O matrimonio é unha corda débil (para o home), pero está ben amarrada (para a muller)”*

⁵⁵ Compre sinalar que nas capas máis favorecidas da sociedade caboverdiana o divorcio, instituído a seguir á independencia do país, é un fenómeno frecuente e normalizado, ao contrario do que sucede nas capas populares.

⁵⁶ Este é un dos campos conflictivos na relación entre *kumbosas*, pois é habitual que as viúvas lexítimas desexen ocupar esa posición nos diversos rituais que seguen á morte do marido, en moitas ocasións tras anos de separación, tendo vivido este con outra muller que tamén pretenderá ocupar ese lugar. Estes conflitos levan a que en moitos casos sexan organizadas dúas *esteras* (altar mortuorio que se coloca durante unha semana na casa do morto), unha na casa de cada muller, ás que se realizarán as correspondentes visitas por parte de parentes, veciños e coñecidos.

Amélia é unha muller nacida no inicio da década de 70, procedente dunha zona agrícola no interior de Santiago. Na procura de cumprir o ideal feminino, esperou a que aparecese un futuro marido, o que aconteceu cando ela tiña uns vinte anos, no inicio da década dos 90. El era dunha aldea pesqueira e xa tiña dous fillos: a nai do primeiro, unha veciña á que tirara de casa, emigrou a Portugal coa axuda das irmás, unha vez que o home iniciou unha relación en paralelo con outra muller da localidade, coa que tamén tivo un fillo. Unha vez casada, Amélia foi morar a casa dos seus sogros co seu marido, tendo catro fillos ao longo dos anos, habéndose mudado para a súa propia casa anos despois, tras varios conflitos cunha das súas cuñadas. Na actualidade convive nela cos seus catro fillos. En paralelo, a segunda nai de fillo do seu esposo tivo outros tres fillos. O home, que sempre foi considerado cabeza de familia da relación legalmente sancionada polo matrimonio, realizaba visitas á outra compañeira, mais durmía sempre na casa da esposa. El aínda tivo un décimo fillo dunha relación esporádica nunha localidade veciña. O marido de Amélia migrou a España en 2001, onde estableceu unha nova relación e tivo outra filla. A pesar de que el rompeu a relación marital, contribúe regularmente á supervivencia da familia en Cabo Verde. Ela chama por teléfono periodicamente ao seu marido para informarlle de calquera desprazamento que pretenda realizar, como visitar á súa propia familia ou asistir a algunha celebración, de forma a contar co seu permiso e permanecer sempre localizábel. Amélia cultivou unha boa relación coa nova parella do seu marido, ao mesmo tempo que continua a exercer de esposa, colaborando no fogar dos seus sogros, que viven na veciñanza, onde continua a ser socialmente considerada como esposa do emigrante. Para ela un divorcio suporía o abandono do seu fogar, propiedade do home, e o fin das relacións de servizo e proximidade cos seus sogros, baleirando de sentido a súa vida de muller destinada aos papeis de esposa, nai e nora, que ten completamente interiorizados, de xeito que constitúen o elemento fundamental da súa identidade persoal.

3.4.1.2. A POSICIÓN DAS MULLERES NAS UNIÓNS LIBRES

Segundo se afirmaba anteriormente, a variante local da muller casada é a que se dá nas unións libres, nas que a relación marital ten lugar na casa do home, á que a compañeira foi levada por este a través do ritual de sacar de casa. En casos minoritarios pode darse nun fogar novo, do home. Como referín anteriormente, a muller neste tipo de unións ocupa unha posición equivalente á casada, aínda que sexa considerada como un tanto incompleta, á espera do matrimonio, que en moitos casos non se chega a producir. Mais hai un aspecto que varía entre ambas situacións, ligado á estabilidade dos lazos e da posición social. Mentres que unha muller casada, separada do marido, mantén o seu

estatuto ante a sociedade, sempre que manteña un comportamento casto, as mulleres nas unións libres están suxeitas a unha inestabilidade constante, pois ante unha ruptura da relación, na maioría dos casos deberán abandonar a casa do home ou da súa familia, regresando á casa familiar ou recorrendo a outra solución. É o que lle aconteceu a Mijú, cuxo caso se relata a continuación:

Mijú é unha muller solteira, perto dos corenta anos, nai de catro fillos e avoa dun neto, natural e residente nunha localidade pesqueira da costa oeste de Santiago. Toda a súa descendencia é do mesmo pai, un mozo dunha comunidade veciña, tamén pesqueira, co que iniciou unha relación na súa xuventude, tendo sido *trada di casa*, indo morar con el e a súa familia, composta pola sogra, o irmán maior coa súa esposa e fillos, e varias irmás máis novas. O sogro levaba anos na emigración e visitaba á súa familia de vez en cando, contribuíndo coas remesas á súa supervivencia.

Unha vez que Mijú xa facía parte do agregado do compañeiro, co que nunca se chegou a casar, este estableceu novas relacións con outras mulleres, tendo dous fillos con nais distintas, sen vivir con elas, un dos cales criouse na casa dos avós paternos. Cunha terceira muller estableceu unha relación estábel, tendo tres fillos con ela, coa que construíu unha casa na que se situou como cabeza de familia. Mijú, que daquela tiña dúas fillas, abandonou o fogar dos sogros, deixando nel a unha delas e regresando á súa localidade de orixe, onde hoxe encabeza un fogar monoparental, tras ter pasado un tempo na casa dos seus pais. Aínda tivo dous fillos máis co ex-compañeiro, mantendo un vínculo fiel durante moitos anos, a pesar de que este continuou considerando e demostrando que pertencía ao novo grupo, na súa localidade de orixe. Mijú mantivo esta lealdade e fidelidade ao seu pai-de-fidju a pesar de que este non destacaba pola axuda económica prestada. Ela foi creando o seu propio fogar, traballando de sol a sol na extracción de area, coidando a unha parella de anciáns retornados da emigración, criando animais, saíndo para adiante, mantendo unha boa relación coa familia do home.

A fidelidade ao home rompeuse cando el, tras anos emigrado en España, nunha visita a Cabo Verde, non foi visitar aos seus fillos, criando unha nova situación de falta de respecto público a todo o grupo, que acabou por resolverse cando ela, próxima á corentena e cos fillos “criados”, estableceu unha relación cun home de fóra da comunidade, casado. Unha relación diferente, que non busca a reprodución nin a cohabitación. Mijú tíñase gañado a pulso o respecto da súa comunidade, co seu traballo e esforzo diario, que lle permitiron sacar adiante aos seus fillos, cumprindo o papel de nai coa axuda da súa propia nai e da filla maior. En 2007 esta filla, perto da maioría de idade, tivo un bebé, froito dunha relación de namoro cun rapaz da localidade.

Estaba a punto de iniciar o proceso migratorio a Burela, que se viu truncado co embarazo imprevisto. A filla maior de Mijú continuou a vivir con ela e cos irmáns. O seu namorado, que se responsabilizou da paternidade dende o inicio, continua a visitala na casa de Mijú, téndose consolidado a relación de parella. As condicións económicas precarias das familias de ambos parecen impedir a constitución dun novo fogar, aínda que é posíbel que a boa relación que manteñen os grupos domésticos de ambos, monoparentais, faga que non consideren necesario contar cunha maior independencia.

Os casos de Amélia e Mijú mostran como as distintas posicións femininas, relacionadas co parentesco e a sexualidade, inflúen nas traxectorias vitais, nas oportunidades e estratexias que unhas e outras poden e deben tomar ante unha separación do home. A pesar de poder chegar a ser equivalentes (coñezo moitos casos nos que é así), a esposa, debido á consideración do vínculo matrimonial como “sagrado” e irrompíbel, atópase máis protexida ante unha eventual ruptura ou abandono por parte do home, que no caso de producirse, non significaría a perda do estatuto social, sempre que a muller mantivese un comportamento moralmente aceptábel.

Neste campo queda clara a importancia do comportamento sexual da muller, sexa esposa ou compañeira, non só durante a existencia da parella, senón tamén a raíz dunha ruptura. Só tendo unha vida sexual normativa, ou sexa, nula, e traballando arreo para sacar adiante a súa prole, poderá gañar o respecto social. A inestabilidade da posición nas unións libres por causa do abandono masculino leva ás mulleres, na maioría dos casos, a unha nova situación de monoparentalidade, na que estará definida socialmente como nai solteira, e dende esa posición poderá ou non refacer unha nova vida en parella.

3.4.2. RELACIÓNS MATRILOCAIS. AS “NAIS DE FILLO”

*La mujer sola es imaginada como la mujer carente, le falta algo,
le falta el dador de vida social, le falta el hombre*
(Lagarde, 2011: 381)

As relacións deste tipo, nas que non existe a figura masculina como cabeza do grupo doméstico, son as menos desexadas polas mulleres badías, xa que se atopan distantes do modelo ideal de esposa, estando en certo modo estigmatizadas por iso, a pesar de ser moi numerosas. Nestes casos, e debido ao mandato da maternidade, adquire especial relevancia a figura da nai solteira, tamén denominada

mae-de-fidju, que inclúe multitude de mulleres á fronte de familias monoparentais ou integradas en familias extensas, maioritariamente de orientación matrilocal.

Xa que os fillos son considerados como a concreción de calquera relación afectivo-sexual entre un home e unha muller, está xeralizada a existencia de mulleres solteiras responsábeis de fillos de diversos pais, que por esa mesma situación de “promiscuidade” se atopan en situación de desventaxa á hora de recibir apoios masculinos para a supervivencia, o que proba a vixencia da moralidade católica. Trovão e Ramalho falan do “usso da sexualidade e a gravidez como dispositivo único de construción de uma seguridade material periclitante” (2010: 7), afirmando que no caso das mulleres pobres a sexualidade continua a supor a única estratexia de mobilidade social ascendente, sempre que se mostraren conformes coas normas e privilexios masculinos, nunha continuidade das estratexias despregadas polas escravas ao unirse a un home das clases poderosas ás que se aludía anteriormente.

A esta posición de nai solteira pódese chegar por diversos camiños. A maioría das mulleres fano tras unha unión falida, normalmente con fillos de por medio, regresando ao fogar da súa familia e constituíndo posteriormente o seu propio fogar, como no caso de Mijú. Trátase de mulleres que son abandonadas polos seus compañeiros. Mais ás veces acontece tamén que as propias mulleres son as que deciden abandonar ao “marido” por diversos motivos, especialmente por non aceptar unha relación polixínica.

Por outra banda, hai mulleres que, sen abandonar a casa da súa familia, manteñen relacións cun home que as visita regularmente, co consentimento dos seus maiores. Unha ruptura nesa relación fai que a muller continúe no seu fogar ou eventualmente constituía un grupo doméstico monoparental.

Os fogares de orientación matrilocal son percibidos ideoloxicamente como incompletos, por non teren un home que os represente. Teño constatado repetidamente no terreo como as mulleres definen este tipo de agregados familiares como carentes de respecto por parte da sociedade, ao non ter un home que defenda a honra feminina e vixie os comportamentos das mulleres do grupo, dotándoo de respectabilidade.

Neste tipo de fogares, se existe un fillo/neto varón, será tratado de forma diferencial ao resto da descendencia, estando chamado a cumprir o papel de representante da familia, garante da obediencia e da orde no grupo doméstico. A existencia deste tipo de situacións pode levar a que un fogar matrilocal acabe por converterse nun de tipo patrilocal, unha vez que esa figura masculina alcanza a idade adulta. Teño constatado situacións deste tipo, nas que ao rapaz, durante o seu

tránsito á idade adulta, se lle consenten todo tipo de comportamentos sexuais considerados virís, ao mesmo tempo que é servido polas mulleres do grupo doméstico. Ás veces, se non existe un fillo varón, algún irmán, sobriño ou neto pode cumprir este papel. A produción dunha figura masculina dende dentro do fogar é un dos xeitos de ter un home na casa. Neste contexto, os rapaces son criados dunha forma moi diferente ás rapazas, que traballan activamente nos afaceres domésticos e son controladas nos seus movementos e saídas. Eles serán apoiados dun xeito sobresaínte, sobre todo se están chamados a ocupar a posición masculina de poder, tornando o grupo doméstico patrilocal “pondo unha muller dentro de casa”.

A posición de nai solteira pode parecer a priori unha das máis desvalorizadas e difíciles no contexto social *badiu*. A pesar da maior autonomía potencial das mulleres no seo dos grupos domésticos matrifocais, onde cumpren en solitario o papel de provedoras, a ideoloxía de xénero dominante impide a concreción da existencia feminina independente.

Su relación con los hombres cambia, pero no con el poder. Cambia su dependencia vital porque son capaces de mantenerse, y de manera autónoma mantener a sus hijos y reproducirlos sin paternidad y de vivir sin conyugalidad. Independientes económicamente, enfrentan sin embargo la soledad y la carencia de hombre: es decir el hombre existe en la ausencia, en la negación, no como superación de la dependencia conyugal sino como carencia. (Lagarde, 2011: 468)

3.4.2.1. A RAPARIGA. UNHA POSICIÓN AMBIVALENTE

Continuando coas relacións de tipo matrilocal, débese facer referencia á figura da *rapariga*⁵⁷, que é a muller compañeira estábel non casada, dentro dun esquema de polixinia. Trátase de relacións duradeiras nas que ela fica coa súa propia familia, sendo visitada polo home, que ten outra muller na súa casa familiar ou na propia. Os fillos e fillas de ambos serán recoñecidos socialmente, así como a relación de parella, aínda que sempre será vista como subordinada á relación principal, baseada na cohabitación. Frecuentemente, as raparigas continúan a vivir coa súa familia de orientación, creándose en moitos casos familias extensas matrifocais, sen presenza masculina, debido á repetición xeracional desta figura. Noutros casos constrúen e habitan a súa propia casa, para elas e os seus fillos, normalmente coa axuda do pai destes.

⁵⁷ Pódese traducir ao galego literalmente como rapaza.

O “marido” dunha rapariga sempre ten outra muller *dentu kasa*⁵⁸. Pode acontecer que un home manteña relacións estables con dúas mulleres, sen estar casado con ningunha delas. Neste caso, para que exista a figura da rapariga, a outra muller deberá ter sido *trada di kasa*, habitando na casa do home no marco dunha unión libre, sendo considerada como a lexítima, por ter pasado polo rito correspondente.

Este tipo de grupos domésticos responde ao ideal patriarcal ao ser un home, cunha presenza intermitente, o cabeza de familia, mais presenta características de matrifocalidade, porque a muller vive ou na súa propia casa ou na da súa familia. A posición das raparigas é un tanto ambivalente, pois pode ser fonte tanto de dependencia como de autonomía feminina. As raparigas teñen menos dereitos sociais comparadas coas mulleres legalmente casadas, pero semellantes obrigas respecto ao home no que toca á fidelidade, mais non a outros campos, como a obediencia. Unha muller casada, referíndose á rapariga do seu marido, dicía despectivamente: “ela non ten quen lle mande”, é dicir, non ten un home en casa que lle permita exercer o papel de esposa, mostrándose orgullosa no seu papel de muller obediente e submisa, fronte á outra muller, libre para tomar as súas decisións.

Trovão e Ramalho (2010) abordan, co auxilio de entrevistas a mulleres caboverdianas migrantes en Portugal, a diferenza de tratamento que un home podería dar ás súas nais de fillo, que aínda que non sempre se produce do xeito descrito por estas autoras, pode ser considerado como acertado. No caso de existir a figura da esposa, esta debería dispor sempre dunha casa na que morar e sustento para a cobertura das necesidades básicas dela e da súa prole, o que supón unha contraprestación material que vai alén do prestixio social que outorga esta posición feminina, ao que se aludiu anteriormente. No caso de existir rapariga, o home debería axudarlle na construción ou mellora do fogar familiar, especialmente se a muller tivese máis de tres ou catro fillos con el. No caso das nais dun ou dous fillos, o compromiso masculino de colaboración na supervivencia do grupo nai-fillos diminuiría dun xeito variábel, acabando por desaparecer no caso de que a muller establecese unha nova relación de parella, na que o novo compañeiro sería supostamente o responsábel de contribuír á supervivencia do grupo.

Entre os diversos grupos encabezados polo mesmo home no marco de estruturas familiares compostas existe unha especie de “orde” na que cada muller se coloca nunha posición determinada, respectando a autoridade e dereitos sexuais da figura masculina, evitando o conflito e tratando aos fillos e fillas das outras mulleres como se foran propios (ibid.: 74).

⁵⁸ Na súa casa (literal: dentro da súa casa).

A propia existencia e uso cotiá da palabra *kumbosa* dá conta da importancia destas relacións na estrutura familiar e social. Entre dúas *kumbosas* poden existir tanto relacións conflitivas como cooperativas, incluso aparentemente filiais, como constatee repetidamente a longo do traballo de campo. A relación cos fillos da outra muller adoita ser positiva e fluída, por tratárense de fillos do marido, que se crían no fogar das súas nais. Mais isto non exclúe a existencia frecuente de conflitos larvados ou ocultos, nos que é frecuente que unhas mulleres culpen ás outras de actitudes activas de envexa ou ciumes, a través de prácticas de feiticería destinadas ao seu afastamento do home, moi habituais nestes contextos. (ibid.)

Teño asistido en Cabo Verde a episodios desta natureza, nos que unha das mulleres fica a temer os efectos das prácticas de feiticería promovidos pola outra, que poden ir en contra da súa integridade persoal ou ben poden afectar á figura masculina, facendo que se “desnamore” da opoñente. Nas localidades de orixe e tamén en Burela, perviven con forza as crenzas en determinados tipos de maxia e bruxería, dos que teño sido coñecedora. Unha delas é a *kórda*, na que o *korderu* (bruxo), a petición dunha persoa, elabora un feitizo ou un esconxuro para outra. Esta non debe saber que foi obxecto de *kórda*, para que non logre desfacer ou anular o feitizo recorrendo a outro *korderu*.

Recorre-se a *kórda* para impedir que um delito seja punido pela justiça, para que determinados actos considerados desonrosos se não tornem conhecidos, para se obter determinados favores e desfavores de um homem ou de uma mulher para si ou para terceiros, para que determinados fulanos indesejáveis pereçam, para que determinadas pessoas odiadas se conspurquem ou se desorientem na vida, para que se consigam determinados poderes ou haveres, etc. (Silva, 2005: 413)

A posición da rapariga pode ser ambivalente, o que está en relación coa súa independencia económica fronte ao “marido” e coa ausencia do home na vida cotiá, que pode posibilitar tanto certa equivalencia coa posición de esposa, como coa de muller autónoma, como se verá máis adiante. O factor determinante da capacidade de lograr unha posición non dependente do home, dentro desta ou doutra figura xenérica do sistema sexo/xénero da sociedade badía é a independencia económica, cuxa ausencia leva ás mulleres a aceptar situacións como a polixinia.

Coñezo varios casos de homes duns corenta anos de idade, que fan parte da comunidade de Burela, pais de oito, dez ou doce fillos de diversas relacións en simultáneo, proba de que na sociedade de orixe esta práctica aínda está viva. Entre eles, algúns compaxinan unha relación mediada polo casamento con outras con mulleres solteiras (raparigas). Noutros casos, os homes permanecen solteiros, sendo normalmente unha das mulleres a considerada lexítima (porque foi *trada di kasa*). Os fillos son produto de relacións paralelas ou sucesivas. A maioría destes homes contribúen con

remesas a case todos os fogares, especialmente aos máis numerosos, seguindo o esquema proposto por Tovão e Ramalho (2010).

Este tipo de situacións son fonte potencial de conflitos entre as mulleres *kumbosas* á hora de emigrar, xa que se ben está claro que o home debe facelo en primeiro lugar, á hora de realizar un eventual reagrupamento familiar, se non existe casamento con algunha delas, todas poderían optar a casar e seguir ao marido.

3.4.3. RELACIÓNS AUTÓNOMAS

Fóra dos papeis femininos anteriormente abordados, existen certos xeitos minoritarios de exercicio da feminidade e a maternidade, que a partir do rexeitamento dos modelos anteriores, procuran unha vida máis libre, a través da non relación con homes, nun celibato feminino que evita deste xeito a dependencia da autoridade masculina, permanecendo normalmente na casa da nai, ou entón nunha nova morada.

Segundo autores como Martins e Fortes (2011), en Cabo Verde existe un descrédito xeneralizado da figura masculina, que leva a moitas mulleres a optar por prescindir do elemento masculino, aínda que sexa difícil manter esta posición polas presións sociais, que levan a que en moitos casos as mulleres, a pesar de manter un discurso penalizador da figura masculina en canto compañeiro, tenten repetidamente unha relación conxugal cun home, cargándose de fillos, concreción do seu compromiso para con este, para lograr unha posición de respecto social.

As mulleres que optan por este tipo de vida acostuman ser nais e pertencen normalmente a núcleos matrifocais, autosuficientes na súa supervivencia, nos que poden existir figuras masculinas que chegan ao grupo dende fora, como visitantes, sen lograr unha posición de autoridade total, aínda que cos correspondentes privilexios de xénero na vida cotiá.

Existen así mesmo casos minoritarios de nais solteiras por opción, que buscan ter fillos para cumprir o mandato de xénero, mais non pretenden cohabitar co *pai-de-fidju*, mantendo unha vida autónoma, a través do seu traballo. Por último, coñezo casos de mulleres autónomas, de idade madura, que escollen a súa autonomía, mantendo relacións afectivo sexuais con compañeiros, habitualmente casados ou unidos de facto, cos que manteñen unha relación sen cohabitación, lonxe xa da realización da maternidade. Este tipo de mulleres, en moitos casos após relacións frustradas nas que

os homes tentaban seguir pautas polixínicas, deciden establecer outro tipo de relacións, ou entón permanecen célibes, un xeito de evitar a subordinación a un home.

A continuación, como feche do capítulo ofrécense tres exemplos etnográficos nos que mulleres situadas en diversas posicións ao longo da súa vida, decidiron conscientemente o tipo de relación que querían establecer cos homes, mantendo posicións de autonomía respecto destes. Nos tres casos a súa elección está avalada pola súa independencia económica.

3.4.3.1. ZUKA, A LIBERDADE DA MADUREZ

Zuka naceu nunha localidade costeira, na que continúa a vivir na actualidade. Durante a súa infancia axudaba á familia na apaña de semente de *purga do morgado*, unha das principais actividades económicas da zona. Posteriormente, cando tiña dezasete anos, comezou a traballar na reforestación (FAIMO). En 1981 iniciouse a apaña de area na súa zona, na que traballou ate a actualidade. Pertence a dous grupos de *batuko*, o da súa localidade e doutra veciña, cos que sae regularmente.

Zuka foi *noiva*⁵⁹ dun veciño que a pediu en matrimonio e posteriormente abandonouna por outra muller, deixándoa embarazada do seu primeiro fillo, desentendéndose da súa paternidade. Esta situación, na que Zuka foi deshonorada, provocou a súa permanencia no fogar paterno, onde continuou a vivir como nai solteira, non querendo forzar ao home a ningunha responsabilidade. Tempo despois estableceu unha nova relación cun home do interior que enseguida emigrou a Francia, deixándoa grávida da súa segunda filla. A diferenza do primeiro compañeiro, este axudoulle economicamente dende a emigración. Cando a nena tiña perto de dous anos de idade, o seu pai pediulle a Zuka que lle dera a criar a nena á súa nai, que non tiña ningunha na casa. Unha vez crecida na casa da avoa, onde recibiu periódicas visitas da nai, esta filla foi para Franza reunirse co pai, con trece anos cumpridos. Dende alá sempre mantivo a relación con Zuka, á que fixo avoa hai uns anos.

Posteriormente, Zuka iniciou unha nova relación cun home da capital, a onde se trasladou a vivir con el, na que foi a súa única experiencia de convivencia de parella. A relación non durou moito tempo, xa que ela atopaba inxusto o comportamento do home, que a deixaba soa durante longos períodos, embarazada, sen apoiala material nin afectivamente, polo que Zuka decidiu marchar a casa do seu

⁵⁹ Noiva é o nome dado ás mulleres pedidas formalmente en matrimonio, mentres que o termo namorada designa á compañeira nunha relación de namoro.

irmán na mesma cidade, sen aviso previo, abandonando a casa común un día, despois de que o home saíra a traballar. Tres meses despois tivo a súa terceira filla e acabou por regresar á casa paterna. A pesar de que o home insistiu para que regresara con el, que pretendía rexistrar a filla, ela negouse. Posteriormente, Zuka permitiu que o home tratara á filla, incluso que a levara a pasar con el algún fin de semana. Anos máis tarde, o home foi vítima dun asalto que o levou ao hospital, onde morreu tras corenta días. Neses momentos, mandou chamar aos fillos que tiña do seu matrimonio, para presentarles a filla de Zuka, á que non coñecían. Após a morte do home, Zuka levou a súa filla a visitar os irmáns e irmás por parte do pai, cos que ficou a ter unha relación fraternal a partir dese momento.

Na actualidade, perto dos seus cincuenta anos, os fillos de Zuka xa están criados. O maior vive con ela, a primeira filla está en Francia co pai e a pequena convive cun tío materno na capital, onde estuda secundaria. Cos anos de traballo na apaña de area foi construíndo a súa propia casa, contigua á dos seus proxenitores e irmáns, que conforman unha especie de familia alargada con unidades independentes entre as que existe unha interacción e partilla continuas.

Esta muller, que vive do seu traballo, após longos anos de celibato autoimposto, mantén unha relación afectivo-sexual cun home casado, maior que ela, que a visita frecuentemente no seu fogar monoparental. Nunha entrevista realizada en 2008 afirmaba que podería arranxar outro home, pero nunca para morar xuntos, como así fixo.

3.4.3.2. A CASA DE DJUANA, UN FOGAR MATRIFOCAL DE VARIAS XERACIÓNS

A casa de **Djuana**, unha muller duns oitenta anos de idade, nai solteira de sete fillos e fillas de pais diferentes, pode ser considerada exemplo da capacidade feminina de construír unha vida respectábel a través do traballo e as relacións sociais, independentemente das prácticas sexuais.

Cando era nova, Djuana decidiu ficar na casa familiar, na que co tempo se converteu en xefa de familia, criando, alén da súa prole, unha morea de netos e netas. Sempre lembrarei como, ante a miña pregunta de se tiña cohabitado con algún dos pais dos seus fillos, miroume con cara de espanto e explicoume que a súa vontade ao longo da vida tiña sido permanecer coa súa propia familia, o que foi repetido por varias das súas fillas, constituíndo un local matrifocal coa presenza de catro xeracións.

Na súa vellez, Djuana partilla a autoridade doméstica con dúas das súas fillas, en especial coa máis vella das que ficaron na casa, chamada a desempeñar o papel de autoridade nun futuro. O seu fogar, matrifocal alargado, iniciouse a partir dunha familia nuclear, formada polos seus proxenitores e irmáns. A evolución da configuración deste fogar mostra o dinamismo na constitución e organización interna dos grupos domésticos na sociedade badía.

Djuana naceu nas montañas do interior, vindo morar permanentemente nunha localidade costeira nos anos 60. Os seus pais, que tiveron tres fillas e dous fillos, entre os que Djuana ocupa o segundo lugar, non eran casados, mais conviviron durante longos anos. O pai tiña outra muller na veciñanza (rapariga) coa que tivo catro fillos, aos que se sumaba un fillo de fora nunha localidade do interior. Tanto a nai como o pai eran naturais da localidade costeira na que Djuana vive, mais tiñan comprado unha propiedade no interior grazas aos aforros del, que fora emigrante nos seus anos mozos. Cada ano a familia desprazábase a ela no tempo das *azáguas*, vivindo de xeito pendular entre o interior e a costa.

A irmá maior de Djuana casou nunha localidade do interior, abandonando o fogar familiar. A seguinte irmá ficou definitivamente na propiedade do interior, mentres que os dous irmáns migraron a Guiné Bissau como funcionarios coloniais, de onde só un regresou.

Djuana sempre conviviu xunto aos seus pais, que morreron anos atrás, deixándoa na posición de matriarca dunha familia encabezada por mulleres cun número elevado de persoas no seu seo, sempre variábel, sendo unha especie de casa nai para todos os seus descendentes, unha áncora de estabilidade e afecto, o lugar perfecto para criar. Ademais da casa familiar, recibiu como herdanza unha horta na súa localidade, tras ser repartida de xeito igualitario entre todos os irmáns e irmás, como é costume.

Djuana afirma que nunca lle interesou a convivencia cos seus pais de fillo, que sempre desexou ficar coa súa familia de orientación. Afirma que tivo tantos pais de fillo porque pouco despois de parir, eles acostumaban “arranxar” outras mulleres, algo que ela non aceptaba. Por iso preferiu sempre deixalos antes de continuar a relación con problemas.

Dúas das súas fillas foron criadas noutros grupos domésticos, respondendo aos criterios de circulación de crianzas. Tres dos descendentes de Djuana emigraron a Portugal na xuventude (unha filla e dous fillos), permanecendo nese país ate a actualidade, con escasas visitas a Cabo Verde. Esta filla fora criada na capital pola familia paterna, seguindo posteriormente ao seu pai ate Lisboa, onde

ten permanecido, con escaso contacto coa familia materna. Un dos fillos desapareceu hai moitos anos; suponse que morreu, porque ninguén da ampla rede caboverdiana en Lisboa deu noticias del.

O fillo maior, que vive coa súa segunda muller e dous fillos perto da localidade da nai, mantén unha relación cotiá con ela. Na casa de Djuana criáronse, de xeito permanente ou temporal, sete fillos e fillas da súa primeira muller, da que se separou, e tres bisnetas.

Cando coñecín a Djuana en 2000, convivían con ela tres das súas fillas. Unha delas emigrou a Burela posteriormente, mentres que as outras dúas constitúen exemplos das escasas persoas que non desexan saír do país.

Punga, a maior das fillas de casa, naceu en 1963. Foi criada pola irmá maior de Djuana nunha localidade do interior parte da súa infancia, regresando posteriormente ao fogar materno, traballando como peixeira durante moitos anos. Punga tivo os dous fillos maiores de pais diferentes, cos que a relación non prosperou, e posteriormente outros dous co seu compañeiro actual, un veciño que migrou legalmente a Burela como mariñeiro en 2002. Ela seguiu pouco despois, aproveitando un visado a Portugal para un tratamento médico. Casaron en Burela en 2005 para regularizar a súa situación, traendo posteriormente a todos os fillos, en varias etapas, completando o reagrupamento en 2007.

Ana Maria, a mediana das tres, é nai dun só fillo, que se criou na casa de Djuana. En 2008 o rapaz atopábase estudando en Portugal un curso superior. Ela é funcionaria do estado, e está tentando sacar o título de secundaria para ascender no traballo. Cada día desprázase á capital a traballar e posteriormente acudir ás clases. É unha muller moi activa, líder dun grupo de *batukadeiras* e membro de varias organizacións políticas e sociais. Está chamada a relevar a Djuana no papel de autoridade feminina da casa, que xa exercen en paralelo. Ana María desfruta conscientemente da súa solteiría e autonomía, que non prevé abandonar.

Djulia, a *kodé* de Djuana, naceu nos primeiros 70, froito da relación cun veciño. É nai solteira dunha nena pequena, sendo a que máis estudou da familia. En 2008 atopábase traballando nun banco e estudando de noite un curso superior, tendo iniciado unha nova relación de namoro sen fillos nin cohabitación. Djulia ten planos de construír unha casa independente para ela e a súa filla.

Dora é unha moza dunha localidade do interior que foi traída a casa de Djuana na súa adolescencia para axudar nos traballos domésticos. É sobriña de Ana María por parte do seu pai. Dora é unha máis da familia, e proba de elo é que dentro do grupo doméstico promoveuse a súa migración a Burela en 2007.

Cando coñecín o fogar de Djuana, consistía nunha casa simple con tres separacións no interior. A parte central usábase como sala, na que me chamou a atención a presenza dunha cama de matrimonio, que na altura ocupaban Ana Maria e o seu fillo adolescente. Na estancia da dereita, en dúas camas de matrimonio e algún colchón no chan, durmían Djuana, Djulia, a súa bebé, Dora e dúas netas. Na estancia da esquerda durmían Punga, o seu compañeiro e tres fillos. A casa completábase cun amplo quintal, onde se facía a vida e do que constantemente entraban e saían persoas. Nel había un pequeno *funku* de palla no que se cociñaba e unha mesa con bancos resgardada do sol, ademais de todo tipo de obxectos necesarios na vida cotiá. Naquel momento non había cuarto de baño, senón un espazo oculto tras uns bloques de construción, aproveitando o muro exterior, que dá ao mar. Os tres netos varóns adolescentes que vivían nese tempo en casa de Djuana durmían nos espazos resgardados do quintal.

A casa de Djuana foi mellorando ao longo da década de 2000, grazas ao seu traballo e á contribución de todas as fillas, tendo construíndo novas habitacións, un cuarto de baño e arranxado o quintal. Nesa altura criáronse nela máis de once nenos e nenas, algúns de xeito permanente e outros temporal.

Djuana é unha muller cunha ampla rede de amizades, merecedora de todo o respecto social, por tratarse dunha persoa emprendedora e traballadora, que conseguiu sacar adiante á súa prole, con escasa ou nula axuda económica dos pais dos fillos e fillas. A súa casa é lugar de encontro de persoas de todo tipo, dende labregos do interior a políticos e artistas. Djuana vende diariamente pan, ademais de estacionalmente froitas da súa horta, *pontxes* e doces que ela mesma elabora. Anteriormente traballou vendendo tecidos nas localidades próximas e nas obras públicas (FAIMO).

O fogar de Djuana e as súas fillas é un exemplo da posibilidade de vivir fora dos camiños marcados polos mandatos de xénero, coa negativa consciente de constituír fogares nucleares dela e da filla que a relevará como cabeza de familia. Tamén é ilustrativa das prácticas de partilla entre mulleres de diferentes xeracións que comparten as condicións de existencia e manteñen estratexias comúns de vida, alén do espazo da propia casa, atravesando fronteiras. Punga, dende Burela, mantén unha relación estreita co seu grupo doméstico de orixe, co que mantén contactos frecuentes de todo tipo.

3.4.3.3. MARÍA, UNHA RAPARIGA AUTÓNOMA

“Kel kin atxau kuel, atxau kuel, mas dipós di mi, N ka ta seita⁶⁰”

A historia de **Maria** constitúe outro exemplo de cómo unha muller, despois de ter sido nai solteira de pais diferentes, pode desenvolver estratexias para conseguir a respectabilidade social a través da súa laboriosidade, cultivando a súa independencia económica, como chave que lle vai permitir tomar decisións acerca da súa vida de parella e do que acepta ou non do comportamento do seu compañeiro. Maria conseguiu construír unha relación de parella que baleira de contido negativo unha das posicións femininas que a priori pode ser consideradas máis desfavorábeis, a de rapariga.

Maria naceu en 1973 nunha localidade costeira próxima á capital, no mesmo día en que casaron seus pais, que tiveron tres fillas no matrimonio, ademais de catro polo lado da nai e tres polo do pai, todos anteriores ao casamento. Cando Maria era pequena viviu sempre cos seus pais e irmás.

De pícara acostumaba brincar no mar, ao pé da casa. Aos seis anos comezou a ir á escola da súa localidade, cun caderno e un lapis que gardaba nunha bolsiña do arroz. Como o seu pai era pescador, en canto chegaba do mar, ela ía axudarlle a arrastrar o bote e arranxar o peixe para a venda. Por este motivo, o último ano de escola tivo tantas faltas como presenzas, pero aprobou. Unha vez rematada a cuarta clase, a súa familia non tiña posibilidade de enviala á capital para continuar os estudos. Unha tía acolleuna e Maria foi vivir con ela ate que ficou embarazada, con dezasete anos, regresando a casa dos seus pais.

A relación co pai da súa primeira filla, veciño da localidade, fora boa ate esa altura, mais cando Maria preñou ficou “menor, fora da escola e sen pai para a súa filla⁶¹”. A súa familia apoiouna nese momento. O seu pai non estaba de acordo coa práctica de expulsar as fillas de casa por motivo dun embarazo fora do matrimonio, pois pensaba que como pai o seu papel debería ser conservar os fillos, contrariando o modelo de masculinidade dominante. Maria afirma que sen o apoio da súa familia e amigos tal vez “non estaría neste mundo”. A súa primeira filla naceu en 1990. O pai da nena tentou sempre aproximarse dela, pero Maria ficou a evitalo, porque a familia lle tiña dito que debía escoller entre o home ou eles, e sentía medo de perdelos. A nena tardou en ser rexistrada. Despois dun tempo no que non se daban posto de acordo, o pai foi inscribir a nena cando tiña catro anos.

⁶⁰ A que atopei contigo, atopeina [a esposa], mais despois de min, non aceito [outra muller].

⁶¹ N fika sen idadi, sen eskola e sen pai de fidju.

“Entonces el tomou⁶² á nena e deulla á súa irmá para que a criase e tentou prohibirme ver a nena. El levou a nena pola miña libre e espontánea vontade, díxome que había mandala a unha gardería, unha gardería que era a mellor, que custaba tres mil quíntos escudos ao mes. Como eu non estaba traballando, aceitei. Todas as nais queremos o mellor para os nosos fillos, así que deixei-la levar para que a mandara a esa gardería. Entón fiqui así ate que fun visitar á nena, entón a súa familia chamouno e el prohibiu que a vise, ate fun ver a nena e díxéronme que non estaba alá. Ate que acabei por enfadarme e fun buscar a miña filla e vin con ela e el foime denunciar á xustiza. Despois tivemos que enfrontarnos nun proceso, que gañei eu. Entón mandáronlle dar sustento á filla cada mes⁶³”.

O enfrontamento xudicial aconteceu en 1996, un ano antes da promulgación do novo Código Civil, que veu substituír ao *Código de Familia* de 1981, que tiña consagrado a igualdade de todos os fillos, deixándose de diferenciar legalmente entre lexítimos e ilexítimos. Nesa altura, a filiación materna era recoñecida como resultado do parto, mais a paterna, no caso de crianzas nadas fora dun matrimonio, estableceíase polo recoñecemento voluntario ou xudicial do pai (ICIEG, 2007). O caso de Maria proba como décadas despois do fin desa distinción legal, aínda pesaba a tradición dos tempos finais do colonialismo, estando en certo modo marcadas as crianzas sen paternidade recoñecida.

“Neses momentos non se quería rexistrar fillos sen pai. É máis, non eran eles [os funcionarios do rexistro] quen non quería, tu mesmamente, ante a sociedade, non querías rexistrar ese fillo sen o nome do pai. Porque na catequese, pode ir á catequese pero non poderá ser bautizado, por non ter o nome do pai. Na escola, hano mirar así, porque a primeira cousa que se lle mira a alguén é o documento de identidade, para ver de quen é fillo ese neno. Ti, incluso ti mesma, con esa vergoña, non queres rexistrar a ese neno sen o nome do pai⁶⁴”.

Cando a primeira filla ía cumprir dous anos, Maria fixo un exame para ser mestra e comezou a traballar nunha escola de primaria nunha aldea próxima. Antes de ser profesora traballara vendendo peixe, o ramo de actividade da súa familia. As súas irmás son peixeiras, como tiña sido a nai. Tamén tiña traballado nas FAIMO, empedrando as rúas da súa localidade.

Nesa época quedou novamente embarazada. Cando o pai da súa segunda filla soubo do seu estado, romperon a súa relación, porque el “considerábase demasiado mozo para ser pai”. O rapaz emigrou tres anos despois e só reapareceu aos cinco anos, cando a nena xa tiña oito. En sucesivas visitas a

⁶² Tomar significa aquí levala con el

⁶³ *E toma minino, e da irmon pa kria, e tenta ben proibin ... e toma mininu di nha libre espontanea bontadi, pamodi...Nton kanto e toma minino ma e ta ba kuel na jardin, un jardin ki era midjor jardin, ta pagado tres konto i kinhentu. A mi cima N ka staba na trabadju, nton. Tudu mai ta kre midjor pa si fidju, nton N dexal pa ba pol na jardin. Nton n fika, ti ki N bai bisita mininu, nton familias ta txomal ta flal, nton e fika ta proibi, ti kin bai djobi muninu es ta flam ma e ka sta la. Nton ti kel dia n kaba ku chatia, nton ba buska nha fidju. N ba buska nha fidju n ben kuel e ba kecha. Kando e ba kecha nu enfrenta un porceso, n ben ganhal. Nton e podo pa kada mes pa e ta daba...*

⁶⁴ *Na kes momentu ka ta kre registada fidju sen pai. Alias, es ka ta kre regista no, propiamente a bo perante a sociedade, bu ka ta kre ba regista kel fidju sen nome pai. Pamodi dja na katekese, e ta ba katekese, ma e ka ta batisadu, pamo ka ten nome pai. Na eskola, dje ka ta djobedo asi, pamosi, prumero kuza ki ta djobedu algen e cedula, pa bu djobi kel mininu e fidju kenha, a bo, ti bo, ku kel burgonha, bu ka kre resgista kel mininu sen nome pai.*

Cabo Verde foise aproximando da rapaza, á que enviaba regularmente presentes e diñeiro, acabando por “conquistar a súa amizade”. Cando a filla cumpriu dezaseis anos, pediulle como regalo de aniversario ao seu pai que a recoñecera no rexistro. Mandaron chamar a Maria e á súa filla, que tiveron que dar o seu consentimento para que o pai pasara a figurar na súa partida de nacemento. No caso da segunda filla, Maria tíaa rexistrado ela soa, sen o nome do pai.

Maria viviu uns anos soa coas súas fillas, na súa localidade, ate que os seus pais adoececeron. Entón foise vivir con eles, para coidalos, construíndo un cuarto nas traseiras da casa, converténdose na filla que herdará a casa algún día. As súas irmás dispoñen de casa propia.

Dende hai dez anos, Maria mantén unha relación estábel cun home casado doutra localidade, co que tivo en 2005 ao seu *kodé*. Continua a vivir na casa dos pais, onde o home a visita case diariamente. Considera a súa relación satisfactoria. Pensa que en Cabo Verde hai poucos homes “como debe ser”, sendo esta a razón da existencia de relacións como a súa, nas que un home ten dúas mulleres, o que é ademais un “uso e costume” tradicional da súa terra.

Maria compara a súa situación coa da esposa do home que partilla, a súa *kumbosa*, tendo ben claro que a independencia económica constitúe un factor fundamental na súa autonomía e na capacidade de tomar decisións sobre as súas relacións. Prefire atoparse na posición de rapariga que na de esposa, xa que, segundo o seu punto de vista, conta con menos obrigas e máis dereitos.

“Eu prefiro estar como estou. Porque eu xa, estando como estou, porque, eu... eu nunca dependín dos homes, dependín sempre de min mesma. Así síntome máis “a vontade”, non teño tantas responsabilidades como a esposa, que ten que coidar, que ten que tratar, que ten que facer as cousas a tempo, porque é a súa obrigación. Eu, como estou fora, non teño as mesmas obrigas que a outra. Fago as cousas se quero. Se eu fora a muller, todas esas cousas pasarían a ser a miña obriga... Porque os homes de Cabo Verde sempre pensan que a esposa debe estar dentro da casa, ten obriga de preocuparse coa roupa, con darlle ao home a comida na hora, con coidar os fillos, coas cousas da casa. No seu canto, a rapariga ten dereito de ir ao restaurante, de ir pasear e ese tipo de cousas⁶⁵”.

Maria é consciente de que a maior liberdade das mulleres para aceptar ou non determinados comportamentos masculinos no seo da parella está estreitamente relacionada coa súa independencia económica.

⁶⁵ *N prefiro sta cima n sta. Pamodi a mi dja, stando cima sta, n ta chinti, pamo a mi ... nunka n ka dependeba di omi, dependenba sempri di mi. Asi n chinti mas a vontade, n ka tene tcheu responsabilidadi, como mudjer, ki bu ten ki kuida, bu ten ki trata, bu ten ki faci tudu na ora, pamodi é nha dereito. Por enkuantu a mi, cima n sta di fora li, como otra face, dja e ka nha obrigason. E ta pasa si N kre. Enkuantu ki si mi é mudjer, kes tudu la ta fika ta ser nha obrigason ... Pamodi omi di KB sempre es atcha esposa, sta dentu kasa, ele ka sta, e ten dereito di preokupa ku ropa, ku dan kumida na ora, ku trata fidju, ku asuntos di kasa. Por enkuantu rapariga, ten dereito di leba restaurante, di pasia, faci tudu kel la.*

“ [As mulleres aguantan] moitas veces non porque queiran conservar a relación. Se unha muller depende dun home, entón o home pode facerlle moitas cousas. No. “Eu, se quero, podo estar fora de casa dous ou tres días e a miña muller non me deixa porque depende de min”. Iso pasoume a min. Eu, se fora a esposa del, facendo el como lle fai, eu non estaría con el. Porque el pasa máis tempo comigo que coa súa esposa. Porque ela depende del, e ten que ficar dentro da casa, ou así, pero eu, eu non dependo do home. Porque se un día o meu home sae e ten dous ou tres días fora da casa, eu non o aceito⁶⁶”.

Para María a respectabilidade feminina na actualidade responde máis á condición de traballadoras e a un proxecto persoal das mulleres que en modelos anteriores, nos que as mulleres, con tal de ser ben consideradas socialmente, aguantaban todo tipo de situacións, incluíndo a violencia de xénero. Segundo a súa visión, unha nai solteira de varios parceiros xa non é condenada socialmente por unha sexualidade fora da norma, sempre e cando se libre a súa propia posición na sociedade a través do traballo.

“Antigamente pensábase que unha muller con fillos de varios pais, ante a sociedade unha muller que ten fillos con varios homes non é seria. Seria é unha muller que, aínda que sexas maltratada, aínda que o marido che pegue, aínda que o marido sexa mau, aínda que o marido che faga as cousas máis terribes, tes que permanecer aí para que se poida dicir que es seria, porque se marchas, xa serás considerada unha muller que non é boa. Agora as cousas xa mudaron. Aínda se tes tres ou catro fillos, é suficiente con que teñas a túa posición, que non sexas, xa serás respectada. Porque agora a muller, na sociedade, para ser considerada seria, ten que ser feliz. Agora tes un, dous, tres, e estás procurando a túa felicidade. Eu por exemplo, para estar nun lugar maltratada, onde o home me teña maltratada, insultada, para que se poida dicir de min que son seria, prefiro estar nun lugar, aínda que teña un fillo, e despois outro con outro pai, mais son feliz⁶⁷”.

⁶⁶ *Txeu bes mudjer e ka pamodi tb ta kre konserba kuzas. Si un mudjer ta depende di un omi, nton omi ta fasel txeu kuzas. No. Mi sin kre n podi sta na kasa dos, tres, dja, nha mudjer ka ta largan pamodi e ta depende di mi. E kaso ki kontisi ku mi. A mi, si mi era mudjer, di mos, cima mos ta facel, a mi n ka ta staba juntu kuel. Pamodi e pasa mas tempu djuntu ku mi ki propi djuntu ku si mudjer. Pamodi e ta depende del, e teni ki sta dentu kasa, o kuza, mas so ki mi, a mi n ka ta dependi di omi. Pamo a mi dia ki omi sai ki dja ten dos tres dia fora di kasa, a mi, n ka ta...*

⁶⁷ *Un bes, mesmo antigamente, ta atxaba un mudjer ku fidju di kantu pai, pronto, perante a sociedade alguen ki ten fidju ku kanto alguen e ka seria. Seria e un alguen, si kre bu sta maltratadu, si kre maridu sa ta sotau, si kre maridu sa ta maltratau, si kre maridu ka sta mau, si kre maridu sta faseu kuzas di mundu, bu ten ki sta la pa bu podi fladu bo e seria, pamo se bu ta larga, bo dja bo e konsideradu a bo e ka un mudjer dretu. Goci, goci dja mudado. Basta bu ten, si kre bu ten tres o quatu fidju, kada un kun omi, mas basta mudjer tene si posison, bo e ka, bo dja bu ten bu respeito. Pamodi mudjer goci perante a sociedadadi, mudjer, pa bu ser seria, bu ten ki sta filis. Goci bu ten un, dos, tres, a bo bu sta djobe bu filisidadi pa ser filis. Por enkuanto ki a mi, pa N sta nun kau pa N sta maltratadu, pa omi tenem, maltratadu, injuriadu, pan podi konserva fla ma mi é seria, ta prefiri sta na un kau, si kre djan arranja un, djan teni fidju ku mas oto, mas N ta chinti filis.*

Capítulo IV.
**BADÍAS DE BURELA,
MULLERES DE MARIÑEIROS.
RELACIÓNS DE XÉNERO,
MATRIFOCALIDADE
E EMPODERAMENTO FEMININO**

Unha vez coñecidos os marcos comunitarios de orixe do grupo humano obxecto deste traballo, cunha atención especial ao sistema sexo/xénero da sociedade badía, e explicada a perspectiva de achegamento ao obxecto de estudo, nos capítulos finais analizarase a realidade das mulleres caboverdianas da Mariña no **marco comunitario de destino**, contextualizando esta realidade nas distintas etapas polas que pasou a comunidade á que pertencen, no período definido neste traballo (1978/2008).

Fálase de **comunidade** non unicamente pola orixe común dos seus membros, que os converte nun grupo étnico diferenciado, senón tamén polo seu alto grao de cohesión interna e por constituír esa comunidade o marco preferente da rede de relacións sociais das persoas caboverdianas de Burela. Neste traballo utilízase o termo comunidade dende unha concepción non funcionalista, que ao denominala así non pretende mostrala como un ente atemporal, estático nin aconflitivo, na mesma liña que propón Carlos Giménez ao referirse aos efectos do tempo nos grupos de migrantes cunha mesma orixe e destino.

... con el tiempo casi todos estos colectivos acaban conformando una comunidad migrante, con un sentido de identidad y pertenencia, así como de estructuración y representación hacia el exterior... No hay que idealizar ni esencializar el calificativo de comunidad: es preciso tener presente que se trata de entidades heterogéneas en su interior, siempre cambiantes, estratificadas y con conflictos internos. (Giménez, 2003: 121-2)

No momento da entrada no terreo, de seguida foi perceptíbel a forte cohesión grupal do colectivo caboverdiano, que se plasmaba nunha maraña de relacións sociais e de parentesco entre os seus membros. As persoas adultas da comunidade pertencían aos mesmos grupos profesionais, polo que partillaban condicións moi semellantes de existencia e traballo, non existindo grandes diferenzas económicas entre os grupos domésticos, agás excepcións. Procedían dun espazo xeográfico moi reducido e levaban maioritariamente máis dunha década de residencia, mantendo a maior parte das súas relacións sociais, non laborais, dentro da comunidade, no marco dun modelo de separación, do que se falou anteriormente. Tratábase, polo tanto, dun grupo social que podía ser definido por unha certa homoxeneidade. Ao longo da década seguinte foise producindo unha diversificación que afectou a todas as variábeis que contribuían a trazar un colectivo máis ou menos homoxéneo: ampliáronse os sectores de inserción laboral, multiplicáronse as localidades de orixe e renovouse a idade media do colectivo, mais continuou existindo esa cohesión e sentido de pertenza e identidade que a define en canto comunidade.

Retomando a proposta analítica de Gregorio (1998), que baseou o terceiro capítulo deste traballo, e unha vez realizada unha análise dos grupos domésticos e do sistema sexo/xénero da sociedade de orixe da corrente migratoria caboverdiana a Burela, nos seguintes capítulos abordarase a organización familiar e doméstica na sociedade de destino, prestando atención especial ás redes migratorias nas que se inscribe a experiencia desta comunidade, seguindo as propostas articulacionistas, que colocan os grupos domésticos e as redes migratorias como unidades de análise centrais na abordaxe das migracións.

O concepto de **redes migratorias** xurdiu a partir do de rede social, amplamente utilizado nas ciencias sociais, que no caso da antropoloxía ten unha longa tradición, iniciada por Barnes (1954). Seguindo a este autor, as redes poden ser entendidas como o conxunto de relacións (de parentesco, amizade e veciñanza) dun determinado campo social. No caso das migracións, estas redes téncense polo menos en dous campos sociais, os das sociedades de orixe e destino dos migrantes (Gregorio, 1998), podendo aínda ampliarse, como no caso caboverdiano, a un campo social transnacional, o da denominada diáspora.

As redes migratorias, para Portes e Rumbaut (1990), constitúen “microestruturas” que facilitan e perpetúan a migración como un proceso social autosuficiente, situándose nun plano diferente ao das relacións económicas e políticas entre os estados de orixe e destino, consideradas macroestruturais, ás que tamén se prestará atención en canto factores determinantes das migracións.

No estudo das redes migratorias débese prestar atención ao conxunto de relacións establecidas entre os migrantes, a sociedade de destino, a sociedade de orixe, e no caso caboverdiano, a comunidade transnacional da que fai parte.

As unidades efectivas da migração ou as unidades de análise não são, nem nas teorias das redes sociais, nem nas teorias sobre transnacionalismo, nem nas teorias das comunidades transnacionais, unidades individuais ou de domicílio, mas, ao contrário, uma unidade intermédia na qual ele/ela (migrante) se insere, isto é, conjuntos de pessoas ligadas por laços de amizade, familiares e/ou experiências de trabalho comuns, que incorporaram o país de destino nas alternativas de mobilidade por eles consideradas. A análise das redes sociais não se debruça directamente sobre indivíduos isolados, mas sobre sistemas interactivos de relações, seja entre indivíduos, corporações, comunidades ou mesmo sociedades. O que importa são os “fluxos” de relações que determinam o posicionamento estrutural de cada actor, nó(s) dentro de um sistema, e das relações estabelecidas entre eles (as conexões). (Góis, 2006: 139)

As redes migratorias están suxeitas a procesos de creación e activación, nos que acostuman ter relevancia certas persoas ou figuras clave, que facilitan os procesos migratorios. A través destas redes flúen non só migrantes, senón tamén información, recursos, bens e servizos de tipo material e

inmaterial que posibilitan a migración (Gregorio, 1998). Neste tipo de redes o parentesco constitúe unha das relacións máis importantes que median no proceso migratorio (ibid.), como se verá para este caso concreto.

Góis (2006) considera demostrada

... a importância das redes sociais na articulación dos procesos migratorios, enfatizando a solidariedade no interior dos grupos migrantes como una das características que configuran e sustentan as redes migratorias. As redes sociais, baseadas en relacións familiares e de amizade, são tecidas num produto social, que acrescenta ao migrante um recurso valioso num ambiente estranho (o país, região ou cidade de acolhimento) (ibid.: 140).

A importancia das redes non se acaba unha vez realizado o traxecto migratorio, xa que na sociedade de destino serán esenciais na inserción laboral e social de quen chega, trabando ou acelerando a integración dos novos e novas migrantes na sociedade de acollida.

En el caso de los trabajadores inmigrantes, las redes sociales primarias (familia, escuela, etc.) del país de origen no son útiles como una vía de inserción en el mercado laboral de otro espacio social y geográfico. En su lugar el nuevo grupo de pertenencia (en principio, la comunidad étnica compuesta de individuos con el mismo origen) funcionará como una red social básica. En la medida en que estos trabajadores desconocen las vías habituales de acceso al empleo, sobre todo las más formales (agencias de colocación públicas o privadas, anuncios, servicios de selección de personal, etc.) tenderán a desarrollar mecanismos informales que, en principio, se basan en la información y los contactos ofrecidos por miembros de su propia red étnica. La extensión y la densidad de estas redes depende de la mayor o menor dependencia de los recién llegados en relación a los inmigrantes más antiguos, tanto en las facetas informativa, de acogida y ayuda mutua, como en relación con las organizaciones de la sociedad de acogida o en el acceso al empleo. (Colectivo IOE, 1996: 21)

As redes migratorias están caracterizadas polo dinamismo presente en toda rede social, variando a súa configuración unha vez que os migrantes se asentan na sociedade de destino, onde reestruturan as súas identidades, alargando ou reducindo as redes ás que pertencen.

... esta realidade não é nunca estática, isto é, as redes de migrantes transformam, através da interacção no Espaço/Tempo em que se inserem, as categorias existentes. Os emigrantes levam consigo as suas identidades étnicas, que se alteram no contexto de migração, nas relações com a sociedade de destino e com outros grupos de migrantes. Assim, alguns elementos de identidade do país de origem são eleitos, negociados e reconstruídos no contexto de migração (Saint-Maurice, 1997), isto é, ao invés de um mero “transplante” colectivo, há lugar a uma recriação selectiva de laços sociais (Tilly, 1990:86) que leva a uma mudança na estruturação da própria rede. É assim que a rede que tem por base a família, o compadrio ou a região (ou ilha) na origem, se alarga à etnicidade comum, à ancestralidade comum ou à língua comum no destino. (Góis, 2006: 142)

A corrente migratoria entre a illa de Santiago e a costa de Lugo, activa dende mediados da década dos 70, que se estruturou inicialmente con Lisboa como nodo central, fai parte dunha das subredes

da rede migratoria caboverdiana a España (*badíu*), inseríndose á súa vez na rede europea e na grande rede da diáspora caboverdiana.

Os cabo-verdianos possuem, o que podemos considerar, uma densa rede social de suporte tradicional. Esta resulta da união de pequenas redes familiares, com base num conceito de família alargada, na união de redes resultante de capitais sociais individuais, de grupo, de região (ilha); com base na identidade étnica ou co-étnica ou ainda com base na partilha de uma língua comum: o crioulo (Veiga, 1995). A rede migratória cabo-verdiana é, por seu turno, a síntese de todas estas redes particulares e distribui-se por um conjunto amplo de regiões em vários continentes ...mais com alguns nódulos com uma importância acrescida [e.g. Providence ou Boston (EUA), Lisboa ou Roterdão na (UE) ou Dakar no Senegal. (Góis, 2006: 147)

As persoas caboverdianas de Burela manteñen múltiples conexións coa maioría dos destinos da migración caboverdiana, especialmente dos que acollen comunidades badías (Portugal, Francia, Suíza, Luxemburgo), proba da extensa cobertura da rede *kriola* na xeografía mundial. A marxinalidade de Burela en canto lugar de asentamento dunha pequena comunidade caboverdiana, proveniente dun territorio moi localizado na terra de orixe, non impide a existencia de conexións ao longo dos tres continentes principais de destino das migracións caboverdianas.

Nas páxinas que seguen, presentaranse, ademais dos percorridos das mulleres chegadas nas distintas etapas e as súas posicións no seo dos grupos domésticos e da comunidade, as dúas redes constituídas ao longo da historia da comunidade de Burela, que se foron formando en torno a dous espazos de tránsito (primeiro, Lisboa; máis tarde, Dakar). Realizarase unha caracterización dos recursos e persoas que fluían a través delas, atendendo aos traxectos migratorios, que foron mudando conforme o facían os contextos macroestruturais, en especial o legal e o laboral.

Neste marco, analizaranse as posicións das mulleres nas redes e cadeas migratorias ao longo do tempo, entendendo estas cadeas como conexións entre os migrantes dunha determinada orixe, nas que os pioneiros atraen e axudan a que outros migren, estes a outros e así sucesivamente (Giménez, 2003). Mentres que nas redes flúe todo tipo de capitais e recursos, as cadeas están constituídas por persoas migrantes, que constitúen os seus elos, que á súa vez entrelázanse con novos elos, abrindo novas liñas na cadea. A construción deses novos elos vese en moitos casos facilitada por persoas non migrantes, que fan posíbel o traxecto migratorio, como sucedeu neste caso concreto. Ao falar das cadeas estase facendo referencia ao proceso migratorio, mentres que cando se fala de redes estase abordando o tecido social que se configura a ambos lados da cadea. As cadeas tiran (puxan) e as redes soportan o proceso migratorio alén do traxecto de orixe a destino.

4.1. METODOLOXÍA

4.1.1. RECONSTRUÍNDO A HISTORIA DA COMUNIDADE. FONTES E DADOS

O exercicio da **observación participante** ao longo dos trece anos de contacto co colectivo caboverdiano presenta algunhas peculiaridades, como o feito de ter iniciado o achegamento á comunidade no papel de interventora, ter tecido lazos de amizade, máis alá da intervención, con moitas das persoas caboverdianas, e finalmente, terme unido afectivamente a un home da comunidade a finais de 2001, unha vez fora da intervención. Todo isto contribuíu a resituarme dentro da comunidade, á que coñezo e por quen son recoñecida.

Unha vez rematado o traballo de intervención e tendo mudado o meu papel perante a comunidade, continúei o labor investigador, centrándome nun primeiro momento na extracción de datos cuantitativos que apuntalasen os coñecementos cualitativos obtidos durante a intervención, partindo do traballo previo. Para realizar a **reconstrución cuantitativa** da comunidade ao longo das súas tres décadas de existencia empreguei diversas fontes de información oficial nas que realicei extracción directa de datos.

O primeiro desafío foi obter datos do pasado, das dúas décadas anteriores á miña entrada no terreo. Era patente que non existían datos específicos do colectivo caboverdiano, así que definín unha estratexia para rastrexar a súa presenza en diversos organismos oficiais. Dadas as características do fluxo migratorio caboverdiano na Mariña, baseado historicamente no traballo masculino, definido pola concentración da man de obra nun único sector, o pesqueiro, optei por iniciar a recollida de datos nas institucións relacionadas co ámbito do mar. En primeiro lugar, extraeuse información na Confraría de Pescadores desta última localidade, a través da que se inseriron laboralmente todos os varóns adultos (e algúns descendentes maiores de 16 anos) ate o inicio do século XXI.

Os datos correspondentes ao período 1978/1983 foron obtidos nos arquivos da Confraría de Pescadores de Burela, barco a barco, porque só se informatizaron os datos a partir de 1984, contando a partir de entón cuns listados anuais nos que figuran os nomes de todos os mariñeiros en activo. Dada a enorme cantidade de información, optei por extraer datos de tres en tres anos (1984-1987-1990-1993-1996), co fin de reconstruír unha serie histórica. Nos listados era relativamente fácil identificar nominalmente aos mariñeiros caboverdianos, xa que, a pesar das múltiples coincidencias coa onomástica galega (Varela, Moreira), debido ao uso da grafía portuguesa adoitan ser

recoñécíbeis a primeira vista. Para corrixir posíbeis erros na identificación de mariñeiros portugueses por caboverdianos, unha vez feita unha primeira depuración de datos, contrasteinos coa axuda de varias persoas caboverdianas de longa permanenza na zona. A Confraría foi despoxada da maior parte das súas competencias en 1998, pasando a depender doutras instancias os enrolamentos nas diversas embarcacións. Por iso os datos posteriores a ese ano foron extraídos na Capitanía Marítima de Burela, no Instituto Social da Mariña (ISM) e na Asociación de Armadores de Burela (ABSA).

Por outra banda, unha importante base documental procede dos centros de ensino nos que nalgún momento estiveron estudantes de orixe caboverdiana (nos concellos de Cervo, Foz e Burela)¹. Estas fontes, nas que xunto co nome dos alumnos e alumnas figuran datos dos proxenitores e irmáns, permitiron, en combinación coas anteriores, realizar unha reconstrución da comunidade en base aos grupos domésticos, que foron cuantificados, conseguindo reconstruír a composición de grupos familiares completos. Os datos obtidos nos centros escolares permitiron tamén a identificación de anos de chegada e partida da zona, e nalgúns casos dos lugares de procedencia e destino.

Por último, unha fonte de información importante constituírona os censos electorais realizados polo Consulado de Cabo Verde no Estado Español a partir de 1996. O segundo dos censos, elaborado en 1999 por esta institución, foi realizado coa miña colaboración, servíndome para completar o censo que estaba a elaborar no marco da intervención, grazas á axuda e acompañamento das directivas de *Tabanka*.

Para os datos de todas as fontes citadas, correspondentes a persoas que xa non fan parte da comunidade, contrastáronse os rexistros conseguidos coa memoria das persoas que levan maior tempo residindo na zona, depurando datos e obtendo información complementaria, de tipo cualitativo, sobre épocas pasadas.

No que se refire a datos máis actuais, o **censo** da comunidade caboverdiana iniciado en 1998 foi actualizado en varias ocasións ate o final do período en análise, recorrendo sempre ao cruzamento de diversas fontes, máis sobre todo, ao coñecemento directo das persoas que a formaban, sendo máis fiábeis. A elaboración do censo permitíume comprobar dun xeito evidente o dinamismo da comunidade, da que constantemente entran e saen persoas, e penso que así terá sido ao longo dos seus trinta e cinco anos de existencia. Esta mobilidade é característica dun fluxo como o caboverdiano, de carácter transnacional, no que as persoas migrantes dispoñen dunha ampla rede de apoio e posibilidades de asentamento en diversas zonas de varios países europeos. No caso da

¹ Escola Infantil Municipal, CEIP Vista Alegre e CEIP Virxe do Carme, IES Monte Castelo, IES Perdouro (Burela); CEIP Fondo Nois, CEIP O Cantel, IES O Centinho (Foz); CEIP Galdín e Rivera Casás (San Cibrao –Cervo).

Mariña existiu sempre un grupo, máis ou menos amplo, de persoas flutuantes, de diversos perfís, polo que é verdadeiramente imposible ter un censo exacto.

Unha parte importante dos datos que se presentan a continuación está baseada nese censo, que é como unha foto fixa realizada no final dos anos 1998 e 2008, correspondente ás persoas residentes naqueles momentos. Se ben pode afirmar que é moi exhaustivo, debe ser considerado como unha cifra moi aproximada á realidade, pero sempre lixeiramente menor da poboación caboverdiana real neses momentos.

No censo considero caboverdianas ás persoas proveniente directa ou xenealoxicamente do arquipélago, independentemente da súa nacionalidade e lugar de nacemento, considerando que constitúen un **grupo étnico**², que engloba tanto a nacionais como estranxeiros. Del fan parte tanto os homes e mulleres caboverdianas que un día deixaron a súa terra na procura dunha vida mellor, como os seus fillos, fillas, netos e netas, que naceron en Cabo Verde, no percorrido migratorio ou na sociedade de destino, os cales, debido aos procesos de socialización e sociabilidade, conservan e partillan determinadas características da cultura de orixe no senso antropolóxico da palabra, holístico e dinámico. Teño constatado ao longo destes anos que só unha pequena minoría de descendentes non se considera adscrito ao grupo, evitando as relacións comunitarias. Os datos obtidos segundo esta proposta difiren dos datos oficiais, que só consideran caboverdianas as persoas con esa nacionalidade ou que teñan nacido no arquipélago, sen ter en conta aspectos como os procesos identitarios e de socialización. Nese tipo de análises, o colectivo ve reducido o seu tamaño e ignorada a súa diversidade e dinámicas internas, como se mostrou no segundo capítulo.

Para complementar os datos anteriores realizáronse diversas **entrevistas** en profundidade³ a varias mulleres da comunidade, tendo en conta a súa época de chegada e o seu estado civil, nas que se indagou sobre as súas vidas no contexto de orixe, nas motivacións dos seus procesos migratorios e na consideración das súas vidas na sociedade de destino. Optei por construír relatos da vida destas mulleres, a partir do material das entrevistas e do coñecemento directo ao longo destes anos, para ilustrar diferentes perfís e realidades das mulleres sobre as que versa este traballo. Por outro lado,

² Séguese unha perspectiva dinámica e relacional como a sintetizada por Malguesini y Giménez (2000), na que os grupos étnicos son grupos sociais ou comunidades socioculturais, configurados histórica e socialmente, que fan parte dunha sociedade maior na que interactúan con outros grupos étnicos dos que se diferencian, cuxos membros partillan, de xeito dinámico e cambiante certos rasgos culturais, físicos, lingüísticos ou relixiosos, así como un tipo determinado de organización, sendo que eses rasgos poden ser asumidos como tais ou adxudicados por outros, estando conformados pola estrutura de relación con outros grupos, existindo en todo caso consciencia da pertenza ou adscripción ao grupo.

³ Ver táboa de entrevistas en anexo.

empregarei retallos desas entrevistas, identificadas na táboa en anexo, para ilustrar as temáticas que se vaian abordando.

Polo tanto, na exposición que segue, serán empregados tanto datos cuantitativos, obtidos das fontes mencionadas, como outros de tipo cualitativo, obtidos maioritariamente a través a observación participante e de entrevistas, de tipo formal e informal, realizadas a partir de 1998. Serán empregados de xeito complementar materiais divulgativos e académicos de diversas procedencias, diferentes dos medios de comunicación, que foron utilizados no capítulo dedicado á intervención social.

4.1.2. MARCOS TEMPORAIS DO FLUXO MIGRATORIO CABOVERDIANO NA MARIÑA

A partir do estudo dos datos recollidos nese contexto, é posíbel definir unha serie de **etapas** diferenciadas na evolución do colectivo caboverdiano da Mariña. Tomando como base os anos inicial e final do período en análise deste traballo, 1978 e 2008, pódense distinguir catro fases, caracterizadas por continuidades, mais tamén por rupturas.

Unha fase previa a este período, circunscrita aos anos 1977 e inicios de 1978, corresponde á chegada inicial dos homes caboverdianos para traballar na construción de Alúmina, da que non existen datos. A ausencia de leis de inmigración e de prácticas como o empadramento ou outro tipo de rexistros, fai practicamente imposible obter datos cuantitativos da época, na que aínda non existía unha comunidade propiamente dita, xa que nesta altura o colectivo, predominantemente masculino e adulto, estaba caracterizado pola mobilidade, determinada pola súa inserción laboral en empresas foráneas dedicadas a grandes construcións. Moitos dos homes que pasaron pola zona fixérono durante breves períodos, desprazándose posteriormente a outros lugares con empregos semellantes, retornando despois nuns poucos casos. Algúns dos pioneiros entrevistados falan dun colectivo numeroso e variábel, no que uns chegaban mentres outros marchaban, traballando en diversas partes da obra, como as instalacións da fábrica ou o encoro de Río Cobo, que foron rematando paulatinamente. Segundo ían finalizando a construción do complexo, os caboverdianos non foron aceptados como traballadores industriais, sufrindo unha discriminación laboral respecto dos traballadores españois.

Perante a falta de traballo, a maioría destes homes, sen mulleres nin crianzas consigo, reemigrou para outros lugares con ofertas de emprego semellantes, continuando en movemento. Do mesmo

xeito que sucedera en Andorra-Teruel, un dos destinos iniciais do fluxo *badiu* en España, a partida destes traballadores podería ter suposto a desaparición de calquera vestixio da súa presenza na zona, se non fora polo feito de téréense convertido, a partir de 1978, nunha forza de traballo imprescindible noutro sector, a pesca, que se converteu na fonte de emprego exclusiva para os homes caboverdianos ate o inicio da década de 2000, posibilitando o seu asentamento na zona de xeito permanente.

A primeira fase que se considera neste traballo corresponde á formación embrionaria da comunidade, que se desenvolveu aproximadamente entre 1978 e 1980, co asentamento dun pequeno grupo dos traballadores anteriores, que nalgúns casos propiciaron a chegada das súas mulleres e fillos, que xogaron un papel fundamental no xurdimento e asentamento da comunidade. Nembargante, as primeiras mulleres xa tiñan chegado en 1977, constituíndo excepcións no grupo pioneiro, fortemente masculinizado.

Segundo foi avanzando a década de 80, nunha segunda fase, a comunidade foi medrando co aporte de máis migrantes chegados de Cabo Verde e Portugal, estruturándose en grupos domésticos de tipo nuclear. Esta situación mantívose ate 1993, ano no que se abriu un período de crise que chegou ate 1998, no que a comunidade perdeu unha parte importante dos seus membros, debido á crise pesqueira. Foi unha etapa de reemigración, na que o destino preferido foi Zaragoza, onde reside a outra comunidade badía en España.

En 1998/9 abriuse unha nova fase de crecemento, que chega ate finais da década de 2000, debido á existencia dunha forte demanda de mariñeiros en todos os segmentos da pesca, á diversificación dos postos de traballo dispoñíbeis para os homes e mulleres caboverdianas na Mariña, e á activación dunha nova rede migratoria que aproveitou a posibilidade dunha migración legal entre Cabo Verde e España. A partir de 2008, ano final do período de análise nesta tese, a irrupción da crise económica provocou certas mudanzas, detendo as chegadas de novos traballadores e traballadoras, mais non así de esposas e descendentes reagrupados, iniciándose unha nova etapa que poderá ser obxecto de futuros traballos.

En paralelo coa evolución do mercado laboral, a comunidade foi construíndo e inseríndose en redes migratorias, que foron mudando e evolucionando nas tres décadas de existencia, adaptándose aos contextos legais dos países de tránsito e destino. Nos seguintes apartados realizarase unha caracterización destas fases, tendo en conta aspectos como o tamaño da comunidade, a tipoloxía dos grupos domésticos, os sectores e condicións da inserción laboral, a organización comunitaria e as

relacións sociais fora da comunidade, no que constitúe o marco comunitario deste grupo humano na sociedade receptora.

Ao longo das tres décadas de existencia, o fluxo caboverdiano á costa de Lugo criou dúas redes migratorias diferenciadas, mudando en tamaño e densidade, cambiando de dirección e desprazándose a importancia duns nodos a outros consoante o contexto político e socioeconómico. Analizaranse algunhas cadeas migratorias recentes, co fin de visualizar os diversos elos que as conforman, tendo en conta o xénero e o parentesco como criterios centrais no recrutamento de novos migrantes, o que nos levará a analizar as posicións das mulleres nos procesos migratorios.

Tentarei defender o argumento da excepcionalidade do caso de Burela no seo das correntes migratorias badías, no sentido de que as mulleres desta corrente lograron conquistar espazos e papeis sociais que normalmente estalles vedados ou limitados. Esta conquista foi provocada pola **ausencia** colectiva dos homes da comunidade, debido ao traballo na pesca de altura, que propiciou que as mulleres adultas, a pesar de facer parte de familias nucleares, adquiriran unha **centralidade** propia das familias encabezadas por mulleres. Os papeis centrais que estas mulleres desempeñaban nas súas familias e na pequena sociedade comunitaria foron potenciados e trasladados ao espazo público grazas á intervención social baseada no enfoque do empoderamento que foi presentada no segundo capítulo, que se executou dúas décadas despois da inserción laboral dos homes no mar (1978) e do asentamento da comunidade. A partir desa altura, as mudanzas acontecidas na estrutura da comunidade coa chegada de novas migrantes dende o arquipélago natal e os novos xeitos de inserción laboral, deron lugar a unha maior presenza masculina, que impediu a reprodución deste modelo de organización doméstica nas novas familias que se asentaron na primeira década do século XXI.

A pesar de que a evolución da comunidade pasou polas catro etapas diferenciadas que se acaban de citar, dividírase a exposición en dúas grandes fases: unha primeira, anterior a 1998 e á miña entrada no terreo, e unha posterior, ate 2008. Outros motivos, alén da miña presenza e coñecemento directo da comunidade, marcan o límite entre os dous períodos nesa data. O primeiro deles, a execución da intervención social participativa, que provocou moitas mudanzas de tipo cualitativo na comunidade, formada maioritariamente por persoas de longa permanencia na zona. O segundo, a reactivación do fluxo migratorio a partir dese ano, en torno a unha nova rede que provocou un grande crecemento cuantitativo do colectivo caboverdiano e unha serie de procesos de diferenciación interna no seo da comunidade, conformando dous grandes grupos: o das persoas ou familias de longa residencia en Burela (ás que denominarei **vellas**), e o das chegadas no século XXI coa reactivación da rede (ás que chamarei **novas**).

4.2. A PESCA, SECTOR DETERMINANTE DA EXISTENCIA DA COMUNIDADE CABOVERDIANA DA MARIÑA

A pesca constitúe historicamente un dos sectores económicos máis importantes na Galiza. Existe constancia de que os recursos mariños existentes nos 1.675 Km. de litoral son explotados dende os tempos antigos, aínda que neste traballo prestarase atención unicamente ás últimas catro décadas, nas que se contextualizará a incorporación dos mariñeiros caboverdianos á flota de Burela e portos veciños.

Segundo García Allut (1998), a flota pesqueira galega comezou un proceso de expansión no primeiro terzo do século XX, favorecida pola incorporación ás embarcacións da máquina de vapor, iniciándose a existencia da chamada pesca de altura. Esta modalidade de pesca, cada vez máis industrializada, veuse favorecida posteriormente polos planes de axuda económica do goberno español nos anos do “desarrollismo⁴”, que favoreceron a consolidación dos portos base da pesca industrial na fachada atlántica. Segundo Xosé Manuel Beiras (1972), o desenvolvemento desencadeado a partir destas leis produciu mudanzas no cadro das relacións laborais das embarcacións, que ate ese momento eran de grande proximidade e igualitarismo, pasándose progresivamente a unha pesca de tipo industrial.

A pesca industrial encetouse no marco da organización precapitalista e artesanal, cunha progresiva penetración da pequena empresa capitalista e a conseguinte disociación entre armadores e pescadores. Con todo, foi nos derradeiros trinta anos cando a expansión da pesca industrial, aínda que tecnoloxicamente mantivera moldes certamente serodios, inzou o sector, e máis foi na pesca de altura e gran altura na que se produciu a expansión primordial. (Beiras, 1972: 169-170)

A lei de *Modernización y Reconversión de la Flota Pesquera* de 1961 abriu o camiño á consolidación da flota industrial en España, beneficiando especialmente a Galiza, onde a partir de 1970 acelerouse o ritmo de transformación tecnolóxica e incremento de embarcacións, que medraron un 20% nesa década, nunha “expansión económica do sector pesqueiro segundo pautas capitalistas, que esténdese ao sector da baixura, inserta nun sistema de subsistencia dentro do marco dunha economía periférica tradicional” (Fernández, 1998: 144).

Ao contrario do que viña sucedendo coa flota de altura, a pesca artesanal ou de baixura, que se realiza en augas próximas á costa, permaneceu nos niveis anteriores, mesmo decrecendo, ate os

⁴ Denomínase así a última etapa do Franquismo (1960/75), na que se deu unha liberalización económica, após a política autárquica do período anterior, na que elementos tecnócratas ligados ao Opus Dei gozaron dunha importancia especial no goberno do estado.

anos 70, a pesar de constituír o groso da flota da maioría das localidades costeiras galegas (ibid.). Nese momento, iniciouse a renovación das unidades produtivas, acompañada da tecnificación e aumento de potencia e tonelaxe. Esta transformación non foi consecuencia do apoio institucional, centrado na pesca de altura, senón de factores externos, en particular as condicións máis favorábeis do mercado, no que se deu unha maior demanda e prezo dos produtos pesqueiros.

A partir da segunda parte da década dos 70, coa implantación das zonas económicas exclusivas⁵ xurdiu a “nova orde pesqueira internacional”, que provocou que a flota de altura se abrise a novos mares, inicialmente no Atlántico sur e posteriormente nos océanos Índico e Pacífico, negociando convenios que permitisen a pesca nas augas doutros países en África e América Latina (García, 1998).

En 1982, no marco do primeiro goberno autonómico galego, naceu a Consellaría de Pesca, con competencias en pesca, marisqueo e acuicultura, que só se fixo cargos dos portos galegos en 2009⁶. A partir de 1983 o Estado Español seguiu unha nova política pesqueira, centrada na ordenación e regulamentación da explotación dos recursos do litoral, limitando o esforzo pesqueiro no caladoiro nacional, impulsando a saída a augas internacionais. En 1986, coincidindo coa adhesión á CEE, comezou a renovación da flota con subvencións comunitarias (Fernández, 1998), ao mesmo tempo que se producían recortes nas cotas, ao perseguir a política pesqueira da CEE unha redución da capacidade pesqueira galega (Labarta, 1985), o que se veu producir nos anos seguintes. A nova situación en canto parte integrante do mercado europeo fixo que os acordos con países terceiros tivesen que ser subscritos pola propia CEE e non polo goberno español, cuxos dereitos exclusivos se viron limitados ás augas de ate 12 millas da costa, explotadas fundamentalmente pola flota de baixura ou litoral.

Segundo un informe da *Unión Xeral de Traballadores* (2010) a partir de 1993, como resultado da incorporación ao mercado común europeo, produciuse unha significativa perda de postos de traballo no sector pesqueiro español, cunha alta incidencia na Galiza. En paralelo coa destrución de emprego na pesca, produciuse o abandono de moitos mariñeiros autóctonos, atraídos polas mellores condicións laborais e da vida en terra, deixando vacantes os seus postos de traballo. A partir do final

⁵ As Zonas Económicas Exclusivas (Z.E.E.) foron implantadas paulatinamente como consecuencia dun acordo da ONU asinado en 1977, sendo constituídas polos espazos marítimos de cada estado, ate 200 millas da costa. A súa creación supón unha nova orde xurídica, que toma en conta os intereses e necesidades dos diferentes estados en relación aos recursos do mar.

⁶ Anteriormente o ente “Portos de Galicia” estaba adscrito á Consellaría de Política Territorial. Entre os 122 portos que xestionan non se inclúen os considerados de interese xeral, que están xestionados polas súas propias autoridades portuarias, que continúan dependendo do goberno estatal (Vigo, A Coruña, Marín, Vilagarcía, Ferrol – San Cibrao).

dos anos 90 deuse un fenómeno crecente de inserción laboral de estranxeiros no sector pesqueiro, cunha forte demanda de man de obra por parte das organizacións empresariais do mar .

Por outro lado, ao longo das últimas décadas produciuse, tanto na pesca de altura como na de baixura, “a penetración das novas relacións sociais implantadas co capitalismo, definidas a partir das relacións dos traballadores cos medios de produción” (Fernández, 1998: 157). Este proceso de mudanza na estrutura social relacionada coa pesca iniciouse no sur da costa atlántica galega, chegando á costa norte ou cantábrica, que se desenvolveu máis serodiamente, décadas despois. Segundo autores como Uxío Labarta (1985), a política pesqueira iniciada nos anos 60 levou a profundas alteracións na Galiza mariñeira, co paso do sistema de produción familiar ao industrial capitalista.

4.2.1. EVOLUCIÓN DA FLOTA E MUDANZAS NAS RELACIÓNS LABORAIS NO PORTO DE BURELA

Partindo dun pequeno núcleo de pescadores, cunha pesca netamente artesanal, os anos 50 foron decisivos para o despegue do sector pesqueiro burelao, que se centrou na “búsqueda de novos bancos de pesca, a mellora da flota e a acumulación de capitais do mar, pero tamén do campo” (Río, 2001: 38), o que, aliado ás obras de construción do novo porto, permitiu un forte proceso de desenvolvemento do sector, que supuxo moitas mudanzas, tanto nas embarcacións como no traballo e calendario dos mariñeiros.

A Lei 147/1961, anteriormente comentada, provocou en Burela a duplicación da flota, aínda construída en madeira, á que se lle aplicaron novos avances tecnolóxicos que permitiron que despegase definitivamente a pesca do bonito, impoñéndose sobre a tradicional do cerco (Concello de Burela, 2005). Nos anos 1967/8 comezáronse a construír barcos de ferro de gran tonelaxe, xurdindo a inicios dos anos 70 unha nova flota de arrastre de altura de carácter capitalista, que se despraza a augas do norte (Gran Sol, Irlanda), realizando as descargas no porto da Coruña (Suárez, 2011).



Foto 21: Porto de Burela (2008)

Ate a segunda parte dos anos 70, o sistema de recrutamento utilizado para constituír as tripulacións nutríase de poboación da localidade e da zona, que na costeira do bonito se vía reforzada por labregos dos concellos próximos do interior, que complementaban deste xeito os ingresos dos seus grupos domésticos. Mais a construción e posterior abertura da fábrica de Alúmina entre 1975 e 1980 provocou un forte traspase de man de obra do sector primario ao secundario na comarca, provocando que o sistema de recrutamento para as embarcacións utilizado ate entón fora inviábel, iniciándose a entrada de man de obra doutras zonas costeiras galegas (Costa da Morte), e mesmo estranxeira, destacando nesta altura portugueses e caboverdianos.

Estes novos pescadores substituíron a man de obra autóctona nun momento en que, grazas á introdución de novos artefactos tecnolóxicos, a flota burelá xa estaba presente no Gran Sol. En 1975 iniciouse unha nova actividade pesqueira, a do peixe espada, coincidindo cunha mala costeira do bonito (Suárez, 2011). Esta permitiu o desenvolvemento nas décadas seguintes dunha importante flota, na que se enrolarán moitos mariñeiros caboverdianos. A partir de 1982⁷ deuse unha época de bonanza relacionada coa pesca do pincho, que veu substituír á volanta como método principal de captura da pescada, reportando enormes beneficios ás flotas de Burela e Celeiro, que serviron en certo modo para capitalizar as empresas, que no sector da altura se foron volvendo cada vez menos familiares e máis capitalistas.

A partir da incorporación ao mercado europeo, as sucesivas axudas ao sector supuxeron a renovación da flota, mediante o abate das embarcacións de madeira, que foron substituídas paulatinamente por buques de ferro con maior capacidade pesqueira ate desaparecer case completamente na década de 2000. En paralelo con esta renovación da flota, produciuse un intenso proceso de tecnificación das embarcacións, cada vez máis preparadas para atopar e capturar os bancos de peixe e coñecer de antemán o estado do tempo, o que permite fuxir aos temporais mariños. As áreas de pesca fóronse ampliando sucesivamente ate chegar á actualidade, na que as embarcacións burelás traballan nas augas de varios continentes, moitas delas baixo a forma de empresas mixtas.

Nos anos 90, alén da destrución de emprego anteriormente aludida, producíronse moitos abates de embarcacións, coincidindo cunha baixada xeral dos prezos do peixe, que repercutiu negativamente

⁷ Varias embarcacións burelás facían parte da “*Lista dos 300*”, na que se enumeraban os barcos que a UE autorizou a pescar en augas do Gran Sol en 1987.

nos salarios dos mariñeiros. Esta etapa estivo marcada tamén pola chamada *Guerra do Bonito*⁸, que acompañaba cada campaña. O fin da época de bonanza fixo que os salarios non compensaran a dureza do traballo no mar, téndose reorientado moitos mariñeiros novamente ao traballo en terra, onde foron absorbidos por sectores como a construción. Os caboverdianos abandonaron a zona masivamente por non conseguir empregos noutros sectores, como se verá máis adiante.

A modernización tecnolóxica supuxo elevados investimentos por parte dos armadores, que ao longo da década de 90 foron abandonando a actividade patronal a bordo, sen atopar na maioría dos casos relevo nos seus fillos, contratando persoal especializado para os labores de control da navegación e da pesca, mudando significativamente as relacións laborais, xa que o armador foi deixando de formar parte da tripulación. Isto supuxo o principio do fin daquelas relacións nas que todos os membros dunha tripulación se sentían parte dun mesmo grupo, e partícipes dunha mesma empresa, acabando con un tipo de esquema laboral no que, segundo Pernas (2001), se diluían os límites das clases sociais. Ate aquel momento a maioría dos armadores eran mariñeiros, que tiñan accedido á propiedade dos barcos mediante o aforro e/ou as axudas estatais ou comunitarias, continuando cun estilo de vida mariñeiro, tanto eles como os seus fillos. Foise evidenciando unha “ruptura social”, da que despuntou a nova clase dos armadores, algo que xa tiña acontecido na maioría dos portos galegos. A ruptura acabou por facerse patente coa creación de ABSA (Armadores de Burela S.A.), empresa que representará só aos armadores a ela asociados, baleirando a Confraría de competencias non só na xestión e comercialización da pesca, senón tamén nos trámites de contratación de mariñeiros.

Fundada en 1997, ABSA “nace de la unión de un grupo de armadores con el objetivo de profesionalizar la gestión de las actividades pesqueras afrontando unidos los retos que se van presentando en el sector de la pesca⁹”. A súa creación foi a resposta ás oportunidades de financiamento para infraestruturas pesqueiras por parte da Xunta de Galicia aos seus portos máis importantes, que levou á construción dunha nova lonxa, inaugurada en 2002, da que se falará no próximo capítulo. O financiamento desta infraestrutura estaba supeditado á creación dunha organización empresarial que a xestionase.

⁸ Conflito entre a flota boniteira do Cantábrico, que empregaba métodos tradicionais selectivos de captura, e os buques franceses, que utilizaban redes de deriva de grande lonxitude, provocando a sobrepesca desta especie. Após anos de infrutuosas denuncias ante a UE e de peticións de defensa por parte do estado, en 1994 o porto de Burela converteuse en foco informativo, cando o groso da flota boniteira cantábrica conduciu ate este lugar ao pesqueiro francés *La Gabrielle*, co obxectivo de demostrar que estaba a pescar con redes ilegais, como de feito se fixo. Aínda así, a falta de apoio do estado español levou a que ate 2002 non foran prohibidas este tipo de redes na pesca do chamado atún branco (Suárez, 2011).

⁹ www.absaburela.com, consultado o 09/10/2011

4.2.2. CULTURAS DO TRABALLO E SISTEMA DE RETRIBUCIÓN Á PARTE

A **pesca de altura**, único nicho laboral dos homes caboverdianos en idade laboral ate a segunda metade da década de 2000, é, segundo un estudo realizado polo Ministerio de Traballo español¹⁰, un sector no que os períodos de descanso non sobrepasan as catro ou cinco horas continuadas, sendo considerado o oficio máis perigoso na UE (a posibilidade de que un mariñeiro sufra un accidente mortal ao longo da súa vida é de 3%, cifra que sube aos 50% no caso de accidentes graves).

A estes perigos, hai que acrecentar toda unha serie de riscos de orde psicosocial, relacionados coa ausencia en terra e a falla de contacto familiar e social que a propia actividade pesqueira implica, colocando aos mariñeiros no primeiro lugar de incidencia deste problemas, fronte aos outros sectores.

La vida a bordo de los buques conlleva una serie de riesgos psicosociales que determina graves perjuicios en el bienestar mental de los trabajadores, donde son frecuentes los cuadros de estrés, fatiga mental, desarraigo emocional, y trastornos del comportamiento (alcohol, drogas, tabaco). En este campo los trabajadores de la pesca extractiva padecen mayores riesgos que cualesquiera otros trabajadores de otros sectores productivos, lo que debe exigir una mayor atención de los mismos. (UGT, 2010: 24)

Na flota burelá continúa vixente de xeito maioritario o sistema tradicional de reparto, coñecido como **retribución á parte**, que implica a inexistencia dun salario fixo. Este sistema, segundo García Allut (1998), respondía en tempos pasados á realidade dunha actividade de tipo familiar, en embarcacións artesanais, suxeitas ás incertezas e riscos incontrolábeis deste tipo de pesca, sendo capaz de garantir os resultados tanto para o propietario como para os mariñeiros, que se sentían parte activa dos destinos da empresa. O desenvolvemento progresivo da pesca de altura en Burela non provocou cambios no sistema retributivo, que noutras zonas pasou a basearse nun modelo de salario fixo, que se considera “característico das empresas pesqueiras moi capitalizadas” (ibid.: 263), como as que actualmente compoñen o sector da altura na flota local. Agás no sector do arrastre, que conta cun convenio propio, todas as embarcacións de altura do Porto de Burela realizan o reparto salarial a través do antigo método, aínda que xa non se trate de un tipo de pesca ligado á familia nin suxeito a tantos riscos e incertezas.

Este sistema de reparto realízase a partir do **Monte Maior**, que é a cantidade bruta percibida pola venda do peixe. Dela descóntanse previamente os gastos xerais, que son variábeis segundo a

¹⁰La Voz de Galicia, 22/09/03, IUL <http://www.lavozdegalicia.es/heneroteca/2003/09/21/2008081.shtml>

embarcación¹¹. A cantidade resultante repártese entre armador e tripulación¹², sendo esta última denominada **Monte Menor**, a parte que será repartida entre a tripulación. Para realizar o reparto calcúlanse os **quiñóns**, que son partes iguais sobre as que se calculan os salarios dos diversos tripulantes, segundo a categoría profesional. O número de quiñóns varía segundo o número de tripulantes e a cantidade de quiñóns atribuída a cada un dos postos de traballo. Actualmente, unha tripulación-tipo dos buques de altura estaría composta por un patrón, patrón de pesca (denominado *costa*), maquinista, engraxador (2º maquinista), contramestre, mariñeiro-cociñeiro e entre seis e oito mariñeiros.

O Monte Menor adoita dividirse entre un número lixeiramente superior que o dos tripulantes, xa que algúns profesionais cobran máis do que outros. A distribución final destas partes adoita ser a seguinte: os mariñeiros cobran un quiñón por cada marea; o mariñeiro-cociñeiro, un quiñón e medio; o maquinista, un e medio ou dous, o patrón xeralmente máis de dous¹³. O cadro de persoal especializado, así como a división dos seus quiñóns, varía segundo a embarcación. O mesmo non acontece cos mariñeiros, cuxa parte permanece invariábel nun quiñón. Esta organización tradicional do traballo e dos seus ingresos, supón que, se os gastos son axustados ao importe da venda, ou incluso superiores (por escaseza de capturas ou venda a baixo prezo), se poida dar a situación de que, tras unha marea de traballo en alta mar, con condicións durísimas de traballo, un mariñeiro non teña dereito a cobrar nada ou case nada.

En 1995 derrogáronse as ordenanzas laborais que establecían os gastos que podían ou non ser adxudicados ao Monte Maior (UGT, 2010). A partir desa altura deixou de estar claro a nivel legal o contido dos gastos que se poden atribuír ao Monte Maior, provocando inseguridade nos cálculos e abrindo a porta ao cargo de gastos non atribuíbeis á tripulación. O paso tardío da flota burelá cara a pesca industrial, representada fundamentalmente por pincheiros e espadeiros, provocou mudanzas neste sistema retributivo, a favor dos armadores, para ficar a súa parte nun 60% na inmensa maioría dos casos, a partir da década de 90.

A entrada de inmigrantes nos postos de mariñeiros, sen ser coñecedores das tradicións da pesca galega, fan que se atopen desprotexidos ante eventuais abusos dos armadores no reparto. O descoñecemento do sistema de retribución imposibilita o control das partillas e o coñecemento dos

¹¹ Estes gastos acostumaban incluír alimentos, auga e aparellos. Nas últimas décadas inclúe tamén o gasóleo, un dos elementos de produción máis importantes e caros, as viaxes da tripulación dende o porto de desembarque a casa, etc.

¹² A porcentaxe correspondente ao armador é variábel, oscilando entre 40% para o armador e 60% para a tripulación, 50% a partes iguais, ou 60 para o armador e 40 para a tripulación.

¹³ En moitos casos se atribúen cantidades de ¼ de quiñón por labores como o estibado do peixe na neveira.

gastos reais que cada embarcación ten, sobre todo no que concirne aos gastos que se atribúen ao Monte Maior, que non adoitan aparecer de forma clara nos contratos asinados coas empresas pesqueiras, nin nas nóminas dos traballadores do mar, dando pé a que se inclúan nesta parte gastos que deberían ser atribuídos unicamente aos armadores, descontándolles, polo tanto, aos mariñeiros, cantidades diversas que non terían por que ser sufragadas polos mesmos, sendo unha fonte de conflitos entre as partes implicadas. A esta falta de control do sistema de retribucións únese a ausencia de relacións sociais próximas (parentesco ou veciñanza), que tradicionalmente funcionaban como método de control das retribucións e como garantes dun cobro “xusto”. Segundo García Allut (1998) a evolución cara unha pesca máis industrializada fai que se complique o sistema de partillas, perdendo transparencia, algo que non sucede na mesma medida na pesca de baixura.

Dadas as condicións laborais e salariais das tripulacións, sempre existiu unha intensa mobilidade dunha empresa a outra, no caso de descontento dos mariñeiros, ben polo escaso do salario, ben por problemas a bordo co patrón ou con outros membros das tripulacións. Ate finais da década de 2000 foron moi escasas as denuncias ante a xustiza, optándose dun xeito claro polo cambio de embarcación no caso de haberen problemas.


Todo esta trama do mundo da pesca vai influír na vida das mulleres caboverdianas, tanto polos pensamentos asociados aos riscos do traballo dos seus maridos, como polas tempadas que estes pasan ausentes do núcleo familiar e pola incerteza dos salarios cos que xestionar a súa vida familiar.

4.2.3. EVOLUCIÓN DA PRESENZA CABOVERDIANA NO SECTOR PESQUEIRO. 1978/1998.

En liñas xerais, a evolución dos mariñeiros caboverdianos en activo corresponde coas tendencias do sector pesqueiro burelao anteriormente expostas, que determinou o seu asentamento e evolución (Fernández, 2004), como se pode comprobar no seguinte gráfico¹⁴.

¹⁴Os datos que se presentan corresponden aos mariñeiros legalmente incluídos nalgún barco asociado ás organizacións citadas na metodoloxía. Hai que considerar que unha pequena parte das embarcacións que teñen empregado man de obra caboverdiana non se adscriben a estes organismos (tendo como base outros portos), e tamén que non sempre as condicións de traballo foron as ditadas pola lei, feito que pode levar a que o número real poida ser algo máis alto, aínda que non de forma significativa.

Gráfico 3: Evolución da presenza caboverdiana no porto de Burela. 1978/1999



Fontes: Confraría de Burela, Capitanía Marítima. Elaboración propia.

A incorporación dos homes caboverdianos ás embarcacións de Burela iniciouse en 1978, nun momento de modernización e renovación da flota burelá e de crise de man de obra. A incorporación inicial foi moi rápida debido á forte demanda de mariñeiros, especialmente entre os anos 1978 e 1980, nos que se pasou de cinco a vinte e tres caboverdianos enrolados. Estes homes foron atraídos por un pequeno grupo inicial, composto polos últimos traballadores en saír da montaxe da fábrica da Alúmina, que atoparon traballo na pesca. Algúns dos incorporados no período 79/80 regresaron a Burela despois de teren abandonado a zona ao quedar desempregados no fin da montaxe. Outros viñeron vía Portugal ou dende dalgún dos enclaves da man de obra caboverdiana nesa época (Andorra-Teruel, Bembibre). Algúns eran mariñeiros experimentados na pesca artesanal do seu país de orixe, mentres que outros eran *badiu* do interior, estraños ao exercicio da pesca, que nunca imaxinaron o mar como o seu medio de vida. Estes pescadores sentaron as bases da comunidade caboverdiana, que coa chegada de mulleres e crianzas comezou a súa andaina nun contexto social de grande crecemento da localidade e do seu porto, entrelazados para posibilitar que Burela se convertera na poboación de maior crecemento no contexto galego.

O desenvolvemento das subflotas do peixe espada e a pescada do pincho nos anos 80 tiveron como consecuencia un crecemento suave pero constante do colectivo, que deu lugar a que ao finalizar a década dos 80 o número de pescadores caboverdianos inscritos se tivera duplicado, pasando de vinte e tres en 1980 a cincuenta e catro dez anos despois, desempeñando Burela un papel relevante como polo de atracción dunha parte dos *badiu* que pululaban pola diáspora europea, moitos dos cales pasaron pola zona sen chegar a asentarse. No inicio dos anos 90 xa contaban cunha comunidade sólida, cunha presenza importante de mulleres e descendentes, facendo parte do efervescente conglomerado social que se fora asentando na localidade.

A evolución continuou en ascenso ininterrompido ate a crise que se fixo sentir no sector pesqueiro entrados os 90, que tivo o seu reflexo nunha forte tendencia á baixa do número de mariñeiros en xeral, á que os caboverdianos non foron alleos. Esta tendencia negativa mantívose ate a virada de século: en 1999, após seis anos de crise, acadáronse valores semellantes aos de inicios dos 80, menos de tres decenas de mariñeiros. Nas tripulacións de finais dos anos 90 xa se contaba cun pequeno número de tripulantes do grupo de descendentes dos mariñeiros caboverdianos, cuxo padrón de inserción foi exactamente o mesmo co dos seus proxenitores, situándose no máis baixo da escala laboral das tripulacións.

En definitiva, pódese afirmar que a presenza de inmigrantes caboverdianos na Mariña e nomeadamente na localidade de Burela, está determinada pola evolución do sector pesqueiro do seu porto, que impediu coa súa demanda de man de obra que o colectivo abandonase a zona, tras ter chegado como traballadores temporais da construción civil. As sucesivas etapas de bonanza e crise no sector provocaron o aumento e decrecemento dunha comunidade que se asentou definitivamente na zona.

4.3. AS PIONEIRAS (1978/1980). O NACEMENTO DA COMUNIDADE

Considéranse aquí pioneiras as mulleres chegadas á Mariña entre 1977 e 1980, no período que comprende o traballo de construción da fábrica e os anos iniciais de inserción dos seus maridos na pesca. Trátase dun grupo moi reducido. Na actualidade só permanecen en Burela seis desas mulleres, que non chegaron a ser unha ducia naquel período.

Estas mulleres pioneiras, esposas ou compañeiras dalgún home chegado anteriormente, atoparon un colectivo caboverdiano fortemente masculinizado, composto por homes que adoitaban partillar as escasas vivendas dispoñíbeis na zona. Neste contexto, constituíron os seus fogares, en moitos casos partillando vivenda entre varias parellas, que tamén acollían homes sós. A partir de 1978 comezaron a nacer os primeiros descendentes de migrantes caboverdianos na Mariña, iniciándose a tendencia cara a constitución de familias nucleares, que foi definitiva da fase seguinte.

Unha característica común ás pioneiras é o seu paso inicial por Lisboa e posteriormente por outros enclaves caboverdianos na España dos anos 70, como Teruel ou o País Vasco. Neste período, no que a mobilidade dos *badiu* en España estaba vencellada ás empresas de construción, eran moi poucas as mulleres que acompañaban aos seus homes. No momento da súa chegada á Mariña instaláronse espalladas en diversas localidades (San Cibrao, Cangas de Foz, Nois, Foz, Viveiro), non sendo Burela lugar de asentamento nos primeiros tempos, xa que se trataba dunha vila pequena, con escasas posibilidades de aluguer de vivendas, algo que só mudou entrada a década dos 80.

Nos tempos iniciais non foi difícil para estas mulleres atopar traballo nos máis diversos lugares, como fábricas de conserva, a fábrica de xeo no porto, restaurantes ou casas particulares. Naquel tempo na sociedade galega era moi frecuente o traballo somerxido, especialmente das mulleres, polo que as caboverdianas se inseriron de xeito alegal nos postos de traballo que atoparon, todos eles definidos pola temporalidade e baixos salarios, non sendo necesario contar con cualificación de ningún tipo.

A inexistencia dunha lei que regulara a permanencia e traballo dos estranxeiros en España fixo que se deran todo tipo de situacións no ámbito da legalidade en canto cidadáns estranxeiros, tanto no caso dos maridos como no delas. Normalmente, eles legalizaban a súa situación a través das ofertas de traballo como mariñeiros e elas como esposas destes traballadores. Na altura, o colectivo caboverdiano constituía unha excepción nunha terra marcada pola emigración dos seus habitantes.

A continuación preséntanse as historias de dúas mulleres representativas do colectivo de pioneiras, que mostran en primeira persoa como eran as súas familias de procedencia, os itinerarios seguidos ate asentarse en Burela e a incipiente organización dunha comunidade que na actualidade ten máis de tres décadas de existencia, que elas acompañaron dende os primeiros tempos¹⁵. Unha delas foi a primeira muller caboverdiana en chegar a Burela, en 1977, antes do asentamento da comunidade. A outra chegou en 1978, tamén con anterioridade á inserción laboral dos homes no mar. Unha delas chegou como esposa e outra como compañeira, sen ter formalizado o vínculo matrimonial. Esta última deixara dous fillos en Cabo Verde ao coidado da súa nai; a outra aínda non tiña descendencia. A primeira chegou a Burela con vinte anos de idade e a segunda con cinco máis.

4.3.1. MARINA. A PRIMEIRA MULLER CHEGADA COMO ESPOSA

Marina instalouse en San Cibrao en 1977, sendo a primeira muller caboverdiana en chegar á zona¹⁶. Natural dunha aldea do interior, na que naceu a finais de 1956, cando saíu do arquipélago, en 1976, xa levaba case cinco anos casada con Pedro. El era un veciño da localidade, tres anos maior que ela, que ficara a *deberlle* o casamento despois de manter relacións sexuais sendo ambos adolescentes. Como Marina tiña tan só 15 anos, tiveron que “comprar” a idade para poder celebrar o matrimonio¹⁷.

O marido de Marina emigrou a Portugal en 1971, pouco despois de casar, e ela ficou coa sogra, nunha casa próxima á dos seus pais, a quen vía regularmente. O sogro estaba emigrado en Portugal, dende onde facilitou a migración de Pedro e posteriormente de todo o grupo doméstico. En Cabo Verde, Marina traballaba como *rabidante* e produtora doméstica.

Entre tanto, o seu marido, un dos pioneiros *badiu* en España¹⁸, estivo un tempo en Lisboa en diversos traballos, de onde pasou, en 1972/3, a traballar cunha empresa española na construción do encoro de Cedillo (Cáceres), do que se falou anteriormente. En 1974 tentou pasar clandestinamente a Francia, sendo detido pola policía francesa, que o devolveu a España e de aí regresou novamente a

¹⁵ Aínda quen nesta presentación aparecen as súas vivencias nos tempos pioneiros, a súa voz figura en apartados posteriores, dedicados a outros aspectos da súa realidade.

¹⁶ Marina chegou con outra muller caboverdiana, cuxo marido traballaba co seu, que tempo despois deixou Burela.

¹⁷ En Cabo Verde ate tempos recentes foi práctica habitual o casamento de nenas menores, a pesar das prohibicións legais. Para iso existían procedementos, denominados “comprar a idade” que consistían en alterar os rexistros de nacemento ou en facer un rexistro novo para poder levar a cabo o casamento e limpar a honra familiar, previo pago, non sempre monetario nin directo, a algún funcionario.

¹⁸ Un dos pioneiros entrevistados. Ver táboa de entrevistas en anexo.

Portugal. Acabou por establecerse definitivamente en España grazas a un amigo, que buscaba en Lisboa compatriotas para traballar na empresa *Entrecanales*, na construción das autopistas vascas.

Pedro “mandou buscar” a Marina varias veces ao longo dese período. Ela resistiuse, pero acabou por acceder, a pesar de que non quería separarse da súa familia. Pedro mandoulle unha carta para propiciar a súa migración, que xunto co pasaporte e o certificado de casamento eran suficientes para chegar a Portugal.

Cando Marina chegou a Lisboa en 1976 esperábana o seu irmán e dous cuñados. Foi para a casa da familia de Pedro, en Algés, que lle pareceu un lugar “precioso” a primeira vista, pero pouco lle durou esa boa impresión: “cuando ví las casas, donde vivían ellos, eran barracas, creía que eran casas de galiñas e ao final eran ...”.

O seu marido foi buscala a Lisboa e xuntos colleron o tren para España. Na fronteira non tiveron problemas para pasar, porque el tiña documentación para residir legalmente no país. Unha vez no destino, Llodio, na provincia vasca de Álava, Marina legalizou a súa situación como esposa de inmigrante. Lembra aqueles tempos como difíciles, porque non entendía nada e estaba sempre na casa, soa, mais tamén como unha “lúa de mel” co seu marido, tras anos de separación. Meses despois, a Pedro ofrecéronlle traballo na construción de Alúmina e veu para A Mariña, mentres ela esperaba en Euskadi. Unha vez que el conseguiu unha casa para vivir, algo difícil naquela altura, foina buscar para ir instalarse en San Cibrao, a localidade máis próxima á fábrica. Cando chegou, “caeume o mundo encima, porque non había nada”.

Durante as obras da fábrica, a súa casa era a de todos os caboverdianos, porque non había casas nin pisos para alugar e todos acababan por pasar por ela mentres atopaban acubillo noutro lugar. Nela centralizábase a información para todas as persoas que ían chegando, constituíndo unha referencia para saber doutras persoas e lugares e de posíbeis traballos.

Posteriormente alugaron xunto con outras parellas e algúns homes solteiros unha casa de tres plantas. Alí puido manter contacto cotiá con outras mulleres caboverdianas, o cal considera unha sorte, porque as poucas compatriotas que había na zona estaban espalladas por distintas vilas e aldeas da Mariña, o que dificultaba a súa comunicación. Naquela casa partillada eran “tantos”, que comían os homes e despois elas, “porque non collíamos na mesa”. Daquela, as mulleres ocupábanse dos traballos domésticos para os homes que non tiñan esposa ou compañeira.

Marina lembra que en 1978, co fin das obras da fábrica, a maior parte dos homes marchou, quedando na zona unhas poucas familias. Unha vez inseridos na pesca os primeiros caboverdianos, volveron chegar homes e algunhas mulleres. Ela permaneceu na zona nese intervalo de tempo en Burela porque Pedro, que tiña sido o primeiro caboverdiano en chegar, foi o último en abandonar o traballo na fábrica e deseguida enrolouse como mariñeiro, a pesar de ser de terra dentro e non contar con experiencia no mar.

A súa primeira filla naceu en Burela en 1981, sendo seguida dunha segunda en 1984 e do *kodé* en 1997. Marina mantívose activa todos estes anos, traballando en todo tipo de empregos relacionados coa limpeza e o coidado de persoas.

4.3.2. NHANHA. MIGRACIÓN AUTÓNOMA

Entre as pioneiras existiu un caso excepcional de emigración feminina en solitario. **Nhanha** tomou a decisión de emigrar pola súa conta e foi para Portugal no ano 1976. En Cabo Verde era mestra de primaria nunha aldea próxima á súa, o que lle permitiu dispor dalgún diñeiro aforrado, que investiu en sacar o pasaporte portugués e comprar a pasaxe. Nhanha provén dunha localidade costeira próxima á capital, na que naceu en 1953. Criouse no seo dunha familia monoparental encabezada pola súa nai, sendo a filla máis vella nun grupo de cinco irmáns de tres pais diferentes. Ao migrar, deixou os seus dous fillos de curta idade ao cargo da súa nai e irmás, coas que vivía nun fogar matrifocal de varias xeracións de mulleres coas súas crianzas.

Nhanha é consciente da excepcionalidade da súa migración, nunha illa na que estaba mal vista a migración feminina autónoma, a diferenza doutras illas do arquipélago nas que as mulleres son as primeiras en migrar.

“É que mesmo, mesmo en Cabo verde hai sitios, hai sitios que hai máis libertad entre homes y mujeres y hay sitios que no. Sí. Porque por ejemplo, en San Vicente o en otras islas, hay muchas mujeres que emigran ellas...En Santiago no... Y emigran para Italia, vienen para Portugal. Y vienen, después mandan buscar al marido... Y para América, sí. Porque si tienen familiar, les mandan a buscar, después vienen ellas, y ya vendrán ellos, sí. Pero en cambio en Santiago, ya... si sale una mujer, igual te denuncian. Sí”. (EG1)

Migrou chea de ilusión, que cedo se esvaeceu. O seu destino ligouse pouco despois ao dun compatriota, co que seguiu a ruta que a trouxo a Galiza, previo paso polo País Vasco.

“Yo embarqué por mi cuenta. Yo en Cabo Verde tenía buena vida. Yo era profesora, ganaba mi dinero...Yo vine por ilusión, porque una compañera me mandó unas fotos, con pelucas, que estaba toda maquillada, estaba preciosa. Cuando yo llegué a Lisboa, en el año 76, todos los caboverdianos vivían en chabolas, casas de madera, cubiertas con latón... que en Cabo Verde no había de eso. Yo no conocía los caracoles, ni nunca había visto hielo. Llegué en el mes de febrero, llegué allí a Lisboa. Dentro de aquella chabola, con caracoles ahí en el techo, después, ahí hacías la comida, ahí estaba la cama, ahí estaba donde se hacía caca. Ahí, de todo ahí mezclado. Yo dejara un niño con ocho meses, estaba dándole pecho. Mira, tenía fiebre, dolor de pecho... Lloré, lloré y lloré, sin una peseta!. Sin nada, sin nada, sin nada, sin nada. En casa de la señora donde estuve, me daba de comer. Y después me daba cien escudos para pagar el billete de aquí a allá para ir a buscar trabajo. Menos mal que yo sabía leer. Entonces cuando iba buscar trabajo, entraba en un bar, cojía el periódico, empezaba a leer. Pero no sabía donde quedaba el sitio al que estaba llamando!. Entonces las pasé canutas!. Me llevé dos meses o así, con ayuda de otras compañeras, para tranquilizarme un poquito. Después, a los seis meses, me encontré con el desgraciado este, que fue bueno en aquel momento, me trajo para España, y pasé”. (EG1)

Cando Nhanha e o compañeiro chegaron a España, foron vivir xunto a outra parella caboverdiana á localidade alavesa de Salinas de Añana, onde o seu home traballaba nas obras da autoestrada á altura de Zuazo de Cuartango. Nese tempo, ela traballou por primeira vez en territorio español, na cantina da empresa que empregaba os homes, que dispoñía duns barracóns nos que vivían moitos traballadores. Os que estaban acompañados polas mulleres vivían en casas independentes.

A finais de 1977 o compañeiro veu á Mariña para traballar na construción da fábrica de Alúmina e ela ficou esperando a ser chamada. Despois de dous meses de espera, embarazada, decidiu seguilo pola súa conta, para o que animou a outra compatriota que estaba tamén á espera de ser chamada polo “marido”. Xuntas recolleron as súas escasas pertenzas e tomaron o tren en Miranda de Ebro ate Lugo, de onde seguiron viaxe en taxi ate San Cibrao. Tiñan o contacto de Marina e Pedro, aos que non coñecían, escrito nun papel. Na súa casa atopáronse cos seus homes e instaláronse a vivir.

Nhanha relata como no fin da construción da fábrica, moitos homes acolléronse ao subsidio de desemprego e comezaron a buscar novos destinos. Outros comezaron a traballar nunha empresa de construción local, mentres uns poucos fixéronse ao mar. Cando regresaron da primeira marea, que fora moi boa, animaron a outros homes, que se enrolaron tamén. Esta muller lembra que só conseguiron comezar a mandar cartos aos familiares nas illas a partir da inserción dos homes na pesca, e era moi complicado facelo, xa que só existía a vía das persoas que viaxaban ás illas ou vía Lisboa.

A primeira filla que Nhanha tivo en España morreu ao pouco de nacer, no inicio de 1978. Pouco despois, mudouse a Cangas de Foz co compañeiro, co que nunca se chegou a casar. Alá naceu a súa segunda filla, en decembro dese mesmo ano, que é a primeira descendente de persoas

caboverdianas nacida en Galiza. O *kodé* naceu tres anos despois, cando xa vivían en Burela. Lembra toda aquela época como de estar “perdidas”, xa que a comunicación con Cabo Verde era moi difícil, non había máis información que a que traían as persoas que chegaban do arquipélago ou de Lisboa. A comunicación telefónica era moi complicada: se en Cabo Verde había poucos teléfonos, en lugares como Cangas as cousas non eran moito mellores, xa que había un só teléfono público na parroquia. Ela, que sabía escribir, acostumaba enviar cartas á súa familia de vez en cando. Tamén axudaba a outros migrantes analfabetos a comunicarse por carta coas súas xentes.

4.4. A SEGUNDA VAGA: O ASENTAMENTO DE FAMILIAS (1981 – 1993)

No inicio dos anos 80, a posibilidade de traballo para os homes na pesca levou a que foran chegando e asentándose novos mariñeiros caboverdianos, desencadeándose dende ese momento procesos de reagrupamento familiar, que deron pé á chegada de máis mulleres e crianzas. Isto provocou que o grupo inicial de migrantes caboverdianos, composto fundamentalmente por elementos masculinos, se transformase paulatinamente nunha comunidade de composición predominantemente de tipo familiar, o que ate hoxe ten constituído un factor de permanencia nesta área xeográfica. Este proceso coincide coa etapa migratoria definida como de reagrupamento na diáspora caboverdiana en Europa (Góis, 2006), na que os pioneiros que saíran ao longo da década de 70 facilitaron a migración das súas familias.

Por outro lado, avanzada a década, produciuse a chegada de familias enteiras procedentes de Portugal, atraídas pola información de posibilidade de traballo no mar, que para os naturais das localidades maioritarias de orixe tiña sido a súa ocupación principal dende nenos. Nestes casos, normalmente os homes viñan primeiro, deixando a familia en Lisboa ate ter asegurado o traballo e un teito baixo o que vivir. Un grupo máis reducido das chegadas de familias produciuse nos primeiros oitenta dende outros enclaves caboverdianos en España, especialmente Zaragoza, Teruel e Bembibre.

Alén das persoas e familias que se instalaram definitivamente na zona, existiu un grupo numeroso de individuos e de familias flutuantes que, após unha curta estadía, reemigraba novamente. Este feito pode ser comprobado especialmente nos datos obtidos nos centros escolares, que demostran que nesta fase foi frecuente a chegada de crianzas aos centros, permanecendo durante un curso ou dos, ás veces incompletos.

Coa chegada paulatina de máis mulleres, o tipo de organización nuclear foise facendo máis forte, chegando a tornarse no tipo de organización doméstica dominante. Así, as mulleres chegadas entrados os anos 80 foron atopando un tipo de estrutura na que integrarse diferente da das pioneiras, organizada en torno á familia nuclear, na que o home xogaba un papel central, a pesar da ausencia determinada pola actividade pesqueira.

A cantidade de familias foi medrando, concentrándose en Burela cara o fin da década. O número de persoas e familias de orixe caboverdiana que pasaron pola zona constitúe ate agora unha incógnita.

Porén, a partir dos datos recollidos pódese afirmar que na segunda metade dos anos 80 o colectivo caboverdiano medrou considerabelmente, chegando a ter un tamaño aproximado dunhas 200 persoas, segundo informaba a publicación burelá “O Trasnó”, editada polo *Colectivo Cultural BURIL*, en decembro de 1988, que falaba de “máis de 200 ´morenos` repartidos en Foz, Burela, San Cibrao e Viveiro” (C.C.Buril, 2011: 125), o cal coincide cos datos do meu arquivo. Tendo en conta que nos anos 80 a poboación total de Burela aproximábase aos 5.000 habitantes, a comunidade caboverdiana supoñía nesa altura o catro por cento da poboación.

4.4.1. ASPECTOS LEGAIS DO PROCESO MIGRATORIO. LISBOA, ESPAZO DE TRÁNSITO E ESTADÍA

As migrantes dos anos 80 chegaron á Mariña a través das redes familiares, unhas pasando por Lisboa sen permanecer máis duns poucos días, e outras despois de ter vivido na metrópole. En todos estes casos, as persoas chegaban atravesando as fronteiras, ben de forma irregular, regularizándose posteriormente, ben con documentación portuguesa¹⁹.

Ao longo das dúas décadas iniciais de asentamento da comunidade caboverdiana na Mariña, Lisboa xogou un papel fundamental non só como lugar de tránsito cara Galiza, senón tamén de permanencia. No caso dos homes, moitos permaneceron períodos de tempo máis ou menos longos na capital lusa ate producirse o asentamento das comunidades históricas en España, en torno a 1978. No caso das mulleres, a pesar de que a maior parte delas utilizaron Lisboa como lugar de tránsito, un pequeno grupo permaneceu o tempo suficiente como para ter fillos, traballar e/ou conseguir casa, a maior parte das veces mediante a autoconstrución nalgún dos *bairros* da metrópole.

En 1985 aprobouse a *Ley sobre derechos y Libertades de los Extranjeros*, cuxo Regulamento foi ditado un ano despois, estando baseado nun esquema represivo e policial do control das fronteiras e das persoas estranxeiras en territorio español, sen conceder aos estranxeiros dereitos como o reagrupamento familiar²⁰ e sen preocuparse con aspectos como a súa integración social (Blanco, 2004). Esta lei estivo en vigor, con algunhas modificacións, ate o ano 2000, tendo sido repetidamente denunciada polas organizacións sociais e declarados inconstitucionais varios dos seus artigos polo Tribunal Constitucional en 1987. A lei de 1985, promulgada pouco antes da entrada de España na

¹⁹ Só unhas poucas das familias que residían en Portugal na altura da independencia de Cabo Verde conseguiron obter documentación portuguesa, mantendo a nacionalidade do antigo colonizador.

²⁰ O reagrupamento é un dereito dos traballadores estranxeiros, que supón a posibilidade de promover a migración de certos familiares (normalmente, cónxuxes, descendentes e ascendentes), para residir coa persoa reagrupante, que debe iniciar un proceso burocrático ante os servizos consulares.

Comunidade Económica Europea, que converteu a España nunha das fronteiras exteriores da mesma, respondeu aos mandatos comunitarios, coa pretensión de por freo ao papel de España como país de tránsito e estancia irregular de inmigrantes, procedentes fundamentalmente do continente africano e de América Latina. A entrada na CEE, que coincidiu co aumento dos fluxos de migracións laborais a España, moitos deles irregulares, provocou que nos anos seguintes se endureceran as políticas de control sobre os residentes estranxeiros.

A devandita lei consagrou o visado como mecanismo de control da entrada para quen pretendese migrar a España como traballador/a, obtendo o permiso de traballo a partir dun visado de residencia laboral. Comezou a funcionar o denominado “régime xeral”²¹, que segundo autoras como Blanco (2004), nunca funcionou correctamente, pois non se adecuaba á realidade do mercado laboral, o que facía que os candidatos a migrar a España entrasen maioritariamente como turistas, regularizando posteriormente a súa situación en destino, sempre que dispuxesen dunha oferta laboral. No caso dos fluxos caboverdianos a España, a inexistencia de embaixada ou representación consular española no arquipélago dificultaba aínda máis a migración no marco legal. Os trámites debían ser realizados na embaixada española en Senegal, a onde os candidatos a migrar non se desprazaban, utilizando Lisboa como porta de entrada. O mesmo sucedía nos reagrupamentos familiares, que naquela altura non estaban recoñecidos legalmente.

Neste contexto, a maioría das mulleres e crianzas caboverdianas chegadas nestes momentos realizaron o percorrido migratorio de xeito irregular, tendo que pasar a fronteira luso española das máis diversas formas, ao igual que tiñan feito as pioneiras. Entrados os anos 80, os controis fóronse endurecendo, dando lugar á necesidade de recorrer aos pasadores, como antigamente, como se verá máis adiante na historia de Kodé, unha das protagonistas desta fase.

Unha vez na Mariña, non era difícil para as mulleres legalizar a súa situación, en calidade de esposas, co auxilio do Consulado de Portugal en Vigo, que continuou fornecendo documentación do país de orixe aos cidadáns caboverdianos durante un longo período após a independencia do arquipélago. Unha vez chegadas ao destino, realizábase a tramitación burocrática de legalización ante a Policía Nacional da localidade próxima de Viveiro, onde presentaban documentos xustificativos da situación laboral do marido (contrato e nóminas) xunto co permiso de traballo deste e os documentos que probasen a unión matrimonial. Os seus documentos de residencia eran dependentes dos documentos do esposo ou pai, non autorizando a estas mulleres a traballar.

²¹ “O réxime xeral, que vén mantendo o mesmo esquema dende os anos oitenta, esixe, para obter o visado de residencia laboral no consulado ou embaixada española no país de orixe, a presentación dunha oferta ou precontrato laboral suscrito por un empregador ou empregadora en España” (Blanco, 2004: 72).

Na illa de Santiago denomínase *kontrolu* ás prácticas de migración clandestina ou ilegal, que sempre existiron. Convén lembrar neste punto que os habitantes de Santiago, ate os anos finais do colonialismo, tiveran que afanarse en fuxir do control das autoridades, que consideraban a illa como territorio sometido ás leis do *indigenato*, e impedían aos seus habitantes migrar cara os destinos do mundo desenvolvido (Fikes, 2000).

Unha forma peculiar de entrar en Europa durante a década de 80 e inicios dos 90, foi mediante a utilización dos documentos de residencia legal doutras persoas, suplantando a súa identidade, revertendo ao seu favor a percepción da poboación branca de que “todos os negros son iguais”. Deste xeito conseguiron alcanzar o seu obxectivo de migrar a diversos países europeos unha importante cantidade, imposíbel de cuantificar, de homes, mulleres e menores caboverdianos. O máis frecuente era utilizar o documento de residencia en Portugal dun emigrante que viaxaba a Cabo Verde, que en moitos casos podía ser irmán ou primo, mais noutros sen parentesco algún. Este emigrante prestaba o seu documento a outra persoa do mesmo sexo e similar idade, que viaxaba a Portugal e acostumaba entrar no país sen maiores complicacións. Unha vez conseguida a entrada, enviaba o documento de volta ao seu dono, que tiña ficado no arquipélago. Nalgunhas ocasións, as persoas eran descubertas xa no aeroporto internacional de Sal, impedíndoselles a saída do país. Coñezo un caso no que o *kontrolu* saíu mal, coa consecuenta perda do documento da persoa que estaba legalmente en España.

Nalgúns momentos empregáronse tamén pasaportes falsificados, o que supuña un gasto considerábel. Noutros casos, utilizábanse os documentos alleos como estratexia para protexer a viaxe dentro das fronteiras europeas dalgunha persoa en situación irregular, que viaxaba co permiso de residencia doutra entre destinos diversos, nos que contaba co apoio de distintos familiares e amigos da rede transnacional.

Outras formas de *kontrolu* serían o pago a algún intermediario, para obter un visado de turista en Portugal ou outros países, ficando posteriormente en situación irregular²². Este tipo de prácticas foron mudando conforme os tempos, sendo cada vez máis difícil o paso con documentos alleos ou falsificados, debido ao crecente control sobre a inmigración no Estado Español e no ámbito comunitario europeo, incluíndo Portugal, que nesta altura era a porta de entrada preferente. A capital lusa funcionou, ate mediados dos anos 90, como nodo fundamental da rede migratoria entre Cabo Verde e Europa. En **Lisboa** redistribuíanse os fluxos de migrantes caboverdianos con destino a

²² Esta práctica continua existindo na actualidade, chegándose a pagar por estes visados cantidades que poden chegar aos catro ou cinco mil euros.

outros países europeos (Góis, 2006). Ate finais da década de 90, a maior parte dos procesos migratorios que unían Santiago e a costa de Lugo fixéronse a través desta cidade.

Na súa área metropolitana espallábase unha ampla rede de parentes, veciños e compatriotas, cuxas condicións de existencia foron retratadas no primeiro capítulo, que recibían á persoa e prestábanlle o apoio inicial. Para a maioría das persoas caboverdianas que migrou neses anos, a chegada a Lisboa constituíu un choque, ao comprobar as duras condicións nas que vivía o colectivo, afastado da sociedade portuguesa nos barrios gueto, segregados e carentes de todo tipo de infraestruturas.

Un dos puntos comúns nos discursos das mulleres pioneiras e da segunda vaga é o choque da chegada a Lisboa, que algunhas relatan como a “ruptura dun soño”, na que se esfumou a ilusión dunha vida mellor, quebrada pola realidade dos barrios da metrópole. A chegada á grande Lisboa supuxo o esvaeceamento da Europa imaxinada, que nada tiña que ver coa realidade, sendo avaliadas en moitos casos as condicións de vida como peores que as de Cabo Verde, onde era frecuente teren deixado os fillos e fillas a cargo das avoas ou doutras mulleres próximas.

4.4.2. TABANKA: A EMERXENCIA E DESPARICIÓN DUNHA ORGANIZACIÓN COMUNITARIA

Dentro desta longa fase, os anos finais da década de 80 e iniciais dos anos 90 foron moi dinámicos para a comunidade, que permanentemente recibía novos membros, contando cunha base



Foto22: Celebración comunitaria. Burela (1985) (cedida por Maria da Silva)

sedimentada constituída polas familias dos pioneiros e das persoas chegadas no inicio dos anos 80, que xa contaban cunha década de permanencia na zona. Daquela a comunidade xa se atopaba maioritariamente organizada en base a familias nucleares, cunha importante presenza de crianzas, que se escolarizaban nos centros da zona, contribuíndo a abrir o marco de relacións interétnicas. En 1987 produciuse un feito fundamental na historia da comunidade caboverdiana, a creación da *Asociación Cultural TABANKA*, que estivo activa durante un par de anos. Na fundación da organización tivo un papel decisivo Alexandre Monteiro²³, que ocupou a presidencia nese período. Algunhas mulleres fixeron parte da directiva da asociación dende a súa constitución, a proposta do líder, que consideraba mellor que ocupasen elas os cargos, por “*amosar uma maior vontade e capacidade de aprendizagem*”. Aínda así, nesa época foron homes os que a representaron publicamente.

Alexandre Monteiro, nacido en 1950 nunha localidade do interior de Santiago, saíu de Cabo Verde en 1971, formado como Técnico Agrícola. En Lisboa traballou nun gabinete de atención aos emigrantes no Ministerio de Ultramar, continuando estudos superiores na área de Criminoloxía. Anos despois coñeceu a Marina e Pedro²⁴ en Algés, na casa duns familiares, que lle convidaron a visitar Burela, onde pasou dous meses en 1984. Despois dirixiuse a Bembibre, onde instalou o seu “*quartel geral*” no Hotel Comercio, e comezou a facer contactos cos caboverdianos residentes nas diversas zonas da provincia de León. Pouco despois regresou a Portugal para por en orde as súas cousas, coa determinación de regresar á localidade berciana como un “*imigrante*”. Inscribiuse como residente no concello de Bembibre e comezou a traballar nunha empresa de fabricación de tellas e tixolos nunha localidade próxima, ademais de impartir aulas de artes marciais a crianzas. Continuou cos contactos coa comunidade, no Bierzo e Laciana, ampliando a súa acción ás institucións e organizacións sociais autóctonas, con especial relevancia do sindicato UGT. Como froito do seu labor, unha vez multiplicados os contactos e debates, legalizouse en 1986 a primeira asociación caboverdiana en terras españolas, a *Asociación Cultural Amilcar Cabral*, con sede en Bembibre, cuns estatutos elaborados por Alexandre en base ao traballo anterior. Despois dun intenso traballo de contactos coas autoridades caboverdianas, a través da embaixada de Lisboa, e coas asociacións caboverdianas nesta cidade, inauguraron en 1987 o seu local, que continuou funcionando ate a actualidade.

²³Nome real. Realizouse unha entrevista escrita 2012, vía internet, dende Suíza, onde reside na actualidade este líder comunitario, figura esencial na creación de *Tabanka*. Mantéñense en lingua portuguesa as súas palabras orixinais.

²⁴ Ver apartado 4.3.1.

Nese mesmo ano, Alexandre regresou a Burela, despois de ter ficado sen emprego debido á reestruturación da fábrica na que traballaba: *“na minha maleta eu levava um plano para implementar-me uma Associação similar a de Bembibre”*.

Despois dos preceptivos contactos coa comunidade, as autoridades locais e provinciais, en 1987 naceu a *Asociación Cultural TABANKA*, que foi recoñecida polo Goberno Civil de Lugo. Alexandre, co aval da delegación do ISM²⁵ de Burela, conseguiu legalizar a situación de moitos compatriotas, que se enrolaron como mariñeiros, solucionando un dos problemas que naquela altura máis preocupaban aos caboverdianos, a cuestión legal. A súa outra principal preocupación era o *“Trabalho e Afirmação como uma parte de Povo de Cabo Verde com os seus Valores e Tradições”*.

Na altura da súa fundación *Tabanka* levou a cabo diversas actividades, participando en xuntanzas municipais de asociacións e organizando eventos de difusión da cultura caboverdiana, como unha exposición da artesanía durante as festas patronais de Burela de 1988. Alexandre conseguiu iniciar unha colaboración entre dous armadores de Burela e a *Direção Geral das Pescas* do seu país, que entre outras actividades formou mariñeiros en Cabo Verde na área da pesca industrial, na que foi a primeira relación formal entre entidades dos países de orixe e destino desta corrente migratoria.

Os representantes da asociación daban conta nunha publicación local dos seus problema e aspiracións. O cadro de problemas definidos por *Tabanka* naquela altura non difire moito do realizado polo BogAvante dez anos despois.

Ao aumentar rapidamente a comunidade comencan os problemas de documentación, permisos de traballo, etc., é dicir, burocráticos, que se ven aumentados ao non existir embaixada de Cabo Verde no noso país. Para calquer asunto de papeleo debían ir á embaixada portuguesa (da cal era colonia ata non hai moito Cabo Verde), que ten a súa delegación máis cercana en Vigo. Por medio da asociación estes problemas solucionaríanse en conxunto para os asociados que o precisen, poñéndose en contacto directamente coa embaixada de Cabo Verde en Lisboa... Non é dende logo a única aspiración de *Tabanka* o solucionar-los problemas burocráticos dos seus asociados. Cando unha comunidade se atopa alonxada do seu medio natural, nun país cunha lingua e costumes tan diferentes dos seus, é primordial tanto facer fronte a estes problemas para un mellor desenvolvemento das persoas no seu novo medio de vida, como lembrar as súas tradicións para que non desaparezan, creando así un lazo de unión entre estas oitenta familias e as súas raíces²⁶. (C.C.Buril, 2011: 175)

²⁵ Instituto Social da Mariña.

²⁶ Artigo escrito por Carmen Panizo e Concepción Camacho, en base a unha entrevista aos responsábeis de *Tabanka*, editada no nº 18 da revista *O Trasnó*, en febreiro-marzo de 1989, p. 25. (ver bibliografía).

Algúns dos proxectos que a asociación pretendía desenvolver centrábanse na aprendizaxe lingüística, nunha dupla vertente, xa que se consideraba que existían dificultades, tanto para os chegados de Cabo Verde, que non coñecían a(s) lingua(s) da sociedade de acollemento, como para as crianzas, que aprendían de xeito dificultoso as tres linguas en presenza.

Entre os seus proxectos está a creación dunha escola na que ensinar a ler ós adultos que fora compatible co seu traballo no mar (no caso dos homes); ensina-la súa lingua aos nenos, cáseque todos nados eiquí, e que, aínda que a escoitan nas súas casa, fáielle difícil empregala, principalmente pola mezcla que fan entre a súa lingua, o galego e o castelán; axudar aos que van chegando directamente de Cabo Verde a coñece-la nosa lingua para que poidan desenvolverse (ibidem).

Con este tipo de declaracións públicas, o colectivo caboverdiano transformouse en actor social e político, a través da súa propia organización comunitaria. Ate ese momento nunca se tiñan mostrado publicamente como un grupo social, coas súas especificidades, problemas e demandas. Os representantes de *Tabanka* definían problemas en torno a dous campos: a situación legal e o aspecto cultural, propondo a realización de actividades de promoción da súa propia cultura. Nesta definición de problemas resalta a ausencia de alusións ao aspecto laboral, alén dos aspectos legais, referido a homes ou mulleres.

Alexandre Monteiro deixou Burela en 1989, con destino a Zaragoza, ficando outro home a cargo da presidencia de *Tabanka*. Nese mesmo ano organizouse unha festa nunha discoteca da localidade, cun grupo de músicos caboverdianos vidos de Lisboa, tras a que faleceu unha muller caboverdiana nun accidente de tráfico, con varias persoas feridas. Celebrouse o primeiro funeral dunha persoa caboverdiana en Burela, na que participou activamente toda a comunidade, implicándose na realización das exequias.

A partir deste momento a actividade asociativa paralizouse. Aínda que parece indiscutíbel que a marcha de Alexandre influíu decisivamente no final da actividade asociativa, outros factores concorreron neste parón. Por unha banda, algunhas mulleres entrevistadas achacan o fin da asociación á falta de compromiso das persoas caboverdianas no pagamento de cotas para sustentar a súa actividade, acabando os membros da directiva por ter que asumir os gastos do seu propio peto. Algunhas entrevistadas afirman que “empezou a haber problemas e rolos” coa xente nova que foi chegando e abandonaron a actividade, aínda que non chegaron a dar de baixa a asociación. Por outra banda, o desenlace fatal da primeira festa organizada por *Tabanka* é apuntado como unha fonte de desánimo que se veu xuntar ao anterior. Do mesmo xeito, algunhas das propias mulleres implicadas na asociación lamentan a incapacidade feminina para levala adiante despois da marcha do líder.

“Vino Alexandre, era todo ilusión, empezamos a hacer cosas pero después parou todo... marchou el, luchaba mucho, muchísimo para la asociación, después quedamos nosotras”. (M1)

A pronta desarticulación da organización comunitaria levou a que os problemas definidos non atoparan solución definitiva, excepto algúns casos individuais de legalizacións, impedindo, por outro lado, que agromaran outro tipo de problemas que afectaban a comunidade, que serían expresados dez anos despois, no diagnóstico preliminar do Proxecto BogAvante. Mais a asociación deixou unha semente que viría agromar anos despois, no marco da intervención social.

No final da grande etapa de crecemento continuado que se iniciara en 1978, en 1993 chegouse a un punto álxido no número máximo de mariñeiros caboverdianos enrolados no porto de Burela, onde había un mínimo de sesenta e nove, na maior parte dos casos acompañados das súas familias. A comunidade podería estar formada por unhas 250 persoas como máximo no fin desta fase.

4.4.3. AS MULLERES DA SEGUNDA VAGA: ANOS 80

As mulleres chegadas nesta etapa foron atopando un contexto de asentamento diferente ao do reducido grupo de pioneiras. Estas últimas, que xa levaban varios anos na zona, actuaron como acolledoras das que ían chegando, apoiándoas e guiándoas na súa inserción na sociedade mariñá, á que chegaban maioritariamente vía Lisboa, que continuou a ser un lugar “asustador” na súa primeira toma de contacto coa Europa soñada.

En moitos casos a chegada das novas migrantes dábase en momentos nos que os maridos se atopaban embarcados, pasando as pioneiras a desempeñar un papel fundamental na súa acollida, sendo ás veces descoñecidas entre elas. De feito, as pioneiras nesta época comezaron a xogar un papel moi importante, non só no recibimento de novas e novos migrantes, senón tamén no apoio que lles prestaban para realizar os máis diversos trámites ante a sociedade de destino. Convén lembrar que unha boa parte das persoas adultas chegadas a Burela eran analfabetas ou con moi escasas habilidades de escrita e lectura. Algunhas das pioneiras eran mulleres cunha certa formación, o que lles permitiu, na ausencia dos maridos, levar a iniciativa nas relacións coas institucións e organizacións da sociedade de destino, axudando en moitos casos non só ás mulleres, senón tamén aos homes recentemente chegados. Iniciábase así un proceso no que as mulleres se irían constituíndo como peza esencial nas relacións coa sociedade circundante, no que as pioneiras xogaron un papel fundamental.

A continuación preséntanse os relatos de tres das mulleres chegadas nesta época (1983, 1987 e 1989), todas elas esposas de algún dos mariñeiros caboverdianos enrolados na flota burelá, que tiñan casado en Cabo Verde en diversas circunstancias, onde agardaron a ser “chamadas” polos maridos antes de iniciar o percorrido migratorio. As mulleres da segunda vaga, a diferenza das anteriores, coñeceron un arquipélago independente, en pleno proceso de construción nacional e de mudanza de costumes e leis. En 1981 tiña sido promulgado un novo Código de Familia, que consagrou a igualdade do home e a muller nos dereitos e deberes derivados do matrimonio, fora este celebrado de xeito civil ou eclesiástico.

As protagonistas dos seguintes relatos representan a realidade vivida neses anos, dende as condicións de vida anteriores á saída do arquipélago, ao percorrido migratorio realizado e ás relacións familiares e comunitarias no destino migratorio. Retratan a vixencia da ideoloxía de xénero badía tradicional nas súas vidas, erguidas ao longo dos anos 50 e 60 en zonas rurais da illa de Santiago.

4.4.3.1. KODÉ: O VALOR DAS AMIGAS

“Os homes non saben o que as mulleres sufrimos...”

Kodé é natural dunha aldea da montaña, próxima á costa, onde naceu en 1959. Seus pais “eran” casados e ela foi a primeira filla dos catro que tiveron. Lembra que cando naceu o seu primeiro irmán varón, o pai botou un foguete e dixo “agora naceu *bali pena*²⁷”

Cando ela era aínda unha nena, a familia mudouse a unha vila costeira, onde Kodé acudiu á escola ate os trece anos. A súa familia traballaba na agricultura. De pequena, acostumaba pastorear as vacas nos tempos libres e vacacións. O pai viaxaba a São Vicente para vender os produtos agrícolas. De alá tróuxolle a súa primeira boneca. A finais dos anos 60 o seu pai emigrou a Portugal, onde tivo máis fillos e fillas con distintas mulleres, ate unha idade avanzada.

Unha vez rematada a escola, cando era unha rapaza Kodé conseguiu traballo nun comercio da vila, onde traballou ate que casou, cando xa se dicía que tiña o “*pé amarelo*²⁸”. Coñeceu ao seu marido, un emigrante da zona que residía en Portugal, e comezou a namorar con el. O noivo, natural dunha

²⁷ Literal: “Agora naceu o que vale a pena”, ou sexa, o varón.

²⁸ Díciase que as mulleres maiores de vinte anos sen fillos ou “marido” tiñan o pé amarelo, un xeito de evidenciar a súa tardía entrada na idade adulta, marcada pola sexualidade e a maternidade.

aldea próxima, pretendía que Kodé o acompañase no regreso a Lisboa, sen casar, ao que ela se negou, por pensar que iría nunha posición moi feble. Entón o namorado regresou a Portugal e iniciaron os trámites para casar, o que fixeron na seguinte visita del. El tíñalle pedido relacións, mais Kodé negouse a ter relacións sexuais antes do matrimonio, a pesar da insistencia do noivo, porque pensaba que as mulleres unha vez que xa non eran virxes, podían ser abandonadas polo namorado, ficando marcadas no mercado matrimonial. Só accedeu uns días antes do casamento, cando xa estaba publicada a data e non había marcha atrás. Casaron en marzo de 1983, oito anos despois da independencia do país.

Unha vez casada, Kodé deixou o traballo e foi vivir a casa do marido (“unha vez casada tiñas que estar en casa, coidando da casa e do marido”), que regresou a España aos poucos días. Como el xa tiña casa propia Kodé instalouse nela. Na casa da sogra, contigua á súa, xa vivían o fillo maior e a súa familia, polo que non había espazo para ela, aínda que facía vida alá durante o día. A sogra acompañábaa a durmir cada noite para que non estivese soa.

Kodé sempre tivera o desexo de casar, pero non así de emigrar, pero “como a muller ten que estar co marido”, acabou por seguilo a España, saíndo de Cabo Verde en outubro dese mesmo ano, con vinte e catro anos de idade. Daquela o seu marido residía legalmente en España, mais ante a dificultade de conseguir documentos para que ela migrase regularmente, Kodé viaxou a Portugal coa fotocopia do permiso de traballo del. Foi a buscar o seu cuñado, que a levou para un hostel, porque “daquela vivíase en barracas”, en Carcavelos (Cascais), e “todos eran homes”. Ao día seguinte colleron o tren ate a fronteira galega, en Valença do Minho, onde non os deixaron pasar, así que o cuñado foi buscar quen os axudase. Estaba anoitecendo. Por medio dun taxista conseguiron que un home pasara a Kodé nunha lancha ate a beira galega (ela, que sempre tivo medo da auga!). Lembra que pasou cos ollos pechados e mareada “como unha cabra”. No lado galego encontrouse co cuñado, que tiña atravesado a fronteira no taxi, e continuaron viaxe ate Vigo, onde comeron e tomaron un autobús a Lugo. Chegou a Burela e instalouse en casa dunha compatriota á que non coñecía, que vivía co seu marido e fillos, e o marido de Kodé. O seu home estaba no mar; aínda tardou uns quince días en chegar. Buscaron un piso, legalizou a súa situación na comisaría de Viveiro e mudouse para a súa propia casa, nun edificio no que tamén vivía Marina. Cando chegou a Burela coñeceu a moitas mulleres, pero fixo unha amizade especial con ela. Os maridos de ambas eran moi amigos, e xuntas combateron sempre a *sodade* das mulleres de mariñeiros. Tamén criaron xuntas as súas fillas, de idades moi semellantes. Kodé ten dúas fillas, nadas en 1984 e 1988. No ano seguinte á chegada a Burela naceu a primeira, que foi bautizada por Marina, converténdose en comadres. Ela foi quen lle

ensinou a traballar nas limpeza. Cando a chamaban para traballar, Kodé acompañábaa, sempre ambas de xeito alegal, xa que os seus permisos de residencia non lles permitían traballar.

Kodé foise afacendo á vida de muller de mariñeiro ausente. Inicialmente foille moi difícil acostumarse a ter que lidar cos papeis e trámites, pero a necesidade axudou a aprender. Di que “nunca olvidarei máis na vida” cando, nunha ocasión na que o banco lle reclamou trescentas mil pesetas nun breve prazo, ameazando con que perderían o piso que estaban comprando, no que tiñan entrado no ano 1986, foi ao banco pedir un tempo ate que regresara o marido do mar; estaba asustada e non facía máis que chorar.

Afirma que nunca lle gustou tratar cos armadores, aos que frecuentemente as mulleres tiñan que pedir anticipos sobre as “partixas”, xa que ás veces os barcos demoraban meses en partir e facilmente xurdían imprevistos. Tampouco lembra con especial cariño as relacións coas mulleres dos armadores. Relata con amargura como nunha ocasión morreu a nai dun mariñeiro compañeiro do seu home e ela pensou que o barco regresaría, pero a muller do armador díxolle: “muera quien muera, el barco no viene pa tierra”.

Algunhas veces as mulleres atopábanse sen diñeiro, a expensas de cando os armadores quixeran facer as “partixas”. Ela e Marina decidiron que a solución pasaría por traballar elas, para sacar “polo menos para comer”. Deixaban as nenas cunha compañeira caboverdiana, que era a “mamá” de todas as crianzas. Ían traballar a Ribadeo, limpando pisos das construtoras. Levaban un bocadillo e unha botella de auga, e pasaban limpando ate a noite. Tamén limparon oficinas, barcos, casas particulares e todo o que aparecía. Kodé tamén coidou nenos e algunha persoa maior. Nos anos 90 ela e a súa comadre fixéronse representantes dunha marca de venda de xoias e cosméticos por catálogo, gañando o sustento de xeito máis descansado e ampliando a súa rede de relacións sociais a outras mulleres non caboverdianas.

Kodé sacou o carné de conducir no ano 1990, despois da súa comadre, que foi a primeira muller caboverdiana en facelo. Foron xuntas matricularse e ela pensou inicialmente en desistir, porque non comprendía nada do manual. Mais unha vez que Marina aprobou, dedicouse a estudar, noite tras noite, ate que o conseguiu. Para ambas foi un logro moi importante, que lles deu moita liberdade para traballar e moverse pola zona.

Só conseguiron papeis para traballar cando se instalou unha conserveira en Burela, na volta do ano 2000, onde ambas fixeron uns meses de formación e comezaron a traballar ate que a fábrica fechou, pouco tempo despois. Foi o traballo que máis lle gustou en todos estes anos. Despois estivo en dous

establecementos de hostalaría, ate que foi traballar no porto para unha comercializadora de peixe, onde ficou uns anos. Pensa que é un dos traballos máis duros que tivo, porque había que carretar caixas de peixe moi pesadas e os horarios se alongaban á hora de saír.

4.4.3.2. NHA TURA: HOME E FILLOS NO MAR

“A mi n sta kontenti ku nha kor kin teni²⁹”

Nha Tura naceu en 1954 nunha aldea costeira, na que se criou. Cando era pequena, a partir dos nove ou dez anos, a súa nai mandábaa á zona agrícola no tempo das *azáguas*, espantar os corvos para que non comesen o millo sementado. Por máis que choraba, debía ficar fora de casa ate que as plantas medraban o suficiente.

Coñeceu ao seu home, Ximí, natural doutra freguesía, cando ela tiña catorce anos. Namoraron durante un tempo ás agochadas, porque ela non quería ter problemas cos seus irmáns nin coa súa familia

“Víaio sempre ás escondidas porque dábame vergoña dos meus irmáns, da miña familia; eu non quería que os meus irmáns souberan, nin o meu pai, porque podían *ensañarse* comigo ou pegarme³⁰”.

Aínda que chegado un momento, o seu sogro quería que casaran, como o pai dela non sabía nada, acordou co noivo que seguiríanse vendo ás agochadas, o que fixeron ate que ela perdeu a virxindade, ou como ela di: “*Ximí ki debem*”. Naquel entón o seu pai xa morrera e ela non quería desgustar a súa nai, que estaba co loito. Ademais tiña medo do que lle puideran facer os seus irmáns.

“Cando Ximí me ficou a deber, díxenlle que quería saír de casa con el, pero respondeume que non, porque á súa familia non lle gustaba esa maneira de facer, porque eran xentes moi relixiosas, que só aceptaban levar mulleres a casa unha vez casadas. Entón, eu quería fuxir para casa do meu noivo, para evitar que a miña familia me castigara, para que non me pegasen. Ximí díxome que non, que a súa familia non aceptaría³¹”.

²⁹ *Eu estou contenta coa miña cor.*

³⁰ N ta odjaba ele sempri sukundidu pamodi daba mi **burgonha** di nhas irmonses, di nha familia; n ka kre pa nhas irmonses sabia, pa nha pai sabia, pamodi es podia sanhaba na mi o es podia sotaba mi.

³¹ *Kandu Ximí debeba mi, n flal ma n ta saiba di kasa ku el, ma e flam ki no, ma si familia ka ta gusta, pamo es é gentes di dentu igrexa, es fla ma es kre leba mudjer pa si kasa oki sta kasadu. Nton n kria skapaba pa kasa di nha mos, pa nha familia pa ka kastigaba, pa ka sotaba mi. Ximí flam no, ma si gentes ka ta kre.*

Ximí propúxolle que, unha vez emigrado a Portugal, mandaríase casar con ela por poderes. Nha Tura foi pedir consello á súa mellor amiga e comadre, que lle advertiu que o mellor sería facer pública a situación ante as familias, xa que se despois el non aceptaba que lle “*debía*”, ela ficaría nunha má situación por ter perdido a virxindade. Entón foi falar cun tío do namorado, que vivía na súa localidade, e este foi ao pobo do mozo falar coa familia del. Unha vez feito isto, a nai do noivo anunciou a súa próxima visita para pedir formalmente a man de Nha Tura.

Entón veu a nai coa súa familia, viñeron pedir a noiva. Miña nai chamou ás súas xentes, á súa familia. Chamou aos meus tíos, os meus primos, irmáns, que se colocaron en círculo. Mandáronme buscar, para que viñese. Eu non quería vir. Eles arrastráronme, trouxéronme e cando cheguei, un primo meu díxome: “vergoña? ti que tes cara de pouca vergoña, agora tes que aguantar”. Preguntoume se fora eu a que mandara pedir e eu dixen: “claro, fun eu”. Entón todos dixeron: “a noiva xa foi dada”. Entón abriron unha botella de *grogó*, *batukouse*, comeuse...³².

Despois de asistir ás reunións prematrimoniais na igrexa e de publicar a data, Nha Tura e Ximí casaron en Assomada. Corría o ano 1972. Fixeron festa no pobo do noivo na noite anterior e no dela no día do casamento. No día seguinte, instaláronse na localidade do noivo, onde festexaron novamente. Neses casos de estar *debedu*, no casamento non se facían os ritos da “saia branca”, cada vez menos frecuentes naquel tempo.

A parella instalouse coa familia do pai del, na que a figura central era a madrasta do seu home³³, coa que non se levaba moi ben. Nha Tura foi “aguantando” ate que o marido emigrou a Lisboa. Pouco despois decidiu saír da casa, indo a morar na dun tío do marido. Non puido cumprir o desexo de regresar á súa localidade natal, algo que estaría mal visto e así llo explicou o tío do seu home. A súa nai tampouco quería que ela regresara, pois segundo pensaba:

“Cada fillo que casa, cada fillo que ten a súa muller, debe estar na súa casa, estea ben ou mal, ten que sofrer, todos nacimos para sofrer³⁴”.

Nha Tura confesoume que cando se sentía con *sodade* sentábase nun alto no que se divisaba o mar e os botes que viñan da súa zona. Orientábase cara o seu pobo natal e choraba en solitario, ollando as ondas que viñan de alá, “con vontade de ir, pero non me deixaban³⁵”.

³² *Nton es ben ku si familia, es ben pidi noiva. Gentes di noiva, nha mai txoma si familia, txoma nhas tiu, txoma nhas primu, nhas irmunes, rodeamos todo; e manda txoman, pan ben. Kandu kin ben, a mi n ka kre benba, es ba arrasatam, es trazem, pa ben preguntam, un primo di meu, ki flam: vurgonha, e bo ki ten rostu poka vurgonha bu ten ki ta guenta; E pruguntam si e mi ki manda pidi, n fla, klaru, é mi ki manda pidi. Nton tudu algen fla ma noiva dja ka dadu. Nton, abridu garrafa di grogo, podu batuku, kumedu...*

³³ O pai de Ximí estaba casado cunha muller diferente á nai, coa que tivera este fillo nunha relación anterior ao matrimonio.

³⁴ *Kada fidju ki kasa, kada fidju ki teni si mudjer, e na si kasa, o ben o mal, ten ki ta sufri, nos tudu un nasi pa sufri*

³⁵ *Ku gana bai ma ka ta deichadu*

En Cabo Verde, Nha Tura traballou como peixeira. Antes de casar, na súa zona, próxima a Assomada. Despois, na zona do marido, “cos pés descalzos, a pleno sol, coa carga na cabeza, nunca o vou esquecer. Non debemos esquecerlo, mesmo”³⁶. Tamén foi *rabidante*, comprando cousas na cidade e revendendo na localidade.

Tivo os seus tres primeiros fillos en Cabo Verde. O primeiro, un neno que naceu unha vez que o pai tiña emigrado, morreu con dous anos dunhas “febres”³⁷. Despois naceu unha nena, que morreu no parto. O terceiro, nacido en 1976, ficou en Cabo Verde cando Nha Tura emigrou, a cargo da madrastra do seu marido.

Seguindo a idea da súa nai de que “a muller é xunto co marido”, aventurouse a seguilo sen contar con el, algo que non é moi frecuente. Conseguiu un visado por motivos de saúde grazas a uns coñecidos e chegou a Lisboa, onde tiña unha irmá, que lle axudou aportando un documento no que se facía cargo dela. Corría o ano 1977.

“Cando cheguei a Lisboa, desanimeime mesmo. Eu pensaba que era outra cousa. Cando amenceu pola mañá e vin Queijas, dixeran: Ave María, onde me vin meter, meu Deus?”³⁸

Aquel ano tivera boa colleita en Cabo Verde. Lembrouse dos dous tambores de millo e un de feixón que deixara na casa, da vaca e das cabras. Tamén do seu fillo de curta idade. Arrependeuse moito e chorou desconsoladamente.

Días despois, pasou a fronteira no tren, acompañada de dous compatriotas que residían en España, e dirixiuse directamente a Calanda (Teruel), onde estaba o seu esposo. Ximí só tivera noticia da súa chegada a través do telefone, unha vez que ela xa estaba en Lisboa. El ficou abraiado e ela só lle respondeu: “A muller ten que estar co marido”³⁹.

Lembra que cando chegou a Calanda o frío meteuse no seu corpo e adoeceu. Só conseguía estar metida na cama, tapada ate as cellas; nin se levantaba a comer. Compartían un piso entre tres parellas emparentadas. Ximí traballaba apañando froita na zona. Tiveron un novo fillo, ao que ela

³⁶ *Pe na txon, dentu sol, karga na kabesa, ... nunka n ka ta skeci, nu ka debi skeci mesmu*

³⁷ É frecuente confundir ate os días de hoxe, as febres (síntoma) coas doenzas, sendo estas consideradas a causa da morte. Naquel tempo, era frecuente demorar a visita ao hospital da capital, co resultado de que moitas veces se chegaba demasiado tarde e as crianzas morrían. Coñezo varios casos semellantes.

³⁸ *Kandu n txiga Lisboa, n disanima propi, n pensaba era oto kuza. Kandu manche pelmanha n odja Queijas, fla: Abemaria, undi kin ben mete kabesa, Nhordes?*

³⁹ *Mudjer é pa sta ku marido*

bautizou sen a presenza do home, que, buscando traballo co apoio da rede de parentes e amigos, tíñase desprazado a Galiza e posteriormente a Bembibre, onde comezou a traballar na mina.

Ela, despois de esperar un tempo a que Ximí atopara unha casa na que vivir, seguiu e instalouse no Bierzo. Nha Tura ten moi bo recordo de Bembibre, onde había moitos caboverdianos, a diferenza de Calanda. A vida das mulleres organizábase en torno ao seu papel de donas de casa. Ela valora que era unha comunidade moi unida e había moito compañeirismo. Ficou uns anos lá e tivo tres fillos máis. Nese período conseguiu traer ao fillo maior dende Cabo Verde, por un método un tanto irregular. O neno veu ate Lisboa xunto cunha prima de Ximí, pero ao chegar ao aeroporto ambos ficaron “presos” porque non traían ningún documento do menor. Entón unha irmá de Nha Tura, que vivía en Lisboa, foise facer cargo do neno ate que os pais viñeran buscalo. Fixeron a viaxe a toda presa, en taxi dende Bembibre, e foron presentarse ante a policía. Consequiron traer ao seu fillo canda eles, após unha reprimenda dun policía, que os acusou de tratar ao pícaro como se fose unha “banana metida nunha caixa”.

En 1987, ao pouco de nacer o *kodé*, mudáronse a Burela, onde o seu home tiña ido probar sorte como pescador. Uns anos antes, ela tiña coñecido San Cibrao, onde por fin sentiu que se reencontraba co seu mar, así que cando xurdiu a oportunidade de traballar na pesca, a través dun primo do marido, ela ficou “encantada”. Tras dúas ou tres mareas do marido, Nha Tura mudouse a San Cibrao cos seus cinco fillos, onde permanece.

Nese momento, pasou de ser a muller dun mineiro a ser muller de mariñeiro, tendo que exercer o papel de nai e de pai. Para ela é “normal”, pois entende que hai que buscarse a vida e agradece a educación que recibiu da súa nai, no sentido de “*confortarse*” e conformarse. Máis que falta do marido, durante as mareas sentía “falta da súa familia”, xa que o marido cando estaba na mina tamén estaba ausente todo o día. O que nunca conseguiu quitarse de enriba foi o medo a que sucedese algún accidente no mar; ás veces chamaba ao armador para preguntarlle como estaban no barco. Unha vez que os seus fillos maiores entraron en idade de traballar, dous deles comezaron a ir ao mar tamén. Aí Nha Tura sentiu moita máis preocupación e dor.

Nha Tura nunca traballou legalmente en Galiza, aínda que iso non signifique que non se teña buscado a vida. Durante anos dedicouse á venda de roupa, que mercaba en Portugal e ía vender posteriormente a Franza, onde ten moitos familiares, utilizando a rede badía para atopar clientela.

Cando chegou de Bembibre viña acostumada a estar na asociación e colaborar nas actividades, algo que lle enchía moito. Consideraba importante mostrar de onde viñan e cal era a súa cultura, africana,

mais diferente doutras do continente. Durante a actividade inicial de *Tabanka* non se chegou a envolver, pero si o fixo na reactivación da asociación a partir de 1998. Nha Tura é unha muller solidaria, que colabora con Cáritas e coas actividades parroquiais, sendo unha persoa moi coñecida na súa localidade, onde mantén unha rede de sociabilidade ampla e diversa.

4.4.3.3. PONTXA: MIGRAR PARA NON PERDER AO MARIDO

“Saímos da casa da nosa nai, imos para casa das súas nais”

Pontxa naceu en 1955 nunha pequena localidade do interior de Santiago, próxima á cidade de Assomada. Cando era pequeniña andaba sempre atrás da súa madriña, que non tiña fillos e criouna, perto da casa da súa nai. Seu pai e súa nai, naturais da mesma localidade, “eran” casados. Ela é a maior de cinco irmáns polo lado da súa nai, que pariu dous fillos máis, que morreron bebés. Cando medrou, Pontxa regresou á casa materna, onde ficou ao cargo dos seus irmáns e irmás pequenas, porque a súa nai foi traballar na construción da estrada (FAIMO). O seu pai tiña catro fillos máis cunha *rapariga*, coa que a nai de Pontxa se trataba ben. Cando era o tempo das *azáguas*, as dúas mulleres cos seus fillos traballaban en conxunto nas terras do pai, que comerciaba con produtos que traía de São Vicente. Posteriormente, o pai de Pontxa emigrou a Portugal. Cando se xubilou e regresou á aldea, anos despois, arranxou outra *rapariga*, moito máis nova que el, coa que tivo outros catro fillos, máis pequenos que os fillos de Pontxa. Neste caso, xa non houbo boa relación entre esta rapariga e as outras mulleres e fillos do seu pai, porque ela era “abusada”⁴⁰.

A súa aldea é coñecida pola produción de cerámica tradicional (*losa*). Ela, como todas as mulleres, aprendeu a facer louza coa súa nai, aínda que non todos os anos producían pezas, alternando con outros traballos. O ciclo da cerámica comezaba no mes de novembro e producíase ate xuño, na espera das *azáguas*, xa que as terras de extracción do barro sementábanse a partir dese mes. As persoas acostumaban gardar barro dun ano para outro por se a colleita se prolongaba. O traballo da *losa* organizábase en grupos familiares, que despois de traballar toda a semana xuntaban as pezas nunha fornada común que se cocía os venres. Cando Pontxa foi medrando acostumaba ir vender cerámica a Assomada os mércores e sábados, días de feira. Unhas poucas veces foi a Praia, onde ficaba uns días na casa da muller do seu tío ate esgotar a mercancía. Mais tarde, cando tiña uns

⁴⁰A palabra refírese literalmente a “unha muller que abusa”. Neste contexto, enténdese que a terceira muller do seu pai pretende ter máis apoios por parte deste que as mulleres anteriores. Neste caso, trátase dunha muller varias décadas máis nova do que o pai de Pontcha, a súa nai e a primeira rapariga.

dezaseis ou dezasete anos, na súa casa abandonaron a produción cerámica. Entón dedicouse á venda de produtos como millo, feixóns e galiñas no *Pelourinho*⁴¹ de Assomada e noutros mercados da illa.

Nesa época, un día, mentres traballaba no mercado, coñeceu a Fefé, que ía para unha festa no interior.

“Entón, non sei como, veume vendendo. Falou cunha rapaza, e eu non lle fixen caso, porque, sempre hai rapaces que gustan de vacilar ás raparigas ... era un sábado, e el continuou camiño á festa á que se dirixía. No mércores seguinte, vímolos na Assomada, si. Entón non sei que rolo armaron, que había outra rapariga da miña aldea que estaba preparando o seu casamento na del...”.

Ate esa altura Pontcha nunca tiña namorado cun rapaz, e ficou con medo de que lle puidera pasar algo con el ou que lle puidera facer algo malo. O rapaz insistiu e insistiu, pero ela continuou desconfiada xa que el era un descoñecido, que ela nunca tiña visto antes nin sabía onde moraba. Ante a insistencia, ela acabou por responder un si, e iniciaron unha relación de namoro, véndose en festas e no mercado, ate que un día el pediulle para ir visitar aos seus pais para pedila en casamento. Como os pais de ambos estaban emigrados en Portugal, foron as nais as que trataron do asunto, indo a nai do noivo a casa da súa futura consogra facer a pedida, acompañada dun montón de parentes e amigos da súa aldea. Despois os noivos tiveron que asistir durante varios domingos a unhas reunións de catequese, ate que o seu nome foi publicado na igrexa coa data do enlace, que aconteceu en 1974, cando Pontcha tiña dezanove anos. Antes do ritual do casamento xa se tiñan celebrado varias festas: no día da pedida e no da *pubrikason*, este último nas dúas casas, nas que se preparou millo no *pilón* para cocinar, con *batuko* e baile. A véspera do casamento comezaron a chegar as persoas convidadas, coa súa *djuda* (presentes en forma de comida, diñeiro ou obxectos para a casa ou para a noiva). O noivo e as persoas da súa localidade chegaron a casa da noiva, na que se mataron varias cabras e porcos e elaboráronse doces e todo tipo de comida. Era un venres e tamén chegaron os familiares da parte do pai do noivo⁴², dunha zona do norte da illa, máis distante. O sábado casaron na igrexa de Assomada e ficaron na localidade da noiva facendo festa ate o domingo, que foron á do noivo, onde volveron a festexar con moitas persoas que os acompañaron dende a aldea dela. No seu casamento non houbo rituais de virxindade, porque Pontcha casou *debeda*. Ela explica que nesta altura xa non se acostumaba *bailar o pano*, aínda que lembra ter visto este ritual na súa infancia.

A parella instalouse na casa da nai do home, onde viviron coa familia durante tres anos. A sogra non tiña marido naquel entón e convivía con outros fillos e netos. O grupo doméstico vivía

⁴¹ Nome co que se designa o mercado da localidade.

⁴² O pai de Fefé non foi marido da nai, só tiveron unha relación temporal da que naceu este.

fundamentalmente da pesca e da apaña de leña. Dous anos despois de casar, iniciaron a construción da súa propia casa, á que se mudaron un ano despois, o mesmo en que o marido migrou (1977).

Na migración de Fefé a Portugal contaron coa axuda do pai de Pontxa, que lles facilitou o diñeiro necesario para a viaxe e para os primeiros tempos. En Lisboa, Fefé encontrou un dos seus veciños, que tiña unha barraca en Queijas, onde o acolleu e axudouno a procurar traballo. Despois duns nove meses, o marido migrou a España, para reunirse co seu irmán en San Cibrao, localidade próxima a Burela, onde traballou na construción da fábrica e en 1978 enrolouse como mariñeiro, traballo no que ten permanecido ate a xubilación, en 2012.

Pontxa tivo tres fillos en Cabo Verde. O primeiro, nacido na casa en 1975, levoullo á súa nai ao cumprir o ano e destetalo, porque “a vida era cansada” e non daba para traballar e atender bebés. Dous anos despois naceu o segundo, pouco despois da saída do marido de Cabo Verde. Do mesmo xeito que o anterior, foi criado pola aboa materna nos seus primeiros anos. Pontxa sentíase moi mal cando ía visitar a súa nai e fillos e debía regresar a casa; dábanlle ganas de chorar, pero aguantaba porque “*tiña que ser*”. O seu lugar era na casa do marido.

Demorou en acostumarse á nova situación; tardou moito en durmir ben porque o mar roncaba a noite toda e non estaba afeitada. Pensa que a vida das mulleres na súa aldea natal era menos dura, porque ficaban perto da vila e tiñan todo ao alcance, incluíndo a auga. Na localidade do marido cada día, antes de amencer, as mulleres e crianzas debían andar durante unha hora para conseguir auga, que carretaban na cabeza ou nas costas. A xornada íase nunha morea de traballos domésticos para a supervivencia. Cando os dous fillos maiores medraron un pouco, regresaron con ela, indo os tres á procura de leña verde na *atxada*, antes do amencer. Traíana na cabeza, cortábana e vendíana. Co diñeiro gañado Pontxa ía á cidade comprar arroz, azucre, petróleo, xabón e outros produtos, que revendía na súa casa. Era unha tarefa penosa pola falta de coche diario á capital, tendo frecuentemente que carretar os sacos de produtos dende unha localidade a varios quilómetros de distancia. Entón, un compadre seu, que era responsábel de zona⁴³, axudouna a pedir unha licenza para montar unha taberna na súa casa, na que investiu os seus aforros e algunhas remesas do marido, que lle enviou axuda dende España.

A parella ficou separada durante uns doce anos, período no que el fixo varias visitas a Cabo Verde, dunha das cales naceu o terceiro fillo do matrimonio, en 1983. Pontxa relata que se sentía moi mal cada vez que o marido debía regresar a España, pola incerteza de non saber cando sería o próximo

⁴³Cargo local da etapa do partido único.

reencontro nin se este existiría. O marido enviáballe frecuentemente cartos, pero escribíalle en contadas ocasións.

Nunha das viaxes a Cabo Verde, el pediulle que o acompañara a España. Ela respondeulle que estaban ben así, el indo e vindo e ela coa súa tenda e ao coidado dos fillos, aos que non quería deixar para emigrar. A cousa ficou así, pero na seguinte viaxe, el insistiu: “se non ves a España cando eu marche, podes dar as túas voltas acó, que eu darei as miñas voltas aló⁴⁴”. Entón ela mudou de pensamento e accedeu a ir: “fun, mais con idea de regresar”.

Corría o ano 1989. Deixou aos seus fillos, dos que non tivo coraxe de despedirse, ao coidado da súa nai. Conseguiu un visado de turista de tres meses para Portugal e de aí pasou a España. Relata que naquel momento era difícil cruzar a fronteira con Portugal, de onde moitas veces os emigrantes caboverdianos eran mandados para atrás. Ela conseguiu que a acompañase un rapaz que vivía en Zaragoza, portando para pasar un documento portugués dunha prima do seu home. Tiveron sorte e non os pararon.

Pontxa lembra a chegada a Burela como tranquilizadora, en comparación coas pésimas condicións de vida dos seus compatriotas, que tiña experimentado durante o seu paso por Lisboa. Cando chegou á localidade o seu marido estaba no mar, así que foi ficar con outra muller caboverdiana á que non coñecía, mentres o esperaba, índose para a súa propia casa unha vez que el desembarcou. Pasados vinte días, o home fíxose novamente ao conxelado para unha marea de tres meses.

No momento da chegada estaba grávida de tres meses. O seu cuarto fillo naceu na véspera da noiteboa, no hospital da localidade. Pontxa estaba soa na casa e unha parella amiga, que a acolleu nos últimos tempos de embarazo, acompañouna ao hospital. Todo o mundo estaba cos preparativos da cea de noiteboa e ficou soa cos médicos, aos que case non conseguía entender, pero que lembra a trataron moi ben. Nesas condicións naceu o seu último fillo, o *kodé*. Os anteriores naceran na aldea do seu marido, coa axuda e compañía da sogra e dunha veciña, nun contexto totalmente diferente.

Meses despois, o seu home foi buscar aos fillos a Cabo Verde, tramitando a documentación a través do Consulado de Portugal en Vigo. A partir dese momento ficou máis tranquila, a pesar que afirma que, de vez en cando, pensa moito en Cabo Verde, na súa familia, ás veces “moito mesmo” e desanímase.

⁴⁴ Forma de dizer que se podían considerar libres para cada un refacer a súa vida por separado.

“Vaste animando, creas coraxe e ánimo. Eu estaba así, desesperada, desesperada mesmo. Chegaron os meus fillos de Cabo Verde, que os foi buscar o meu marido. E xa virei con máis ánimo, con máis forza, cos meus fillos, traballando e seguindo coa nosa vida para diante”.

Cando os nenos eran pequenos, apañaban algas na beiramar. Levaba aos tres maiores e xuntábanse con outras mulleres caboverdianas e os seus fillos. Exerceron esta actividade durante varios veráns en Cangas de Foz e na ribeira de Burela, nas zonas de Castrelo e Berbés.

A apaña de algas era unha actividade que naquela época ocupaba bastantes mulleres das zonas costeiras galegas, de grande relevancia nalgunhas parroquias. Tratábase dun traballo moi duro, que requiría de moita forza, xa que despois de meterse no mar para escoller as especies con valor comercial, carretábanse en sacos ao lombo ou na cabeza, subindo dende o mar ate o alto dos acantilados. As algas eran vendidas a unha empresa de dous xeitos: en cru, tal como as tiñan recollido, ou secas, co que aumentaban o seu valor. Existe un forte paralelismo entre esta actividade e a apaña de area no mar que se practica nas localidades de orixe en Cabo Verde, da que se falou anteriormente.



Foto23: Mulleres apañando algas. Cangas de Foz (2006)

Ao longo dos anos seguintes, Pontxa realizou diversos traballos na economía somerxida, entre eles apañar caracois para vender xunto con outras mulleres ou limpar en casas particulares. Os seus dous fillos maiores iniciaron o traballo como mariñeiros na segunda metade dos anos 90. Foi unha das mulleres que conseguiu obter un permiso de traballo a raíz do Proxecto BogAvante.

4.5. (1993-1998) A CRISE DOS 90. A REDE DE SAÍDA

A partir de 1993, a crise do sector pesqueiro galego, como consecuencia da aplicación das normativas europeas, combinouse coa campaña de abate de barcos promovida polas políticas de reconversión e modernización da flota, dando lugar a períodos de escaseza de postos de traballo nos barcos de altura, inaugurando unha nova etapa na corrente migratoria caboverdiana á costa de Lugo, que estivo marcada pola saída de persoas. Dado que o mar era a única opción laboral para os homes caboverdianos, a falta de traballo propiciou unha reemigración. Por segunda vez na historia da comunidade deuse unha evolución con saldo negativo, tal como sucedera no momento de finalizar a construción da fábrica. Mais se en 1978 eran homes os que reemigraron, nos anos 90 fixérono familias enteiras. Cos datos de que dispoño, cruzando os datos das distintas fontes, pódese afirmar que como mínimo unhas cen persoas abandonaron a zona en apenas seis anos (93/99).

Polo tanto, nos anos 90 a corrente migratoria mudou de signo, converténdose Burela nun polo emisor de caboverdianos. Os destinos foron variados, destacando Zaragoza como destino maioritario, aproveitando os lazos existentes. Nesta cidade a inserción laboral de homes e mulleres continuou a estar concentrada en poucos sectores, mais cunha diversificación maior que en Burela, sobre todo no caso das mulleres, que alén dos sectores tradicionais de limpeza/servizo doméstico e hostalaría, atoparon traballo nalgunhas empresas do sector industrial, legalizándose como traballadoras. A maior amplitude do mercado laboral urbano favoreceu esta diversificación, que tamén se deu no caso dos homes, a pesar da súa concentración no sector da construción. Testemuñas de persoas entrevistadas en Zaragoza dan conta da chegada dun grupo importante de familias e individuos procedentes de Galiza, que tiveron un efecto dinamizador na comunidade badía da cidade, en proceso de crecemento.

España asinou en 1991 o *Tratado de Schengen*, que entrou en vigor en 1995, supondo a supresión das fronteiras interiores entre os países da UE, ao mesmo tempo que se reforzaban as fronteiras exteriores. Nestes anos a atención da política migratoria española centrouse no Estreito de Xibraltar e nas *pateras* que tentaban chegar a Europa dende a costa marroquí, co resultado de miles de mortes de migrantes. A partir da entrada en vigor do devandito tratado, os visados concedidos para entrar en calquera dos países asinantes comprende todo o espazo *Schengen*, dentro do cal os portadores dos mesmos poden moverse, aínda que o dereito a traballar está restrinxido ao país emisor do visado. Isto posibilitou o tránsito de migrantes caboverdianos entre os distintos países europeos de residencia, facilitando os procesos de reemigración dun país a outro e a entrada

irregular dende outro país comunitario, iniciándose a perda paulatina de importancia de Lisboa como nodo central da rede migratoria caboverdiana en Europa.

No Estado Español, a pesar de que varios dos artigos da lei de estranxeiría de 1985 tiñan sido derogados, non se aprobou un novo regulamento da lei ate 1996. Previamente, entre 1991 e 1992, produciuse o primeiro proceso de regularización extraordinaria, nunha tentativa de acabar coas bolsas de irregulares que se tiñan formado como consecuencia da imposibilidade de cumprir os criterios fixados pola lei en vigor, téndose acollido a el moitas persoas caboverdianas que se atopaban nesta situación.

O novo regulamento, a pesar de constituír un avance en determinadas cuestións xurídicas e recoñecer dereitos como o reagrupamento familiar, continuou baseándose nun esquema represivo e policial, que non fixo máis que continuar a alentar a chegada de inmigrantes por canles irregulares, que foron legalizando a súa situación en posteriores procesos de regularización, como o de 1996 (Blanco, 2004).

Unha nova vía de migración legal apareceu co sistema de cotas anuais, tamén denominado continxente, instaurado por primeira vez en 1993. Este continxente determinaba anualmente o número de traballadores /as estranxeiros necesarios por provincia e sector, en teoría para iniciar un proceso de obtención de visado no país de orixe. Na práctica, ate 1999 utilizouse como xeito de regularizar a situación dos traballadores estranxeiros residentes ilegalmente en España, sempre que contasen cunha oferta de traballo (ibid.). No caso dos migrantes caboverdianos, a inexistencia dunha representación consular española no seu país de orixe dificultou o aproveitamento da vía legal, regularizándose posteriormente a través da Delegación de Traballo de Lugo.

4.5.1. OS ANOS ESCUROS

Unha das primeiras publicacións académicas que identifiquei sobre a comunidade caboverdiana da Mariña de Lugo data de marzo de 1994, no inicio desta etapa. Baséase nunha entrevista a unha das mulleres, residente en San Cibrao, da que se poden extraer algunhas informacións e conclusións sobre o estado da comunidade nesa época, que coincide cos anos iniciais da crise.

Algunhas das informacións que aparecen na entrevista corroboran os meus datos, referidos a esta etapa, como a composición maioritaria de familias con varios descendentes, aínda que o tamaño deba ser algo superior ao apuntado pola entrevistada, que fala de “trinta ou corenta familias, cada

unha con dous, tres ou catro fillos, non coñezo agora a ninguén que só teña un fillo, salvo Ilídia” (Deán, 1994: 30).

A entrevistada fala do estado de *Tabanka*, que nesa altura xa se atopaba desactivada. No seu discurso resalta a identificación da asociación cos homes, permanecendo oculto o potencial das mulleres, que co tempo virían asumir a representación de todos os cargos da organización comunitaria.

“Nós estamos na asociación, pero non funciona moi ben, por culpa de que moitos son mariñeiros, entón todo está descontrolado, non podemos xuntarnos todos para falar, non temos unha cousa para facer; se un traballa tres meses fóra, tarda tres meses en volver, se 20 días, 20 días en volver”. (Deán, 1994: 31-32)

Na entrevista tamén se aborda a situación laboral das mulleres caboverdianas, para as que o mercado laboral se mostra moi limitado, cun único sector de inserción, en comparación con outros destinos dos fluxos caboverdianos. Destaca neste punto a falta de alusión aos problemas de legalidade das mulleres no acceso a traballos regularizados.

“As mulleres aquí, traballamos só nas casas, porque non hai ningún traballo, non é o caso de Zaragoza, Madrid ou Portugal, porque alá sempre hai traballo, aquí non. De haber, calquera muller traballaría, porque nos gusta moito traballar, porque aquí non hai, pero en Portugal toda muller traballa”. (Deán, 1994: 32)

Na entrevista tócase directamente o tema do racismo. De feito este número da revista está dedicado monograficamente ao racismo e a xenofobia, sendo esta a razón principal da aparición dunha voz caboverdiana. Esta muller foi inquirida sobre certos episodios racistas sucedidos daquela, nos que, após unha pelexa entre caboverdianos, unha comisión do barrio da localidade no que se produciron os feitos pediu a expulsión das familias e individuos caboverdianos da zona, chegando a ir ao concello (daquela, o de Cervo) en busca de apoio institucional.

“Cando fixeron unha pelexa ahí abaixo [refírese a un barrio de San Cibrao], onde vivimos nós, era unha pelexa de negros, toda a xente quería sacarnos a todos de alí, ás persoas que estábamos vivindo alí, eu non estaba moi contenta con iso, eu creo que un que fai algo malo hai que castigalo, pero non é sacar a todos de alí, teñen que sacar ós que deben; pero facer esa reunión, non sei como foron as cousas despois, iso non o sei, pero despois compramos este piso, eu tiña moitas ganas de saír dalí, cada vez que saíamos á rúa, a xente mirando cunha cara... eu non tiña o gusto de vivir alí máis”. (Deán, 1994: 32-33)

A entrevistada queixábase abertamente do trato racista que consideraba recibían as persoas caboverdianas, no que o colectivo completo era definido pola parte minoritaria discordante. Este fenómeno de definir a un colectivo amplo segundo os comportamentos “desviados” dalgún dos seus

membros é considerado como un dos procesos presentes en experiencias racistas (Wieviorka, 2002), servindo como xustificación para todo tipo de discriminacións.

“O único problema entre os brancos e os negros, se un fai unha cousa mal, pagan tódolos negros, é un problema que me preocupa porque pode ser un negro malo ou un branco malo, eu, unha cousa que vexo mal en España é que se unha persoa fai algo, non é para pagar todo o mundo, eu creo que merece para quen o fai ... se un fai algo mal, hai que castigalo, eu estou de acordo con iso, co que non estou de acordo é que se un negro fai unha cousa mala, xuntan a tódolos negros para pagala, iso non estou de acordo”. (Deán, 1994: 32)

Pouco despois desta entrevista, producíronse os feitos anteriormente narrados de detencións de familias e individuos caboverdianos na “Operación Toledo Rojo” (novembro de 1994), que probabelmente influíron no abandono da zona das familias implicadas. Este tipo de feitos contribuíron a que se forxara unha imaxe negativa do colectivo caboverdiano, en especial das mulleres, identificadas nas noticias dos xornais como as máximas responsábeis do tráfico de drogas, como se mostrou anteriormente. Foron anos dolorosos para moitas delas, que se sentían sinaladas inxustamente pola sociedade, en especial cando accedían a algún ben de consumo que puidese ser considerado extraordinario.

“Además había gente que te señalaba, que los hombres en el mar, y nosotras, las mujeres traficando. Eso no se puede decir, no puedes meter a toda la gente en el mismo saco... Yo no sé lo que es, yo no conozco la droga... entonces no puedes señalarme, tu, o tu marido, no. Mi marido, y el marido de esta y muchos más, trabajando día y noche; tu también, levanta, fregando todos los sitios para vivir, después que te dicen, no, tu marido en el mar y tu traficando. Eso es muy doloroso”. (M1)

“As mulleres cargaron coa fama de traficantes... a xente, sen coñecemento, nos vía a todas igual: son caboverdianas, son traficantes”. (M3)

Unha excepción a estes feitos negativos nas relacións entre inmigrantes e autóctonos foi a celebración, en 1994, dunhas “Xornadas pola integración dos povos”, organizada polo *Colectivo Cultural Burela*, nas que houbo unha conferencia a cargo de Antonio Villarino, doutorando en Antropoloxía na USC, que estaba a elaborar unha tese de doutoramento sobre a comunidade caboverdiana, que posteriormente abandonou. Non conseguín máis material deste antropólogo que un breve artigo nunha revista solidaria do ámbito da cooperación, no que trata da suposta integración da comunidade, tema omnipresente na miña entrada no terreo, poucos anos despois. Villarino (1995) propón que a integración burelá baseábase na baixa esixencia manifestada polo colectivo caboverdiano, respecto das súas condicións, ante a sociedade de acollida.

Tomando como punto de partida a época dos pioneiros, este antropólogo explica que o proceso de integración dos migrantes caboverdianos baseouse dende os tempos iniciais na creación dun grupo

fechado, que se foi nutrindo por novos migrantes, que serviu para satisfacer as necesidades que ían xurdindo sen recorrer nin demandar solucións á sociedade de acollemento. É nesta **renuncia** que Villarino coloca a clave dunha integración realizada de xeito unilateral polo colectivo, evitando calquera tipo de demanda á sociedade autóctona que puidera provocar algún tipo de conflito.

A opción integradora pola que optan os caboverdianos neste momento é tentar reproducir un micro-espazo social e relacional que lles permitira saír da situación de desamparo e indefensión provocada pola desarticulación social producida polo fenómeno migratorio. Neste senso, o mantimento da rede de contactos orixinada noutros momentos da emigración revélase esencial. A chegada de outros compatriotas é o primeiro dos pasos que lles permite aos caboverdianos deslocalados criar o xerme dunha comunidade no que o substrato sócio-cultural lles é común e que podería ser o inicio dun proceso de adaptación a un marco social descoñecido. (Villarino, 1995: 14)

Segundo o mesmo autor, nun momento posterior, a chegada de mulleres e crianzas veu reforzar esta vía de integración unilateral, ao posibilitar a reprodución do colectivo en base á reconstrución no espazo migratorio de unidades familiares, continuando a evitar a expresión de demandas ante a sociedade.

Neste proceso de integración, que se pretende a-conflitiva, hai outro momento importante. Falamos agora do feito de demandar a presenza da familia de orixe, no seu caso de mulleres ou parentes ... Coa chegada das mulleres, o grupo xa se reproduce como tal. Xa non se trata de sobre-viver individualmente, e busca-se a reprodución do colectivo.

Mas esta satisfacción de necesidades, que poderíamos entender como secundárias, realiza-se también nun contexto de renúncia á conflitividade, en tanto se demanda do meio social o menos posíbel, evitando así en todo o posíbel as situacións de competencia, que pudesen dexenerar en conflito inter-étnico. (ibid.: 15)

Os anteriores argumentos levan a Villarino a pensar que a renuncia é o elemento definidor do proceso de integración dos membros adultos da comunidade caboverdiana en Burela.

Temos a convicción de que a falta de conflitividade inter-étnica é un dado que non nos pode facer pensar que estamos diante dun proceso de integración modélico e mesmo exportábel. Esta primeira xeración de emigrantes caboverdianos adoptan a renúncia como estratexia de supervivencia, motivados pola extrema necesidade da que pretenden fuxir. (Villarino, 1995: 15)

Diversas alusións presentes no escrito deste antropólogo parecen expresar unha intencionalidade por parte do autor de cuestionar o que temos vindo chamar o “mito da integración perfecta”, que para el parece estar presente xa na segunda metade da década de 90.

A finais de 1998, ano da miña entrada no terreo e punto final desta fase de crise, residían na Mariña perto de corenta familias, que agrupaban cerca de cento corenta homes, mulleres, nenos e nenas, como se indicou no segundo capítulo, no que se definiron a súa estrutura, problemáticas e

potencialidades, nas que non me deterei novamente. A maior parte das persoas residía en Burela, existindo algúns grupos domésticos nos concellos limítrofes de Cervo e Foz.

Nesa altura iniciouse a intervención social co colectivo, que se atopaba sumido nun momento de estancamento, após a reemigración provocada pola crise, combinada cun parón nas chegadas de novos migrantes, polo que a comunidade experimentou unha falta de renovación demográfica. Por outra banda, existía unha carencia de información proveniente de Cabo Verde, onde se estaba a producir unha rápida mudanza socioeconómica iniciada en 1991, tras o do fin do réxime de partido único. Nesa época as viaxes ao arquipélago eran infrecuentes, habendo persoas na comunidade que levaban incluso dúas décadas sen visitalo. O acceso a información, alimentos, música ou outros produtos caboverdianos realizábase vía Lisboa, a onde de vez en cando viaxaba algunha persoa da comunidade. A capital lusa constituía unha especie de extensión da terra de orixe.

4.6 MULLERES, DEPENDENCIA LEGAL E DEREITOS DE CIDADANÍA. (1978/1998)

O colectivo das mulleres das primeiras vagas sufriu unha serie de problemas derivados do non exercicio de dereitos, que se daba tanto no caso das mulleres como no dos seus fillos. En ambos casos, non era a lei a que impedía o exercicio de determinados dereitos, senón a concepción racista dos funcionarios locais das diversas institucións do estado español na súa interpretación das leis. Estas situacións discriminatorias mantivéronse, en grande parte, debido á desorganización da comunidade e ao baixo nivel educativo da maioría das persoas adultas de Cabo Verde residentes en Burela e arredores. Unha vez desactivada a asociación *Tabanka* esqueceuse o tema dos dereitos ate a irrupción do Proxecto BogAvante na vida comunitaria. Probabelmente, se houbera existido unha continuidade do traballo da asociación, os problemas que se abordan a continuación non houberan acadado a importancia que tiveron nesa época, dificultando a vida das mulleres caboverdianas na zona.

Se había un problemas especialmente sentido por elas era o da nacionalidade dos seus fillos e fillas nados en territorio español, anteriormente abordado, considerados erroneamente como caboverdianos polas autoridades españolas, que deron ás mulleres todo tipo de explicacións de por qué non tiñan dereito a ser españois. Entre estas explicacións destacaba o uso por parte das autoridades policiais de argumentos baseados nunha concepción da nacionalidade baseada no principio de *ius sanguinis* e non de *ius solis*⁴⁵, contrario á lei en vigor. O que acontecía na realidade é que os funcionarios da comisaría, carrexando cos seus propios prexuízos, non aplicaron a lei como realmente estaba previsto.

“Porque dixéronme, preguntei por qué, e dixéronme que a lei, o que, logo que non é a nacionalidade, que non vai co país, que vai coa sangre. Eso dixéronmo en Lugo. Si, porque, que os padres, nosoutros somos os padres, os fillos son nosos,... naceron en España, que a terra que non lle da, logo, o dereito, iso que é a lei a que da, logo, o dereito... Iso dixéronme na Policía en Lugo”. (EG1)

O descoñecemento da lei española no tocante aos dereitos de nacionalidade, anteriormente explicados no apartado de intervención social, levou a que algunhas mulleres tentaran resolver a

⁴⁵Denomínanse *ius solis* os sistemas nos que na nacionalidade orixinal é atribuída a todas as persoas nadas no país, e *ius sanguinis*, aos sistemas nos que a nacionalidade orixinal atribúese a todos os descendentes de nacionais deses países. Estes dous istemas ideais materialízanse na práctica en diversas combinacións, sendo un deles predominante, especialmente no que se refire á atribución da nacionalidade aos descendentes de estranxeiros nados no territorio nacional (Pires, 2003:127). No caso español, prevalece o primeiro criterio, sempre que os descendentes menores non ostenten automaticamente a nacionalidade dos proxenitores.

situación, dando paus de cego, chegando a desprazarse a Lisboa para tentalo a través da embaixada caboverdiana en Portugal.

“No primeiro de todo, nos primeiros anos, ou varios anos, non buscamos, eu polo menos, non busquei a nacionalidade dos cativos, porque, como estaba apuntada⁴⁶ en Foz, e naceu aquí, e estaba apuntada, e iba á escola e todo eso, pensei que non tiña problema ningún. E despois cando encontrei logo con máis problema, foi cando Helena xa tiña catorce anos en diante, que me dixeron que lle tiña que ir sacar á cativa o pasaporte. E fun a todos os sitios e non me daban o pasaporte da nena. E despois tiven que coller e ir a Lisboa, e cheguei a Lisboa e chamei ao meu irmán, que me dixo que con ir eu á Embaixada, que me daban o pasaporte da cativa. Cheguei a Lisboa, fun a sacar tamén o meu, e o da cativa. Tiven que vir aquí en España a buscar á pícara e levala aló, porque cando cheguei a Lisboa dixéronme: “e como che vamos dar a documentación, que non sabemos se existe esa pícara?. Porque e que non temos ningún..., tu trouxeche o papel na mau, e nosoutros ese papel non sabemos”. Trouxen o papel e a foto dela, coa partida de nacemento e a foto dela. “Quén sabe se esta pícara, se é a mesma?”. E entonces non me deron papel ningún.

E cheguei aquí en España, antes deso, e faleilles, e que a cativa que en Lisboa naide a recoñecía, na Embaixada de Cabo Verde tampouco. E dixéronme: “eso nosoutros, podemosche, apuntar a cativa, a cativa e como por exemplo, oriunda, porque son os pais caboverdianos, coa nacionalidade caboverdiana”. Entonces os pícaros, mentres que os padres son caboverdianos, eles non poden, hasta que son maior de idade, non poden sacar o permiso, bueno, a nacionalidade.

Entonces, coa partida de nacemento que lle deron en Foz, e volvín outra vez a Lisboa, e coa nena, pa que viran que naceu a cativa, que vivía, é cando me deron o pasaporte da nena, o caboverdiano, e despois, para as becas e todo ese rolo, eso xa nin che conto. E despois, incluso o permiso de traballo para Helena, houbo que pagar un montón de cartos pa poder...”. (EG1)

Alén do problema da situación legal dos fillos e fillas, as mulleres sufrían doutra serie de limitacións que lles afectaban directamente, derivadas do seu estatuto legal como dependentes do marido, ao teren regularizado a súa situación baixo a figura “esposa de”, que permite a residencia legal pero non o traballo en condicións de legalidade. Debido a esta situación, a maioría das badías de Burela foron “obrigadas” a traballar dentro da economía somerxada. O traballo asalariado das mulleres das primeiras ondas foi realizado dentro da economía informal, nunha situación que se mantivo ate finais dos anos 90.

A interpretación machista dos funcionarios das institucións españolas respecto destas inmigrantes, ao consideralas como mero complemento dos seus homes, o cal viña reforzado polo tipo de permiso de residencia que lles correspondía, ten causado innumerábeis problemas ligados aos dereitos laborais. Entre eles, a imposibilidade de se inscribiren nos centros públicos de emprego e de cotización para unha xubilación futura.

Pero as consecuencias da dependencia legal respecto do esposo ían máis alá do ámbito laboral e o acceso a determinados recursos sociais, tocando profundamente a súa vida persoal. No caso dunha

⁴⁶Refírese á partida de nacemento no rexistro civil.

separación da parella, a muller víase nunha situación de absoluta dependencia do seu esposo ou compañeiro á hora de renovar a súa documentación, feito que podería forzala a soportar repetidamente situacións que non desexaba, por estar desprotexida legal e socialmente. Esta cuestión agravaríase no caso de ser a muller vítima de calquera forma de violencia de xénero.

“Ah, a min o señor malo⁴⁷ ese me mandou casar para, tener [permiso de residencia]... Porque llegas ahí, a ese señor, dice: “no no no!, tienes que tener un señor”. Y hala! Si no quieres vivir con una persona tienes que vivir por narices. Para poder tener los papeles.... Y le pregunté:”y entonces una persona si no quiere casar no puede tener permiso de residencia?”. Dice:”ay, señora, no”. “Y ¿si quiero ser independiente, vivir yo sola, no puedo?”. “No”. Dixen eu, “bueno, pues si es obrigatorio, ¿puedo casar hoy y divorciar mañana?”. “Ah, usted hace o que quiera, pero tiene que tener un señor a su lado”. (EG2)

A abertura do **Consulado de Cabo Verde** en Madrid en 1996 abriu unha porta á posibilidade de conseguir documentación dos seus rexistros oficiais. A posta en marcha do BogAvante en 1998 contribuíu á organización colectiva en torno á solución dos problemas comúns e a expresión da súa identidade, do mesmo xeito que *Tabanka* tiña tentado facer nos seus anos iniciais. O colectivo caboverdiano, coa reactivación da asociación, retomou o papel de actor político e social que tiña sido abandonado pola comunidade no inicio da década dos 90.

No caso do acceso das mulleres ao traballo legal, que as independizaba dos maridos en termos de renovación da súa documentación persoal, a partir de 1998 moitas delas legalizáronse como traballadoras, accedendo a determinados beneficios e recursos sociais, como a posibilidade de cotización para unha futura pensión de xubilación (que no seu caso, dada a súa idade, en torno aos 40-50 anos, sería suficiente para a cotización mínima que outorga este dereito), podendo acudir dende entón aos servizos públicos de emprego, tanto na procura de postos de traballo como de actividades formativas.

⁴⁷Refírese a un funcionario policial concreto da Comisaría de Viveiro, o mesmo que foi mencionado no apartado 3.3.3.

4.7. ORGANIZACIÓN DA ESTRUTURA DOMÉSTICA E REDES DE APOIO

*“Mudjer di marinheru, chintadu pe estendedu
kabesa na tchon, ta pensa li, ta pensa la
Nu ta spera nos marido, nos ki e mudjer di marinheru⁴⁸”
Batuko Tabanka*

Ao longo dos primeiros vinte anos de presenza caboverdiana na Mariña, foise consolidando unha comunidade que se estruturou a partir da chegada das mulleres, acompañadas das súas crianzas.



Foto 24: Familia nuclear. Burela (1987)
(Cedida por Maria da Silva)

Dende a súa chegada supuxeron un factor de permanencia na zona, reforzado co nacemento das primeiras nenas e nenos descendentes de migrantes caboverdianos na Mariña a partir de 1978. O proceso migratorio implicou mudanzas na organización familiar respecto do existente na terra de orixe, configurándose maioritariamente segundo o modelo ideal que rexe no rural de Santiago, presentado no terceiro capítulo, que se plasma na familia nuclear unida polo rito católico, na que os membros da parella establecen unha relación monogámica. Convén lembrar que este ideal nunca chegou a acadar porcentaxes elevadas de representatividade na configuración dos grupos domésticos en Cabo Verde, coexistindo esta forma de organización doméstica cunha multiplicidade doutras, nas que destaca como elemento común a presenza de varias xeracións,

predominando as familias alargadas.

En Burela, o feito de que as mulleres caboverdianas migraran en calidade de esposas conduciu á tendencia dominante de organización dos grupos domésticos baixo o modelo de **familia nuclear**. A multiplicidade de tipoloxías familiares da sociedade de orixe nunca se trasladou á comunidade migrante, á que as mulleres chegaron unicamente en calidade de esposas ate entrada a década de

⁴⁸ “Muller de mariñeiro/ sentada sen nada que facer/ preocupadas, pensando día e noite/ Nós que somos mulleres de mariñeiros/esperamos aos nosos maridos”. Batuko Tabanka (Djuntamô, Casa de Tolos, 2009).

2000, continuando a ser a tendencia predominante. Se temos en conta o seu estado civil, a maioría das mulleres que chegaron nas primeiras vagas a Burela representan a un dos colectivos femininos menos numerosos no seu país de orixe.

Outra das diferenzas entre as tipoloxías familiares en orixe e destino ten que ver coas xeracións que forman os grupos domésticos. Mentres que en Cabo Verde predominantemente están constituídas de xeito extenso, coa presenza de membros de tres xeracións ou máis, no destino migratorio limitábanse a dúas, facendo imposible a organización dos traballos produtivos e reprodutivos por parte das dúas xeracións de mulleres adultas, nais e aboas, ás que se aludía no devandito capítulo.

A chegada e fixación das mulleres posibilitou a aparición de redes estábeis de solidariedade e entreaxuda entre os grupos domésticos, moi importantes no momento da chegada ao destino migratorio. Os primeiros tempos foron especialmente difíciles, xa que por seren poucas persoas aínda era difícil a constitución de redes de apoio mutuo que, entre tanto, fóronse ampliando coa chegada de novos e novas migrantes e a consecvente sedimentación da comunidade, anterior á crise dos anos 90. Estas redes de apoio demarcaban o que Villarino (1995) denominou o “micro-espazo social”, que se corresponde coa comunidade, que se organizou cara dentro na resolución dos diversos desafíos que lles foi colocando a vida nunha sociedade estraña. Durante todo o período que antecede á renovación do fluxo, as mulleres organizaron a vida comunitaria, sendo as responsábeis de manter as relacións entre os grupos domésticos mediante a reprodución das prácticas tradicionais de relación propias da súa cultura.

Dende os tempos iniciais foise evidenciando unha contradición entre a forma normativa ou ideal de familia (nuclear con figura masculina central) e a realidade marcada pola ausencia dos homes. Os núcleos familiares definíronse ate a década de 2000 pola falta do pai por causa do seu traballo, converténdose o referente masculino nunha personaxe case sempre **ausente**, recaendo a responsabilidade doméstica exclusivamente na figura feminina.

A inexistencia de grupos domésticos encabezados por mulleres en solitario, sen maridos, evidencia a centralidade dos homes na estrutura familiar en Burela, debido á orientación desta corrente migratoria, baseada no traballo masculino. A pesar desa centralidade, as propias características do emprego dos homes deron pé a unha **monoparentalidade temporal** e cíclica dos grupos domésticos, caracterizados pola ausencia periódica da figura masculina, constituídos como grupos domésticos **matrifocais**, nos que a figura feminina constitúe o elemento central. A ausencia dos maridos colocou ás mulleres nun dobre papel, de pai e nai, na socialización do colectivo de descendentes e

outorgoulles a xestión en solitario dos fogares e das relacións con outros grupos domésticos, tanto na orixe como no destino migratorio.

A contradición entre estrutura e práctica real resolvíase nos breves momentos de estancia dos maridos en terra, nos que se convertían na figura central do grupo doméstico. A vida das mulleres mudaba considerabelmente nestes momentos, vendo restrinxida a súa liberdade de movemento, sempre atentas aos desexos e necesidades dos seus maridos, non querendo incomodalos con problemas nos breves períodos de reencontro após semanas ou meses de duro traballo no mar. Nestes intres algunhas mulleres adoitaban contar con permisos dos seus empregadores, cunha maior flexibilidade de horarios, co obxectivo de aumentar a súa presenza no fogar e atender mellor aos seus maridos. As mulleres seguían estratexias deste tipo para poder cumprir no tempo que o marido estivese en terra, o mandato de servilo, que como se indicou no capítulo anterior, constitúe unha das obrigas máis importantes para unha muller dende a infancia.

Ao longo de moitos anos, a imaxe da comunidade foi a dun grupo de familias encabezadas por mulleres, que periodicamente contaban coa presenza masculina. A ruptura desta dinámica só se producía, dun xeito significativo⁴⁹ no mes de maio e no período do Nadal, nos que a maioría dos barcos realizan paradas na actividade pesqueira. Nestes momentos, os homes da comunidade facíanse visíbeis en espazos típicos de sociabilidade masculina, como os bares e a rúa. Eran os momentos de celebracións comunitarias. Unha vez concluídos estes períodos, co regreso á actividade pesqueira, voltábase á **matrifocalidade**.

Nese contexto, as mulleres foron organizando as súas vidas e as dos seus fillos, sempre en contacto entre elas, traballando en empregos definidos pola súa discontinuidade, que lles permitían atender os fillos e a casa entre un e outro traballo. As mulleres foron tecendo unha rede de relacións entre elas, existindo pequenos grupos de parentes e amigas con relacións máis próximas, que partillaban a crianza dos fillos e fillas, seguindo o costume da sociedade caboverdiana, de xeito que as outras mulleres da súa rede máis próxima exercían papeis que na sociedade de orixe normalmente eran atribuídos ás aboas. Estas redes de apoio femininas permitiron unha continuidade no xeito de organizar os traballos domésticos e compatibilizalos co traballo produtivo. Deste xeito, a axuda ou partilla de traballos domésticos realizada coas outras mulleres no marco da familia extensa en Cabo Verde pasou a ser garantida en Burela pola rede de solidariedade e apoio tecida entre as migrantes, seguindo os mesmos principios de reciprocidade e intercambio constantes.

⁴⁹ Referímonos ao momento de parada da maioría das embarcacións nun mesmo período. Noutros momentos do ano, a presenza masculina limitábase aos tripulantes de embarcacións que ían parando escalonadamente, seguindo as mareas.

Un dos traballos que as mulleres caboverdianas sempre realizaron colectivamente é a agricultura en terreos cedidos na localidade, como se indicou no capítulo de intervención. O traballo colectivo sempre funcionou como un elo de ligazón entre as mulleres e demais membros dos distintos grupos domésticos, constituíndo as xornadas de *djuntamô* ocasións de partilla e sociabilidade entre diversos grupos da comunidade.

As mulleres teñen sido as responsábeis de transmitir a cultura de orixe aos descendentes, nun proceso de cría e educación que se apoiou na rede de relacións no seo da estrutura comunitaria no proceso de aprendizaxe e interiorización da cultura *badía*. Este proceso de **endoculturación** iniciábase coa práctica cotiá da lingua, que todos os descendentes, salvo raras excepcións, adquiriron como lingua materna, que empregan de xeito cotiá nas relacións entre membros da familia e a comunidade, nas que cobran un sentido especial as visitas dos membros duns grupos domésticos a outros, tanto nas relacións diarias como nas de fin de semana.

Mais foi no ámbito das relacións coa sociedade de acollida que a ausencia dos homes propiciou unha serie de mudanzas nas vidas e papeis das mulleres caboverdianas, que fai delas unha excepción fronte a outras comunidades da diáspora. No caso que nos ocupa, esta ausencia empurrou as mulleres a ocupar espazos e roles que noutras comunidades acostumaban ser exercidos e/ou ocupados por homes. Exemplo disto pode ser todo o abano de relacións sociais coas institucións (escola, policía, profesionais da saúde, concello), que foron exercidas polas mulleres, en contraste con situacións como a que relata Moldes (1998) en Villablino, anteriormente exposta. No caso galego as mulleres caboverdianas non se limitaron a tecer relacións sociais coa sociedade de asentamento, senón que acabaron por ostentar a **representación social** do colectivo caboverdiano, cando a mediados dos anos 90 pasaron a ocupar de xeito exclusivo os cargos representativos da asociación comunitaria⁵⁰.

A inserción laboral masculina na pesca de altura posibilitou o cumprimento dos mandatos de xénero en canto ao papel do home como provedor do grupo doméstico, o que sen dúbida reforzou a importancia do elemento masculino, central a pesar da ausencia. Os homes caboverdianos de Burela cumpren polo xeral coas súas obrigas e responsabilidades familiares en maior medida que no contexto de orixe, no que en moitos casos se atopan desempregados ou con escasos ingresos e con varias nais de fillos ás que atender.

⁵⁰ Neste aspecto existe un contraste moi claro coas asociacións caboverdianas de León, profundamente masculinizadas. Por exemplo, na *Asociación Cultural Amilcar Cabral*, de Bembibre, os cargos directivos estiveron sempre ocupados por homes, ate a actualidade.

Dentro do tránsito destas mulleres da sociedade de orixe á sociedade de destino existe un gran paralelismo entre dous momentos: o exercicio do papel de esposa na terra de orixe como mulleres de emigrantes, e no destino, como mulleres de pescadores. En ambos casos, as mulleres xestionan en solitario as súas familias e os recursos económicos aportados pola figura masculina, á que só poden pedir consello ou instrucións durante breves períodos, estando suxeita a incerteza a entrada de recursos económicos en ambos casos.

En definitiva, a ausencia continuada dos homes durante longos períodos, determinada pola súa modalidade de inserción laboral, propiciou certas mudanzas nos papeis das mulleres caboverdianas na Mariña, convertidas en representantes públicas do colectivo e xestoras en solitario da organización doméstica, a partir da que construíron redes de solidariedade entre elas e reproduciron e reinventaron sistemas de organización comunitaria propios das zonas de orixe.

Esta característica da comunidade en Burela contrasta coa realidade das mulleres caboverdianas noutros lugares da diáspora, nos que se estableceron comunidades baseadas no traballo masculino, sendo o papel das mulleres subalterno en termos de tomas de decisión no ámbito familiar, representatividade pública ou mesmo no acceso ao mercado laboral, como ten acontecido en León, onde os homes mantiveron unha presenza constante nos fogares mentres traballaron como mineiros, a cal se viu reforzada posteriormente ao prexubilárense.

4.8. MULLERES DE MARIÑEIRO, NAIS DE MARIÑEIRO

*“Oh vida di már, vida di piskador
Regrésu tom nsértu tenê-m kurasom ku dor !
Alê-m li xintádu, na kais di bu partida
Xintidu angustiádu i lágrimas di amor⁵¹”
Mayra Andrade*

A vida das mulleres de mariñeiros está definida pola espera, moitas veces angustiada, do marido. Na pesca de altura, nas décadas pasadas era moi infrecuente a realización de chamadas telefónicas ás embarcacións, podendo ter noticias unicamente a través dos armadores, aos que non sempre as mulleres tiñan acceso. A pesar de que a priori as mareas, dependendo da modalidade de pesca, tiñan unha duración determinada, a data de desembarque nunca era segura e podía alongar semanas. Ás veces as arribadas a porto producíanse en terras lonxincuas, como Azores ou Escocia, dende onde os maridos se comunicaban por teléfono.

O máis frecuente ao longo de todo o período anterior a 1998 era que as mulleres fixeran fronte en solitario a feitos como os embarazos, o nacemento dos fillos, as doenzas ou a morte dun ser querido, soidade que no caso das pioneiras veuse agravada pola falta da rede de apoio intracomunitario. Naqueles tempos iniciais, a vida era moito máis difícil e complicada que en anos posteriores, debido á inexistencia dunha comunidade que arroupara as migrantes que ían chegando, que se enfrontaban en solitario a unha sociedade descoñecida, cunha lingua que non entendían e onde todo era diferente ao que deixaran atrás, que as colocou en situacións de fragilidade e illamento social.

“E estábamos namás que nosoutras solas. E despois con Helena con catro meses, e gracias aos españoles, a un matrimonio que vivía eu con ela, daba Helena a teta, que andaba eu non quería biberón nin nada, e marchei para Lugo, que daquela non había nada aquí, e todo era en Lugo, e botei vinte, trinta e dous días, en Lugo. E dezaioito días o home inconsciente. E a cativa aquí, e entón, e eu practicamente non coñecía Lugo, e aquel día foi Júlia comigo, e despois eu quedei en Lugo sola. O home morrendo, que si o sacaban de coidados intensivos morría, e entón non o mandaron para ningún sitio E eu non tiña familia, e non tiña a nadie ... Tiña a cativa pequena. Entón Nhanha tuvo que marchar para Portugal, e despois, Júlia non coñecía practicamente ningún sitio, e, encontraste sola, practicamente, que non sabes onde botar unha man”. (EG1)

A diferenza das mulleres de mariñeiros galegas, as caboverdianas non só exercían en solitario as obrigas familiares dos papeis de nai e pai, senón que, debido á ausencia doutras parentes de maior

⁵¹O, a vida do mar, a vida do pescador, o regreso tan incerto ten o meu corazón cheo de dor. Aquí me tes sentada, no porto da tua partida, co sentimento angustiado e lágrimas de amor (Mayra Andrade, Navega, 2007, Sony).

idade, constituían ás veces a única referencia familiar para os nenos e nenas. Unha das cuestións que agravou a soidade destas mulleres foi a falta de rede familiar, que podería brindar apoio nos momentos difíciles da vida. Por este motivo, a rede de apoio entre elas adquiriu aínda máis importancia, ao constituír un verdadeiro puntal nas súas vidas, non só a nivel organizativo, senón tamén moral.

“Si te pasa algo con los hijos, tu eres padre, madre, abuela, abuelo, irmau. No tienes a nadie, a nadie, tenemos que apoiar unas a outras, se pasa muy mal... te sientes sola ... juntábamnos, comíamos na casa unha da outra, sin marido, si viene por Navidad, en Fin de Año ya no lo tienes, se pasa muy mal, eh, se pasa muy mal, lloras mucho”. (M1)

Un dos elementos sempre presentes nas casas dos mariñeiros é o medo, o temor a un accidente no mar ou a un naufraxio. Tendo en conta que o mar é o oficio máis perigoso dos que existen en España, como se apuntou no apartado dedicado á pesca, non é de estrañar a tensión que as mulleres sufren cada marea, esperando longos días a que o seu marido regrese vivo e sano.

“Ay Dios mío, siempre lo tienes en el cuerpo [o medo]; cada vez que sale por la puerta, estás pensando, porque daquela había moitos accidentes... eu, de verdad, estás cada vez que iba hasta que vuelva, estás, cunha tensión, que non puedes, a veces, un día estás bien ...”. (M1)



Foto 25: Altar na casa dun mariñeiro. Burela (2010)⁵²

O certo é que o colectivo de mariñeiros caboverdianos tivo moita sorte en canto á ausencia de mortes no mar nos anos anteriores á década de 2000. O que si houbo foi infinidade de accidentes,

⁵² Nótese a mestura de iconos relixiosos procedentes dos destinos badiu: Portugal (Virxe de Fátima en varias versións) e Zaragoza (virxe do Pilar), xunto con outros galegos (virxe do Carme, patroa dos mariñeiros), acompañados de representacións dun dos destinos europeos máis frecuentes do fluxo badiu (Torre Eiffel).

que acababan por traer aos homes de regreso antes do previsto, para que se recuperasen na casa ate as seguinte marea. Ese medo a unha desgraza no mar é combatido nunha grande parte con auxilio da relixión. En case todas as casas as mulleres dos mariñeiros teñen un espazo, a modo de pequeno altar, no que colocan virxes católicas (Fátima, Virxe do Carme), estampas de santos e velas acendidas. Nos anos 90 comezou a inserción laboral dos fillos maiores na pesca, feito relacionado co fracaso escolar e a imposibilidade de acceder a outros sectores. Por iso, algunhas destas mulleres de mariñeiros convertéronse tamén en nais de mariñeiros, algo, segundo os seus testemuños, aínda peor.

“Iso é aínda moita máis dor. A do marido é dor, si, cando marcha e ficas cos nenos. Pero cando os teus fillos saen ao mar, sinto un nó no estómago, na barriga, en todos lados. Pero non o demostro para que o meu marido non me diga: “queres aos teus fillos máis que a min”. Sempre que os meus fillos embarcan sinto unha dor, así, no corazón, tristura⁵³”. (M5)

Polo tanto, a vida das mulleres de mariñeiros leva sempre asociado un lado negativo, a ausencia do compañeiro, que se ben cumpre co papel de provedor da economía doméstica, non pode brindar o seu apoio en aspectos como a educación dos fillos e fillas, na toma das decisións que teñen que ser feitas con rapidez, no acompañamento da muller nos embarazos e partos, en momentos de dor como a perda de familiares en Cabo Verde e en momentos alegres, como celebracións comunitarias ou familiares. Mais nun hipotético lado positivo, estaría a “liberdade” das mulleres para organizar as súas vidas cotiás e domésticas e as súas estratexias de conciliación da vida persoal e laboral.

Estas dúas caras da vida de muller de mariñeiro fai que as mulleres se movan nunha ambivalencia que as ten feito conscientes, sobre todo a partir da intervención participativa, de que non todo nesta posición é negativo, polas posibilidades de empoderamento feminino que abreu a ausencia masculina. Aínda así, algunhas valoran que esa liberdade non é tal, precisamente pola soidade que leva aparellada, que non se ve compensada polo salario que reciben os seus maridos.

⁵³*Eso si ki e mas dor ainda. Di maridu é dor sin, oki e bai bu ta fika ku mininu. Pero kandu ki bu fidju ta ba mar, n ta chinti un nudo na estomago, na barriga, na tudu. Ma n ka ta dimostra pa Ximí ka fla: bu bu kre bu fidju mas ki mi. Sempri ki nhas mininu ta bai, bu ta chinti un dor, asi, na kurason, tristi*

4.9. INTERVENCIÓN SOCIAL E EMPODERAMENTO DAS BADÍAS DE BURELA. A EMERXENCIA DE BATUKO TABANKA

En la intervención social, según se va avanzando,
van abriéndose puertas y cerrándose otras,
y el batuque abrió una puerta
(Carnacea, 2011: 246)

No segundo capítulo prestouse atención a dous procesos de intervención social desenvolvidos co colectivo caboverdiano de Burela, que prestaron unha atención especial ás súas mulleres, que sempre foron os elementos máis activos da comunidade, tanto na relación cos sucesivos sistemas interventores como nas actividades desenvolvidas.

O Proxecto BogAvante contribuíu a solucionar a maior parte dos problemas relacionados co exercicio dos dereitos de cidadanía das mulleres caboverdianas e dos seus fillos e fillas. Mais tamén conseguiu aproveitar a parte positiva da ambivalencia na que se movían as mulleres de mariñeiros, potenciando a aparición e consolidación de novos roles para elas en canto representantes do seu colectivo, da súa cultura e incluso da localidade de asentamento desta comunidade en Galiza. Dentro das actividades desenvolvidas no marco da intervención, considero que hai unha merecedora dunha atención especial, por tratarse da que máis claramente potenciou o empoderamento das mulleres caboverdianas na esfera pública: a emerxencia dun grupo de música composto por unha ducia delas. Trátase dun resultado non previsto inicialmente, que pode servir como proba de que a utilización de metodoloxías abertas e participativas crea as condicións necesarias para a emerxencia das potencialidades grupais, baixo distintas formas, neste caso a expresión artística e cultural. As intervencións desta natureza provocan cambios nas vidas de quen se ve envolto/a nelas. Nas seguintes páxinas darase conta da transformación operada nas vidas dun grupo das mulleres caboverdianas, a través da creación e posterior profesionalización dun grupo musical, *Batuko Tabanka*, que abriu novas portas na súa relación coa sociedade de destino.

O *batuko*⁵⁴ é unha expresión musical propia da illa de Santiago que emerxeu en Burela, após anos de esquecemento, como resultado inesperado das diversas actividades no ámbito cultural, que perseguían o obxectivo xeral de difundir a cultura caboverdiana, trasladando ao ámbito público algúns dos seus elementos. Así como outras expresións musicais gozaban dunha intensa vitalidade,

⁵⁴Referireime a el como *batuko*, mais tamén aparece designado como batuque ou *batuku* en diversos traballos.

contándose nas casas con diversa discografía, obtida normalmente vía Portugal, nada facía lembrar a existencia deste xénero musical xenuinamente *badiu*. Durante o primeiro ano da intervención municipal emerxeu un grupo musical, composto por unha ducia de mulleres, que acabou por converterse nun dos produtos máis duradeiros e tanxíbeis daquela intervención, aínda que, ironías da vida, acabara en certo modo servindo para exemplificar a argumentación contraria á que alumeou o seu nacemento, a integración perfecta.

Os efectos positivos e duradeiros da intervención desenvolvida entre 1998 e 2001 non se esgotaron, polo tanto, na solución dos problemas de legalidade e dereitos ou na reactivación da asociación comunitaria, senón que incluíron ademais a identificación de Burela coa comunidade caboverdiana e coa súa cultura. Ese proceso de identificación procesouse a través das mulleres e do grupo musical anteriormente mencionado, creado no ámbito das actividades de difusión da cultura caboverdiana ante a sociedade local.

4.9.1. CONTEXTUALIZANDO O BATUKO

O *batuko* é un xénero musical actualmente protagonizado case exclusivamente por mulleres, sendo considerado como unha das expresións culturais caboverdianas que manifesta un xeito máis evidente as raíces africanas. O *batuko* ten tres compoñentes: percusión, canto e danza. Ritmo, palabra e corporeidade.

Adoita ser interpretado por un grupo de mulleres⁵⁵ dispostas en círculo ou semicírculo, que baten un pano enrolado apertado fortemente entre as coxas, ao que se chama *txabeta*⁵⁶. O instrumento antigamente estaba composto de panos embrollados, pasando posteriormente a introducirse estes panos en plásticos, para aumentar a sonoridade, existindo nos últimos anos *txabetas* construídas con forro de escai. Normalmente é de forma rectangular, aínda que na actualidade existen tamén formas arredondadas. A percusión componse de dous tipos de toque (*rapikadu* e *ban-ban*), que ao sintonizarse producen un ritmo característico, que ao longo dunha peza vaise repetindo, aumentando progresivamente ate atinxir o clímax de son e ritmo na parte final. Sobre esta percusión, unha cantora principal entoa versos que son repetidos en coro polas compañeiras, sendo

⁵⁵A presenza masculina no *batuko* na actualidade é moi minoritaria, aínda que existen estudos que proban unha participación masculina máis activa en tempos antigos.

⁵⁶Esta palabra designa tanto o instrumento de percusión como o son producido.

abreviados tras varias repeticións ate chegar ao clímax en forma de verso breve e rápido, en conxunción coa percusión.

Momentos antes deste clímax aparece o terceiro elemento, a danza asociada ao *batuko* (*da ku torno*), que consiste en mexer as cadeiras, mantendo o resto do corpo, especialmente a cabeza, máis ou menos estático. A muller que baila⁵⁷ sitúase no centro do grupo e comeza por enrolar unha *sulada* ao redor da cadeira, mentres vai mexendo o corpo lentamente con movementos suaves e aparentemente indolentes. Ao son das voces e *txabetas* irá aumentando o ritmo ate o máximo, en paralelo coa súa intensificación. Cada *batukadeira* ten o seu estilo particular, sendo frecuente pechar os ollos nos momentos de máis forza, levantando os brazos e mantendo a cabeza en alto. Esta forma de bailar é un dos aspectos historicamente considerados como máis perniciosos pola moral católica, que o reprimiu por consideralo unha acción altamente sexualizada, o que vindo de parte dunha muller constituía canto menos un pecado e un atentado ao decoro.

As letras do *batuko* falan de aspectos relativos á vida das mulleres que o interpretan. Segundo Nogueira (2010) o que dá sentido histórico a esta expresión musical, na súa evolución e as súas reelaboracións e modalidades, é o contido das letras, sempre ligado ás circunstancias particulares do momento e á crítica ou louvanza cara determinadas persoas ou colectivos.

Un elemento común ás diversas explicacións sobre as orixes do *batuko* é a súa adscrición ao universo das poboacións escravas e forras de Santiago, que tiñan un estatuto social inferiorizado. En consecuencia, este xénero pasou por diversas fases de desvalorización, acoso, e prohibición, tanto por parte das autoridades civís como das eclesiásticas, sendo considerada ao longo do tempo colonial unha expresión inmoral, dominada pola lascivia, propia de salvaxes, e polo tanto contraria aos costumes ditos civilizados (Semedo e Turano, 1997; Nogueira, 2010).

Na sociedade tradicional de Santiago, o *batuko* acompañaba celebracións de tipo relixioso, como bautismos, casamentos ou santos padroeiros, celebrándose na noite anterior aos ritos relixiosos. Noutras ocasións celebrábanse como sinónimo de festa por parte dos sectores sociais indicados.

En palabras de Delgado⁵⁸ (cit. Nogueira, 2010), “o batuco só ganhou o dereito de subir a um palco de teatro com a subida ao palco da História do povo que o criou”. A primeira representación de *batuko* en escena, segundo esta información, data de escasas semanas antes da declaración de

⁵⁷ Poden ser varias mulleres ou incluso homes a danzar, sendo o mais frecuente unha única danzarina

⁵⁸ Pedro Delgado, xornalista do *Novo Jornal de Cabo Verde*, que asinaba baixo o pseudónimo *Wanga*, na edición de 12.06.1975: p. 6.

independencia, cando nun acto cultural de reivindicación nacional, en Praia, o grupo de *batukadeiras* de Cidade Velha subiu ao palco e provocou o delirio do público.



Foto 26: Actuación Batukadeiras Nos Eransa (2005)



Foto 27: Nenas batukando. Rincão (2007)

A partir da independencia, o *batuko* non fixo máis que consolidarse como un xénero vivo, vendo aumentada e diversificada a súa presenza en contextos diferentes dos tradicionais, consolidándose a súa espectacularización, cumprindo novas funcións, ligadas á emerxencia de novas prácticas de poder e de lecer na sociedade caboverdiana, consolidándose así mesmo como imaxe ou marca de Cabo Verde no exterior. A partir de finais dos 90 apareceron os primeiros traballos discográficos producidos no arquipélago. A partir dos inicios da década seguinte, o *batuko* xurdiu como tema de interese de investigadores e documentalistas, existindo diversas obras neste campo.

No seo da sociedade badía, as *batukadeiras* sempre constituíron un caso socialmente permitido de transgresión ás normas ditadas para as mulleres. Dispoñen dunha maior mobilidade que outras mulleres do seu entorno, ao teren que acudir a actuar a todo tipo de festas, dende vodas e conmemoracións institucionais ate campañas políticas, frecuentemente de noite, nun espazo temporal tradicionalmente vetado ás mulleres consideradas decentes. Os grupos de *batukadeiras* constitúen ademais un espazo privilexiado de sociabilidade feminina, nos que mulleres de diversas xeracións, unidas por diversas afinidades, reúnen, e coa escusa de interpretar *batuko* elaboran discursos sobre a súa realidade, constituíndo un lugar dende o que reinterpretar, denunciar ou negociar os papeis de xénero.

Carla Semedo (2008), propón unha análise do *batuko* en canto “un espazo de sociabilidade feminina, na qual e a partir de, as *batukadeiras* se constroem e são construídas enquanto mulleres, nesta interacción entre avós, mães, filhas, irmãs e grupos de pares, acoplado à sua trajetória e ao seu quotidiano” (ibid.: 1).

No ámbito desa sociabilidade, ser parte dun grupo outorga ás mulleres unha identidade especial, non só respecto do grupo en si, senón do amplo colectivo de mulleres que na sociedade badía actual representa un xeito especial de estar no mundo e de relacionarse cos demais.

O batuko é presentado [polas batukadeiras] como sendo construído por estas mulleres enquanto uma forma de estar no mundo e como o batuko permite estar no mundo, na sociedade cabo-verdiana e particularmente no seu grupo social de referencia, sendo que esta socialización pasa pola oralidade, na medida em que, esta é construída como un agente de transmisión destes valores sociais através do batuko. (ibid.: 3)

No momento actual, o *batuko* é un xénero vivo en Santiago, existindo grupos de *batukadeiras* en practicamente todas as localidades, por pequenas que sexan. Nas miñas diversas estadias en Cabo Verde teño asistido a todo tipo de batukos: íntimos, multitudinarios, solemnes, brincallones, organizados, espontáneos, críticos ou aduladores, no chan (*terruru*) e no escenario (*palko*), con pés descalzos e á moda, protagonizados por mulleres e nenas de todas as idades, ate por homes e rapaces, vencellados a celebracións relixiosas, políticas, institucionais e culturais, todos eles sentidos e partillados polas súas intérpretes nun acto de cultura viva. Como reza unha cantiga de Orlando Pantera: *batuko sta na moda!*⁵⁹.

O *batuko* está tamén presente na diáspora caboverdiana, existindo grupos máis ou menos formais en numerosas comunidades con presenza badía. Portugal foi o berce deste tipo de prácticas fóra do arquipélago, sendo o grupo *Finka-pé*⁶⁰, creado en 1988, considerado o pioneiro no contexto migratorio.

4.9.2. BATUKO EN BURELA: A EMERXENCIA DUNHA EXPRESIÓN ESQUECIDA

Cando iniciéi o traballo en Burela, o *batuko* era algo totalmente descoñecido para min e algo esquecido para as mulleres caboverdianas, que nunca se tiñan referido a el ate determinado momento, que relatarei a seguir. Fronte a outras expresións da identidade badía que tiña observado ou das que me tiñan falado, o *batuko* permanecía totalmente oculto.

Algunhas razóns que poden estar por tras dese “esquecemento” por parte das mulleres están relacionadas, por unha banda, coa falta de renovación do fluxo migratorio cara Burela, que nos anos

⁵⁹*Batuku*, cantiga orixinal de O. Pantera, popularizada por Lura no seu traballo *Di korpu ku alma* (Lusáfrica, 2005).

⁶⁰Este grupo naceu no marco da intervención social da Associação Moinho da Juventude, moi activa no traballo coa comunidade veciñal do Alto da Cova da Moura, no Concelho de Amadora, poboada maioritariamente por persoas caboverdianas (www.moinhodajuventude.net).

90 non recibiu practicamente novos efectivos, nun momento de forte transformación e valorización deste xénero na sociedade de orixe. Por outra banda, no caso das pioneiras, a súa saída de Cabo Verde producírase maioritariamente nos momentos inmediatamente posteriores á declaración de independencia, habendo asistido de cheo á súa represión nas décadas finais do colonialismo e de xeito marxinal ao renacemento e valorización do xénero no período do partido único. A pesar diso, as mulleres caboverdianas en Burela conservaban na memoria unha expresión que tiñan vivido e gozado nos seus anos de infancia e xuventude, nas aldeas de orixe. Considero que o seu xurdimento nesa época⁶¹ nunca se houbera producido se non fora polo traballo realizado a favor da integración multidimensional, recuperando e mostrando publicamente diversos aspectos da sociedade e cultura caboverdianas, que constituíron o caldo de cultivo necesario para o seu aparecemento.

A primeira vez que vin algo parecido ao *batuko* foi na sesión de peche do obradoiro de autoestima que complementou a formación de redes, aínda durante o Proxecto BogAvante, que fora planificado como un momento de divertimento e partilla en positivo. En determinado momento soou *funaná*, e algunhas das mulleres amarraron un pano nas cadeiras para danzar, o que nese momento pasou inadvertido.

Semanas despois celebramos unha cea con motivo do fin da formación, que supuxo a primeira saída nocturna dun grupo de mulleres caboverdianas a divertirse, segundo elas mesmas relataron. As mulleres foron aparecendo no restaurante, todas moi arraxadas, elegantes e con disposición para pasalo ben. Dous ou tres maridos ficaron na barra tomando algo, sen interferir na mesa que nos tiñan preparada. Unha vez terminado o xantar, as mulleres comezaron espontaneamente a bater coas mans na mesa e a cantar, entre risas e tentativas de lembrar algo que tiñan esquecido, ate que conseguiron acompañar a percusión e lembrar unha letra do tempo da independencia, coñecida por todas. O rebumbio foi tal que a clientela do local pedía que quitasen o biombo que nos separaba do resto da sala para poder ver o que estaba acontecendo. As mulleres foron as primeiras sorprendidas da súa propia forza, conectando cunha parte delas mesmas e da súa identidade que tiñan deixado esmorecer tras tantos anos de emigración e aculturación. Eu fiquei alucinada co que estaba vendo, electrizada pola música (naquela ocasión non bailaron) e cun novo tema para investigar.

Co tempo fun descubrindo o que era o *batuko*, a pesar de que naquel momento non existía moita facilidade de acceso a este tipo de contidos en internet. Souben da existencia dun grupo de *batuko* en Lisboa, e tratei de contactalo, sen resultado.

⁶¹Posibelmente, o *batuko* houbera acabado por aparecer, se cadra de xeito informal, mais atévome a dicir que non estaría protagonizado por mulleres das primeiras vagas, senón polas chegadas coa reactivación do fluxo nos 2000, que proviñan dunha sociedade na que este xénero musical se atopa máis vivo que nunca.

No ano seguinte, xa como traballadora municipal, vendo que as xestións para traer un grupo de *batuko* para participar na IIª Noite Caboverdiana non daban froito, propúxenlles ás mulleres que ensaiasen para mostrar elas mesmas esta manifestación cultural propia da súa illa. Conseguín convencelas e un grupo comezou a ensaiar co obxectivo de actuar nesa festa. A idea foi ben recibida pola concelleira da que dependía a intervención municipal, que permitiu usar parte dos fondos para confeccionar unhas saias, panos e *suladas* para a actuación, o que fixeron coa axuda da profesora de costura. Construíron unhas *txabetas* con trapos envoltos en bolsas de plástico. Unha camiseta da *Asociación Tabanka*, deseñada por unha das mozas nadas en Burela, completou a primeira indumentaria do grupo, que adoptou o nome *Batuko Tabanka*, unindo o nome do xénero musical co da asociación da que facían parte. O grupo foi inicialmente constituído por doce mulleres, a maioría das cales eran do grupo promotor da intervención inicial. Todas elas tiñan participado dun xeito activo nas actividades no marco da intervención.

Segundo se aproximaba o día, os ensaios ían facéndose máis longos e intensos e a ansiedade das mulleres ía en aumento. Había nelas certa inseguridade e preocupación por non gustar ao público. Lembro como unha delas, de ton de pel claro, tiña a parte interior das coxas cheas de negróns, de tanto tocar a *txabeta*. Na noite da actuación estaban tan nerviosas que no canto de sentar en forma de semicírculo para poder ser vistas polo público, organizáronse nun círculo pechado, de costas, comezando a cantar moi baixiño. A cousa foise animando e ate dous homes se atreveron a amarrar *suladas* nas cadeiras e movelas no centro do grupo de mulleres, animando e divertindo ao público.

No inicio apenas unha das integrantes do grupo, recentemente chegada de Cabo Verde, se atrevía a bailar (*da ku torno*). O baile era claramente a parte do *batuko* que mais reparo e pudor provocaba, tanto para as integrantes do grupo como para algúns espectadores, especialmente os seus fillos, fillas e maridos. Lembro que unha das caboverdianas, moi activa durante o BogAvante, que non se integrou no grupo, aludiu á vergoña que lle provocaría bailar *torno* diante do público, engadindo algo así como que deixaría quedar mal ao seu marido.

Pouco despois desta primeira actuación comezamos a recibir chamadas dende os máis diversos lugares e organizacións para convidalas a actuar. Durante ano e medio, aproximadamente, acompañei o grupo a lugares tan dispares como un festival solidario (Concello de Arteixo), un encontro de mocidade cristián (Lourenzá), a Televisión de Galicia (programa Luar), a celebración do 8 de Marzo (Ayuntamiento de Vegadeo), ou un festival de verán (Foliada de Lalín), entre outros.

Nos primeiros anos de vida o grupo foi capaz de acoller no seu seo e integrar algunhas das mulleres chegadas coa reactivación do fluxo, das que só permaneceu unha. A renovación da comunidade

caboverdiana, acontecida en paralelo co ascenso do grupo, forneceulle nova vitalidade, coa incorporación de novas *batukadeiras* que aportaron unha maior frescura, en especial da parte danzada. A maior frecuencia das viaxes entre Burela e Cabo Verde supuxo unha maior circulación de traballos discográficos e documentais sobre o xénero, maior dispoñibilidade de fontes de inspiración e portas de entrada de novas modas na interpretación, indumentaria, forma da *txabeta*, temas para letras, etc.

Ao longo dos anos que chegan ate o final do período en análise, as compoñentes do grupo lograron manter a unidade, a pesar da existencia de varias relacións conflitivas no seu seo, que se vían compensadas por unha banda, polo propio goce de *batukar* e saír da rutina, e por outra, polos ingresos que proporcionaban as actuacións.



Fotos 28 e 29: Actuacións de *Batuko Tabanka*. Santiago de Compostela. (2003; 2000)

4.9.3. O PAPEL DE *BATUKO TABANKA* COMO REPRESENTANTE DA INTEGRACIÓN

O que comezara como un divertimento e unha mostra de cultura propia no ámbito das actividades da intervención e da asociación *Tabanka*, acabou por converterse nun medio privilexiado de difusión da cultura caboverdiana, mais tamén nunha oportunidade de coñecer outros lugares e persoas. Incluso nun ingreso complementario das outras actividades laborais das mulleres caboverdianas de Burela. Nos primeiros tempos apenas se cobraba polas actuacións, adoitando *batukar* a cambio de transporte e alimentación. As saídas a actuar eran frecuentemente aproveitadas para levar as crianzas e convidar outras persoas amigas a coñecer novos lugares.

En 2003 o grupo iniciou a súa profesionalización, pasando a ser xestionado a través de representantes do mundo do espectáculo. A súa traxectoria foi en ascenso, con múltiples actuacións, chegando a lanzar o seu primeiro traballo discográfico, *Djuntamô*, en 2009, após ter participado en

diversos escenarios e eventos a nivel nacional e estatal e ter protagonizado diversos documentais e pezas informativas para varias canles de televisión, incluíndo un documental grabado en Cabo Verde en 2006.

A carreira musical de *Batuko Tabanka* desenvolveuse nun contexto social favorábel á interculturalidade, existindo unha estimábel procura deste tipo de grupos no mercado dos espectáculos musicais canto máis avanzaba a década. Isto veuse reforzado pola existencia dun certo auxe da lusofonía en Galiza, que colocou a *Batuko Tabanka* como grupo central en diversos eventos culturais desta índole⁶², ademais de en actos institucionais (XXV Aniversario do Parlamento de Galiza), festivais de tipo cultural ou solidario, programacións culturais de concellos, actividades da diáspora caboverdiana en España, etc.

A existencia do grupo, alén de supor unha vía de ingresos e de coñecemento doutros lugares e persoas, establecendo novas relacións sociais, mudou moitos aspectos da vida das súas compoñentes. Unha das grandes mudanzas ocorridas ten que ver cos tempos de **lecer**, antes case inexistentes para estas mulleres, e a partir da creación do grupo, estruturados en torno a ensaios, actuacións, entrevistas, viaxes ou saídas a comer ou cear. No marco destas actividades produciuse un aumento considerábel das relacións con colectivos autóctonos, dende unha posición de admiración e recoñecemento por parte destes colectivos, o que ten feito aumentar a autoestima positiva destas mulleres, ao ver recoñecida a súa propia cultura.

*Ma kandu nu komesaba kanta, ma nos nu ka sabeba nada
o, nen pa undi nu ta baba; o, nen chintidu ku esperansa
ma nos kultura dja lebanu longi,
Batuko Tabanka tene pe finkadu⁶³”.*

Para moitas das integrantes do grupo, a súa creación supuxo un antes e un despois nas súas vidas, anteriormente dedicadas en exclusiva á familia e ao traballo. Como explica Antonina⁶⁴,

“A mi me cambi3 much3simo, porque adem3s, conocer gente, conocer sitios, porque yo, antes ... yo me dedicaba nada m3s que a mis hijos, al trabajo y a mi marido, que estaba en el mar. Mi vida, si, mis cosas... veinte a3os sin pisar Burela, porque yo vivo a tres kil3metros, en Cangas de Foz, veinte a3os sin pisar la fiesta. Si, si, si, solo trabajar, trabajar, trabajar”.

⁶² Xornadas Latim em P3 (Compostela, 2000), e diversas edici3ns do festival “Cantos na Mar3”, en Pontevedra (2004).

⁶³ “Cando comezamos a actuar, non sab3amos de nada/ nin para onde 3amos, sen sentido nin esperanza/ a nosa cultura xa nos levou lonxe/ Batuko Tabanka est3 ben enraizado.

⁶⁴ Na entrevista editada en DVD por A. Carnacea e A. Lozano (2011), acompa3ando o texto da obra rese3ada.

O exercicio do *batuko* contén en si mesmo unha vertente fondamente terapéutica, catártica, canalizada a través da expresión rítmica da percusión e a cadencia dos versos cantados, aspecto que se ve aumentado no caso da danza, na que os movementos repetitivos chegan a lembrar o estado de transe. Como expresa unha das letras do grupo, as malas cousas esquécese en canto o *batuko* comeza, axudando ás *batukadeiras* a soportar as penalidades dunhas vidas marcadas polas separacións.

*N odja Tabanka ta ba batuku; ma nu ta leba nha na pensamentu
N ta pidi Deus ta danu bida ku saudí; ma mi na nha batuku n ka ta lembra di nada
A mi n ta da tchabeta, n ta marra nha sulada; ma mi n ta da ku torno, ma N ka lembra di nada*⁶⁵.



Foto 30. Ensaio de *Batuko Tabanka*. Burela (2005)

No contexto migratorio, definido pola lonxanía da terra querida, o *batuko* experimenta unha intensificación do seu sentido identitario, provocando sentimentos de proximidade dunha profundidade intensa, trasladando ás *batukadeiras* a unha especie de limbo conectado coa terra nai.

“No tengo palabras, es una cosa muy grande para mi, si, Batuko Tabanka, para mí yo creo que fue lo mejor que nos pasó en la vida, para mi, para las demás no sé, mas para mi si... Porque cada vez que batuko, represento Cabo Verde, paréceme que tengo Cabo Verde delante”. (Antonina, DVD citado)

Un dos aspectos que máis se transformou a través do *batuko* foi a **imaxe pública** das mulleres caboverdianas, antes vinculada ocasionalmente a feitos truculentos (como se mostrou nun apartado

⁶⁵“Cando Tabanka vai batucar, lévote no pensamento/ Pídlle a Deus que nos dea vida e saúde, que eu no meu batuko non lembro de nada/ Toco a chabeta, amarro a miña sulada, bailo torno, e non lembro de nada”.

anterior) ou á súa condición de traballadoras, e a partir deste momento definida por unha banda, pola súa participación social á fronte da asociación e da vida comunitaria, e por outra, pola arte que son capaces de criar e transmitir. A súa imaxe positivizouse ate tal punto que na actualidade poden ser consideradas como representantes xa non só da súa terra de orixe e da súa comunidade, senón tamén da terra de acollida, Burela.

Ángeles Carnacea (2011) expresou acertadamente as mudanzas e permanencias que para estas mulleres supuxo a creación e evolución do grupo, nun parágrafo que serve para fechar este apartado dedicado ás mulleres pioneiras e da segunda vaga, reflexionando sobre as consecuencias que tivo na vida das mulleres caboverdianas de Burela a intervención social baseada no paradigma do empoderamento.

Las mujeres de Batuko Tabanka siguen trabajando en el cuidado de personas, servicio doméstico y en hostelería, al tiempo que son ya profesionales de la música. La música les ha cambiado la vida. De dedicarse exclusivamente al cuidado de sus hijos e hijas y de sus cónyuges a viajar y conocer ciudades y gentes gracias al grupo. Son muy conocidas, son una marca de Burela y se las valora mucho. Batuko Tabanka es una seña de identidad de Burela (ibid.: 249) .

Capítulo V.
AS NOVAS BADÍAS (1998/2008)
O FIN DA MATRIFOCALIDADE?

5.1. A REVITALIZACIÓN DA CORRENTE MIGRATORIA CABOVERDIANA A BURELA NO S. XXI E O FECHER DO CICLO MIGRATORIO

A corrente migratoria caboverdiana a Burela, unha vez estabilizada após a crise dos anos 90, revitalizouse coincidindo coa entrada do novo século e cun momento de demanda de man de obra na flota pesqueira, dándose a maior entrada de migrantes caboverdianos/as na historia da comunidade, que coincide coa chegada de novos colectivos de inmigrantes doutros países, con padróns diferentes de traxecto migratorio e asentamento.

A partir de 1998 iniciouse un proceso de cambio moi profundo no seo da comunidade, que entrou nunha fase de agudo crecemento, chegando a cuadruplicarse ate 2011, ano no que chegou a sobrepasar as 550 persoas, nunha evolución en consonancia coa seguida por outras correntes migratorias nos contextos galego e español. A chegada paulatina de varias decenas de mariñeiros nos primeiros anos do novo século foi seguida, na maioría dos casos, da migración das súas esposas e descendentes e doutros traballadores e traballadoras, cuxa migración foi facilitada polos anteriores. O colectivo vindo de Cabo Verde a través desta nova vaga constitúe unha poboación maioritariamente moza, nalgúns casos de idade menor ou semellante á dalgúns dos descendentes de maior idade residentes en Burela e arredores.

As fórmulas empregadas para a migración legal destas persoas foron de dous tipos. Por unha banda, parte das persoas adultas, maioritariamente homes, migraron a través de ofertas de traballo. Pola outra, un importante grupo de mulleres-esposas e descendentes menores de idade fixérono no marco de procesos de reagrupamento familiar. A pesar da existencia da rota legal, que absorbeu a inmensa maioría das chegadas, uns cantos individuos de ambos sexos, tanto adultos como menores, seguiron ruta vía Portugal, tentando legalizarse unha vez en destino. Outras persoas aproveitaron visados concedidos por circunstancias especiais, chegando a través doutros países europeos, aproveitando visados concedidos no espazo *Schengen*.

As condicións de chegada e asentamento na Burela da década de 2000 foron completamente diferentes ás das anteriores etapas, xa que alén dunha viaxe relativamente segura, os tempos iniciais no destino migratorio eran vividos nun contexto de protección por parte das familias que tiñan iniciado a cadea migratoria, provistas de recursos económicos e infraestrutura de acollemento.

Durante esta última década xubiláronse algúns dos pescadores de maior idade, tendo parte deles regresado a Cabo Verde tras realizar un “ciclo migratorio completo¹” (Moldes, 1998). Algúns deixaron na Mariña fillos e outros parentes aos que axudaron a migrar durante estes últimos anos. Nos anos posteriores a 2008 xubiláronse os pescadores maiores de 55 anos, con suficiente contribución á Seguridade Social. Comézase a ver mais perto o retorno ou entón a posibilidade de ficar nestas terras, onde naceron e residen os seus fillos e fillas, sexa definitivamente, ou de xeito intermitente, con temporadas en cada un dos países. Ate agora a maioría dos xubilados está optando por ficar na terra de acollemento, onde levan a maior parte da súa vida.

En paralelo co anterior, a partir de finais da década de 90 o grupo de descendentes de maior idade foi entrando na maioría de idade, iniciando a construción dos seus propios proxectos vitais, independizándose das familias, contribuíndo ao feche do ciclo migratorio.

5.1.1. NOVOS MARCOS LEGAIS. O XURDIMENTO DUNHA NOVA REDE MIGRATORIA

Após a intensificación do fenómeno migratorio na España dos anos 90 e ante as presións das organizacións sociais e o aumento constante da irregularidade (debido á inadecuación da lei de 1985, a pesar das mudanzas regulamentarias introducidas en 1996), o século XXI abriuse coa promulgación dunha nova lei de estranxeiría de carácter progresista que non chegou a entrar en vigor, ao ser reformada antes de aprobarse o seu regulamento.

A Lei Orgánica 4/2000 naceu ferida de morte pola oposición á súa aprobación do grupo parlamentario popular, que gobernaba en minoría, tendo sido apoiada polo resto de forzas políticas do parlamento e polo conxunto das forzas sociais, que conseguiron sacala adiante cun amplo consenso. Esta nova lei, considerada por Blanco (2004) como a menos mala posíbel, prevía un novo proceso de regularización extraordinario, que se desenvolveu entre ese ano e o seguinte. Nesta nova lei aludíase por primeira vez á integración social dos inmigrantes en España, ampliando o dereito de reagrupamento familiar e aumentando a seguridade xurídica das persoas inmigrantes. Nembargante, continuouse nos marcos do esquema de control policial e do feche de fronteiras, dando preferencia á man de obra nacional sobre a estranxeira e endurecendo o réxime de entrada e obtención de visados, que nesta altura xa se correspondían co espazo *Schengen*.

¹Lémbrese que Moldes (1998) considera que o ciclo migratorio complétase cando os migrantes adultos alcanzan a xubilación, e os descendentes a idade adulta.

A vitoria do Partido Popular cunha ampla maioría absoluta en marzo de 2000 levou a unha profunda reforma da lei anterior, ate o punto de ter sido denominada contrarreforma, por supor a volta aos presupostos de 1985. Entre outros aspectos, limitou a regularización e integración dos inmigrantes irregulares, aos que lles negou dereitos de cidadanía como o de reunión, asociación, manifestación, afiliación e folga, o que foi moi contestado polas organizacións sociais (Blanco, 2004). O seu regulamento, aprobado en agosto de 2001, foi precedido dunha nova regularización baseada no arraigo², que legalizou a situación de preto de 240.000 persoas. No mes de decembro aprobouse o continxente de traballadores non comunitarios³ para 2002, en base ao novo regulamento, ao mesmo tempo que se pechaba o réxime xeral, ao que se aludiu anteriormente, “mediante un simple acordo do Consello de Ministros, vulnerando así gravemente os principios de legalidade e de xerarquía normativa, tal e como teñen recoñecido numerosas sentenzas que anulan resolucións de denegación ou non admiten a trámite permisos baseados nese acordo” (Blanco, 2004: 76).

Un dos aspectos fundamentais da nova lei foi a restrición do continxente ás persoas migrantes nos países de orixe, acabando coa posibilidade de regularización das persoas estranxeiras xa residentes en España a través desta figura, que viña sendo realizada dende a súa aprobación nos anos 90 (Blanco, 2004; Solanes, 2010). Isto, unido ao feche do réxime xeral, condenou a unha ampla masa de irregulares a non poder atopar solución á súa situación, aínda que dispuxeran dunha oferta de traballo. O sistema do continxente continuou a mostrarse inadecuado por manter unha espera de meses por parte do contratador dende que facía a oferta ate que a persoa chegaba a España co correspondente visado (Blanco, 2004). O mecanismo do continxente veuse aínda endurecido ao aplicar a “cláusula da situación nacional do emprego”, ou preferencia de man de obra nacional, que impedía a concesión de visados de traballo en sectores nos que houbera persoas españolas desempregadas, solicitándose por parte das autoridades consulares que se acreditase este extremo. Na práctica isto conduciu a unha sectorialización ou segmentación da man de obra estranxeira ao limitar a súa inserción laboral a determinados sectores, non atractivos para a poboación española, entre os que se atopaban a pesca e o servizo doméstico.

A xustificación para esta nova volta de rosca é a seguinte: hai que erradicar o costume da irregularidade, deixarles claro ás persoas inmigrantes que se non veñen de xeito legal non poderán regularizarse, para

² Para regularizarse por este medio era preciso acreditar a estancia en España durante tres anos, dispor dunha oferta de traballo e ter familiares españois ou residentes legais.

³ Nas políticas de estranxeiría diferénciase entre os estranxeiros nacionais dos países da UE, denominados comunitarios, e os nacionais doutros países, considerados extracomunitarios, estando suxeitos a réximes diferentes. No caso dos caboverdianos que se acolleron á nacionalidade portuguesa, o réxime comunitario supón unha situación moito máis favorábel respecto dos que teñen nacionalidade caboverdiana, tanto nas posibilidades laborais como nas de reagrupamento familiar.

que desistan de facelo doutra forma, e utilizar o continxente como elemento clave na canalización dos fluxos migratorios. Podería admitirse, se non se baseara nunha mentira: a premisa de que as persoas inmigrantes non veñen de xeito regular porque non queren; o certo é que non o fan porque non poden, e coa nova reforma seguirán sen poder. O Goberno español está a aplicar a política denominada de “inmigración cero ou feche de fronteiras”, que impide na práctica a entrada legal de inmigrantes, salvo poucas excepcións. (Blanco, 2004: 77)

Tras a anulación de trece artigos da lei por parte do Tribunal Constitucional en 2003 realizáronse dúas reformas da mesma, que desembocaron nun novo regulamento, aprobado en decembro de 2004 polo novo goberno do PSOE, no que respondendo á inoperancia dos continxentes, recuperouse o sistema xeral de contratación como vía para a migración legal, impulsando o *Catálogo de ocupacións de difícil cobertura* como mecanismo máis áxil que o dos continxentes, que continuou a existir en paralelo (Solanes, 2010). Nese ano o INEM⁴ comezou a publicar trimestralmente o devandito catálogo, para cada provincia, o que permitía a tramitación de visados de traballo ante as autoridades consulares españolas no país de orixe, sempre que o sector no que se fixera a oferta laboral estivese especificado nel. Isto permitiu a abertura de cupos especiais para determinados sectores non atractivos para a poboación española a partir dese ano. No novo regulamento consagrouse o arraigo laboral e social como vía para a regularización individual (ibid.).

A outra vía de migración legal a España dende o país de orixe era a través dos procesos de **reagrupamento familiar**, dereito recoñecido como tal por primeira vez no regulamento de 1996, que foi ampliado pola L.O. 4/2000, ao recoñecer este dereito tanto ás persoas reagrupantes como ás reagrupadas, ampliando o espectro de graos de parentesco susceptíbeis de migrar a través desta vía. A contrarreforma da lei endureceu os requisitos e limitou os posíbeis reagrupados/as (fillos e fillas menores de 18 anos; cónxuxe; ascendentes, en determinados casos), limitando o dereito exclusivamente aos reagrupantes. Para iniciar un proceso deste tipo, a persoa reagrupante debería ter residido legalmente en España durante un ano, ter xa concedido un permiso de un ano máis e demostrar capacidade económica suficiente para sustentar aos familiares reagrupados.

Todos os familiares reagrupados, maiores ou menores de idade, obtiñan un permiso de residencia en España, dependente do reagrupante, que non os autorizaba a traballar. No caso das mulleres, isto ten consecuencias negativas, pola dependencia legal que supón cara os esposos, cuxas consecuencias prácticas foron abordadas no capítulo dous. As sucesivas reformas da lei non mudaron este aspecto discriminatorio.

O permiso que se concede ás persoas reagrupadas depende do que teña o reagrupante, o que supón que en caso de separación ou divorcio durante ese período, o cónxuxe reagrupado perde o seu permiso. Para obter un

⁴ Instituto Nacional de Empleo.

permiso independente, as persoas reagrupadas deben levar dous anos de residencia ou conseguir un permiso de traballo, o que reforza a dependencia das mulleres respecto dos seus cónxuxes. (Blanco, 2004: 79)

As primeiras persoas caboverdianas que migraron a Burela a través do procedemento legal establecido polo Estado Español, derivado do regulamento de 1996, fixérono nos dous últimos anos da década de 90, pasando obrigatoriamente por Dakar, sede da embaixada española que, alén doutros países da costa occidental africana, atendía asuntos relativos a Cabo Verde.

Nese momento, as escasas persoas chegadas a Burela deste xeito fixérono grazas á aparición dunha figura facilitadora, que xogou un papel esencial na activación dunha nova rede migratoria. Tratábase dun avogado⁵ que, coñecendo os requisitos e trámites que se debían seguir para unha migración legal, conseguiu por en marcha un fluxo entre a illa de Santiago e Burela, que se foi consolidando nos primeiros anos de 2000. O termo **facilitador** refírese á capacidade deste profesional para articular os diversos elementos necesarios para levar a cabo procesos migratorios de tipo regular, que dificilmente poderían ser tramitados sen a súa participación, dada a escasa capacidade dos migrantes desta corrente para controlar e comprender os procesos migratorios a nivel burocrático ou legal, debido ao seu baixo nivel educativo. O facilitador, contratado polas familias caboverdianas de Burela, xestionou de forma privada os procesos migratorios de novos traballadores/as, do reagrupamento das súas familias, da chegada de novos e novas traballadoras, e así sucesivamente, sendo o nexo de unión entre todas as cadeas migratorias da rede.

Un segundo punto esencial na rede, sen o que a renovación do fluxo non tería sido posíbel, foi a existencia dun colectivo de familias, a maioría de longa permanencia na zona, en conexión coa rede badía dispersa por Europa e coa terra de orixe, que aproveitaron a existencia do facilitador para comezar a promover a migración dos seus parentes e amigos. Estas familias mobilizaron o seu capital económico e social para posibilitar a vida de novos e novas migrantes dende Cabo Verde, normalmente escollidos entre a rede de familiares e veciños das localidades de orixe, iniciando os elos de varias **cadeas migratorias**, que se fortaleceron e ampliaron ao longo da década. Denomináronse a estas familias **puxadoras**, seguindo a expresión utilizada polas persoas caboverdianas, derivada do verbo puxar (tirar de), que evidencia a conexión entre os diversos elementos da cadea migratoria.

Un terceiro punto fundamental da nova rede estaba situado na capital senegalesa, concretamente nunha pensión rexentada por unha muller badía, pola que pasou a inmensa maioría das persoas que completaron este percorrido, demorando neste espazo de tránsito períodos máis ou menos longos.

⁵ Entrevistado o 06/10/2011.

En Dakar era necesario acudir ás embaixadas, caboverdiana e española, para obter e entregar documentos e facer os trámites burocráticos do expediente de petición de visado, tanto nos casos de migración laboral como nos de reagrupamento. Nesta pensión ofrecíanse servizos de acompañamento ás embaixadas, localizadas en zonas distantes da cidade, ou para realizar trámites como recibir diñeiro ou comprar as pasaxes de avión, unha vez conseguido o ansiado visado.

A reactivación da corrente migratoria a través da actividade desta nova rede foi posibilitada por varios factores, que se articularon en torno aos nodos anteriores.

En primeiro lugar, a grande demanda de man de obra, inicialmente na pesca de altura, que se ampliou a partir de 2005 a outros subsectores pesqueiros, e, a medida que avanzaba a década, a novos sectores, nomeadamente construción e servizos (coidado de persoas, hostalería). Esta demanda de traballadores/as fixo que fora fácil conseguir por parte das familias ofertas de traballo coas que iniciar un proceso migratorio. Os mariñeiros caboverdianos despregaron todo o capital social relacionado co mundo das empresas pesqueiras, adquirido durante décadas de traballo, para conseguir ofertas laborais.

En segundo lugar, a dispoñibilidade e esforzo económico das familias que levaban tempo residindo en Burela, que impulsaron e apoiaron a vinda de novos migrantes. A comunidade acababa de sufrir un baixón nos anos anteriores, nos que ademais non tiñan chegado persoas de Cabo Verde, polo que os residentes que iniciaron a chamada de novos migrantes levaban como mínimo unha década na zona, dispoñendo a maioría das familias puxadoras de casa propia e dunha capacidade económica suficiente para facer fronte aos gastos dos desprazamentos, documentación e estadía das persoas puxadas. Normalmente, os migrantes na súa chegada atopaban casa e comida durante o tempo que necesitasen ate pagar ao facilitador (en varias cotas) e posteriormente preparar as condicións para realizar o reagrupamento familiar ou a vinda doutros migrantes.

Aos anteriores factores veuse engadir a posibilidade dunha migración legal definida polo Estado Español, seguindo os procesos anteriormente expostos, en conformidade coas leis e tratados europeos, que foi capaz de substituír a anterior rede, que operaba vía Lisboa. A nova rede acabou de fecharse a partir da aparición das dúas figuras facilitadoras, o avogado e a propietaria da pensión, que actuaron como nodos da mesma, dando forma a unha rede migratoria moi dinámica, con tres puntos principais: a illa de Santiago, Dakar e Burela, que iniciou a súa actividade a partir de 1998/9.

Segundo o propio facilitador, a rede foise montando “sobre a marcha”, vencendo algunhas barreiras e tendo que “pelexar” moito os expedientes. Unha das resistencias que houbo que vencer á hora de

activar a rede, segundo o entrevistado, foi a preferencia das autoridades por fluxos doutras nacionalidades non africanas, algo que ten sido frecuente non só en España, onde se te evidenciado a preferencia das autoridades polos fluxos latinoamericanos, en detrimento dos magrebís e subsaharianos (Izquierdo, López de Lera e Martínez, 2003), senón en países como Portugal, onde no inicio do século XXI as políticas migratorias favoreceron a migración de persoas do leste de Europa, dificultando a de cidadáns das antigas colonias africanas (Verdugo, 2005).

Segundo a mesma fonte, en 2003, após a chegada dunhas cincuenta persoas dende Cabo Verde no lustro anterior, unha proposta para traer traballadores/as caboverdianos de xeito organizado coas familias puxadoras, avalada pola *Asociación Tabanka*, de forma a completar o cupo provincial para ese ano con migrantes desta orixe, foi recusada polas autoridades de Lugo, que optaron por colectivos doutras nacionalidades.

Nun momento dado, as propias familias comezaron a demandar contratos ao facilitador, que por outro lado comezou a recibir tamén ofertas de traballo por parte de empresarios e particulares. As familias puxadoras fóronse adaptando ao tipo de ofertas que se conseguían para decidir quen sería a persoa a puxar, o que acabou por abrir unha porta á chegada de mulleres traballadoras non esposas. Noutros casos, as familias puxadoras buscaban ofertas de traballo a través da súa rede de contactos persoal no mundo do mar, a hostalería e o servizo doméstico.

A rede continuou a operar vía Dakar ate 2008, cando se abriu a posibilidade de migrar directamente de Cabo Verde a España, co inicio da emisión de visados pola representación consular española no arquipélago. Este cambio simplificou e abaratóu o proceso migratorio a España, ao evitar o desprazamento e estancia na capital senegalesa. A partir dese ano chegaron a Burela principalmente mulleres e menores, a través de reagrupamentos familiares, debido ao impacto da crise no mundo laboral, que acabou coa demanda de man de obra estranxeira.

Como resultado do proceso de revitalización do fluxo, en 2008 a comunidade estaba formada por máis de 440 persoas, repartidas maioritariamente en agregados familiares de tipo nuclear, algúns dos cales acollía transitoriamente novos/as migrantes. Tamén había algúns grupos de homes mozos chegados recentemente que compartían vivenda. A grande maioría dos homes adultos continuaba a traballar no mar, xa non só na pesca de altura senón tamén nas diversas modalidades de baixura, téndose inserido unha minoría dos chegados na segunda metade da década no sector da construción. Estes atópanse na súa maioría en situación de desemprego actualmente (2012), como consecuencia do afundimento do sector.

A pesar da diversificación da demanda laboral nos anos centrais da década, que se estendeu a sectores feminizados, a pesca continuou xogando un papel fundamental na evolución do colectivo, constituíndo novamente nos momentos posteriores a 2008 o sostén da comunidade, evitando procesos de reemigración masiva da zona.

5.1.2. A DIVERSIFICACIÓN DA MAN DE OBRA ESTRANXEIRA NA FLOTA DE BURELA NO S. XXI

Na década de 2000, a pesar das sucesivas crises do sector pesqueiro galego, informes como o realizado polo Centro de Investigación Económico y Financiero de Caixa Galicia (CIEF, 2009) apuntan a que o sector continúa a supor unha porcentaxe considerábel, tanto da pesca comunitaria como da estatal. A pesar da perda de unidades produtivas na última década, que segundo o mesmo estudo se atopaba en 2008 por debaixo das 5.000 embarcacións, a flota galega continua a manter a súa capacidade extractiva, que a sitúa como a máis importante de Europa, constituíndo un sector estratéxico da economía galega, como mostran as seguintes cifras:

A produción extractiva galega anual supón, en termos de valor, o 15% da UE -27. Supera así a produción conxunta de Alemaña, Bélxica, Finlandia, Grecia e Suecia. Polo porto de Vigo móvese a metade de todos os produtos pesqueiros consumidos en España, xa sexan frescos, conxelados ou en conserva, e o 10% de todos os consumidos anualmente no conxunto dos 27 Estados membros da EU, que á súa vez é o principal mercado mundial de produtos da pesca. (CIEF, 2009: 129-130)

Na actualidade, no porto de Burela traballan embarcacións en varios subsectores⁶, existindo a flota **artesanal** de artes menores (que inclúe pesca con aparellos como nasas, miños, rascos ou palangrillo, coas que se capturan especies variadas, como polbo, congro ou linguados), as embarcacións do **cerco** (con grandes redes de malla pequena, destinadas á captura de especies como sardiña, chicharro e cabala), os **volanteiros** (pesca con rede en augas próximas, que captura fundamentalmente pescada), a flota de **arrastre**, nas modalidades de altura e litoral (a máis destrutiva do medio, pola utilización de enormes redes que arrastran no fondo mariño, capturando todo tipo de especies, das que moitas son descartadas).

A flota de altura burelesa concéntrase no **palangre**, tanto de fondo como de superficie. O primeiro, destinado á captura da pescada en augas dos caladoiros do *Gran Sol* e o *Box irlandés*, ambos nas frías e turbulentas augas do Atlántico Norte. As mareas neste caso teñen unha duración media duns vinte

⁶ Fonte: Cofradía de Burela (www.cofradiaburela.org), consultado o 15/09/2011.

días. A pesca de palangre de superficie⁷ orientase á captura do peixe espada e de xeito secundario, atún, marraxo e caella (*Prionace Glauca*), ben sexa para a venda fresco ou conxelado, demorando as marés no primeiro caso arredor dun mes e dous ou tres no segundo⁸. Anos atrás o peixe espada era capturado perto da costa cantábrica, mais a sobrepesca ten feito que nas últimas décadas esta pesquería se teña desprazado cara augas do Atlántico medio e sur, como as de Azores, Canarias e mesmo do arquipélago de Cabo Verde, onde faenan numerosas embarcacións galegas. Isto ten feito que algúns mariñeiros caboverdianos teñan abandonado a pesca artesanal nas súas localidades para incorporarse a algunha das empresas que explotan as augas caboverdianas, grazas aos acordos pesqueiros entre os dous estados⁹.



Foto29: Pesca artesanal. Porto Rincão (2005)

Mais se existe unha pesca identificada co porto de Burela, é a do **bonito**. Debido á súa sazonalidade, a maioría das embarcacións que a practican dedícase o resto do ano a outras pesquerías (espada, volanta, artes menores), que varían en función do tamaño das embarcacións. A costeira do bonito marca en certo modo os ritmos e pautas de moitas familias burelás, xa que na altura do mes de maio

⁷Parte da flota espadeira está organizada ou adscrita a outros portos base (Vigo) ou como empresas mixtas, que declaran a súa actividade noutro país.

⁸ Dende 1998 este segmento da flota adoita realizar a venda do peixe en Vigo, desprazándose a tripulación a Burela por medios terrestres para o descanso. No caso da flota conxeladora, é habitual a descarga en portos lonxanos (Canarias, Azores, Mindelo en Cabo Verde), próximos ás augas de faena, pasando os mariñeiros unha campaña de varios meses sen vir á casa.

⁹ Cabo Verde e a UE asinaron diversos acordos pesqueiros dende 1990. Actualmente atópase en vigor o asinado en 2011, mediante o que, a cambio de 435.000€, 66 barcos da UE poderán faenar en augas exclusivas do arquipélago. Desas 66 embarcacións, 49 corresponden á flota española, especialmente palangreiros e atuneiros, dos que a maioría son galegos. Estes acordos teñen sido moi criticados por algúns sectores da sociedade caboverdiana, entre eles os vencellados á pesca artesanal, por consideralos ventaxosos para os intereses europeos.

moitos dos buques de altura realizan unha parada en terra, que aproveitan para mudar os aparellos de pesca e para o descanso dos mariñeiros.

Unha vez superada a crise dos anos 90, á que se aludía no capítulo anterior, o novo século comezou no porto de Burela cunha flota renovada e un sector empresarial forte e organizado, que foron atraendo numerosa man de obra estranxeira para facer parte das tripulacións, ante a escasa dispoñibilidade de traballadores autóctonos para a flota, debido ás condicións laborais.

A asociación de armadores iniciou a súa actividade como concesionaria da lonxa en 1998¹⁰, xestionando a comercialización e distribución do peixe, así como todo o relativo aos recursos humanos, que anteriormente eran realizadas na Confraría. En 2002 inaugurouse a nova lonxa promovida por esta organización empresarial, grazas ao forte apoio económico do goberno autonómico, dotada dos máis modernos sistemas para a descarga e venda de peixe, ofrecendo todos os servizos necesarios ás embarcacións. ABSA xestiona, ademais da lonxa, boa parte das instalacións portuarias, atendendo, ademais dos seus sesenta e catro barcos asociados, outros cento sesenta que operan dende Burela, porto base de trescentas vinte e catro embarcacións, segundo a súa web¹¹.

A facturación das vendas na lonxa de Burela foi en aumento continuado entre 2001 e 2007, cun lixeiro descenso en 2008, cando se situaron en case 46 millóns e medio de euros, chegando a pasar do dobre da facturación inicial. A progresión en canto a volume de negocio e toneladas de pesca desembarcada ao longo da primeira década do século XXI non fixo máis que subir, mantendo ao sector en Burela lonxe dos impactos da crise económica. Como resultado da evolución histórica presentada no capítulo anterior, o sector pesqueiro burelés chegou á década de 2000 nunha posición avantaxada, partillando co veciño Porto de Celeiro o liderado dos cento vinte e dous portos galegos no que respecta á descarga de peixe fresco, ocupando respectivamente o primeiro e segundo posto, o que dá conta da súa importancia estratéxica para a comarca e a comunidade autónoma (Portos de Galicia, 2008). As vendas na lonxa de Burela son, polo tanto, as máis importantes de Galicia, exceptuando os seis portos de titularidade estatal, entre os que se contan Vigo e A Coruña.

A mellora do sector non se trasladou polo xeral aos traballadores do mar, que ao longo da década continuaron perdendo poder adquisitivo, a pesar do aumento nas vendas e capturas. O colectivo de

¹⁰ Burela é un dos tres portos pesqueiros de titularidade autonómica cuxa concesión para a xestión por parte de Portos de Galicia foi outorgada a unha empresa en forma de sociedade anónima (xunto con Celeiro e San Cibrao, tamén na costa lucense). Os restantes portos galegos acostuman ser xestionados polas confrarías de pescadores.

¹¹ www.absaburela.com, consultada o 15/09/2011.

traballadores do mar foi sufrindo unha transformación coa inserción laboral masiva de colectivos foráneos, que foron gañando peso ao longo da década, como se verá a continuación.

5.1.2.1. O PROBLEMA DA FALTA DE TRIPULACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE ESTRANXEIROS NA FLOTA GALEGA E BURELÁ

A incorporación de traballadores estranxeiros na flota galega e outras da costa cantábrica, se ben existe dende finais dos anos 70, experimentou un aumento máis pronunciado dende 1998. A entrada de mariñeiros estranxeiros responde ao “problema da falta de tripulacións”, que segundo estudosos como Etxaluze (2000) obedece a unha multiplicidade de factores, entre eles as duras condicións de vida e traballo a bordo, as relacións laborais propias do sector, a inadecuación do sistema de formación profesional e a crise do modelo de industrias pesqueiras. Segundo os datos de afiliación da Seguridade Social, a afiliación de traballadores estranxeiros ao Réxime Especial do Mar¹² creceu, só na primeira metade de 2007, nun 11’8%, dando unha cifra de 1.465 inmigrantes na flota galega en xuño dese ano. Neste colectivo destacan a nivel galego os mariñeiros peruanos, portugueses e marroquí, xunto a un emerxente grupo de indonesios. A presenza de mariñeiros de orixe caboverdiana na flota galega é anecdótica, se exceptuarmos o caso da Mariña, e máis concretamente de Burela.

Tendo en conta a evolución dos postos de traballo no sector na última década, en base aos datos de afiliación ao Réxime Especial do Mar dos traballadores por conta allea¹³, é evidente o decrecemento ininterrompido ao longo do período en Galiza, cunha perda de algo máis de 5.000 postos de traballo. A situación na costa de Lugo (portos de Burela e Celeiro) amosa unha perda de case 600 empregos, como reflexa a táboa seguinte.

¹² Os mariñeiros adscribíense a este réxime específico dentro da Seguridade Social, xestionado polo Instituto Social da Mariña (ISM).

¹³ A presenza de traballadores estranxeiros no mar como autónomos é anecdótica.

Cadro 13: Traballadores estranxeiros afiliados ao réxime especial do mar, por conta allea, en Galiza e Lugo (2000-2008).

		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
GA LI ZA	afiliación totais*	18.536	18.115	17.639	17.418	16.707	16.573	15.678	14.848	13.511
	afiliación estranx	-	656	704	726	899	1.079	1.194	1.313	1.459
LU GO	afiliación totais	2.056	2.030	2.033	1.982	1.989	2.038	1.902	2.001	1.462
	afiliación estranx	-	116	150	177	226	273	389	429	411

Fontes: Ministerio de Trabajo e Inmigración (www.mtin.es, www.seg-social.es). Elaboración propia.

* Tomadas o último día de Xuño de cada ano

En paralelo coa destrución de postos de traballo por conta allea no sector, a inserción laboral de estranxeiros non fixo máis que subir, pasando a súa presenza no caso galego dun 3'6% en 2001 a un 10'7% en 2008, cunha tendencia ininterrompida de crecemento.

No caso mariñao, os datos oficiais deixan ver unha prevaenza anterior e máis forte das tripulacións estranxeiras, cuxa presenza en 2001 xa case duplicaba a media galega, cun 5'7%. No fin do período, a costa de Lugo presenta unha taxa de man de obra foránea bastante superior ao dobre da media galega, cun 28'1% de presenza de mariñeiros de nacionalidade estranxeira. Os datos mostran claramente a incorporación masiva de man de obra estranxeira no sector pesqueiro galego, fenómeno moito máis acentuado no caso da Mariña Luguesa.

Na maioría dos casos os empresarios do mar están optando por un modelo de explotación baseado na man de obra estranxeira, suxeita a condicións de traballo, salario e habitabilidade que non son aceptadas polos autóctonos, que só embarcan nas posicións especializadas, de menor dureza e maior salario. A incorporación masiva de traballadores inmigrantes levou a que se producira unha **división étnica do traballo** a bordo nos barcos de maior tonelaxe, onde uns poucos homes autóctonos ocupan os postos que requiren especialización, mellor remunerados, menos perigosos e duros. En contrapartida, un grupo maior de inmigrantes de diferentes nacionalidades son mariñeiros, realizando os traballos máis duros, perigosos e peor pagados. A ausencia de promoción destes é case total.

A pesca non fixo a súa aparición no *Catálogo de Ocupaciones de Difícil Cobertura* do INEM na provincia de Lugo ate o ano 2010, existindo anteriormente acordos de cupos de mariñeiros entre o colectivo de armadores e os responsábeis de inmigración e traballo a nivel provincial. Foi a través

destes acordos que ABSA promoveu a vinda de grupos de inmigrantes, entre os que non se atopaban caboverdianos. Segundo o Mediador Laboral de ABSA¹⁴, detrás da súa vinda están ofertas nominativas¹⁵ feitas por parte dos empresarios, co auxilio de axencias de contratación, que realizan unha selección de persoal no país de orixe. Posteriormente os inmigrantes son “chamados” a través deste tipo de ofertas, nas que se inclúe un parecer positivo dos servizos estatais de emprego e o visto bo da Delegación Provincial de Traballo, chegando normalmente en grupos.

Un colectivo de vinte e catro mariñeiros peruanos chegados en 1998 constituíu a primeira experiencia deste tipo, cando os armadores comezaron a impulsar procesos migratorios de colectivos de diferentes nacionalidades para tentar solucionar o problema da falta de tripulantes. Segundo a mesma fonte, os seguintes peruanos viñeron a través de ofertas individuais impulsadas polos seus compatriotas coa axuda dos empresarios. O colectivo de mariñeiros peruanos experimentou un rápido crecemento ao longo da seguinte década. Unha característica deste grupo, orientado maioritariamente á pesca do pincho, é a súa mobilidade xeográfica entre os portos galegos, téndose convertido no maior grupo de mariñeiros estranxeiros na Galiza. Co paso do tempo, os armadores de Burela foron construindo unha imaxe negativa do colectivo, debido a unha suposta conflitividade, idea baseada nas denuncias que algúns deles fixeron sobre as condicións laborais e salariais ás que estaban suxeitos¹⁶.

Por este motivo, a partir de mediados de 2004 apareceu en escena un novo colectivo de inmigrantes, os indonesios, que presentan certas particularidades no seu recrutamento, xa que este se realiza a través de empresas intermediarias¹⁷, que facilitan a súa chegada a Galiza para permanecer por un período de tempo predeterminado. Ditas empresas encárganse de organizar non só a súa inserción laboral nalgunha embarcación, senón tamén aspectos como o aloxamento e alimentación destes mariñeiros, que se enrolan sobre todo na pesca de altura, polo que pasan escasos e breves períodos en terra.

¹⁴ Entrevistado o 07/10/2011. Este profesional dedícase a buscar tripulación para os barcos asociados e tramitar e xestionar os expedientes dos traballadores estranxeiros ante os organismos competentes.

¹⁵ Incídese dende o sector empresarial nesta cuestión do recrutamento individual, que tenta ocultar a dimensión grupal destas vindas, xa que os mariñeiros chegan en grupo, a través de ofertas individuais.

¹⁶ Ver La Voz de Galicia, 17/08/2008.

¹⁷ A axencia pioneira, *World Fishing Corporation*, foi creada en 2004 e conta con oficinas no veciño porto de Celeiro (www.fishingwc.com). En Burela creáronse as empresas *Nautae Burela S.L.* e *Servixestión Burela*, xestionadas por persoas próximas a ABSA, en 2007 e 2008. Todas elas teñen sido denunciadas polo sindicato CIG por supostas prácticas de explotación.

Dende o punto de vista dos armadores, os indonesios son máis produtivos e menos problemáticos que outros colectivos estranxeiros. Respecto da produtividade, a diferenza dos anteriores, con este colectivo utilízase un sistema de retribución salarial prefixado¹⁸. Os baixos salarios que reciben os indonesios teñen sido denunciados repetidamente polos sindicatos, que cualifican o seu traballo como “escravitude”, sen estaren suxeitos a ningún tipo de control polas administracións¹⁹.

A maioría dos indonesios son de relixión musulmán e non consumen alcohol²⁰, o que reduce as causas de conflitividade a bordo e a falta de rendemento laboral. Ademais, o feito non realizaren reagrupamentos exímeos de responsabilidades familiares que supoñan paros no seu traballo. Ademais, dende o punto de vista dos custes sociais das diferentes administracións, os mariñeiros indonesios non acoden aos servizos sociais, ao non necesitaren axudas deste tipo, por teren cubertas as necesidades de teito e alimentación polas propias empresas e por non teren familias que necesiten apoios para escolarización, sanidade ou tramitación de documentos. En definitiva, este colectivo é ao mesmo tempo o máis produtivo dos presentes no mundo da pesca desde o punto de vista empresarial e o menos costoso para o estado, o que pode explicar o seu grande crecemento na segunda parte da década de 2000.

Segundo datos facilitados por ABSA, a presenza de mariñeiros estranxeiros na flota a asociada a esta empresa en abril de 2011²¹ nos segmentos do pincho e o espada é maioritaria, mentres que noutros segmentos de flota a súa presenza é mínima²². Nunha mostra de 29 pincheiros con 464 tripulantes, os españois non chegan a representar o 40% das tripulacións analizadas, destacando o colectivo indonesio como o máis numeroso dos estranxeiros, seguido do peruano, portugués e caboverdiano, como reflexa o seguinte gráfico:

¹⁸ No caso dos peruanos, inicialmente utilizábase o sistema de retribucións fixas, mais as protestas do colectivo deron lugar a que pasaran a cobrar do mesmo xeito que os demais mariñeiros, é dicir, co sistema á parte, anteriormente explicado.


¹⁹ La voz de Galicia, 15/12/2008

²⁰ O alcoholismo é unha adicción cun alto peso entre os colectivos de mariñeiros, sendo fonte de conflitos e baixa produtividade.

²¹ Non se facilitaron datos correspondentes a 2008, polo que se opta por apresentar os de 2011, aínda que fiquen fora do período en análise.

²² No caso do arrastre do día, suxeito a convenio e con salarios fixos, a presenza estranxeira é de tan só un 9'78%, correspondente case na totalidade a mariñeiros portugueses.


Gráfico 4: Nacionalidade das tripulacións nos pincheiros de Burela. 2011.



Fonte: ABSA, 2011. Elaboración propia.

No caso dos espadeiros, nunha mostra de 18 embarcacións, con 200 tripulantes, evidénciase a especialización dos mariñeiros caboverdianos neste segmento da flota, onde representan a mesma porcentaxe que os traballadores autóctonos. Neste caso, indonesios e peruanos presentan unha inserción laboral menos numerosa, en contraste coa súa prominencia na pesca do pincho.

Gráfico 5: Nacionalidade das tripulacións nos espadeiros de Burela. 2011.



Fonte: ABSA, 2011. Elaboración propia.


A presenza de mariñeiros estranxeiros noutros subsectores, como a baixura, é máis recente. Só se iniciou a partir de 2004, cando o problema da falta de tripulacións fíxose evidente neste segmento da flota, onde se traballa con diversas artes menores, na que se inclúen para efectos deste traballo o cerco e a pesca con volanta. Nestes subsectores péscase en augas próximas a terra, contando con descansos diarios ou semanais.

Ante a dificultade de obter datos precisos, e co fin de realizar un achegamento ao colectivo de mariñeiros estranxeiros que traballa en Burela, realizouse un baleirado de información nos arquivos

da Capitanía Marítima da localidade, onde as embarcacións con base no seu porto realizan os trámites de despacho dos barcos e enrolamento das súas tripulacións. Esta institución, dependente do Ministerio de Fomento, é utilizada co mesmo fin por embarcacións de portos próximos, así como foráneas que recalán en Burela. Dende inicios da década de 2000 o persoal da Capitanía creou un arquivo de mariñeiros estranxeiros, onde aparecen todos os que embarcaron como mínimo unha vez ao longo da década, polo que aparecen tanto os regularmente enrolados como outros sen presenza efectiva na flota. A pesar da súa falta de exactitude para coñecer o número de tripulantes estranxeiros en determinado momento, dá unha idea dos diversos fluxos presentes na década de 2000, na que se produciu a inserción masiva de inmigrantes no sector.

Dun universo total de 917 tripulantes estranxeiros, rexistrouse a presenza de individuos de vinte nacionalidades diferentes, obtendo as máis importantes a representatividade amosada no seguinte gráfico:

Gráfico 6: Nacionalidade das tripulacións estranxeiras da flota de Burela. 2011



Fonte: Arquivo de Tripulantes Estranxeiros, Capitanía Marítima de Burela. Elaboración propia.

Tendo en conta a dimensión destes grupos de estranxeiros, poderíase falar de seis fluxos migratorios presentes, alén da chegada de individuos en solitario ou en pequenos grupos, menores dunha ducia de compoñentes, que están englobados no epígrafe “outros”²³. É importante referir que existe unha grande mobilidade entre os diversos portos galegos e cantábricos, especialmente no caso de peruanos, senegaleses e marroquís. Os caboverdianos son, xunto cos portugueses, o colectivo con maior permanencia na zona.

²³ Con un mariñeiro figuran Arxentina, Brasil, Bélxica, República Dominicana, Rusia, Arxelia, Gambia e Turquía. Con dous mariñeiros, Colombia e Liberia; con tres, Uruguai e Romenia; con cinco, Ghana, e con once, Chile.

Os mariñeiros de orixe caboverdiana, a pesares da súa incorporación pioneira no sector en Burela, nunha altura de case inexistencia de man de obra foránea, situación que se mantivo ate case a década de 2000, foron desprazados en importancia cuantitativa por outros colectivos foráneos, ficando no terceiro posto en importancia no *ranking* de forza de traballo estranxeira no sector pesqueiro burelao²⁴.

Por unha banda, os mariñeiros indonesios, cun crecemento espectacular a partir da segunda parte da década, de onde partindo da nada se teñen convertido no case 40% da presenza estranxeira na flota que opera en Burela, polos motivos anteriormente expostos. Por outra banda, o grupo de mariñeiros peruanos, que supoñen a cuarta parte dos inmigrantes no sector ao longo da década de 2000. Este grupo presenta unha grande mobilidade, como se puido comprobar no proceso de obtención de datos, provindo de diversos portos galegos e da cornixa cantábrica, a través das redes étnicas.

En cuarto lugar figuran os portugueses, un colectivo que se inseriu cedo no sector, no que aínda supón un 9% da man de obra estranxeira, con tendencia á alza nos últimos anos. Sobre o colectivo senegalés, situado en quinto lugar, habería que facer certas matizacións, xa que, como se comprobou durante a obtención de datos, a maioría dos seus documentos están vencellados ao País Basco, polo que poderían facer parte das tripulacións que durante a costeira do bonito recalán no porto de Burela. Aínda así, existiu unha experiencia de contratación a través de ABSA, ao abrigo dos continxentes da nova lei, que incluía acordos migratorios con Senegal, que fixo chegar en 2007 un grupo de seis mariñeiros deste país. Posteriormente, ademais de familiares destes pioneiros, outros compatriotas viñeron dende Euskadi, percorrendo os portos cantábricos en busca de praza para ir ao mar. Por último, os marroquís son menos relevantes no sector mariñado que noutros portos galegos, sendo en 2007 o terceiro colectivo estranxeiro na pesca galega, tras peruanos e portugueses.

A aparición de novos colectivos de mariñeiros estranxeiros e o seu rápido crecemento está vinculada ás políticas de estranxeiría e xestión dos fluxos e acordos migratorios, que en vez de crear mecanismos que permitisen contemplar a especificidade de determinadas situacións, como a de Burela, preferiron aplicar os acordos migratorios dun punto de vista xeral, obviando a existencia dunha comunidade con máis de dúas décadas de existencia, supostamente cunha integración máis que aceptábel, en coordinación coa que se podería ter organizado un fluxo migratorio de fácil integración social a través das familias residentes na zona. Este foi o razoamento utilizado polo

²⁴ Neste punto compre apuntar que os datos da Capitanía non reflexan situacións como a dos mariñeiros caboverdianos que tomaron a nacionalidade española (moitos dos pioneiros e chegados na década dos 80), os enrolados en portos vecinos ou na flota composta por empresas mixtas. Polo tanto, a súa importancia cuantitativa sería maior que a reflexada por estes datos.

facilitador en 2003 para tentar cubrir o cupo provincial con migrantes caboverdianos, puxados en coordinación coas familias, do que se falou no apartado anterior. Segundo o facilitador da rede, a política de estranxeiría española non permitiu a contratación en orixe de grupos de mariñeiros caboverdianos, ao non ser o seu país un dos beneficiados polos acordos migratorios, impedindo a migración organizada entre os diversos actores das políticas migratorias dun colectivo de longa residencia e inserción laboral no sector, onde sempre foron traballadores ben apreciados polos armadores. A migración de mariñeiros caboverdianos a Burela foi posibilitada exclusivamente polo apoio dos seus familiares, recorrendo aos servizos do avogado e aos empresarios do mar que a título individual realizaron ofertas de traballo que permitiron iniciar os procesos migratorios, o que os diferencia dos outros fluxos chegados nesta etapa. Para os armadores foi unha fórmula moi cómoda e barata de conseguir man de obra estranxeira, sen ter outro papel no proceso que proporcionar unha oferta de traballo individual e esperar a chegada do inmigrante, sen custe algún para a empresa.

5.1.2.2. A EVOLUCIÓN DA PRESENZA CABOVERDIANA NA FLOTA BURELÁ NA DÉCADA DE 2000

O primeiro grupo de traballadores caboverdianos para o porto burelao chegou en 2000, estando composto por catro homes, tras unha experiencia falida cun grupo anterior no mesmo ano. Nos inicios da rede, a aparición da figura do facilitador foi crucial para a vinda legal de mozos caboverdianos, reclamados polas súas familias xa asentadas en Burela, constituíndo os primeiros elos das novas cadeas migratorias que ate 2008 posibilitarían a triplicación dos efectivos da comunidade, provocando unha profunda mudanza neste grupo humano.

En 2001 outros trece mariñeiros viñéronse xuntar aos anteriores, inseríndose en buques espadeiros e pincheiros. Un novo grupo máis numeroso, composto por dezanove individuos chegou en 2002, producíndose un parón nas chegadas de novos mariñeiros ate 2004. Como resultado deste intenso proceso de chegada, a finais de 2002 estaban inscritos no porto de Burela setenta e nove mariñeiros caboverdianos, 19% dos cales eran descendentes. O cen por cento dos homes adultos continuaba a traballar na pesca de altura.

As cousas mudaron cara unha diversificación laboral a partir de 2003/4, coa inserción na pesca de baixura, nomeadamente no cerco²⁵, na volanta e nas diversas artes menores. No sector da baixura adóitase aproveitar a man de obra dispoñíbel no porto, sen ter existido demandas ante ABSA para a contratación en orixe, aínda que si algunhas ofertas laborais que os armadores levaban directamente ao facilitador ou ás familias. Unha parte dos mozos chegados na última onda teñen utilizado a estratexia do embarque na pesca de baixura, que permite unha vida menos desvinculada da terra. Nesta modalidade, en comparación coa pesca de altura, as condicións varían na proximidade á terra e nos descansos semanais ou diarios, non pasando máis dunha semana sen tocar terra, sendo os períodos de descanso máis regulares. Neste segmento da flota as relacións co resto da tripulación, de menor tamaño, tórnanse máis persoais e próximas, o mesmo que co armador, que neste caso adoita exercer de patrón.



Foto 32: Mariñeiro caboverdiano en pesca de baixura. Estaca de Bares (2005)

Unha pequena parte dos chegados coa renovación do fluxo tentou fuxir ao determinismo laboral procurando traballo noutros sectores, reemigrando, principalmente para Zaragoza, inseríndose na construción civil. Co advento da crise, algúns retornaron a Burela e ao traballo pesqueiro.

Os perigos asociados ao oficio mariñeiro continúan existindo na pesca costeira. Sirva como exemplo o naufraxio do volanteiro “Siempre Casina”, acontecido o 22 de febreiro de 2005, no que morreron oito mariñeiros, seis deles inmigrantes, todos eles no posto de pescadores. Un deles era un mozo caboverdiano, chegado na nova vaga, que deixou este mundo na compañía de dous galegos, dous

²⁵ Segundo tres tripulantes caboverdianos, nas cinco tarrafas do cerco de Foz que operan en Burela traballan once caboverdianos, tres portugueses, un senegalés e un marroquí, sendo autóctona o resto da tripulación, composta por dez ou once homes por embarcación (Setembro 2011).


senegaleses e tres peruanos. Unha tripulación que reflexa con exactitude a nova composición dos barcos galegos. Como resultado de fenómenos deste tipo, nesta década apareceron novas posicións para algunhas mulleres caboverdianas das primeiras vagas, nomeadamente as viúvas de mariñeiros e nais de náufragos.

Sirva como exemplo da evolución da nova vaga de mariñeiros caboverdianos o acontecido cos trinta e dous que chegaron entre 2001 e 2002. Deles, dous morreron no mar; nove reemigraron a Zaragoza, tendo regresado tres a Burela na altura da crise económica; dous traballan en oficios especializados en terra (construción en pedra, carpintería). En 2008, dezanove deles continuaban traballando na pesca. Dos vinte e tres que continuaron coa aventura migratoria na Mariña, máis da metade (15) realizaron reagrupamento familiar de esposas e fillos dende Cabo Verde; outros seis formaron novas parellas e familias (ás que nalgúns casos se xuntaron fillos de relacións anteriores en Cabo Verde, puxados mediante reagrupamento) e os dous restantes continuaron a residir sós ou agrupados con outros homes ou familiares.

As novas modalidades de inserción laboral dos homes non só mudaron as relacións entre eles, senón tamén coas súas familias, ás que neste caso ven diaria ou semanalmente. A inserción laboral na pesca de baixura e o alargamento a outros sectores produciron unha mudanza no patrón das familias caboverdianas, acostumadas á ausencia masculina por longos períodos, que colocaba nas figuras femininas o papel de xestoras en solitario do grupo doméstico. A partir da segunda metade da década de 2000, estas mudanzas, aliadas a un desemprego en ascenso, darán lugar a unha maior presenza masculina na vida diaria e nas relacións cotiás da comunidade, mudando as relacións de xénero no seu seo, como se verá nos seguintes apartados.

As distintas fases na evolución do grupo de mariñeiros caboverdianos ao longo das tres décadas que abrangue este traballo poden verse reflexadas no seguinte gráfico, que mostra como as mudanzas no sector pesqueiro burelés determinaron a inserción dos traballadores caboverdianos, que na súa condición de cabezas de familia determinaron á súa vez a evolución da comunidade caboverdiana na Mariña de Lugo, que acadou o seu punto álxido en 2008.

Gráfico 7: Evolución dos mariñeiros caboverdianos 1978/2008



Fontes: Confraría, Capitanía Marítima. Elaboración propia.

5.1.3. CADEAS MIGRATORIAS NA DÉCADA DE 2000: PROCESO DE MULTIPLICACIÓN DA COMUNIDADE.

A rede migratoria iniciou a súa actividade en 1998 coa chegada da primeira migrante vía Dakar con permiso de residencia e traballo. Tratábase dunha muller unida a un home do colectivo de pioneiros, que conseguiu o visado como traballadora do servizo doméstico no continxente dese ano. Entre 1998 e 1999 efectuáronse dous reagrupamentos familiares (esposas e fillos). Foron as primeiras probas da posibilidade de activación da rede migratoria en torno aos puntos antes indicados. A chegada dos primeiros mariñeiros entre 2000 e 2003 iniciou un proceso migratorio que nos anos seguintes foi medrando como unha bola de neve.

Ao longo da década foron chegando moitos máis mariñeiros, que na maioría dos casos reagruparon posteriormente as súas familias, posibilitando a chegada de mulleres, nenos e nenas por esta vía. Unha vez reagrupada a familia, moitos destes migrantes chegados nos anos iniciais da reactivación convertéronse eles ou elas mesmos en puxadores, axudando a vir a outras persoas que á súa vez reagruparon a familia, iniciando unha dinámica que só se rompeu co advento da crise, con posterioridade a 2008. Polo tanto existen dous tipos de familias puxadoras: nun momento inicial foron unicamente as familias de longa residencia en Burela, mais a partir de 2003 algúns dos puxados non primeiros anos da rede convertéronse en puxadores, activando tanto procesos de reagrupamento familiar como de migración laboral.

A continuación preséntanse pormenorizadamente dúas das cadeas migratorias que operaron no período que vai dende 1999 a 2010, no que se poden visualizar tanto as persoas traídas de Cabo

Verde por algunha das familias residentes en Burela en 1998, como os traballadores/as caboverdianos traídos á súa vez polos primeiros puxados, así como a chegada de esposas e descendentes, vía reagrupamento familiar.

5.1.2.1. CADEA DE ZEKA E TALVINA

A seguinte é unha das cadeas migratorias creadas en torno a unha das principais localidades costeiras de procedencia, da que en 1998 só había catro familias en Burela, ademais dunha muller da segunda vaga, casada cun home dunha localidade próxima. Estas familias, agás unha, iniciaron dun xeito moi dinámico un fluxo migratorio a partir de catro *puxadores* iniciais, que fixo que a localidade fora, a finais de 2008, a que maior grupo de migrantes tiña na Mariña.

Zeka é natural desta localidade, de onde saíu a principios dos anos 70, sendo seguido pola súa esposa, Talvina. Ficaron uns anos en Portugal, onde tiveron unha filla en 1976 e un fillo no ano seguinte. Zeka chegou a Burela en 1984 e a súa familia xuntouse con el nese mesmo ano. En 1993 logrou axudar a outro fillo, dunha relación anterior, que migrou de Cabo Verde a Burela, “*na kontrolu*”, portando o documento do seu irmán, co que se levaba poucos anos de diferenza. Este fillo reemigrou a Zaragoza pouco despois, facendo parte do grande fluxo de saída dos anos 90.

Tentarei mapear a continuación a cadea iniciada por este matrimonio ao abrigo da nova rota legal, á que se uniron varios parentes chegados por diversos *kontrolu* dende o arquipélago ou dende outros países europeos. Nos momentos iniciais, a parella tiña arredor dos 50 anos de idade, os fillos xa criados, e unha neta, da filla maior. Zeka levaba moitos anos pescando na flota do peixe espada, no que se tiña inserido o seu fillo dende mediados dos anos 90. Talvina traballaba na casa e a filla como perruqueira.

En 1999, mentres se abría a nova rota, chegou de xeito irregular, vía Portugal, **Graci**, sobriño de Zeka, que pasou uns meses inactivo, ate conseguir regularizarse no proceso extraordinario de 2001. Dous anos despois chegou **Nené**, a súa compañeira, que seguiu o mesmo proceso. Conseguiron traer aos seus dous fillos en 2002. Casaron en 2004, sendo a súa a primeira voda celebrada na igrexa de Burela dunha parella caboverdiana, tras a que tiveron un novo fillo en 2007. Graci axudou á súa vez a varias persoas a migrar a Burela, abrindo un novo elo na cadea. Un deles é **Nola**, o irmán de Nené, que chegou a Burela en 2004 e trouxo á súa muller e catro fillos en 2006. Tamén apoiaron a vinda do marido dunha das irmás dela, chegando el en 2006, a irmá en 2007 e os seus dous fillos en 2008.

En 2000, a familia de Zeka axudou a vir a **Silva**, outro dos seus sobriños, de vinte e oito anos de idade, que deixaba na localidade muller e catro fillos. A súa compañeira, natural dunha comunidade pesqueira próxima, chegou ao ano seguinte, aproveitando unha oferta de traballo no servizo doméstico. En 2004 trouxeron ás dúas fillas pequenas, completando o proceso de reagrupamento en 2005 coa vinda dos dous fillos maiores. A parella casou na igrexa de Burela en 2006. **Silva** converteuse na peza inicial dunha nova cadea migratoria, axudando a vir a outros familiares. En 2005 apoiou a chegada do seu irmán **Alcides**, que en 2009 reagrupou á súa muller e dous fillos. En 2007 fixo o mesmo con **Varela**, natural do interior, esposo da súa irmá pequena, que chegou en 2008, coa intención de reagrupar canto antes a súa muller e dous fillos. A última persoa á que Silva axudou a vir, en 2008, foi o seu sobriño **Ntoni**, fillo da súa irmá máis vella.

Continuando coa cadea de Zeka e Talvina, en 2004 acolleron a **Elton**, de 19 anos, sobriño dela, respondendo a un pedido da súa irmá, preocupada pola vida que o rapaz estaba seguindo en Lisboa, onde residían. O rapaz estivo longos meses sen traballar ate que regularizou a súa situación mediante a figura de arraigo e comezou a traballar na pesca de altura. Elton emparellouse en 2007 cunha rapaza chegada doutra localidade de Cabo Verde coa que tivo unha filla.

En 2005 chegou **Valdo**, irmán de Talvina, coa que se leva décadas de diferenza. Ambos son irmáns, de pais diferentes. Valdo reagrupou á súa muller e dous fillos dende Cabo Verde en 2008.

En 2006 chegou dende Portugal **Nina**, unha sobriña de Talvina, acompañada do seu fillo pequeno. A rapaza tiña migrado anos antes mediante *kontrolu* a Suiza, de onde foi a Portugal, embarazada, despois de romper a relación co pai do seu fillo. Chegou a Burela cando o bebé tiña un ano. Anos despois xuntouse cun rapaz da segunda xeración, co que foi vivir en 2008, mentres esperaba un novo fillo.

Nese mesmo ano chegou tamén da localidade de orixe de Zeka un novo sobriño, **Roní**, fillo dunha das súas irmás, que permanece na zona sen ter reagrupado á familia de Cabo Verde, téndose emparellado cunha muller branca. Tamén chegou de Cabo Verde **Xila**, irmá menor de Talvina, que tras un par de anos traballando en Burela, decidiu regresar a Cabo Verde, onde tiña posibilidades de traballo e de continuar os seus estudos.

En 2007 foi a vez de **Lindo**, outro sobriño de Zeka, que tiña estado anteriormente de xeito irregular en Burela e decidiu regresar a Cabo Verde para iniciar os trámites para unha migración legal que lle permitira embarcar como mariñeiro. O proceso demorou un ano. Lindo axudou a vir a un dos seus fillos maiores, **Jorge**, a finais de 2009, sendo un dos últimos traballadores que conseguiron chegar a

Burela, antes do feche do cupo por causa da crise. Outro dos seus fillos, de nai diferente ao anterior, non tivo sorte e o seu expediente trunouse, ficando en Cabo Verde.

Por último (2008) chegou **Fausto**, tamén irmán menor da muller de Zeka polo lado do pai, dende Suíza. Fausto reagrupou á familia (muller e dúas fillas), pouco despois.

Se facemos reconto do número de persoas chegadas a Burela a través desta familia entre 1998 e 2008, contabilizamos un total de 41 individuos, aos que habería que sumar tres nenos e nenas nados en Burela dalgúns das parellas ás que facilitaron a migración e o asentamento na localidade.

No caso desta cadea predominou claramente a figura do **sobriño**, unha vez que xa non había fillos ou fillas aos que traer. Zeka conseguiu axudar indirectamente ás súas catro irmás, residentes na localidade natal, poñendo os medios para a vinda dun fillo de cada unha delas, que posteriormente poderían puxar aos seus irmáns e irmás.

A esposa de Zeka fai parte dunha estrutura familiar complexa, na que o pai era un home “polinizador”, que tivo moitos fillos con varias mulleres. Ademais, a súa nai, que fora *rapariga* do pai de Talvina, foino posteriormente dun segundo “marido”, tendo tamén moitos fillos, cunha grande diferenza de idade entre eles. No caso de Talvina, a axuda virouse preferentemente para os irmáns máis novos, tanto da parte da nai como do pai (de idades equivalentes aos seus propios fillos) e aos sobriños, neste caso fillos/as das súas irmás maiores, apoiando indirectamente á súa nai e irmás.

Unha característica común a todos as persoas que constituíron esta cadea é a súa procedencia da localidade dos puxadores iniciais, coa excepción do cónxuxe dunha das sobriñas do puxador inicial. Neste caso concreto, corenta e dúas persoas dunha localidade de algo menos de dous mil habitantes, foron “transplantadas” a un novo contexto, no que tiveron que retomar e reinventar as súas relacións e reconstruír a súa identidade. Esta cadea operaba en paralelo coas iniciadas polos outros puxadores da mesma localidade, tamén moi dinámicas, o que elevou a cifra de naturais desta localidade en 2008 a a oitenta e oito persoas.

5.1.2.2. CADEA DE SILVINO E TEREZA

Silvino é un migrante nacido no ano 1940, que se criou nunha localidade costeira, próxima á anterior. Xubilouse en Burela en 2005, onde traballaba dende 1992, tras case vinte anos en Portugal. Antes de regresar á súa terra natal axudou a vir a varias persoas da súa familia. A cadea iniciada por

el complementábase coa promovida pola súa filla **Tereza**, residente en Burela dende 1990, a onde chegou cos seus dous fillos cando a “mandou buscar” o seu marido **Tô**, natural da mesma localidade en Cabo Verde, que levaba dende 1987 na costa de Lugo, onde tiveron dous fillos máis.

Silvino promovera a migración da súa esposa e da filla pequena, adolescente, en 1997, polos seus propios medios, previamente á activación da rede legal, a través dunha carta de invitación²⁶ cursada a través de Dakar. A esposa regresou un ano despois ao arquipélago, por non se acostumar a vivir en Europa, e a filla reemigrou a Zazagoza pouco despois.

Xa no marco da rede legal, en 2001 Silvino impulsou a vinda dos seus fillos varóns, **Djuli** e **Samuel**, ambos con fillos de varias mulleres en Cabo Verde, que non reagruparon ás familias, excepto unha das fillas de Djuli. Ambos estableceron novas relacións en Burela, no caso de Samuel cunha muller branca, coa que tivo unha filla en 2009. Xunto cos fillos de Silvino chegaron un **sobriño** da súa muller e o **irmán** do marido de Tereza, ambos casados, facendo todos eles parte do grupo inicial de mariñeiros da nova vaga.

O sobriño, **Renato**, natural doutra localidade veciña, iniciou deseguida unha nova cadea migratoria, apoiando en primeiro lugar a vinda da súa muller e fillo, que residían na capital (2002). Nese mesmo ano chegou o fillo da súa irmá maior, **Bernal**, que dous anos despois reemigrou a Zaragoza. Posteriormente, axudaron a vir ao irmán deste, **Edú**, que migrou en 2006. No mesmo ano chegaron varias persoas máis a través da rede de Renato: unha filla adolescente da súa esposa, dunha relación anterior, e **Nais**, o irmán da muller. Un ano despois chegou **Gilberto**, cuñado de Renato, coa intención de reagrupar a familia en canto fora posíbel. Por último, chegou **Chido**, primo segundo do puxador.

Continuando coa cadea de Tereza e Silvino, en 2002 promoveron a chegada dun **xenro** deste, **Lizito**. Xunto a el chegou **Lucas**, fillo de *criason* e afillado da esposa de Silvino, que continúa na zona sen ter reagrupado a familia dende Cabo Verde. Lizito convertiuse nun novo puxador, facendo un primeiro reagrupamento en 2006, no que chegaron a súa **esposa**, filla de Silvino, e os dous fillos máis pequenos; en 2008 chegaron os dous maiores despois de ter apoiado a vinda do seu irmán **Sabino** en 2007.

²⁶ As cartas de invitación serven para obter visados de carácter temporal, ficando as persoas no seu fin de xeito irregular. Neste caso, a muller e a filla regularizáronse en destino en 1997, como dependentes de Silvino.

En 2004 chegou **Nhu Neni**, da aldea do interior da que é natural a muller de Silvino, sendo fillo dunha das súas irmás. O rapaz estableceu unha nova relación en Burela cunha rapaza caboverdiana vinda de Lisboa, que á súa vez axudou a vir á súa irmá e sobriño dende Zaragoza.

Nese mesmo ano chegou tamén **Carlito**, sobriño segundo da muller de Silvino e veciño na aldea costeira, que en 2007 conseguiu reagrupar á súa muller e catro fillos, ficando un en Cabo Verde á espera. En 2009, Carlito facilitou a vinda do seu irmán, **Kunta**.

En 2006 chegou **Nei**, sobriño de Silvino (neto da súa nai de *criason*), que deixou muller e fillos de varias nais en Cabo Verde xunto coa súa nai.

Pola súa parte, **Tereza** e o seu home, **Tô**, ademais de apoiar de diversos xeitos a migración e asentamento dos anteriores, apoiaron a chegada de dous sobriños de Tô, **Armindo** e **Rui**, da súa localidade, en 2006. Previamente, en 2003, facilitaron a vinda dunha parente da mesma localidade, **Zinha**, que foi para Portugal xuntarse ao seu marido.

En 2007 iniciáronse as chegadas de membros desta cadea migratoria dende a localidade do interior de onde era natural o pai de Silvino, na que residen algúns dos seus irmáns e irmás, recibindo a tres novos migrantes: unha sobriña, un sobriño e un dos irmáns pequenos de Silvino. Ela a través dunha oferta de traballo na hostalaría e eles na construción.

Por último, en 2008 chegou **Filomena**, sobriña da muller de Silvino, dende a aldea natal de ambas, que despois duns tempos en Burela marchou a Portugal reunirse co seu namorado.

A través desta cadea, cuxos puxadores iniciais son un pai, unha filla e o esposo desta, migraron a Burela entre 1998 e 2008 un mínimo de 37 persoas, ás que habería que engadir os tres nenos e nenas nados en Burela dalgunha destas novas familias. Trátase dunha cadea que se iniciou coa traída dos fillos adultos e unha filla, esta indirectamente, puxando primeiro ao seu home. Nela tamén teñen un peso importante sobriños e, en menor medida, sobriñas, no período final. Ao igual que na cadea anterior, intercálanse familiares do marido e a muller, tanto no caso de Silvino e a súa esposa, como do da súa filla Tereza e o seu esposo, beneficiando a novos migrantes de todas as liñas familiares, incluíndo as figuras das familias de *criason*.

Neste caso, a diferenza do anterior, as persoas que migraron proceden de diversas localidades, polas que se espallan as familias próximas de ambos cónxuxes e da súa parentela, sendo maior, non obstante, o peso das persoas procedentes da localidade costeira na que se cirou Silvino e onde naceron e residiron ate migrar a súa filla e xenro.

Por outro lado, esta cadea, iniciada en torno á última localidade, dotou de elementos chave a cadeas doutras localidades, ao converterse os puxados en novos puxadores e apoiar a migración dos seus parentes máis próximos.

5.1.3. A IMPORTANCIA DO XÉNERO E O PARENTESCO NAS POSICIÓNS DE HOMES E MULLERES NO PROCESO MIGRATORIO

As estratexias domésticas da sociedade badía privilexian os homes na posibilidade de saída migratoria. Na cultura migratoria da illa de Santiago o criterio de xénero establece que o home debe ser o actor principal dos procesos migratorios. Por iso, as estratexias domésticas da sociedade badía colocan ao home na posición prioritaria de saída migratoria, ocupando o lugar preferente. Deste xeito, a creación de comunidades migrantes badías no espazo transnacional acostuma basearse na inserción laboral masculina, que posibilita materialmente o asentamento destas. As mulleres acostuman chegar nunha fase posterior, como esposas ou compañeiras, tendo xurdido nos últimos anos experiencias migratorias de mulleres non acompañadas ou ligadas a homes. Neste sentido, as cadeas descritas mostran a validez deste principio xenérico, ao ser practicamente todos os puxados nos lugares iniciais homes, tanto nas cadeas principais (as iniciadas polas familias vellas), como nas secundarias (as promovidas polos novos migrantes, unha vez estabilizados).

En Burela, a dispoñibilidade de postos de traballo na pesca determinou durante dúas décadas a chegada e permanencia de homes caboverdianos, sendo este o único sector de inserción laboral. Como se viu no capítulo anterior, a chegada de mulleres estivo ate esa altura determinada polo asentamento anterior dos maridos, que as “mandaban buscar”. Coa reactivación da corrente migratoria, repetiuse este esquema, mais, atendendo a criterios de oportunidade, iniciouse a chegada de mulleres independentes, como se verá máis adiante.

Dentro do colectivo de mulleres adultas chegadas a través da **rede legal**, vía Dakar, entre 1998 e 2008, a migración desenvolveuse baixo dúas figuras legais diferentes, en consonancia cos procedementos contemplados na lei de estranxeiría española. En primeiro lugar, como **esposas**, no marco de procesos de reagrupamento familiar; en segundo, como **traballadoras** que realizaban o proceso migratorio en base a unha oferta de traballo. Dentro deste grupo as esposas supuxeron en torno ao 62%, o que representa un cambio relevante respecto a períodos anteriores, nos que foi moi infrecuente a chegada de mulleres non casadas e moito menos das non unidas a homes. A pesar de que a maior parte dos homes chegados a Burela na nova vaga acabaron por desencadear procesos

de reagrupamento familiar, non todos o fixeron, como se pode comprobar nas cadeas anteriores, continuando as súas esposas ou compañeiras a residir nas localidades de orixe, encarnando unha das figuras sociais máis relevantes, a “muller de emigrante”. Polo tanto, no período posterior a 1998 as mulleres esposas continuaron a ocupar lugares subalternos nos procesos migratorios, supeditadas á migración inicial do esposo e á vontade deste de efectuar o reagrupamento nun momento posterior.



Foto 33: Muller de emigrante coas súas fillas. Porto Mosquito (2005)

En canto á chegada como traballadoras independentes dentro dos procesos legais, a proliferación de ofertas de traballo en sectores feminizados que caracterizou a década de 2000 levou a que nos anos iniciais foran puxadas algunhas **mulleres unidas libremente** como traballadoras, co fin de aproveitar as ofertas de traballo dispoñíbeis, sendo o seu obxectivo final reunirse cos seus compañeiros. Estas mulleres migraron a través deste proceso, máis rápido, ao non ter que casar por poderes nin cumprir o marido/compañeiro o tempo de residencia estipulado para iniciar o reagrupamento. Isto tivo como efecto unha mellora na condición legal destas mulleres, que chegaron en paralelo aos “maridos”, cunha situación legal independente e coa posibilidade de traballar, o que supuña unhas mellores condicións obxectivas fronte ás mulleres reagrupadas como esposas. Este tipo de procedementos, minoritario e ligado á migración dos membros de unións libres, deron lugar á celebración dalgúns casamentos, inexistentes ate a década de 2000 en Burela.

Segundo o novo fluxo se foi consolidando, xeralizouse a práctica do **matrimonio por poderes**, fórmula que permitía que as mulleres unidas libremente en Cabo Verde (tipo dominante de parella na sociedade de orixe na década de 2000), se transformaran en esposas con posterioridade á

migración do compañeiro, converténdose así en candidatas a migrar polo método máis aceptábel para a cultura migratoria badía.

Dado que continuaban a existir ofertas de traballo feminino, as familias comezaron a puxar mulleres non unidas a ningún home, que chegaron como traballadoras en solitario, especialmente a partir de 2006, cando a rede se atopaba consolidada. Estas mulleres independentes eran normalmente irmás ou sobriñas das familias puxadoras, ás que se adscribían á súa chegada. Ningunha delas estaba casada, aínda que a maioría eran nais.



Foto 34: Casamento en Burela (2006)

No marco da oportunidade que supuxo a rede migratoria déronse con frecuencia prácticas de axuda aos grupos domésticos das fillas, sobriñas e irmás por parte das familias puxadoras, sen promover a súa propia migración, polo menos inicialmente. Tratábase de puxar a xenros, sobriños políticos ou cuñados, que contribuirían ao grupo doméstico ao que pertencía a muller a través das remesas e poderían iniciar procesos de reagrupamento que as trouxeran a elas posteriormente.

Tomando en consideración o **tipo de relación de parentesco** que unía a familias puxadoras e novos/as migrantes, conséntase que existía unha clara preferencia polos **fillos** varóns adultos, grupo pequeno en termos cuantitativos, xa que a maior parte deles (tanto “de casa” como “de fora”) tiñan sido reagrupados nas décadas anteriores.

A pesar diso, na nova vaga unha figura de parentesco destaca entre as demais, no caso dos puxadores iniciais. Trátase dos **sobriños**, cuxa migración supón un xeito de axudar indirectamente aos irmáns ou irmás, especialmente aquelas á fronte de familias monoparentais, que se converterán

en receptoras de remesas. A puxa de sobriños evidencia a lealdade existente entre irmáns e irmás, en sentido amplo, alén da concepción nuclear do grupo doméstico, incluíndo as figuras de parentesco propias da sociedade caboverdiana (irmáns *de fora*, irmáns de *kriason*, afillados). Nestes casos, pódese comprobar claramente a importancia dos grupos domésticos e familiares na toma da decisión sobre quen iría emigrar, sendo normalmente os primeiros escollidos homes novos, con parella (casados ou en unións libres) e descendencia, que deron pé a ciclos de reagrupamento.

Unha vez que os primeiros puxados se converteron en puxadores, normalmente iniciaron procesos de reagrupamento familiar, que favoreceron a migración das súas esposas e descendentes. Unha vez realizado este reagrupamento, ou en ocasións con anterioridade a este o normal sería puxar determinados parentes, destacando neste caso os irmáns, seguidos das irmás, repetíndose as prácticas de puxa indirecta destas a través dos seus maridos.

Nos exemplos expostos anteriormente intercálanse parentes tanto do home como da muller da familia puxadora, o que indica a existencia de procesos de negociación no interior do grupo doméstico puxador á hora de decidir a quen apoiar no proceso migratorio. En xeral todas as familias puxadoras combinaron ambas liñas de filiación.

As dúas cadeas descritas anteriormente dan conta da extraordinaria densidade das redes en torno a certos lugares e localidades, sendo moi tupidas e localizadas, estreitamente relacionadas entre elas, constituíndo subcadeas interligadas²⁷. En canto ao colectivo puxado, no primeiro exemplo de cadea trátase dun grupo moi estruturado, procedente dunha única localidade, con innumerábeis relacións de todo tipo entre os seus compoñentes, descendentes de grandes familias compostas. No segundo caso, constitúe un grupo de persoas de diversas localidades, en moitos casos sen relación de parentesco ou doutro tipo entre as persoas puxadas, aínda que todas sexan parentes dos puxadores iniciais, que non residen no seus lugares natais.

Debido ás estreitas relacións entre as localidades de orixe, moitas persoas pertencen a varias subredes en simultáneo, como no caso que se relata a continuación, o dunha muller que pertence ás dúas familias puxadoras que se acaban de retratar, a unha por afinidade e a outra por consanguinidade. A súa migración produciuse dentro da cadea da primeira, á que se adscribía o seu compañeiro e pai dos seus fillos.

²⁷ Refírese aos diversos grupos de sociabilidade e apoio, que non sempre teñen o parentesco como base, senón tamén a veciñanza, amizade, afinidade, etc. Dado o pequeno tamaño das localidades de orixe, as redes e cadeas entrecrúzanse unhas con outras.

Sandra, filla de **Silvino**, naceu en 1975. Cando tiña dezasete anos foi tirada de casa por **Silva**, sobriño de **Zeka**, que a levou vivir con el e a súa familia á súa localidade. Aló tiveron dous fillos e dúas fillas e construíron a súa propia casa. Silva tiña un bote no que saía a pescar e Sandra vendía o peixe no mercado de Assomada, sendo axudada pola súa sogra na crianza dos seus fillos e fillas. Cando Silva migrou a Burela, apoiado polo seu tío, ela esperouno dous anos, ate que a “mandou buscar”, mediante unha oferta de traballo no servizo doméstico. Cando Sandra chegou a Burela, xa residían na localidade o seu pai, unha irmá e dous irmáns, alén doutros parentes. A pesar de que sempre mantivo unha boa relación coa familia de Silva, refixo a súa rede de relacións preferentemente coa súa irmá e outras persoas da súa propia familia e coas súas amigas e compañeiras da localidade do seu home, que foron chegando nos anos seguintes. Sandra e Silva casaron en Burela pola igrexa en 2007, despois de case quince anos de relación en forma de unión libre.

O caso de Sandra pode servir de exemplo da posición da muller, adscrita ao marido e á súa familia de afinidade antes que á consanguínea, tanto na sociedade de orixe como no proceso migratorio. A pesar de pertencer orixinalmente á familia de Silvino, Sandra fai parte da cadea migratoria de Zeka, tío materno e puxador do seu compañeiro, sendo considerada parte da familia del a pesar de non estar unidos formalmente en matrimonio. Unha vez instalada en Burela, Sandra estabeleceu as súas relacións sociais preferentemente coas súas irmás e outras parentes e coas súas amigas e veciñas da localidade na que residiu como adulta, que tamén migraron nesa altura a Burela. A reconstrución das redes persoais de Sandra no destino migratorio mostra que, aínda que existe un certo determinismo na posición que as mulleres ocupan nas redes migratorias, dispoñen da posibilidade, unha vez en destino, de refacer as súas redes de amizade seguindo o seu propio criterio, o que corrobora a apreciación de Tily (1990) de que, unha vez no destino migratorio, dáse unha recreación selectiva dos lazos sociais e non un mero “transplante” dos mesmos.

A pesar de que a maioría das cadeas seguiu os principios da cultura migratoria badía, privilexiando as figuras masculinas e identificando muller migrante con esposa, déronse uns poucos casos de cadeas nas que as persoas puxadas foron maioritariamente mulleres autónomas. É o caso da cadea iniciada por **Nha Tura**, da que se falou no apartado dedicado ás mulleres da segunda vaga, que xunto co seu marido axudou a seis persoas a migrar dende Cabo Verde. Destas, cinco eran mulleres: tres sobriñas dela, unha do marido e a sobriña dunha amiga, todas elas chegadas a través de ofertas de traballo.

Exceptuando un caso, Nha Tura puxou mulleres, tanto da súa familia como da do seu marido, na crenza de que estas, polo seu papel xenérico, son máis responsábeis e obedientes, de xeito que non vulnerabilizan a honra ou boa imaxe do grupo doméstico puxador.

“Por qué mulleres?. Porque se é unha muller a que ven, podo gobernala máis facilmente, para que se saiba comportar, que saiba estar, se comporte ben, para non poñerme na vergoña²⁸”.

Esa vergoña á que alude Nha Tura está asociada ao seu papel de responsábel moral dos migrantes puxados na súa cadea. Sendo homes, poderían ter comportamentos considerados inadecuados, especialmente no terreo sexual, se non foran responsábeis das eventuais consecuencias dos seus actos ou se dedicaran a namorar varias rapazas, nunha visión que ten por tras a imaxe do home sexualmente depredador, que neste caso podería ter relacións coas rapazas descendentes e a ameaza da paternidade irresponsábel. Mais a vergoña tamén pode vir dada polo tipo de actividades e consumos (alcol, drogas ilegais) dos rapaces puxados nos seus tempos de lecer ou por unha pouca laboriosidade. Foi o caso do home dunha das súas sobriñas, que fora puxado noutra cadea e unha vez en Burela, dedicouse a saír e beber, traballando pouco e non iniciando o proceso de reagrupamento familiar. Por iso Nha Tura acabou por puxar directamente a súa sobriña, que levaba varios anos esperando a ser chamada polo marido. Esta muller foi puxada para controlar ao marido e poñelo no “bo camiño”, exercendo un papel de garante da honorabilidade e laboriosidade masculina.

O único rapaz que foi puxado por Nha Tura era afillado e sobriño seu e ao mesmo tempo estaba unido libremente cunha sobriña do seu marido. Mais no seu caso non foi unicamente o parentesco o que mediou na súa migración, senón as características persoais relativas á seriedade do rapaz e ao seu comportamento social.

“[Trouxen a **Valter**] ... porque vin que era un rapaz cen por cento, vin que era un rapaz máis reservado e tranquilo, responsábel, que non se mete en líos. Eu non gosto de problemas, non gosto de levar e traer²⁹, non gosto diso. Por iso gústame traer xente que despois non me vai dar dor de cabeza. Por iso prefiro traer mulleres que homes, porque os meus sobriños que naceron aló, que eu non estaba aló, non sei como son, que xeito teñen, e é máis complicado poñerlles límites, do que a unha muller, ás mulleres podo dominalas máis facilmente. Prefiro traer as miñas sobriñas que aos meus sobriños. para non ficar na vergoña con ninguén³⁰”.

Nha Tura presupón que unha das características asociadas ás mulleres é a obediencia, non só ao marido, senón ás persoas maiores, especialmente se son parentes. No caso das puxas de sobriños e

²⁸ *Pamodi mudjeres? pamodi n ta gusta di, si e mudjer ki ben, bu sabi gobernal mas facil, pa e sabe porta, pa sabe sta; pa komporta ben, pa n ka fika ku burgonha.*

²⁹ “Levar e traer” significa cotillear.

³⁰ *[N trae Valter] pamodi n odja ma e un chico cen pur centu, n odja ma e un rapasihu mas reservadu, mas tranquilo, responsavel, ki e ka sta na follon. A mi n k agosta di prublema, a mi n k agosta di leba ku trae, n k agosta diso. Por iso kin gusta di trae algen ki manha pa ka dam dor di kabesa, ... por iso kin gusta di trae mudjer mas di ki omi, pamodi nha subrinhu kel ki naci la, n ka staba la, n ka sabi ki kondison i manera ki es teni, dja e mas komplikadu pan ben pol nun limite, nun kaminhu, mas ki mudjer, i mudjer n ta domina mas facil. N prefirer trae nhas sobrinhas ki pan trae nhas subrinhu. Pan ka fika ku burgonha ku algen.*

sobriñas, as tías e tíos estabelecen con eles e elas unha relación equiparábel aos proxenitores, ante os que se debe gardar respecto e obediencia.

As mulleres autónomas que chegaron a Burela no marco da reactivación do fluxo relatan nas entrevistas como foron escollidas por outros membros da familia con maior autoridade (pais, nais, irmáns)³¹. Estas mulleres traían normalmente un **proxecto migratorio prefixado** polas súas familias, tanto en orixe como en destino, que lles marcaban o camiño a seguir, sempre obedecendo ás familias puxadoras, convertidas nas novas controladoras do seu comportamento, unha vez pasado o trance de Dakar.

Se estas mulleres autónomas non eran aínda nais, o seu cometido sería axudar a familia de orixe a través das remesas e constituír a súa propia familia no destino migratorio. Se eran nais (o máis frecuente), o seu cometido principal debería ser traballar para os seus fillos e fillas, inicialmente enviando remesas a quen tivese ficado a cargo deles, e posteriormente realizando o reagrupamento. Mais as mulleres puxadas non sempre obedeceron estas pautas, contrariando o proxecto migratorio previsto para elas, emparellándose e tendo novos fillos/as. É o caso de Celina, nai solteira que chegou a Burela despois de que a familia puxadora trouxera a varios homes da parentela.

Celina, natural dunha vila costeira, foi puxada pola muller do seu tío en 2007. Celina, que tiña trinta anos, estaba solteira e deixaba varios fillos en Cabo Verde a cargo da súa nai. Instalouse inicialmente coa familia da súa tía, que enviuvara recentemente. Pouco despois de chegar a Burela iniciou unha relación cun rapaz recién chegado. Cando se soubo que estaba embarazada, a súa tía botouna de casa, utilizando unha práctica a que se emprega en casos de embarazos non desexados na sociedade de orixe. Celina refuxiouse na casa do compañeiro, onde permanece despois de ter sido nai. Tía e sobriña retomaron a relación meses despois.

A razón principal que parece estar por tras do enfado da tía de Celina non sería tanto a salvagarda da honra sexual da sobriña, senón a inoportunidade do seu embarazo, que imposibilitou que cumprira o seu plan de traballar, aforrar e estabilizarse para poder traer aos seus fillos canda ela, cumprindo o papel de boa nai e boa muller. A práctica de expulsar de casa as mulleres desobedientes utilizouse independentemente da compoñente de control sexual, que xa non facía sentido cunha nai de varios fillos.

Existiron varios casos como os de Celina, nos que as nais solteiras chegadas de Cabo Verde se xuntaron con rapaces chegados na mesma altura. Todas estas parellas cristalizaron a súa relación tendo descendencia e indo vivir en parella, o que foi acollido con desgusto polas familias puxadoras

³¹ No caso das migración de mulleres solteiras, débese resaltar que existe un tipo de relación especial entre irmás, sendo frecuente que as migrantes convertidas en puxadoras faciliten a migración das irmás que ficaran en Cabo Verde, permitindo a migración de mulleres non unidas a homes.

das mulleres, a pesar de que o castigo a Celina pola súa tía non se deu noutros caos. Considérase que o valor máis importante para estas mulleres migrantes, definidas pola súa posición de nais, é o traballo, a través do que conseguirán levar adiante a súa familia, desencadeando procesos de reagrupamento familiar.

5.1.4. COMPLETANDO O CICLO MIGRATORIO. *STORIA DI SILVINO, HISTORIA DUN BADIU.*

Aludíase na introdución deste apartado á existencia duns poucos casos de xubilacións de migrantes caboverdianos na Mariña antes de 2008. Trátase exclusivamente duns poucos homes, nados na década de 1940, que despois de anos en España e Portugal, sen ter reagrupado ás súas esposas, regresaron con estas a Cabo Verde, inaugurando o fluxo de retorno, que ven completar o ciclo migratorio caboverdiano na costa lucense.

No pequeno colectivo de persoas xubiladas non existen mulleres, xa que ademais de ser xeralmente máis novas que os maridos, a idade de xubilación destes, grazas aos coeficientes redutores da pesca, anticipase aos cincuenta e cinco anos de idade.

En 2008 moitos dos pioneiros se atopaban á espera de finalizar en poucos meses ou anos a súa vida laboral. Na maioría dos casos, todo indica que permanecerán na terra de acollida, onde levan a maior parte da súa vida. Non existen mulleres no escaso retorno, aínda que algunhas parellas están construíndo casa nas localidades natais, a onde viaxan regularmente, na espera da xubilación do marido.

A continuación, preséntase a historia de Silvino³², cuxa vida conecta con múltiples aspectos das migracións badías, retratadas no primeiro capítulo deste traballo. O seu ano de nacemento, 1940, marcou o inicio da década máis terríbel da memoria recente do pobo caboverdiano, caracterizada por varios ciclos de fame, os últimos mortais na historia das illas, que se cobraron ao longo da década arredor de 50.000 mil almas (Carreira, 1984). Silvino foi migrante en tres destinos diferentes ao longo da súa aventura persoal, todos eles periféricos, propios dos fluxos *badiu*, dende o São Tomé dos anos 50, ao Portugal no inicios dos anos 70, e a costa de Lugo a partir dos 80. O seu regreso como *reformado* a Cabo Verde é un dos poucos casos que, ate 2008, contribuíron a fechar un ciclo na historia de todo un colectivo.

³² Trátase do mesmo individuo que aparece como puxador nunha das cadeas migratorias descritas anteriormente.

Silvino naceu en 1940 no interior de Santiago. Cando aínda era un bebé a súa nai, que estaba solteira, deixouno ao coidado doutra muller, quen o criou xunto aos seus fillos nunha pequena aldea costeira. A nai biolóxica morreu pouco despois. Silvino medrou nunha das décadas máis terribes do século XX en Cabo Verde. Silvino lembra a fame e tamén o reparto de comida que cada día a asistencia facía nunha localidade veciña.

Cando era un neno apañaba auga e leña e tamén pescaba. Nesa época non había escola en toda a freguesía. Comezou a traballar no mar “en serio” antes de cumprir os once anos, nunhas condicións ben diferentes ás actuais.

“Antigamente, para ir de Porto a Praia non había nin estrada. As mulleres que ían vender peixe a Praia, saían un día á tarde co atún na cabeza e non chegaban de volta a casa ate o día seguinte á tarde. Antes era así³³”.

Ademais de pescar, no tempo da sementeira traballaba coa súa familia a terra do *morgado*, ao que debían levar nas costas a colleita enteira, antes de deixarlle a metade no seu almacén e quedarse coa outra metade. Naquel “tempo dos portugueses” os “brancos facían os abusos que querían no traballo”. Por exemplo, a conserveira *Mar Augusta*, en Chan de Areia (Praia), pagaba o kilo de atún a trece testóns (dez testóns equivalían a un escudo).

Silvino lembra que despois das fames sucesivas veu un tempo mellor, no que había comida pero non cartos. En Santiago, a única posibilidade de saída nos anos 50 era emigrar a São Tomé, así que intentouno, sendo aínda menor, facendo parte do relevante grupo de mulleres e menores que caracterizou este fluxo nesa época. Silvino fíxose pasar por fillo dunha muller *contratada* que o axudou a embarcar e acolleuno unha vez alá xunto co seu propio fillo. Silvino traballou en São Tomé durante tres anos e tres meses nas plantacións de cacau e coco, nunhas condicións moi duras das que non lle gusta falar. Recebeu por ese traballo a cantidade de mil setecentos escudos, cos que regresou a Cabo Verde, no ano 1957, a casa da súa *nai de kriason*.

Coa paga de São Tomé fixo un bote e comezou a traballar na pesca. Anos despois “*arranxou*” muller para casar nunha zona montañosa situada na vertente occidental da illa, á que se pode ir camiñando dende a súa localidade. O casamento foi celebrado en 1962, cumprindo todas as tradicións festivas. A nova parella foi morar a casa da súa *nai de kriason* durante uns poucos anos, onde tiveron unha filla e un fillo que sobreviviron e dous que morreron. Silvino aproveitou a abertura do fluxo a

³³Aló di Porto pa Praia un ves, ki ka tinha estrada ka tinha nada, mudjeres ta bendebe kel na kabesa, ta saiba di hoje tarde, ku atun na kabesa, ta bendebe na Praia. Ta tchigaba kasa kel oto dia di tarde. Nun ves era assim.

Portugal e migrou en 1971, deixando á súa muller novamente embarazada. Para financiar a viaxe, vendeu o bote e os porcos. A súa sogra deulle mil escudos, que daquela eran moitos cartos.

Marchou co seu billete e a licenza militar³⁴, que custaba nada menos que dous mil e oitocentos escudos. Fixo a viaxe en barco e comezou a traballar deseguida nas obras do metro de Lisboa, onde gañaba por mes menos do que lle tiña custado a licenza militar (95 escudos ao día, aos que se descontaba o seguro). Durmía nas barracas que lles facilitaban as empresas, onde se xuntaban moitos caboverdianos que partillaban existencia

“Estábamos xuntos, naqueles barracóns, facíanse dúas ou tres camas unhas riba doutras [literas], pero as camas non eran suficientes para todos, porque éramos moitos e ningún tínhamos casa, non tínhamos nada, e todo era por conta da empresa³⁵”.

Silvino pasou uns anos nestas condicións, nos que fixo varias visitas á súa familia. Viviu o 25 de Abril en Lisboa e a Independencia de Cabo Verde na súa aldea, pescando co seu fillo Samuel, que con sete anos iniciaba a súa aprendizaxe como pescador. En 1977 conseguiu traer á súa muller, que poucos meses despois decidiu retornar a Cabo Verde, onde deixara aos seus cinco fillos e fillas. Regresou novamente embarazada, dunha filla que tamén morreu de pequena.

Silvino migrou a España en 1979, oito anos despois de ter saído de Cabo Verde. En Burela xa había un gran grupo de caboverdianos, uns aos que coñecía e outros descoñecidos, doutras zonas da illa. A maioría vivía en Foz naquela altura. Como non conseguiu permiso de traballo nin contrato no mar para regularizarse, dedicouse a extraer algas na beiramar coas mulleres durante cinco meses. Vivía en Cangas, partillando casa con outros homes caboverdianos. Despois conseguiu unha oferta de traballo e traballou na pesca do peixe espada durante algo máis dun ano.

Entón decidiu visitar novamente Cabo Verde, onde ficou unha longa tempada, tendo a súa derradeira filla. Ao regreso das illas permaneceu outros sete anos en Lisboa, en diversas obras. Finalmente, regresou a Burela en 1989, onde ficou longos anos na pesca do peixe espada. En 1990 chegou a súa filla maior, Tereza, cuxo marido xa levaba tres anos en Burela, cos dous fillos. En 1997 chegaron a súa muller e a *kodé*. A esposa retornou novamente a Cabo Verde, pois non se acostumaba a vivir fora da súa terra. Silvino logrou por fin xubilarse, tras moitos atrancos burocráticos, en 2004.

³⁴ A licenza militar era un documento obrigatorio para saír legalmente de Cabo Verde no tempo colonial.

³⁵ *Ta estaba djunto, lá nakel barrakon ta fasido dos, tres camas riba kumpanheru, mas ki kama ka ta tchigaba pa tudu porke ha muitos, ninhum ka tinha casa, ka tinha nada, i tudo, por conta di empresa.*

Antes de regresar á súa terra natal, Silvino axudou a vir aos seus dous fillos, un xenro e varios sobriños, tanto del como da súa esposa. Tras unha auténtica odisea para solucionar os papeis da pensión de xubilación, regresou á súa aldea, onde disfruta do seu merecido descanso na súa terra querida³⁶, cunha pensión de España e outra de Portugal.

“Non emigrarei máis de Cabo Verde. Non; é a miña terra, que coñezo, onde teño moita familia, coñezo todos os lugares e na miña terra con pouco diñeiro vívese mellor que acó... A vida está cara tamén, pero a forma de ser é mellor que a de acó³⁷”.

Un dos aspectos que Silvino lembra como peores ao longo da aventura migratoria da súa vida é a incertidume do traballo, especialmente nos barcos, onde “podes saír dun no que non te atopas moi cómodo ou contento e demorar en atopar unha nova praza”.

Silvino conta cal foi a súa estratexia para “matar a *sodade*” ao longo dos máis de trinta anos que pasou na Europa: o traballo e o aforro, garantes da viaxe a Cabo Verde.

“A *sodade* que eu tiña, a única forma de combatila era traballando, e se gañaba un testón, tentaba aforrar e cando sentía *sodade* total da miña familia, pagaba a viaxe e ía. Pero se traballas e non aforras nada, vives con *sodade*... Se non tes diñeiro para pagar a viaxe, como fas? Se tes diñeiro, que traballas e aforras, non gastas, gárdalo, cando tes vontade de ir á tua terra ver a familia que está aló, pagas a viaxe e vas. É así³⁸”.

A través desta estratexia de viaxes periódicas a Cabo Verde, Silvino conseguiu ter e manter unha grande familia na terra de orixe, sen chegar a desligarse nunca dela, en parte pola negativa da esposa a residir fora da súa terra.

³⁶Aínda que a entrevista a Silvino foi realizada en 2003 en Burela, pouco antes de xubilarse, o contacto con el continuou en Cabo Verde e nas súas visitas a Burela despois da súa xubilación.

³⁷*No, embarkado di CV ki ka ta ba mas. Nou, é na nha terra, nha terra n konxe, N ten muitos familia, konxe tudu sitio, e, na nha terra ku poko dinheru ta bibi mas midjor di ki li ... Bida sta karo tambe, mas manera di ser é mas midjor di ki li*

³⁸*Sodadi ki ten, únika kosa di sodadi é pa bu trabadja, i, si bu ganha un teston, bu fasi pa torna rekuperal oki bu xinti sodadi di bu familia total, bu ta paga biagem, bu ta ba. Ma si bu trabadja tambe ki bu ka rekupera nada, bu ta mora ku sodadi ... Si bu ka ten dinheru di paga biagen, modi ki bu ta fasi?. Si bu teni, si bu teni dinheru, ki bu ta trabadja, bu ta rekupera, bu ka gasta, bu ta guarda, bontadi di bai bu terra pa bu bai odja bu familia ki sta la, bu ta paga bu biagen, bu ta bai. Pronto, i listo*

5.2. ESTUDO SOCIODEMOGRÁFICO COMPARATIVO. 1998 / 2008

A seguir, realizarase unha comparación entre dous momentos concretos na historia da comunidade caboverdiana de Burela, os anos 1998 e 2008, os cales pecharon cada unha das últimas etapas migratorias ás que se aludiu anteriormente. Neste caso, xa non nos movemos no terreo das reconstrucións con datos obtidos de fontes diversas, como acontece nos datos referentes ao pasado, senón no coñecemento directo das persoas censadas a partir de 1998.

Nese ano iniciouse a intervención social co colectivo, anteriormente ignorado polas institucións, que pasou a estar no centro do foco informativo. Ao mesmo tempo estíbese a pechar unha fase de profunda crise que mantiña a comunidade nun certo estancamento e illamento. A partir dese ano iniciouse un proceso de rápido crecemento coa activación da nova rede migratoria, que levou a que a comunidade caboverdiana da Mariña se triplicase ate 2008. Partindo dunha poboación inicial non menor de 135 persoas, no final do período podemos falar de máis de 440³⁹.


Este proceso mudou moitos aspectos da vida comunitaria, entre eles a posibilidade de renovación do modelo de **separación**. O feito de poder ter máis posibilidades de relacións persoais variadas dentro do grupo, parece persuadir aos novos migrantes, de todas as idades, de exercer a sociabilidade fora deste. Na amplitude comunitaria foron agromando subredes, moitas baseadas no parentesco, máis tamén noutro tipo de afinidades, como a localidade de orixe, reconstruíndo e afianzando en moitos casos relacións previas no arquipélago.

Unha vez reactivado o fluxo a través da vía legal, o **ritmo de chegada** de migrantes directamente de Cabo Verde sufriu diversos altibaixos, experimentando a partir de 2006 unha intensa aceleración ate o fin do período. Entre 1998 e 2008 chegaron do arquipélago non menos de 297 persoas. O ano 2008 constitúe o de maior chegada de migrantes directamente dende Cabo Verde, atreveríame a dicir, de toda a historia do colectivo.

As caídas na liña evolutiva das chegadas das persoas residentes en 2008, representada no gráfico 8 corresponden aos momentos de resistencia na emisión de visados apuntados polo facilitador, por exemplo cando en 2003 foi denegada a proposta de cupo caboverdiano para a provincia de Lugo.

³⁹Estas cifras corresponden ao total de individuos do meu censo para esas datas, tendo en conta que sempre pode haber algunhas persoas máis.

Gráfico 8: Intensidade da chegada de migrantes dende Cabo Verde. 1998-2008



Elaboración propia

Unha vez superadas as trabas, o fluxo de chegada acelerouse a partir de 2005, coincidindo coa aplicación do novo regulamento de estranxeiría aprobado polo goberno socialista. O fluxo chegou ao seu punto álxido no fin do período en análise, que coincide coa entrada nunha nova fase, determinada polo fin da demanda de man de obra estranxeira, que marcará un punto de inflexión nos fluxos migratorios con destino ao estado español.

5.2.1. OS GRUPOS XERACIONAIS E A COMPOÑENTE DE XÉNERO

Á hora de analizar a composición da comunidade, débese ter en conta a coexistencia de persoas pertencentes a diferentes xeracións, definidas aquí non en relación á idade, senón á posición no proceso migratorio, tendo en conta que ao longo das tres décadas de presenza caboverdiana na costa de Lugo producíronse diversas vagas de chegada, o que fai que no seo de cada grupo xeracional estean incluídas persoas de idades moi diferentes.

No censo elaborado para este traballo considérase que as persoas pertencen a catro grupos xeracionais diferentes, que serán nomeados en plural, para resaltar a súa heteroxeneidade interna, que permitirá analizar a reprodución da comunidade en base á evolución experimentada por esta corrente migratoria.

No que se refire ás **primeiras xeracións**, están compostas por homes e mulleres, maiores de dezaioito anos, que naceron en Cabo Verde ou outras ex-colonias portuguesas (San Tomé e Príncipe) e migraron exclusivamente para traballar ou como cónxuxes dentro de procesos de reagrupamento

familiar. No seu seo inclúense tanto o grupo que inicialmente deu orixe á comunidade como o de persoas adultas chegadas na última década dende o arquipélago. Como resultado das diferentes vagas, no seu seo existen diferenzas de idade importantes (dos 21 aos 59 anos, tanto no caso dos homes como no das mulleres, en 2008), correspondendo as persoas máis novas ás que chegaron na revitalizada corrente migratoria do novo século, que en moitos casos por idade están máis perto do grupo xeracional seguinte.

As **segundas xeracións** están formadas polos fillos e fillas das persoas do grupo anterior, nados durante o proceso migratorio da súa familia ou con anterioridade a este. Dentro deste grupo de **descendentes**, as diferenzas de idade van dos cero aos corenta anos, o que dá lugar a diversos grupos de idade. Trátase dun grupo moi heteroxéneo alén da idade, xa que as persoas que o compoñen naceron en máis de tres países diferentes, con diversas posibilidades de nacionalidade, segundo as leis de cada estado e a época de nacemento. Débese destacar que neste grupo non se inclúen as persoas vindas de Cabo Verde en idade de traballar, con cargas familiares no país de orixe ou cun proxecto de vida independente, aínda que foran puxadas polos proxenitores dende Burela.

As **terceiras xeracións**, moito máis reducidas, están compostas pola descendencia de polo menos unha persoa pertencente ás segundas xeracións de orixe caboverdiana. Trátase dos netos e netas dos membros das primeiras xeracións, un grupo de crecente importancia, xa que os maiores do grupo das segundas xeracións están en idade reprodutiva, constituíndo novos grupos familiares, especialmente a partir da década de 2000.

Para rematar, a **xeración cero**, a máis limitada cuantitativamente, está integrada por ascendentes das persoas da primeira xeración, de avanzada idade. Non é habitual a residencia estábel destas persoas, aínda que realicen frecuentemente visitas temporais. Estas persoas, maioritariamente mulleres, en moitos casos realizan percorridos entre os fogares dos seus fillos e/ou fillas, dispersos en varios países, sendo unhas auténticas boas transnacionais.

No que se refire ás primeiras xeracións, comparando os datos do cadro 14, pódese constatar o seu aumento. Débese matizar que mentres que o colectivo masculino cuadriplicou, o feminino multiplicouse por tres. Das 186 persoas adultas chegadas do arquipélago nestes dez anos, 117 eran do sexo masculino, o que supón o 63% do conxunto. Isto reforzou o peso dos homes na comunidade, mantendo unha tendencia que a define dende os tempos pioneiros, por estar esta corrente migratoria baseada no traballo masculino, en consonancia coa cultura migratoria da illa de Santiago, que considera ás mulleres migrantes no papel de esposas.

Cadro 14: Membros da comunidade, por sexo e xeración. 1998/2008


		1998	2008
XER 0	Homes	0	1
	Mulleres	0	1
	Total	0	2
1ª XER	Homes	35	145
	Mulleres	29	91
	Total	64	238
2ª XER	Homes	38	103
	Mulleres	31	84
	Total	69	187
3ª XER	Homes	0	7
	Mulleres	2	6
	Total	2	13
	TOTALES	135	440

Elaboración propia.

Observando as segundas xeracións, sen disgregar por sexo, os datos mostran un grupo que en 2008 case alcanza o triplo que dez anos antes. Neste caso, as diferenzas de xénero non son tan evidentes, aumentando case na mesma medida os colectivos masculino e feminino.

En canto ás terceiras xeracións, súa existencia préndese coa chegada á idade adulta dos primeiros descendentes das segundas xeracións, nados con anterioridade á etapa de crise dos 90, que comezaron a constituír parellas e ter descendencia. A eles uníronse algúns/has dos xoves descendentes chegados na última década. Na década transcorrida o grupo multiplicou por 6´5 o seu tamaño, sendo previsíbel que este colectivo continúe medrando nos vindeiros anos, se se manteñen as pautas reproductivas existentes ate o momento.

Gráficos 9 e 10: Peso das xeracións. 1998/2008




Elaboración propia

Os dous gráficos comparativos do peso das xeracións nos anos en cuestión reflexan que se reforzou o peso das primeiras, o cal está relacionado coa aposta por puxar traballadores. O maior peso das primeiras xeracións en 2008 pode estar relacionado co feito de que os e as migrantes adultos chegados nos últimos anos do período en análise aínda non tiñan completado o reagrupamento familiar ou non tiñan familia á que reagrupar, debido á súa xuventude.

Nos dez anos de actividade da rede que abrangue esta análise combináronse chegadas de persoas das primeiras e segundas xeracións, ao alternárense os procesos de puxa de traballadores cos de reagrupamento de esposas e fillos menores. Os compoñentes das segundas xeracións estiveron presentes nos fluxos de chegada, excepto nun dos anos iniciais (2001), gañando peso cara a fin do período, segundo mostra o seguinte gráfico.

Gráfico 11. Compoñente xeracional das chegadas. 1998/2008.



Elaboración propia


Entre 2009 e 2011 continuaron a chegar moitos nenos e nenas acompañando as súas nais⁴⁰, xa que ao contrario do fluxo laboral, tanto masculino como feminino, que se freou por mor da crise, os procesos de reagrupamento continuaron vivos, producíndose unha entrada masiva de novos escolares nos centros educativos da zona.

5.2.2. ORIXES E NATURALIDADES

A transnacionalidade das migracións caboverdianas leva a que en toda comunidade desta orixe sexa frecuente atopar persoas nadas en diversos países, que, a pesar de en moitos casos nunca ter pisado o arquipélago, asumen a **identidade caboverdiana** (non necesariamente excluínste doutras)⁴¹. No caso que nos ocupa estes países de nacemento son fundamentalmente os de orixe e destino do fluxo migratorio, mais tamén o país que serviu de ponte entre ambos, moi presente como lugar de nacemento dos maiores das segundas xeracións, nados/as na década de 70.

Dun xeito pouco significativo en canto a cantidade, mais como un reflexo da historia colonial do arquipélago, fan parte da comunidade dalgunhas persoas naturais de São Tomé e Guiné, antigos destinos nas liñas do sur da emigración caboverdiana, especialmente da santiaguesa. Nos últimos anos produciuse un único caso de nacida noutro país importante para o fluxo badiu en Europa: Suíza, mostrando quizais a escasa atractividade de España como destino escollido a partir da migración inicial a outros países europeos, excepto no caso de Portugal.

Gráficos 12 e 13: País de nacemento toda a comunidade. 1998. 2008




Elaboración propia

⁴⁰ O datos de que dispoño relativos aos anos posteriores a 2008 (ate 2011), revelan unha intensa chegada de mulleres/esposas e crianzas neses tres anos, que contribuíu a equilibrar o peso de ambas xeracións.

⁴¹ Non se ten en conta neste caso a nacionalidade, senón a identificación coa caboverdianidade.

De acordo cos seguintes gráficos, abordando a evolución desta variábel na década de 2000 para o grupo tomado como un todo, é evidente que a compoñente natural do arquipélago pasou a ocupar un lugar de maior relevancia, superando as tres cuartas partes da comunidade en 2008. Compre lembrar que esta categoría inclúe tanto á totalidade dos membros das primeiras xeracións como da xeración cero e unha parte dos descendentes, que se mostra desagregada no seguinte gráfico.

Gráficos 14 e 15: País de nacemento das segundas xeracións. 1998. 2008.



Elaboración propia.

As segundas xeracións, as máis heteroxéneas respecto desta variábel, son naturais de tres países principais, entre os que Cabo Verde ocupa un lugar destacado en 2008, representando o 63%, ao contrario que en 1998, cando os nados no arquipélago supuñan tan só o 17% dos descendentes. Nesa altura, o colectivo nado en España (ao que nalquel momento se atribuíu nacionalidade caboverdiana) supoñía o grupo maioritario, supoñendo o 62% das segundas xeracións. Este último grupo mingou a súa importancia relativa ate o 26%, ficando nunha posición minoritaria como resultado da reactivación do fluxo. Os gráficos 14 e 15 espellan perfectamente esta situación, que deu unha verdadeira volta, a pesar de que continuaron a nacer crianzas en Burela.

Portugal aparece como unha orixe sempre presente para este grupo, aínda que de xeito cada vez máis minoritario. A pesar de que a porcentaxe aumentou lixeramente, debido a procesos de reemigración transnacional dende o país luso, perdeu peso no total, evidenciando o fin da importancia de Lisboa como lugar de paso obrigatorio.


Aínda que non dispoño de datos cuantitativos ao respecto, teño constancia de que a comunidade está formada por persoas de polo menos tres **nacionalidades**, sendo as primeiras e segundas xeracións as máis heteroxéneas a este respecto. Mentres que os membros das primeiras xeracións poden ser caboverdianos (por nacemento), portugueses (por conservar a nacionalidade na altura da

descolonización) ou españois (por residencia legal continuada), os membros das segundas poden ser caboverdianos, portugueses ou españois, tanto por nacemento como por residencia continuada. Na actualidade todos os nenos e nenas nados en España de proxenitores caboverdianos, das segundas ou terceiras xeracións, teñen nacionalidade española, após tela conseguido como resultado da intervención do Proxecto BogAvante.

Anteriormente aludíase ao forte carácter familiar e veciñal da rede migratoria en análise, cuxo foco se concentra nunhas determinadas poboacións do litoral leste da illa de Santiago, cuos habitantes manteñen estreitas relacións de parentesco e amizade, existindo un elevado número de matrimonios de persoas de diferentes localidades. A rede é tan tupida que algunhas das persoas que chegaron a Burela durante a década de 2000 poderían telo feito por dúas vías diferentes: a da familia consanguínea e a da familia política, como no caso de Sandra, anteriormente exposto.

Na activación da rede cada puxador apoiou a migración de persoas do seu ámbito familiar e de sociabilidade en Cabo Verde, normalmente restrinxido ao lugar de orixe, o que deu como resultado un reforzamento do peso de certas localidades de orixe no conxunto da comunidade. Así mesmo, a mobilidade interna das familias en Cabo Verde fixo que localidades que anteriormente non tiñan nativos neste fluxo aparecen por primeira vez, especialmente a capital do arquipélago, principal foco de atracción das migracións internas.

Gráficos 16 e 17. Concellos de orixe das familias caboverdianas 1998. 2008.



Elaboración propia.

Nos dez anos pasouse dun total de 37 grupos domésticos a 134, case o quádruplo, cunha procedencia moi maioritaria dos concellos de Santa Catarina, seguido de Ribeira Grande de Santiago e Tarrafal, que entre os tres supoñen máis das tres cuartas partes do total no fin do período. Estes territorios

municipais abarcan a totalidade da costa oeste da illa, con diversas localidades de pequeno tamaño cuxos habitantes manteñen estreitas relacións dende décadas atrás. A evolución en canto a este aspecto mostra unha extraordinaria concentración das cadeas migratorias nas localidades de orixe dos pioneiros, cunha clara primacía de Santa Catarina en canto territorio de orixe das familias residentes na Mariña.

No caso deste último concello, destacan claramente dúas localidades pesqueiras, Porto Rincão e Ribeira da Barca, que pasaron de catro a vinte e dúas familias no primeiro caso, e de tres a dezaseis no segundo, neses dez anos. A extraordinaria multiplicación dá conta da rapidez dos procesos e do dinamismo no establecemento das cadeas migratorias ancladas nas localidades de orixe.

Na orixe dos grupos domésticos residentes en Burela pódese constatar tamén o escaso peso das redes con orixe noutras illas, unha constante nunha comunidade que sempre mantivo unha fonda orixe no rural de Santiago. A pesar diso, dende o tempo dos pioneiros existiron algunhas familias e individuos doutras illas, que tamén aproveitaron a oportunidade da nova rede legal para promover a chegada de migrantes das súas familias e localidades, xurdindo novas subredes de sociabilidade.


5.2.3. GRUPOS DE IDADE E DIFERENZAS EN ORIXE

Os membros da xeración adulta que se foi asentando en Burela e arredores con anterioridade a 1998 naceron maioritariamente na década de 50 (o 59%). Un pequeno grupo deles tiña nacido nos terríbeis anos 40, que foron seguidos dun período de forte natalidade no arquipélago. No fin dos anos 50 erradicáronse oficialmente as mortes por fame, á par cun proceso de crecemento demográfico moi acelerado, que alimentou, dende finais dos anos 60, o fluxo da terceira fase da emigración caboverdiana (Carreira, 1983).

Xunto a estes, tamén compoñía o grupo de persoas adultas chegadas a Burela anteriormente a 1998 un grupo máis reducido (28%), composto por migrantes nados na década de 60. Por último existía un grupo moi pequeno de nados nos anos 70, que non chegaba a supor o 5% do conxunto.

Pola contra, en 2008 máis dun 80% dos membros da xeración adulta tiña nacido entre as décadas de 60 e 80. Máis da metade do colectivo adulto de 2008 tiña nacido nas décadas de 70 e 80. As persoas máis novas deste grupo das primeiras xeracións naceran en 1987. O colectivo de maior idade, hexemónico en 1998, que nese ano tiña ao redor de 55 a 60 anos, supón nos tempos recentes tan só o 16'6% das persoas das primeiras xeracións.

Gráficos 18 e 19. Décadas de nacemento das xeracións. 1998. 2008.



Elaboración propia.

No gráfico anterior, os picos de cada liña de idade representan o ano de nacemento da maior parte do colectivo migrante adulto, para cada un dos períodos en análise. Se comparamos as liñas de idade dos grupos antes e despois da renovación da comunidade, representada no gráfico anterior, compróbase a permanencia dun colectivo base formado por preto de corenta familias que permaneceron longo tempo na zona, resistindo a crise dos 90.

Baixo o vértice superior da liña de idade correspondente ao ano 1998, estaría a sociedade santiaguesa marcada polas recentes fames mortais e por un vertixinoso crecemento demográfico. Baixo o vértice da liña de idade dos adultos do ano 2008 estaría un Cabo Verde que acababa de conquistar a independencia, iniciando un período de construción nacional acompañado dunha profunda mudanza social. Estes diferentes contextos sociais dan pé á existencia de grandes diferenzas entre o *background* dos colectivos de migrantes adultos chegados nas diferentes vagas, das que se falará posteriormente.

Por outra banda, o colectivo de descendentes, formado en 2008 por 187 persoas, esténdese por unha franxa de idade que abrangue catro décadas, constituíndo tamén un grupo moi heteroxéneo respecto desta variábel, con varios grupos de idade no seu seo. Nese período é visíbel que o grupo máis numeroso é o constituído por rapaces e rapazas nados nos anos 90, a maior parte dos cales se atopa na adolescencia. Outro grupo numeroso é o dos mozos e mozas nados nos anos 80, que se atopan na vintena.

Os adolescentes⁴² constituían en 2008 un dos grupos cuxo perfil mudou considerabelmente coa renovación da comunidade. Unha das grandes diferenzas na experiencia de vida deste grupo nos

⁴² Consideramos adolescentes aos rapaces e rapazas dos 12 aos 18 anos de idade. No caso da comunidade en 1998, terían nacido entre 1980 e 1986. No caso de 2008, naceron entre 1990 e 1996.

anos en análise ten que ver co tamaño do mesmo. Mentres que en 1998 os adolescentes, que foran criados ao longo das décadas de 80 e 90, facían parte dun grupo que non pasaba dos 25 individuos, en 2008 o mesmo colectivo situábase perto dos 60. Se en 1998 a metade do grupo nacera en España, é só sete no arquipélago, en 2008 o 76% nacera en Cabo Verde (47).

Por último, o colectivo infantil (menor de 12 anos), duplicouse no período de referencia, pasando dun grupo de 24 nenos e nenas en 1998 a outro de 47 dez anos despois. Un terzo dos nenos e nenas do grupo máis recente (23), chegou de Cabo Verde en procesos de reagrupamento, once naceron en España, tres en Portugal e unha en Suíza.

5.2.4. NOVAS REDES E DINÁMICAS COMUNITARIAS. AS TENSÍONS ENTRE NOVAS E VELLAS

Ao longo da década de 2000 fóronse ampliando as **redes de sociabilidade e apoio** das mulleres máis vellas, coa inclusión das mulleres puxadas nas súas cadeas, principalmente sobriñas ou mulleres dos seus sobriños. Inicialmente, todas as mulleres puxadas iniciaron a rede de apoio coas súas parentes puxadoras, coas que conviviron nos tempos iniciais e con quen no xeral adoitan manter as relacións de proximidade e lealdade. Mais conforme foi avanzando a década, coa chegada de máis mulleres novas, fóronse establecendo novas redes entre estas últimas, que contaban con moitas afinidades anteriores ao proceso migratorio.

A procedencia concentrada dos novos e novas migrantes nunhas poucas localidades dunha zona determinada da illa de Santiago, fixo que mulleres que mantiñan relacións de amizade e proximidade en orixe se reencontraran en destino, retomando as súas relacións. Paulatinamente, o crecemento da comunidade deu lugar a unha multiplicación das redes intracomunitarias, nas que a localidade de orixe comezou a ser unha variábel relevante, constituíndose grupos de afinidade en base á localidade, a diferenza do caso das vellas migrantes. Con anterioridade á renovación da comunidade as relacións en rede eran máis abranxentes e estaban máis articuladas en base a outros factores, como as relacións de parentesco, a época de chegada ou a zona de asentamento en Burela ou nas localidades próximas.

No marco da construción de novas redes de sociabilidade en destino, foise evidenciando o choque entre os colectivos de vellas e novas residentes, aspecto que cristalizou na creación en 2006 dun novo grupo de *batuko* (*Batuko Rabentola*) e posteriormente (2009) dunha nova asociación co mesmo nome, integrada na súa maioría por mulleres da nova vaga, que foi acollendo algunhas das vellas que abandonaron o grupo *Batuko Tabanka*, por desacordo co seu funcionamento.

En ambas asociacións, *Tabanka* e *Rabentola*, que contan con cadanseu grupo de *batuko*, as xuntas directivas estan formadas exclusivamente por mulleres, nunha continuidade da representatividade feminina da comunidade. A rivalidade entre os dous grupos foi en aumento ate resultar imposíbel a unión que tiña caracterizado os tempos pasados á hora de resolver problemas comunitarios e organizar actividades.



Foto 35: Batuko Rabentola (2011)

A intervención municipal non fixo máis que agravar este confronto, ao alargar as relacións clientelares a ambas organizacións, sen traballar para ultrapasar os conflitos e rivalidades existentes entre elas, de xeito que ambas asociacións loitan entre si á hora de conseguir recursos (dádivas) da institución municipal. Xa fora do período en análise desta tese, as relacións entre ambos grupos son cada vez máis tensas e conflitivas, impedindo a atención aos desafíos que teñen xurdido na última década.

5.3. AS NOVAS BADÍAS

O que denominamos o colectivo das **novas** agrupa a sesenta e nove mulleres adultas, chegadas á costa de Lugo entre 1998 e 2008 por distintas vías e procesos, tanto de tipo legal como ilegal, incluíndo a reemigración dende outros lugares da xeografía española ou europea. A mulleres chegadas no marco da migración legal acadan en torno ao 90% dos casos, ficando moi reducida nesta etapa a migración irregular a través dos diversos métodos de *kontrolu*.

Ao longo dos dez anos en análise chegaron a Burela un total de 38 esposas, das cales só dúas non o fixeron pola vía do reagrupamento familiar. Mais non foron as únicas mulleres con “marido”, no sentido *badiu* da palabra, que chegaron a terras galegas, xa que outras trece, pertencentes a unións libres, máis ou menos estábeis, migraron, ben por métodos de *kontrolu* (7), ben como traballadoras (5). Todas as mulleres chegadas vía *kontrolu* facían parte dunha unión libre, agás unha casada, tendo viaxado case todas elas vía Portugal. Algunhas atopábanse no inicio dunha relación de parella, que formalizaron migrando a Burela para morar co compañeiro dende outras localidades e países do espazo transnacional.

Se se teñen en conta os colectivos de casadas e unidas libremente como unha unidade, debido a que en ambos casos a súa circunstancia como emigrantes está vinculada á súa relación cun varón, resta un pequeno grupo de dezaioito mulleres solteiras e sen compromiso de parella, que representan algo máis da cuarta parte das mulleres adultas chegadas no decenio (26%), inaugurando unha nova tendencia na comunidade.

5.3.1.O FLUXO LEGAL: ESPOSAS OU TRABALLADORAS

A pesar de que a primeira persoa que conseguiu migrar legalmente a través da nova rede foi unha muller, nos cinco anos seguintes predominou a chegada de homes con contratos para a pesca, que posteriormente comezaron a puxar as súas esposas e descendentes a través de reagrupamentos, especialmente a partir de 2003. No ámbito destes procesos, entre 1998 e 2008 pasaron pola capital senegalesa un mínimo de 37 mulleres esposas e 109 menores de dezaioito anos⁴³, xa que a maior

⁴³ A partir da maioría de idade non se recoñece o dereito de reagrupación dos descendentes.

parte dos homes chegados coa renovación do fluxo promoveu o reagrupamento nos anos seguintes á chegada, mediante os servizos do avogado.

Estas mulleres **esposas** teñen chegado tanto soas como na compañía das súas crianzas, sendo moi infrecuente a existencia de migrantes casadas sen fillos. O proceso de reagrupamento facíase dunha vez ou de xeito escalonado (en dúas ou mais chegadas), dependendo do número de persoas a reagrupar e dos medios económicos dispoñíbeis para elo. Fora eses aspectos, tamén entraba a “sorte” na tramitación dos correspondentes visados. Existiron varios casos nos que mulleres acompañadas de fillos e fillas menores pasaron meses e meses no “limbo” de Dakar, con altos custes, non só económicos, senón tamén dos sentimentos de estrés e ansiedade derivados do illamento social e da incerteza do proxecto migratorio.

A situación de dependencia legal das esposas respecto dos seus maridos, anteriormente comentada para o caso das migrantes de maior idade, foi superada en moitos casos con recurso aos servizos do facilitador, que continuaba a súa relación cos migrantes unha vez chegados ao destino, ofrecéndolles servizos propios dunha xestoría. Non era difícil conseguir que estas mulleres pasaran de non ter permiso de traballo a telo. Bastaba contar cunha oferta de traballo e a vontade do contratador de desprazarse a Lugo para tramitar a documentación. Unha vez feito isto, as mulleres pasaban a contar cun permiso de residencia e traballo independente, mellorando o seu estatuto legal. Esta mudanza legal xeralizouse a partir do Proxecto BogAvante.

Como se indicou anteriormente, unha vez que a rede foise consolidando, moitas mulleres, vinculadas en unións libres cos mariñeiros que tiñan chegado nos primeiros anos de 2000, casaron por poderes para poder ser chamadas por eles, para que as “mandasen buscar” por este tipo de procedemento. A oportunidade migratoria, para elas, pasaba polo matrimonio.

Xunto ás esposas, outro colectivo feminino chegou pola vía legal, as mulleres **traballadoras**, que supuxeron o 38% das que migraron a Burela pola canle oficial. O seu proceso migratorio tramitábase en base a nunha oferta de traballo. Merece destacarse que con anterioridade a 1998 ningunha muller adulta chegou a Burela baixo este tipo de fórmulas legais.

A situación legal destas mulleres era diferente á do grupo anterior, xa que contaban cun permiso de residencia e traballo independente, que era renovado por elas mesmas, sempre que estivesen en situación de alta na Seguridade Social e cun contrato de traballo en vigor. A dependencia que no caso anterior as mulleres tiñan respecto do marido trasladábase, neste caso, aos empregadores. Ningunha

destas mulleres estaba casada. Unha pequena parte delas pertencía a unións libres (5), sendo a maioría nais solteiras (18), sen marido ou compañeiro estábel.

Nos anos iniciais do período en análise non chegou ningunha muller traballadora por esta vía, agás a que inaugurou o fluxo. Segundo o facilitador, houbo que vencer certas resistencias da Delegación de Traballo en Lugo⁴⁴, para que as mulleres caboverdianas fosen consideradas traballadoras “adequadas” para o servizo doméstico, coidado de persoas e hostalaría, sectores feminizados nos que as ofertas eran normalmente cubertas por mulleres migrantes doutras nacionalidades.

A pesar de que o marco legal español nunca impediu a chegada de mulleres migrantes para determinados sectores, especialmente traballo doméstico e hostalaría, os xestores e funcionarios da provincia de Lugo, que debían dar o visto bo ás candidaturas ás ofertas de traballo, continuaban a considerar as mulleres caboverdianas unicamente como esposas e nais, como tiñan feito nos vinte anos anteriores.

En 2003 chegou a Burela un pequeno grupo de mulleres traballadoras a través de ofertas de traballo para o servizo doméstico. A maioría delas utilizou a posibilidade de migración legal a España e as ofertas de traballo en Burela para reunirse cos seus maridos en Portugal e outros lugares da xeografía española. No caso do país luso, aproveitaron o visado Schengen, que lles permitía permanecer no territorio, pero non traballar legalmente. Estas mulleres adoitaron facer fronte aos pagamentos da seguridade social en España para non perder a documentación, polo menos no período inicial, ate conseguir regularizárense en Portugal.

Nos anos iniciais existiu tamén un pequeno grupo de cinco mulleres unidas de feito, das que se falou con anterioridade, que aproveitaron a canle legal como traballadoras, a pesar de que o seu proxecto migratorio correspondíase cun reagrupamento da familia, que como xa se indicou realizábase nunhas condicións legais máis favorábeis que no caso das esposas.

A chegada de mulleres traballadoras non esposas nin unidas a un home concentrouse no período 2006/2008, ano no que fecharon os cupos de traballadoras. O feche abrupto destes por causa da crise trincou, nesa altura, a viaxe dun grupo de mulleres mozas que tiña estado a recibir unha formación previa na capital do arquipélago para titularse como profesionais do ramo da hostalaría, co fin de cumprir os requisitos para consecución do visado por parte da embaixada española en Praia, de recente abertura.

⁴⁴ Convén lembrar que as solicitudes para iniciar procesos migratorios de traballadoras tramitábanse no espazo provincial, a través das delegacións de traballo, que daban o visto bó á candidata a determinada oferta laboral.

5.3.1.1. DAKAR, ESPAZO DE TRÁNSITO. O CONTROL DAS MULLERES NO PROCESO MIGRATORIO

Na articulación da nova rede migratoria vía Dakar dende finais dos anos 90 houbo unha figura esencial, á que se aludiu anteriormente. **Lora** era unha muller badía na cincuentena, propietaria dunha pensión na cidade, na que habitualmente paraban *rabidantes* ou outras persoas caboverdianas que por diversos motivos se desprazaban á capital senegalesa.

A súa pensión converteuse nun nodo da rede Santiago – Burela no que os inmigrantes pasaban un tempo indeterminado á espera do visado. Ademais de aloxamento, Lora ofrecía aos e ás migrantes servizos de acompañamento a diversas institucións e servizos da cidade. As persoas eran chamadas a Dakar unha vez que o seu expediente se atopaba case listo, mais algunhas tiveron problemas co expediente, ficando alá moito máis tempo do previsto, chegando nuns poucos casos a demorar arredor dun ano. Tamén existiron casos nos que o expediente non se chegou a materializar, impedindo a migración, tanto masculina como feminina.

Nos primeiros anos de renovación do fluxo eran homes os que pasaban pola pensión de Lora, mais co tempo comezaron a chegar mulleres acompañadas dos seus fillos e fillas, que nalgúns datos constituíron a maioría das persoas aloxadas. As mulleres eran “mandadas buscar” polos maridos ou outros familiares, que trataban directamente coa propietaria do establecemento todos os asuntos relacionados coas estadias e as tramitacións de visado e viaxes a través dela. Ás mulleres cabía un papel pasivo, como se foran crianzas, obedecendo a quen tiña a información sobre os pasos a dar no seu percorrido migratorio.

A pensión tiña un patio central (quintal) e dúas plantas. As mulleres coas crianzas ficaban no piso superior, mentres que o baixo quedou destinado aos homes. Lora, segundo varios dos nosos e nosas informantes, mantivo unha preocupación constante en manter a **honorabilidade** da súa casa, na que partillaban espazo homes e mulleres. Seguindo os mandatos da honra e vergoña, exercía un férreo control sobre as mulleres que se atopaban alá aloxadas, a maioría das cales eran esposas ás que os seus maridos “mandaran chamar” dende España. Este control incluía o vestiario feminino, acostumando mandar ás mulleres vestir “apropiadamente” para baixar á planta principal, evitando prendas como minisaias ou camisolas escotadas, infrecuentes na sociedade senegalesa.

“Por exemplo, eu estaba alá, e non tiña dereito de baixar a escada para a planta baixa. Era só comezar a descer e dicíame que subira, ou entón que me arranxara, que me vestira para baixar, porque todas

as persoas que entran aquí deben obedecerme, porque, aquí, son eu a que manda ... non teño nada que dicir de Lora, para min é unha boa persoa⁴⁵". (M7)

Lora mantiña en moitos casos a estas mulleres nunha situación de reclusión no propio cuarto, que normalmente partillaban con outras mulleres e as súas crianzas, dispoñendo unicamente dunha varanda para poder ver o que pasaba fora da casa e airearse. As saídas das mulleres restrinxíanse ao estritamente necesario, como visitas á Embaixada ou a sacar diñeiro. Non acontecía o mesmo no caso dos homes, que a pesar de manter unhas certas normas de comportamento xeral, podían entrar e saír libremente.

"Non saímos nunca; saín unha vez, fomos a onde se saca diñeiro que nos mandaban de España, nada máis ... coa gana que tiña de saír para ir mercar algunha cousa de Dakar para traer, non saín⁴⁶". (M7)

O control ao que se sometía as mulleres no espazo de tránsito da migración de Cabo Verde a Burela é demostrativo da diferenciación dos papeis de xénero e das características morais asociadas a cada un, mostrando a vixencia dalgúns consideracións debedoras do esquema moral da honra e vergoña. As familias de orixe e destino das migrantes atribuíronlle a Lora o papel de control que no seu seo sería exercido polas figuras materna e paterna, como se explicou no terceiro capítulo deste traballo.

"Era como se pastorease. Que no lugar que hai homes e mulleres xuntos, mulleres e homes, que che vou contar!. É para estar sempre riba delas porque ela é a responsábel. Por exemplo, todos os homes que ían traer á súa muller, a quen chamaban era a Lora, que a súa esposa ía vir para a súa pensión. Entón Lora tiña que ser responsábel desas mulleres. Porque se pasara algo a culpa sería dela, xa que lle pagaban por iso. Que sempre tiña que estar riba das mulleres para que non saísen, porque sempre entre os homes e mulleres había "rollo", sempre houbo "rollos"⁴⁷". (M6)

Segundo unha informante, que partilla a idea de que as mulleres deben ser controladas, "*Deus paga Lora pa alguns omi mante mudjer*" (Deus pague a Lora, porque grazas a ela algún homes conservaron a súa muller). Polo tanto, a este control subxacía a idea da incontrolabilidade das mulleres, que podería levalas a cometer adulterio.

⁴⁵*Igual, a mi n sta la, n ka ten direito di dixi na eskada pa baxu (risas) so n dixi na eskada pa baxu e flam subi o e ta flam kompo, bisti bu dixi, pamodi tudu alguen ki entra li na nha disposison, pamo, li e mi ki ta manda .. nada ka tene pa fla di Maria, pa mi e bon alguen.*

⁴⁶*Na, ti hoji nu ka sai; sai un bes, nu bai undi ki saka dinheru ki bai di espanha, no mas .. ku gana di sai pan ba kumpra algun kuza di Dakar pan ben kuel, n ka ta sai (M7).*

⁴⁷*Sima e ta pastoria. Ma na kau ki sta omi ku mudjer djuntu ku kumpanheru, mudjer ku omi, n ka mesti ki flau. Sempri é pa sta riba del pamo el ki é responsabel. Demo, tudu kel omi ki ta ben, es ? ta txoma, ki ta txoma é Maria, ma si mudjer a ta ben pa si kasa. Enton Maria ki ta ten ki ta ser responsabel di kel mudjer. Pamo si pasa algo é mé ki ta poi falta, ma pamo ki e ta pagado por iso. Ma e ten ki sta sempri riba mudjer pa ka ta sai, pamo sempri mudjer ku omi me sta tinha "rolho", sempri ta tinha "rolho" ki ta staba la.*

“Porque unha muller honrada, porque xa sei de moitas que o home mandounas tomar para traela, entón se ela vía que as mulleres se comportaban mal, entón ela tiña que poñer orde na súa casa, porque se xa sabes que eres casada, tes que manterte fiel para chegar ate o teu marido, non podes ser infiel, por iso dicen que Lora non era boa, pero non, era boa... as mulleres van boas de brincar en Dakar⁴⁸”. (M7)

Este control non se limitaba ás mulleres casadas, senón que tamén se exercía sobre as solteiras de paso na pensión, dende esa óptica que caracteriza a súa sexualidade como perigosa, neste caso para os homes casados que se atopaban no lugar. Subxace aquí a idea de que o obxectivo principal das mulleres solteiras é arranxar un home que lles outorgue valor social. A pesar do control exercido, formáronse algunhas parellas ás escondidas, que nalgúns casos se consolidaron unha vez en Burela. Neste caso, trátase sempre de mulleres solteiras, con fillos. No caso dos homes, non sempre estes estaban sen parella.

“Entón esas mulleres que viven acó cos homes que é?. Veñen dende Dakar. Comezaron lá en Dakar. Moitas mulleres que están acó, dise que viñan dende Dakar, porque foron buscar home lá. Se se falaba niso era porque sempre foi así⁴⁹”. (M6)

En definitiva, o paso de mulleres migrantes a través de Dakar non supuxo, en ningún caso, a abertura de espazos de liberdade para estas, máis ben ao contrario, xa que o control, ao ser exercido nun contexto hostil e descoñecido, aumentaba a presión sobre elas, incluíndo un elemento de reclusión, inexistente na sociedade de orixe, onde as mulleres adoitan estar presentes decotío en espazos exteriores ao ámbito doméstico.

5.3.2. AS MIGRANTES NAS ROTAS DE KONTROLU

Durante a etapa de migración legal a través de Dakar o percorrido portugués continuou existindo de xeito marxinal. A partir dos anos 90, coa instauración do espazo *Schengen*, outros países europeos funcionaron tamén coma ponte cara Burela, aproveitando a libre circulación no interior da Unión Europea, onde tiñan familiares ou veciños que apoiaban aos migrantes irregulares no seu traxecto migratorio.

⁴⁸*Pq un mudjer honrada, pamo dja sabe ki muntis di home ma ta manda toma si mudjer pa ben kuel, nton si e ta odja ma mudjeres ta komporta mal, nton e tene ki ta poi order na si kasa, pamo si dja bu sabi ma bo é kasadu bu ten ki ta manti pa bu txiga na bu marido fiel, bu ka podi ser infiel, e kel li ki es ta fla ma Mjose ka bale, ma na, e bale ... mudjeres dentu Dakar es brinka bunitu.*

⁴⁹*Nton kes mudjer ku omi ki bibi li ku kumpanheru é kuze?. Es ben la di Dakar. É lá di Dakar ki es ta ben. Kantu mudjer ki sta li, ben é lá di Dakar ki ta fladu es ben, pamo es ba buska omi lá. Dja fladu pamo sempri ki era asi.*

Os métodos irregulares inclúen tanto reagrupamentos familiares encubertos, aos que se aludiu anteriormente, como a migración de mulleres en situación irregular dende outros países europeos ou dende outras localidades españolas, que chegaron a Burela grazas ao apoio dalgún familiar ou ás relacións de namoro transnacional con algún dos mariñeiros de Burela. As oito mulleres chegadas a través dos métodos de *kontrolu* eran solteiras unidas libremente con algún home de Burela, agás unha casada.

Unha destas mulleres traballou ilegalmente en Suíza varios anos, mentres tramitaba a documentación legal en España, nunha estratexia que combinaba a residencia legal nun destino pouco atractivo coa situación irregular noutra máis rendíbel.

Mununa, natural dun pequeno val do interior, migrou en 1998 de xeito irregular a Suíza, onde utilizaba un pasaporte portugués falso para permanecer no país, onde se instalou coa axuda duns parentes. En 2000 tivo coñecemento do proceso de regularización extraordinario que se abrira en España e contactou coa irmá dun antigo namorado, residente en Burela, a onde viaxou para tentar regularizarse. Despois de deixar a documentación entregada ás autoridades por medio do facilitador, regresou a Suíza, séndolle concedido o permiso de traballo, polo que tiña que vir anualmente a renovalo. Para iso estivo pagando unha cota á seguridade social como traballadora do servizo doméstico. Entre tanto, retomou a relación co exnamorado, que tiña migrado a Burela, e tivo unha filla del en Suíza. En 2005, Mununa decidiu vir a España despois de que as autoridades suizas descubrisen a existencia dunha rede de cidadáns caboverdianos con pasaportes portugueses falsos, o que lle fixo buscar un lugar máis seguro. En Burela atopou traballo como interna coidando a un ancián, que lle permitía estar acompañada da súa filla. Unha vez que o empregador morreu, conseguiu un piso no que vivir e un emprego na hostalaría, onde ten traballado en diversas empresas.

Nos casos de *kontrolu* existiron varios tipos de estratexias migratorias, tanto para homes como para mulleres. Por unha banda, a das persoas que conseguían un visado de turista ou para visitar a familiares; por outra, persoas que conseguiran visados para recibir tratamentos médicos, que acababan ficando, tentando regularizarse posteriormente; tamén algunhas persoas con visados especiais, con motivo da morte dalgún familiar próximo. Por último, existiron algúns casos de mulleres reemigradas dende outros puntos de España ou Europa.

5.3.3. AS MULHERES SEN HOME

A finais de 1998 había unha única muller sen home entre as caboverdianas residentes na Mariña, natural de São Vicente, que tiña chegado no ano 1996, despois de ter pasado por Lisboa e Madrid, torcendo a traxectoria típica das mulleres doutras illas diferentes de Santiago. Ao longo da historia da comunidade ten sido excepcional a chegada e presenza de mulleres non ligadas a un home (marido,

compañeiro, pai, tío). Coa renovación do fluxo e o paso do tempo, as “mulleres sen home” foron en aumento, chegando maioritariamente como traballadoras legais.

As 18 mulleres solteiras sen home chegadas a través de vías regulares e irregulares entre 1998-2008 supuxeron o 26% das novas migrantes caboverdianas. Estas mulleres, polo xeral, foron puxadas nos anos iniciais da rede por tíos/as e posteriormente por irmáns ou irmás chegados/as no principio da década. Polo tanto, as mulleres solteiras só chegaron despois de terse promovido a migración dos fillos e sobriños, no primeiro caso, e do reagrupamento familiar do puxador e outros irmáns varóns, no segundo.

A decisión de que as mulleres solteiras migraran, no caso das que o fixeron como traballadoras pola vía legal, nunca foi tomada por elas en exclusiva, senón que, segundo varias delas teñen explicado nas entrevistas, debeuse a unha serie de iniciativas doutros membros da súa familia ou grupo doméstico, tanto en Burela como en Cabo Verde, na maioría dos casos tras a emigración dos outros membros preferentes. Un factor poderoso nesta decisión foi a dispoñibilidade de vagas nos cupos en sectores de traballo fortemente feminizados, como a hostalaría e os servizos domésticos. Se ben nun primeiro momento foi promovida a migración de mulleres emparelladas, cuxos maridos se atopaban en Burela, a partir de 2006 foron maioritariamente sobriñas e irmás solteiras as que chegaron aproveitando as ofertas de traballo.

Se temos en conta unicamente este pequeno colectivo de mulleres sen home, a maioría (9) naceu na década de 70, estando na trintena no momento da chegada. Un grupo menor estaba formado por seis mulleres, nadas na década seguinte, tendo por tanto unha idade situada na vintena. O grupo máis reducido, formado por tan só tres mulleres, corresponde ás nadas na década de 60, por tanto, cunha idade maior aos corenta anos.

A inserción laboral deste grupo de traballadoras sen home tense dado preferentemente no sector servizos, destacando a hostalería, que ocupa a 16 delas, ás veces de xeito intermitente, polo que acostuman intercalar con empregos nas limpezas e no coidado de persoas dependentes. Dúas traballan nunha panadaría industrial que ocupa a varias mulleres caboverdianas.

O comportamento deste grupo ten sido bastante uniforme, unha vez transcorrido o período inicial de asentamento na nova sociedade, co apoio das respectivas familias, que alén de apoiar a súa vinda, déronlles acubillo nos seus fogares. A partir da saída ou emancipación das familias de acollemento, pódese diferenciar entre as estratexias seguidas por elas, sendo a idade unha variábel importante na organización das súas vidas no país de destino.

As integrantes do grupo das maiores, xunto con dúas nadas no inicio da década de 70, reagruparon aos fillos, constituíndo cinco fogares monoparentais encabezados por elas mesmas, mantendo nalgúns casos fillos e fillas en Cabo Verde. Todas estas mulleres traballan na hostalaría.

En canto ao grupo de menores de 40 anos, a maioría delas nais no país de orixe, todas, excepto as dúas que xa foron mencionadas, estableceron novas relacións de parella con algún dos homes da comunidade, tendo a grande maioría (12) fillos en España cos novos compañeiros. Só algunhas conseguiron reagrupar aos fillos que ficaran en Cabo Verde, sendo este un importante motivo de insatisfacción e preocupación para as que non o lograron. Unicamente unha das mulleres deste grupo axudou a vir ao namorado que deixara en Cabo Verde, coa axuda da familia de Burela. Tan só dúas destas mulleres emparelláronse sen ter fillos, sendo ambas procedentes de Praia. Ningunha das novas parellas, todas elas de tipo endogámico, formalizou a súa situación mediante un casamento, aínda que a maioría inscribiuse no rexistro municipal de parellas de feito, que serve como proba oficial da existencia da parella.

Polo tanto, só cinco das dezoito mulleres que chegaron a Burela sen home continuaron coa súa vida independente, sen formaren novas parellas, mantendo os seus propios fogares, constituíndo un grupo marxinal a nivel cuantitativo. Este grupo caracterízase por manter fortes vínculos económicos cos grupos domésticos en orixe, a semellanza das mulleres que fan parte de correntes feminizadas (Ehrenreich e Hochschild, 2002). A opción de emparellarse cun home e ser novamente nais foi seguida pola case totalidade das trece mulleres restantes, co que se atenuou a presenza de mulleres autónomas, non esposas, que por primeira vez na historia da comunidade tiña constituído un grupo significativo.

5.3.4. HISTORIAS DAS NOVAS BADÍAS: MULLERES COMPROMETIDAS E MULLERES AUTÓNOMAS

A seguir preséntanse relatos da vida de cinco mulleres chegadas coa nova vaga. As súas experiencias vitais son demostrativas da organización dos procesos migratorios no século XXI, que difire respecto da experimentada polas mulleres das vagas anteriores en que a súa migración foi realizada no marco da rede legal (agás nun caso). Tamén son demostrativas das súas vidas de nenas e mulleres no país de orixe, nunha sociedade suxeita a profundas mudanzas socioeconómicas, diferente á das mulleres pioneiras e da segunda vaga. A súa chegada e asentamento na terra de destino produciuse nun clima de protección e apoio nos primeiros tempos que contrasta co descoñecemento e aillamento no que as pioneiras organizaron as súas vidas nunha terra estraña.

A maior destas mulleres naceu en 1970 e a máis nova en 1986, polo que abranguen unha faixa etaria de case dúas décadas. Dúas delas están casadas, dúas viven en unións de feito iniciadas en Burela con rapaces da nova vaga e unha ficou solteira, reagrupando ao seu fillo, co que vive nun grupo doméstico monoparental. Só unha delas, a máis nova, aínda non ten fillos, mentres dúas xa son boas. Catro delas proveñen de localidades costeiras da costa oeste de Santiago e unha da capital. Todas elas traballan; só unha faino nun sector diferente da hostalaría.

5.3.4.1. MAGUÍ, UNHA ESPOSA REAGRUPADA

“A mi si n podo na eskola talbes oji n podia staba midjor kin sta”⁵⁰

Maguí naceu en 1973 nun pequeno porto pesqueiro. De pequena vivía coa súa nai, irmáns e irmás. O seu pai estaba emigrado en Portugal e, aínda que os visitaba con certa frecuencia, non estaba presente na vida cotiá. Grazas ás remesas, a vida da súa familia era bastante boa, en comparación coa pobreza xeralizada da súa localidade.

A pesar de contar co apoio económico regular do pai, Maguí lembra unha infancia de moito traballo, en diferentes labores. A súa nai, que viñera do interior, tiña terra cultivábel na súa zona de orixe, nas montañas do oeste da illa. Todos os anos, no tempo das *azáguas*, desprazábase xunto a outras

⁵⁰ *Se me houberan deixado ir á escola, se cadra hoxe estaría mellor do que estou.*

moitas persoas da súa localidade ás terras de cultivo entre os meses de xuño e outubro. Alá as persoas ficaban en casiñas de pedra cobertas de palla, perto dos campos. Espantaban os corvos, facían a monda e a remonda, arrincaban a flor do millo e, unha vez feita a colleita, transportaban na cabeza ate a costa sacos de millo, facendo varias carretadas dende as terras altas ate acabar. No mar a colleita carrexábase en botes para levala á súa localidade.

O resto do ano Maguí realizaba outros traballos, especialmente ir buscar auga no fondo da *rubera*, a bastante distancia da aldea, o que facía coas suas irmás e irmáns. De vez en cando as nenas ían lavar a roupa a ese mesmo lugar, o que demoraba moito porque ademais da camiñada, en moitos casos debían esperar a teren auga dispoñíbel, xa que nese lugar, o único con auga nas proximidades, dábanlle de beber aos animais que pastaban pola zona. Moitas veces sorprendíalles o fin do día chegando a casa. Tamén ía apañar leña, unha das actividades principis das mulleres e crianzas nesa altura.

“Lembro todo o que facíamos. Non era tanto por necesidade que eu ía traballar. Fun á leña na achada coa miña irmá. Tiña que traer sete brazadas de leña, todos os días. Íamos todas as mulleres para a “achada” logo cedo e carretábamos leña e leña ate que se nos facía tarde. Eu Maguí téñoche traballado de nena en toda a achada de Santa Sara carretando leña. Eu Maguí funche á leña carretando na cabeza e levándoa ate casa. Agora que xa estamos acó, todo o mundo esqueceu o que temos pasado, moita xente chega acó e esquece o pasado, mais eu dígoche que eu non cheguei a ter tanta necesidade, obrigada non che fun. Porque dende a miña infancia sempre houbo algo na casa. Eu ía se necesitaba comprar algo que non me deran na casa, ía á leña, para vendela e mercar o que necesitase⁵¹”.

Lembra que así foi a vida de todos os seus irmáns e irmás. A única que se librou do traballo infantil foi a *kodé*, criada nunha época na que as condicións de vida foran mellorando. Que Maguí lembre, a pequena foi moi pouco a apañar auga e á leña nunca foi.

Aos sete anos Maguí fixo a Primeira Comuñón. Despois asistiu á escola ate os doce anos, facendo a “primeira, segunda, terceira e cuarta clase”. A partir dese curso, había que continuar os estudos na Praia e, se xa eran poucos os rapaces que estudaban, era aínda máis difícil que unha nena o fixera, porque se dicía que “se deixas á tua filla ir á escola [a Praia], acabará por parir⁵²”. Só anos despois os rapaces e rapazas foron mandados estudar á capital. Maguí pensa que tiña bo xeito para a escola,

⁵¹*A mi n ta lembra tudu kin pasaba. É ka por tanto di nesesidadi, mas a mi n ta baba. A mi nu ta ba lenha na txada ku nha irmá, albes, ta ben ku seti par di lenha, tudu dia, na txada ta karrega lenha tudu ferpo ta bai di sedu, nu ta ben di tarde, ku tudu mudjer di Porto. A mi Magui n trabadjau desde mininu, tudu Santa Clara n karregau lenha;... a mi Magui n bau lenha la na kabesa n ta ben kuel lebau Porto. Dja nu kamba li, tudu algen dja olbida tudu kel ki nu pasaba... hai montonses ki dja txiga li, dja eskesi di pasado, ma a mi n fla, pronto, dja en termos di injuriadu, kon tanto falta no. Porque n lembra desde mininu n lembra n ta atxa algo na kasa, mi n ta baba porke meste kumpraba algo kin meste, kin ka ta dadu, n ta baba nha lenha, pan bendi, pan kumpra kel ki n necesita.*

⁵²*“Si bu poi mininu femia na eskola e ta pare”*

onde conseguiu pasar aos seus irmáns e outros nenos maiores. Só anos despois de deixar de estudar conseguiu o título de primaria (6ª clase) grazas aos programas de alfabetización.

Durante a segunda metade dos 80 Maguí continuou traballando apañando leña e tamén area, que comezara a ser explorada masivamente na súa zona para a venda a empresas de construción civil. En 1990 presentóuselle a oportunidade de traballar no *jardim*⁵³ da súa localidade, cando a súa irmá maior deixouna a cargo do seu emprego, ao emigrar a Burela seguindo ao seu marido.

Maguí comezou a namorar cun rapaz veciño aos dezasete anos. Víanse con moito coidado para que a súa nai non o soubese. Despois dun tempo, tivo un neno, que naceu morto. Cando ela tiña dezanove anos decidiron casar, no ano 1993. Maguí afirma que naquel tempo a xente “casaba moito, non como agora”. No casamento non houbo os rituais tradicionais de pedida, senón unha festa no día da cerimonia, xa que se trataba de veciños e xa tiveran descendencia. Unha vez casada, foi morar co seu home na casa da aboa deste, que o tiña criado desde pequeno. Coa aboa vivían tamén unha filla desta e varios netos, que se criaban coa anciá.

Pouco despois Maguí tivo xemelgos; un morreu unha semana despois e outro aos dous meses. O seguinte fillo, nacido en 1994, logrou sobrevivir, sendo o único que naceu na casa, coa axuda das parteiras da localidade, pois cando Maguí sentiu as dores de parto non había coche para ir a Praia. Despois tivo tres fillos máis, un rapaz en 1996, unha nena dous anos despois e finalmente en 2001 o *kodé*.

Ela estaba “parida de un ano e tal” cando xurdiu a oportunidade migratoria para o seu marido, que foi puxado polo pai e a irmá maior dela. Ao marchar el, Maguí e os nenos mudáronse a casa da súa nai. A aboa do marido xa morrera e outros familiares ficaron vivindo na súa casa. Maguí pensa que o feito de casar na mesma localidade permite ese tipo de movementos á casa orixinal sen levantar a crítica social.

O marido, unha vez chegado a Burela vía Dakar, foi vivir cos irmáns e primos de Maguí, chegados nos anos anteriores, que compartían piso co pai dela, que os fora puxando. Todos eles traballaban como mariñeiros na flota de altura de Burela, especialmente nas campañas de peixe espada conxelado.

Despois de catro anos o home “mandouna buscar” e Maguí migrou acompañada dos dous fillos menores. Chorou; deixaba dous fillos atrás a cargo da súa nai. Afirmo que nunca tiña pensado en emigrar en serio. Agora pensa que se non houbera casado tan nova probabelmente podería ter

⁵³Escola infantil, anterior ao ensino primario.

migrado antes a España, xa que seu pai e irmá maior residen en Burela dende o inicio dos anos 90. Migrou “porque tiña o marido *embarkado*⁵⁴, e listo”. Dous anos despois, en 2008, conseguiu reagrupar aos dous fillos maiores, aos que o seu marido foi buscar directamente a Praia.

Maguí permaneceu once días en Dakar, nunha estadía que lembra como insoportábel, porque non se podía saír, todo o tempo dentro da casa cos nenos, tendo que vestir de acordo coas normas de Lora, da que a pesar de todo garda un bo recordo. Neses días había moitos homes en tránsito, que levaban varios meses á espera de visado. Ela conseguiu meter o pasaporte máis rápido, pagando un extra. Conseguiu o visado e seguiu viaxe aquela mesma noite. Antes de vir a Burela pasou uns días coa súa irmá pequena en Zaragoza, de onde colleu un autobús a Lugo. Cando chegou a Burela o seu marido estaba no mar. Aínda demorou dous meses en chegar a casa. Ela instalouse na casa do seu pai a esperar.

Comezou a traballar dous meses despois de chegar a Burela, acompañando á súa irmá maior a facer limpeza en distintas casas e empresas. Conseguiuse legalizar como traballadora nunha pensión con bar-restaurante, no que leva traballando dende aquela, facendo as limpeza das habitacións e axudando na cociña. Tamén limpa na casa dos patróns. Afirma que se non houbera conseguido traballo, tería regresado á súa casa en Cabo Verde e retomado o seu antigo traballo.

5.3.4.2. TUKA, UNHA ESPOSA NO KONTROLU⁵⁵

Tuka naceu nunha localidade costeira de Santiago un ano antes da independencia de Cabo Verde (1974). Criouse coa súa nai, os abós paternos, un tío, e unha tía coa súa filla. O seu pai migrou a Lisboa cando ela tiña tres meses e só o coñeceu con dezanove anos. Seus pais “son” casados; a nai veu dunha aldea do interior.

Tuka foi á escola ate os doce anos. Os traballos que facía de pequena eran, sobre todo, ir apañar auga cos outros nenos e nenas a diario, e leña esporadicamente. Nunca traballou apañando area, o cal considera unha sorte, porque pensa que é un traballo moi duro e pouco valorado. Tuka traballou como peixeira dende que deixou a escola, seguindo os pasos da súa nai.

⁵⁴ En kriolu, *embarkado* significa “emigrado”.

⁵⁵ Tuka é a única esposa chegada a Burela que migrou por un método de kontrolu, vía Franza e Portugal.

Casou en 1987 cun rapaz da mesma localidade seis anos maior que ela, cando ela tiña trece anos, algo pouco frecuente. Non foi debido a ficar *debedu* nin a un embarazo. Comezou a namorar moi noviña de idade, pero moi crecida, como ela di “hecha y derecha”. Para poder casar tiveron que facer unha “trampa”, a través dunha parente que traballaba no Rexistro, polo que ela está rexistrada dúas veces, con diferentes idades. O caso de Tuka mostra como a pesar da mudanza de réxime e de marco legal no país, persistían fenómenos como o de “comprar a idade”.

Tuka non foi pedida como noiva. Considera que na *boka porto*⁵⁶ non é frecuente facer ese tipo de rituais. No seu casamento houbo os festexos de costume, mais non se fixo ningún tipo de ritual de virxindade. Ela só lembra vagamente un ritual deste tipo na súa localidade, sendo ela pequeniña, na que unha prima súa casou e o domingo pola maña “bailouse o pano”, mais non lembra en que consistía. Pensa que ese tipo de rituais son “unha tontería”.

Despois de casar foi vivir a casa da familia do seu home, na que cohabitaban o pai e a nai deste, a muller e fillo dun irmán do marido emigrado en Lisboa, dúas irmás e un *mininu di kriason*. Alá tivo o seu primeiro fillo en 1987. Tuka e o seu home permaneceron uns dous anos nesta casa, ate que se mudaron á da nai de Tuka cando esta emigrou a Lisboa. Tuka ten catro irmáns, que naceron en Portugal despois da migración da súa nai.

Despois de casada, Tuka continuou traballando como peixeira, acudindo diariamente ao mercado de Assomada. Tivo tres fillos máis, un neno nacido en 1993, e dúas nenas en 1990 e 1995.

En 2002 o seu marido foi puxado pola súa tía e madriña dende Burela. Despois de telo intentado sen suceso, unha vez vía Sal e outra vía Dakar, conseguiu migrar legalmente e comezou a traballar na pesca de altura, mentres vivía coa familia puxadora.

Tuka, que tamén quería migrar, seguiu por un dos métodos de *kontrolu*. En Novembro de 2002 conseguiu un visado de turista para Francia, polo que pagou unha elevada soma de diñeiro. Permaneceu alá uns poucos días, indo a reunirse coa súa nai en Lisboa. O seu home estaba embarcado no conxelado por tres meses. A familia de Tuka vive na Portela de Carnaxide (Oeiras), un barrio actualmente formado por edificios, despois dos planos de realoxamento dos anos 90 que acabaron coas barracas e casas de autoconstrución de antano.

En Lisboa, a nai de Tuka é unha das poucas peixeiras aínda en activo na zona de *Cais de Sodré*, cuxas vidas foron retratadas por Kesha Fikes (2000, 2006). A nai traballou como peixeira toda a súa vida,

⁵⁶ Denomínanse así as localidades pesqueiras.

tanto en Cabo Verde como en Portugal, a onde chegou a finais dos anos 80. Tuka, que permaneceu case un ano coa familia materna, traballou canda ela e a súa irmá nas rúas de Lisboa, onde aprendeu a gardarse da policía. Esta cautela ante as autoridades e a roupa de abrigo que debían levar baixo as roupas visíbeis constituían, segundo ela, os elementos diferenciadores entre o traballo de peixeira en Portugal e na súa terra natal.

Durante ese ano en Lisboa, Tuka viaxou a Burela un par de veces visitar o marido, aproveitando os descansos entre marea e marea. No inicio de 2004 instalouse definitivamente na localidade, regularizando rapidamente a súa situación grazas ao proceso de regularización extraordinaria dese ano. Conseguiu traer os seus catro fillos, dous a dous, primeiro os maiores e despois os pequenos, vía Dakar.

Considera que os primeiros anos en Burela foron moi bos, mais despois a vida foi mudando a peor, estando descontenta co seu home e sentindo falta de traballo. Tuka sempre traballou dende que chegou a Burela, en “de todo: na limpeza, nunha fábrica, nos restaurantes, en casas...⁵⁷”. Non se queixa de ningún traballo, a pesar de que é consciente de que os salarios son demasiado baixos. Afirmo que nunca saíu de ningún traballo por causa dos xefes, senón por problemas coas compañeiras. Anos atrás, a facilidade de conseguir traballos facía que se alguén se atopaba a desgusto nun posto de traballo, abandonábo e logo conseguía outro de semellantes características.

“Se eu soubera que Burela ía ficar así, tería un traballo estábel, porque tería ficado onde estaba, pero como a cousa era.. Tiña tanto traballo que ate conseguía arranxar para outras mulleres, que ían á miña casa preguntarme se sabía dalgún traballo, e non tardaba nin tres días en poñelas a traballar. Chamábanme moito, pero agora non hai traballo. Aqueles que eu coñecía, non teñen máis⁵⁸”.

Despois de traer aos seus fillos e fillas, Tuka axudou a vir a dúas persoas. Primeiro, en 2004, chegou o seu tío paterno, que conseguiu a oferta de traballo por medio doutro emigrante da localidade, mais que foi acollido pola familia dela durante o período inicial en Burela. O segundo, chegado en 2007, é o irmán dunha das súas mellores amigas da infancia, que lle pediu que axudase a seu irmán a migrar.

⁵⁷ *Na tudu kuza: na limpesa, na fábrica, na restaurante, na casa.*

⁵⁸ *A mi sin sabia ma kau ta fikaba asi, n ta tinha un trabadju estable, porke n ta fikaba undi ki n staba, ma kuza era... N tinha trabadju ki n ta daba algen, algen ta baba lana kasa ta flava: Tuka, a bo ka sabe dalgun trabadju? pa tres dia n ten ki tenel na trabadju. Algen txomaba mi, ma goci trabadju ka ten. A mi dja kel kin konche, dja ka ten.*

5.3.4.3. MARIAZINHA: VIVIR PENSANDO NOS FILLOS

Mariazinha é natural dunha vila costeira, onde naceu en 1976. Sempre residiu nela antes de migrar a Burela en 2008. Criouse coa súa nai e os seus cinco irmáns e irmás nun fogar monoparental, polo que considera que a súa nai foi ao mesmo tempo nai e pai. Medrou axudando á súa nai na venda de peixe e posteriormente, a partir dos trece anos, na apaña de area no mar. Pensa que o traballo na area é moi duro para unha muller, porque require moita forza ao traballarse dentro da auga, e con venda incerta. A pesar de que pode chegar a ser rendíbel, pensa que as mulleres non farían este traballo se houbera outros.

Os seus irmáns ían ao mar no bote dun veciño que axudou a crialos e a nai vendía o peixe en diversos lugares da illa, a pé e coa carga na cabeza. A nai adoeceu e a vida púxose moi difícil para o grupo doméstico. Mariazinha tivo que poñerse a traballar e acabou por deixar a escola con quince anos.

O pai de Mariazinha foi unha figura ausente que só coñeceu na adolescencia, cando ela comezou a namorar cun rapaz maior da mesma localidade e o seu pai foi queixarse á xustiza, rompendo o seu afastamento para cumprir o papel de garante da honorabilidade da súa filla. O pai de Mariazinha tiña outra muller coa que convivía e non mantiña relación coa familia desta, pero cando ouviu que a honra da súa filla era posta en cuestión, mediante rumores e comentarios, non dubidou en reclamar ante os tribunais, argumentando que a rapaza era menor de idade.

“O meu pai non me facía caso porque tiña outra muller, pero el é un home honrado, e non lle gusta que a súa familia estea manchada... por exemplo, manchado se o nome da súa familia fica no ar: Mariazinha está con tal fulano, así...”⁵⁹. (M7)

Mariazinha relata que pediu licenza ao tribunal para explicarlles que ela xa sabía que o rapaz era maior e que “o amor non ten idade”. Uns tempos despois mudáronse a unha casa de aluguer en busca de independencia, na que viviron dezaseis anos xuntos e tiveron dous fillos. El era militar e posteriormente fíxose policía. Todo estaba ben e ela era “unha muller feliz”, ate que “outra muller entrou no medio” e Mariazinha decidiu separarse do compañeiro por non aceptar a situación. Acababa de nacer o seu segundo fillo.

Entón regresou á casa da súa nai, na que vivían dúas das súas irmás, nais solteiras, e algúns dos seus fillos/as. Nese período traballou fora da súa localidade, coidando nenos e en casas particulares.

⁵⁹*Nha pai pamo e tinha oto mudjer, e ka ligaba mi ma ele é un home honrado, ki ka gosta pa si familia sta manchado, por exemplo manchado pa nomi di si familia fika si no ar, Mariazinha sta djunto ku flano, asi...*

Tamén adicouse a *rabidar* produtos que comparaba na Praia e vendía fóra. *Rabidar* foi o seu traballo preferido, porque era un diñeiro “limpo”, que podía gañar e controlar ela soa. Dí que o seu soño é ter un fondo para invertir e *rabidar*.

No principio da década de 2000, un dos seus irmáns emigrou a España no *kontrolu*, vía Holanda. Na casa quedaron a súa muller e dous fillos, aos que conseguiu reagrupar dous anos despois. Seguidamente puxou ao seguinte irmán, que embarcou en 2006, reagrupando á muller a filla ao ano seguinte. Foron quedando só mulleres na casa, que coidaron da nai, enferma, ate a súa morte, pouco antes de “embarcar” Mariazinha.

Ela sempre tiña pensado en saír de Cabo Verde, non tanto como emigrante senón de vacacións. Pensa que os seus irmáns, que promoveron a súa migración, escollérona a ela para axudarlle a emigrar, “tal vez porque era a máis nova”. Mariazinha chegou a Burela en 2008 e foi morar cun dos seus irmáns, a súa cuñada e sobriña. Estivo con eles durante un ano; despois mudouse cunha sobriña que tamén estaba soa en Burela.

Cando Mariazinha chegou a Madrid, vía Canarias, tivo un problema coa policía, que a retivo durante horas, desconfiando que traía droga no estómago, ate que se aclarou a situación. Pasou moito medo. Unha familiar caboverdiana recolleuna no aeroporto e acompañouna a coller o autobús a Santiago, unha viaxe que fixo “con fame, cansada, pensando nos meus fillos e na miña terra⁶⁰”. Alá recollérona os seus irmáns para levala a Burela.

O seu primeiro traballo foi nuns invernadoiros nun concello veciño a Burela, na empresa que lle ofrecera o contrato que posibilitou a súa migración. Entrábase ás nove da mañá e traballábase ate a unha; parábase a almorzar ate as dúas e media e voltábase ao traballo. A xornada remataba ás sete da tarde. Traballou nesa empresa durante seis meses xunto con outra compañeira caboverdiana. Gustáballe moito o traballo, pero desgustouse ao descubrir, a través dunha das compañeiros españolas, que as caboverdianas cobraban menos que as outras traballadoras. Dun salario de seiscentos euros, descontábanlles oitenta e cinco para pagar o seguro. Ela tiña que pagar cada día catro euros de autobús e aínda tiña que ir pagando mensualmente os servizos do avogado, que lles cobraba pouco a pouco. Ficou moi desgustada e pouco despois decidiu abandonar o emprego.

A seguir traballou nun restaurante nunha localidade próxima a Burela durante os meses de verán, como axudante de cociña. Tivo moitos problemas para renovar o permiso inicial, porque ela tiña asignado o sector das actividades agrícolas e só atopaba traballo en hostalaría. Solicitou permiso á

⁶⁰*ku fome ku kansera, ta pensa na nha fidju, ta pensa na nha terra*

delegación de traballo de Lugo para mudar de sector⁶¹, o que conseguiu, traballando durante algo máis dun ano nun hotel de Burela. Despois traballou nun restaurante e nun bar varios meses. Tamén coidou dun ancián durante dous meses, ate que este morreu. No momento de facer a entrevista, Mariazinha levaba seis meses no desemprego, tendo entregado moitos currículos en diversos lugares. Nese momento dependía do seu compañeiro, un mariñeiro caboverdiano da nova vaga co que se xuntou en Burela, e esa situación facíalle sentir moita preocupación e vulnerabilidade, tanto pola dependencia dela cara o compañeiro como da dependencia que a comunidade caboverdiana ten do sector pesqueiro.

“Nós vimos para traballar, se non tes quen te axude vai mal; imaxínate quen non tes ninguén, e estás sen traballo. Só lle pido a Deus para que non se seque ese mar, porque se seca será peor, porque se non é polo mar non conseguimos saír adiante, nin poderíamos comer nin facer nada. Porque nós, as mulleres que non temos traballo, dependemos dos homes que viven do mar, porque se non fora polos homes que traballan no mar xa teríamos regresado á nosa terra, porque as cousas están feas neste sitio⁶²”.

Do mesmo xeito que Tuka, Mariazinha pensa que Burela “estragouse”, a comparación de cando chegou, que “saías dun traballo e chamábante logo para outro”. A súa maior preocupación é conseguir traer aos seus dous fillos, que ficaron en Cabo Verde, algo que, por estar sen traballo no momento da entrevista, parecíalle imposíbel.

“Os fillos están coa aboa, a nai do seu pai, e por iso teño que atopar traballo, porque ela está vella, doente, e dáme moito medo e estou preocupada por traer aos meus fillos, porque se Deus se leva a esa muller, os meus fillos ficarán sós. É o que me ten máis preocupada, porque sempre que a chamo por teléfono dime: “Mariazinha, loita para levarte aos teus fillos de aquí, porque non sei se durarei moito”. Estou moi preocupada por iso. As veces séntome a pensar, ou saio a andar, ás veces alguén pregúntame que teño, pero non poido explicar o meu problema a ninguén, porque non dá para explicar, porque o que quero é que os meus fillos estean ao meu pé... Non me sinto culpábel porque sei que os meus fillos están en boas mans, pero pídlle a Deus que me dea traballo porque eu, con ter traballo, sei que a persoa que está comigo hame axudar a traelos. Agora non teño traballo e non vou traer os meus fillos para sufrir, teño que ter o meu traballo, a miña responsabilidade, se o meu fillo me pide unha cousa,

⁶¹ Durante o ano de vixencia do permiso de traballo inicial, os e as traballadores estranxeiros poden traballar unicamente no sector e no ámbito xeográfico no que lles foi concedido este permiso. Para mudar de sector durante o período inicial é necesario solicitar unha autorización á autoridade concesora de dito permiso, sempre tendo en conta a situación nacional de emprego (Solanes, 2010).

⁶² *Nu ben pa nu ben trabadja, se bu ka tene algén ki ta djudau kuza ka sta da; imagina kenha ki ka tene ningén, se sta sen trabadju. N sta pidi Deus so pa ka seka es ,ar li, pamodi si e ta seka kuzas sta bira mas pior, pamodi si ka era mar, nu ka sta sai pa frenti, nen pa nu kumi pa nu fasi algo. Pamodi nos mudjeres nu sta depende di omi ki bibi na mar, pamodi si ka era omi ki ta trabadja na mar, dja nu tinha badu nos terra, pamodi kuzas sta feio nes kau li.*

darlla, porque son uns fillos aos que criei sen problema, e teño que traelos acó para que se crien sen problema⁶³”.

Mariazinha espera ansiosamente conseguir un traballo, non só para traer aos fillos de Cabo Verde, senón tamén para poder dar un fillo ao seu novo compañeiro, proba de que a maternidade continua sendo algo primordial nas relacións entre home e muller.

“Inda penso ter algún fillo máis, porque non teño fillos co home co que estou, teño que voltar ter porque os fillos crean amizade... mais esperarei a que Deus me dea traballo primeiro⁶⁴”.

Despois de varios anos en Burela, pensa que o seu proxecto migratorio non saíu como ela pensaba, que a emigración non é tan fácil e que o que lle queda é traballar e loitar para traer aos fillos de Cabo Verde e facerse unha vida boa.

“A miña idea era vir para traballar e despois ir á miña terra cada ano, e levo tres anos sen ir á miña terra... vin contenta e aínda estou contenta, o que quero é atopar traballo, para traballar, porque agora xa estou acó, e mandar buscar aos meus dous fillos, porque xa que estás acó, nunha terra que non é a túa... xa estás acó, sen remedio, así que hai que loitar, para orientarse na vida e loitar, conseguir traballo, para que todo o mundo saia adiante na vida....⁶⁵”.

5.3.4.4. FRANCISCA. XERINDO UN FOGAR MONOPARENTAL.

“Nha maridu é nha trabadju⁶⁶”

Francisca naceu en 1970 nunha aldea costeira. Criouse nun lar monoparental extenso coa súa nai, a avoa materna, unha irmá máis nova e un irmán. A súa nai era rapariga dun home casado que vivía

⁶³ *Abuela, mai di mos, e por iso kin ten gana atxa trabadju pamo e sta bedju, tudora e sta enfermo, kel li kin ten mas medo, kin sta priokupadu, pan traze nha fidju, pamo manha n ka sabe e modi, pamo goci li se deus toman kel bedju la, nha fidju dja ta fika desarriadu, mas ki tenem priokupadu é pamodi kel li, pamo tudu bes kin txomal na telefone e flam: Mariazinha, luta pa bu tra bu fidju di li pamo mi n ka sabe sin ta dura, kel li ki tenem priokupadu, al bes n ta xinta, n ta pensa, n ta sai ta anda, al bes alguen pruguntam kuze bu tene? Man ka podi esplika ninguen nha poblema pamo ka da pan explika, pamo n ta kre pa nha fidju sta djuntu ku mi [culpado?] a mi n ka ta xinti kulpadu pamo n sabi nha fidju sta na bon mon, man ta pidi deus pan dam trabadju, pamo min so sin tene trabadju n sabe ma kel alguen ki sta ku mi ma ta djudan trazel, so kin ka ten trabadju n ka podi tampoko traze nha fidju pa ben sufri, n ten ki ta teni nha trabadju, nha responsabilidade, si nha fidju pedin kel li, pan dal kel li, pamo é uns fidju kin kria sem prublema na bida, nton pan trazas pali pa es kria sen prublema.*

⁶⁴ *Ma inda n ta poi ta torna ten, pamo ke algen kin sta djuntu ku el, nu ka ten, n ten ki ta torna ten pamo fidju ta kria amisadi ... ta spera Deus ta dam trabadju prumeru.*

⁶⁵ *Nha xintimentu e pan ben pan trabadjaba pa dipos baba nha terra tudu anu, ago, n ten tres anu n ka bai nha terra .. ben kontente ti inda n sta kontente, n kre pan atxa trabadju, pan trabadja, pamo goci djan sta li, pan manda buska nha dos fidju, pamo basta dja bu sta na terra ki e ka di bo, e cima di bo, ne?, dja sta li bu ka ten nada face, goci e pa luta, pa bu orienta bu luta, pa abri trabadju, pa tudu alguen subsai na vida.*

⁶⁶ *O meu marido é o meu traballo.*

coa súa familia lexítima na veciñanza. Francisca ten once irmáns e irmás polo lado do pai coa súa esposa.

Na casa da súa aboa materna criáronse varios netos e netas, descendentes dun dos fillos que emigrou a São Tomé, a onde tiñan migrado antes varios dos irmáns da aboa de Francisca, que conseguiu ficar na aldea. Cando Francisca era unha rapaciña, a muller do seu tío, vinda do interior, deixaba os fillos de curta idade na casa da familia do home cando ía traballar apañando leña ou vendendo peixe. Acabaron por ser criados na casa ate o fin da infancia. O grupo doméstico de Francisca sempre acolleu con alegría os pequenos, xa que non gustaban de estar sen crianzas na casa.

Durante a súa infancia Francisca non asistiu á escola. Na súa aldea moitas nenas ficaron sen aprender a ler nin a escribir naquel tempo. De pequena, ás veces tomaba conta da súa avó, que estaba paralítica, cando a nai ía traballar. Tamén ía apañar leña, ás veces coa irmá e outras coas veciñas, sobre todo nos tempos de seca. Nalgunhas ocasións pasaban días fora de casa ate xuntar unha cantidade suficiente para vender.

O traballo das nenas consistía en axudarlle ás nais. Ela axudáballe á súa, que era peixeira. O pai tiña un bote e unha rede e, aínda que eran dúas familias a partillar, tiñan “de todo”. Na localidade había coche só dúas veces por semana, así que as mulleres estaban afeitas a camiñar os dezasete quilómetros que separan a súa aldea da capital comercial do centro da illa para ir vender o peixe.

“Cando tiña sete ou oito anos andaba sempre atrás da miña nai, ía detrás dela a Assomada a vender peixe... cando me fun facendo maior, sempre acompañaba á miña nai, sempre ía detrás dela. Cando morreu a aboa [1976], a miña nai deixoume na casa⁶⁷”.

A súa nai traballou tamén na construción dunha estrada do interior, que foi feita polas mulleres da zona coas súas mans. Tamén facían os *paralelos* (adoquíns) de pedra que se utilizaron noutras estradas da illa, como a de Assomada a Tarrafal.

Cando medrou, Francisca dedicouse sobre todo á venda de peixe, seguindo a tradición familiar. No tempo da sementeira e das mondas, combinaba a venda cos traballos agrícolas.

Comezou a namorar tarde, aos vinte anos, cun rapaz doutra zona. Dous anos despois de iniciar o namoro, el quixo “tirala de casa”, ao que ela se negou. Afirmo que se el llo tivera pedido antes, igual houbera ido. Considera que o “serviu ben” (*sirbil dretu*), pero que preferiu ficar na súa casa, onde

⁶⁷ *Ku idade di seti u oito anu n ta andaba tras di nha mai, ta binha Somada bendi peixe tras di nha mai... kandu kin labanta, sempri ta akumpanhaba nha mai, sempri ta baba si tras. Dja kandu ki Djadjá more (1976), nha mai dixan na kasa.*

sempre viviu coa súa nai, porque pensa que “é melhor ficar coa nai que estar a expensas do marido e os seus vaivéns”. De vez en cando ía a casa da familia do home, co que tivo un fillo en 1991, pero sempre regresaba despois de pasar uns días alá. Mantén ate hoxe unha boa relación co pai do fillo e coa súa familia, especialmente coa súa cuñada, que se converteu na súa comadre e amiga. A cuñada é *rabidante*. Moitas veces deixáballe a Francisca roupa para vender no seu pobo ou no mercado de Assomada. Animouna a que se unise a ela para *rabidar*, pero Francisca considerou que non tiña capital suficiente para investir e que, como sempre ía depender da comadre, as cousas poderían acabar mal. Preferiu ficar como estaba.

Afirma que antes de nacer o seu fillo tiña certa ilusión por emigrar, pero a súa nai non quería e tampouco ninguén lle axudou. Tiña moitas amigas das aldeas do interior que migraron a diversos países europeos a través dos métodos de *kontrolu*, e foron facendo unha “boa vida”, a base de traballar. Cando tivo o seu fillo deixou de pensar na emigración, porque, como hai moitas persoas que emigran e despois pasan moitos anos sen regresar, pensaba que iso a separaría demasiado tempo del.

Antes de migrar, traballou na reforestación (FAIMO). Este último traballo permitiulle aforrar para tellar a casa, poucas semanas antes de partir. Tamén cos seus aforros fora construíndo un pequeno quiosco ao pé da súa casa, que abriu poucos meses antes de migrar. Actualmente o negocio é xestionado pola súa irmá e sobriños.

En 2000 e 2003 migraron dúas das súas irmás polo lado do pai. A primeira delas, a Lisboa, a segunda a Burela. Entre ambas foron axudando a diferentes familiares, entre os que se atopa Francisca, que chegou a Burela en 2007. Anos antes, a irmá de Portugal pediulle que fora facer o pasaporte para “poñer no *kontrolu*” a través dunha muller que estaba en Assomada, mais ela acabou por desistir, porque “non quería deixar a miña nai co meu fillo para vir”.

O pai do seu fillo, que estaba en Portugal, pediulle en 2005 para traer ao rapaz canda el. Ela ao principio non quería, porque preocupáballe que non tivera quen o coidase. O home explicoulle que vivía rodeado de familia que podería coidar do fillo adolescente axeitadamente. Finalmente, deixouno vir, con dor do seu corazón. O home tentou axudarlle a ela tamén a vir polo método do *kontrolu*, pero ela negouse. Aínda así, algo mudou coa migración do seu fillo e a negativa de Francisca a emigrar foise “abrandando”, mais non lle convencía o de vir a Portugal de xeito irregular.

Entón, en 2007, a súa irmá que estaba en Burela chamouna para que lle enviase unha copia do pasaporte, para tentar traela legalmente. Francisca aceptou, pensando que tendo residencia legal en

España podería co tempo traer ao seu fillo canda ela, dende Portugal. Antes de ir a Dakar mandoulle recado, a través do fillo, ao pai deste, para que soubera que finalmente tiña decidido migrar a España. El mandoulle algún diñeiro para axudala na viaxe.

Antes de migrar, Francisca tíñase unido a unha asociación pro-desenvolvemento na súa localidade, na que exercía de tesoureira, xunto con outras 25 persoas. A través dela conseguiu un microcrédito de 30.000 escudos, que chegou nas portas da viaxe, e utilizouno para ese fin.

Pasou os últimos días antes de vir a Dakar pelexando coas institucións caboverdianas para obter o permiso para construír un muro pola parte de atrás da súa casa, co fin de evitar que entrara a auga cando había choivas, e a licenza para o quiosco, que tiñan aberto sen ela. Conseguiuno no último minuto. Despediuse das persoas máis achegadas, sen a seguridade de que o seu proxecto migratorio sairía adiante. Apresuradamente, foi a Praia reunirse coa súa comadre, no mercado de *Sukupira*, que a levou ao aeroporto. Nin tempo lle deu de ir despedirse da familia do home na súa zona.

Cando Francisca chegou a Dakar, no aeroporto esperábana persoas da pensión de Lora. Ela tiña a idea de regresar a Cabo Verde para despedirse unha vez conseguido o visado, mais acabou por viaxar dunha vez a España. Tivo sorte e ficou tan só quince días na capital senegalesa, onde fixo varias saídas ás embaixadas caboverdiana e española, ate que a avisaron de que o visado xa estaba listo. Foi gastando o diñeiro que tiña, para afrontar os pagos de documentos nas embaixadas, os taxis, as taxas do visado, a pensión, de xeito que cando por fin tivo o visado, non lle quedaba case nada. Entón chamou á súa tía de Burela para que a axudase. Chegou a España vía Madrid e foi pasar os primeiros días xunto dunha irmá a Zaragoza. Despois instalouse en Burela.

“Burela gustoume, Burela parécese a Cabo Verde. É un sitio pequeno, como no que vivimos, no que ves a toda a xente coñecida, non como nunha cidade grande, que non ves a ninguén. Aquí, cando chegas, adáptaste máis fácil, porque te atopas con todo o mundo. Se é noutro lugar, non te acostumas ti soa, nun lugar grande, que non te atopas con ninguén. Acó en Burela saes e ves aos pretos pola rúa, pero nun sitio grande non te adaptas⁶⁸”.

Cando chegou, a empresa que lle ofertara o emprego para migrar xa tiña contratado a outra muller, porque o seu proceso tiña demorado case un ano. Foi aprendendo a traballar coa irmá, á que ás veces acompañaba como axudante. Despois traballou en dous establecementos de Burela. O primeiro é un restaurante polo que teñen pasado moitas mulleres caboverdianas, especialmente

⁶⁸ *Burela n atxa ben, Burela ta parce ku Kauberdi. É un zona pikinoti, cima undi ki nu ta bibi, ki bu ta odja tudu algen, demo, konhesidu, ka cima na cidade grandi, ki bu ka ta odja algen. Dja li oku ben bu ta kuza mas fachi, bu ta tatxa tudu algen. Dja se e na oto lugar bu ka ta konforta, dja bo só ki sta na kau si, bu ka ta odja ningen. Li na Burela bu ta sai ta odja pretu ta anda, ma si é na oto kau bu ka sta konfortadu.*

recén chegadas, que, en canto poden, mudan de emprego, polas malas condicións de traballo. Aguantou unha semana: afirma que non tiñan paciencia para ensinarlle, non respectaban os tempos de descanso e acababa por pasar o día enteiro alá.

Custoulle moito comezar a traballar seguido, porque foron aparecendo algunhas ofertas en sectores diferentes ao que lle concederan no permiso de traballo (hostalaría). Traballou un tempinho coidando a unha anciá, en Cangas, pero tivo que deixalo porque ao non corresponder co seu sector, non podían dala de alta. Chegou a perder un emprego que ela considera moi bo, despois dunha semana de traballo como interna dunha familia de clase alta en Coruña, por causa da incapacidade de mudar de sector. Regresou a Burela e foi traballar nun bar que non a chegou a asegurar. Finalmente, conseguiu traballo nun restaurante da localidade, no que leva case catro anos.

Durante os tempos iniciais Francisca morou coa súa irmá e familia, ate que conseguiu traer ao seu fillo. Lembra ese tempo inicial con negatividade pola falta de autonomía persoal, nunha etapa inicial na que parece ter asumido que está ligada ao sufrimento.

“Cando chegas, tes que pasar un tempo apurada, ate que chegas a ter a túa propia casa. Porque tes que vivir con alguén e non é o mesmo que estar na túa casa. Non estás libre como na túa casa. Tes que pasalo mal...⁶⁹”.

Esa falta de liberdade inicial non se dá, dende o seu punto de vista, unicamente a nivel espacial, senón tamén nas relacións coas outras persoas caboverdianas, moitas delas descoñecidas, que son mediatizadas polas familias puxadoras e a súa relación previa cos outros membros da comunidade.

“E teñen que xuntarse e falar dos novos: fulano xa veu, déuselle consello e non fai caso... cando chegas ao principio non podes falar con calquera, porque as que levan tempo dinche: esa é cotilla, aquela, fulano, é isto, máis iso e aquilo⁷⁰”.

Unha vez chegado o seu fillo, Francisca alugou a súa propia casa, na que ambos viven hai uns anos. Tiveron que esperar uns tempos para legalizar a situación do rapaz, que actualmente non estuda nin traballa.

Francisca fai parte do grupo de mulleres que migraron sen ser esposas ou compañeiras, sendo unha das poucas que non se emparellou unha vez en destino. A pesar de que existen presións por parte da

⁶⁹ *Ma dja bu entra, dja bu ten ki ta pasa un vida apuradu, ti ki bu txiga dia ki bu sta dono di bu kasa. Pamo sempri, bu ta mora ku algen é ka cima bu ta mora na bu kasa. Bu ka libri coma bu sta na bu kasa. Pronto. Ten ki pasa mal mas ki mi...*

⁷⁰ *Ten ki ta djunta ta fasi kel rolho. Flano dje ben, fladu kuza e ka ta obi ... oki bu txiga li bu ka podi papia ku tudu algen, pamo kel li é papiadera, kel oto, flano é kel li, ku kel li ku kel la, é ka si.*

comunidade, ela ten claro que está satisfeita coa súa vida e a súa independencia, que perdería se vivise cun home.

“A min, éntrame por un ouvido e sáeme por outro, dáme igual. Xa me coñecen e saben quen son. Se quero buscar [marido], xa o buscarei eu soa. Podemos estar nunha brincadeira as amigas e dicir isto e aquilo, pódennme dicir, busca marido, isto e aquilo. Moitas dinmo mesmo, pero a min non me interesa, que a min alguén non me pode xulgar, porque se alguén me sustentara, comeríame a moral. Teño que desenvolverme por min mesma, non vai ser alguén que me vai desenvolver. Se non dependes de ninguén, fas o que che da a gana. Se dependes de alguén, tes que facer o que che mande. Pero se dependes mesmo de ti, e alguén fai tonterías, dache igual. Para min é así. Porque se dependes de alguén tes que facerlle caso ao que che diga. Pero se te defendes ti soa con cabeza, que onde queira que vas, levas a cabeza ben alta, e non hai quen faga tonterías que se vaia meter na tua cabeza. Pero, se ti loitas pola tua vida, que Deus sabe o que ti loitas, non haberá quen che poña a facer o que non queres facer. Eu fago o que sexa, cando eu quero, cando me dá a gana. Se alguén me sustenta, e xa se desviviou por min, pode poñerme a facer algo que sexa mellor, porque fulano xa se preocupou por min, dáme, búscase a vida para darme algo. Pero como eu non vivo así, entón ninguén ten nada que dicirme. É mellor así⁷¹”.

A pesar de que Francisca non mantén lazos de dependencia con ningún home, a forte ligazón co seu fogar de orixe conleva unha serie de obrigas e responsabilidades para co grupo doméstico que lle impide unha autonomía na organización da súa propia vida, a pesar de constituír, dende o seu punto de vista, un dos modelos familiares máis favorábeis ás mulleres.

“[Nas familias monoparentais]... a muller fica máis protexida, mais tamén non fica ben. Queres estar na túa propia casa, para ter as túas cousas... porque se ficas na casa da túa familia, se tes unha cousa non podes deixar a túa familia con falta dela. Pero se tes a túa casa estás na túa casa, inda se lles das, se tes para darlles, mas se estás na mesma casa coa familia... Eu traballo para eles, traballo para a casa, porque onde consiga diñeiro, é para por na casa para comer, pero se fora na miña propia casa non sería así⁷²”.

⁷¹ *Kel la é cima un konbersu ki ta pasa na bentu, a mi kel la dan igual, ... dja es konchen, dja es sabe a mi e kenha. Sin kre buska, n ta buska di mi pa mi, nu podi sta nun brinkadera, na meio di kolega, ku kel li ku kel la, podi fla: buska maridu, ku kel li ku kel la, muito ta flau propi, ma a mi kel la ka ta interesam, ma mi algen ka ta julgan, pamo si algen ta sustentan e ta konsumin nha memoria... N ten ki ta desenbolbe nha kabesa, é ka algen ki ta desenbolben el, nton, bo ka ta depende di algen, bo ta fase kel ki dau na gana. Si bu depende di algen, bu ta fase kuza ki e ta flau. Ma si bo ta depende di mesmu bo, algen fase ses tontaria, dan igual, pa mi. Pa mi é asi. ... Pamodi se bo bu dipende di algen bu ta akudi kuza ki kel algen ta fla. Mas a bo, defendi, mesmu ku kabesa, ki undi ki bu bai, bu ten ki bai ku bu rostu alto, ka ten algen pa face tontaria pa kamba na bu cerebro. Ma, a bo si bo ta djuguta bu vida, ki Dios ki sabi mo ki bo bu ta djuguta, ka ten pq de algen ben pou nun kuza ki bo bu ka kre ... Mi n ta faci kuza la, **oki mi n kre**, oki dan la gana kin ta fasi, si bu ta dan, ki bu sustentan, ki dja bu kansa ku mi mé, bu ten ki ta pon nun kuza ki ten ki ta da midjor, pamo fulano dja kansa ku mi, mi n teni ki buska manera pa nu sta midjor pamo dja e kansa ku mi, e sa ta dam, e ten ki buska un kuza pa e dam. Ma a mi n ka ta bibi di kel la, nton mi algen ka ten nada, é midjor.*

⁷² *Muder ta fika mas protegido ma tb ka fika ben, bu kre sta na bu particular, pa bu adquiri un di bo, ... pamo se bu fika na kasa di bu familia, a bo si bu tene un kuza a bo bu ka pode dexa familia ku falta, ma bu kasa bu sta na bu kasa, inda se bo bu ta da, ora ku ben pa bu odja, si bu teni pa bu da, ma si bu sta dentu kasa ku familia, cima ... mi n trabadja pa kel la, n trabadja pa kel la, pamodi undi kin ta atxa dinheru, é pa poi na kasa pa un kumi, ma se é na nha kasa é ka si.*

O caso de Francisca corrobora a idea da responsabilidade das mulleres migrantes cara os seus grupos domésticos de orixe. No seu caso, cun único fillo, o seu grupo doméstico na sociedade de destino continúa profundamente vinculado ao fogar materno, co que Francisca articula a súa vida económica, téndose convertido o seu negocio na actividade económica principal do grupo doméstico da nai de Francisca, do que tamén fan parte a irmá solteira e os seus cinco fillos.

Ao longo dos seus anos de migrante, Francisca interiorizou que a estratexia para poder saír adiante no contexto migratorio consiste en aguantar e calar ante a explotación, os abusos e maltrato laborais, nunha renuncia que fai pensar nunha posta en día da proposta de Villarino (1995), exposta no capítulo dedicado ás mulleres das vellas vagas.

“Se falamos de liberdade, a nosa terra é a nosa terra. Na nosa terra estamos máis libres, porque toda a xente debe estar na súa terra. Aquí estás ben pero non estás libre porque non estás na túa terra. Moitas das cousas que eu fago na miña terra, aquí non as fago. Moitas cousas que aquí lle aguanto á xente, non as aguantaría na miña terra. Pero bueno, a vida tróuxome acó para facer a vida e hai que ter coidado cun montón de cousas. Porque hai moita xente acó que non vive ben, porque non conseguen aguantarlle [aos brancos] moitas cousas. Porque a súa cabeza non da para aguantar máis, mesmo. Pero se queres vivir ben, se queres avanzar na vida, tes que pasar. Aquí é así⁷³”.

5.3.4.5. DJEISA: UNHA XOVE MULLER URBANA

“Sempre quixen estudar”

Djeisa é unha das poucas mulleres de Praia que residen en Burela. Naceu nun barrio da capital en 1986, no seo dunha gran familia. Os seus pais, casados, tiveron dez fillos e fillas cos que Djeisa se criou, sendo a oitava, unha das pequenas. O seu pai tivo outros cinco “fillos de fora” con varias mulleres. O seu pai, natural do interior, foi a Praia de adolescente, onde aprendeu mecánica e ficou a traballar nas liñas aéreas caboverdianas.

⁷³*Na liberdade, dja, en termo di nos tera, é nos tera. Na nos tera nu ta sta mas libri. Pamo tudu algen é na si tera. Li bu sta sabi ma bo bu ka sta libri, bu ka sta na bu tera. Munti kuza kin fasi na nha tera li n ka ta fasi. A mi monti kuza kin aguanta genti li na nha terra n ka ta aguental. Pronto, bu sta li através di vida, pa bu fasi bu vida bu ten ki ta guarda di un monton di kuza. Pamo sta munti algen li, ki ka ta bibi ben, pamo es ka ta da pa e aguanta algen un monton di kuza. Pamodi dja si cerebro ka ta da pa aguanta propi. Mas, a bo si bu ta bibi, si bu kre bibi ben, si bu kre da bu vida pa dianti, djuda bu familia, bu ten ki ta pasa. Dja li é si.*

“A primeira muller do meu pai viaxou para Angola. Despois o meu pai coñeceu a miña nai. Ela era peixeira. Despois de que se xuntou co meu pai, el sacouna do lugar no que vivía e tróuxoa para Praia. Non volveu realizar ningún traballo, alén de coidar dos fillos que tiña na casa⁷⁴”.

Cando era pequena comezou indo ao *jardim*. Máis tarde foi á escola e ao *Liceu*, onde estudou ate o “decimosegundo” ano, sendo a primeira persoa da familia en conseguir graduarse en Secundaria. Foi unha das tres fillas que conseguiron estudar, liberadas dos traballos domésticos, que eran exercidos polas irmás de maior idade, podéndose dedicar en exclusiva ao estudo.

A oportunidade de vir a España xurdiu grazas a un dos seus “irmáns de fora”, que tiña seguido a súa nai a España cando era adolescente, nos anos 90, e nese momento residía en Zaragoza. En 2007 o irmán viaxou a Cabo Verde e atopou a Djeisa traballando nun ciber do aeroporto de Praia. Ficou tan gratamente sorprendido coas capacidades da súa irmá que convidouna a iniciar o proceso migratorio. Djeisa nunca tiña pensado migrar. Sempre tiña pensado que a súa vida estaba en Cabo Verde. Atopábase recén graduada e pensando continuar estudos universitarios na rama de xornalismo. Ate estivera seguindo unha formación de iniciación nunha cadea de televisión da capital. O irmán falou coa súa nai, que se comprometeu a acoller a Djeisa en Burela. Esta entregoulle os documentos necesarios para iniciar os trámites do proceso migratorio e poucos meses despois partiu para Dakar. Lembra a súa saída de Cabo Verde como triste, porque era a primeira vez que se separaba da súa familia e dos seus amigos, cos que tiña convivido dende pequena. Pasou os últimos días a chorar xunto cos seus. Pensa que ela migrou por “sorte”, “ cousas do destino”, xa que tiña outros irmáns e irmás que poderían ter sido axudados no seu lugar.

En Dakar, Djeisa continuou a chorar. Estivo tan só sete días alá, xunto con outras mulleres e os seus fillos, algunhas das cales levaban moitos meses á espera de visto. Saíu de Senegal xunto con outra rapaza que tamén viña para Burela. Chegaron a Madrid, onde foron recibidas por un rapaz nixeriano, amigo dunha compatriota de Burela, que as acompañou coller o autobús a Lugo. Desesperouse coas horas interminábeis de viaxe. En Lugo esperaron un bo rato e aínda sorprendeuse coa nova viaxe de coche a Burela, onde foi residir coa nai do seu irmán, á que xa coñecía. En Burela reencontrouse cunha amiga que tiña sido a súa veciña dende a infancia, coa que retomou a relación de amizade.

Djeisa chegou a Burela un mércores e o luns seguinte comezou a traballar nunha panadaría industrial, na que permanece. A súa idea inicial non era ficar. Pensaba regresar a Cabo Verde para continuar estudando.

⁷⁴*Prumer mudjer di nha pai ben biaja pa Angola; dipos nha pai ben arranja ku nha mai. Nha mai era pexera, ma dipos ki ben arranja ku nha pai, nha pai tral di lugar ki e ta moraba, ben pol na Praia, e ka trabadja nenhun trabadju mas ki kuida fidju ki teni dentu kasa.*

“Sempre quixen estudar, gustábame moito a escola en Cabo Verde, eu quería estudar, mais despois de vir comezas a traballar, tes familia en Cabo Verde, gañas algo de diñeiro, comezas a axudar a familia, e concéntraste sempre no traballo para axudar a familia⁷⁵”.

Meses despois comezou a namorar cun rapaz, tamén chegado coa nova vaga, co que vive dende aquela. Ela prefire que o compañeiro non vaia longos períodos ao mar, a pesar de que se gañe máis, porque non soporta a ausencia e falta de comunicación. Tivo pouca experiencia como muller de mariñeiro, que ela considera unha “vida triste”, por non saber como está a outra persoa. Nunca esquecerá que un dos seus irmáns morreu nun naufraxio.

Djeisa aínda non ten fillos, pero espera telos nun futuro. Non partilla a idea, moi estendida entre as persoas caboverdianas, de que os fillos “crean amizade” ou axudan a “amarrar” a un home, xa que ela leva catro anos co compañeiro “criando amizade”, sen fillos. Antes de ter fillos quere estudar e ter a súa casa e o seu marido, un plano que vai seguindo, que contrasta coa experiencia da maioría das mulleres caboverdianas que migraron a Burela no mesmo período.

“Non teño fillos para gañar ao home, non temos fillos para asegurar que tu es meu... porque eu co meu compañeiro levamos catro anos xuntos, el é meu, e eu son del⁷⁶”.

Esta muller nova tentou retomar os estudos en Burela. Dí que a maior dificultade que atopou dende a chegada non foi a súa integración na comunidade e na sociedade burelá, senón a imposibilidade de compaxinar traballo e estudos. Con gran esforzo dedicouse un ano a aprender inglés e actualmente estuda español co obxectivo de entrar na UNED no programa de maiores de vinte e cinco anos.

⁷⁵*Sempri n kria estudaba, n gostaba txeu di skola na CV, n ta kria pan studaba, ma ku trabadju, dipos bu ta ben bu trabadja, bu ta tene familia la CV, bu ta ganha kel dinherinhu li, bu ta komesa djuda familia, bu ta poi ku kabesa sempri na trabadju pa djuda familia.*

⁷⁶*N ka ten fidju pan ganhau a bo, nu ka ta ten fidju pan aseguru ma bo é di meu... pamo a mi ku nha kumpanheru nu ten catu anu, el é di meu, a mi é di sel.*

5.4. A CHEGADA Á IDADE ADULTA DAS DESCENDENTES: NOVOS MODELOS DE MULLER

Nun apartado anterior abórdouse a chegada á idade de xubilación dos traballadores caboverdianos a partir da década de 2000, que constituíron un dos elementos que permiten pechar o ciclo migratorio da comunidade. A continuación, trátase a cuestión da chegada á idade adulta do grupo de descendentes da comunidade⁷⁷, que constitúe o segundo elemento que permite que se poda falar dese ciclo migratorio completo. Prestárase unha atención especial ao colectivo de rapazas descendentes das mulleres das primeiras vagas, baixo a consideración de que encarnan novos modelos de feminidade, introducindo novas prácticas de xénero nos grupos familiares.

As primeiras descendentes da comunidade, nadas na costa de Lugo a partir de 1978, alcanzaron a súa maioría de idade pouco antes do inicio da reactivación do fluxo migratorio. Estas rapazas, as maiores das segundas xeracións, foron socializadas nun contexto de crise da comunidade nos anos 90. Para a maioría delas o período final da súa infancia ou xa a adolescencia coincidiu coa execución do Proxecto BogAvante, que introduciu unha serie de mudanzas nas súas vidas. Ate a actualidade, este subgrupo constitúe, tanto no seo da comunidade como no grupo de descendentes, o que conta cun maior abano de relacións fora da comunidade, incluíndo as de namoro, emparellamento e maternidade.

En 2008, o grupo de rapazas descendentes maiores de idade⁷⁸, fillas das pioneiras e das mulleres da segunda vaga, estaba composto por vinte e dúas rapazas. Dentro deste grupo, entre os dezoito e trinta anos de idade, trece rapazas naceran en España, seis en Portugal e tres en Cabo Verde. Nos dous últimos casos foron reagrupadas regular ou irregularmente na segunda parte da década de 80, sendo fillas das mulleres da segunda vaga. Chegaron á Mariña na súa infancia, téndose socializado neste contexto a partir dunha idade máis ou menos temperá⁷⁹. Considérase que o peso do proceso

⁷⁷ Polo tanto non se prestará aquí atención á realidade do colectivo infantil e adolescente de 2008, mais que de xeito contextual.

⁷⁸ Nadas antes de 1990. Exclúese deste grupo ás descendentes das mesmas idades chegadas a través de reagrupamento na nova vaga, que suman un total de dez rapazas, cuxa traxectoria vital é substancialmente diferente das que se criaron na Mariña.

⁷⁹ O colectivo masculino, dentro das mesmas variábeis, estaba formado na mesma data por vinte e tres rapaces, dos que perto da metade naceron en España (11), fronte a seis nados en Portugal e outros tantos no arquipélago, que seguiron os mesmos padróns de chegada das rapazas, sendo sido a maioría socializados en Burela dende a infancia. Exclúese do mesmo xeito que no caso anterior, os rapaces descendentes chegados na nova vaga, que suman un total de dezasete, o que en comparación coas cifras das rapazas denota unha preferencia polos rapaces á hora de reagrupar, que deberá estar relacionada coa súa maior facilidade para coseguir un traballo rendíbel.

de socialización, por ser desenvolvido en Burela dende a infancia, é máis significativo que o do país de nacemento.

5.4.1. PROCESOS DE SOCIALIZACIÓN: FAMILIA, ESCOLA, TRABALLO E COMUNIDADE

A pesar da heteroxeneidade que presenta este grupo, hai unha serie de elementos comúns que son de gran importancia para comprender a súa realidade. Estes elementos están determinados pola recreación dun pequeno Cabo Verde en Burela, un espazo mental e relacional que ate a irrupción da intervención participativa tiña os seus límites ben definidos na comunidade.

Os rapaces e rapazas socializados na Mariña sempre viviron entre dúas realidades culturais: en primeiro lugar, a da casa e da comunidade, situada na esfera privada; en segundo lugar, a da escola, rúa, televisión, etc, española ou galega, situada na esfera pública. Esta escisión cultural-espacial ten levado á existencia de conflitos na construción da identidade persoal, nos que o feito de estar racialmente marcados engade outro elemento de diferenciación respecto da sociedade autóctona.

A presenza dos fillos e fillas de caboverdianos na escola remóntase ao curso 80/81. Os datos recollidos nos centros escolares da zona confirman unha alta incidencia de fracaso escolar no grupo, de xeito que a súa inclusión no mundo da escola non ten significado, ate agora, unha integración satisfactoria do grupo⁸⁰. Ate a actualidade, a situación escolar dos descendentes, incluíndo neste caso a todos os escolares e non só aos maiores, pode ser definida polo fracaso escolar, excepto contadas excepcións, normalmente protagonizadas por nenas e rapazas. O abandono do sistema educativo unha vez concluída a escolarización obrigatoria⁸¹, en moitos casos sen ter obtido o título de primaria, e o baixo rendemento escolar, con elevados índices de repetición de curso, poden ser considerados como definatorios do traxecto escolar da maioría dos descendentes (Oca, 2005).

No inicio dos anos 80 non estaba contemplada a atención á diversidade, polo que os estudantes migrantes ou descendentes de migrantes eran frecuentemente derivados á "educación especial", nunha aula separada, que acollía nenos e nenas con todo tipo de deficiencias ou discapacidades. Neste caso, a política de educación identificaba o alumnado culturalmente diferente con deficiente, coas consecuencias que este tratamento puido ter para estes escolares. Durante esa década, unha

⁸⁰ Convén lembrar que no Proxecto BogAvante o fracaso escolar foi identificado como un dos problemas da comunidade, que pode ser considerado como un síntoma da falta de integración. Ver Capítulo III.

⁸¹ A idade de escolaridade obrigatoria situábase, ate 1996 nos catorce anos de idade, ampliándose nesa data aos dezaseis anos.

porcentaxe considerábel deses alumnos experimentoun unha mobilidade acorde co traxecto migratorio das súas familias, con cambios de centro entre diversos países ou entre áreas culturalmente distintas do mesmo país (Galiza, Bierzo, Zaragoza). A partir da implantación da ESO, o alumnado que fracasa é derivado aos cursos de garantía social ou a educación de adultos, que moitas veces funcionan como un “caixón de xastre” que os acolle ate o fin da obrigatoriedade.

Un problema fundamental que se atopa por tras do fracaso escolar reside, dende o meu punto de vista, na coexistencia de dous mundos culturais nos que estas crianzas viven inmersas, un dominante e outro minoritario e desvalorizado, dous compartimentos estancos perfectamente selados e illados, que ate a intervención non contaban apenas con pontes que os unisen. Esta realidade ten sido analizada no caso dos descendentes caboverdianos en Portugal, onde sofren unha situación escolar moi semellante á que se está describindo, que se ve agravada polas condicións de vida das súas comunidades.

... A existência de dous sistemas de comunicación completamente diferentes, aos que os nenos están sujeitos ... - familia / comunidade e escola - pode dar origem a uma discontinuidade cultural entre a comunidade pedagógica e a escola, que talvez explique as dificuldades sentidas por algumas crianças, que não seriam mais do que o confronto entre ordens de significado, relações sociais e valores diferentes. (Viegas, 1998: 166)

A esa discontinuidade cultural sómase o sentimento de desvalorización do propio, ao non existir ningún tipo de recoñecemento da cultura caboverdiana, que ate 1998 era absolutamente descoñecida tanto na escola como na sociedade local .

Os alunos das minorias, á luz do quadro diferente de referência étnico-cultural dos professores, são conceptualizados como o “Outro”, ou seja, como o estranho, o que não participa do mesmo quadro de referência... É, em muitos casos, a própria escola a que legitima aos olhos das crianças uma identidade social e cultural desvalorizada, contribuindo a reforzar neles o sentimento de que possuem um estatuto e uma identidade social marginalizadas. (Ferreira, 2002)

Neste campo inmaterial da identidade persoal e grupal, o BogAvante xogou un papel moi importante, ao incluír aos colectivos infantil e xuvenil no desenvolvemento das actividades de exposición pública da cultura caboverdiana. Esta participación serviulles para iniciar a exteriorización dunha parte da súa identidade que ocultaban nas relacións co colectivo autóctono, dentro dun modelo asimilativo, no que se sentían obrigados e obrigadas a mostrarse dun xeito incompleto, ignorando, por outro lado, moitos aspectos da cultura caboverdiana.

Os membros maiores do colectivo de descendentes iniciaron a súa vida laboral aínda na década dos 90. Ate mediados da década de 2000, a regra xeral era que este colectivo atopase practicamente as mesmas oportunidades de emprego das súas nais, no caso das rapazas, e os seus pais, no dos

rapaces, sendo común que eles se fixeran mariñeiros de altura e elas traballasen na hostalaría e/ou nas limpeza. O fracaso escolar está intimamente relacionado coa reprodución das mesmas condicións de traballo que os seus pais e nais, a pesar das diferenzas entre proxenitores e descendentes, especialmente nos procesos de socialización e nas condicións de vida experimentadas na infancia.

O enrolamento dos rapaces na pesca de altura, a partir dos 16 anos de idade, significou a súa entrada simbólica na idade adulta, a partir de mediados dos 90. Polo xeral continuaron convivindo longos anos coa familia dos seus proxenitores ate constituír posteriormente parellas ou irse vivir con outros compañeiros. Ate a década de 2000 moi poucos mozos conseguiron romper ese determinismo. Os únicos rapaces que conseguiron empregos en terra estaban relacionados co mundo do fútbol, o que ampliaba as súas redes sociais e a posibilidade de conseguir un emprego noutro sector, nomeadamente a construción.

No caso das rapazas, un pequeno grupo conseguiu evitar o fracaso escolar, finalizando estudos en ciclos profesionais que lles permitiron o acceso a empregos con mellores salarios e condicións de



Foto 36: Filla de caboverdianos. Burela

traballo, nomeadamente no comercio e na perruquería. Case todas elas emancipáronse da familia, abandonando algunhas Burela con destino a algunha das cidades galegas, onde iniciaron vidas independentes. Entre elas atópanse tres universitarias.

En 1998 a maior das descendentes, nacida en Lisboa, tiña vinte e dous anos, e as primeiras nenas nadas na Mariña, vinte. Nese momento iniciouse a reactivación do fluxo, que supuxo a chegada de homes novos procedentes de Cabo Verde nos anos iniciais da década de 2000. Neste período coincidiron, por unha banda, a chegada á maioría de idade do grupo das descendentes maiores, que se tiñan criado e escolarizado en Burela, e pola outra, a chegada de descendentes nas mesmas franxas de idade dende Cabo Verde.

No grupo de rapaces e rapazas descendentes de maior idade, a escaseza de oportunidades para as relacións amorosas dentro dos límites da comunidade⁸² tiña levado a unha abertura no modelo de separación, plasmado na existencia dalgúñas parellas mixtas, máis frecuentes no caso das rapazas maiores e dos rapaces futbolistas. Unha vez que a comunidade comezou a medrar, chegou un importante colectivo de adolescentes e xoves, que viñeron aumentar as posibilidades de establecer relacións tanto de amizade como afectivas e sexuais dentro do colectivo. Isto provocou unha mudanza nas pautas de relación de parella da xente moza, que se reorientaron cara a endogamia, dentro da comunidade, en diversas combinacións⁸³.

A continuación, preséntase a historia de dúas mozas adultas, representativas do colectivo feminino que cristalizou, co apoio e complicidade das súas nais, mudanzas profundas respecto do modelo de xénero destas últimas. Fronte a elas, os rapaces da súa idade reproduciron, con escasos matices, os papeis masculinos propios da cultura badía, aferrándose aos privilexios de xénero, como ser servido polas mulleres ou ter unha vida sexual libre.

Debido a que o grupo das rapazas do que se está a falar é moi pequeno, as historias que se presentan a continuación non ilustran o *mainstreaming*, senón as posibilidades e estratexias de flexibilización e mudanza nos papeis e relacións de xénero, nas que é importante destacar o papel xogado polas nais, chegadas como pioneiras ou durante a segunda vaga. As descendentes de maior idade son moi semellantes na súa vivencia dos papeis e relacións de xénero ás rapazas galegas da súa idade, xa que foron socializadas nunha altura na que as crianzas e adolescentes de orixe caboverdiana non se atopaban tan fechados nun modelo de separación como o que existe nos últimos anos. Nelas operouse unha mudanza de papeis de xénero moi lonxana do modelo interiorizado polas súas nais, que alentaron nuns casos e consentiron noutros, comportamentos das fillas que elas mesmas nunca se permitirían, como as saídas nocturnas, as relacións sexuais sucesivas, o uso de vestiario “moderno” ou a vida lonxe do control do grupo familiar, especialmente para aquelas que saíron estudar fora de Burela.

⁸²Neste caso débese ter en conta que existían fortes lazos de fraternidade entre os e as descendentes de diferentes familias, como resultado das experiencias comúns da infancia, que non daban pé a relacións de namoro entre eles. Lembro como en 1999, no transcurso duns obradoiros, os rapaces acusaban ás rapazas de “racistas” por non querer ligar con eles, ao que elas replicaban que para elas eran como irmáns, coñecidos dende a máis tenra infancia.

⁸³ Por exemplo: dous membros das segundas xeracións das primeiras vagas, rapaza descendente socializada en Burela con xove migrante da nova vaga; dous descendentes dos migrantes da nova vaga, etc.

5.4.2. NEUSA: IDENTIDADE FLUÍDA

*Na meio branco n txumado preta,
na meio preto n txumado branca,
ami ka di li,ami ka di la,
dos cultura: um na casa, otu na escola,
uma dominante quel otu escravizada....
sam fla nhos um cuza:
MISTURA É ENRIQUECIMENTO⁸⁴*

Neusa naceu en Assomada en 1985. O seu pai, un dos pioneiros da emigración caboverdiana a España, chegara a Burela en 1978, inseríndose na pesca de altura. Anos despois, casou por poderes coa nai de Neusa, que permanecía en Cabo Verde, á que “mandou buscar” en 1983.

A nai instalouse en Burela, pero, unha vez embarazada de Neusa, sentiu “tantas *sodades*” que regresou á terra natal para parir, algo moi infrecuente. Ambas permaneceron tres anos en Cabo Verde, na casa da familia paterna, nunha aldea próxima á da súa nai, ate que viñeron a Burela en 1989. Dous anos despois naceu o seu irmán pequeno. En 1993, o seu pai reagrupou dende Portugal un fillo dunha relación anterior, que se converteu no irmán maior.

Neusa lembra unha infancia de xogos na rúa onde moraba, na Vila do Medio, un dos antigos barrios de Burela, que mantén características rurais. Acostumouse dende cedo a tomar conta da casa e do seu irmán pequeno, cando a nai ía traballar nas limpezaas ou na hostalería. Axudaba á nai no traballo na horta. Aos dez anos comezou a axudala tamén na apañá de algas na ribeira, xunto con outras mulleres caboverdianas e os seus fillos e fillas.

Os domingos acostumaban ir coa nai visitar outras familias caboverdianas, algo que daquela era, segundo pensa, máis frecuente que agora. Nestas visitas reuníanse varias mulleres cos seus fillos na casa dalgunha delas, onde pasaban o día ou a tarde alimentando relacións de amizade e partilla entre elas. Eran os momentos nos que se falaba *kriolu* e se partillaban alimentos como *catxupa* ou *kuz-kuz* e se contaban historias do mundo caboverdiano. Moitas veces aproveitaban para peitear as nenas con trezados que lles duraban ate o seguinte domingo.

Neusa escolarizouse nun dos centros públicos de Burela. Durante a primaria foi unha estudante bastante boa, a pesar de que moitas veces sentíase diferente. Era consciente de que a casa e a escola pertencían a mundos distantes e a súa cor facíaa distinta aos demais.

⁸⁴ Nos medio dos brancos, chámanme negra,/ no medio dos negros chámanme branca,/ non son de acó nin de aló. /Duas culturas, unha na casa, outra na escola;/ unha dominante, a outra escravizada./ Deixádeme dicirvos unha cousa:/ á mestura é enriquecemento! (Poema escrito por Neusa en 2012).

“É un pouco complicado, porque realmente tu na casa, tu vías que era diferente, as cousas que facías, e como xa falabas na casa, sabías que era diferente. E despois na clase, na escola tamén era diferente, porque te estás relacionando con outro tipo de cultura, xa. Nalgúns casos sentíaste indiferente, un pouco estraña, na clase no sentido de que te ves como diferente, que todos son brancos e tu eras a única negra que hai alí”.

As cousas mudaron un pouco coa execución do Proxecto BogAvante, que se iniciou cando ela estaba ás portas da adolescencia, con doce anos. Ela e o seu irmán pequeno asistían regularmente ás aulas de apoio escolar que organizou o proxecto e a outro tipo de actividades de difusión dunha cultura que ate entón non coñecía moi ben, pero da que sentía que facía parte. Anos despois, lembra o impacto que produciu a intervención social nas súas identidades.

“Eu desde logo foi un momento importante, foi como recoñecer a parte que forma a túa cultura, non?. Para min foi realmente iso, porque tampouco sabía moito de Cabo Verde, o que sabía era o que me contaban os meus pais, e despois deso, tiven a oportunidade de ir, pero, non sei, foi diferente, como un recoñecemento da nosa cultura, da cultura de Cabo Verde en Burela. Somos galegos, pero somos tamén caboverdianos”.

Ate aquela altura, o grupo de descendentes dos caboverdianos enfrontaban a construción da súa identidade sen pontes que conectaran as dúas compoñentes culturais presentes nas súas vidas, o que lles facía sentirse “rexeitadas” por ambas.

“É bastante complicado, porque tes dobre identidade en plan: “si, son galega pero tamén son caboverdiana”. Por un lado, é iso, estás no medio dos brancos, e dicen que non, que non eres de aquí, que eres de aló. Por moito que che digan, quedan moi sorprendidos: aí que ben falas o galego, e tal, pero dinche, fanche sentir que eres de lá, non?, en certo modo. Despois, cando estás no medio dos caboverdianos, fanche sentir que non, que non pertences á súa cultura, que tu xa eres de eles, de, vamos, dos españois, dos galegos. Entonces é como, non sei, pódese dicir que das dúas cousas, non? un pouco de aquí e un pouco de aló. Non ten porque ser unha totalmente”.

Neusa é unha das tres rapazas de orixe caboverdiana que accederon ao ensino superior, atopándose a piques de obter a licenciatura, algo que a enche de orgullo. Pensa que a ausencia de referentes e contidos ligados á súa cultura de orixe e a falta de recoñecemento da súa existencia na escola pode ser unha das causas do grave fracaso escolar do seu grupo xeracional. Outra das causas que apunta para este fenómeno é a falta de capacidade da maioría dos pais e nais caboverdianos para apoiar aos seus fillos e fillas nos seus estudos.

“Eu creo que moitas veces dáste conta de que os teus pais non poden, dalgunha forma, non teñen os cartos necesarios para que te incentiven, non teñen a educación eles mesmos de incentivarte para que estudes, que é algo importante e que te tes que dedicarte a elo. A consecuencia deso é o fracaso escolar, en moitos casos. No meu caso, dígoche a verdade, a miña nai si que se empeñou moitísimo en que estudase. Moitas veces estiven a punto de deixalo e sempre me incentivou dalgunha forma, de que continuase, de que era importante, de que seguise para diante porque era para min, sobre todo, que non era para ela, que sempre mo dice”.

A insistencia da nai de Neusa repetiuse en varias familias, sendo as nais o apoio e motivación principal na vida académica das fillas. As rapazas maiores de segunda xeración, as fillas das pioneiras e das mulleres de segunda vaga, son as que máis lonxe teñen chegado na traxectoria escolar. Alén das tres universitarias, outras rapazas remataron ciclos profesionais, diferindo do caso dos rapaces do seu mesmo grupo. Neusa pensa que as rapazas víronse máis incentivadas a estudar, se cadra por non ter un recurso laboral tan a man como os seus irmáns⁸⁵. Tamén é certo que a súa maior vinculación á casa e ás nais fai que as rapazas sexan máis sensíbeis que os seus irmáns aos mandatos e consellos maternos.

“Ás mulleres sempre se lles quere inculcar mais, eu vexo desde o meu punto, no sentido de estudar, que é importante e tal, e os homes, como é unha educación, se dicen que non, pois tampouco pasa nada, sabes?. Non se lles vai obrigar ou esixir. Naquela altura, moitos rapaces, eu refírome ao caso do meu irmán maior, deixou os estudos e meu pai díxolle, “bueno, pois ponte a traballar”, e púxose a traballar no mar”.

O colectivo de descendentes do grupo de idade de Neusa (nados/as nos anos 80 e inicios dos 90) viviu unha adolescencia moi diferente á do grupo desa idade no final da década de dous mil. Nos tempos en que ela era unha rapaciña, o grupo caboverdiano da súa idade era moi pequeno, o que facía que, a pesar de manter moitas relacións intragrúps, tamén mantivesen amizades cos “brancos”, o que coida non está a acontecer cos rapaces chegados na nova vaga.

“Por exemplo, eles non suelen andar tampouco con brancos nin nada deso, son só o grupito deles e tal, e nós naquela altura si que andábamos con brancos porque tamén formaban parte do grupo, parte de convivir. Pero estes si que se afastan e están no grupo”.

A renovación do fluxo trouxo consigo a chegada de moitos rapaces novos dende Cabo Verde, que estableceron relacións co grupo de rapazas nadas e/ou criadas en Burela, formándose varias parellas, a pesar de que as relacións entre ambos grupos foran un tanto conflitivas, por encarnar estilos de vida diferentes.

“Si, son de Cabo Verde e viñeron de alí, pero nos somos de cá, son realidades distintas... Non é o caso meu pero si dalgunhas compañeiras, de que son ás veces moi posesivos, queren, si, que son machistas dalgunha forma, entón si que nese sentido había conflito e en moitos casos acabaron por separarse cada un polo seu lado... Son realidades distintas, entón moitas veces como que nos apartaban tamén. Eles si, integrábanse con outra xente e tal, pero a nós como que nos deixaban, como que somos moi europeas, non?, por dicilo así, moi modernas”.

⁸⁵ Débese resaltar que a primeira persoa universitaria da comunidade foi un rapaz, que abandonou os estudos no segundo curso e actualmente traballa en hostalaría. Na actualidade existe un universitario varón, cinco anos máis novo que Neusa, que sendo fillo de caboverdianos, pertence ao grupo minoritario que apenas se relaciona coa comunidade.

Antes de ir estudar a unha cidade galega, Neusa xa traballara en diversos empregos, case todos eles na hostalería. O seu primeiro traballo legal foi aos dezasete anos, nun restaurante de San Cibrao, onde traballou a campaña de verán. Repetiu esta experiencia moitos anos en distintas empresas da Mariña. Acostuma axudar á súa nai nalgunhas limpezas cando ven a casa nos fins de semana.

Neusa parece ter logrado minorar a discontinuidade cultural, construíndo unha identidade positiva, na que é capaz de conxugar as súas dúas raíces culturais. Trátase dunha **identidade fluída** (Juliano, 2003: 196), na que confronta e soma estas e outras dimensións da súa existencia, dando destaque á negritude.

5.4.3. NINA: “A MIÑA NAI É A MIÑA MUSA”

Nina naceu en Burela a finais de 1988. É filla de Kodé, cuxas vivencias foron retratadas no apartado das mulleres da segunda vaga, que ten outra filla catro anos maior. O seu pai, un dos pioneiros caboverdianos na zona, traballaba no mar e a súa nai nas limpezas.

“Lémbrome sobre todo de que nunca vía ao meu pai, e que sempre a miña nai facía de nai e de pai e a miña irmá facía de nai cando a miña nai non estaba”.

Nina lembra como na súa rúa, na que vivían varias familias caboverdianas, as crianzas xogaban mesturadas, brancas e negras.

“Sempre me relacionei coa xente da miña rúa, pero o resto da xente, parece como se quixeran manter esa separación, un pouco... e dicían: “teño amigos negros”, pero despois non se relacionaban moito”.

Nina sempre foi unha boa estudante, que non repetiu ningún curso. A pesar diso, sempre se sentiu un pouco estraña, por ser a “única negra” na clase de primaria. Por iso pensa que medrou seguindo a estratexia de manter unha parte de si oculta, para evitar a discriminación.

“Hoxe en día hai moitos nenos caboverdianos e a cultura xeneralizouse totalmente, pero daquela éramos, por exemplo, eu sempre estiven soa na miña clase, e fanche assimilar a cultura de Burela, é como se a túa non valera nada. Totalmente, e acabas subestimando a túa cultura porque te queres parecer a eles e non queres que te discriminen”.

O Proxecto BogAvante, co seu traballo de difusión da cultura caboverdiana, tivo un impacto moi positivo no colectivo de nenos/as e adolescentes, que participaron dun xeito activo no seu desenvolvemento. Se para as mulleres a intervención supuxo unha saída ao público das súas

expresións identitarias, para o colectivo de adolescentes e xoves abriu os camiños a unha identidade máis inclusiva das dúas culturas nas que se moven.

“Eu creo que sobre todo dimos nos conta de que podíamos ser quenos éramos na casa tamén, que non facía falta esconder esa parte caboverdiana simplemente coa xente que era coma nós. Un pouco de liberdade, creo, nese sentido”.

Nina lembra especialmente o momento da *1ª Noite Caboverdiana*, unha actividade que provocou un antes e un despois na consideración da comunidade ante a sociedade local.

“Eu creo que foi, non sei, como unha forma de decirlle a Burela que o colectivo caboverdiano, además de ser moi abundante, que tamén existía e que se podía organizar e que foran coñecer a cultura caboverdiana, sobre todo. Eu creo que foi unha unión tamén para que a xente comezara a facer cousas, grazas a eso”.

Nina é consciente da utilización da súa propia imaxe e das súas compañeiras na construción dunha imaxe idílica da convivencia interétnica en Burela por parte das institucións e os medios de comunicación, imaxe que non comparte.

“No instituto parece que che trataban mellor, non era como na escola, que tu eras como un desprazado, tampouco queremos que chames moito a atención, estás aí. Cando veñan os periodistas, que che faigan a foto a ti, para que se vexa que hai integración perfecta, pero nada máis. De feito, eu cando estaba na escola viñeron varias veces facerme fotos, coma quen, “pois si, pois hai unha negra que está estudando, lévase moi ben cos compañeiros”, pero non era tan perfecta como dicían... Parecíame totalmente falso, simplemente non era nada que se estivese levando a cabo na escola, non había esa integración perfecta. Simplemente querían dar esa cara de que se vira que era unha escola que tiña moitos nenos caboverdianos, que se levaban ben, pero despois era realmente o contrario nas clases”.

Nina pensa que os seus propios amigos e amigas brancos nunca foron conscientes da situación na que se debaten os descendentes da comunidade caboverdiana.

“Coa xente que eu me relacionei, sempre pensou que non tivera ningún problema na escola, ou na universidade, que non, por exemplo que non hai discriminación, que non hai racismo, pero é que realmente non se fixan, non queren saber que iso existe aínda hoxe”.

Esta rapaza foi a terceira descendente caboverdiana en acceder á universidade, onde está a finalizar a licenciatura de Socioloxía, ao igual que Neusa. Do mesmo xeito que esta compañeira, ten claro que nunca houbera chegado ate aí se non fora pola súa nai, que sempre a orientou para que loitase por unha vida con mellores condicións que a súa, moi limitada a nivel laboral. Para Nina, por este motivo e outros, a súa nai é o seu referente máis importante. Dela admira a súa capacidade de saír adiante nun medio diferente ao seu e o xeito de educalas a ela e a súa irmá, en ideas e valores progresistas que lle axudaron a ser como é.

“Eu sempre dixen desde pequena que a miña nai era para min, como a miña musa, porque ela veu desde un país moi diferente, cunha mentalidade moi pechada, e chegou aquí, o cal, atopouse cunha mentalidade aínda máis pechada, non sabía o idioma, e tiña moitas limitacións xa. E gustoume moito a forma que tivo de sempre seguir para diante, aínda que tivera moitas dificultades, pois, aprender o idioma, cousas como sacar o carné, que era moi difícil daquela, aínda mo recorda, que o sacou á primeira. Non sei, ese ánimo, porque, queiras que non, que os maridos anduveran tanto tempo ao mar tamén fixo que as mulleres cumpriran dous roles e na miña casa gústame moito que a miña nai teña unha mentalidade moi liberal, e máis hacia o feminismo, hacia as mulleres, hacia o respeito, hacia a igualdade”.

Na universidade, onde continuou a ser unha boa estudante, Nina tivo algúns problemas que ela atribúe á súa cor, e polo tanto, a actitudes racistas por parte dalgúns docentes.

“Normalmente non tuven [problemas], sempre fun pasando ben, pero con un par de profesores, si que, pois que eran racistas, e entón, claro. E sempre os traballos que fixen sempre fixémos sobre os inmigrantes, sobre racismo e discriminación, e claro, tíñamos unhas ideas totalmente contrapostas, e sempre o que vai dicir un profesor de universidade pois vai ter moito máis peso que o que digas tú ... de feito, unha coas que tuven problemas e que estropeoume ese ano de carreira díxome que simplemente por ser negra, que non me iban dar todo feito. Son esas cousas que pónenche os pés na terra, e eu quería que me calificara igual que ao resto... as primeiras veces que fun falar con ela, como que, sentindo pena por min, decíndome que “tu, que non conoces ben o noso idioma”. E decíalle, “vamos a ver, é imposible que me diga vostede iso, cando non me conoce e menos cando nacín en Burela. Non teño ningún problema co idioma”. O que pasa é que sempre te queren manter pois nesa, digamos, manterte aí abaixo e que non faigas moito ruído, que esteñas calada”.

Nina mantivo unha relación afectiva durante seis anos cun rapaz chegado do arquipélago no inicio da década de 2000. Expresa dende o seu punto de vista as dificultades polas que pasan relacións como a súa, colocando a cuestión nos diferentes valores de xénero e á escasa liberdade de movemento e autonomía atribuída ás mulleres na cultura caboverdiana.

“Eu creo que sobre todo pola forma de pensar, porque veñen acostumados a como se tratan alí as mulleres e aquí non ten nada que ver. Eu creo que sería sobre todo eso, porque a socialización que che dan cando eres pequeno, pois vas aprendendo uns valores, e aquí son totalmente contrarios, como, digamos, alí a muller sempre vai estar por debaixo do home, pero aquí está a situación igualada e incluso nalgúns casos a muller xa está un pouco por encima do home, cando por exemplo, a muller traballa e o home non, pois si se pode ver que está un pouco por encima. Eu creo que os comportamentos, os valores, pois, teñen moito que ver neses problemas ... Eu creo, para empezar, como que, creas que non, os estudos teñen moito que ver, eu creo, nesas relacións. ... É que, por exemplo en Cabo Verde como eu o vexo, personalmente, parece como si lle tuveras que pedir permiso ao teu marido para ir tomar un café a casa da veciña, ir cortar o pelo, ou ir a un cumpleanos, ou algo así. Entón aquí pois cambia totalmente, non lle vas pedir permiso a ninguén, entón aí pode haber un conflito”.

Unha das discriminacións que o grupo de Nina sufriu foi a situación de apátrida. Ela obtivo a nacionalidade española en 1999, con once anos. A pesar de que ese aspecto legal permitiulle acceder

plenamente aos dereitos de cidadanía, a nivel social aínda sinte que continua a ser vista como estranxeira.

“Sobre todo chámame moito a atención que a día de hoxe a xente se che quede mirando. Estamos no 2013 e non sei. A ver, sempre te vas encontrar xente que, a ver, estamos nun país receptor de inmigrantes e noutros anos pois España mandaba xente para todos os lados, e agora simplemente por ser negro ou indio ou o que sexa, te miran mal, que lles vas quitar o traballo, que che van dar máis oportunidades por ser inmigrante, porque eres inmigrante, porque non e así. A min, realmente, fóra de Burela, que é unha cousa rara, digamos, no mapa, sempre me tratan como inmigrante, na universidade mesmo, ás veces. É esa cousa que a xente sigue tendo esa idea como que español é branco, ao ser negra non podes ser española, cousa que xa debería ter cambiado, pero bueno”.

Do mesmo xeito que Neusa, Nina conseguiu integrar as dúas dimensións culturais presentes na súa identidade, dun xeito fluído e aberto (Juliano, 2003), aínda que non ausente de tensións e conflitos. Para elo apoiouse na intervención social e, como non, na figura materna.

“Apoieime sobre todo, aparte de ti⁸⁶, que me axudaches moito a ver que eu tiña a mesma voz que o resto da xente, eso axudoume moito, e na miña nai tamén, porque ela aínda tuvo unha situación moito máis complicada que a miña, a min sempre me deron todo feito e sempre me dixo que tiña que existir unha igualdade, que tu por ser negra non vas pedir, que tes os mesmos dereitos. Eu que sei, construír a identidade é unha cousa moi difícil, porque tanto como os brancos te consideran que eres negra, non eres española, como os caboverdianos que veñen de fora non te consideran caboverdiana, que eres española, e non sei, é algo moi complicado. Eu creo que a día de hoxe aínda a estou construíndo”.

⁸⁶ Técnica do Proxecto BogAvante

5.5. MUDANZAS NA ORGANIZACIÓN DA ESTRUTURA DOMÉSTICA NO SÉCULO XXI. NOVAS CONFIGURACIÓNS. O FIN DA MATRIFOCALIDADE?

A reactivación do fluxo migratorio de Santiago a Burela na década de 2000 provocou unha profunda transformación da comunidade caboverdiana da Mariña, que anteriormente podía ser definida pola súa homoxeneidade. Dentro das transformacións provocadas pola triplicación do tamaño da comunidade destaca a diversificación das posicións das mulleres no marco das relacións de xénero, que no pasado partillaban a condición de esposas de maridos ausentes. No novo marco comunitario da década de 2000 xurdiu por primeira vez un colectivo de mulleres migrantes non unidas a ningún home.

A chegada de migrantes produciu unha serie de transformacións na configuración dos grupos domésticos da comunidade caboverdiana da Mariña, que nos tempos anteriores se definían por un modelo claramente dominante, a familia nuclear formada a partir do matrimonio dos membros adultos. Algunhas destas transformacións teñen que ver coa propia mecánica do proceso migratorio e coas tendencias de constitución dos grupos domésticos na sociedade caboverdiana actual.

En primeiro lugar, a chegada masiva de migrantes de Cabo Verde provocou mudanzas temporais nos grupos domésticos puxadores, que pasaron por sucesivos acollementos de recién chegados/as, coas consecuentes mudanzas na vida cotiá, entre elas, unha maior carga de traballo para as mulleres da casa e as súas fillas, aliviado só no caso de puxar mulleres de Cabo Verde, normalmente moi activas nos labores domésticos, exercidos como unha forma de “servir” á familia puxadora.

Segundo foi avanzando a década, a emancipación dos puxados/as foi dando lugar a novos grupos domésticos, máis diversificados nas súas configuracións. A tendencia maioritaria ten sido a formación de familias nucleares a través dos procesos de reagrupamento, sendo as mulleres chegadas por esta vía **casadas**, como as mulleres das primeiras vagas. Ao longo da década produciuse un elevado número de **matrimonios por poderes** en Cabo Verde para posibilitar a migración regular da esposa, xa que a maioría das parellas atopábanse unidas sen ter legalizado a súa situación.

A pesar do predominio das familias nucleares legalmente constituídas, foi agromando en Burela un amplo colectivo de parellas de feito (**unións libres**), a semellanza do que acontece no país de orixe. Dentro das parellas unidas deste xeito, pódense distinguir varias tipoloxías. En primeiro lugar, as parellas formadas en destino nas que a muller facía parte do grupo de mulleres autónomas, cuxa maioría optou por unirse a un home da comunidade, normalmente chegado tamén na nova vaga. En

segundo lugar, as parellas nas que as mulleres seguiron aos seus compañeiros a través de *kontrolu*, sen necesitar legalizarse como esposas. En terceiro lugar, as parellas unidas libremente nas que ambos migraron en base a ofertas laborais nos primeiros anos da rede, e por último, os grupos domésticos formados a partir da emancipación dos descendentes para ir morar coa parella, normalmente endogámica.

Fora do padrón de grupos domésticos formados a partir dunha parella heterosexual, tamén xurdiron de xeito minoritario fogares **monoparentais** femininos⁸⁷, fogares unipersoais ou de grupos de homes ou mulleres que partillan existencia e se organizan de xeito diferente aos anteriores.

Por outro lado, as novas modalidades de inserción laboral contribuíron a atenuar unha das características principais que definía a organización dos grupos domésticos ate a mudanza de século: a **matrifocalidade**, dando lugar a unha organización diferente dunha serie deles, nos que, en oposición ás familias de longa permanenza, o home deixou de ser un elemento ausente.

A pesar de que a maioría dos homes que chegaron ao longo da década inseriuse inicialmente na pesca de altura, a partir de 2003/04 iniciouse a inserción na pesca de baixura e na segunda metade da década na construción. Nestes novos sectores de **inserción laboral masculina** os homes van a casa todos os días ou como mínimo nos fins de semana, participando de xeito activo na xestión e control do grupo doméstico e das actividades femininas. A maior presenza masculina provoca que a muller teña que estar máis pendente do marido para “**servilo**”, perdendo a marxe de liberdade da que



Foto 37: Homes caboverdianos na rúa de Burela (2011)

⁸⁷ Considérase pertinente mencionar que dous homes da recente vaga constituíron senllos fogares monoparentais ao traeren as súas fillas pequenas.

gozaban as mulleres máis vellas, afeitas a unha ausencia que as levou a organizarse en rede para cumprir os seus papeis de nais e xestoras do fogar. O mandato de servir ao marido, nestes casos, é exercido de forma cotiá, lonxe da excepcionalidade co que o facían as mulleres das vagas anteriores.

A organización do grupos domésticos veuse igualmente afectada polas novas modalidades de **inserción laboral feminina**. As mulleres da nova vaga teñen atopado como opción laboral principal o sector da hostalaría, que normalmente dificulta ou impide a conciliación de horarios para atender aos fillos e fillas na súa infancia. A menor presenza das nais non acostuma verse compensada pola maior presenza masculina, xa que a maioría dos homes desenténdese da crianza de nenos e nenas. O novo nicho laboral diferénciase dos traballos exercidos polas mulleres das primeiras vagas no tempo de dedicación. A inserción das mulleres maiores en traballos descontinuos e flexíbeis, especialmente no campo das limpezas, permitíalles conciliar máis facilmente as esferas laboral e doméstica, algo que as novas migrantes teñen difícil por causa dos horarios de traballo. Nestes casos, a rede de parentes e amigas xoga un papel esencial no coidado dos nenos e nenas, que fican horas a cargo doutras mulleres ou de crianzas maiores.

Ao longo da última década algunhas das pioneiras se converteron en **aboas**, colaborando activamente no coidado dos netos e netas, reproducindo as estratexias despregadas nas localidades de orixe, nas que as mulleres de maior idade fican a cargo das crianzas e do ámbito doméstico (conservando algún pequeno traballo nos sectores tradicionais), mentres que as novas saen traballar, normalmente na hostalaría. Nestes casos, as parellas xoves acostuman ter unha residencia neolocal, mantendo as relacións cos grupos da sogra e a nai, cos que existe unha **articulación** para compatibilizar o traballo produtivo e reprodutivo, do mesmo xeito que acontece na sociedade de orixe.

Outro dos factores que está a influír no declinio da matrifocalidade, neste caso das mulleres pioneiras e da segunda vaga, é a incipiente **xubilación** dos seus maridos, que ten dado lugar á súa presenza diaria en casa, nunha tendencia crecente, atenuando a posición central das mulleres na xestión do grupo doméstico, onde ambos membros da parella deben reorganizar as súas relacións nunha cotidianidade anteriormente inexistente, negociando os seus papeis e esferas de actuación e decisión. Por moi boa relación de parella que exista, para as mulleres supón unha perda de autonomía pola “invasión” da esfera doméstica por parte dos homes após décadas de ausencia. Estas transformacións constitúen un desafío para unhas mulleres en idade madura que non semellan dispostas a perder as conquistas obtidas nun proceso no que as circunstancias forzaron a súa centralidade e posteriormente contribuíron ao seu empoderamento. O tránsito dos homes dende o mar á casa por causa da xubilación parece ter feito que algunhas mulleres sexan conscientes dunha

liberdade que antes non valoraban, suxeitas á espera, á que se acostumaron e que contribuíu decisivamente a que puidesen mudar os seus roles de xénero.

“Ahora estamos educándolos. Nos costó mucho, a ellos y a nosotras, que antes éramos libres, yo hacía lo que me daba la gana pero ahora no ... Yo al principio lo pasé... ahora hay que educarlos”. (M1)

Como resultado dos factores apuntados, só unha parte dos grupos domésticos que compoñen a comunidade caboverdiana en 2008 conserva as características da ausencia masculina continuada, tal e como era en tempos anteriores, cando todos os homes caboverdianos eran mariñeiros de altura. A partir dos datos do censo elaborado para este traballo pódese realizar unha estimativa do peso das diversas tipoloxías familiares no final do período en análise. A partir desta estimativa pódese calibrar o peso que a estrutura matrifocal ten na configuración dos grupos domésticos nese momento.

En 1998, dos 37 grupos domésticos censados, case todos eran de tipo nuclear con figura masculina ausente, xa que a pesca de altura ocupaba a totalidade dos homes adultos. Existían poucas excepcións a esta realidade, nomeadamente uns poucos fogares compostos por homes sós ou partillando vivenda entre varios, sen mulleres nin descendentes. Lémbrese a existencia dun único fogar, de tipo unipersoal, constituído por una muller.

Fronte á homoxeneidade anterior, os 134 grupos domésticos censados en 2008 presentan unha configuración diversa, tendo aparecido novas tipoloxías familiares e novos padróns de organización familiar. Os 112 grupos domésticos que se consideran nesta análise representan o 83,5% da totalidade dos fogares contabilizados no censo elaborado para este traballo⁸⁸. No grupo en análise están representadas 28 familias de longa residencia, que representan unha quinta parte do total; 69 grupos domésticos asentados na década de 2000, que representan algo máis da metade e 15 familias xoves formadas por descendentes, que supoñen o 11% do total.

Xa que a análise ten como obxectivo realizar unha cuantificación da incidencia da matrifocalidade no conxunto dos grupos domésticos formados por parellas ou con presenza de dúas xeracións, nela considerarase a posición laboral do elemento masculino principal, que determinará a súa presenza ou ausencia no ámbito doméstico, excluindo outros homes que eventualmente podan facer parte do grupo.

⁸⁸ Os restantes grupos domésticos son considerados variábeis, atopándose moitos deles en situacións transitorias. Fan parte deste grupo, que non se terá en conta na análise, fogares masculinos de tipo unipersoal á espera de realizar o proceso de reagrupamento familiar e outros formados por homes que comparten vivenda, sendo moi infrecuente a existencia de fogares partillados por homes e mulleres sen relación de parella ou por homes sos. Máis da metade destes fogares están formados por mariñeiros de altura chegados nos últimos anos.

Cadro 15: Grupos domésticos segundo a súa base económica e composición de xénero. 2008

BASE ECONÓMICA DOS GRUPOS DOMÉSTICOS	PRIMEIRAS XERACIÓNS VELLAS	PRIMEIRAS XERACIÓNS NOVAS	TOTAL PRIMEIRAS XERACIÓNS	SEGUNDAS XERACIÓNS	TOTAL GDs	%
PESCA ALTURA	19	36	55	6	61	54,4%
PESCA BAIXURA	0	9	9	3	12	10,7%
CONSTRUCCIÓN	0	17	17	4	21	18,7%
XUBILADOS	4	0	4	0	4	3,5%
MONOPARENTAIS FEMININOS	5	7	12	2*	14	12,5%
TOTAL	28	69	97	15	112	100%
% NO TOTAL GD'S	20,8%	51,4%	72,3%	11,1%	83,5%	

Elaboración propia.

Na categoría “grupos domésticos **monoparentais femininos**” inclúense fogares encabezados por mulleres non unidas a homes, ben sexa por viuvez (2 casos), separación (4) ou divorcio (1). Inclúe o pequeno grupo de mulleres sen home chegadas coa renovación do fluxo que crearon o seu grupo doméstico sen presenza masculina (4), reagrupando aos fillos/as. Inclúese tamén nesta categoría un grupo doméstico formado por dúas mulleres novas con fillos/as no país de orixe e dúas xoves descendentes que habitan fogares unipersoais ou con amigas/os, nos que non existen figuras de autoridade masculina.

Os datos presentados corroboran a idea de que a configuración dos grupos domésticos ten experimentado unha fonda mudanza, que ten levado a que a matrifocalidade pola ausencia masculina, que en 1998 se aproximaba ao 100%, non sobrepase o 67% de representatividade nas familias caboverdianas residentes en 2008⁸⁹. Os novos sectores de inserción laboral masculina están presentes en preto dun 30 % dos grupos domésticos formados a partir dunha parella e a súa descendencia, cunha clara prevaenza do traballo en terra fronte á pesca de baixura en canto a sector de inserción laboral da figura masculina adulta.

⁸⁹ Esta porcentaxe está calculada sumando aos grupos domésticos nos que o home traballa na pesca de altura, os fogares monoparentais ou unipersoais encabezados por mulleres.



Foto 38: Familia nuclear da nova vaga. Burela (2005)

Con posterioridade a 2008 algúns dos colectivos anteriores creceron, en especial o de **xubilados**, que acolle a un número crecente de pioneiros e homes da segunda vaga. Neses anos, un último factor veu reforzar a perda de centralidade feminina na comunidade caboverdiana de Burela. O **desemprego** provocado pola crise económica foise facendo sentir, xurdindo un novo colectivo masculino, especialmente entre os homes que traballaban na construción, aos que se uniu un número incerto e variábel de mariñeiros en busca de praza, debido á preferencia dalgúns armadores polos mariñeiros indonesios e a novas campañas de abates de embarcacións⁹⁰.

Neste novo contexto, nunha serie de grupos domésticos son as mulleres as que traballan e levan diñeiro a casa de xeito regular, mentres os homes están temporalmente desempregados e presentes no fogar, xeralmente sen facerse cargo dos aspectos domésticos. Se para as mulleres das primeiras etapas o traballo extradoméstico constituíu un dos factores propiciadores da súa autonomía, o cal se viu amplificado pola ausencia masculina, nestes casos, moi recentes, non parece que a independencia económica coloque ás mulleres nunha situación de maior independencia, senón que aparecen subxugadas aos compañeiros e sobreexplotadas dentro e fora da esfera doméstica.

“Encima, hay muchos, yo no sé pero unos cuantos. Llegan a casa; la mujer trabaja, viene a casa, trabaja, y muchas veces tiene que dar a los hijos de comer y dar a los hombres de comer, y, encima, ellos exigen dinero para poner en el bolsillo para salir a beber... entonces... están bebiendo, bebiendo, en la calle.

⁹⁰ Estas campañas indemnizaban aos mariñeiros en base aos anos traballados nunha empresa que fose abater unha embarcación e finalizar a actividade económica. Para cobrala, os mariñeiros debían parar obrigatoriamente por un período de dous anos, o que levou a moitos mariñeiros a terra.

Encima, las mujeres que les dan de comer, dan a los hijos de comer, mantienen la casa, encima les dan palos. En eso hay bastante diferencia con los de antes". (M3)

Fronte aos factores que reforzaron a presenza masculina a nivel doméstico e comunitario, a aparición de novos modelos de familias con configuración **monoparental**, encabezadas por mulleres, non foi o suficientemente significativo como para contrarrestar a tendencia anterior. Como se indicou anteriormente, a maior parte das mulleres sen home que migraron a Burela estableceron novas relacións de parella e grupos domésticos de tipo nuclear.

5.6. PRÁCTICAS DE XÉNERO E PARENTESCO NO ESPAZO MIGRATORIO

Nun contexto definido pola diversificación da tipoloxía dos grupos domésticos caboverdianos en Burela, nos seguintes apartados préstase atención as prácticas utilizadas no espazo migratorio, que se configuran en base ao vínculo entre as sociedades de orixe e destino e inciden directamente nas configuracións familiares de ambos lados. A través de diversos casos etnográficos, preséntanse unha serie de prácticas e accións nas que se manifestan situacións de crise ou mudanza nas relacións doméstico-familiares que poden considerarse expresivas da realidade e das mudanzas que están a acontecer en dominios como os divorcios e separacións, o adulterio feminino, as prácticas de constitución de novas parellas no destino migratorio ou a influencia dos procesos migratorios nas estruturas domésticas compostas ou polígamas.

5.6.1. PRÁCTICAS DE DIVORCIO E SEPARACIÓN

“Ninguén o fai, porque ninguén quere estar casado, para despois ficar solteiro”⁹¹.

En Cabo Verde o divorcio existe dende 1981. Como se expuxo no terceiro capítulo, é unha práctica moi pouco utilizada nas localidades de orixe, acontecendo o mesmo nas comunidades de destino desta corrente migratoria. O divorcio é utilizado e aprobado socialmente só en casos excepcionais. Unha das razóns consideradas de peso para iniciar un proceso de divorcio é o adulterio feminino, valorado como unha das peores condutas dunha muller.

Toko chegou a Burela tras do seu pai e irmán en 2001, dende unha localidade costeira. Deixaba unha moza na casa da súa nai, á que “tirara de casa”. Ela, que era da veciñanza, ficaba embarazada e tivo un fillo aos poucos meses. Cando el conseguiu aforrar o suficiente, casaron por poderes e pouco despois, mentres se tramitaba a súa ida a Burela, descubriuse que a rapaza estaba novamente embarazada, sen que Toko tivera estado en Cabo Verde. Ela tivo que saír da casa da sogra no medio dun grande rebumbio. Nela deixou o seu fillo. Ficou en boca de toda a comunidade. As familias de ambos cortaron relacións, a pesar dos longos anos de amizade e veciñanza que tiñan cultivado. A parella divorciouse. El refixo a súa vida de parella anos despois, cunha moza chegada a Burela. Ela ficou na localidade de orixe, onde tamén refixo a súa vida e tivo máis fillos. O seu primeiro fillo nunca máis viviu con ela, ficando a cargo da aboa paterna.

Noutros casos deste tipo que coñezo en Cabo Verde, nos que non mediaba o casamento, senón o tirar de casa, as mulleres adúlteras abandonaron, do mesmo xeito que a anterior, a casa das súas

⁹¹ *Ningen ka ta fase pamodi algen ka kre sta kasado, pa ben sta soltero* (M8).

sogras ou da parella, deixando aos fillos alá, polo menos nun primeiro momento. En todos os casos foron expostas ao escarnio público, ficando marcadas perante novas relacións con homes, sendo vistas como menos merecedoras do apoio destes.

Algunhas veces o arraigo tan forte do costume de non divorciarse legalmente leva a que unha parella permaneza formalmente unida unha vez que finalizou a relación, estado que pode alongarse durante décadas, ate a morte dalgún deles. A práctica de separación non legalizada leva a que ambos cónxuxes podan manter novas relacións, que non se poderán legalizar, manténdose na memoria social a constancia do estado civil, a pesar de que as novas parellas sexan socialmente aceptadas. No contexto das mulleres migrantes en situación irregular, a imposibilidade dun novo casamento ou constitución dunha parella de feito pecha unha das vías posíbeis de regularización, como lle aconteceu a Dulce.

Dulce, natural dunha localidade costeira, chegou a Burela en 2008 coa súa filla adolescente. Ambas tiñan viaxado a Portugal para un tratamento médico da menor, cun visado especial. Pouco tempo antes, Dulce tiña iniciado unha relación de namoro cun migrante da súa localidade que se atopaba de vacacións. Este home residía en Burela dende os anos 80, onde traballaba como mariñeiro, vivindo separado da nai dos seus fillos, que moraba nunha localidade próxima a Burela, nunha situación excepcional na comunidade caboverdiana.

Moitos anos antes de nacer a súa filla, Dulce tiña casado cun veciño da súa localidade. O seu marido dedicouse á “mala vida” e ela deixouno. Posteriormente el migrou a Portugal e perderon o contacto. Anos despois, Dulce tivo a súa única filla cun home da súa localidade que tiña varias nais de fillo en simultáneo, co que non chegou a convivir e que morreu anos despois. Dulce tiña casa propia e traballaba como perruqueira e cociñeira, sen grandes apuros económicos.

Unha vez rematado o tratamento médico da filla, o namorado convenceuna para que foran vivir con el a Burela en vez de regresar a Cabo Verde. Dulce e a súa filla ficaron en situación irregular, sen poder acollerse a unha regularización a través do compañeiro, ao ser Dulce casada. Tempo despois, a convivencia non funcionou e foron acollidas pola familia do irmán dela, nunha situación de fragilidade ao non poder gañar o sustento de xeito legal. Só conseguiron regularizarse e ter a súa propia casa anos despois, após moito esforzo, traballo e sufrimento.

Dulce afirma que só espera que un día alguén a chame para comunicarlle que é oficialmente viúva, dun home co que non conviviu nin un ano da súa vida. Cando chegue ese día, ela executará o papel de viúva, recibindo visitas⁹² na súa casa e ficando aliviada dun peso que carrega dende a súa xuventude. Nese momento a memoria social activarase para que a comunidade envolvente lle preste as súas condolencias.

O divorcio nunca constituíu unha saída aceptábel para as mulleres de Burela, sendo contados os casos xa non só de divorcio, senón tamén de separacións de parellas adultas estábais. Un dos primeiros casos que se deron en Burela, en 1994, foi a separación de Nhanha, unha das pioneiras, tras permanecer unida libremente co pai dos seus fillos uns quince anos. Este feito desatou, segundo

⁹² Cando acontece unha morte, as persoas próximas son visitadas polos membros da comunidade, constituíndo un tipo de visita especial, que se prolonga por espazo dun mes, nas que se presentan as condolencias.

a súa protagonista, unha onda de críticas cara ela por parte da comunidade, que consideraba que debía permanecer xunto ao “marido” a pesar de sufrir a súa violencia. A ideoloxía de xénero tradicional, segundo a cal as mulleres deben soportar e sufrir todo o que lles acontecese, mostrábase con forza.

“Para os caboverdianos tes que estar aí aguantando, levando palizas, levando cornos, todos os días. Para que sexas tu unha muller honrada, como queren os caboverdianos, ten que ser así, tes que aguantar todo ... E senón eres unha... como Nhanha (risas)!”.

Neste caso, o feito de estar traballando dende a súa chegada a Burela axudou a Nhanha a afrontar a nova situación familiar, a pesar das críticas e da falta de apoio que considera sufriu por parte dos seus compatriotas.

“Es que yo siempre tiña que traballar en algo para vivir. Yo estaba con él namás que para, cuando le apetecía follar, follar. Nada más... Si. Pero las personas de fuera no entienden, algunas, algunas me criticaban a muerte ... las demás, que non entendieron, criticaron un montón, ... pero ellas sí que sabían, sabían mi situación ... Yo apoyo?. Non tuven de nadie. Tuven do home que estou con él. Do resto non tuven apoio de nadie. E dos meus fillos”.

Pouco tempo despois da separación, Nhanha emparellouse con outro home caboverdiano, que aportou unha filla ao novo fogar. Novamente foi criticada, desta vez por establecer unha relación cun compadre seu (el era padriño dun dos seus fillos e ademais ambos bautizaran á mesma nena), algo prohibido polos mandatos da honra e vergoña, que ela considera totalmente fora dos tempos.

Se no período das primeiras vagas foi excepcional a separación de parellas, estiveran ou non casadas, as cousas non mudaron moito coa chegada de novas familias na década de 2000. Para a maioría das mulleres casadas deste grupo, o divorcio ou separación continúan sen ser alternativas válidas.

“Eu teño un problema, se eu non estivera casada, deixaría ao meu home e viviría soa, e viviría mellor. Non me separo porque estou casada, e listo, xa non hai nada pero xa estamos emigrados, non?. Por agora intento levalo así, polos meus fillos...⁹³”. (M8)

A maioría das mulleres entrevistadas consideran que hai casos nos que se pode xustificar esta práctica, mais nunca por falta de amor ou por un desexo de liberdade da muller, senón por causas como o maltrato, que agora son vistas como razóns válidas para iniciar un proceso de separación por parte da muller, en contraposición aos tempos pasados, nos que se pensaba que a muller debía estar co marido e sufrir todo o que lle acontecese no ámbito da relación de parella.

⁹³*Mi n ten un prublema, a mi si mi ka era kasadu, n ta dechaba omi n ta bibia mi so, n ta bibia mas midjor. N ka ta fase pamodi a mi sta kasadu i, prontu, é ka nada dja goci mas, ma dja nu sta embarkadu, no?. Ma, por nhas fidju, por ahora n ta tenta leba, asi.*

Ao longo do tempo ten existido un xeito socialmente ben considerado de romper un matrimonio por parte da muller. Esta debe facelo dun xeito discreto e silencioso, abandonando a súa casa con destino a algún lugar lonxano do espazo diaspórico, onde poida ser recibida e apoiada por persoas da súa rede familiar. Normalmente as escasas rupturas que se teñen producido ao longo dos anos estiveron asociadas a episodios de maltrato e violencia, que no presente xustifican a fuxida ante a comunidade, ou entón unha asimetría na parella, como lle aconteceu a Naia. A desigualdade na súa relación conxugal non se debía unicamente a á diferenza de idade co seu marido, senón tamén á inexperiencia dela e ao seu carácter “manso” como resultado do proceso de socialización de xénero no país de orixe.

Naia chegou a Burela en 1998 como esposa dun emigrante natural dun val veciño, moitos anos maior que ela, que levaba máis de vinte anos en España. Durante unhas vacacións, namorouna e tirouna de casa, o que provocou a súa unión, aínda que non se chegaron a casar daquela. Cando el regresou a Burela, Naia ficou en Cabo Verde coa súa familia, xa que o emigrante xa non tiña nai, á espera de que el a “mandase buscar”. Mentres tanto tivo un fillo ao que deixou ao coidado da súa nai, cando migrou. Naia era nova e inexperta cando deixou atrás a aldea costeira onde se criara dende pequena, tras o regreso da familia de São Tomé, onde nacera. A separación da súa nai, irmás, cuñadas e veciñas foi amarga, a tristura acrecentada polo medo que sentía ao descoñecido. Ela non era das que tiñan planes de emigrar. En Burela pasou longos meses a chorar, ate que conseguiu traer ao seu pequeno. Naia vivía nunha casa vella, húmida e escura, na que pasaba longas horas soa, entre marea e marea do marido. Traballou durante anos como doméstica na casa dunha parella de Burela. Atopou consolo nas outras mulleres, maiores que ela, que se preocupaban dela e que a convidaban ás actividades comunitarias. Despois da chegada do seu neno, acolleu a un fillo preadolescente do seu home, que sempre se tiña criado coa súa nai en Cabo Verde. Naia tivo unha filla pouco despois e abandonou o traballo fora da casa. Conseguiu puxar á súa irmá de Cabo Verde, que meses despois mudouse a Zaragoza co seu compañeiro. A vida foi pasando, ela sempre na casa, sen traballar fora, mais participando das actividades comunitarias. Un día Naia desapareceu cos seus fillos. Decidira separarse do seu home. Non se entendían e ela sufría maltrato periódico. Naia saíu discretamente a reunirse coa súa irmá. Nunca regresou a Burela. Non se oíron comentarios críticos cara ela. Uns anos despois os seus fillos comezaron a realizar visitas ao pai e a permanecer temporadas con el. Descoñezo se a parella se divorciou legalmente unha vez consumada a separación.

Teño coñecemento de algúns casos puntuais deste tipo ao longo das tres décadas en análise, nos que as mulleres, acompañadas dos seus fillos, abandonaron non só ao home, senón tamén a localidade de residencia da parella, poñendo terra de por medio, non regresando nin de visita. Nestes casos acostuma existir unha comprensión por parte das outras persoas, se son coñecedoras da situación da parella, non sendo a muller condenada socialmente pola súa iniciativa. Neste aspecto parece que as cousas mudaron dende o tempo en que Nhanha se separou, no inicio dos anos 90, se ben hai que ter en conta que ela non deixou a localidade, senón que permaneceu nela e refixo a súa vida de parella, contrariando a pauta de saída discreta. Voces minoritarias apuntan a unha mudanza nas valoracións asociadas ás separacións ou divorcios, incidindo na maior posibilidade de romper unha relación insatisfactoria que ten unha muller que traballa fora do espazo doméstico. Mais neste caso

referíndose a unións libres, nas que se convive sen mediar o matrimonio, que anteriormente eran moi infrecuentes en Burela.

“Unha muller que estea afeita a saír de casa, por exemplo, se vive cun home e non está ben, non está a gusto, vaise e fai a súa nova vida⁹⁴”. (M9)

En definitiva, na actualidade o divorcio continua sen constituír unha opción ou saída para as mulleres casadas cuxas parellas non funcionan, agás que exista violencia. O vínculo adquirido no casamento pola igrexa continua considerándose como algo sagrado e irrompíbel. No caso das mulleres unidas libremente a separación constitúe en maior medida unha opción, sobre todo no caso das novas e descendentes, entre as que existen varios casos de separacións após a convivencia e maternidade.

A pesar da seriedade coa que normalmente se aborda o matrimonio na cultura rural caboverdiana, este pode ser un medio para lograr unha mellora ou ascenso social, como definía Correia e Silva (2001) para os casos de alforrías das “nais de fillo”. Tenho coñecemento dun único caso de instrumentalización do matrimonio para lograr materializar un proceso migratorio que a muller que desexaba exercer de puxadora non conseguía afrontar en solitario, por falta de capital. Trátase dun caso absolutamente excepcional, no que as mulleres participantes (puxadora e puxadas) reverteron o machismo ao seu favor, logrando materializar o seu proxecto migratorio aproveitando a percepción masculina de que unha das aspiracións ideais das rapazas caboverdianas é o matrimonio cun emigrante. A súa procedencia doutra illa do arquipélago foi sen dúbida un elemento de peso na estratexia seguida.

Nana é a única muller adulta da comunidade que en 1998 vivía soa, sen marido nin fillos. Natural dun medio urbano doutra illa, e polo tanto, fora do control social na sociedade de orixe, pretendía puxar a algunha das súas irmás ou sobriñas de Cabo Verde, mais a súa situación económica non lle permitía exercer de puxadora. Así que lle propuxo a Fifi, un migrante nos corenta e pico anos de idade, solteiro, que vivía só, que casara cunha sobriña dela, moito máis nova, que ansiaba saír do país. Sen coñecerse máis que a través de fotografías, Fifi casou coa rapaza por poderes e iniciou o proceso de reagrupamento. Pouco despois chegou a sobriña de Cabo Verde, que non demorou en separarse e divorciarse do puxador, que ficou novamente só. A sobriña de Nana foi o primeiro elo dunha cadea a través da que chegaron posteriormente a súa nai, irmá de Nana, e dous fillos desta última. Estas mulleres conviven nun fogar encabezado polas tres, que partillan existencia. Anos despois, Fifi viaxou á súa localidade de orixe, novamente coa intención de arranxar esposa.

⁹⁴ Un mudjer dja sabi sai di kasa, pursempu se e sta dentu kasa ku omi, se e ka sta sabi ke es ka ta sta a gusto, e ta sai, e ta fasi si nobu vida.

5.6.2. ABANDONO MASCULINO

Os anteriores exemplos de separacións responderon á iniciativa das mulleres, fundamentalmente como fuxida a situacións de maltrato. Así como as prácticas de divorcio e separación entre as primeiras xeracións constituíron excepcións ao longo da historia da comunidade caboverdiana da Mariña, sucede o mesmo coas prácticas de abandono masculino e desresponsabilización respecto da familia, que só comezan a estar presentes, aínda que de xeito minoritario, nas segundas xeracións, dando lugar a fogares monoparentais encabezados pola muller. O abandono por parte dos homes das mulleres e os seus fillos son cada vez máis comúns no Cabo Verde das últimas décadas. Nembargante, en Burela, este tipo particular de separacións foi moi pouco significativo ou inexistente nas xeracións das primeiras vagas.

Nonô chegou a Burela en 2000, puxada pola súa tía, a punto de chegar á maioría de idade. Conviviu coa tía e a súa familia como unha filla máis. Comezou a traballar nun bar e a namorar cun rapaz de segunda xeración, dous anos maior que ela, que nacera en Lisboa, dende onde chegou a Burela en 1995. El traballaba como mariñeiro. En 2005 tiveron o seu primeiro fillo e foron vivir xuntos, despois de moitos problemas coa familia del, á que non lle gustaba a noiva escollida polo seu fillo. Nonô continuou a traballar. O compañeiro viaxou a Cabo Verde, onde deixou unha rapaza embarazada, algo que nunca ocultou a Nonô nin á comunidade, facendo gala da súa virilidade. En 2009 Nonô tivo outra filla, retomando o seu traballo na hostalaría despois do descanso de maternidade. Cando a nena tiña uns dous anos, el viaxou a Franza na procura de traballo e coñeceu outra rapaza caboverdiana, coa que iniciou unha nova relación. Abandonou a Nonô e aos dous fillos comúns e instalouse en Franza coa nova compañeira, desresponsabilizándose dos fillos que tiña deixado atrás. A vida púxose moi difícil para Nonô, que co seu salario de camareira dificilmente pode sacar adiante aos fillos, contando coa axuda e apoio da súa tía e da familia desta.

No caso anterior chama a atención o comportamento masculino, por tratarse dun rapaz que non foi socializado en Cabo Verde, que mantén viva a imaxe do home *polinizador*, aínda que baleiro de responsabilidade. Convén lembrar que este tipo de prácticas paternais non responsábeis son, segundo boa parte dos testemuños e informacións recollidas, propias das últimas décadas en Cabo Verde, sendo lembrados nas localidades de orixe este tipo de homes, pais de moitos fillos con diferentes nais, como responsábeis economicamente, en maior ou menor medida, da súa descendencia.

A pesar de que o colectivo de maior idade do grupo de descendentes introduciu novas prácticas e relacións de xénero no seo da comunidade, máis próximas ás habituais na sociedade galega, en situacións especiais agroman formas propias da cultura tradicional por parte dos descendentes nados e/ou socializados na Europa.

5.6.3. ADULTERIO FEMININO E CASTIGO

Un dos aspectos que foi mudando co crecemento das descendentes é a maior liberdade sexual das rapazas respecto do modelo vivido e experimentado polas súas nais. Aínda así, en Burela deuse un caso, ben avanzada a década de 2000, que evidenciou a vixencia, aínda que marxinal, dos valores e comportamentos ligados ao esquema de honra e vergoña. Merece destacarse, no caso que sigue, que os protagonistas principais tampouco naceron nin se socializaron en Cabo Verde, senón no espazo migratorio.

Nair é unha o xove descendente de pai e nai caboverdianos, nacida en 1981 nun barrio de Lisboa, onde medrou ate os 14 anos de idade. Ela, a *kodé* da familia, chegou a Burela en 1995 xunto á súa nai e seus dous irmáns, seguindo ao seu pai. Nair estudou ate conseguir o Graduado Escolar e despois foi conseguindo traballos na hostalaría, sendo unha das primeiras rapazas caboverdianas en traballar de cara ao público en Burela. Namorou durante varios anos cun rapaz de segunda xeración, nacido e criado en Burela, co que se foi vivir cando tiveron ao seu primeiro fillo, en 2002. Despois hipotecáronse nun piso e tiveron dous fillos máis. O compañeiro de Nair traballaba ás veces en terra, ás veces no mar, e ela, agás nos embarazos e permisos de maternidade, na hostalaría e comercio. En 2010 toda a comunidade soubo que ela tiña sido descuberta mantendo relacións sexuais con outro rapaz caboverdiano, chegado coa renovación do fluxo. Nair abandonou a súa casa e refuxiouse na dunha tía. A familia do seu compañeiro non tomou represalias, mais a súa propia considerou que Nair tiña incorrido nunha falta gravísima. Un dos seus irmáns, xunto cos pais, agrediuna en plena rúa, algo que só pode ser entendido como un xeito de limpar a honra familiar. O outro irmán, que estaba ausente, quebroulle varias pezas do coche ao seu regreso. Meses despois, Nair foise de Burela, primeiro a Holanda e posteriormente a Francia, co apoio da rede familiar na diáspora. Unha vez que conseguiu traballo e casa, regresou a Burela para tomar aos seus fillos e levalos canda ela. Refixo a súa vida de parella con outro migrante caboverdiano.

5.6.4. PRÁCTICAS DE CONSOLIDACIÓN DE NOVAS PARELLAS EN BURELA

En Burela acostuma acontecer que as parellas de xente moza do grupo de descendentes decidan vivir xuntas e acaben por facelo, comunicándollo previamente ás familias de ambos, normalmente sen maiores problemas, do mesmo xeito que fan moitas parellas autóctonas. Non é frecuente recorrer ao “tirar de casa”, xa que polo xeral os mozos e mozas, especialmente os socializados en Burela, xa non coñecen este tipo de práctica. Mais no caso dos xoves chegados coa renovación do fluxo continua sendo significativa como xeito de consolidar familiar e socialmente unha relación de parella.

Só teño coñecemento dun caso de *tra di kasa* nos últimos anos. Nel utilizouse esta práctica cultural para facer efectiva unha relación que xa contaba co beneplácito da familia dela, aínda que non estivera de acordo en que fora vivir co namorado. A parella contaba con espazos de intimidade, polo que o contexto de perda da virxindade xa non facía sentido. O sentido último desta práctica foi

utilizala como xeito de presión ante a familia da rapaza, contraria a que esta abandonara o fogar familiar. A parella, que actuou seguindo as prácticas tradicionais, está formada por dous xoves recién chegados de Cabo Verde, el como traballador, ela como descendente.

Carla é a filla maior dunha familia caboverdiana, chegada de Cabo Verde en varias etapas ao longo da década, que vivía cos pais, catro irmáns e un tío paterno. Despois dun tempo en Burela, despois de alcanzar a maioría de idade, comezou a namorar con **Djoi**, un mozo dunha zona de interior, que chegara a Burela en 2006 cos seus dous irmáns. Carla e Djoi pasaban xuntos moitos momentos e dispoñían de intimidade na casa del, que convivía cun dos seus irmáns.

Despois de moitas presións do namorado, Carla accedeu a que fosen vivir xuntos. Pensaron que a mellor maneira de facelo sería que ela deixara a casa dos pais sen informarlles, ou o que é o mesmo, que el a **tirara de casa**. Para concretizar esta práctica, simplemente ela non regresou durmir á casa paterna, ficando co seu noivo e mandando recado a través dos seus irmáns. Despois, a parella agardou con ansiedade a bendición dos pais dela, é dicir, o asentimento destes ante a nova situación, na que a filla efectivamente xa decidira abandonar o fogar paterno, e non había volta atrás. O ciclo fechouse coa visita do pai e o tío, que deron a súa aprobación á nova situación, comezando a existir un tratamento de familia entre os dous grupos domésticos.

5.6.5. RELACIÓNS POLIXÍNICAS

Unha das tipoloxías familiares caboverdianas que nunca se trasladou á sociedade de destino é a das familias compostas ou polixínicas, inexistentes ao longo das tres décadas de historia da comunidade.

As mulleres establecidas en Burela son conscientes do peso que a polixinia ten nas localidades de orixe, nas que, como se dixo anteriormente, constitúen un dos tipos de familia historicamente construídos e socialmente aceptados para facer fronte á supervivencia. O peso da tradición é un dos argumentos utilizados polas mulleres para considerar esta como unha das opcións posíbeis de familia na sociedade de orixe, aínda que teñen claro que non é unha opción aceptábel na sociedade de destino.

“Normal non é, mais é respectábel para min, porque xa que son cousas que xa existían cando eu nacín, non teño porque meterme con elas, porque eu non poderei acabar con elas⁹⁵ “. (M8)

Outra das argumentacións que as mulleres utilizan para explicar a existencia de familias alargadas en Cabo Verde, alén da tradición, baséase nunha suposta desproporción dos sexos na sociedade de orixe, que faría que as mulleres foran máis numerosas que os homes. Como se viu no estudo demográfico das localidades de orixe, na actualidade este desequilibrio é inexistente, sendo nalgúns

⁹⁵ *Normal e ka é, mas é respectable, pa mi, porque, se é kuzas kin nasi n atxa, a mi n ka ten porque ben mete nel, pamodi n ka podí ben kaba kuel.*

casos a proporción de mulleres incluso menor que a de homes. No caso das mulleres das primeiras vagas ese desequilibrio existía de xeito máis acentuado, como resultado dunha migración predominantemente masculina. A partir da década de 80, na que as mulleres de Santiago comezaron a migrar masivamente a Europa nos procesos de reagrupamento, comezou a equilibrarse a proporción de sexos na sociedade de orixe.

As badías de Burela achacan a inexistencia de relacións polígamas no destino migratorio a varios factores, destacando nos seus discursos as razóns económicas, xa que o estilo de vida e as condicións que se desenvolven na sociedade de destino imposibilitan que o home faga fronte ás responsabilidades económicas con todas as mulleres coas que podería ter fillos. Neste campo os homes son conscientes de que a lei española pode obrígalos a cumprir coa responsabilidade económica de sustento dos fillos e fillas, algo que na actualidade tamén está contemplado na lei caboverdiana, aínda que sexa difícil o seu cumprimento.

“Aquí o home non pode arranxar dúas ou tres, ou catro ... non, eu penso, non sei, eu, así como estou cunha parella acó, se el se enreda con outra muller e doume conta, entón deixaríao, iríame, porque no estranxeiro non se pode ter dúas ou tres ou catro, porque aquí é outra terra, diferente, acó todo págase, un home non pode sustentar a dúas, tres ou catro. Nin en Cabo Verde, que é unha terra pequena, e os homes teñen que namorar con tres ou catro ... e as mulleres non pensan así, as mulleres que razoan din: “non, este home xa ten muller, non podo arranxar con el”⁹⁶. (M7)

Unha das responsabilidades que tradicionalmente se asociaba aos homes na sociedade de orixe é a manutención das “nais de fillo”, algo que nas últimas décadas foi mudando, dándose unha irresponsabilización masculina xeralizada que ten levado ao aumento de nais solteiras en familias monoparentais encabezadas por elas mesmas, que non reciben recursos por parte do home, que se desentende da súa descendencia e da figura materna, contrariando as expectativas femininas de que o home colabore no sustento da súa prole.

“Se o meu marido ten fillos con outra muller, nunca tomaría ese neno, non porque non poida, podo criar calquera neno que me dean para criar. Pero nese caso, non o tomaría, porque se tes un fillo, o home co que o tiveches tenche que dar comida para o fillo e para que ti comas “no teu fillo”. Se eu tomo o neno, xa non comerás nada do teu fillo, entón é mellor que fiques co teu fillo, que o home se de caña,

⁹⁶ *Li omi ka podi arranja dos ku tres ku kuantu... nau, a mi n atxa, a mi n ka sabi, ma mi, sima n sta ku algen li, si e ta ranja otu mudjer ki mi n da konta, a mi n ta sai, a mi n ta sai pamodi estranjeru ka ta da pa omi tene dos ku tres ku kuantu, pamodi li é un terra distintu, li tudu kuza é pa bu paga, un omi ka podi sustenta dos ku tres ku kuantu .. nen na CV, so que nos CV, é un poko pikinoti, dja omi ten ki arranja dos ku tres ku kuantu .. i mudjer ka ta pensa si, mudjer ki ta pensa ta fla si: no, flano ten di sel, n ka podi arranja...*

porque ten que darlle ao seu fillo comida, para ti, porque, segundo nós dicimos: a muller come do seu fillo ou do seu sexo, non?⁹⁷. (M8)

Este tipo de consideracións vincula claramente maternidade e supervivencia, de xeito que ser nai implicaría ter gañado o dereito a ser sustentada polo pai de fillo, dereito que a nai de fillo perdería se o este fose criado pola muller do seu pai. As mudanzas acontecidas no arquipélago nas últimas décadas provocaron que esta posibilidade sexa cada vez menos frecuente, coa consecuencia de que as mulleres en moitos casos se carguen de fillos á espera de que o pai se responsabilice pola súa supervivencia.

Nos casos de **fillos de fora** do matrimonio, as mulleres continúan tendo interiorizado que deben facerse cargo dos fillos que o home ten con outras mulleres, de xeito que a responsabilidade paterna trasládase á esposa, incluso no espazo transnacional.

Grasi e Nené chegaron a Burela escalonadamente, a través da cadea de Zeka e Talvina (ver apartado 5.1.2.1.), reagrupando aos seus dous fillos en 2002. Ambos estaban unidos libremente e casaron pola igrexa no destino migratorio. En 2005 Grasi viaxou de vacacións á súa localidade natal, onde mantivo unha relación cunha rapaza que ficou embarazada e tivo unha filla meses despois. Nené soubo da situación a través da “rede de cotilleo” transnacional. En 2007 Nené tivo un terceiro fillo en Burela. Poucos anos despois fíxose cargo da filla que o seu marido tivera en Cabo Verde, de onde chegou para incorporarse ao grupo doméstico “lexítimo” do seu pai.

Do anterior despréndese que a responsabilización da esposa respecto dos fillos de fora do marido no espazo migratorio, puxados a través de procesos de reagrupamento, non implica en ningún caso a aceptación da migración da nai de fillo, que suporía a presenza no destino migratorio de ambas mulleres.

A pesar de non aceptar as relacións polixínicas en España, si se poden aceptar de xeito transnacional, de maneira que un home non debe traer dúas das súas mulleres, aínda que si pode manter unha relación deste tipo, sempre que cada muller resida nun país diferente. Resulta interesante como a seguinte informante define Lisboa como un lugar no que se reproducen, case de xeito idéntico á sociedade de orixe, este tipo de combinacións familiares, baixo o argumento dunha suposta maioría de mulleres fronte aos homes. Probabelmente as condicións de vida en Lisboa, nun modelo de segregación respecto da sociedade portuguesa, moi diferente ao modelo de separación vixente en

⁹⁷ *Si nha marido pare ku algen, nunka n ka ta toma si fidju, e ka pamo n ka ta toma, n ta toma a mi n ta kria, un kualker algen ta dan si fidju pan kria, ma sabi n ta krial el, mas mi ki ka ta toma, pq bo si bu ten bu fidju, omi ki bu pare kuel ten ki ta dau kumida pa bu fidju pa bu kume na bu fidju. Sin tomou el, a bo, dja bu ka ta kumi nada di bu fidju, nton bu fidju bu ta fika kuel, omi go kit a da si kanha, ten ki ta da si fidju pa kumi, pa bo, pamodi, segun nos nu ta fla, mudjer ta kume na si fidju o na si kadera, no?.*

Burela, no que non existe ningún tipo de segregación espacial, contribúen á perpetuación destes tipos familiares, que teñen sido obxecto dalgúns estudos (Trovão e Ramalho, 2010).

“Aquí non; pode ter dúas mulleres en Cabo Verde, pero aquí xa as mulleres non permiten que o home teña dúas mulleres. Como aquí nunca se viu aos brancos facer iso, as mulleres pretas tampouco o consenten máis, porque crea problemas. Porque acá necesitamos máis diñeiro. Aquí a muller xa non llo permite ao home. En Lisboa si. Lisboa é como Cabo Verde, todos os homes teñen tres ou catro mulleres. Porque hai máis mulleres que homes. Aquí en España, xa non se permite. As mulleres que xa están en España non o permiten. Os homes poden ter muller aló en Cabo Verde, ir vela, si, pero xa para que estean as dúas aquí en España, non. Aquí si que se lle complicaría moito a cousa a un home⁹⁸”. (M8)

Polo xeral, os homes á fronte dunha **familia composta** que migraron a Burela na nova vaga non puxaron ningunha das mulleres que deixaran no arquipélago. Nos casos nos que un home á fronte dunha estrutura familiar complexa é casado, non hai dúbida de cal sería a muller a reagrupar: a esposa. Mais cando ningunha das mulleres está casada, senón que foi tirada de casa ou vive como rapariga ou simple nai de fillo, a cousa non está clara. Neste caso, o home debe escoller a unha das mulleres e casar con ela por poderes para facilitar a migración. Coñezo historias de conflictividade e de certo xogo por parte do home ao pretender escoller unha delas para casar, sendo motivo da quebra das boas ou correctas relacións entre as mulleres *kumbosas* nas localidades de orixe. Tamén de casamentos por poderes realizados con moito sixilo, para que non se fixera pública a intención dunha das mulleres de migrar como esposa do “marido” partillado. Como se indicou no terceiro capítulo, neste tipo de conflitos entre mulleres é frecuente que existan sospeitas ou acusacións entre as *kumbosas* de emprego da maxia e feiticaría contra a outra.

Nunha das miñas viaxes a Cabo Verde, unha muller entregoume un paquete de *kamoka*⁹⁹ para o seu “marido”. Este estaba en Burela, onde tamén residía a *kumbosa*. Unha vez en Burela, recibín na miña casa a visita desta última, moi alterada, convencida de que se o home que ambas mulleres partillaban comía este alimento, el ficaría “enfeitizado” e non a querería máis. Supostamente, a *kamoka* sería o vehículo a través do cal a súa *kumbosa* faría efectivo o feitizo dende miles de quilómetros de distancia. Esta muller non parou ate conseguir que lle entregara a encomenda, o que fixen tras comprobar a súa anguria, desculpándome ante o home por ter “extraviado” o seu presente.

⁹⁸ *Li no, podi teni dos mujer la CV, li dja mujer ka ta permiti omi teni dos mujer. Como li es ka ta odja nunca branku kuel, tampoko, mujeres preto, dja ka ta konsinti, bu ta odja, dja es ta kria prublema. Pamo li, nu ta necesita mas dinheru . Li, li, dja mujer ka ta permiti omi. Na Lisboa si. Na Lisboa é cima na CV, tudu omi tene tres ku kuantu mudjer. Porque, komo si dise, mudjer é maioria ki omi. Li na Espanha dja ka ta permitido. Mudjer dja ki dja sta na Espanha ka ta permiti kel la. Omi go, podi teni mudjer la CV, bai, si, mas dja pa sta li na Espanha dos, no. Ali si ki kuza ta komplika omi tantu...*

⁹⁹ Fariña de millo torrada, alimento habitual na dieta caboverdiana.

Noutros casos de familias compostas, os homes, en vez de promover a migración dalgunha das mulleres, tentan puxar no seu canto aos fillos maiores, se os teñen, intercalando entre os fillos das diferentes nais. Isto tamén pode ser fonte de problemas, dos que non sempre o home é responsábel. Coñezo un caso no que un dos chegados na nova vaga, cabeza de dúas familias na localidade de orixe, ningunha delas legalizada polo casamento, conseguiu traer a un dos fillos maiores no período final de funcionamento da rede. Unha segunda tentativa de puxar ao fillo maior da outra nai fracasou polo feche do continxente. A nai deste último interpretou que o seu “marido” estaba a favorecer á outra muller e pasou longos meses sen chamalo nin poñerse ao telefone.

Ao longo de todos estes anos foi absolutamente excepcional a chegada de dúas mulleres dun mesmo home a Burela. Mais toda norma ten a súa excepción. O seguinte relato ilustra un caso deste tipo, no que unha das mulleres, contravindo a cultura migratoria badía, seguiu ao seu “marido” sen ter sido chamada por el, a través do *kontrolu*. Despois de que el non a “quixera tomar”, a súa *kumbosa*, convertida en esposa por poderes, chegou pola canle legal, acompañada da súa prole.

Zinha, nacida nunha aldea interior en 1962, xuntouse a Chiko, dous anos maior que ela e natural dunha aldea costeira veciña, cando este xa tiña pedido noiva na veciñanza, estando comprometido publicamente a casar con ela. O home abandonou a noiva, embarazada, e xuntouse con Zinha. Mantiveron unha relación ao longo de moitos anos, da que tiveron seis fillos, a primeira en 1982 e o kodé en 1998. Zinha mudouse a Praia, onde traballaba vendendo nun mercado da cidade.

Chiko, dous anos despois de iniciar a relación con ela, comezou outra relación en Praia, da que tivo tres fillos máis (nacidos en 1985, 87 e 89), intercalados cos anteriores. Chiko mantivo durante uns vinte anos a relación con Zinha e a súa *kumbosa*, sen casar con ningunha delas.

En 2000, Zinha axudou economicamente a Chiko na súa migración, cando o irmán del puxouno dende Burela. Un ano despois, unha vez que este xa estaba instalado, como non a “mandaba buscar”, Zinha decidiu ir reunirse con el, o que conseguiu a través do *kontrolu*, vía Portugal. Unha vez en Burela, Chico pasou un tempo con ela, ate que se separaron. El decidira non “tomala”.

Entón Chico decidiu puxar á outra muller, así que casou con ela por poderes e iniciou o reagrupamento dela e os seus tres fillos, que se instalaron a vivir con el en Burela entre 2004 e 2006. As relacións entre as dúas familias foron tensas inicialmente, mais as cousas acabaron por pacificarse, tratándose correctamente todos os fillos e fillas de Zinha e da esposa do seu pai, de idades semellantes.

Zinha contou co apoio da súa filla maior, que chegara a Burela pouco despois dela, seguindo ao seu home. No momento da separación do seu “marido”, Zinha ficou soa, en situación irregular e separada dos seus outros cinco fillos e fillas menores, dos que só conseguiu reagrupar catro deles anos despois, após moito traballo e esforzo.

5.6.6. PRÁCTICAS DE RESISTENCIA ÁS MUDANZAS NAS RELACIONES DE XÉNERO

La amenaza de la diferencia también ha cegado a las personas de Color... La permanente batalla contra la aniquilación de la raza, librada en conjunto por las mujeres Negras y los hombres Negros, es la causante de que algunas mujeres Negras continúen negándose a reconocer que también estamos

orprimidas como mujeres y que la hostilidad sexual contra las mujeres Negras no es patrimonio exclusivo de la sociedad racista blanca, pues también ocurre en las comunidades Negras. Es una enfermedad que golpea el corazón de la nación Negra y el silencio no la hará desaparecer. Exacerbada por el racismo y por las tensiones generadas por el desvalimiento, la violencia contra las mujeres y niñas Negras se convierte muchas veces en norma y medida de la virilidad en nuestras comunidades.

Audre Lorde, "La hermana, la extranjera" (2003)

En Cabo Verde, o traballo contra a violencia de xénero iniciouse nos anos 90, a partir da creación do ICF, sendo un dos temas presentes na súa axenda. Na década de 2000 intensificouse a partir da redefinición das políticas de promoción da igualdade e equidade de xénero e a creación do ICIEG, dando lugar á elaboración e aprobación en 2006 do anteriormente citado *Plano Nacional De Combate à Violência Baseada no Género*, que parte do seguinte diagnóstico.

A desigual repartición do poder na familia e na sociedade, fundamentalmente a nivel dos órganos de decisión entre homens e mulleres explica, em parte, os contornos da VBG. Esta é vista, muitas vezes, de forma naturalizada, como um mecanismo legítimo de exercício da autoridade e do poder normalmente do homem nas relações conjugais ou mesmo fora delas. Esta perspectiva encontra-se enraizada em comportamentos de indivíduos e instituições o que torna difícil o seu combate.

Segundo o devandito Plano, existe unha fonte de lexitimación da violencia contra as mulleres na propia orde cultural, que acepta e tolera este tipo de comportamento, que se ve agravado no caso das mulleres que se encontran en situación de pobreza, sendo o colectivo de mulleres xefas de familia un dos máis vulnerábeis a este fenómeno. A pesar da falta de estudos específicos sobre a incidencia da VBG no arquipélago, existen algúns datos que, no marco de investigacións máis amplas¹⁰⁰, alertan que o 22% das mulleres afirman ter sido vítimas dalgún tipo de violencia doméstica, cunha maior incidencia nos grupos de idade entre os 20 e os 39 anos, que coinciden coa maior parte do colectivo adulto chegado a Burela na década de 2000.

As mulleres da primeira e segunda vaga, chegadas a Burela antes da década dos 90, teñen acompañado os profundos cambios acontecidos na sociedade dende ese momento, a entre eles a evolución cara modelos de xénero máis igualitarios, aos que se foron adaptando. Estas mulleres teñen criado fillas que naceron e/ou se socializaron no destino migratorio, seguindo modelos de feminidade diferentes aos da sociedade de orixe das súas nais, que tamén influíron na flexibilización dos mandatos de xénero nos que estas foron socializadas. A súa soidade permitiu un cambio de roles por pura necesidade, da que moitas delas se fixeron conscientes no transcorrer da intervención. As

¹⁰⁰ Inquérito Demográfico e à Saúde Reprodutiva II (IDSR), aplicado en 2006 a mulleres entre 15 e 49 anos.

migrantes caboverdianas de maior idade só convivían cos seus maridos en períodos moi breves, dispoñendo dunha ampla autonomía a maior parte do ano para organizar as súas vidas e as das súas familias, sen ter que estar pendentes da obriga cotiá de **servir** ao marido.

As mulleres das vagas iniciais, ademais de exercer en solitario a maternidade e a xestión do fogar, conseguiron ir mudando a mentalidade dos seus maridos, algo que segundo unha das descendentes entrevistadas non acontece na mesma medida nas familias da recente vaga.

“Creo que nos debemos sentir moi orgullosas grazas á situación que nos tocou vivir na casa, porque por exemplo, todos os maridos, como os nosos pais, nalgunha época da súa vida foron ao conxelado, co cal, estiveron sete ou oito meses fora. Pero á volta, como que as mulleres fixéronlles cambiar de mentalidade... hoxe estou moi orgullosa desa parte, porque logo vexo esa xente nova que ven agora ... da nosa idade, e vexo que se está recuando, como veñen totalmente con aquela mentalidade e non ven que poden, que pode existir outra forma de vivir“. (D2)

Esta moza, nacida en Burela, viaxou varias veces a Cabo Verde, o que lle permite ter un coñecemento directo da sociedade de orixe dos seus proxenitores. Ten unha visión moi crítica das relacións de xénero nas localidades do interior de Santiago, que, segundo ela, mantéñense de xeito claro entre as familias chegadas na última década. O seu discurso apunta a que na nova vaga de migrantes chegados de Cabo Verde na década na que ela se fixo adulta, as relacións de xénero permanecen **inmutábeis**.

“En Cabo Verde as mulleres seguen, non sei, seguen tendo un estatus onde parece que o marido, veneran ao marido como si fora un deus... Bueno, eu as veces que fun a Cabo Verde foi o que vin, os homes están alí bebendo, pois que se van de festa e teñen tres ou catro mulleres e a muller está na casa, vai traballar a horta, vai vender os produtos da horta, coida dos fillos, mantén a casa, e seguen como, non sei, é que eu esa situación cando a vexo a día de hoxe non a entendo“. (D2)

As mulleres das primeiras vagas, polo xeral, consideran que as súas **relacións de parella** baseáronse na confianza dos homes, que na ausencia eran conscientes que as mulleres tiñan liberdade de movemento, algo moi importante, dado o tipo de relación intermitente que o mar impuña.

“Todos os homes que tiñamos, tiñan confianza nas súas mulleres, foran estas a onde fosen. Se un home non ten confianza na muller, é mellor non vivir con el, porque non te deixará vivir, porque se non ten confianza na muller, nin che deixará saír tranquila a traballar, nin dentro de casa¹⁰¹“. (M4)

Esa confianza apuntada por varias das entrevistadas de maior idade pode explicar a escasa resistencia dos homes das primeiras vagas ao proceso de empoderamento das súas esposas. Os discursos das

¹⁰¹ *Tudu kel omi ki nos nu temba es temba kunfiansa na ses mudjer, undi ki ses mudjer bai ten.. Un omi se e ka tene konfiansa na se mudjer, ka bu bibi kuel pamo e ka ta deichabu bibi, e ka te dechabu bibi, pamo se bu ka tene kunfiansa na bu mudjer, bu ta bai trabadju, bu ta dechal dentu kasa, se bu ka teni konfiansa na bu mudjer, bu ta decha dentu kasa e ta faceu mal igual.*

migrantes das vagas iniciais atribúen un maior **machismo** aos homes da nova vaga, que dende o seu punto de vista non respectan ás mulleres na súa tentativa de gañar autonomía a través do traballo, enveredando polo camiño da violencia contra elas.

“Yo creo q ahora las mujeres saben buscar su manera de vivir, ese ahí creo que hay machismo, sabes, como ven que las mujeres saben buscar la vida, a lo mejor eso que quieren controlar, por eso hai tanto...”. (M1)

Segundo algunhas informantes, nas décadas pasadas existiron parellas nas que se daba unha relación de tipo violento. Tratábase de casos moi localizados, nos que ninguén se atrevía a intervir. Nos casos de **violencia de xénero** no pasado, a ausencia masculina xogou probabelmente un efecto amortecedor, xa que era practicada dun xeito non cotiá, limitándose aos descansos periódicos dos mariñeiros. Nestes breves intres as mulleres, como se dixo anteriormente, afanábanse en servir e coidar ao marido tras un longo período de ausencia, non contrariando o rol de xénero que se esperaba delas. A maior parte dos casos de violencia que coñezo no pasado acabaron coa ruptura da parella, ben por iniciar o home unha nova relación (abandono masculino), ben pola fuxida da muller segundo as pautas descritas no apartado anterior. Moitas das mulleres entrevistadas de maior idade consideran que na actualidade existe unha maior incidencia de casos deste tipo entre as parellas da nova vaga, un fenómeno do que se constata un crecemento¹⁰², canto menos de visibilidade, grazas ás denuncias feitas por algunhas mulleres, case todas da recente vaga. Trátase dun fenómeno que ten ido en aumento dende o final do período en análise nesta tese, que está relacionado coas mudanzas de configuración e organización dos grupos domésticos anteriormente expostas. As prácticas de VBG teñen aparecido repetidamente nas entrevistas, polo que se inclúe nesta parte final do traballo, considerándoas como unha tendencia recente que poberá ser explorada en posteriores investigacións.

Se no pasado era impensábel acudir ás autoridades ante un caso desta natureza, optando a vítima pola fuxida, nos tempos actuais, nos que existen leis e servizos de apoio ás mulleres que sofren este tipo de violencia, as mulleres caboverdianas teñen comezado a acudir a eles, denunciando nalgúns casos a súa situación. Segundo unha profesional especializada no tratamento deste tipo de problemática¹⁰³, as mulleres que denuncian adoitan facelo tras repetidos episodios de maltrato ou após unha agresión máis forte do habitual. Unha vez feita a denuncia, as mulleres teñen dereito a recibir recursos económicos do estado para apoiar a construción dunha nova vida¹⁰⁴. Por este motivo diversas voces na comunidade

¹⁰² Aínda tendo en conta o crecemento da comunidade, constátase este aumento tanto a través da observación e contacto coa comunidade como a través do contacto cos servizos sociais especializados.

¹⁰³ Traballadora social responsábel do atendimento ás vítimas de violencia de xénero no programa do servizo Galego de Saúde (SERGAS). Ver anexo 1.

¹⁰⁴ Se existe unha orde de alonxamento do agresor, ditada por un xuíz/a, a muller pode recibir o chamado “salario da liberdade”, aínda no caso que resida irregularmente en España. Se non existe esa medida cautelar, poden optar á RAI (renda activa de inserción), mais só no caso de residir regularmente no país.

acúsanas de denunciar por interese económico, cun efecto negativo na imaxe da comunidade. Estas voces non condenan a violencia exercida contra as mulleres, senón a súa denuncia por parte destas.

“Díxome miña nai que os homes pegan ás mulleres e estas denuncian, e iso non é bo para os caboverdianos, non. Burela estragou mesmo... iso xa sabes, a muller pensa que denunciar é a solución, porque agora danlles cartos, pero iso non é bo porque despois voltan co seu compañeiro e o único que fixeron foi ensuciar o seu nome no cuartel¹⁰⁵”.

Segundo Audre Lorde, escritora e feminista negra norteamericana, nas comunidades negras a loita ou defensa contra o sexismo é vivida como unha traizón á comunidade.

La literatura de las mujeres Negras está impregnada del dolor causado por las frecuentes agresiones sufridas, no sólo a manos del patriarcado racista, sino también de los hombres Negros. Ahora bien, la lucha conjunta, que es una necesidad y un hecho histórico, nos ha hecho particularmente vulnerables a la falsa acusación de que ser antisexista es ser antinegro. Entretanto, el odio a la mujer como recurso para descargar la frustración generada por el desvalimiento va restando fuerzas a nuestras comunidades Negras y a nuestras vidas. (Lorde, 2003: 130)

No contexto migratorio, as mulleres caboverdianas vítimas de VBG son obxecto dunha dobre presión. Por unha banda, a sufrida a mans do seu agresor (marido ou compañeiro); pola outra, pola presión por parte da propia comunidade, que en xeral considera as mulleres maltratadas que denuncian como “traidoras” ao grupo, por “ensuciar” a súa imaxe, no canto de romper a relación mediante unha fuxida. Esta consideración baséase no imperativo moral que fai das mulleres as máximas representantes da moralidade do grupo (Gondar, 1991) e da imaxe que este proxecta cara o exterior. Tamén na idea de que o home é o “guardián de los criterios que deben regir la relación de pareja o conyugal” (Lorente, 2013), sendo o exercicio da violencia contra as mulleres “desobedientes” unha das súas obrigas de xénero. O reforzamento do modelo de separación fai que as presións comunitarias cara unha retirada da denuncia sexan moito máis efectivas, xa que dificulta que as mulleres vítimas de maltrato dispoñan dunha rede extracomunitaria de apoio.

Segundo a profesional entrevistada, os maltratadores caboverdianos dos tempos actuais contan cun exceso de poder a nivel doméstico, que se ve reforzado pola súa inserción laboral en sectores absolutamente masculinizados, nos que non se dá ningún tipo de relación con mulleres, o que leva ao mantemento da imaxe estereotipada da súa masculinidade e da feminidade das súas mulleres, que non acostuman ser confrontadas con outras diferentes. Pola contra, os empregos das mulleres caboverdianas na Mariña supoñen o contacto e relación con persoas de fóra da comunidade, sexa

¹⁰⁵ *Nha mai flam homis ta sota muller muller ta denuncia kela e ka bom pa caboverdianos nau. Burela estraga mesmo ... Kkela dja sabi muller ta pensa me denuncia ke soluson pamodi goci es ta dado dinheiro kela e ka bom pamodi despois es ta fika bem ku ses marido e so poi nome sujo na cuartel.* (Entrevista realizada vía internet en abril de 2013 a unha moza residente máis de dez anos en Burela, que actualmente reside noutro país).

nos fogares nos que prestan os seus servizos, nos establecementos hostaleiros ou noutros, o que permite coñecer novas formas de relación de xénero e novos roles femininos e masculinos. Polo tanto, as modalidades de inserción laboral tamén inflúen na maior proclividade das mulleres respecto ás mudanzas nos papeis de xénero, mentres que os homes, en moitos casos, se aferran aos modelos dominantes de masculinidade. Unha vez que as mulleres tentan mudar ou transformar algún aspecto das súas relacións de xénero, prodúcense conflitos que nalgúns casos desembocan en violencia ou maltrato. Ademais, a inserción maioritaria das mulleres novas na hostalaría dificulta o cumprimento da obriga de servir ao marido, pola escaseza de tempo dispoñíbel para elo. O non cumprimento das obrigas domésticas constitúe un dos argumentos utilizados por parte dos homes para xustificar as prácticas violentas.

Dentro dos argumentos que acaban por culpar ás vítimas por facer pública a situación, outra das críticas principais diríxese ás mulleres que retornan co agresor, algo moi frecuente no ciclo da violencia¹⁰⁶. Mais non todas as mulleres partillan a visión culpabilizadora das vítimas. Unha das entrevistadas da segunda vaga, criada na máxima de que unha muller debe aguantar todo o que lle aconteza e sufrir o que sexa necesario, asocia esta violencia coa inflexibilidade dos homes á hora de aceptar novos roles femininos e mudanzas nas relacións de xénero. O seu discurso, repetido polas informantes de maior idade, é unha mostra do cambio de mentalidade experimentado polas mulleres maiores, que choca coa inmutabilidade da mentalidade dos homes, e dalgúns mulleres, da recente vaga.

“Aínda por riba, son eles que teñen razón, eles que fan todo, porque eles teñen que aceptar ás mulleres de hoxe, porque hoxe temos outra vida, outra liberdade, hoxe xa non podes estar cun home co que sofres, co que convives, que cando acaba, báteche. Non... iso non o aceito, non. Se a miña sobriña está ao pé da miña casa ou comigo, non o aceptaría, e se os meus fillos llo fan ás súas mulleres, tampouco. Pero agora, os rapaces de agora, están moi descontrolados, moito, descontrolan e fan só disparates. Iso está mal, moi mal. Non é só mau para eles e as súas mulleres, é mau para os seus fillos tamén¹⁰⁷”. (M4)

As mulleres de maior idade pensan que as novas non conseguen xerir os conflitos cos maridos de xeito que os fillos e fillas non se socialicen nun medio violento e falto de respecto, e móstranse

¹⁰⁶ O ciclo da violencia de xénero foi formulado pola antropóloga norteamericana Leonor Walker en 1979, no seu libro “The battered women” (“Las mujeres maltratadas”). Segundo a súa teoría o ciclo da violencia de xénero consta de tres fases: unha primeira de tensión, seguida doutra de agresión e por último da reconciliación (ou lúa de mel), que se suceden. O ciclo pode ser indefinido (sendo cada vez máis breve a fase de reconciliación), acabar nunha separación ou ben nunha agresión grave ou mortal á muller.

¹⁰⁷ *Inda por riba, es ki tene rason, es ki ta fasi di tudu, pq es tene ki aceita mudjer ki oji, pamo oji nu teni otu vida, nu teni otu liberdadi, oji bu ka podi sufri nun omi pa bu ta sta kuel, konbibi kuel i dispos ta kaba, e ta dau po; nau, ... kel n ka ta aceita nenhum, nau, se nha subrinha sta na pe di nha kasa o djuntu ku mi, n ka ta aceita, cima nha fidju se e ta face si mudjer, també. Pero goci li, kel rapazihu ki sta goci li, es ta deskontrola muito, muito, es ta deskontrolás, es ta fase so disparate. Eso está mal. Sta mal, mal. Nen é ka mal pa el pa se mudjer, e mal pa ses fidju...*

preocupadas polos efectos que isto poderá ter no futuro, aconsellando ás novas a partir da súa propia experiencia.

“Teñen que respectar ás súas mulleres para que elas os poidan respectar a eles e para que os seus fillos os poidan respectar. Sempre llelo digo: tedes que manter o respecto na casa para eses nenos que se están criando, porque os nenos, se ven que non hai respecto na casa, discutides, insultádevos, e os nenos fan igual, porque ven as súas nais e pais discutir e insultarse, e din que lles da igual. Non. En primeiro lugar, por máis que Ximí bebera, sempre gardaba o meu xenio ate a noite. Sempre gardaba o meu xenio e a miña carraxe ate a noite. Cando chegaba a noite, na nosa habitación, dícialle todo o que tiña para falarlle, para que non me oíran os nenos, non me visen, para que non copiasen, para que mañá non llo fixeran ás súas mulleres. Porque eu, grazas a Deus, Ximí bebía, pero teño un home que nunca me chamou puta ou cadela, ate hoxe...¹⁰⁸”. (M4)

Como resultado da maior presenza dos homes na vida cotiá, os rapaces caboverdianos de finais da primeira década de 2000 dispoñen, en contraposición aos dos períodos anteriores, dunha maior presenza continuada de homes adultos, que funcionan como modelos na súa construción da identidade de xénero. A situación de primacía masculina dos últimos anos está a ter moito peso no proceso de socialización dos fillos, que, en paralelo co reforzo do modelo de separación, teñen orientado a súa adscrición a modelos de xénero baseados na desigualdade de xénero e a desvalorización das mulleres. As propias mulleres novas expresan nunha das súas letras de *batuko* o duro que lles resulta entregarse a un fillo que as tratará do mesmo xeito machista que os outros homes.

*“O fidju matxo, djan dabu karo n dabu mota
djan dabu predio, djan dabu tudu
dabu amor di nha kurason,
bu ka ta dam balor di mai¹⁰⁹”*

Ao longo deste traballo tense insistido na idea de que as mulleres caboverdianas sufriron unha violencia de xénero estrutural dende o inicio do poboamento do arquipélago. No espazo migratorio esta violencia continúa a existir, tanto a un nivel global como intracomunitario. En casos como o que nos ocupa, definidos pola ausencia de integración nas relacións interétnicas, a residencia nun país europeo non constitúe unha mellora automática na situación de vulnerabilidade feminina, xa que o modelo de separación fai que as vítimas sexan máis vulnerábeis a unha aceptación da súa realidade

¹⁰⁸ *Es ten ki ta ruspetta ses mudjeres, pa ses mudjeres pode respetal i pa ses fidju pode respetal.É kuza kin ta flas sempri: nhos ten ki ta manti ruspetu na kasa pa kes mininus ki sa ta kria, pq mininos si odja sen ruspetu na kasa, nhos ta diskuti, nhos ta koba kumpanheru, i mininu é si ki ta fase, tb igual, pamo sis mai ku sis pai ta diskuti, ta koba kumpanheru, a mi me da igual. No. En prumero lugar, a mi, por mas ki Ximí ta bebia, sempri n ta guardaba nha genio pa noti. Sempri N ta guarda nha genio, nha raiba tudu pa noite. Oki txiga noite, la na kuarto, n ta flaba el tudu kin tinha pan flal, so ki nha mininu pa ka obi, ka odja, pe ka kopia, pa manhan pa es ka face ses mudjer. Pamo a mi, graças a Dios, Ximí ta bebeba, mas n tene un omi ki nunka ka flam, Nha Tura, puta, o catxorra, ti oji na vida, ti oji.*

¹⁰⁹ *O, meu fillo/ xa che din moto e coche/ xa che din casa, dinche todo/ dinche o amor do meu corazón e non me das o valor de nai. Cantiga de Batuko Rabentola.*

ante as presións da comunidade. Aínda así, nos anos posteriores a 2008, o crecente número de denuncias denota que se está a producir unha mudanza na percepción que as mulleres novas, en especial as vítimas, teñen deste fenómeno, tendencia que poderá ser analizada en posteriores traballos. As mulleres caboverdianas da última vaga están pondo en marcha estratexias que se saen do socialmente prescrito, nunha evolución na que, grazas á valentía das primeiras que denunciaron, cada vez é máis frecuente que outras mulleres quebren o círculo da violencia.

Conclusiones:
**MIGRACIONES, RELACIONES DE GÉNERO
E INTERVENCIÓN SOCIAL**

O punto de partida desta investigación sobre as mulleres caboverdianas de Burela foi un proceso de intervención social no que participei como coordinadora entre xullo de 1998 e xullo de 2001. No marco desa intervención realicei unha investigación que posibilitou o coñecemento da comunidade da que fan parte, nun momento no que Galiza, que tradicionalmente tiña sido unha terra de emigrantes, comezaba a recibir inmigrantes de diversas procedencias. Neste contexto, o colectivo caboverdiano radicado na costa de Lugo dende 1978 constitúe unha excepción ás tendencias migratorias do país.

As características metodolóxicas desta intervención social, entendida como proceso dialéctico, participativo e empoderador, que fora inicialmente pensado para mellorar a cualificación profesional dos mariñeiros caboverdianos, acabaron por resituarse como grupo diana ás mulleres, debido ao papel central que exercían, tanto nos grupos domésticos como na comunidade, debido á ausencia periódica dos seus maridos. A partir deste enfoque aplicado inicial, a investigación centrouse nas relacións de xénero que estruturan as súas vidas na Mariña, tomando como referencia tanto a súa configuración histórica e cultural na sociedade de orixe como as transformacións que se producen no contexto migratorio.

Dada a multiplicidade de aspectos ligados ás mulleres caboverdianas de Burela que foron abordados nesta tese, dividirei as conclusións en dúas partes. A primeira referirase á evolución e mudanzas na organización das **migracións** entre Santiago e A Mariña de Lugo, realizando unha comparación entre os colectivos que migraron con anterioridade ou posterioridade a 1998 (vellas e novas). Na segunda centrareime na evolución e mudanzas acontecidas nas vidas das migrantes caboverdianas e nas súas **relacións de xénero**, tendo en conta as transformacións socioeconómicas e legais das sociedades vinculadas por esta corrente migratoria.

Ambas estarán vinculadas pola relevancia da **intervención social** en canto motor de transformacións e mudanzas nas vidas das mulleres que participaron nela, sobre todo nas súas relacións coa sociedade envolvente, na vivencia e expresión da cultura do país de orixe e no exercicio dos dereitos de cidadanía. Algunhas destas mudanzas adquiriron un carácter definitivo, mais coa entrada dun novo sistema interventor, que se pode considerar antagónico do anterior, pecháronse algúns dos camiños abertos pola intervención participativa. Neste tipo de procesos, a antropoloxía e o método etnográfico, coas súas ferramentas teóricas e metodolóxicas, constitúen vías privilexiadas, que non sempre son valoradas positivamente polo poder político, que aplica outro tipo de intervencións, definidas por unha distribución de poder desigual entre interventores e beneficiarios.

I. Despois de tres décadas de presenza na Mariña, e como resultado das diversas etapas migratorias, a comunidade caboverdiana ten o maior tamaño da súa historia, atopándose en 2008 máis diversificada que en fases anteriores.

Partindo dunha migración inicialmente masculina, vencellada ao traballo na construción, a partir de 1978, a inserción dos pioneiros na **pesca de altura** posibilitou a chegada e asentamento de mulleres e crianzas, dando nacemento á comunidade. Nas dúas décadas iniciais as mulleres chegaron principalmente en calidade de esposas, xunto a un pequeno grupo de mulleres unidas de feito, cuxas relacións foron iniciadas no traxecto migratorio. A situación do sector pesqueiro foi determinante na evolución da comunidade, que medrou e decreceu conforme o fixo este. Así, partindo dunha pequena inserción inicial, o número de mariñeiros foi aumentando paseniñamente ate 1993, ano no que se iniciou un período de crise que provocou a reemigración de case a metade da comunidade en tan só seis anos. Este período de crise, no que practicamente non chegaron migrantes do arquipélago, marcou un límite entre as persoas migrantes chegadas nas vagas iniciais e as que chegaron posteriormente.

A partir da mudanza de século, a renovación da demanda de mariñeiros para a flota burelá, ampliada a outros subsectores, permitiu a reactivación das chegadas dende Santiago, a través dunha nova rede migratoria que aproveitou o contexto legal e o capital social e económico das familias de longa residencia, que se articularon en torno a dúas figuras facilitadoras, tendo como lugar de paso obrigado a capital senegalesa. A abundancia de ofertas laborais en sectores feminizados posibilitou a migración dun grupo de mulleres traballadoras, diversificándose o perfil das migrantes caboverdianas, que a pesar de continuar sendo maioritariamente esposas, estiveron acompañadas dun grupo relevante de mulleres unidas de facto e doutras non unidas a homes, que saíron do seu país sendo nais solteiras.

Na última década (1998/2008), en paralelo coa chegada dunhas tres centenas de persoas, foron aparecendo novos perfís de migrantes, mudando o peso dos diferentes grupos de idade respecto ao conxunto, tanto nas primeiras como nas segundas xeracións. Pechouse o ciclo migratorio coa xubilación dos pioneiros e a chegada á idade adulta dos/as descendentes de maior idade, que deron lugar ao nacemento dunha terceira xeración, de netos e netas dos pioneiros e pioneiras.

Ao longo do período en análise fóronse sucedendo varias etapas diferenciadas no **país de orixe** desta corrente migratoria, coas correspondentes mudanzas a nivel socioeconómico, político e cultural. As primeiras persoas caboverdianas que chegaron a Burela fixérono tan só dous anos despois da independencia do seu país, tendo saído os pioneiros nos tempos finais do colonialismo ou no período

inicial do partido único. As persoas chegadas ao longo da segunda vaga saíron dun país en construción, inmerso en profundas mudanzas lexislativas e sociais. Na década que inaugurou a democracia no arquipélago non foi significativa a chegada de migrantes. Nese mesmo período fixéronse adultos e adultas moitos dos que chegaron a Burela no decenio posterior, nunha etapa de aceleración do crecemento económico do seu país, que pasou a integrar a lista de países de desenvolvemento medio da ONU.

Como resultado dos diferentes contextos de saída dos migrantes de Santiago a Burela, o conxunto de experiencias no país de orixe dos membros das sucesivas vagas é ben diferente. Por un lado, o/a migrante *badiu* dos anos 70 e 80 nacera na década posterior ás grandes fame, nos anos 50, e eventualmente tivera experiencias como a migración forzada a São Tomé ou o traballo nos *morgados*. Trátase dun colectivo que, a pesar de non ter sufrido as crises de fame directamente, si pasou moitas privacións na terra de orixe, que abandonou a unha idade moi nova, acostumado a sobrevivir traballando duramente dende a infancia, cunha escasa ou nula asistencia á escola e cunha memoria viva das calamidades anteriores, transmitidas por vía oral. No caso dos mozos e mozas da recente vaga, trátase de persoas nadas no final do colonialismo ou a partir da Independencia de Cabo Verde, crecidos nun contexto de mellora substancial das condicións de vida, a pesar da persistencia da pobreza. De xeito semellante ao caso anterior, a maioría dos maiores da nova vaga, nados e nadas antes de 1980, aínda traballou dende a infancia, perdurando en porcentaxes moi inferiores fenómenos de analfabetismo total ou funcional. O grupo máis novo deste colectivo asistiu, polo xeral, regularmente á escola.

En canto ao **proceso migratorio** seguido para alcanzar Burela dende a illa de Santiago, unha das principais mudanzas acontecidas entre os dous períodos ten que ver co fin da centralidade de **Lisboa** como paso obrigado cara o destino. A pesar de que **Dakar** converteuse no espazo de tránsito por excelencia na década de 2000, a capital portuguesa continuou a xogar un papel importante, por ser o lugar de residencia de moitos familiares e amigos, onde ademais se poden adquirir diversos bens chegados do arquipélago. Por outro lado, a abertura do espazo **Schengen** propiciou dende finais dos anos 90 maiores contactos e desprazamentos pola xeografía da diáspora badiá en Europa, especialmente a Francia e Portugal e nunha menor medida a Suíza, Luxemburgo e Holanda. En momentos de crise ou necesidade, as persoas da comunidade de Burela contan coa posibilidade de recorrer á rede familiar espallada por eses países para unha eventual reemigración.

Se no pasado o máis frecuente foi chegar á costa de Lugo de xeito **clandestino** ou alegal a través dos diversos métodos de *kontrolu*, regularizándose en destino, aspectos como as mudanzas nas leis migratorias, a aparición de figuras facilitadoras e a demanda de man de obra na pesca e outros

sectores no inicio do século XXI fixeron posíbel unha **migración regular**, na que as familias residentes en Burela puxaron aos seus parentes e amigos, a través de múltiples cadeas migratorias. Iso fixo que o proxecto migratorio fose máis prefixado para estes/as migrantes, que debían seguir uns procedementos preestablecidos para inserirse laboralmente en destino, sen depender dunha regularización, sendo en moitos casos a inserción inmediata. As persoas chegadas na década de 2000 tamén tiveron unha maior seguridade no relativo á subsistencia, xa que os tempos iniciais no destino migratorio foron pasados nas casas das familias puxadoras, que contaban con recursos suficientes para unha vida digna. Mais ese apoio foi nalgúns casos percibido como control por parte dos puxados, dando lugar a conflitos que levaron a unha emancipación precipitada dos mesmos.

En canto ás situacións de **irregularidade** no seo do colectivo, téñense producido cambios ao longo das tres décadas. Con anterioridade á intervención, tiña descendido o colectivo de persoas irregulares que caracterizara os primeiros tempos, a través das regularizacións extraordinarias ou vía continxente, de xeito que en 1998 non había practicamente persoas nesta situación. Os índices de irregularidade nunca foron significativos dende ese momento ate a irrupción da crise e do desemprego, que colocou nunha situación de fragilidade ás persoas con permiso non permanente. Os e as migrantes chegados nos últimos anos de actividade da rede (2004/05) son o grupo máis afectado, podendo perder a súa documentación se non están de alta na seguridade social no momento da renovación.

Nas tres décadas en análise as **relacións** das persoas migrantes caboverdianas **coa sociedade de destino** pasaron por diversas etapas, que se iniciaron nun contexto de certa sorpresa dos autóctonos ao veren as primeiras persoas negras na zona. As relacións interétnicas ate 1998 limitáronse polo xeral á esfera laboral, existindo moi poucos casos de relacións positivas, que se daban máis frecuentemente no caso do grupo de descendentes. Exceptuando o breve período de funcionamento inicial da *Asociación Cultural Tabanka* (1987/89), nos que a comunidade, grazas ao seu líder, converteuse nun actor social activo, o colectivo caboverdiano inseriuse nun modelo de **separación** no que as súas relacións sociais se establecían entre compatriotas, utilizando as expresións e xeitos de actuación da cultura de orixe, que foron transmitidos ao grupo de descendentes, excepto en casos contados. Como ben definiu Villarino (1995) nun primeiro e breve achegamento ao colectivo, a súa suposta integración baseábase na **renuncia** a loitar polos seus dereitos. Na década de 90 a imaxe do colectivo sufriu un certo deterioro debido ao protagonismo de varias familias no tráfico de drogas, que acadou unha ampla difusión nos media.

A comunidade caboverdiana comezou a abrirse cara un modelo máis **integrador** como consecuencia da intervención participativa desenvolvida entre 1998 e 2000. Nesa abertura xogou un papel esencial

a posibilidade de dar a coñecer a súa orixe e expresar a súa identidade de xeito colectivo e partillala coa sociedade local. O contexto social foi extremadamente positivo, o que pode ser exemplificado na elevada participación da poboación burelá e mariñá en actividades como a Iª Noite Caboverdiana. O aspecto relacional das dúas partes implicadas en todo proceso de integración estaba en marcha dun xeito positivo, que foi mostrado publicamente por ambos grupos sociais, migrantes e autóctonos, quebrando a separación que tiña definido en xeral as relacións entre ambos colectivos, limitadas ás de tipo laboral. Neste campo tamén foi moi importante a reactivación da organización comunitaria e o proceso de definición e solución de problemas de cidadanía, recuperando un papel social activo, que se foi minorando e perdendo contido reivindicativo a partir da institucionalización da intervención, que supuxo mudanzas teóricas e metodolóxicas que truncaron o proceso de empoderamento que se tiña iniciado co BogAvante.

A partir da intervención participativa producíronse mudanzas profundas no campo dos **dereitos de cidadanía**. Os principais problemas sentidos polas persoas caboverdianas no momento do seu inicio integrábanse neste ámbito. Ate 1998 os/as migrantes caboverdianas das primeiras e segundas xeracións non accedían a determinados dereitos, o que constituía un reflexo da súa falta de organización en canto actores políticos. Nesta altura os traballadores caboverdianos, aínda que cumprían cos deberes de cidadanía contribuindo ao estado de benestar, non accedían a unha serie de recursos sociais. No caso das mulleres imposibilitábase o seu traballo regularizado, privándoas dos dereitos laborais. Por último, os descendentes non conseguían materializar o seu dereito á nacionalidade española nin atopaban un ambiente integrador no sistema educativo. A solución dalgúns deses problemas no marco da intervención fixo que non só se beneficiaran da ampliación de dereitos as persoas residentes naquel momento, senón que estes dereitos permaneceron ao alcance dos e das migrantes que se foron integrando na comunidade.

Unha vez encetado o proceso de abertura cara á integración dinámica e multidimensional, confluíron, por unha banda, o fin do proceso de **empoderamento** e pola outra, a reactivación do fluxo. Os interventores municipais non actualizaron o seu diagnóstico máis que a nivel estatístico, nin replantexaron as súas bases teórico-metodolóxicas para adaptalas á nova realidade. Non foron quen de potenciar o proceso de abertura no novo contexto de chegada de migrantes, que se converteu nun desafío que non tivo resposta. A construción e emisión do discurso da **integración perfecta**, que a forza de ser repetido deu lugar ao “mito da integración perfecta” (Oca, 2006) simplifica a realidade e baixo as imaxes máis positivas da comunidade, proxectadas de xeito estático polos media, oculta os seus problemas, necesidades e potencialidades, en constante mudanza.

En paralelo, o crecemento da comunidade abriu a posibilidade de manter relacións sociais de todo tipo no seu seo. Así, dentro dunha comunidade que en 2010 sobrepasou o medio millar de persoas, existe a posibilidade de exercer todo tipo de relacións sociais sen ter que facelo cos “brancos” alén do estritamente necesario (traballo, escola, comunidade de veciños, centro de saúde, concello), o que ten provocado un **reforzamento do modelo de separación** que o BogAvante tiña definido como un dos maiores desafíos da súa intervención. Esta posibilidade está a ter un impacto moi relevante no caso dos descendentes, cuxas relacións de sociabilidade e afectividade pasaron a ser profundamente endogámicas, en contraste co colectivo de descendentes de maior idade.

A análise da comunidade caboverdiana en canto obxecto de intervencións sociais, mostra, en primeiro lugar, o potencial da antropoloxía e do método etnográfico en canto ferramentas idóneas nos procesos que teñen como base as metodoloxías participativas e empoderadoras. A utilización do método etnográfico, ao que recorrín tanto no proceso de investigación como no da acción en ambas intervencións, brindoume información pormenorizada que expuxen na análise, ao mesmo tempo que permitía o establecemento de relacións de proximidade e confianza coas persoas beneficiarias da intervención, nun plano de igualdade. A experiencia de intervención co colectivo caboverdiano mostra a antropoloxía como unha disciplina cun grande potencial aplicábel á intervención social, tendo un valor acrecentado cando se aplica a colectivos migrantes, dado que o seu relativismo cultural permite un achegamento diferente na investigación que sustenta as accións e decisións tomadas no marco destes procesos.

Os interventores municipais nunca conseguiron percibir na súa importancia e profundidade o método etnográfico como forma de traballo válida. A súa concepción dun posto de traballo municipal desas características definíase polo enclaustramento do persoal técnico nun espazo administrativo, denotado co poder político, único lugar que consideraban lexitimado para a intervención social imposibilitando o método de traballo etnográfico e multisituado, que permitía ir ao encontro da realidade dun xeito activo.

A mudanza de sistema interventor supuxo a instauración dun método de traballo baseado na distancia entre este e o cliente, no que o primeiro monopoliza o poder, exercendo a toma de decisións de xeito unilateral, na que o beneficiario é considerado como obxecto da intervención, manténdose o interventor como suxeito activo da mesma. Neste marco, cabe ao primeiro desempeñar unha actitude pasiva no colectivo, e activa na prosecución de metas persoais, percibindo a prestación de servizos, axudas ou subvencións por parte do sistema interventor como unha dádiva, empapada de asistencialismo e clientelismo.

II. Un dos argumentos principais deste traballo consiste en analizar a realidade das mulleres caboverdianas residentes na Mariña de Lugo como un caso **excepcional** no contexto da diáspora caboverdiana. Esta excepcionalidade susténtase no papel predominante destas mulleres na articulación e representación da vida comunitaria, que non se ten dado noutros contextos das migracións caboverdianas, agás nas correntes feminizadas. No caso concreto das migracións badías, nas que é norma que o home migre primeiro, “mandando buscar” á muller e fillos/as posteriormente para acompañalo e servilo no destino migratorio, constitúe un caso peculiar de centralidade feminina, tanto na organización familiar como na comunitaria, así como na articulación de vínculos coa terra de orixe e coa sociedade de destino.

Os **relatos** das vidas das mulleres que ilustran este traballo mostran, en primeiro lugar, as transformacións ocorridas nas vidas das mulleres badías nas últimas décadas, nun período que se inicia na década anterior ao grande éxodo definido por Carreira (1983), no que ten a súa orixe a comunidade obxecto deste traballo. Estas transformacións non se limitan ao marco económico e político e ás condicións de vida, senón que tamén alcanzaron os esquemas morais e a ideoloxía de xénero, dando lugar á transformación ou desaparición dalgunhas prácticas e ao aparecemento doutras, mantendo sempre o seu carácter patriarcal. En segundo lugar, estas transformacións son demostrativas das múltiples discriminacións das que teñen sido e son obxecto as mulleres inmigrantes na sociedade galega, tanto por parte do estado e da sociedade en xeral como polos homes do seu propio grupo. En terceiro lugar, os seus relatos corroboran que as mulleres, a pesar das discriminacións, son capaces de desenvolver as súas propias estratexias para conseguir autonomía e transformacións nas relacións de xénero, aproveitando as circunstancias e a plasticidade deste elemento de estruturación social.

A análise realizada demostra a importancia das posicións que as mulleres ocupan na clasificación do sistema sexo/xénero da sociedade de orixe, na determinación das súas oportunidades migratorias. En consonancia coa cultura migratoria da illa de Santiago, o establecemento dunha relación de tipo marital, fose ou non a través do casamento, ten sido un elemento decisivo nas oportunidades migratorias que se presentaban ás mulleres das localidades do interior de Santiago, que ao longo de dúas décadas migraron á costa de Lugo como esposas e nalgúns casos como compañeiras de facto. Tanto no caso das pioneiras como das mulleres de segunda vaga, foi excepcional a súa chegada a Burela sen facer parte dunha parella, e polo tanto, sen ter sido “mandadas buscar” polo marido. As mulleres que chegaron nestas etapas eran maioritariamente casadas pola igrexa no país de orixe, seguindo as normas morais dominantes na sociedade de entón. Xunto a elas existiu un grupo minoritario de mulleres unidas libremente, que normalmente iniciaron a súa relación no traxecto

migratorio. A excepcionalidade destes casos de migración feminina autónoma contraponse coa xeralización dos fluxos feminizados nas illas de Barlovento, especialmente activos nesta altura, respondendo a unha demanda de traballadoras para o servizo doméstico no sur de Europa, nomeadamente en Italia e Madrid.

Na nova vaga, a pesar de continuar sendo maioritaria a migración de mulleres emparelladas, a maioría delas fixérono a partir dunha unión libre na que o home migrou primeiro, téndose xeralizado o matrimonio civil por poderes en Cabo Verde (anteriormente infrecuentes) para aproveitar a oportunidade dunha migración legal a través dos procesos de reagrupamento, seguindo a cultura migratoria da súa illa. 4

Polo tanto, ao longo das tres décadas de presenza caboverdiana na costa de Lugo, para a inmensa maioría das mulleres, a migración estivo ligada ao matrimonio.

Mais non todas as mulleres unidas a homes gozaron desa posibilidade. No seo das **familias compostas** (polixínicas), a decisión migratoria, tomada pola figura masculina, non adoita beneficiar ás **raparigas**, que xeralmente non son puxadas polos seus compañeiros, que optan por promover a migración da esposa ou da muller que foi previamente “tirada de casa”. Nos casos nos que non existe claramente unha muller “principal”, a posibilidade de que unha das *kumbosas* migre depende da vontade masculina, sendo fonte de conflitos entre elas. Noutros casos, os homes permanecen no destino migratorio sen realizar o reagrupamento, ficando sós ou constituíndo novas parellas en destino, ficando as súas mulleres en Cabo Verde, constituíndo un relevantes grupo social, o das **mulleres de emigrantes** que fican longos anos á espera do marido.

Para as “**nais de fillo**”, solteiras e sen parella, as oportunidades de migrar a Burela foron inexistentes, agás casos excepcionais, ate ben entrada a década de 2000. Como se expuxo no capítulo cinco, no marco da nova rede legal vía Dakar seguiuuse unha estratexia de aproveitar as ofertas de traballo en sectores feminizados que apareceron por parte das familias puxadoras, que inicialmente centraron o seu apoio en mulleres unidas libremente cuxo compañeiro tamén era puxado, utilizando a vía da migración laboral ou o *kontrolu* en vez do reagrupamento familiar. A profusión e continuidade deste tipo de ofertas posibilitou a chegada de mulleres sen home. A forza doutra das dimensións da cultura migratoria badía, segundo a cal débese aproveitar toda oportunidade de saída posíbel, superpúxose aos mandatos de xénero desta, abrindo unha oportunidade a mulleres que xeralmente xa eran nais e tiñan ficado solteiras, xurdindo un colectivo de mulleres solteiras na comunidade, anteriormente inexistente. Na migración destas mulleres, a decisión foi tomada ou polo menos proposta por outras persoas da familia con maior poder no seo do grupo doméstico, entendido este na súa articulación transnacional. Nestes casos, as oportunidades migratorias déronse preferentemente

para as sobriñas das mulleres das primeiras vagas e para as irmás dos/as migrantes da década de 2000, que polo xeral facilitaron a súa migración cando xa tiñan chegado a Burela outros membros preferentes do(s) grupo(s) doméstico(s) (irmáns, cuñados, sobriños, esposas e crianzas). Estas mulleres, que en todo caso consentiron migrar, viñan cun proxecto migratorio moi claro, definido polos seus grupos domésticos de orixe e destino: traballar, enviar remesas ao grupo doméstico de orixe e realizar o reagrupamento dos fillos e fillas, que ficaban a cargo dalgunha muller do grupo. Mais a maior parte delas acabou por unirse a un home en destino, sendo novamente nais, contrariando ou canto menos adiando a concreción do proxecto migratorio prefixado polas súas familias, ao teren que centrarse na nova relación e no novo fillo ou filla. No seu comportamento no destino migratorio pesou máis a valoración da muller como un ser incompleto se non ten un home ao seu lado que lle outorgue valor social, que os mandatos do grupo doméstico, segundo os que a migrante debería centrarse en traballar, enviar remesas e realizar o reagrupamento dos fillos e fillas que ficaron en Cabo Verde.

Ao longo do traballo tense mantido a idea de que os diversos roles que as caboverdianas de Burela teñen exercido ao longo dos anos en Burela, que as diferencian doutras comunidades semellantes, foron posibilitados ou forzados pola **ausencia masculina periódica**, determinada polas características do sector de inserción laboral dos homes, a pesca de altura.

As mulleres pioneiras, chegadas a finais dos anos 70, pasaron a converterse nunha referencia para os/as migrantes que chegaron ao longo da década dos 80, apoiando o seu asentamento e iniciando a construción de redes de axuda mutua que se fortaleceron segundo a maioría das familias se ía asentando definitivamente na localidade de Burela. Co paso do tempo, as mulleres fóronse convertendo nas representantes do colectivo ante a sociedade e as institucións, ao mesmo tempo que xestionaban os grupos domésticos, caracterizados pola ausencia da figura masculina, que só exercía a súa posición dominante na xerarquía familiar nos períodos de desembarque.

Esa centralidade feminina foi potenciada pola intervención participativa levada a cabo entre 1998 e 2001, período no que se produciu unha exposición no ámbito público das potencialidades das mulleres caboverdianas, que grazas á creación dun grupo de música acabaron por converterse nunha imaxe de marca de Burela. A vida das mulleres das primeiras vagas transformouse en moitos aspectos a partir do proceso de empoderamento propiciado pola intervención. Por unha banda, conseguiron alcanzar unha serie de dereitos de cidadanía que ate a altura non exercían, mellorando as súas condicións de vida. Por outra banda, a maior parte delas mudou os estilos de vida, após anos de dedicación en exclusiva á esfera laboral e doméstica, nos que as visitas dominicais a outras familias caboverdianas e as festas puntuais constituían os momentos privilexiados de lecer e

interacción comunitaria. Un dos efectos da intervención na vida das mulleres foi a ampliación e diversificación dos seus tempos de lecer, en especial para as compoñentes do grupo de *batuko*, que pasaron a ocupalos en ensaios, reunións e saídas.

A centralidade feminina non se reproduciu coa mesma forza nas familias chegadas coa renovación do fluxo, que fixeron xurdir novas tipoloxías de grupos domésticos no seu asentamento, provocando importantes mudanzas na **configuración e organización doméstica e comunitaria**. Se en 1998 a práctica totalidade dos grupos domésticos adoptaba a forma de familias nucleares, estando rexidas por unha organización matrifocal, definida pola ausencia da figura masculina, este tipo de organización supón tan só a metade das novas familias que se instalaron en Burela. Nos fogares constituídos polos/as migrantes do século XXI existe unha diversidade das configuracións domésticas anteriormente descoñecida, que está relacionada coa diversificación dos modos de inserción laboral propios desta etapa e co fin da vida laboral dos pioneiros.

En primeiro lugar, a inserción de aproximadamente metade dos homes novos na pesca de baixura e na construción levou á súa presenza cotiá nos fogares, renovando a obriga de ser servidos por parte das súas esposas ou compañeiras. En segundo lugar, nos fogares de longa permanenza, a **xubilación** paulatina dos pioneiros na segunda metade da década, levou á súa presenza continuada nos fogares, ao mesmo tempo que as súas mulleres continúan a traballar, existindo unha serie de procesos de renegociación das relacións e papeis de xénero no seo destas parellas. Por último, nos anos máis recentes, o impacto da crise económica está levando a moitos homes da nova vaga a permanecer no fogar nos períodos de desemprego.

A diversificación do estado civil das migrantes da nova vaga tamén contribuíu á diversificación dos grupos domésticos. Por unha banda, fixo xurdir un conxunto importante de **parellas de feito**, que anteriormente só se daban no caso minoritario das parellas formadas no espazo migratorio e nos últimos tempos corresponde tamén a parellas que migraron por separado, e a ás formadas por descendentes.

Nesta fase máis recente tamén apareceron de xeito excepcional fogares **monoparentais** xeridos por mulleres soas ou acompañadas dos seus fillos e fillas. A estes últimos uníronse uns poucos fogares das vellas familias, transformados en monoparentais por viuvez da muller ou separación.

Nos últimos anos non só mudou a configuración dos grupos domésticos, senón tamén a súa organización interna. A **matrifocalidade**, que definía ao colectivo caboverdiano no período inicial, foi perdendo relevancia polo aumento da presenza masculina no fogar, especialmente no caso das

familias novas, mais tamén nalgunhas das vellas. Mais as consecuencias da recuperada centralidade masculina son diferentes para ambos grupos. No caso das pioneiras, a maior parte das cales se atopa en activo, as mulleres están negociando cos seus maridos a entrada destes nalgunhas parcelas do traballo doméstico, mostrándose dispostas a non perder os amplos graos de autonomía logrados tras décadas de ausencia dos seus maridos. Pola contra, as mulleres novas, moitas das cales traballan no sector hostaleiro, teñen dificultades para cumprir as súas obrigas xenéricas de servizo ao marido, debido ás longas xornadas laborais. No caso dos maridos desempregados, non se ten producido, polo xeral, unha partilla dos labores domésticos coas súas mulleres, que acaban por ser as que levan os recursos económicos principais ao fogar, ao mesmo tempo que continúan cumprindo as súas obrigas de servizo ao home e á familia, que poden descargar parcialmente nas fillas.

As mudanzas que se tiñan producido nas relacións de xénero entre as mulleres e homes caboverdianos de longa residencia na zona non se trasladaron máis que de xeito parcial ao colectivo de novos e novas migrantes, máis apegados aos modelos da sociedade de orixe, reforzados por unha maior presenza masculina nos fogares e unha adhesión xeral dos homes aos privilexios do seu sexo na sociedade rural de Santiago, que está a servir como modelo dos rapaces e nenos. Ao mesmo tempo, a chegada de un grupo importante de adolescentes e xoves contribuíu a frear ás mudanzas cara relacións de xénero máis igualitarias, que estaban tendo lugar no seo do grupo de descendentes de maior idade. As rapazas, en 1998, constituían o grupo máis formado da comunidade e o que mantiña un maior número de relacións sociais e familiares con persoas alleas á comunidade. O mesmo colectivo, a finais da primeira década do século XXI, atópase fortemente estruturado en torno a si mesmo, mantendo relacións fondamente endogámicas. O fracaso escolar, que se tiña minorado a partir da intervención participativa, voltou agudizarse tras a chegada masiva de nenos, nenas e adolescentes, que se inseriron no ámbito escolar sen medidas significativas ou efectivas de acompañamento, sendo novamente un dos principais problemas que enfrenta a comunidade.

Unha das principais conclusións que se poden extraer da análise realizada neste traballo é que a **matrifocalidade**, definitoria da organización da comunidade caboverdiana da Mariña ao longo de vinte anos, deuse como algo circunstancial, determinado polas características da de da inserción laboral masculina nun único sector. Unha vez que as circunstancias materiais mudaron, levando a unha presenza masculina permanente ou máis periódica, deuse un regreso ás pautas de organización centradas na figura masculina, nas que está a producir unha reprodución das prácticas ideais de xénero da sociedade badía, que encontra no novo contexto migratorio as condicións materiais e laborais necesarias para elo.

O modelo ideal de organización familiar e doméstica da sociedade rural de Santiago, representado pola familia nuclear, continúa vixente, como proba o comportamento do grupo de mulleres autónomas chegadas na nova vaga, que na súa maioría estableceron relacións que deron paso a unha redefinición dos seus proxectos migratorios, inicialmente autónomos, e unha vez en destino vinculados a un home.

Nas relacións de xénero das novas badías continúa prevalecendo o papel da muller como **servente** do home, sendo que a migración feminina continúa sendo promovida co obxectivo de servir, coidar e manter ao home polo bo camiño, como aconteceu no caso das vellas. Nas migracións de mulleres sen home, ese servir trasládase ao grupo doméstico de referencia e aos fillos/as, aos que debe destinar unha parte esencial do froito do seu traballo.

No seo da comunidade caboverdiana de Burela téñense producido diversas transformacións nas relacións de xénero ao longo da súa existencia. Partindo dunha situación desfavorábel, pola dependencia legal e a falta ou precariedade das redes de apoio, as mulleres dos primeiros tempos souberon aproveitar as circunstancias e oportunidades propias da sociedade de asentamento para exercer novos roles. A súa experiencia demostra que a pesar da forza da consideración das migracións femininas como subalternas e supeditadas ao servizo ao varón, sempre hai espazo para a axencia das mulleres, que lograron pasar de ser esposas dependentes a mulleres empoderadas, estatuto que tentan conservar nun momento en que a xubilación está traendo aos seus maridos de xeito permanente ao fogar. No colectivo feminino da vaga recente as mulleres enfrontan unha variedade de situacións, sendo que as que teñen maridos mariñeiros de altura dispoñen dunha liberdade de movementos equiparábel as anteriores.

Esta serie de transformacións demostra a fluidez e plasticidade do xénero en canto elemento estruturante da realidade, capaz de adaptarse a contextos materiais e laborais diversos, posibilitando que as mulleres despreguen as súas propias estratexias de autonomía. Mais tamén demostra a forza das ideoloxías patriarcais e da consideración do home como elemento fundamental nos procesos migratorios, que se flexibilizan só circunstancialmente para voltar á rixidez do dominio masculino unha vez as condicións son favorábeis a elo. Nesta dialéctica, as mulleres poden seguir diversas estratexias, tanto no país de orixe como no espazo migratorio. Nesta escolla da súa propia axencia, a intervención social aparece como medio privilexiado para a solución de problemas colectivos e individuais, e para o crecemento persoal, familiar e comunitario.

BIBLIOGRAFÍA, LISTADOS E ANEXOS

BIBLIOGRAFÍA

AALTEN, A. (2012 [1982]), "Traballo feminino e sexualidade na Galicia rural", en E. ALONSO e S. R. ROSEMAN (eds. coords.), *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, pp. 63-80.

ÅKESSON L. (2004), *To Make a Life: Meanings of Migration in the Transnational Homeland of Cape Verde*. Tese de Doutoramento presentada no Departamento de Antropoloxía Social, University of Gothenburg.

AKILU, F. (2000), "A multi-method approach to the study of homelessness", en N. NELSON e S. WRIGHT, *Power and participatory development. Theory and practice*, Londres: Intermediate Technology Publications.

ALBERICH, T. (2000), "Perspectivas de la investigación social", en T. RODRIGUEZ VILLASANTE et al., *La investigación social participativa*, Madrid: El Viejo Topo.

ALMEIDA, G (1995), *Dois irmãos*, Lisboa: Presença.

ALMEIDA, G. (2003), *Cabo Verde, Viagem pela história das ilhas*, São Vicente: Ilhéu Editora.

ALONSO, E., ROSEMAN, S. R. (eds. coords.), *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.

AKESSON, L. (2008), "Cape Verdeans in Sweden", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 101-109.

AMARAL, I. do (2007 [1964]), *Santiago de Cabo Verde – A terra e os homens*, Lisboa: Associação das Universidades de Língua Portuguesa.

ANDALL, J. (1999), "Cape Verdean women on the move: immigration shopping in Italy and Europe", *Modern Italy*, 4(2), pp. 241-257.

ANDALL, J (2000), *Gender, Migration and Domestic Service: The politics of Black Women in Italy*, Aldershot: Ashgate.

ANDALL, J. (2008), "Cape Verdeans in Italy", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 81-89.

ANDER-EGG, E. (1980), *Metodología y Práctica del Desarrollo de la Comunidad*, Tarragona: UNIEUROPE, (10ª ed.).

ANDER-EGG, E., (1990), *Repensando la Investigación-Acción-Participativa. Comentarios, críticas y sugerencias*, Vitoria-Gasteiz: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco.

ANDER EGG, E. (2002), *La práctica de la Animación Sociocultural y el Léxico del Animador*, Lima: Fondo Editorial de la Pontificia Universidad Católica del Perú.

ANDRADE, M. de (1981), *Amilcar Cabral: ensayo de biografía política*, Madrid: Siglo XXI.

ARANDA, C. (1994), "Inmigrantes caboverdianos en el Bierzo", *Polígonos. Revista de Geografía*, León: Departamento de Geografía de la Universidad de León, nº 4, pp. 99-105.

BARNES, J.A., (1954), "Class and comittes in a Norwegian island parish", *Human Relations*, 7 (1), pp. 39-58.

BATALHA, L., e CARLING, J. (eds.), (2008), *Transnational Archipelago*. Amsterdam: Amsterdam University Press,

BATALHA, L. (2008), "Cape Verdeans in Portugal", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 61-71.

BEIRAS, X.M. (1971), *O atraso económico de Galicia*, Vigo: Galaxia.

BERRY, J.W. (1984), "Multicultural policy in Canada: A social psychological analysis", *Canadian Journal of Behavioural Science*, 16, pp. 353-370.

BERRY, J.W. (2011), "Integration and Multiculturalism: Ways towards Social Solidarity", *Papers on Social Representations*, 20, Pp. 2.1-2.21, dispoñíbel en [<http://www.psych.lse.ac.uk/psr/>], consultado o 13/05/2012.

BARNES, J.A., (1954), "Class and comittes in a Norwegian island parish", *Human Relations*, 7 (1), pp. 39-58.

BERTRAND, I.G. e WALTERS, R.F. (1987), "MIRAB Societies and Bureaucratic Elites", en HOOPER, A. et al., *Class and Culture in South Pacific*, Suva: University of the South Pacific.

BLANCHARD, M. (2005), *Les élèves cap-verdiens nouvellement arrives en France*, Centre Académique pour la Scolarisation des Nouveaux Arrivants et des enfants du Voyage (CASNAV) de l'Académie de Créteil, Bobigny, Paris XIII. Dispoñíbel en <http://casnav2.ac-creteil.fr/spip/IMG/pdf/enacapvert-2.pdf>, consultado o 02/11/2012.

BLANCO, M. (2004), *Buscar a vida. Unha ecografía das mulleres inmigrantes*, Santiago de Compostela: CCOO.

BRETTEL, C., e DE BERGEOIS, P.A. (1992), "Anthropology and the Study of Immigrant Women", *Seeking Common Ground*, Ed.D. Gabaccia. Westport CT: Greenwood Press, pp. 41-63.

BROGGER, J. e GILMORE, D. D. (1997) 'The Matrifocal Family in Iberia: Spain and Portugal Compared', *Ethnology*, 36, pp. 13-30.

CABRAL, I. (2012), *A representação das mulheres, casadas e viúvas, da ilha de Santiago nos documentos dos séculos XVI-XVIII. (Um estudo prosopográfico)*, en <http://www.portaldoconhecimento.gov.cv/> Ministério do Ensino Superior, Ciência e Inovação, República de Cabo Verde, (consultado o 20/10/2012)

CAHEN, M. (1991), “Arquipélagos da alternância; A vitória da oposição nas ilhas de Cabo Verde e de São Tomé e Príncipe”, *Revista Internacional de Estudos Africanos*, 14-15, Lisboa: Instituto de Investigação Científica Tropical. Centro de Estudos Africanos e Asiáticos, pp. 113-153.

CALDEIRA, A., et al. (orgs.) (2000), *Amílcar Cabral, sou um simples africano*, Lisboa: Fundação Mário Soares.

CAMPANI, G. (1998), “Present trends in women’s migration: The emergence of social actors”, en D. JOLY (org.), *Scapegoats and Social Actors. The Exclusion and Integration of Minorities in Western and Eastern Europe*, Hampshire, Centre of Research in Ethnic Relations, Warwick: University of Warwick, pp. 192-217.

CAMPANI, G. (2010) “Género e Inmigración”, en L.V. AMADOR e M.C. MONREAL, *Intervención Social y Género*, Madrid: Narcea, pp. 133-152.

CARDOSO, H. (1998) “O erro de A. Carreira”, *CULTURA*, 2, Praia: Ministério da Cultura.

CARLING, J. (2002) *Quantifying the transnational: Using numbers in research on transnational migration*, Paper apresentado no workshop ‘Possibilities and limitations in transnational migration research’, Department of Anthropology, Gothenburg University.

CARLING, J. (2004), “Emigration, Return and Development in Cape Verde: The Impact of Closing Borders”, en *Population, Space and Place*, 10, pp. 113–132. Disponível online en *Wiley InterScience* (www.interscience.wiley.com). DOI: 10.1002/psp.322, (consultado o 30/06/2013).

CARLING, J. (2008), “Cape Verdeans in the Netherlands”, en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 91-100.

CARMO, H. (2007), *Desenvolvimento Comunitario*, Lisboa: Universidade Aberta (2ª ed.).

CARNACEA, A., e LOZANO, A. (coords.) (2011), *Arte, intervención y acción social. La creatividad transformadora*, Madrid: Grupo 5.

CARNACEA, M. A. (2011), “Batuko Tabanka: Música entre el mar y la tierra. Mujeres cabo-verdianas de Burela”, en A. CARNACEA e A. LOZANO (coords), *Arte, intervención y acción social. La creatividad transformadora*, Madrid: Grupo 5.

CARREIRA, A. (1983 [1977]), *Migrações nas ilhas de Cabo Verde*. Praia, Instituto Cabo-verdiano do Livro.

- CARREIRA, A. (1984 [1977]), *Cabo Verde (Aspectos sociais. Secas e fomes do século XX)*, Lisboa: Ulmeiro.
- CARREIRA, A. (2000 [1972]), *Cabo Verde. Formação e extinção de uma sociedade escravocrata*, Praia: IPC.
- CARVALHO, F. A. (2010), *Migração em Cabo Verde. Perfil Nacional 2009*, Praia: Organização Internacional das Migrações – OIM.
- CES (Consello Económico e Social de Galicia) (2002), *O sector pesqueiro en Galicia*, Informe disponível em <http://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/sector-pesqueiro-en-galicia>, (consultado o 10/03/2011).
- CIEF (Centro de Investigación Económico y Financiero) (2009), *A Economía Galega. Informe 2008*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- COLECTIVO AMANI (1994), *Educación Intercultural. Análisis y resolución de conflictos*, Madrid: Editorial Popular.
- COLECTIVO CULTURAL BURIL (2011), *O Trasnó*, Tomo II (1988-1989), Lugo: Deputación de Lugo, Servizo de Publicacións.
- COLECTIVO IOE (1996), *Procesos de inserción y exclusión social de las mujeres inmigrantes no comunitarias*, Madrid: (policopiado).
- COLECTIVO IOÉ, (2003), “Investigación acción participativa: Propuesta para un ejercicio activo de la ciudadanía”, *Conferencia. Encuentro de la Consejería de Juventud*. Córdoba, junio de 2003, disponível em URL: <http://www.nodo50.org/ioe/>, (consultado o 30/08/2011).
- CONCELLO DE BURELA (2005), *Burela a bordo: memoria fotográfica do mar, século XX-XXI*, Burela: Concello de Burela.
- CORREIA e SILVA, A. L. (2001), “A sociedade Agrária: Gentes das águas: senhores, escravos e forros”, em SANTOS, M. E. (coord.), *Historia Geral de Cabo Verde*. Vol.2. 2ª Edição, Lisboa: ICCP, Praia: INAC.
- COSTA, A. A. (2000), *Género, Poder e Empoderamento das Mulheres*, Núcleo de Estudos Interdisciplinares sobre a Mulher, NEIM/UFBA.
- COUTINHO, L. M., (2008), *Amílcar Cabral, o pedagogo da revolução*, (transcrição de entrevista realizada a Paulo Freire em 1985), Faculdade de Educação da Universidade de Brasília. Disponível em: <http://forumeja.org.br/files/amilcar.pdf> (consultado o 30/08/2011).
- COUTO, C. (2001), *Estratégias familiares de subsistências rurais em Santiago de Cabo Verde*, Lisboa: Instituto da Cooperação Portuguesa.

- D'ALMEIDA, J.E. (1989 [1856]), *O Escravo. Romance Cabo-verdiano*, Linda-a-Velha: Edições ALAC.
- DEAN, M.L. (1994), "Cabo Verde na Mariña Luguesa", *Cadernos de Psicoloxía*, 15, Especial racismo e xenofobia, Santiago: Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, pp. 30-36.
- DONATO, K. et al. (2006), "A Glass Half Full? Gender in Migration Studies", in *International Migration Review*, Volume XL, 1, NY: Center for Migration Studies, pp. 3-26.
- DUARTE, D. (1998), *Bilingüismo ou Diglósia?*, Mindelo: Spleen Edições.
- DURÁN VILLA, F. R.; LOIS, R.; LÓPEZ, M.J.; MONTOJO, J. (1986), *Viveiro, achegamento á realidade dun núcleo urbano galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia.
- EHRENREICH, B. e HOCHSCHILD, A.R. (2004), *Global Woman: Nannies, Maids, and Sex Workers in the New Economy*, New York: LLC.
- ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA (2008), *Informe de xestión*, Santiago: Xunta de Galicia.
- ETXALUZE, A. (2000), "La falta de tripulaciones en el sector pesquero", *Itsas Memoria. Revista de Estudios Marítimos del País Vasco*, 3, Donostia – San Sebastián: Untzi Museoa - Museo Naval.
- ÉVORA, I. (2003), *(Des)atando Nós, (Re)fazendo Laços: Aspectos Psicossociais da Imigração Feminina Cabo-verdiana na Itália*, Tese de Doutoramento (policopiada), São Paulo: Instituto de Psicologia, Universidade de São Paulo.
- ÉVORA, I. (2007), "Minha gente, minha terra: as atribuições sociais da emigrante em Cabo Verde", en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 63-98.
- FAZENDA, I (s/d), *Empowerment e participação, uma estratégia de mudança*, Lisboa: Centro Português de Investigação em História e Trabalho Social, disponível en www.cpihts.com/PDF/EMPOWERMENT.pdf, (consultado o 3/05/2009)
- FEDERACIÓN DE TRANSPORTES, COMUNICACIONES Y MAR DE UGT, (2010), "La pesca", http://www.tcmugt.es/pdf_Nuevos/seguridad_%20salud_medio_ambiente/especifica/mar/factores_clave_sectores_pesca_y_acuicultura/La_Pesca.pdf, (consultado o 21/03/2012)
- FERNÁNDEZ, I. (1998), "Cambio económico, adaptacións e resistencias nos séculos XIX (dende 1870) e XX", en C. FERNANDEZ, (coord.), *Historia da pesca en Galicia*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC, pp. 139-206.

FERNÁNDEZ, L. e MONTERO, L. (2003), *DIAGNOSE: A realidade das mulleres camariñas. Mulleres coma a area*, Camariñas: Concello de Camariñas, Área de Muller, Concellería de Servizos Sociais.

FERNÁNDEZ, L. (2003), "Caboverdian@s na Mariña: xestión dun proceso de integración desde a Antropoloxía", *Estudios Migratorios*, 15/16, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo da Emigración Galega, pp. 233-248.

FERNÁNDEZ, L. (2006), "Evolução da comunidade cabo-verdiana residente no litoral lugués", en R. LOIS e R.M. VERDUGO (eds.), *As migracións en Galiza e Portugal : contributos desde as ciencias sociais*, Santiago de Compostela: Candeia, pp. 217-235

FERNÁNDEZ, M.S. (2001), "Antonia de Cabo Verde. Corazón entre as terras e os mares", *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, 6, A Coruña: Edicións do Castro, pp. 105-108.

FERNÓS, M.D. (1991), "La matrifocalidad, el matrimonio y la familia en el Caribe", *Revista de Ciencias Sociales*, San Juan (Puerto Rico): Centro de Investigaciones Sociales, volume 30, 1-2, pp. 333-345.

FERREIRA, L. ÉVORA (2002), "Obstáculos ao sucesso educativo de crianças de origen cabo-verdiana", en *Actas do Coloquio A comunicação entre culturas*, Portugal, ADECI/Grupo Sietar (CDRom).

FERREIRA, L. ÉVORA (2003), *A mediação cultural luso-cabo-verdiana nas construções cognitivas*, Lisboa: Universidade Aberta.

FINAN, J. T. e HENDERSON, K. H. (1988), 'The Logic of Cape Verdean Female-Headed Households: Social Response to Economic Scarcity', *Urban Anthropology*, 17 (1), pp. 87-103.

FIKES, K. (1998), "Domesticity in Black and White: Assessing Badia Cape Verdean Challenges to Portuguese Ideals of Black Womanhood", *Transforming Anthropology*, Volume 7, 2, Assotiation of Bkack Anthropologists, pp. 5-19.

FIKES, K. (2000), *Santiaguense Cape Verdean Women in Portugal: Labor Rights, Citizenship and Diasporic Transformation*, Tese de Doutoramento en Filosofía e Antropoloxía, University of California.

FIKES, K (2006), "Emigration and the Spatial Production of Difference from Cape Verde", en K. CLARKE e D. THOMAS, (eds.) *Globalization and Race*, Durham: Duke University Press, pp. 97-118.

FOSTER, G.M. (1974 [1969]), *Antropología Aplicada*, México, FCE.

FREIRE, P. (1983) [1970], *Pedagogía del oprimido*, México, Siglo XXI.

FUENTE, A. de la (1996), "Afro-luso-galegos", en J.R. ALBERTE, *Escuela y diversidad*, Lugo: Lakinfil.

- FUNDAÇÃO MÁRIO SOARES (2000), *Amilcar Cabral, sou um simples africano*, Lisboa: Fundação Mário Soares.
- FURTADO, C. (2012), *As migrações da África Ocidental em Cabo Verde: Atitudes e representações*. Tese de Doutoramento apresentada á ULB e Uni-CV para obter o grao de Doutora en Ciências Políticas e Sociais.
- GABARRÓN, L.R. e HERNÁNDEZ, L. (1994), *Investigación participativa*, Madrid: CIS.
- GARCÍA, A. (1998), “Antropoloxía da Pesca en Galicia”, en FERNANDEZ, C. (coord.), *Historia da pesca en Galicia*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC, pp. 207-272.
- GARCÍA, E. (2008), *Políticas de Igualdad, Equidad y Gender Mainstreaming. ¿De qué estamos hablando?. Marco conceptual*, San Salvador: PNUD.
- GEORGES, E. (1992), “Gender, Class and Migration in the Dominican Republic: Women’s experiences in a Transnational Community”, *Annals of the New York Academy of Sciences*, 645 (xullo), pp. 81-99.
- GIMÉNEZ, C. (2003), *¿Qué es la inmigración?, ¿problema u oportunidad?, ¿cómo lograr la integración de los inmigrantes?, ¿multiculturalismo o interculturalidad?*, Barcelona: RBA.
- GIUFFRÈ, M. (2007), “Mulheres que ficam e mulheres que migram: dinâmicas numa relação complexa na ilha de Santo Antão (Cabo Verde)”, en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 193-215.
- GIUFFRÈ, M. (2012), “ Cape Verdean Female Migration and the New Transnational Matrifocal Families”, TL Network e-Working Papers, Lisboa: Instituto de Ciências Sociais da Universidade de Lisboa, nº 3/2012, (ISSN 2182-5718).
- GÓIS, Pedro (orgs.) (2006), *Emigração Cabo-verdiana para (e na) European e a sua inserção em mercados de trabalho locais: Lisboa, Milão, Roterdão*. Lisboa: ACIME.
- GÓIS, Pedro (orgs.) (2008), *Comunidade(s) cabo-verdiana(s): as múltiplas faces da imigração cabo-verdiana*, Lisboa: ACIDI, IP.
- GONDAR, M. (1991), *Mulleres de Mortos: cara unha Antropoloxía da muller galega*, Vigo: Xerais.
- GORDON, M. (1964), *Assimilation in American Life*, Oxford: Oxford University Press.
- GRASSI, M. (2001) ‘La question du genre dans le secteur informel au Cap Vert: étude sur les “rabidantes” au marché de Sucupira dans l’île de Santiago’, Paper presentado no *International Colloquium on Genre, Population et Développement en Afrique*, Abidjan, Xullo 16-21.
- GRASSI, M; (2003), *Rabidantes. Comércio espontâneo Transnacional em Cabo Verde*, Lisboa, ICS.

GRASSI, M. (2007), "Cabo Verde pelo mundo: o género na diáspora cabo-verdiana", en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 23-61.

GRASSI, M. e ÉVORA, I. (orgs), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS.

GRASSMUK, S e PESSAR, P. (1991), *Between two islands. Dominican Transnational Migration*, California: University of California Press.

GREGORIO, C. (1998), *Migración femenina. Su impacto en las relaciones de género*, Madrid: Narcea.

GREGORIO, C. (2009), "Silvia, ¿Quizás tenemos que dejar de hablar de género y migraciones?. Transitando por el campo de los estudios migratorios", *Gazeta de Antropología*, 25 (1), artículo 17, <http://hdl.handle.net/10481/6863>, (consultado o 10/11/2010)

GREGORIO, C. (2012), "Tensiones conceptuales en la relación entre género y migraciones. Reflexiones desde la etnografía y la crítica feminista", *Papers 2012*, 97/3, pp. 569-590.

GUARNIZO, L.E. (1993), *Going home: Class, Gender and Household Transformation among Dominican Returned Migrants*, La Jolla: Commission for Hemispheric Migration and Refugee Police, Georgetown University.

GUASCH, O. (1997), *Observación participante*, Madrid: CIS.

GUERRA, I. (2003), *Fundamentos e processos de uma Sociologia de Acção. O planeamento em Ciências Sociais*, Lisboa: Principia.

GUSMÃO, N.M. (2004), *Os filhos da África em Portugal. Antropologia, multiculturalidade e educação*, Lisboa: ICS.

HALTER, M. (2008), "Cape Verdeans in the U.S.", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 35-46.

HANNERZ, U. (2003) "Being there . . . and there . . . and there! Reflections on multi-site ethnography", *Ethnography*, Vol. 4, 2, pp. 201-216.

HOCHSCHILD, A. (2001), "Las cadenas mundiales de afecto y asistencia y la plusvalía emocional", en A. GIDDENS e W. HUTTON (eds.), *En el límite. La vida en el capitalismo global*, Barcelona: Kriterion Tusquets, pp. 187-208.

HONDAGNEU-SOTELO, P. (1994), *Gendered Transitions. Mexican experiences on Immigration*, Bekerley and Los Angeles: University of California Press.

HONDAGNEU-SOTELO, P. (2003), "Gender and Immigration, A retrospective and Introduction", en P. HONDEGNAU-SOTELO (ed.), *Gender and US Immigration*, Los Angeles: Contemporary Trends, University of California.

HOPFFER ALMADA, J.L. (2012), *Das tragédias históricas do povo caboverdiano e da saga da sua constituição e da sua consolidação como nação crioula soberana*, Segunda parte, disponível en <http://www.buala.org/pt/aler/das-tragedias-historicas-do-povo-caboverdiano-e-da-saga-da-sua-constituicao-e-da-sua-consolidacao> (consultado o 14/03/2013).

INE, ICIEG e ONU, (2008), *Mulheres e Homens em Cabo Verde. Factos e números*, Praia: INE, ICIEG, ONU.

INSTITUTO CABO-VERDIANO PARA A IGUALDADE E EQUIDADE DE GÉNERO (2007), *Cabo Verde e a CEDAW. Relatório à Convenção sobre a Eliminação de Todas as Formas de Discriminação Contra as Mulheres e Documentos Conexos*, Praia: ICIEG.

INSTITUTO CABO-VERDIANO PARA A IGUALDADE E EQUIDADE DE GÉNERO (2010), *Relatório à Convenção sobre a Eliminação de Todas as Formas de Discriminação Contra as Mulheres*, Praia: ICIEG, Relatório combinado: Sétimo e Oitavo relatórios.

IZQUIERDO ESCRIBANO, A., LOPEZ DE LERA, D. e MARTÍNEZ LUJÁN, R. (2002) "Los preferidos del siglo XXI: la inmigración latinoamericana en España", en *Actas del 3 Congreso de la Inmigración en España*, Vol 2, Granada: Laboratorio de Estudios Interculturales, pp. 237-250.

JULIANO, D. (1994), "Mujer y familia en España y América", en C.P. KOTTAK, *Antropología. Una exploración de la diversidad humana con temas de la cultura española*, Madrid: Mc Graw-Hill, pp. 331-345.

JULIANO, D. (2003): "La escuela y las interacciones entre ellos y nosotros", en F. CHECA, A. ARJONA e J.C. CHECA, *La integración social de los inmigrantes*, Barcelona: Icaria, pp 189-207.

KELLEY, H. (2011 [1991]), "Nais solteiras e a reputación da casa nunha comunidade costeira galega", en E. ALONSO e S. R. ROSEMAN (eds. coords.), *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, pp. 85-112.

KOTTAK, C.P. (1994), *Antropología. Una exploración de la diversidad humana con temas de la cultura española*, Madrid: Mc Graw-Hill.

KOTTAK, C.P. (2000), "La cultura y el desarrollo económico", en A. VIOLA, (comp.) *Antropología del desarrollo*, Barcelona: Paidós.

LABARTA, U. (1985), *A Galicia Mariñeira*, Vigo: Galaxia.

LAGARDE, M. (2011), *Los cautiverios de las mujeres. Madresposas, monjas, putas, presas y locas*, Madrid: Horas y Horas.

LAMELA, C., LÓPEZ DE LERA, D. e OSO, L. (2005), “La inmigración internacional en Galicia: latinoamericanos, comunitarios... y otros”, en C. SOLÉ, A. IZQUIERDO e A. ALARCÓN (coords.), *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, Barcelona: Anthropos.

LAPARRA, M. (2003), *Extranjeros en el purgatorio. Integración social de los inmigrantes en el espacio local*, Barcelona: Edicions Bellaterra.

LEITÃO DA GRAÇA, C. (2007), *Cabo Verde. Formação e dinâmicas sociais*, Praia: IIPC.

LEÓN, M. (org.), (1997) *Poder y empoderamiento de las mujeres*, Bogotá: TM Editores.

LEÓN, M. (2001) “El empoderamiento de las mujeres: encuentro del primer y tercer mundos en los estudios de género”, en *Revista de Estudios de Género La Ventana*, nº 13, Guadalajara (México): Editorial Gráfica Nueva, pp.94-106.

LISÓN, C. (1979), *Antropología Cultural de Galicia*, Madrid: Akal.

LOBBAN, R.A. (1995), *Cape Verde: Crioulo Colony to Independent Nation*, Boulder, CO: Westview Press.

LOBO, A. (2006), *Tão longe e tão perto. Organização familiar e emigração feminina na ilha da Boa Vista– Cabo Verde*. Tese de Doutorado apresentada ao Programa de Post-Graduação em Antropologia Social no Departamento de Antropologia, Universidade de Brasília.

LOBO, A. (2007), “Tão longe e tão perto. Emigração feminina e organização familiar: Boa Vista – Cabo Verde”, en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 169-191.

LOBO, A (2008), “A different kind of family. The Domestic Environment on the Boavista Island, Cape Verde”, *Vibrant*, v.5, 2, pp. 45–74.

LOBO, A. (2010), “Um filho para duas mães? Notas sobre a maternidade em Cabo Verde”, *Revista de Antropologia*, v 53, 1, São Paulo: USP, pp. 117-145.

LOPES DA SILVA, B. (1961) (2ª ed.), *Chiquinho: romance*, Lisboa: Horizonte.

LOPES FILHO, J. (1995), *Cabo Verde. Retalhos do quotidiano*, Lisboa: Caminho.

LOPES FILHO, J. (1996), *Ilha de S. Nicolau. Cabo Verde. Formação da sociedade e mudança cultural*, II volume, Praia: Ministério da Educação, Secretaria Geral.

- LOPES FILHO, J. (2006), *Cabo Verde. Abolição da escravatura. Subsídios para o estudo*, Praia: Spleen Edições.
- LOPES FILHO, J. (2009), *Crónicas do tempo que passou*, Praia: Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro.
- LOPES, J.V. (2003), *Cabo Verde, as causas da independência*, Praia: Spleen Edições.
- LOPEZ, L. e PRIETO, I. (1996), "Portugueses y caboverdianos en España", en *Estudios Geográficos* (vol. 54), Madrid: C.S.I.C., pp.75-96.
- LOPEZ, L., TURELL, M.T. e LAVRATTI, N. (2007), "Las comunidades luso-hablantes portuguesa, brasileña y caboverdiana", en M.T. TURELL, *El Plurilingüismo en España*, Barcelona: IULA, pp. 399-432.
- LORDE, A. (2003)[1984], "Edad, raza, clase y sexo: las mujeres redefinen la diferencia", en A. LORDE, *La hermana, la extranjera. Artículos y conferencias*, Madrid: horas y HORAS la editorial, pp. 121-135.
- MAHLER, S. PESSAR, P. (2006), "Gender Matters: Ethnographers Bring Gender from the Periphery toward the Core of Migration Studies", *International Migration Review*, Volume XL, 1, NY: Center for Migration Studies, pp. 27-63.
- MALGESINI, G. e GIMÉNEZ, C. (2000), *Guía de conceptos sobre migraciones, racismo e interculturalidad*, Madrid: Los libros de la Catarata.
- MARCELINO, P. (2013), *O novo paradigma migratório dos espaços de trânsito africanos – inclusão, exclusão, vidas precárias e competição por recursos escassos em países tampão: o caso de Cabo Verde*, edición do autor.
- MARCUS, G. (2001), "Etnografía en/del Sistema Mundo. El surgimiento de la etnografía multilocal", *Alteridades*, Vol.11 (22), pp. 111-127.
- MARIANO, G. (1991), *Cultura caboverdeana: ensaios*, Lisboa: Vega, D.L.
- MARTINEZ, U. (1997), *La integración de los inmigrantes extranjeros en España*, Madrid: Trotta.
- MARTINS, F. e FORTES, C. (2011), "Para além da crise. Jovens, mulheres e relações familiares em Cabo Verde", en (CON)TEXTOS, *Revista d'Antropologia i investigació social*, 5, Barcelona: UB, pp. 13-29.
- MOLDES, R. (1998), *Relaciones Etnia – Clase: Inmigrantes caboverdianos en las minas de Laciana (León)*, Tese de Doutoramento, Facultad de Ciencias Políticas y Sociología, Departamento Sociología III, Universidad Complutense, Madrid.
- MOLDES, R. (2008), "The cape verdean community in León : the shift of economic immigrants from the industrial sector to the services sector", en P. GOIS (org.), *Comunidade(s) cabo- verdiana (s): as múltiplas faces da imigração cabo- verdiana*, Lisboa: Alto Comisariado para a Imigração e Diálogo Intercultural, pp. 231-247.

MOLDES, R. e OCA, L. (2008), "Capeverdians in Spain", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 73-80.

MONCÓ, B. (2011), *Antropología del Género*, Madrid: Síntesis.

MONTEIRO, C.A. (1997), *Comunidade Imigrada. Visão Sociológica. O caso da Itália*, Praia: ICL.

MONTEIRO, V. (1995), *Portugal / Crioulo*, Praia: ICL.

MOORE, H.L. (1991), *Antropología y feminismo*, Madrid: Cátedra.

MORAES, N. (2010), "La metodología de investigación multisituada en el análisis del transnacionalismo migrante". Comunicación presentada ao X Congreso Español de Sociología, organizado pola Federación Española de Sociología, Pamplona: Universidad Pública de Navarra.

MORENO, P. (1997), "Da ficción do matriarcado á economía informal: modelos e relacións de xénero na cultura galega", en *Serie Galicia: Antropoloxía, Artesanía. Sociedade*, Tomo XXVI, A Coruña: Hércules de Ediciones, pp.265-297.

MOROKVASIC, M. (ed.), 1984, *Women in Migration*, International Migration Review, 8(4): 887, NY: Center for Migration Studies.

NASCIMENTO, A. (2007), "'Nem homens nem mulheres, só contratados. Apontamentos sobre relações de género nas roças de São Tomé e Príncipe", en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 147-167.

NASCIMENTO, A. (2008), "Cape Verdeans in São Tomé and Príncipe", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 55-60.

NEVES, A. (2002), "Lei da Nacionalidade", en SOS Racismo, *A imigração em Portugal*, Lisboa: SOS Racismo, pp.208-215.

NOGUEIRA, G.A. (2010), *Batuko, património inmaterial de Cabo Verde. Percurso histórico-musical*. Tese de Mestrado en Património e Desenvolvimento (2008/2010), UNICV, Praia.

OCA, L. (2005), "La inserción versus exclusión de los inmigrantes: retórica y realidad", en M. A. SANTOS (ed.), *Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural*, Granada: Grupo Editorial Universitario, pp.171-191

- OCA, L. (2006), "Modelos de integración social de inmigrantes en Galiza: o exemplo da comunidade caboverdiana da Mariña", *Fervenzas, Revista Galega de Traballo Social*, 9, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Diplomados de Traballo Social de Galicia, pp. 121-137.
- OCA, L. (2007), "Badiu na Galiza: mar di homi – tera di mudjeres", en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 99-122.
- OCA, L. (2009), *Informe: Investigación acción participativa. Fortalecimiento de las Capacidades humanas, sociales e institucionales*, Madrid: Asociación para la Integración del Menor PAIDEIA; Asociación para a Cooperación con Cabo Verde, Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo.
- PEIXEIRA, L.M. (2003), *Da mestizagem à caboverdianidade: registos de uma sociocultura*, Lisboa: Colibri.
- PEREIRA, D. (2005), *Estudos da História de Cabo Verde*, Praia: Alfa-Comunicações, Lda.
- PEREIRA, V. (2008), "España como país de tránsito. El caso de la emigración portuguesa hacia Francia (1957-1974)", *Migraciones y Exilios*, 9, Madrid: AEMIC, pp. 75-114.
- PERISTIANY, J.G. (rec.), (1968), *El Concepto del honor en la sociedad mediterránea*, Barcelona: Labor.
- PERNAS, H. (2001), *El marco asociativo en la Galicia marinera durante el primer tercio del siglo XX: una aproximación a los Pósitos de Pescadores de la Mariña Lucense*. Comunicación presentada no VII Congreso da Asociación de Historia Económica.
- PINTO, C. (1998) "Empowerment: uma prática de Serviço Social", en O. BARATA (coord), *Política Social*, Lisboa: ISCSP, pp. 247-264.
- PIÑEIRA, M.J., OCA, L. e FURTADO, C. (2011), "Cabo Verde, um país insular de diáspora na confluência entre a Europa e África", en R. LOIS (ed.), *Ordenamento e Planeamento territorial na África Occidental: Cabo Verde, Senegal e Mali*, Compostela: Lóstrego.
- PIRES, R. (2003), *Migrações e Integração*, Oeiras: Celta.
- PITT RIVERS, J. (1979), *Antropología del Honor o Política de los sexos, ensayos de Antropología Mediterránea*, Barcelona: Crítica.
- PORTES, A. e RUMBAUT, R., (1990), *Inmigrant America*, Berkeley: University of California Press.
- RAO, A., FELDSTEIN, H., CLOUD, K. e STAUDT, K. (1991), *Gender Training and Development Planning. Learning from Experience*. Conference Report, Bergen: The Chr. Michelsen Institute.

RAPOSO, I. (2002), "Habitação: o pecado mora ao lado", en SOS Racismo, *A imigração em Portugal*, Lisboa: SOS Racismo, pp. 396-405.

REGAL (1998), *Proxecto Bogavante*, A Coruña (proxecto aprobado polo FSE)

REGAL (2000), *Memoria de actividades do Proxecto BogAvante*, A Coruña.

RÍO, M.A. (2001), *O crecemento das pequenas cidades costeiras lucenses a través da óptica da planificación urbana*. Memoria de Licenciatura, Facultade de Xeografía e Historia, Departamento de Xeografía, Santiago de Compostela.

RODRIGUES, I. (2007), "As mães e os seus fillos dentro da plasticidade parental: reconsiderando o patriarcado na teoría e na práctica", en M. GRASSI, e I. ÉVORA, (orgs.), *Género e Migrações Cabo-verdianas*, Lisboa: ICS, pp. 123-146.

ROMERO-GIRÓN, V. (2010), *Informe. Guía Práctica – El Sector del Turismo en Cabo Verde*, Oficina Camaras Canarias/Proexca en Cabo Verde. Disponível en http://aws2.nivaria.com/proexca/de/Estudios_de_Mercado/Cabo_Verde/2010/Guia_Practica_-_PROEXCA.pdf (consultado o 14/03/2011).

ROSALDO, M. LAMPHERE, L. (eds.), (1974), *Woman, culture and society*, Stanford, California: Stanford University Press.

ROSEMAN, S. R. (2012), "Reflexións sobre a Antropoloxía do Xénero", en en E. ALONSO e S. R. ROSEMAN (eds. coords.), *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, pp. 223-230.

ROSEMAN, S. (2012) [1999], "Quen manda?: políticas de autoridade doméstica na Galicia rural", en en E. ALONSO e S. R. ROSEMAN (eds. coords.), *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, pp. 231-262

RUBIN, G. (1986), "El tráfico de mujeres: notas sobre la economía política del sexo", *Revista Nueva Antropología*, vol. VIII, 30, pp. 95-145.

RUIZ, E. (2005), *Intervención social, cultura, discursos y poder: aportaciones desde la antropología*, Madrid: Talasa.

SABATIER, C. e BERRY, J. (1996), "Integración y aculturación", en R.Y. BOURHIS e J.P. LEYENS, *Estereotipos, discriminación y relaciones entre grupos*, Aravaca: McGRAW HILL, pp. 217-239.

SAINT-MAURICE, A. (1997), *Identities Reconstruídas. Cabo-verdianos em Portugal*, Oeiras: Celta.

- SANTOS, I. (1998), "Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): protagonistas e transformacións", en C. FERNANDEZ (coord), *Historia da pesca en Galicia*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC, pp. 87-138.
- SANCHEZ, G. (2005), "Contested identities: Narratives of Race and Ethnicity in the Cape Verdean Diaspora", *Identities: Global Studies in Culture and Power*, 12, Gordon and Breach Publishers, pp. 405-438.
- SANCHEZ, G. (2008), "Cape Verdean Diasporic Identity Formation", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 255-268.
- SEMEDO, A. (2009), *Religião e Cultura. A Influência da Religião católica na Reprodução da Dominação Masculina em Cabo Verde*. Tese de Mestrado, Centro de Estudos Africanos, Universidade do Porto.
- SEMEDO, C.I. (2008), "Batuko e sociabilidade feminina: etnografia do batuko das batucadeiras de São Martinho". Comunicación presentada ao *Seminário Internacional Fazendo Gênero 8: Corpo, Violência e Poder*, organizado pola UFSC, Florianópolis, (Brasil).
- SEMEDO, C.I. (2009), *Mara Sulada e dã ku torno: performance, género e corporeidades no grupo de Batukadeiras de São Martinho Grande (Ilha de Santiago, Cabo Verde)*. Tese de Mestrado en Antropologia Social, UFRGS, Porto Alegre (Brasil).
- SEMEDO, J.M. e TURANO, M.R. (1997), *Cabo Verde. O ciclo ritual das festividades da Tabanka*, Praia: Spleen.
- SILVA, T.V. da (2005), *(Kon) Tributu (pa libertason y dizanvolviméntu)*, Mindelo: edición do autor.
- SIMÕES, E. (2008), *O trabalho forçado na legislação portuguesa. O caso de Moçambique (1899-1926)*. Tese de Mestrado em História da África, Departamento de História da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
- SOARES, M.J. (2005), "Crioulos indómitos e Vadios: Identidade e Crioulização em Cabo Verde – Séculos XVII-XVIII", en *Actas do Congresso Internacional Espaço Atlântico de Antigo Regime: Poderes e Sociedades*, organizado polo IICP e CHAM da Universidade Nova de Lisboa. Disponível en: www.cvc.instituto-camoes.pt/eaar/coloquio/comunicacoes/maria_joao_soares.pdf. (consultado o 02/08/2011).
- SOLANES, A. (2010), "Un balance tras 25 años de leyes de extranjería en España: 1985-2010", *Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración*, 90, Madrid: Ministerio de Trabajo e Inmigración, Subdirección General de Información Administrativa y Publicaciones, pp. 77-101.
- SOLÉ, L.C., IZQUIERDO, A. e ALARCÓN, A. (coords.), (2005) *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*, Barcelona: Anthropos.
- SOS RACISMO (VVAA), (2002), *A imigração em Portugal*, Lisboa: SOS Racismo.

STROMQUIST, N. (1995), "The Theoretical and Practical Bases for Empowerment", en C. MEDEL-AÑONUEVO (ed.), *Women, Education and Empowerment. Pathways towards Autonomy*, Hamburgo: UNESCO, pp. 13-22.

STROMQUIST, N. (1997), "La búsqueda del empoderamiento: en qué puede contribuir el campo de la educación", en M. LEÓN (org.), *Poder y empoderamiento de las mujeres*, Bogotá: TM Editores.

SUÁREZ, O. (2011), *Memoria do ofício do mar en Burela*, Burela: Delegación do Mar, Concello de Burela.

TANNER, N. (1974) 'Matrifocality in Indonesia and Africa and among Black Americans', en M. Z. ROSALDO e L. LAMPHERE (eds.) *Woman, Culture and Society*, Stanford: Stanford University Press.

TAVARES, M.V. (1998), *O insucesso escolar e as minorias étnicas em Portugal- uma abordagem antropológica da educação*, Lisboa: Instituto Piaget.

TILLY, C. (1990), "Reconsidered transplanted networks", en V.Y. MAC LAUGHLIN (org.), *Immigration reconsidered: history, sociology and politics*, Oxford: Oxford University Press.

TRAJANO FILHO, W. (2005), "A sociabilidade da Diáspora: o retorno", *Série Antropológica*, 380. Brasília: UnB.

TRAJANO FILHO, W. (2006), "Some problems with the Creole Project for the Nation: the case of Guinea-Bissau". Paper presentado no Seminario *Powerfull Presence of the Past*, Max Planck Institute, Halle, Alemaña.

TROVÃO, S. e RAMALHO, S. (2010), *Repertórios femininos em construção num contexto migratório pós-colonial: dinâmicas familiares, de género e geração*, Volume 1, Lisboa: ACIDI.

VALCARCEL, A. (2008), *Feminismo en el mundo global*, Madrid: Cátedra.

VALENTIM, I. (2011), "Cabo Verde y la externalización de la inmigración hacia Europa. Análisis histórico a la luz de la coherencia de las políticas en migración y desarrollo", en G. FRANCO e D. GARCIA (coords.), *Mujer, educación y migraciones en África*, Madrid: Los Libros de la Catarata, pp. 156-171.

VARELA, N. (2008), *Feminismo para principiantes*, Barcelona: Ediciones B.

VERDUGO, R (2005), *Políticas e fluxos migratórios no estado português na mudança de século*. Conferencia impartida no "Curso de Pós-graduação e Mestrado em Migrações, Minorias Étnicas e Transnacionalismo", organizado pola Universidade Nova de Lisboa (Portugal).

VIEGAS TAVARES, M (1998), *O insucesso escolar e as minorias étnicas em Portugal*, Lisboa: Instituto Piaget.

VILLARINO, A. (1995), "Integración, adaptación ou renúncia: A Comunidade Caboverdiana de Burela", *Outrasvozes, Revista Galega de Solidariedade*, 6, pp. 14-15.

WALL, K. (2008), "Managing work and Care for Young Children", en L. BATALHA e J. CARLING (eds.), *Transnational Archipelago*, Amsterdam: Amsterdam University Press, pp. 221-235.

WIEVIORKA, M. (2002), *Racismo, uma introdução*, Lisboa: Fenda Edições.

YOUNG, K. (1997), "El potencial transformador en las necesidades prácticas: empoderamiento colectivo y el proceso de planificación", en M. LEÓN (org.), *Poder y empoderamiento de las mujeres*, Bogotá: MT Editores.

FONTES XORNALÍSTICAS

La Voz de Galicia

20/08/1998 (A Mariña)¹; 01/12/1998 (Galicia).

02/07/1999; 24/05/1999 (contraportada).

12/09/2000; 18/09/2000.

10/01/2001; 25/01/2001; 08/03/2001; 21/03/2001; 23/11/2001

09/03/2002

14/05/2003; 15/12/2003 (Suplemento La Voz de la Escuela)

18/05/2004; 04/07/2004; 26/11/2004.

El Progreso

22/03/1994 (sucesos); 06/11/1994 (portada; sucesos); 07/11/1994 (sucesos); 18/11/1994 (sucesos)

07/06/1997 (última hora); 08/06/1997 (sucesos)

30/05/2003; 31/05/2003.

18/05/2004; 17/09/2004; 19/12/2004.

¹ De acá en diante, cando non se indica a localización nas seccións do xornal, é que pertence ás páxinas locais da Mariña. O mesmo para o xornal "El Progreso".

LISTA DE CADROS

CAP. I

Cadro 1: Emigrantes “espontáneos” por país de destino. (1900-1920)

Cadro 2: Emigrantes post-independencia (1971-2000)

Cadro 3: Comunidades na Diáspora Europea (IAPE, 1998)

CAP. II

Cadro 4: Evolución da poboación en Burela (1900-2000)

Cadro 5: Orixe (naturalidade) da poboación burelá (1998-2008)

Cadro 6: Continentes de orixe da poboación con naturalidade estranxeira en Burela (1998/2008)

Cadro 7: Configuracións das relacións de poder nas intervencións sociais. Ruiz (2005)

CAP. III

Cadro 8: Poboación das localidades de orixe por sexo. 2010

Cadro 9: Estrutura de idades da poboación nas localidades de orixe. 2010

Cadro 10: Agregados familiares por sexo do cabeza de familia nas localidades de orixe. 2010

Cadro 11: Estado civil do/a cabeza de familia nos concellos de orixe. 2007

Cadro 12: Posición das mulleres nos grupos domésticos da sociedade badía.

CAP. V

Cadro 13: Traballadores estranxeiros afiliados ao réxime especial do mar, por conta allea, en Galiza e Lugo (2000-2008)

Cadro 14: Membros da comunidade, por sexo e xeración. 1998/2008

Cadro 15: Grupos domésticos segundo a súa base económica e composición de xénero. 2008

LISTA DE MAPAS E FIGURAS

CAP. I

Mapa 1: Arquipélago de Cabo Verde. Situación xeográfica

Mapa 2: Mapa da Península Ibérica coas comunidades históricas

Mapa 3: Destinos dos fluxos pioneiros de caboverdianos en España (anos 70) e localidades de traballo e asentamento

CAP. II

Mapa 4: A Mariña Luguesa

CAP. III

Mapa 5: Illa de Santiago. Principais localidades de orixe

CAP. V

Figura 1: Plano esquema dos grupos domésticos de *Txon di Mar*

LISTA DE GRÁFICOS

CAP. I

Gráfico 1: Evolución das comunidades históricas caboverdianas en España, 1983-2008 (por CCAA)

Gráfico 2: Peso das comunidades na diáspora caboverdiana na España – 2008

CAP. IV

Gráfico 3: Evolución da presenza caboverdiana no porto de Burela. 1978/1999

CAP. V

Gráfico 4: Nacionalidade das tripulacións nos pincheiros de Burela. 2011

Gráfico 5: Nacionalidade das tripulacións nos espadeiros de Burela. 2011

Gráfico 6: Nacionalidade das tripulacións estranxeiras da flota de Burela. 2011

Gráfico 7: Evolución dos mariñeiros caboverdianos 1978/2008

Gráfico 8: Intensidade da chegada de migrantes dende Cabo Verde. 1998/2008

Gráficos 9 e 10: Peso das xeracións. 1998. 2008

Gráfico 11. Compoñente xeracional das chegadas. 1998/2008

Gráficos 12 e 13: País de nacemento de toda a comunidade. 1998. 2008

Gráficos 14 e 15: País de nacemento das segundas xeracións. 1998. 2008

Gráficos 16 e 17. Concellos de orixe das familias caboverdianas 1998. 2008

Gráfico 18 e 19. Décadas de nacemento das xeracións. 1998. 2008

LISTA DE FOTOS

Portada: *Batuko Rabentola e Batuko Tabanka*. Dia da Mulher Cabo-verdiana (2012)

CAP. I

Nº 1: Muller de Porto Mosquito (2005)

Nº 2: Veciños en Assomada (2000)

CAP. II

Nº 3: Burela dende o Monte Castelo (2005)

Nº 4: Traballo nas hortas de Burela (2000)

Nº 5: Obradoiros de autoestima. Proxecto Bogavante (1998)

Nº 6: Iª Noite Caboverdiana. Burela (1999)

Nº 7: Iª Noite Caboverdiana. Burela (1999)

Nº 8 : Familia extensa. Cidade Velha (2000)

Nº 9: Mulleres de Rincón (2000)

CAP. III

Foto 10: Cidade de Assomada. Debaixo, localidade de Fontilima (2006)

Foto 11: Porto Rincão (2007)

Foto 12: Cidade Velha (2011)

Foto 13: Porto Mosquito (2012)

Foto 14: Mercado (*Pelourinho*) de Praia (2000)

Foto 15: Peixeiras en Cidade Velha (2007)

Foto 16: Traballo na area. Porto Rincão (2010)

Foto 17: Destrución do medio no val de São João Batista (*San Djon*) e Gouveia (2007)

Foto 18: Nenas no *pilón*. Rincão (2007)

Foto 19: Avoas en Porto Rincão (2006)

Foto 20: Cociñeiras dun casamento. Porto Rincão (2007)

Foto 20: Casamento. Porto Rincão (2007)

CAP. IV

Foto 21: Porto de Burela (2008)

Foto22: Celebración comunitaria. Burela (1985) (cedida por Maria da Silva)

Foto23: Mulleres apañando algas. Cangas de Foz (2006)

Foto 24: Familia nuclear. Burela (1987) (cedida por Maria da Silva)

Foto25: Altar na casa dun mariñeiro. Burela (2010)

Foto 26: Actuación Batukadeiras Nos Eransa (2005)

Foto 27: Nenas batukando. Rincão (2007)

Fotos 28 e 29: Actuacións de *Batuko Tabanka*. Santiago de Compostela (2003; 2000)

Foto 30: Ensaio Batuko Tabanka. Burela (2005)

CAP. V

Foto 31: Pesca artesanal. Porto Rincão (2005)

Foto 32: Mariñeiro caboverdiano en pesca de baixura. Estaca de Bares (2005)

Foto 33: Muller de emigrante coas súas fillas. Porto Mosquito (2005)

Foto 34: Casamento en Burela (2006)

Foto 35: Batuko Rabentola (2011)

Foto 36: Filla de caboverdianos. Burela

Foto 37: Homes caboverdianos na rúa (2011)

Foto 38: Familia nuclear da nova vaga. Burela (2005)

LISTA DE ABREVIATURAS

AECID: Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo
BNG: Bloque Nacionalista Galego
DNI: Documento Nacional de Identidad (España)
DTS: Doenza sexualmente transmisíbel
EUA: Estados Unidos de América
FMI: Fondo Monetario Internacional
IAP: Investigación acción participativa
IAPE: Instituto de Apoio ao Emigrante
ICF: Instituto da Condição Feminina
ICIEG: Instituto Cabo-verdiano para a Igualdade e Equidade de Género
IDSR: Inquérito Demográfico e à Saúde Reprodutiva
INECV: Instituto Nacional de Estatística de Cabo Verde
INE: Instituto Nacional de Estadística (España)
MLSTP: Movimento de Libertação de São Tomé e Príncipe
MpD: Movimento para a Democracia
OCDE: Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico e Social
OMCV: Organização das Mulheres de Cabo Verde
OMCVI: Organização das Mulheres de Cabo Verde em Itália
ONU: Organización das Nacións Unidas
PAIGC: Partido Africano para a Independência de Guiné e Cabo Verde
PAICV: Partido Africano para a Independência de Cabo Verde
PIB: Produto Interior Bruto
PDM: País de desenvolvimento medio
PMD: País menos desenvolvido
PP: Partido Popular
PSOE: Partido Socialista Obrero Español
QUIBB: *Questionário Unificado de Indicadores Básicos de Benestar*
REGAL: Rede Galega de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social
SERGAS: Servizo Galego de Saúde
STP: São Tomé e Príncipe
TVG: Televisión de Galicia

UNESCO: Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura

USA: United States of America

VIH: Virus da Inmunodeficiencia Humana

VBG: Violencia baseada no Género

ANEXO 1: TÁBOAS DE ENTREVISTAS

MULLERES BADÍAS (CAP. III)

NOMINHO	ANO NACEM.	ORIXE	ESTADO CIVIL	TRABALHO	Nº FILL@S	DATA ENTREV.
ZUKA	1960	COSTA	SOLTEIRA	AREA	3	20/01/2008
MARIA	1973	COSTA	SOLTEIRA	PROFESORA	3	5/12/2012

ENTREVISTA EN GRUPO. MULLERES DAS PRIMEIRAS VAGAS (CAP. IV)

CÓDIGO	ANO NACIMIENTO	ANO CHEGADA	ORIXE	ESTADO CIVIL	DATA ENTREVISTA
EG1	1953	1978	COSTA	UNIÓN LIBRE	NOVEMBRO 2000
EG2	1954	1987	COSTA	CASADA	
EG3	1953	1978	INTERIOR/COSTA	CASADA	
EG4	1955	1989	INTERIOR/COSTA	CASADA	
EG5	1958	1989	INTERIOR	CASADA	

MULLERES CABOVERDIANAS DE BURELA (CAP. IV e V)

COD.	NOMINHO	ANO NACE	ORIXE EN SANTIAGO	CHEGADA BURELA	ESTADO CIVIL	TRABALHO EXTRADOM.	Nº FILLOS	DATA ENTREV.
M1	MARINA	1954	INTERIOR	1978	CASADA	LIMPEZAS	3	23/10/2012
M2	NHANHA	1953	COSTA	1978	UN. LIBRE	LIMPEZAS	3	22/10/2012
M3	KODÉ	1959	COSTA	1983	CASADA	SERV DOM	2	23/10/2012 29/04/2013
M4	NHA TURA	1954	COSTA	1987	CASADA	HOSTAL.	5	25/10/2012
M5	PONTXA	1955	INTERIOR	1989	CASADA	LIMPEZAS	4	20/11/2005
M6	MAGUÍ	1973	COSTA	2006	CASADA	HOSTAL.	4	30/12/2012
M7	TUKA	1974	COSTA	2004	CASADA	HOSTAL.	5	10/11/2012
M8	MARIAZINHA	1976	COSTA	2008	UN. LIBRE	DESEMPR.	2	28/04/2011
M9	FRANCISCA	1970	COSTA	2007	SOLTEIRA	HOSTAL.	1	3/04/2012
M10	DJEISA	1986	URBANO	2007	UN. LIBRE	INDUSTRIAL	0	11/12/2012
D1	NEUSA	1985	INTERIOR	1989	SOLTEIRA	HOSTAL.	0	18/01/2013
D2	NINA	1988	BURELA	-	SOLTEIRA	NON	0	28/01/2013

ENTREVISTAS A HOMES CABOVERDIANOS DAS PRIMEIRAS VAGAS (CAP. I, IV e V)

	ANO DE NACEMENTO	ANO CHEGADA A MARIÑA	ORIXE (SANTIAGO)	ESTADO CIVIL	DATA ENTREVISTA
PEDRO (MARIDO DE MARINA)	1953	1977	INTERIOR	CASADO	01/03/2005
MARIDO DE KODÉ	1952	1977	COSTA	CASADO	01/03/2005
SILVINO	1940	1989	COSTA	CASADO	10/05/2003

ENTREVISTAS A DIVERSAS PERSOAS RELEVANTES PARA A INVESTIGACIÓN

CAP. I

PRESENTACIÓN ENTREVISTADOS	LUGAR	DATA REALIZACIÓN
Home do interior de Santiago, nacido en 1960, un dos primeiros en asentarse en Zaragoza, tras percorrer os destinos da migración badía dos anos 70 en España, onde permanece.	Zaragoza	11/04/2012
Home nacido en Fogo en 1951, un dos primeiros en asentarse en Zaragoza (1978)	Zaragoza	12/04/2012
Presidente da <i>Asociación Cultural Amílcar Cabral</i> , nacido no interior de Santiago en 1960, residente en Bembibre dende 1982.	Bembibre	15/04/2012
Funcionario do Consulado, actualmente Embaixada de Cabo Verde, dende a súa abertura en 1996.	Madrid	10/04/2012

CAP. IV

Alexandre Semedo, fundador da <i>Asociación Cultural Tabanka</i>	Suíza (vía internet)	24/10/2012
--	----------------------	------------

CAP. V

Facilitador da rede migratoria (avogado) dende 1998.	Burela	06/10/2011
Mediador laboral de ABSA	Burela	07/10/2011
Xestor especializado en economía pesqueira, fillo de armador	Burela	15/10/2011
Funcionarios da Confraría de Burela	Burela	11/10/2011
Traballadora Social do SERGAS	Burela	14/05/2013